



Fraseoloxía eslava

manual universitario
para a especialidade de lingua
e literatura rusas

Valerii Mokienko

Edita Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Director Xeral de Política Lingüística
MANUEL REGUEIRO TENREIRO
Coordinador científico
CONSTANTINO GARCÍA
Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ
Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tel. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico cillrp@cirp.es
<http://www.cirp.es>

Autor VALERII MOKIENKO

Título *Fraseoloxía eslava: Manual universitario para a especialidade de Lingua e Literatura rusas*

Título orixinal ruso

Славянская фразеология: Учебное пособие для вузов по специальности
“Русский язык и литература”.

Lugar e ano de edición rusa

1ª - Moscova, 1980; 2ª - Moscova, 1989.

A traducción galega fíxose sobre a 2ª edición.

Equipo que elaborou a versión galega

EKATERINA GUERBEK (traducción)

ISABEL VALIÑO FERRÍN, MAITE VEIGA DÍAZ (revisión galega)

XESÚS FERRO RUIBAL (coordinación)

ISBN: 84-453-2739-9

D.L.: C-131/2000

Imprime

euroGráficas pichel, sl

Distribúe

Editorial Galaxia

Reconquista 1, 36201 Vigo

Tfno. + 34 986 432 100



Valerii Mokienko

Fraxeoloxía eslava

manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas

кодили на богомолье Cando as pulgas fan en peregrinación Когда мыши кошек ели
comían os gatos Когда яйца варили во льду Cando cocían os ovos no xeo Когда
а тополях, а фиалки на ракигах Cando os álamos daban peras e os salgueiros violetas
ли плоды Cando os salgueiros daban froitos Когда петух высиживал птенцов Cando o
ovos Когда реки были молочные, а берега из мамалыги Cando os ríos eran de leite e
naliga когато ми поникнат на дланта косми cando medren os pelos na miña palma
юди грозде cando o salgueiro dea uvas когато направят котката калугерка cando a
ха когато влезе свинка в джамия cando o porco entre na mezquita когато се върне
cando meu pai volta da tumba когато ми закука кукувица на гроба cando o cucu
а когато си видя ушите без огледало cando un poida ve-las súas orellas cando o escudo
cando un poida ve-la súa caluga на конския Великден para a pascua de cabalos
рътък подир петък cando o xoves veña despois do venres на турецкую пасху para a
сский байрам para o bairam ruso на морковкино заговенье para a véspera da
после дожличка в четверг o xoves despois da chuvia когда рак на горе свистнет,
o sangrexo asubíe na montaña e o peixe cante после праздника в четверг o xoves
недельник после середи o luns despois do mércores на калмыцкий заговень para
dos kalmikios до пушкинского заговенья ata a véspera da chuvia Pushkin
усальского) загванья despois da véspera da chuvia в марьтобре en
об эту пору, не доходя две недели в сторону o ano seguinte por esta época pero
то лето, не на это outro verán e non este на тот год, когда черт умрет o ano en
огда лысые покуривают cando se lles rice o pelo ós calvos когда плешак
ilvo teña rízos как курица запоет по-петушиному en canto a galiña cante coma
обелеет cando a pega se volta branca когда свиньи будут с поля шагом идти
n andando só con dous pés do campro когда мерин окобыллет cando o cabalo
огда рак на горе свистнет, а рыба запоет cando o sangrexo asubíe na montaña
нь начнет плавать, а хмель грязнуть cando a pedra empece a aboiar e o lúpulo
ичет пороз без воды cando o xunco medre sen auga когда
ме на pedra когда наш песок взойдет
ье Cando as pulgas fan en peregrinación

XUNTA DE GALICIA
2000

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por medio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades asumiu o impulso da investigación nunha parcela insuficientemente explorada da lingua galega, como é o campo da fraseoloxía. Alí o profesor e académico Xesús Ferro Ruibal abriu catro liñas de traballo: construción dunha sólida base de datos fraseolóxicos galegos que nos ha permitir restaura-la riqueza estilística da nosa lingua coa ferramenta dun *Diccionario de Fraseoloxía Galega*, os *Coloquios Galegos de Fraseoloxía*, os *Cadernos de Fraseoloxía Galega* e as traducións de obras de fraseoloxía rusa.

Esta última liña de traballo, que hoxe ve a luz coa publicación deste manual do profesor Valerii Mokienko *Fraseoloxía eslava*, e mais da súa obra *As imaxes da fala rusa*, é moi esperanzadora non só para o avance dos estudos fraseolóxicos galegos, polas razóns científicas que Ferro Ruibal expón na súa presentación, senón tamén para a consolidación da nosa lingua galega como vehículo científico, xa que se trata de obras das que non hai traducción a outras linguas de Occidente e que, polo tanto, terán algunha circulación na versión galega máis aló das fronteiras de Galicia.

Como Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria agradézolle ó profesor Mokienko tódalas facilidades dadas para levar a cabo esta versión e tamén a súa estreita colaboración co equipo de traducción, desprazándose mesmo a Compostela para unha intensa semana de traballo que enriqueceu esta traducción. Felicito tamén o equipo que afrontou o traballo certamente arduo de verter na nosa lingua un libro ateigado de fraseoloxismos e dos que moitas veces consegue da-la versión galega. Esperamos todos así servi-la comunidade científica internacional e impulsa-lo coñecemento da nosa lingua.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ÍNDICE XERAL

<i>FRASEOLOXÍA ESLAVA: UN MÉTODO E UN DEBATE</i>	11
OBSERVACIÓNS SOBRE A VERSIÓN GALEGA	17
PREFACIO	21
INTRODUCCIÓN	23
I. ESTABILIDADE /INESTABILIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS .	27
1.1. Inestabilidade relativa da forma do fraseoloxismo	27
1.1.1. A variabilidade como índice da inestabilidade da forma.....	27
1.1.2. Dificultades do deslinde das variantes principal e ocasional.....	31
1.1.3. Variabilidade fraseolóxica e transformacións individuais do autor.....	45
1.1.4. Variabilidade na fala dialectal.....	52
1.2. Estabilidade relativa da semántica e da estrutura das unidades fraseolóxicas	56
1.2.1. Identidade e noción de variante.....	56
1.2.2. Variantes de combinacións e variantes de palabras.....	58
1.2.3. Variabilidade formal e léxica	60
1.2.4. Regulamentación semántica da variabilidade léxica	65
1.2.5. Estabilidade relativa da semántica e estrutura do fraseoloxismo e a análise dia- crónica da fraseoloxía.....	75
II. MODELABILIDADE /INMODELABILIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS	93
2.1. Modelabilidade estrutural	94
2.2. Modelabilidade semántico-estrutural.....	96

2.3. Modelabilidade e análise tipolóxica.....	97
2.3.1. Modelo 1 “дать что = бить” ‘dar q u e = golpear, pegar’	102
2.3.2. Modelo 2 “уделять что = бить” ‘conceder, prestar q u e = golpear, pegar’	124
2.3.3. Modelo 3 “бить куда = избить” ‘pegar e n o n d e = golpear moito’ ..	130
2.3.4. Modelo 4 “бить чем = избить” ‘golpear c o n q u e = golpear, pegar moito’	142
2.3.5. Modelo 5 “бить как = избить” ‘pegar c o m o = golpear moito’	150
2.4. Modelabilidade e análise diacrónica da fraseoloxía	169
2.5. Límites da modelabilidade	195

III. IMPLICIDADE /EXPLICIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS 201

3.1. Implicidade na fraseoloxía	203
3.1.1. A implicidade como unha manifestación da lei de economía lingüística	203
3.1.2. Modos de implicitación	206
3.1.2.1. Elipse.....	208
3.1.2.2. Composición de palabras.....	221
3.1.2.3. Derivación afixal	227
3.1.3. Dende o contexto maior ó menor	232
3.1.3.1. Fábula → proverbio	233
3.1.3.2. Proverbio → unidade fraseolóxica	237
3.1.3.3. Unidade maior → unidade menor	246
3.1.3.4. Unidade fraseolóxica → palabra	253
3.2. Explicitade na fraseoloxía	258
3.2.1. Valoración esaxerada da implicidade e subestimación da explicitade.....	258
3.2.2. A explicitade como manifestación do principio da superfluidade	268
3.2.3. Modos de explicitación dos fraseoloxismos	269
3.2.3.1. “Alongamento” do fraseoloxismo inicial (a palabra)	271
3.2.3.2. Ensamblaxe de palabras con significados “equitativos”	275
3.2.3.3. “Descomposición” da palabra cara ó fraseoloxismo	278
3.2.4. Dende o contexto menor ó maior	285
3.2.4.1. Palabra → unidade fraseolóxica.....	285
3.2.4.2. Unidade menor → unidade maior	296
3.2.4.3. Unidade fraseolóxica → proverbio	309
3.2.4.4. Proverbio → fábula, fraseoloxismo → fábula.....	314

IV. IMAXIBILIDADE /INIMAXIBILIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS 319

4.1. Dende a imaxibilidade á inimaxibilidade	322
4.1.1. Creación da imaxibilidade do fraseoloxismo	322
4.1.1.1. Factores extralingüísticos de creación da imaxibilidade	324
4.1.1.2. Factores lingüísticos de creación da imaxibilidade	332
4.1.2. Alteración da imaxibilidade primitiva do fraseoloxismo.....	338
4.1.2.1. Transformación paronímica de compoñentes	339

4.1.2.2. Transformación homonímica dos compoñentes	361
4.1.2.3. Transformación polisémica dos compoñentes	365
4.1.2.4. Escurecemento da imaxibilidade inicial	370
4.2. Dende a inimaxibilidade á imaxibilidade	372
4.2.1. Tipos de fraseoloxismos inimáxicos.....	372
4.2.1.1. Xiros analíticos de carácter expresivo.....	374
4.2.1.2. Fraseoloxismos tautolóxicos	376
4.2.1.3. Unidades fraseolóxicas rimadas	378
4.2.2. Mestura dos fraseoloxismos inimáxicos cos imáxicos.....	383
4.2.2.1. Interacción dos modelos fraseolóxicos inimáxicos cos imáxicos	384
4.2.2.2. Creación da falsa imaxibilidade na base inimáxica	391
4.2.2.3. Consolidación da falsa imaxibilidade do fraseoloxismo	399
4.2.3. Escurecemento da inimaxibilidade primitiva do fraseoloxismo	404
V. EXPRESIVIDADE /NEUTRALIDADE NA FRASEOLOXÍA	415
5.1. Informatividade, superfluidade e expresividade.....	415
5.2. Expresividade, emocionalidade e valoratividade	417
5.3. A expresividade como propiedade predicamental dos fraseoloxismos.....	418
5.4. Os nominativos e os expresivos na esfera das combinacións estables.....	423
5.5. Expresividade /neutralidade no espectro da ideografía	433
5.6. Expresividade /neutralidade e estilística fraseolóxica	440
VI. SINCRONÍA /DIACRONÍA NA FRASEOLOXÍA (A MODO DE CONCLUSIÓN)	445
6.1. Dificultades de delimitación da sincronía e da diacronía na fraseoloxía.....	447
6.2. As contradicións da fraseoloxía como resultado da interacción entre sincronía e diacronía.....	449
6.3. A actualización do plano diacrónico: a condición máis importante do funcionamento sincrónico dos fraseoloxismos	452
ÍNDICE DE UNIDADES FRASEOLÓXICAS	457
BIBLIOGRAFÍA.....	495

FRASEOLOXÍA ESLAVA: UN MÉTODO E UN DEBATE

O manual universitario, que hoxe ofrecemos á comunidade científica vertido por primeira vez a unha lingua occidental, representa o soporte teórico daqueloutro longo ensaio, titulado *As imaxes da lingua rusa*, que tamén ofrecemos nesta colección, e no que unha feliz interacción sincronía-diacronía revela en que medida a fraseoloxía é un espello da peculiaridade irrepetible dun pobo pero tamén o é de insospeitados elementos comúns na forma europea de ve-la realidade.

1. Seis dicotomías fraseolóxicas en implicación dialéctica

Esta reflexión fraseolóxica de Valerii Mokienko debe abrir en Galicia novas liñas de traballo sobre esta área da lingua que en tempos algúns consideraban *simple adorno dun diccionario* e outros *o nivel superfluo da lingua*, basándose aqueles na inorgánica presenza da fraseoloxía nos dicionarios xerais, e estes en que na fraseoloxía o expresivo, o valorativo e o subxectivo mestúranse co estrictamente nominativo e subordinano, ó revés do que acontece no léxico, onde a función nominativa e a expresiva están ben diferenciadas.

No ámbito da fraseoloxía occidental quizais sorprenda ver unha sonada cita da *Dialéctica da natureza* de F.Engels, na que critica a comprensión metafísica do principio de identidade, que leva a maioría dos naturalistas a crer que identidade e diferenza son contrariedades incompatibles, cando, ben mirado, son polos unilaterais que só representan algo verdadeiro na súa interacción e mais na incorporación da diferenza na identidade. Pero a cita non é banal, porque para Mokienko a interacción dos diferentes tamén se aplica ás unidades lingüísticas e, ademais, percorre toda a súa concepción da fraseoloxía.

Mokienko establece seis dicotomías: *estabilidade /inestabilidade*; *modelabilidade /inmodelabilidade*; *implicidade /explicitade*; *imaxibilidade /inimaxibilidade*; *expresividade /neutralidade*; e *sincronía /diacronía*. Con estas seis dicotomías Mokienko ilumina o fenómeno fraseolóxico cunha luz nova que me fai percibir aspectos nos que eu nunca reparara e que pon en cuestión algunhas das miñas certezas. Se nós na fraseoloxía sublinámo-la estabilidade, a predicibilidade e a falta de sistema, Mokienko, sen negalo evidente, ilumina aspectos que eu tiña pouco meditados.

Un exemplo disto é que Mokienko, afeito a percorre-los camiños da diacronía, subliña que no fraseoloxismo a inestabilidade da forma e a estabilidade da semántica e da estrutura fan que estabilidade e inestabilidade se impliquen reciprocamente asegurando o funcionamento e a dinámica do fraseoloxismo: aquela garante a constante renovación e aumenta a expresividade, mentres que esta fíxao no tempo e no espazo, garantindo a comprensión da súa imaxe. E vai máis aló ó engadir que a estabilidade se manifesta mesmo na variabilidade, porque, en certos casos, as substitucións léxicas dos compoñentes e os cambios de cantidade (ou de orde) na súa composición non violentan a identidade semántica, nin tampouco a homoxeneidade estrutural. A variabilidade fraseolóxica, para Mokienko, case non se distingue da variabilidade léxica.

Outro exemplo é que entre os que estamos afeitos a unha visión sincrónica da fraseoloxía, é frecuente ler que os compoñentes dos fraseoloxismos non son palabras en sentido pleno ou que carecen (ou case carecen) de significado léxico independente. Mokienko, en cambio, afirma que tanto a palabra coma o fraseoloxismo son unidades nominativas con enteireza semántica e que ámbalas dúas entran en relacións paradigmáticas con outras unidades; pero que se diferencian en que o fraseoloxismo está formado por diversos elementos que lle dan carácter de *formación separada*.

Fraseoloxismo	Palabra
Enteireza semántica	Enteireza semántica
Formación separada	
Entra en relacións paradigmáticas con outras unidades semellantes	Entra en relacións paradigmáticas con outras unidades semellantes

2. Hai modelos fraseolóxicos semántico-estruturais

Outra novidosa dicotomía deste libro é a tese do *carácter modelable das unidades fraseolóxicas*. Mokienko quere demostrar que se poden compoñer series fraseolóxicas segundo os modelos gramático-estruturais e que esta modelabilidade estrutural se dá mesmo naquelas zonas da fraseoloxía que parecen máis individuais, como os tautoloxismos ou os xiros cun nome propio. Pero, ademais, afirma que é imposible analizar hoxe a fraseoloxía, sen ter en conta a modelabilidade da súa estrutura.

¿Que é o *modelo fraseolóxico-estrutural*? Mokienko defíneo como *o tipo de construcións sintácticas, segundo o cal se forma unha serie de combinacións estables* ou como *a variante semántico-estrutural das combinacións estables que espella esquematicamente a estabilidade relativa da súa forma e semántica*. Mokienko di que o modelo estrutural é o esqueleto do fraseoloxismo, o que asegura a súa estabilidade e reproducibilidade, e que en certa medida incluso regula a súa identidade semántica. E engade que os modelos fraseolóxicos se dividen, á súa vez, en dous tipos (*iguais á combinación de pa-*

labras e iguais á frase) e unha serie de subtipos, agrupados segundo o indicio gramatical, tendo en conta a semántica dos fraseoloxismos.

3. ¿Como facer fraseoloxía diacrónica?

Afirmar que as unidades fraseolóxicas son modelables lévanos ó problema da etimoloxía. Entre nós a etimoloxía fraseolóxica ou ben non pasa do nivel de etimoloxía popular máis ou menos erudita (do tipo dos libros de Iribarren e de Doval^{*} no ámbito do español), ou ben limítase a buscar quen foi o primeiro escritor que a usou (como fai Montoto Rautens-*traucht*^{**}). Mokienko di que ese tipo de erudición esaxera o papel creador dos escritores e as posibilidades de creación individual de frases. O proceso real non parece ir do individuo á sociedade, senón da pluralidade de variantes á selección dunha.

Mokienko asume a responsabilidade de crear un método de reconstrución etimolóxica de rigor equivalente ó que os lingüistas elaboraron e practican no estudio etimolóxico do léxico, e que parece unha vella aspiración dos fraseólogos de San Petersburgo. Sen embargo, unha fraseoloxía diacrónica que se poida comparar en rigor ó estudio diacrónico da gramática e do léxico, só será posible cando superemos tres obstáculos, ós que el mesmo alude.

O primeiro é a convicción de moitos científicos de que é imposible establece-lo étimo dun fraseoloxismo con métodos semellantes ó método da análise etimolóxica da palabra porque o fraseoloxismo é unha estrutura inmodelable, individual, formal e semanticamente. Mokienko dá aquí a batalla, maiormente co segundo capítulo, tratando de demostrar que a imaxe orixinal dun fraseoloxismo se revela, igual cá da palabra, na intersección dos seus modelos fonéticos, modelos de formación de palabra e modelos semánticos.

O segundo é a preocupación escolástica de moitos teóricos da fraseoloxía que reducen prematuramente as variantes a norma literaria coma se fosen sempre meros ocasionalismos. Neste sentido el aprecia máis o paciente labor dos lexicógrafos prácticos e dos compiladores de folklore que recollen amorosamente tódalas variantes que van encontrando dun proverbio ou dun dito.

O terceiro -e para min o máis importante- é a carencia de amplas bases de datos que inclúan as formas dialectais e as arcaicas e simultaneamente a dificultade de acceder ás bases de datos doutras linguas, coas que aquela que estudiamos puido estar en contacto (porque as linguas son coma as esponxas) para podermos comparar da mesma maneira que se fai no estudio diacrónico do léxico. Mokienko, ucraino de nación, é un erudito que manexa enorme información das máis diversas linguas indoeuropeas. Pero este non é traballo que hoxe deba depender da existencia dunha persoa excepcionalmente erudita

^{*} IRIBARREN, José María: *El porqué de los dichos*. Pamplona 1954. Gobierno de Navarra. Departamento de Educación y Cultura, Pamplona 1994⁶.

DOVAL, Gregorio: *Del hecho al dicho*. Ediciones del Prado, Madrid 1995.

^{**} MONTOTO Y RAUTENSTRAUCHT, Luís: *Personajes, personas y personillas que corren por las tierras de ambas Castillas*. Tipografía de Gironés, Sevilla. Tomo 1, 1921. Tomo 2, 1922.

senón que debe poder basearse na interconexión de bases informatizadas de diferentes linguas que permitan ir moito máis aló e cun maior grao de seguranza: ende non, nunca terémo-la certeza de termos chegado ó verdadeiro étimo. Xa en 1966 escribía en Lenín-grado a profesora Amósova que a fraseoloxía diacrónica non é traballo dun investigador, senón que precisa o concurso de numerosos observadores. A Internet posibilita trasvases de información que antes era difícil soñar.

Pero é un camiño que debemos iniciar, porque a fraseoloxía comparada e diacrónica pode desvela-los misterios de non poucos fraseoloxismos. É sabido que a lingüística marxista considera calquera estado sincrónico da lingua como resultado do seu desenvolvemento diacrónico durativo. Baudouin de Courtenay, antecesor de Mokienko na cátedra de San Petersburgo, xa dicía que a estática da lingua non é outra cousa que un caso particular da súa dinámica, mentres para Jespersen os procesos históricos que se realizan na lingua son importantes só porque reflicten as características principais do estado lingüístico contemporáneo. Esta diferenza entre diacronía e sincronía, que tamén dividiu as Escolas de Xenebra e Praga, non é para Mokienko unha incompatibilidade senón unha complementariedade, unha interacción dialéctica, ou como dixo Martinet, unha *sincronía dinámica*.

4. Compresión e dilatación na fraseoloxía

E esa complementariedade sincronía-diacronía permítelle iluminar unha terceira dicotomía. Mokienko describe a existencia de dous procesos contrarios: a compresión da fábula en proverbio, do proverbio en locución e da locución en palabra (fenómeno que el denomina *implicitación*), e o proceso inverso da dilatación da palabra en locución, da locución en proverbio e deste en fábula (que denomina *explicitación*). *Implicitade* /*explicitade* son outros dous conceptos básicos de Mokienko - que nisto confesa segui-lo camiño aberto por Potebniá - e que corresponden en fraseoloxía á redución semántica e á ampliación semántica que xa están ben estudias no campo do léxico. *Implicitade* é a tendencia do fraseoloxismo (e tamén de fábulas, proverbios e semellantes) á *diminución* do número dos compoñentes ata quedar nun só lexema: ¡*Bos días (nos dea Deus)!* ou en castelán ¡*Buenas (tardes)!*. *Explicitade* é a tendencia do fraseoloxismo (e tamén dun só lexema) ó *aumento* da cantidade dos compoñentes. A *implicitade* é a economía dos medios de fala; a *explicitade* é a abundancia deles. A *implicitación* fai a UF máis compacta e lacónica, máis xeral e sobrecargada de semántica; ó contrario da *explicitación*. Se unha fábula se condensa e comprime (*implicitación*) nace a UF (ou unha palabra sobrecargada semanticamente). Pero, se a unidade fraseolóxica se desenvolve (*explicitación*), a palabra chega a ser fraseoloxismo e o fraseoloxismo pode chegar a frase e mesmo a disolverse no contexto. Tanto a *implicitade* como a *explicitade* poden levar á fraseoloxización ou á desfraseoloxización. Parte dos problemas de motivación e de idiomaticidade na fraseoloxía proceden de elisións sucesivas das que xa nos é moi difícil recupera-los elos perdidos, como acontece hoxe en fórmulas coma ¡*Bos días (nos dea Deus)!* ou ¡*Adeus!* e como probablemente acontecerá no futuro, se triunfa o actual ¡*Deica!*, transformación xuvenil do consabido ¡*Deica logo!* En calquera caso o indicio

estructural máis importante dos fraseoloxismos segue sendo a *formación separada*; a súa contradicción máis visible é a contradicción entre a súa forma, que ten varios membros, e o seu contido, que só ten unha significación; e o tipo máis estendido de transformación dos fraseoloxismos é o movemento do fraseoloxismo cara á palabra. Este terceiro e ameno capítulo, abre tamén incógnitas suxerentes coma esta: ¿como establecer entre dúas variantes de diferente extensión se estamos ante un fenómeno de implicitación ou de explicitación, cando, coma no caso de *¡Tede paciencia, que tamén a tivo Xan do Outeiro /que estivo tres días solteiro (e durmiu dúas noites coa criada)!* *** non temos documentación escrita que nos permita establecer prioridades, cousa máis frecuente do que parece?

5. Outras tres dicotomías

Non menos luminosas son as súas reflexións sobre outras tres dicotomías: imaxibilidade /inimaxibilidade, expresividade /neutralidade e sincronía /diacronía. Verbo disto atopará o lector observacións novidosas e afirmacións presentidas. Confeso que, no meu caso, agradoume ver formulado que na fraseoloxía os campos de connotacións negativas sempre son máis abundantes cós campos de connotacións positivas (afirmación que di moito máis do que parece dicir); ou que as palabras compostas son unha fonte extremadamente valiosa para a fraseoloxía histórica, tanto porque nelas se espellan as capas máis antigas do léxico (como os nomes e alcumes das persoas), coma porque son un resultado intermedio no camiño da eliminación da contradicción entre a formación separada e a enteira semántica, conservando case intactos ámbolos dous compoñentes da antiga combinación. Para Mokienko a aparición da palabra composta indica o alto grao de automatización do uso da combinación e do principio da súa desaparición. Non menos interese suscitan as súas observacións sobre os diferentes tipos de clasificación semántica e estilística da fraseoloxía ensaiados na antiga U.R.S.S. O lector especialista encontrará aquí moitas páxinas ategadas de suxerencias e afirmacións que buscan o debate intelectual.

6. O debate está servido

O activo Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo xa converteu en éxitos editoriais as traducións rusas do *Grifón* de Alfredo Conde e de catro antoloxías da poesía galega, dende o século XIII á fin deste milenio. Agora, en colaboración con este Centro Ramón Piñeiro, ofrece o froito dun traballo inverso: a tradución galega de dúas obras importantes de fraseoloxía rusa. Non sei cal agradecer máis. O que podo asegurar é que nesta colaboración non lle fuximos ó traballo de verter na nosa sintaxe analítica a sintaxe sintética da lingua rusa. Esperamos que estes libros tamén aquí se

*** *Xan do Outeiro* foi un galego lonxevo, que morreu en Poio en 1726 a idade excepcional de 146 anos. Unha variante explica *que enviuvou tres veces* e por iso -nota de humor que fai proverbial a paciencia- puido *dormir dúas noites coa criada*.

convertan en libros ben lidos; porque o merecen. E, se, ademais, introducen debates novos no campo da fraseoloxía, ¡filloas con mel!

Xesús Ferro Ruibal

xaneiro do 2000

OBSERVACIÓNS SOBRE A VERSIÓN GALEGA

Fraseoloxía eslava é un dos dous libros que agora se editan en Galicia deste autor (o outro é *Imaxes da lingua rusa*). Ofréceselle ó lector un manual universitario que ten por obxectivo principal presenta-la base teórica para a investigación da fraseoloxía eslava. Os principios xerais desta poden ser utilizados tamén para o estudo da idiomática das linguas non eslavas, tamén da lingua galega.

O método da modelación semántico-estructural, que constitúe a base da concepción teórica do manual, requiriu do autor a achega dun conxunto grande de fraseoloxismos dialectais, folclóricos, coloquiais e populares, que se utilizan neste contexto como exemplos. O número de fraseoloxismos, sobre todo dos dialectais, supera considerablemente o das *Imaxes da lingua rusa*, e practicamente cada un merece un ensaio especial semellante ós que aparecen no libro anterior do autor. Pero na maioría dos casos no texto orixinal os exemplos non se comentan detalladamente, e inclúense a miúdo nunha extensa lista un tras doutro, o que foi condicionado polas peculiaridades de estilo e obxectivos deste libro.

Por iso a concepción teórica da traducción da *Fraseoloxía eslava* distínguese algo da do libro anterior: ó traduci-los numerosos exemplos, na súa maioría dialectais, que non posúen significados estables e que frecuentemente son “escuros” e imprecisos para os mesmos falantes nativos das linguas e dialectos correspondentes, tiñamos que dar cabida a todo o potencial ensaio (que merecen, como xa mencionamos arriba, moitos fraseoloxismos) nunha breve interpretación literal e fraseolóxica en galego (por interpretación literal entendemos a transmisión idéntica do significado literal enteiro (aínda que composto) e da estrutura sintáctica, e non a traducción de palabra por palabra).

Subliñemos aquí que o método da traducción científica (neste caso, lingüística) da fraseoloxía é distinto do método da súa traducción nunha obra artística ou nun dicionario bilingüe. Igual que no caso das *Imaxes da lingua rusa* (aínda que o estilo destes dous libros é moi diferente), para transmitírmolas peculiaridades imáxicas dos fraseoloxismos eslavos, vímonos obrigados a usar amplamente a traducción literal, e para a súa semantización completa aporta-las definicións estendidas en galego. Falando con propiedade, a combinación da traducción literal coa definición extensa é un método eficaz de amosarlle

ó lector a forma interna e a semántica dos fraseoloxismos eslavos. Este método, segundo parece, pode ser utilizado tamén na recompilación dos dicionarios fraseolóxicos bilingües.

Non obstante, o lector do libro, por suposto, ten dereito a preguntarse: ¿por que no manual, para os fraseoloxismos rusos, polacos, checos que se investigan, relativamente raras veces se aportan equivalencias fraseolóxicas galegas? Ben se sabe que a fraseoloxía galega non ten menos riqueza cós tesouros fraseolóxicos doutras linguas europeas.

Cómpre dicir que foi da busca de tales equivalencias da que partiu a traducción. No desenvolvemento do traballo, sen embargo, resultou que, aportando para a explicación dos fraseoloxismos eslavos algunhas equivalencias fraseolóxicas galegas, á parte da traducción literal que dá unha idea exacta da imaxe dun ou outro xiro, arriscariámonos a desorienta-lo lector, polas seguintes razóns.

Primeiro, como o sistema imáxico dos fraseoloxismos galegos na maioría dos casos é distinto do eslavo, unha interpretación directa feita mediante a aportación das equivalencias fraseolóxicas galegas desviaría a atención do lector do obxecto da descrición do libro.

Segundo, a equivalencia fraseolóxica galega nalgúns casos esixe unha especial interpretación para o lector galego, xa que non é de uso común. Neste caso obrigariámolo lector a interpreta-los fraseoloxismos da súa lingua materna, realizando unhas xeneralizacións que, posiblemente, coincidirían parcialmente coa nosa interpretación pola súa forma.

Terceiro, a equivalencia fraseolóxica galega pode nunha serie de casos estar marcada doutra maneira nos aspectos estilístico, social, ou territorial, mentres que para a definición sempre se poden seleccionar palabras de uso común e neutrais estilisticamente.

Cuarto, nunha serie de casos existen varias equivalencias que son capaces en igual medida de transmiti-la semántica fraseolóxica correspondente.

Por iso, para a interpretación dos fraseoloxismos eslavos, preferimos achegar as definicións extensas, en vez das case sempre existentes equivalencias galegas. As equivalencias fraseolóxicas galegas existentes preséntanse nas notas, naqueles casos en que hai unha correspondencia entre as formas internas, etc., que nos pareceu interesante ou curiosa. A aportación de tódalas equivalencias aumentaría desmesuradamente o volume do manual; isto sería máis ben o obxecto de descrición dun dicionario bilingüe fraseolóxico, incluso sinonímico.

Notemos unha vez máis, que tanto para a traducción literal como para as definicións se seleccionaron palabras de uso común (é dicir, os dialectalismos non se traducían por dialectalismos), co obxectivo de transmitirle o significado ó lector da maneira máis clara posible.

Por todo o dito, pódese afirmar que a traducción do libro que se ofrece ó lector, así como a do libro anterior, *Imaxes da lingua rusa*, permite dissolve-lo mito tradicional sobre a “intraducibilidade” da fraseoloxía a outras linguas.

Cómpre tamén mencionar que no proceso de tradución o autor e maila traductora tiveron que facer algunha ampliación, así como reducións, destinadas a unha mellor adaptación do libro ó lector galego.

Cómpre ter en conta tamén que, igual que no libro anterior, non se aportan exhaustivas características para cada palabra e cada expresión respecto ó seu estilo, á súa área xeográfica e social, nin se indica o grao da súa frecuencia. Os exemplos dialectais (sobre todo os das fontes folclóricas e etnográficas) inclúense, por veces, sen notas especiais que se refiran á súa zona xeográfica, xa que o lector ruso (ou o eslavista no caso do material checo, polaco, serbolusaciano, etc.) xa se decatan de que son *populares*, de que son fraseoloxismos *de ton local*. De por parte, esas notas non só ían aumentar considerablemente o volume do libro, senón que ían desviar-la atención do lector do obxectivo principal que é a demostración do método da modelación semántico-estructural e a reconstrución do prototipo imáxico dos fraseos eslavos.

Os fraseoloxismos preséntanse no libro ordinariamente en tres columnas: o orixinal en cursiva, o significado literal en cursiva e o significado fraseolóxico entre comiñas, por exemplo:

<i>вѣшать нос</i>	<i>colga-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’.
-------------------	-----------------------	--

Ás veces utilízase o mesmo sistema para a explicación da forma interna da palabra, por exemplo:

<i>плодотворный</i>	“frutocreativo”	‘fructífero’.
---------------------	-----------------	---------------

Nalgúns casos (se no texto se fai mención dalgún significado que é común para varios fraseoloxismos ou se se trata do simple significado dunha palabra separada, etc.), os xiros aparecen en dúas columnas, por exemplo:

<i>победить</i> →	‘vencer’ →
-------------------	------------

<i>одержать победу</i>	<i>toma-la victoria</i>	‘vencer, gañar’.
------------------------	-------------------------	------------------

Cando hai necesidade de subliñar-lo aspecto fonético dunha expresión ou cando a expresión se repite ó longo do texto varias veces en distintas páxinas, presentamos transliteracións que aparecen na fonte normal e entre parénteses, por exemplo:

<i>менять шило</i>	(meniat xilo na	<i>troca-la subela</i>	‘de dous males
<i>на мыло</i> ←	milo)	<i>polo xabón</i>	elixi-lo peor’.

Nos casos onde foi necesario aportar dous significados literais do compoñente dun xiro ó mesmo tempo, estes sepáranse co signo /, por exemplo:

<i>здать páру</i>	<i>da-lo vapor /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’.
-------------------	--	---

A referencia á área xeográfica da expresión faise sempre antes desta e entre parénteses, por exemplo:

(rexión de Smolensk)	<i>прамынял бы- ка на индыка</i>	<i>trocou o touro polo pavo</i>	‘realizou un cambio non- equivalente e sen aprovei- tarse; deu o mellor polo peor’.
-------------------------	--------------------------------------	-------------------------------------	---

Para os refráns preséntase ordinariamente só o seu significado literal, por exemplo:

<i>Охотно мы дарим, что нам не надо- бно самим</i>	<i>Nós regalamos de boa gana o que non necesitamos para nós.</i>
--	--

As citas de obra literaria aparecen na traducción en dúas columnas, na esquerda vai o orixinal, e na dereita a traducción, o que é habitual para o lector, por exemplo:

<i>Огúры святы́е и лéни пра́ведные</i>	‘Os santos lacazáns e as honestas pre- guizas’.
--	--

Cando unha cita se emprega para resalta-lo uso dunha determinada palabra, esta aparece no orixinal e na traducción subliñada, o que facilita a percepción da correspondencia entre os dous textos, por exemplo:

<i>На <u>лýсах</u> далеко́ не уéдешь</i>	‘Non se chega lonxe nas <u>lerias</u> ’.
--	--

En tódalas palabras, expresións e citas que se achegan como exemplos das linguas eslavas e non eslavas, igual que nos datos bibliográficos dos libros, consérvase a ortografía do texto orixinal e a orde das palabras. Nos fraseoloxismos rusos ponse o acento, de acordo coa concepción do texto orixinal do manual: non sendo isto habitual para un texto normal en ruso, utilízase, sen embargo, para facilita-la lectura nos textos destinados ós extranxeiros.

Nalgúns casos para un mesmo fraseoloxismo polisémico apórtanse (aínda que raras veces) significados distintos ó longo do libro, xa que cada un destes serve como ilustración de teses distintas.

As notas a pé de páxina foron elaboradas, na súa maioría, no proceso de traducción polo autor, a traductora e os revisores. As poucas notas que proceden do texto orixinal levan a marca “Nota do orixinal” diante.

Valerii Mokienko

Ekaterina Guerbek

1999

PREFACIO

O destino principal deste manual é amosa-la dinámica dos procesos de formación da frase nas linguas eslavas (principalmente no ruso) e expoñe-lo método de análise etimolóxico-científica dos fraseoloxismos. Estas tarefas son tanto máis importantes canto que o estudio histórico da fraseoloxía está previsto polos programas universitarios de lexicoloxía das linguas eslavas, así como polos programas de lingua rusa para os estudantes das Facultades de Filoloxía das Universidades e dos Institutos Pedagóxicos.* O libro pode ser utilizado para imparti-los cursos e os seminarios especiais de fraseoloxía eslava e de lexicoloxía comparativa, e sobre todo de fraseoloxía e de lexicoloxía histórica da lingua rusa, e tamén os de dialectoloxía rusa.

Ó presentarlle ó lector a segunda edición do libro, complementada e corrixida, o autor agradécelles cordialmente ós seus críticos que teñan estimulado a súa reedición. No texto están incluídas practicamente tódalas súas correccións e dalgunha maneira está reflectida a reacción dos colegas respecto a este libro e os comentarios que lles suxeriu. Así xurdiu, por exemplo, un capítulo novo, o 5^o - “Expresividade /neutralidade das unidades fraseolóxicas”.

O autor considera un deber grato da-las gracias tamén ós colaboradores, ós estudantes e ós aspirantes do gabinete de dicionarios que leva o nome do catedrático B.A.Larin, e da cátedra de filoloxía eslava da Universidade estatal de Leningrado por lle axudaren a recolle-lo material e por participaren de forma activa na discusión sobre o libro. Aproveito tamén a oportunidade para expresa-la miña gratitude máis sincera ós censores oficiais do libro, colaboradores da cátedra de filoloxía eslava da Universidade estatal de Lvov que leva o nome de Iv.Francó (catedrático Prof. Dr. K.K.Trofimóvich).

Valerii Mokienko, 1989

* Os *Institutos Pedagóxicos* son centros docentes, equivalentes de feito ás Universidades polo nivel dos diplomas que expiden. Chamábanse *Institutos* na época en que se publicou este libro e actualmente xa se denominan *Universidades*.

INTRODUCCIÓN

O estudo teórico da fraseoloxía no noso país iníciase coas obras do académico V.V.Vinográdov e do catedrático B.A.Larin. Vinográdov interesábase ante todo polas cuestións de fraseoloxía funcional. As obras de Larin están dedicadas fundamentalmente á historia das combinacións estables. Precisamente a fraseoloxía histórica é, ordinariamente, a fronteira ante a cal se deteñen moitos fraseólogos que empezan as súas investigacións cunha referencia respectuosa a Larin. De máis de quince mil obras só unhas cantas están dedicadas á historia e á etimoloxía das combinacións estables, apoiándose principalmente nas recompilacións de S.V.Maxímov e M.I.Mighelsón.

A chamada de B.A.Larin a elaborarmos sistematicamente a fraseoloxía no plano diacrónico (Ларин, 1956) non encontrou ata agora, por desgracia, a resposta debida. Non obstante, as obras de carácter sincrónico e as investigacións dedicadas ós problemas teóricos da esencia das unidades fraseolóxicas, das súas propiedades predicamentais, etc., contribuían á aparición de obras prácticas sobre o funcionamento dos xiros estables na lingua e na fala.

Ó mesmo tempo a carencia case completa de investigación da fraseoloxía diacrónica empeza a frear seriamente o desenvolvemento ulterior da fraseoloxía sincrónica. A discrepancia teórica particular que xurdiu na fraseoloxía como consecuencia dunha aproximación puramente sincrónica, é moi comprensible. Porque, como subliñaba V.I.Lenin, na análise dun fenómeno calquera, sobre todo se é social, cómpre “non esquece-la relación histórica principal, analizar cada cuestión dende o punto de vista de cómo un fenómeno coñecido xurdiu na historia, qué etapas principais pasou no seu desenvolvemento, e a partir deste desenvolvemento mirar en qué parou”^{*}.

O esquecemento da relación histórica repercute ante todo na dificultade á hora de solucionar moitas cuestións teóricas da fraseoloxía. Non hai ningunha cuestión principal que non provoque discusións agudas entre fraseólogos. Polo de agora non están fixados nin os criterios de definición das unidades fraseolóxicas, non hai unidade de opinións acerca de cómo son as propiedades predicamentais destas unidades. Conceptos como estabilidade, reproducibilidade, idiomaticidade, expresividade ou imaxibilidade, sométense

^{*} **Nota do orixinal:** Ленин В.И. Полное собрание сочинений. [Lenin V.I. Obra completa]. Т.39. Пáх. 67.

constantemente a revisións críticas: ou ben esaxérase o seu papel na definición do fraseoloxismo sen medida, ou ben se menosprecia de máis. A cuestión dos criterios para distingui-los fraseoloxismos está relacionada coa cuestión dos límites da fraseoloxía: cantas menos propiedades fraseolóxicas se enuncian como postulados polo autor dunha ou outra concepción, tanto máis amplos resultan se-los límites da fraseoloxía.

Por **unidade fraseolóxica** entendemos **unha combinación de lexemas relativamente estable, reproducibile e expresiva, que posúe** (ordinariamente) **significado conxunto**. Usando distintos termos (fraseoloxismo, xiro fraseolóxico, unidade fraseolóxica, combinación estable, e outros) e a definición dada de unidade fraseolóxica, apoiámonos na interpretación desta unidade aceptada tradicionalmente pola maioría dos fraseólogos (V.V.Vinográdov, B.A.Larin, S.I.Ójegov, A.M.Babkin, V.P.Júkov, A.V.Kunin, A.I.Fiódorov, Iu.Iu.Aveliani e outros). Ó mesmo tempo acentúase a relatividade de propiedades tan importantes da fraseoloxía como a estabilidade e a enteireza semántica, e atribúeselle unha importancia especial á expresividade.

A falta de investigación dos problemas da fraseoloxía eslava histórica e comparativa reflíctese desfavorablemente non só no desenvolvemento da teoría, senón tamén na práctica do seu ensino e da súa metodoloxía. A información acerca dos procesos históricos que acompañan a formación dos sistemas fraseolóxicos eslavos ou dos fraseoloxismos separados é moi escasa. No mellor caso, os estudantes aprenden a historia das expresións máis estendidas, mentres que ordinariamente non chegan nin a cata-lo mecanismo dos procesos de formación de frases, o seu carácter sistemático. Por iso neste libro préstase-lle atención preferente á revelación da dinámica da fraseoloxía, ós factores lingüísticos da súa formación e do seu desenvolvemento ulterior.

O dinamismo da unidade fraseolóxica está moi condicionado polas peculiaridades da súa semántica e polo feito de que “na lingua a combinación de palabras resulta ter un sentido que vai máis alá da simple suma dos “significados” das palabras illadas” (Ларин, 1974: 36). Só agora os fraseólogos empezan a apreciar na súa xusta medida este feito coñecido. Se ata hai moi pouco tódolos esforzos dos investigadores estaban concentrados no estudo do significado fraseolóxico (é dicir, figurado, parcialmente reinterpretado, expresivo, etc.) da unidade fraseolóxica, agora aténdese primordialmente ó seu significado directo nunhas condicións especiais de funcionamento.

A investigación do desenvolvemento dos fraseoloxismos non é unha simple demostración da historia dalgunhas expresións separadas, nin tampouco unha explicación, máis ou menos acertada, do seu sentido. Tal investigación supón a circunvalación sistemática de material diverso, o rexistro dos factores lingüísticos e extralingüísticos, a nominación de amplos paralelos xenéticos e tipolóxicos. As dificultades de tal aproximación son comprensibles: o estudio do sistema dos elementos fraseolóxicos aínda non está empezado, e o mesmo concepto de sistema fraseolóxico é abondo indefinido (como o é tamén o concepto de sistema lingüístico en xeral).

Pero o que non dá lugar a dúbidas é o feito da existencia do sistema fraseolóxico e do seu desenvolvemento constante. Na fraseoloxía o diacrónico e o sincrónico están estreitamente trenzados, o significado directo da unidade fraseolóxica actualízase na fala ar-

tística e na fala viva e o carácter “verbal” do fraseoloxismo deixa permanentemente unha marca no significado da combinación. Na fraseoloxía, onde a semántica se caracteriza pola “adicionalidade” do sentido, o sistema é especialmente contradictorio. Tal “adicionalidade” procede, ó parecer, precisamente da distancia entre o significado común da unidade fraseolóxica e os significados das súas partes. A aspiración de recuperala simetría do fraseoloxismo como unidade lingüística de carácter especial condiciona o dinamismo do sistema fraseolóxico.

Moitos investigadores mencionan o carácter contradictorio da fraseoloxía. As antinomias fraseolóxicas poden estar condicionadas tanto pola contradictoria dialéctica común da lingua, como polas propiedades igualmente contradictorias do léxico, e tamén polas peculiaridades propiamente fraseolóxicas.

No presente libro analízanse detalladamente só as contradicións que, segundo parece, desempeñan un papel en principio importante no desenvolvemento e no funcionamento da fraseoloxía.

A análise da contradicción estabilidade /inestabilidade (capítulo 1) é un intento de establecer uns parámetros fiables das unidades fraseolóxicas. A investigación da contradicción modelabilidade /inmodelabilidade (capítulo 2) amosa a relativa seguridade destes parámetros no plano diacrónico (e tamén, durante a análise etimolóxica). O estudio da antinomia implicidade /explicitade (capítulo 3) amosa cómo se forman os modelos estruturais das unidades fraseolóxicas antes da súa estabilización. A investigación da antinomia imaxibilidade /inimaxibilidade (capítulo 4) revela cómo se forman os modelos semánticos das unidades fraseolóxicas. O estudio da oposición expresividade /neutralidade (capítulo 5) amosa unha aspiración predicamental da fraseoloxía cara á semántica expresivo-emocional. Finalmente, a análise da contradicción máis xeral diacronía /sincronía (capítulo 6) amosa unha interdependencia especial destes parámetros na esfera da fraseoloxía e descobre que a interacción do estado prefraseolóxico (combinacións libres) e do estado fraseolóxico (combinacións estables) dos fraseoloxismos está condicionada polas cinco antinomias arriba mencionadas.

As contradicións fraseolóxicas, así como as contradicións de calquera nivel lingüístico, son demostracións particulares dunha das leis máis xerais da dialéctica marxista - a unidade e a loita dos contrarios como factor principal de desenvolvemento. A análise das materializacións concretas na lingua desta tese esencial é a tarefa máis importante da lingüística marxista. Amosar este proceso utilizando o exemplo do desenvolvemento do sistema fraseolóxico é unha das tarefas principais deste manual.

A análise da dinámica do sistema fraseolóxico realízase con material do ruso e doutras linguas eslavas. Préstase especial atención, sen embargo, ó material da fala viva, sobre todo dialectal: é precisamente nela onde se atopan as raíces da fraseoloxía nacional das linguas literarias, como dicía B.A.Larin (Ларин, 1959). Realmente, a ampla variabilidade dos fraseoloxismos na fala viva, contraposta ó seu uso rigorosamente normativo na lingua literaria, contribúe en moito a fixa-los límites entre as formacións primitivas e os préstamos, entre as coincidencias tipolóxicas (os paralelos fraseolóxicos) e as xenéticas (fraseoglosas). O material dialectal axuda tamén a comprender máis profundamente o

mecanismo de funcionamento da fraseoloxía na lingua contemporánea. Finalmente, o material de feitos diversos permite, segundo parece, analizar dunha maneira **relativamente completa** algún que outro modelo fraseolóxico e amosa-la súa variabilidade na fala. E precisamente a descrición en serie do material axuda a descubri-la interacción dinámica das propiedades contradictorias do sistema fraseolóxico.

Por suposto, englobar completamente o material léxico dialectal é case imposible; isto é especialmente certo no que se refire ó fondo fraseolóxico que na fala viva é extraordinariamente diverso. Non obstante, na análise concreta foi importante tomar en consideración a máxima cantidade posible de feitos fraseolóxicos: como base material deste libro serviron as recompilacións de proverbios e ditos eslavos, os dicionarios dialectais e literarios fraseolóxicos, as fontes lexicográficas e os ficheiros, as notas persoais do autor feitas durante as expedicións dialectais (na rexión de Pskov, na costa do mar Branco, na terra de Polesie, en Chequia e Eslovaquia) e outros. No manual este material tan extenso persegue o obxectivo de amosar dunha maneira o máis completa posible a situación de fala en que se formou algún xiro fraseolóxico coñecido na lingua literaria. As variacións dialectais da unidade fraseolóxica literaria amosan a riqueza extraordinaria da fraseoloxía nacional popular das linguas eslavas. A análise do material concreto é necesaria tamén para educa-los hábitos de traballo científico dos estudantes. É importante que o estudante que empeza a ocuparse da análise histórica da fraseoloxía saiba que a historia dun fraseoloxismo non é unha serie de ensaios artístico-alegóricos, senón un sistema rigoroso de testemuños, e que os argumentos só se atopan despois de traballosas pescudas en fontes lingüísticas fiables.

Por desgracia, nós non temo-la posibilidade de dar referencias exactas das fontes dos fraseoloxismos dialectais que se usan. Isto nalgúns casos obstaculizou a delimitación rigorosa dos fraseoloxismos eslavos segundo as esferas de uso e maila descrición detallada da súa extensión territorial. Cómpre especificar tamén unha certa desproporción do material de distintas linguas eslavas, que está relacionada co obxectivo principal do libro, isto é: amosa-los procesos dinámicos de formación e de desenvolvemento do sistema fraseolóxico eslavo oriental (ante todo ruso) considerándoo como parte do conxunto das linguas eslavas en xeral. A fraseoloxía eslava occidental a este respecto é o fondo máis axeitado para comparar (o que está relacionado tanto coas peculiaridades da súa formación, como coa súa area xeográfica).

I

ESTABILIDADE /INESTABILIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS

1.1. Inestabilidade relativa da forma do fraseoloxismo

1.1.1. A variabilidade como índice da inestabilidade da forma

Un dos problemas máis agudos da fraseoloxía é o problema da estabilidade. A definición da unidade fraseolóxica como unha combinación **estable** contribuíu durante moito tempo a considerala estática, tanto no plano formal coma no plano semántico. Os estilistas interpretaban as diversas transformacións das combinacións estables como transformacións individuais deste conxunto estático, feitas polo autor.

A pesar de consideraren a estabilidade como o trazo distintivo das unidades fraseolóxicas, os investigadores defínena de maneiras distintas. A maioría dos lingüistas comprenden a estabilidade ben como a **predicibilidade** dos compoñentes, ben como a súa **reproducibilidade**, é dicir, a estabilidade do uso. Neste libro a estabilidade fraseolóxica enténdese como o **uso relativamente estable da combinación de palabras**. A acentuación do carácter relativo da estabilidade fraseolóxica é necesaria, xa que a estabilidade do uso da unidade fraseolóxica pode ser violentada con moita frecuencia.

Xa o académico V.V.Vinográdiv, que elaborou unha clasificación de fraseoloxismos precisamente a partir do distinto grao de estabilidade, prestaba atención ó carácter dialéctico desta propiedade tan importante das combinacións. “Na actividade da fala, - escribía el - así como no estilo individual, os límites dunha palabra e dunha frase son especialmente vacilantes, vertibiles, indeterminados” (Виноградов, 1946: 46). Sen embargo, os fraseólogos durante moito tempo non tomaron en consideración este comentario. Tiveron que pasar decenios de observacións escrupulosas para volvermos á comprensión obxectiva e dialéctica desta importantísima propiedade das combinacións estables. Entre os libros deste tipo funcional está o de A.M.Babkin, que amosa que a mobilidade activa

das unidades fraseolóxicas non é simplemente unha innovación artística, senón a manifestación regular “da flexibilidade e dialecticidade coñecidas” do seu uso vivo (Бабкин, 1970: 9). Semellante conclusión tírase tamén de moitas investigacións dedicadas ó problema da variabilidade fraseolóxica. O estudo funcional sincrónico dos fraseoloxismos amosou que a variabilidade é unha das propiedades máis características desta parte do léxico. O problema da correlación da estabilidade e variabilidade dos fraseoloxismos é un problema tanto histórico como sincrónico. A unión dialéctica destas dúas características opostas das unidades fraseolóxicas asegura tanto o funcionamento, como o desenvolvemento constante da fraseoloxía.

A fraseoloxía ten a tarefa de descubri-las formas en que se realiza a acción recíproca dos elementos estables e inestables do fondo fraseolóxico, de establece-la medida da relatividade destas características e de determina-los lindes da estabilidade /inestabilidade no plano sincrónico e diacrónico.

Sen embargo, algúns investigadores sinalan a estabilidade da forma só para os compoñentes arcaicos dos fraseoloxismos (nos xiros do tipo

<i>неровён час</i>	<i>non é igual cada hora</i>	‘é posible que, poida que (suceda algo inesperado ou desagradable)’ ¹ .
--------------------	------------------------------	--

Mesmo en tales casos de conservación e estabilización das unidades fraseolóxicas, ó parecer, indubidables, a absolutización da tese da estabilidade non se confirma polos feitos lingüísticos. É significativo que, precisamente para fraseoloxismos similares a estes, B.A.Larin acentuase “a irregularidade”, “a incorrección” da estrutura (Ларин, 1959: 31), que son as cualidades que testemuñan realmente a variabilidade. Unha análise detallada dos xiros que inclúen arcaísmos amosa a súa ampla mobilidade. Os necrotismos (é dicir, palabras que caeron totalmente en desuso) no proceso do uso fraseolóxico literalmente “renacen” e desembocan na corrente da fala contemporánea.

É moi significativo neste sentido o xiro

<i>у чѣрта на ку- лѣчках</i>	(u chorta na culíchkagh)	<i>nas rozas do demo</i>	‘moi lonxe’ ² .
----------------------------------	-----------------------------	--------------------------	----------------------------

Xa nos marcos do uso literario as súas modificacións son posibles, tanto as morfolóxicas

<i>находиться у чѣрта на ку- лѣчках</i>	(naghoditsa u chorta na cu- líchkagh)	<i>estar nas rozas do demo</i>	‘estar moi lon- xe’
<i>послать к чѣр-</i>	(poslat k chortu	<i>mandar ás ro-</i>	‘mandar moi

¹ O compoñente arcaico neste caso é a palabra *неровён* ‘non é igual’.

² O necrotismo “renacido” neste caso é a palabra *кулѣчки* (kulichki) ‘rozas’. Segundo as supersticións populares, precisamente nas rozas abandonadas, que adoitaban ser lugares afastados, vivían os demos. Comp. en galego o concepto ‘moi lonxe’ tamén pode ser transmitido por un fraseoloxismo que contecía o concepto de demo: *onde o demo deu as tres voces* (que posiblemente nace do episodio bíblico (Mt 4, 1-11; Mc 1, 12-13 e Lc 4, 1-13) no que Xesús se retira ó deserto a orar e hexuar e ó cabo de corenta días o demo téntao con tres propostas, que serían as *tres voces*).

<i>ту на куліч- ки</i>	na culichki)	<i>zas do demo</i>	lonxe'
como as léxicas			
<i>жить у чѣрта на кулічках</i>	(jit u chorta na culíhkagh)	<i>vivir nas rozas do demo</i>	'vivir moi lon- xe'
<i>жить у чѣрта на рогах</i>	(jit u chorta na rogagh)	<i>vivir nos cor- nos do demo</i>	'vivir moi lon- xe'.

No uso da fala a combinación

<i>у чѣрта на ку- лічках</i>	(u chorta na culíchkagh)	<i>nas rozas do demo</i>	'moi lonxe'
----------------------------------	-----------------------------	------------------------------	-------------

sofre deformacións aínda máis intensas. A palabra *poga* (rogá) 'cornos' que substitúe nesta unidade fraseolóxica o compoñente *кулічки* (culíchki) 'rozaz' amplía as súas relacións paradigmáticas:

<i>бежать хотъ к чѣрту на рога</i>	(bejat ghot k chortu na ro- gá)	<i>correr aínda que sexa ós cornos do de- mo</i>	'fuxir a calque- ra sitio' ³
<i>не был то́лько у чѣрта на рогах</i>	(ne bil tolko u chorta na ro- gagh)	<i>non estivo só nos cornos do demo</i>	'estivo en moi- tos sitios'.

Amplíanse tamén as posibilidades dunha substitución sinonímica do compoñente *кулічки* (culíchki) 'rozaz':

<i>пойди́ к чер- тя́м на бу- ты́рки</i>	(poidí k cher- tiam na buti- rki)	<i>vaite cara ós demos, cara á casa que está fóra da aldea</i>	'vaite ó demo'
<i>ка́ти́сь (ты) к чертя́м на па- се́ку</i>	(katís ti k cher- tiam na páse- ku)	<i>vaite rodando cara ós de- mos, cara á abellariza</i>	'vaite ós de- mos'

(coa variación da categoría do número para a palabra *чѣрт* (chort) 'demo'). No uso individual deste fraseoloxismo por un autor pode aparecer: a presenza de dous planos, os cambios semánticos e o xogo coa forma dos compoñentes. Así é, por exemplo, a unión do microtopónimo moscovita *Кулі́чки* (*Кулі́шки*) (culíchki (culíxki)) co lexema *кулічки* (culíchki) 'rozaz' nunha obra de N.Aséev:

³ Comp. en galego o xiro co significado literal moi próximo, *andar nos cornos do demo*, pero que ten significado fraseolóxico distinto, 'escolle-lo camiño peor para lograr un obxectivo'.

“Конечно, городской шум, механизированные души, обостренность нервов - все это справедливо, но... все-таки я не хотел бы жить у Спаса на Куличках (u spasa na kulíchkagh) в Пречистенской тишине”. (“Московские улицы”)

‘É certo, o ruído urbano, as almas mecanizadas, a tirantez dos nervios - todo iso é certo, pero... sen embargo, non me gustaría vivir á beira do Spas na Kulíchkagh, no silencio da Prechístenskaia’. (*Rúas de Moskova*).⁴

Canto máis ampla é a área xeográfica da unidade fraseolóxica, tanto máis amplas son as súas posibilidades de variación. Na lingua literaria polaca o xiro emprastado do ruso

u *czorta* na *kuliczkach* nas rozas do demo ‘moi lonxe’

xa admite tamén a substitución do primeiro compoñente: u *diabła* na *kuliczkach*. Compárese o bielorruso

ў *чортавых зубов* onda os dentes do demo ‘moi lonxe’

к *чэртям* ў *го́сці пай-шоў* foi de visita ós demos ‘está non se sabe ónde’.

Como vemos, o material concreto amosa unha gran amplitude de variación dos fraseoloxismos. Propiamente, tódalas características lingüísticas do xiro (a fonética, a de formación da palabra, a paradigmática, a léxica, a sintáctico-estructural e a semántica) sofren variabilidade. ¿Onde están os límites desta variabilidade? ¿Onde está o límite en que remata a variante da unidade fraseolóxica e xorde outro xiro independente? Responder obxectivamente a estas preguntas é unha das tarefas xerais da fraseoloxía funcional e histórica. No plano funcional é descubri-la invariante fraseolóxica, no diacrónico é determina-la combinación primitiva de palabras.

Recoñecendo a variabilidade ampla da maioría dos fraseoloxismos, cómpre, sen embargo, estipula-la posibilidade da aproximación puramente sincrónica á súa estabilidade. Dende o punto de vista da norma literaria, por exemplo, a expresión

у *чёрта на куличках* (u chorta na kulíchkagh) nas rozas do demo ‘moi lonxe’

realmente case non varía (sobre todo se interpretamos o xiro

у *чёрта на рогах* (u chorta na ro-gagh) nos cornos do demo ‘moi lonxe’

como sinónimo fraseolóxico e non como variante).

⁴ Comp. a rúa Prechístenskaia - o camiño cara ó ícono da Virxen de Smolensk no mosteiro Novodévichii en Moscova; Spas na Kulixkagh ‘Salvador en Kulixki’, unha igrexa erixida ó Salvador na parte de Moskova que a xente chamaba así debido á súa posición que naquel tempo se consideraba afastada do centro (xa que a palabra *кулички* (kulichki) nos dialectos rusos ten significado ‘campo abandonado e por iso afastado, en que medra un bosque cativo’).

A tarefa da análise histórica da fraseoloxía (a diferenza da súa investigación sincrónica) é a revelación do *contexto inconstante*, cronoloxicamente moi cambiante. Dende este punto de vista a fraseoloxía diacrónica é a doutrina de *unidades de contexto inconstante*. Só a revelación de todo o espectro de variación destas unidades, condicionado historicamente, e o establecemento dos límites da variabilidade de tal contexto, pode levar á definición obxectiva da combinación primitiva de palabras: ó *modelo semántico-estrutural*.

Para a fraseoloxía histórica a idea dos límites da estabilidade e da variabilidade é extremadamente importante porque a etapa do “conxelamento” da combinación é o momento da formación da unidade fraseolóxica⁵. Como se realiza isto, qué é o que “se conxela” solidamente e qué é o que non, qué elementos do xiro admiten variacións amplas e cales, a pesar de todo, reservan a estabilidade relativa: este é o círculo de preguntas sen as que a aproximación lingüística á historia dos fraseoloxismos non é posible.

A variabilidade que acompaña calquera interacción dos sistemas fraseolóxicos é ó mesmo tempo o resultado desta interacción. O espectro desta interacción pode ser moi amplo: desde os contactos dos sistemas fraseolóxicos de diferentes linguas ata a penetración mutua da fraseoloxía coloquial e literaria nunha mesma lingua.

1.1.2. Dificultades do deslinde das variantes principal e ocasional

Sábese que o uso vivo das unidades lingüísticas estimula a súa variabilidade. Desta tese frecuentemente dedúcese a conclusión errónea de que tales variantes son fundamentalmente ocasionalismos fraseolóxicos. O uso contemporáneo normativizado da unidade fraseolóxica aínda non confirma o carácter primitivo da unidade. V.I. Dal nas súas “Palabras a xeito de prólogo” para a edición dos *Proverbios do pobo ruso* realizada en 1862 (Véxase: Даль, 1957) queixábase de que os críticos da Academia lle reprochaban inxustificadamente que rexistraba proverbios e ditos populares dunha forma *incorrecta, errónea, falsa*. Os numerosos materiais da fraseoloxía popular rusa, que están gardados nos ficheiros e están reproducidos nos numerosos dicionarios dialectais, refutan agora estes reproches inmerecidos: Dal recollía con moita exactitude as variantes dialectais de proverbios e ditos. E o motivo de semellantes reproches é precisamente a aproximación funcional ós fraseoloxismos, que leva á confusión das variantes primitiva e individual (individual do autor).

Os lexicógrafos-prácticos, os compiladores de folclore que fixan escrupulosamente todas as variantes, non son tan categóricos ó afirmaren a ocasionalidade delas, como o son os teóricos da fraseoloxía. E non é estraño: a multitude de variantes diversas, ás que se teñen que enfrontar os recompiladores de conxuntos paremiolóxicos (é dicir, de compila-

⁵ **Nota do orixinal:** Por iso non é casual que sexan os historiadores da fraseoloxía os que recoñecen a contraposición estabilidade - inestabilidade como “o máis importante na aproximación a todas as combinacións de palabras” (Костючук, 1983: 29).

cións de proverbios e ditos), ata cinco, dez e máis variantes dun proverbio ou dito (tal é a variación habitual) provocan que o problema da súa redución á norma literaria sexa demasiado escolástico e artificial.

Á maioría dos así chamados xiros-variantes é difícil denominalos ocasionais porque se fixan polos recompiladores nun territorio abondo amplo. Analizando o enorme material dialectal, é moi difícil, e a miúdo imposible descubri-la súa xerarquía histórica (*primitividade /non primitividade*). Por exemplo, na serie dos sinónimos fraseolóxicos rusos co significado de ‘home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’ unha das unidades fraseolóxicas utilizadas activamente é

<i>ни бóгу свѣчка</i> (свечá) <i>ни</i> <i>чѣрту кочер-</i> <i>гá</i>	(ni bogu sve- chka (svechá) ni chortu ko- chergá)	<i>nin a candea</i> <i>para Deus,</i> <i>nin o atiza-</i> <i>doiro para o</i> <i>demo</i>	‘home medio- cre, que non ten trazos ca- racterísticos individuais que o desta- quen dou- tros’.
--	--	---	---

O *Diccionario fraseolóxico da lingua rusa* (Фразеологический словарь, 1967) que habitualmente rexistra a variabilidade dos xiros, só fixa para o fraseoloxismo dado a variación do compoñente *свѣчка* (svechka) - *свечá* (svechá) ‘candea’, que non se espella na semántica da combinación. Esta estrutura lexitimada, “normativizada” e a constitución dos compoñentes do fraseoloxismo confirmanse en moitos exemplos literarios. Se temos en conta tal uso “normativizado” o xiro

<i>ни бóгу свѣчка</i> <i>ни чѣрту</i> <i>ожѣг</i>	(ni bogu sve- chka ni chortu ojog)	<i>nin a candea</i> <i>para Deus,</i> <i>nin o <u>atiza-</u></i> <i><u>doiro de ma-</u></i> <i><u>deira</u> para o</i> <i>demo</i>	‘home medio- cre, que non ten trazos ca- racterísticos individuais que o desta- quen doutros’
---	--	---	---

fixado por Dal, ten aspecto de ocasionalismo.

Consideremos, sen embargo, a correlación dos compoñentes *кочерга* (kochergá) ‘atizadoiro’ e *ожѣг* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’ na composición deste fraseoloxismo dende o punto de vista diacrónico. O significado completo da palabra *кочерга* (kochergá) é ‘vara de metal cunha punta encorvada, para remove-lo combustible no forno’ aclara pouco a motivación interna desta unidade fraseolóxica. ¿Por que a candea se contrapón á vara de metal? Estas dúas cousas non se refiren ó mesmo círculo temático, pero é precisamente a correlatividade temática común dos compoñentes a que caracteriza a moi abundante serie fraseolóxica con este significado nos dialectos eslavos. Comp.: ru-
so

ни рыба ни мясо

ни то ни сѣ

ни ўхо ни рыло

ни прру ни ну

ни в сноп ни в горсть

ни ткáлья ни прялья

ни к селу ни к городу

ни дома ни на поле

ни от дождя ухорóны ни от стужи
оборóны

ни в городе пору́ка, ни в доро́ге то-
ва́риш, ни в дере́вне сосéд

ни в городе Богда́н ни в селе́ Сели-
фа́н

ни пришéй ни пристегни́

не мычи́т и не те́лится

ни тя́нет ни везёт

bielorruso

ні рукою ні нагою

nin peixe nin carne⁶

nin aquilo nin iso⁷

nin a orella nin o fociño

nin xo nin arre⁸

nin no feixe nin no puño

nin tecido nin fiado

nin á aldea nin á cidade

nin na casa nin no campo

nin da chuvia garda nin da xeadá
defensa

nin na cidade fiador nin no camiño
compañeiro nin na aldea veciño

nin na cidade Bogdán nin na aldea
Selifán

nin prendas con fío nin abotoes

nin brúa nin pare o becerro⁹

nin tira nin carrexa

nin coa man nin co pé.

Todo isto suxire a posibilidade doutra interpretación da palabra *кочерга* (kochergá), distinta do ‘atizadoiro’ que recollen os dicionarios contemporáneos. Para isto cómpre referirse ante todo ás variantes dialectais do xiro

ни бóгу свéчка
ни чёрту ко-
черга́

(ni bogu sve-
chka ni chortu
kochergá)

nin a candea
para Deus,
nin o atiza-
doiro para o
demo

‘home medio-
cre, que non
ten trazos ca-
racterísticos
individuais
que o desta-
quen dou-

⁶ Comp. cos xiros: en galego *nin carne nin peixe*, e tamén en francés *ni chair ni poisson*, en inglés *neither fish nor flesh*, en alemán *nicht Fisch nicht Fleisch*.

⁷ Comp. en galego *nin unha cousa nin outra*, que pode empregarse co mesmo significado.

⁸ Comp. o xiro analóxico en galego *nin arre nin xo*.

⁹ Comp. en galego *nin pare nin empreña* e tamén outros xiros verbais *nin ata nin desata*, *nin vai nin vén*, todos con este mesmo significado fraseolóxico.

tros’.

A análise da área xeográfica da variante

<i>ни бѣгу свѣчка</i>	(ni bogu sve-	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни чѣрту</i>	chka ni chortu	<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>ожѣг</i>	ojog)	<i>nin o <u>atiza-</u></i>	ten trazos ca-
		<i><u>doiro de ma-</u></i>	racterísticos
		<i><u>deira</u> para o</i>	individuais
		<i>demo</i>	que o desta-
			quen doutros’

amosa que isto non é unha transformación casual do xiro coñecido na lingua literaria. A variante encóntrase nas falas norteeñas rusas

(rexión de Olo- néts)	(ni bogu svitsá ni tsortu ojo- ga)	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни бѣгу свѣця</i>		<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>ни чѣрту</i>		<i>nin o <u>atiza-</u></i>	ten trazos ca-
<i>ожѣга</i>		<i><u>doiro de ma-</u></i>	racterísticos
		<i><u>deira</u> para o</i>	individuais
		<i>demo</i>	que o desta-
			quen doutros’

e a mesma palabra *ожѣг* (*ожѣг, ожѣг, ожѣг, ожѣнок*) (ojog (ojog, ojig, ozogh, ojónok)) está fixada nun territorio extenso: dende as falas de Vólogda e Iaroslavl ata as do Kolimá. O significado principal da palabra *ожѣг* (ojog) ‘pao que se usa en vez do atiza-doiro e co que se revolven os carbóns; o cacho de madeira queimado co lume’. Nas falas de Kaluga foi rexistrada tamén a palabra *ожѣнок* (ojónok) ‘labra queimada que, segundo as supersticións, é capaz de causar un maleficio durante unha voda’. Como vemos, na variante dialectal

<i>ни бѣгу свѣчка</i>	(ni bogu sve-	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни чѣрту</i>	chka ni chortu	<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>ожѣг</i>	ojog)	<i>nin o <u>atiza-</u></i>	ten trazos ca-
		<i><u>doiro de ma-</u></i>	racterísticos
		<i><u>deira</u> para o</i>	individuais
		<i>demo</i>	que o desta-
			quen doutros’

espéllase dunha maneira moi precisa a contraposición de dúas fontes de luz: a candea divina e a labra diabólica abrasada. Esta contraposición vese aínda con máis precisión na terceira variante do fraseoloxismo:

<i>ни бѣгу свѣчка</i>	(ni bogu sve-	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни чѣрту огá-</i>	chka ni chortu	<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>рыш</i>	ogárix)	<i>nin o cabo da</i>	ten trazos ca-
		<i>labra non</i>	racterísticos
		<i>queimado por</i>	individuais

completo pa- ra o demo	que o desta- quen dou- tros’.
---------------------------	-------------------------------------

Comp.: *orapok* (ogárok) ‘cabo da labra non queimado por completo’ ou (rexión de Arghánguelsk) *ogarki* (ogarki) ‘a labra non queimada ata o final’.

Incluindo outros paralelos eslavos na nosa análise convencémonos da antigüidade do compoñente “ocasional” *oxěr* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’. O xiro polaco, que ten na súa composición o equivalente de *oxěr* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’,

<i>ani Bogu świeczki, ni diabtu <u>ożoga</u></i>	<i>nin a candeia para Deus, nin o <u>atizadoi- ro de madeira</u> para o demo</i>	‘home mediocre, que non ten trazos carac- terísticos individuais que o destaquen dou- tros’,
--	--	--

foi fixado xa no século XVI. Comp. tamén as súas variantes: *ni Bogu świeczki, ni diabtu ożoga*, *ani Bogu świeczka*, *ani diabtu ożeg*, *ni Bogu świeczki, ni diabtu ożogu* co mesmo significado literal e fraseolóxico. Para o ruso

<i>ни бóгу свѣчка ни чѣрту ога- рыш</i>	(ni bogu sve- chka ni chortu ogárix)	<i>nin a candeia para Deus, nin o cabo da labra non queimado por completo pa- ra o demo</i>	‘home medio- cre, que non ten trazos ca- racterísticos individuais que o desta- quen doutros’
---	--	---	---

están fixadas tamén as variantes correspondentes en polaco:

<i>ni Bogu świeczki, ni ludzim <u>ogarka</u></i>	<i>nin a candeia para Deus, nin o cabo da labra non queimado por completo para a xente</i>	‘home mediocre, que non ten trazos carac- terísticos individuais que o destaquen dou- tros’
<i>ni Bogu świeczki, ni diabtu <u>ogarka</u></i>	<i>nin a candeia para Deus, nin o cabo da labra non queimado por completo para o demo</i>	‘home mediocre, que non ten trazos carac- terísticos individuais que o destaquen dou- tros’.

É precisamente a característica semántica ‘obxecto de madeira ou dalgún outro material susceptible de queimarse’ a que une as outras variantes desta unidade fraseolóxica, coñecidas nas linguas bielorrusa e ucráina, onde tamén están amplamente presentados os compoñentes analóxicos ó ruso *oxěr* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’, e *ogárysh*: (ogárix) ‘cabo da labra non queimado por completo’ (todas estas variantes posúen o mesmo sig-

nificado fraseolóxico de ‘home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’):

bielorruso

ні свэчка ні вожаг

*nin a candea, nin o mango do gallet
(para retirar pucheiros do lume)*

ні богу свеча, ни чорту ражон

*nin a candea para Deus, nin o pao
cunha punta aguda para o demo*

ні богу свэчка, ни чорту галавэшка

*nin a candea para Deus, nin o tizón
para o demo*

ucraíno

*ні богу свічку ні чортові угарка
(огáрок)*

*nin a candea para Deus, nin o cabo
da labra non queimado por comple-
to para o demo*

*пі богові свічка ні чортові ожог
(гожуг, ожуг)*

*nin a candea para Deus, nin o atiza-
doiro de madeira para o demo*

*пі богові свічка ні чортові головеш-
ка (каганець)*

*nin a candea para Deus, nin o tizón
para o demo*

пі богові свічка пі лукаваму ладан

*nin a candea para Deus, nin o incen-
so para o Astuto¹⁰*

не богу свеча не чорту вожала

*nin a candea para Deus, nin o pao
queimado para o demo*

*пі богові свічка ні чортові огáрок
(ладан, шпівка, кочерга, рогáчил-
но, надовбень, курішка, каганець)*

*nin a candea para Deus, nin o cabo
da labra non queimado por comple-
to (incenso, labra, atizadoiro, galle-
te para retira-los pucheiros do lume,
cacho de madeira, tizón, candil),
para o demo*

ні к богу свічка, ни к дідьку ожига

*nin a candea para Deus, nin o atiza-
doiro de madeira para o demo.*

Aquí encóntranse as substitucións léxicas. Sen embargo, se temos en conta o núcleo semántico común que se distingue en todas estas palabras, ‘fonte mala, fumegante de luz’, temos que recoñecer que estas substitucións son plenamente regulares: *шпівка* ‘labra’, *рогáчи́лно* ‘gallet para retira-los pucheiros do lume’, *на́довбе́нь* ‘cacho de madeira’, *курі́шка* ‘tizón’, etc. Noutras linguas eslavas os xiros deste tipo atópanse con menos frecuencia:

¹⁰ O adxectivo *лукавий* ‘astuto’ utilízase na forma substantivada para denomina-lo demo.

checo

<i>i bohu svíčku i čertu oharek</i>	<i>tanto a candea para Deus, como o tizón para o demo</i>	‘non ser sincero, ser hipócrita; servir a dous señores’ ¹¹ .
---	---	---

Comp.

lituano

<i>neĩ diėvui žvakė, neĩ velniui šakė (žar- steclis, pagaikštis, dialectal kačerga)</i>	<i>nin a candea para Deus, nin a forza (o atizadoiro) para o demo</i>	‘home mediocre, que non ten trazos carac- terísticos individuais que o destaquen dou- tros’
---	---	---

<i>neĩ diėvui, nei žmogui</i>	<i>nin para Deus, nin pa- ra o home</i>	‘home mediocre, que non ten trazos carac- terísticos individuais que o destaquen dou- tros’
-------------------------------	---	---

letón

<i>neder ne dievam, ne velnam</i>	<i>nin para Deus, nin pa- ra o demo</i>	‘home mediocre, que non ten trazos carac- terísticos individuais que o destaquen dou- tros’.
---------------------------------------	---	--

A súa imaxibilidade é idéntica á imaxibilidade dos fraseoloxismos eslavos e confirma a lóxica interna da súa formación.¹²

A análise por áreas das unidades fraseolóxicas da serie dada, desta maneira, testemuña

¹¹ **Nota do orixinal:** Pola ausencia de negación este fraseoloxismo é analóxico ó polaco

<i>palíc Panu Bogu świeczkę i diabłu ogarek</i>	<i>tanto a candea para Deus, como o atizadoiro para o demo</i>	‘un home que sabe facer de todo’
---	--	-------------------------------------

e ó ruso dialectal (rexión de Chernígov)

<i>и бogy свѣчка и чѣрты кочерга́</i>	(i bogu svechka i chortu kochergá)	<i>tanto a candea pa- ra Deus, como o atizadoiro para o demo</i>	‘un home que sabe facer de todo’.
---	---------------------------------------	--	--------------------------------------

¹² Comp. tamén en galego *ter acendida unha vela a Deus e outra ó demo* ‘pretender compracer a todos, a gustos distintos’. **Nota do orixinal:** Comp.: francés

<i>donner une chandelle à Dieu et une au diable</i>	<i>dar unha vela a Deus e ou- tra ó demo</i>	‘actuar con habilidade a fa- vor de dous partidos opo- sitos’.
---	--	--

que tales variantes como

<i>ни бѣгу свѣчка</i>	(ni bogu sve-	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни чѣрту</i>	chka ni chortu	<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>ожѣг (огá-рыш)</i>	ojog (ogárix))	<i>nin o <u>atiza-</u></i>	ten trazos ca-
		<i><u>doiro de ma-</u></i>	acterísticos
		<i><u>deira</u> (cabo</i>	individuais
		<i>de labra non</i>	que o desta-
		<i>queimado por</i>	quen doutros’
		<i>completo) pa-</i>	
		<i>ra o demo</i>	

non están menos estendidas que

<i>ни бѣгу свѣчка</i>	(ni bogu sve-	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни чѣрту ко-</i>	chka ni chortu	<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>чергá</i>	kohergá)	<i>nin o atiza-</i>	ten trazos ca-
		<i>doiro para o</i>	acterísticos
		<i>demo</i>	individuais
			que o desta-
			quen dou-
			tros’,

coñecidas nas linguas rusa e ucraína. Neste contexto a variante fraseolóxica coa palabra *кочерга* (kohergá) ‘atizadoiro’ preséntase como unha variación eslava oriental do xiro antigo eslavo setentrional cos compoñentes *огáрыш* (ogárix) ‘cabo de labra non queimado por completo’ e *ожѣг* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’.

Para a etimoloxía dos fraseoloxismos polacos, Krjijanovskii presenta unha explicación etnográfica da contraposición das palabras *свеча* (svechá) ‘candea’ e *ожѣг* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’: cos últimos, é dicir, coas labras e outras lámpadas primitivas de madeira alumeábanse as izbás¹³ dos servos. É natural que na contraposición *свеча* (svechá) ‘candea’ / *ожѣг* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’ a última palabra obtivese asociacións negativas (Кржижановский, 1958: 87-88). A interpretación de Krjijanovskii pódese transferir tamén ó xiro ruso

<i>ни бѣгу свѣчка</i>	(ni bogu sve-	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни чѣрту ко-</i>	chka ni chortu	<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>чергá</i>	kohergá)	<i>nin o atiza-</i>	ten trazos ca-
		<i>doiro para o</i>	acterísticos
		<i>demo</i>	individuais
			que o desta-
			quen dou-
			tros’.

Non obstante, non se debe entende-lo significado do último compoñente como o interpre-

¹³ Izbá é a casa típica dos campesiños rusos, feita de madeira.

tan os dicionarios contemporáneos. *Кочерга* (kochergá) puido chegar a ser unha substitución plenamente válida dos máis antigos *свеча* (svechá) ‘candea’ e *огáрок* (ogárok) ‘cabo de labra non queimado por completo’ só no caso de que *кочерга* (kochergá) significase ‘obxecto de madeira’. E efectivamente, os dialectos conservan tal significado: (rexión de Riazán) *кочерга́* (kochergá) ‘moca cunha punta encorvada para xogar coa pelota’; (rexión de Iaroslavl) *кочерга́* (kochergá) ‘bastón, pao con forma de bastón’; (montes do Ural) *кочерга́* (kochergá), *кочеры́жка* (kocherijka) ‘bastón, pao, bordón’.¹⁴ É precisamente o significado ‘de madeira’ para a palabra *кочерга* (kochergá) o que reconstrúe N.M.Xanskii relacionándoo cos lexemas *корень* ‘raíz’, *коряга* ‘torada nodosa’, *кочерёжка* ‘torada (nodosa)’ e, en diante, coa raíz **ker-* /*kor-* ‘cortar’.¹⁵

No xiro coñecido conservouse, como vemos, o significado máis antigo da palabra *кочерга* (kochergá), esquecido na lingua contemporánea. Pero é unicamente esta palabra a que aclara a “lóxica interna” desta unidade fraseolóxica construída sobre a contraposición das fontes de luz de Deus e do demo. Só falta engadir que en tódalas citadas variantes eslavas do modelo fraseolóxico a contraposición “candea /tizón” chegou a ser unha parte da contraposición “Deus /demo” que é fundamental para toda a serie fraseolóxica. No plano semiótico a oposición *свеча́* (svechá) ‘candea’ /*ожёр* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’ intensifica a oposición xeral “o ben /o mal” que é característica do xiro

<i>ни бóгу свѣчка</i>	(ni bogu sve-	<i>nin a candea</i>	‘home medio-
<i>ни чѣрту ко-</i>	chka ni chortu	<i>para Deus,</i>	cre, que non
<i>черга́</i>	kochergá)	<i>nin o atiza-</i>	ten trazos ca-
		<i>doiro para o</i>	racterísticos
		<i>demo</i>	individuais
			que o desta-
			quen dou-
			tros’.

Polo tanto, o símbolo do demo neste xiro non é o atizadoiro de metal, senón o tizón fumegante¹⁶.

Como vemos, a variante que a primeira vista parecía ocasional, despois de a analizarmos máis detalladamente, resulta non ser menos antiga cá variante literaria normativizada e amplamente estendida. E ademais, a forma interna (a relación co verbo *жечь* ‘queimar’) e unha área xeográfica máis parecen testemuñar que é precisamente o compoñente *кочерга* (kochergá) ‘atizadoiro’ do noso xiro o que foi substituto léxico da palabra primitiva *ожёр* (ojog) ‘atizadoiro de madeira’, e non ó revés. Por outra parte, o problema da

¹⁴ **Nota do orixinal:** É significativo o xiro

<i>ста́рого лѣсу кочерга́</i>	<i>o atizadoiro do bosque vello</i>	‘un home que ten experien-
		cia’

anotado nos dialectos de Sébej aínda no século XVIII.

¹⁵ **Nota do orixinal:** Véxase: Этимологические исследования по русскому языку. [*Investigacións etimolóxicas na lingua rusa*]. М., 1972. Вып. 7. Páxs. 203-213.

¹⁶ **Nota do orixinal:** Comp. unha ampla interpretación mitolóxica da palabra *ожог* como ‘sacrificio a Deus’ e a relación desta realidade da aldea rusa coa serbia *бадняк* ‘tronco ou ramas de carballo que se queimaban en noiteboa, conforme a un rito relixioso ortodoxo’, suposta por F.I.Busláev. (Ф.И.Буслаев, 1854: 7).

determinación da variante primitiva do fraseoloxismo é moi difícil, xa que o intento de reducir tódalas unidades fraseolóxicas á única, “primitiva” é o mesmo cá constatación dos ocasionalismos a partir do xiro que chegou a ser normativizado.

Efectivamente, como a maioría dos fraseoloxismos, ó principio foron combinacións libres, a substituíbilidade dos compoñentes era natural para eles. Consecuentemente, un xiro estable debe ter na súa base unhas cantas combinacións, para as que a substituíbilidade mutua dos compoñentes sexa un fenómeno habitual. Neste sentido, a evolución das unidades fraseolóxicas preséntase como un movemento dende a diversidade de variantes cara á uniformidade sintáctica e compoñencial, dende a “antinorma” cara á norma. Así, da serie de combinacións variables do tipo

<i>закі́нуть перемёт (дóнку, жёрлицу, сёті, нёвод, вёршу)</i>	<i>bota-lo palangre (a cana de pescar no fondo, a jérlitsa¹⁷, a rede de cerco, a rede de arrastre, a nasa)</i>
---	---

só unha obtivo unha nova interpretación e foi fraseoloxicamente “normativizada”:

<i>закі́нуть удочку</i>	<i>bota-la cana de pescar</i>	‘intentar informarse de algo, aclarar algo previamente con coitado’.
-------------------------	-------------------------------	--

Asemade pódese supoñer tamén a presenza da diversidade primitiva de variantes para o fraseoloxismo

<i>ни бóгу свѣчка ни чѣрту ко- чергá</i>	(ni bogu sve- chka ni chortu kochergá)	<i>nin a candea para Deus, nin o atiza- doiro para o demo</i>	‘home medio- cre, que non ten trazos ca- racterísticos individuais que o desta- quen dou- tros’.
--	--	---	---

Tal suposición substitúe a pescuda de combinación “primitiva” de palabras pola busca do *prototipo inicial* que é un *fraseoesquema*. Dende este punto de vista, non é tan importante cal é o compoñente primitivo no xiro

<i>ни бóгу свѣчка ни чѣрту ко- чергá (ожѣг)</i>	(ni bogu sve- chka ni chortu kochergá (ojog))	<i>nin a candea para Deus, nin o atiza- doiro (<u>atiza- doiro de ma- deira</u>) para o</i>	‘home medio- cre, que non ten trazos ca- racterísticos individuais que o desta-
---	--	---	--

¹⁷ *Jérlitsa* é aparello para a pesca do lucio; consiste nunha estaca que se crava no fondo do río, cunha corda atada e un cebo.

demo quen dou-
 tros’.

Para a historia desta expresión ten máis relevancia outra cousa: que o lexema *кочерга* (kochergá) co significado de ‘vara de metal para remove-las brasas no forno’ non puido chegar a se-la súa base, xa que toda a serie fraseolóxica está construída segundo outro modelo. Precisamente o fraseoesquema baseado nunha idea de algo ardente, emitindo luz, foi aquela construción semántico-sintáctica inicial, nos límites da cal a variabilidade activa dos compoñentes puido realizarse xa no período inicial da formación desta unidade fraseolóxica.

O exemplo co xiro

<i>ни бóгу свѣчка</i> <i>ни чѣрту ко-</i> <i>чергá</i>	(ni bogu sve- chka ni chortu kochergá)	<i>nin a candea</i> <i>para Deus,</i> <i>nin o atiza-</i> <i>doiro para o</i> <i>demo</i>	‘home medio- cre, que non ten trazos ca- racterísticos individuais que o desta- quen doutros’
--	--	---	---

amosa o perigo da determinación da ocasionalidade dunha variante léxica das combinacións estables. Tampouco é menos perigosa para a fraseoloxía histórica a “normalización” das variantes morfolóxicas dos fraseoloxismos. É fácil amosalo co exemplo

<i>праздновать</i> <i>трусy</i>	(prázdnovat trus <u>u</u>)	<i>celebrar “para</i> <i>o covarde”</i> <i>/= facer unha</i> <i>festa en ho-</i> <i>nor do covar-</i> <i>de/</i>	‘acovardarse, temer’
------------------------------------	--------------------------------	---	-------------------------

coñecido na lingua literaria contemporánea coa forma

<i>праздновать</i> <i>трусá</i> ¹⁸	(prázdnovat trus <u>a</u>)	<i>celebra-lo co-</i> <i>varde</i>	‘acovardarse, temer’
--	--------------------------------	---------------------------------------	-------------------------

(o *Diccionario fraseolóxico da lingua rusa* (Фразеологический словарь, 1967) fixa precisamente a última variante na calidade de principal). Sen embargo, os materiais dos dicionarios e ficheiros testemuñan que os escritores clásicos preferían utiliza-la forma

<i>трусy</i> <i>празд-</i> <i>новать</i>	(trus <u>u</u> prázdno- vat)	<i>celebrar “para</i> <i>o covarde”</i> <i>/= facer unha</i> <i>festa en ho-</i>	‘acovardarse, temer’.
---	---------------------------------	---	--------------------------

¹⁸ As palabras *трусá* (trusa) e *трусy* (trusu) poden ser consideradas como formas dun mesmo substantivo *трус* (trus) ‘covarde’ (respectivamente en acusativo e dativo).

nor do covarde/

Os investigadores normalmente non prestaban atención a esta variabilidade. O xiro

<i>праздновать</i>	(prázdnovat	<i>celebra-lo co-</i>	‘acovardarse,
<i>трусá (празд-</i>	trusa (prázd-	<i>varde (cele-</i>	temer’
<i>новать трусу)</i>	novat trusu))	<i>brar “para o</i>	
		<i>covarde” [=</i>	
		<i>facen unha</i>	
		<i> festa en ho-</i>	
		<i>nor do covar-</i>	
		<i>de/)</i>	

explicábase tradicionalmente polo feito histórico da victoria das tropas de Minin e Pojarskii no verán de 1612 sobre as tropas polacas que incluían un reximento dirixido polo coronel Struś. Adóitase explica-la metamorfose lingüística do apelido polaco Struś en *трус* (trus) ‘covarde’ pola influencia deste nome común. A variante

<i>праздновать</i>	(prázdnovat	<i>celebra-lo co-</i>	‘acovardarse,
<i>трусá</i>	trusa)	<i>varde</i>	temer’

que fai consta-lo caso acusativo do compoñente nominativo recoñécese como orixinal, e a variante *трусy* (trusu) ‘para o covarde [= en honor do covarde]’ non se ten en conta en xeral¹⁹.

O feito histórico que serve de base para a etimoloxía tradicional é irrefutable. É dubidosa, non obstante, a argumentación lingüística. Aquí non se toma en consideración precisamente a hipótese lingüística da orixe deste fraseoloxismo presentada por Larin. Esta é máis simple e baséase na realidade lingüística: “Antes, aínda nos séculos XVIII e XIX, dicían: *Трусy праздновать* (trusu prázdnovat) ‘celebrar “para o covarde” [= facer unha festa en honor do covarde]’, é dicir, ‘celebra-la festa de (Santo) Covarde’ (ironicamente), e agora: *Трусá праздновать* (trusa prázdnovat) ‘celebra-lo covarde’” (Ларин, 1956: 220). Desgraciadamente, Larin non desenvolve a súa argumentación. Pero detrás deste laconismo está unha gran erudición lingüística e unha intuición sutil das regularidades lingüísticas. En primeiro lugar, Larin presta atención á forma *трусy* (trusu) ‘para o covarde [= en honor do covarde]’ como a máis antiga. Efectivamente, esta afirmación confírmase polos datos da lingua literaria. É especialmente importante o feito de que sexa precisamente esta, e só esta forma da palabra, a que está fixada na composición deste xiro nas falas populares: as de Vólogda, Kazán, Nóvgorod e Iaroslavl. En segundo lugar, Larin acentúa o carácter irónico da expresión (a xovialidade deste fraseoloxismo séguese percibindo tamén no seu uso vivo). É precisamente o carácter irónico do xiro o que explica a motivación da unión do verbo *праздновать* (prázdnovat) ‘celebrar’ e do substantivo *трус* (trus) ‘covarde’. Desta maneira, a hipótese de Larin reconstrúe o lexema *трусy*

¹⁹ **Nota do orixinal:** Véxase: Руднев А.Г. Проблема фразеологии. [Rúdnëv A.G. Un problema de fraseoloxía]. Л., 1960; Уразов И.А. Почему мы так говорим. [Urázov I.A. ¿Por que dicimos así?] М., 1962. Сер. 2.

(trusu) ‘para o covarde [= en honor do covarde]’ como o caso dativo da palabra *трус* (trus) ‘covarde’. A variabilidade morfolóxica característica do uso contemporáneo do xiro, cambiou a súa paradigmática inicial.

N.A.Mescherskii intentou revisa-la hipótese de Larin. Presentou a suposición de que este fraseoloxismo se basea na palabra eclesiástica eslava *трус* (trus) ‘terremoto’. Os “recordatorios” de tales terremotos dende a antigüidade están reflectidos nos calendarios eclesiásticos. Só máis tarde, segundo a opinión do investigador, a combinación *память труса* (pámiat trusa) ‘recordatorio do terremoto’ foi reinterpretada e transformada na expresión verbal

<i>трусy прáзд- новать</i>	(trusu prázd- novat)	<i>celebrar “para o covarde /o terremoto” /= facer unha festa en ho- nor do covar- de /o terremo- to/</i>	‘acovardarse, temer’ ²⁰ .
--------------------------------	-------------------------	---	---

Ó investiga-la historia semántica dos compoñentes *прáздновать* (prázdnovat) e *трус* (trus) na lingua rusa contemporánea e rusa antiga, T.A.Ivanova someteu esta suposición á crítica obxectiva e volveuse á versión de B.A.Larin.²¹

O material dialectal confirma a interpretación de Larin dunha maneira especialmente convincente. Da parte semántica esta interpretación apóiase en toda unha serie de festas “non-santas” creadas pola ironía popular²²:

<i>Пимена ленивого, лентяя преподоб- ного</i>	‘De Pimen o preguiceiro, o lacazán reverendo’
<i>Трифона гуслиста, Харлампия бан-</i>	‘Festas de Trifon o tocador de gusli’ ²³ ,

²⁰ **Nota do orixinal:** Véxase: Мешерский Н.А. О происхождении фразеологизма “трусy прáздновать” (“трусa прáздновать”) [*Mescherskii N.A. Acerca da procedencia do fraseoloxismo “трусy прáздновать” (“трусa прáздновать”) // Язык жанров русского фольклора. [A linguaxe dos xéneros do folclore ruso].* Петрозаводск, 1977. Páxs.76-79.

²¹ **Nota do orixinal:** Véxase: Иванова Т.А. К истории поговорки “трусy прáздновать” (некоторые замечания и уточнения к вопросу о ее происхождении) [*Ivanova T. A. Sobre a historia do dito “трусy прáздновать” (trusu prázdnovat) (algúns comentarios e especificacións sobre a cuestión da súa procedencia) //Язык жанров русского фольклора. [A linguaxe dos xéneros do folclore ruso]* Петрозаводск, 1979. Páxs. 75-82.

²² En galego pódense lembrar: *Para San Serenín, que é un día antes da fin* ‘nunca’; *Santa Lilaila pariu por un dedo; certo será pero eu non cho creo* ‘fórmula para expresa-la incredulidade’; *Ramo de San Ripote* ‘bolo que se fai cos restos de masa que se pegan na artesa onde se amasou a farinha’; *San Carnaval* ‘entroido’; *San Logo é santo que nunca chega* ‘fórmula para criticar a quen di que vai facer logo o que lle pedimos, pero non se pon a facelo’; *ir á festa de San Nunca (San Porrondón)* ‘non ir; úsase para negar autorización para ir a algún lugar’; *ir á festa das sábanas brancas* ‘non ir; úsase polos pais para negar autorización para ir a unha festa de noite’.

²³ *Gusli* é un instrumento musical ruso, e *bandura*, palabra que segue máis adiante, é un instrumento musical

*дуриста и матери их Хныхны гол-
ландких чудотворцев праздники*

*Када праздник, када галалокти, када
курни мученики, када припадобный
лени - припади да ляжи*

*Какой нынче праздник? - Перенесе-
ние порток на другой гвоздок*

Огуры святыи и лени праведные

de Gharlampii o tocador de bandura
e da súa nai Ghnighni, os holandeses
que fan milagres'

'Ora a festa, ora os cóbados desnudos,
ora mártires da galiña, ora a pregui-
za reverenda - apértate e déitate'

'¿Que festa é hoxe? - O traslado do
calzón ó outro cravón'

'Os santos lacazáns e as honestas pre-
guizas'

e cousas semellantes.

A interpretación morfolóxica confirmase tanto pola posibilidade de combinación do verbo *праздновать* (prázdnovat) 'celebrar' cos nomes dos santos no caso dativo (por exemplo, *Миколу широко празднуют* 'Están celebrando amplamente **para** Micola²⁴ [= están facendo unha festa en honor de Micola]', como pola serie de xiros que teñen carácter bromista-irónico e están formados polo mesmo fraseoesquema (con dativo ou acusativo). Comp.:

(rexión de Pskov)	<i>лытусу <u>празд- новать</u></i>	<i><u>celebrar</u> "para o corredor" /= facen unha festa en honor do corredor/</i>	'irse, fuxir'
-------------------	--	--	---------------

(rexión de Velikie Luki)	<i>Сегодня Лы- кусу святому, скиляге пре- подобному...²⁵</i>	<i>Hoxe "para" /= en honor de/ San Preguicei- ro, o lacazán reverendo [...]</i>	'dise cando al- guén está fol- gazaneando'
--------------------------	---	---	--

ou

(rexión de Ví-tebsk)	<i>недоты́ки <u>свит- кува́ть</u></i>	<i><u>celebra-la</u> fol- gazanería</i>	'folgazanear',
----------------------	---	---	----------------

un comentario viperino dirixido ós partidarios da lacazanería. Pódese lembrar tamén

o popular	<i><u>праздновать</u> лентя́я</i>	<i><u>celebra-lo</u> lacazán</i>
-----------	-----------------------------------	----------------------------------

ucraíno	<i><u>святкува́ти</u> лентя́я</i>	<i><u>celebra-lo</u> lacazán</i>
---------	-----------------------------------	----------------------------------

(rexión de Poltava)	<i>Недотéпи <u>празднува-</u></i>	<i><u>celebra-lo</u> Porro, <u>ce-</u></i>
---------------------	-----------------------------------	--

ucraíno, ámbolos dous de corda.

²⁴ *Mikola* é nome masculino, hipocorístico de Nicolái.

²⁵ Neste exemplo o verbo mesmo está omitido.

ти, відмічати день
святóго Лентя́я

lebra-lo día de San
lacazán

‘folgazanear’ e cousas semellantes.

Na comparación da variabilidade léxica

<i>ни бóгу свѣчка</i> <i>ни чѣрту ко-</i> <i>чергá</i>	(ni bogu sve- chka ni chortu kochergá)	<i>nin a candea</i> <i>para Deus,</i> <i>nin o atiza-</i> <i>doiro para o</i> <i>demo</i>	‘home medio- cre, que non ten trazos ca- racterísticos individuais que o desta- quen doutros’
--	--	---	---

e a morfolóxica

<i>праздновать</i> <i>трусу</i>	(prázdnovat trusu)	<i>celebrar “para</i> <i>o covarde”</i> <i>/= facer unha</i> <i>festa en ho-</i> <i>nor do covar-</i> <i>de/</i>	‘acovardarse, temer’
------------------------------------	-----------------------	---	-------------------------

no aspecto histórico nótase unha diferenza en principio. Unha ampla substituíbilitade mutua dos compoñentes condicionada polas posibilidades sintácticas da combinación primitiva de palabras fai imposible, como regra xeral, a descuberta da variante léxica “primitiva” do fraseoloxismo. Pola súa parte, o descubrimento da variante morfolóxica orixinal dun dos compoñentes da unidade fraseolóxica é necesario en principio durante a súa análise etimolóxica.

1.1.3. Variabilidade fraseolóxica e transformacións individuais do autor

O problema da combinación primitiva de palabras e do ocasionalismo, que é tan importante para a análise histórica dos fraseoloxismos, plantéxase con frecuencia no proceso da certificación da paternidade lingüística e do descubrimento das transformacións individuais das unidades fraseolóxicas, realizadas polo autor. As investigacións deste problema amosaron unha mobilidade excepcional dos fraseoloxismos no seu uso polos escritores, revelaron o efecto estilístico de tales transformacións e propiciaron a súa clasificación detallada. Estas obras fixeron que os teóricos da fraseoloxía prestasen atención ó problema da variabilidade. Ó mesmo tempo foi precisamente a aproximación estilístico-funcional a que determinou unha maneira firmemente arraigada de ver tales variantes de fala como un fenómeno ocasional contraposto á norma fraseolóxica. O escritor é o creador ou o transformador de tal norma, segundo a conclusión da maioría dos lingüistas.

Non obstante, a esaxeración desmedida das posibilidades de creación individual de frases leva a miúdo a falsas constatacións de carácter histórico. Os xiros amplamente estendidos nas falas populares recoñécense como fruto creado por algún escritor; o xiro xurdido a partir dun modelo lingüístico común denomínase apotegma individual; a variante dun fraseoloxismo tomada polo escritor da fala popular determínase como unha transformación da súa autoría. Son bastante frecuentes os casos en que a análise histórica da unidade fraseolóxica se substitúe pola busca da súa fonte literaria. Como regra xeral, o motivo de semellante esaxeración do papel dos escritores na creación do fondo fraseolóxico é a subestimación da variabilidade como rasgo característico do fraseoloxismo.

A intención de descubri-la procedencia dun ou outro xiro nunha fonte literaria determinada é un dos principios fundamentais da selección do material nas coñecidas recompilacións dos apotegmas que explican tales unidades. A convencionalidade e a gran relatividade do principio de selección dos apotegmas dun autor coñecido foron argumentadas de maneira convincente por S.G.Zaimovskii. Para el “a posibilidade de xustifica-la procedencia” de tales xiros é importante dende o punto de vista puramente práctico: o coñecemento do momento e das circunstancias da creación da expresión é esencial para a comprensión correcta da cita (Займовский, 1930: 15). A relatividade da certificación da paternidade lingüística acentúase tamén por N.S.Axukin e M.G.Axúkina, que fan constar, por exemplo, que a expresión

<i>барáшек в бума́жке</i>	<i>un cordeiriño nun pa-</i>	‘suborno’
	<i>peliño</i>	

se atribúe a M.E.Saltikov-Xedrín erroneamente (Ашукин, Ашукина, 1966: 5). Efectivamente, a atribución deste “termo” da concusión a M.E.Saltikov-Xedrín merece ser criticada. A.N.Afanásiev preséntao como un dos eufemismos para concusión na lingua ofiñesca do século XVIII (Афанасьев, 1857: 629), e P.Simoni rexistra o xiro

<i>барáшка в бума́жке</i>	<i>un cordeiriño nun pa-</i>	‘suborno’
	<i>peliño</i>	

nun manuscrito do século XVII (Симони, 1899: 84).

Obviamente, tamén é popular a expresión

<i>при царé Горóхе</i>	<i>durante o reinado do</i>	‘en tempos moi anti-
	<i>zar Ervello</i>	gos’ ²⁶ ,

como testemuñan precisamente as súas correspondencias eslavas

(bielorruso

<i>за кара́лём Га́рóхам</i>	<i>durante o reinado do</i>	‘en tempos moi anti-
	<i>rei Ervello’</i>	gos’

<i>царá Га́рóха по́мніць</i>	<i>acordarse do rei Er-</i>	‘ter moitos anos’ ²⁷
------------------------------	-----------------------------	---------------------------------

²⁶ Nesta expresión e nas que seguen máis adiante, trátase dos zares e reis inventados que nunca existiron.

²⁷ Comp. en galego *acorda-lo rei que rabeou* ‘ser vello’.

vello

ucraíno

<i>за царя Горόха</i>	<i>durante o reinado do rei Ervello</i>	‘en tempos moi antigos’,
-----------------------	---	--------------------------

así como os numerosos fraseoloxismos con estrutura analóxica e significado figurado:

ruso dialectal

<i>при царё Копылё</i>	<i>durante o reinado do zar Barra</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>при царё Косарё</i>	<i>durante o reinado do zar Segador</i>	‘en tempos moi antigos ’

ucraíno dialectal

<i>за царя Тимка́</i>	<i>durante o reinado do zar Timok²⁸</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>за царя Панька́</i>	<i>durante o reinado do zar Paniok</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>за царя Хмёля</i>	<i>durante o reinado do zar Lúpulo</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>за царя Томка́</i>	<i>durante o reinado do zar Tomok</i>	‘en tempos moi antigos ’

polaco

<i>za króla Cwieczka</i>	<i>durante o reinado do rei Craviño</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>za króla Gwoździca</i>	<i>durante o reinado do rei Cravo</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>za króla Sasa</i>	<i>durante o reinado do rei Saxón</i>	‘en tempos moi antigos ’

checo

<i>za krále Cvrčka</i>	<i>durante o reinado do rei Grilo</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>za krále Holce</i>	<i>durante o reinado do rei Rapacete</i>	‘en tempos moi antigos ’
<i>za Marie Teremtete</i>	<i>nos tempos de María</i>	‘en tempos moi antigos ’

²⁸ O nome masculino *Timok* e os que seguen máis adiante *Paniok* e *Tomok* son hipocorísticos dos Timofei, Panteleimón, Tomás respectivamente.

Teremtete²⁹

eslovaco

za Kuruka kraŋl'a	durante o reinado do rei Kuruk ³⁰	‘en tempos moi antigos’.
-------------------	---	--------------------------

Tampouco ten procedencia literaria a expresión

великий комбинатор un gran combinador ‘gran estafador’

que adoita ser relacionada coas famosas novelas de I.Ilf e E.Petrov. Semellante atribución dos fraseoloxismos populares a un autor determinado está condicionada en gran medida pola sona do autor, pola súa influencia na lingua literaria do tempo del e tamén pola experiencia lingüística do colectivo que percibe unha ou outra expresión.

Desta maneira, a busca do fraseoesquema primitivo no plano filolóxico xeral é unha tarefa semiótica. Pola súa parte, no plano lingüístico cómpre salienta-la posibilidade de reducir moitos fraseoloxismos de autor ós tipos estruturais-semánticos máis xerais, sobre os que se estratifican as distintas variantes como resultado da elaboración individual da fala.

Moitos xiros que parecen ser imaxes literarias petrificadas, en realidade son variantes dos fraseoloxismos dialectais. Así, a expresión

<i>и ма́льчики крова́вые</i>	<i>e os nenos sanguinosos</i>	‘(ver) todo borroso’
<i>в гла́зах</i>	<i>nos ollos</i>	

recoñécese habitualmente sen lugar a dúbidas como apotegma da obra de Puxkin *Borís Godunov*. Pero A.S.Puxkin, segundo parece, só utilizou unha das variantes do xiro

(rexión de Pskov)	<i>МА́ЛЬЧИКИ В ГЛА́ЗÁХ</i>	os nenos nos ollos	‘(ver) todo bo- rrroso, verde’
----------------------	--------------------------------	-----------------------	-----------------------------------

e enriqueceu o significado xeral que caracteriza a excitación emocional dunha persoa pola asociación de dous planos co “nenos sanguinosos”, os asasinados fillos do zar, Dimitrii. É natural que tal uso do xiro popular quedase na memoria. En realidade foi este uso o que chegou a se-lo apoteagma de Puxkin.

Pero para o historiador da fraseoloxía que aspira a encontra-lo prototipo popular do neoloxismo poético son importantes as variantes fraseolóxicas de estrutura e semántica analóxicas. E nos dialectos existen tales variantes:

угла́нчики в гла́зах бе́гают	os rapaces corren nos ollos	‘(ver) todo charraman- gueiro, escuro,’ ³¹
---------------------------------	--------------------------------	--

²⁹ *María Teremtete* é nome calembúrico de procedencia onomatopeica.

³⁰ *Kuruk* é nome común de participante da loita nacional liberadora nos séculos XVII-XVIII. Comp. co xiro galego en *tempos de María Castaña*, que corre tamén como *no tempo da raíña María Castaña*, 'en tempos moi antigos': María Castaña foi unha muller real que se rebelou violentamente contra os abusos fiscais do bispado de Lugo no ano 1348 e que foi severamente reprimida coa confiscación de tódolos seus bens.

³¹ **Nota do original:** Comp.: (rexión de Perm) *углан(чик), угланы, угланье, углашек* ‘rapaz, adolescente’.

<i>му́хи (му́шки) в гла- за́х</i>	<i>as moscas (mosquiñas) nos ollos</i>	‘(ver) os puntos ne- gros, vese todo bo- roso e flotando’
(rexión de Pskov) <i>перед гла́зами как му́хи хоб́ят</i>	<i>como se andasen as moscas diante dos ollos</i>	‘(ver) todo borroso’
(rexión de Smolensk) <i>чёрные му́хи в гла- за́х летáют</i>	<i>as moscas negras es- tán voando nos ollos</i>	‘sentir noxo, repug- nancia’.

O modelo dialectal presentado xurdiu nun contexto máis amplo e está relacionado coa serie extensa de xiros do tipo

ruso

<i>в гла́зах зелено́ (мелька́ет, мельте- ши́т, мути́т, пестри́т, ряби́т)</i>	<i>vese todo verde (pasa moi rápido, revoa, vese turbio, charra- manguero, borroso) nos ollos</i>	‘alguén perde a capa- cidade de ver nor- malmente, alguén chega a sentirse mal (habitualmente debi- do ó cansazo, á debi- lidade, á axitación’
--	---	--

ou dialectal

<i>в гла́зах ма́йкает (матуси́т, меледи́т, мельтечи́т, мельты- ши́т, мельтеси́т, ме- люзи́т, метли́т, миту- си́т, мре́ет, мути́т)</i>	<i>pasa todo moi rápido (revoa, vese turbio) nos ollos</i>	‘alguén perde a capa- cidade de ver nor- malmente, alguén chega a sentirse mal (habitualmente debi- do ó cansazo, á debi- lidade, á axitación’
---	--	--

bielorruso

<i>паця́мнэ́ла (мі́тусі́ца) ў ва́чах</i>	<i>vese todo escuro nos ollos</i>	‘alguén perde a capa- cidade de ver nor- malmente, alguén chega a sentirse mal (habitualmente debi- do ó cansazo, á debi- lidade, á axitación’
<i>ў ва́чах рэ́біць</i>	<i>vese todo borroso nos ollos</i>	‘alguén perde a capa- cidade de ver nor- malmente, alguén

chega a sentirse mal
(habitualmente debido ó cansazo, á debilidade, á axitación’

ucraíno

*в оча́х зеле́ніє (по-
жо́вкло, пожовті́ло,
потомо́рилось, тем-
ніє, тма́риться)*

*vese todo verde (vese
todo amarelado,
amarelo, escuro,
opaco, tenebroso)
nos ollos*

‘alguén perde a capacidade de ver normalmente, alguén chega a sentirse mal (habitualmente debido ó cansazo, á debilidade, á axitación’

*в оча́х замиго́тіло
(миго́тіть, мерех-
тіть)*

*escintila, lampexa, ful-
xe nos ollos*

‘alguén ten sensacións visuais desagradables debido ó cambio rápido dos obxectos, á súa brillantez e cousas semellantes’,

etc.³²

A imaxe dun home pequeno nos ollos, característica da combinación que comentamos, tampouco é ocasional: está relacionada co modelo semántico “a meniña do ollo - un homiño (unha bonequiña)” que é moi coñecida nas linguas indoeuropeas.³³

Os xiros dialectais

³² **Nota do orixinal:** Comp.:
(rexión de Irkutsk)

*в гла́зях зеле́но́,
зеле́но́ (о́зеле́нь) в
гла́зях*

*vese todo verde
nos ollos*

‘alguén perde a capacidade de ver normalmente, alguén chega a sentirse mal (habitualmente debido ó cansazo, á debilidade, á axitación’

ukraíno

гума́н в оча́х

*vese néboa nos
ollos*

‘alguén perdeu a capacidade de ver diante de sí (debido á axitación, ó cansazo e cousas semellantes),’

etc.

³³ **Nota do orixinal:** Comp.: ruso dialectal *челове́чек* (chelovéček) e *ма́льчик* (málchik) ‘meniña’; bielorruso *ля́лька*; polaco *lalka* ‘bonequiña, meniña’; latín *pūpa* ‘nena pequena’ e *pupula* ‘meniña’; lituano *lėle* ‘bonequiña’ e *akies lėle* ‘meniña’.

*угла́нчики (му́хи) в
глаза́х* *rapaces (moscas) nos
ollos* ‘(ver) todo borroso’

ива́нчики ска́чут *os ivánochiks³⁴ están
saltando* ‘(ver) todo borroso’


etc., formados pola agrupación das asociacións descritas, teñen o destino de quedaren na periferia da fala rusa. Pero a variante

ма́льчики в глаза́х *os nenos nos ollos* ‘(ver) todo borroso,
verde’

renovada polo talento de Puxkin encóntrase no mesmo centro do sistema fraseolóxico da lingua literaria.

Buscando as fontes literarias de fraseoloxismos hai que prestar unha atención especial precisamente á análise da transformación das unidades fraseolóxicas nacionais e internacionais, da selección dalgunhas variantes fraseolóxicas e dos camiños de creación da norma literaria. Son tarefas máis complicadas ca unha simple constatación da paternidade dun ou outro xiro. Tamén parecen ser máis agradables: tal aproximación pode reflectir obxectivamente o proceso sempre actual da interacción da fala popular e da lingua literaria na esfera da fraseoloxía, revela-las tendencias xerais desta interacción (dende a fala viva cara á lingua literaria ou ó revés) en determinados períodos do desenvolvemento da lingua nacional e indica-los camiños do movemento dos fraseoloxismos dende a ampla variabilidade primitiva cara ó uso normativizado.

O desenvolvemento das unidades fraseolóxicas pódese representar así:



Bastante a miúdo, un aspecto que os investigadores do estilo do escritor consideran semellante á última etapa deste desenvolvemento, resulta ser, en realidade, só un reflexo da súa primeira etapa ou unha reacción atenta do mestre da palabra fronte ás posibilidades de variación do fraseoloxismo na fala. O uso do fraseoloxismo, así como da palabra, polo autor é patrimonio tan inalienable da lingua viva como a súa forma fixada nas normas (Véxase: Телия, 1981: 12). A variabilidade de xiros na fala e as chamadas *transformacións individuais de fraseoloxismos* feitas polo autor dende o punto de vista lingüístico, son fenómenos dunha mesma calidade. Non obstante, as últimas a miúdo é coma se fosen variantes secundarias. Créanse con distintos obxectivos estilísticos, por exemplo, para reforza-la expresividade do fraseoloxismo ou para facer un xogo con

³⁴ *Ivánochik* é un dos nomes hipocorísticos do nome ruso Iván.

efecto cómico. A variabilidade deste tipo é unha actualización constante na fala do uso normativizado das unidades fraseolóxicas.

1.1.4. Variabilidade na fala dialectal

A aproximación funcional á fraseoloxía, ata agora predominante, naturalmente, leva a que o problema da variabilidade se resolva ante todo a partir do material das transformacións individuais feitas polo autor. O segundo plano de variabilidade, o plano da fala popular e dialectal, que é máis importante para a fraseoloxía histórica, quedou sen estudar durante moito tempo. Mentres tanto, xa Larin acentuaba constantemente a importancia do material dialectal para a fraseoloxía histórica. A limitación derivada do material contemporáneo e ademais case exclusivamente literario, segundo a súa opinión, é unha das carencias esenciais das clasificacións das unidades fraseolóxicas (Ларин, 1956: 211). Na obra *Sobre a fraseoloxía popular* (Ларин, 1959), Larin amosou dunha maneira convincente que a análise histórica do fraseoloxismo depende moito do material dialectal.

A interpretación histórica da fraseoloxía dialectal aínda é unha cuestión do futuro, pero xa se están realizando investigacións nesta esfera. Na maioría das obras de fraseoloxía popular faise consta-la súa ampla variabilidade. E non é asombroso, xa que aquí o problema da variabilidade recibe unhas posibilidades de interpretación moi amplas, dado que poden ser tratados en calidade de variantes, tanto os fraseoloxismos dalgunhas falas separadas respecto ós xiros populares comúns, como os fraseoloxismos dunha soa fala respecto ás combinacións que se atopan noutras falas.

As observacións da variabilidade da fraseoloxía dialectal amosan unha gran relatividade dos criterios elaborados polos investigadores para a definición dos xiros idiomáticos: *a constancia do contexto, a estabilidade, a arcaización*. Estes son os criterios que enfatizan a separación das unidades fraseolóxicas, por unha parte, e do fondo léxico fundamental, pola outra, no plano do sistema e no plano do léxico. Por suposto, a fraseoloxía dialectal, aínda que sexa móbil, é capaz de conservar moitas peculiaridades lingüísticas. Polo tanto, existe a posibilidade da súa utilización ampla para reconstruí-los elementos arcaicos do léxico. Sen embargo, no contexto da ampla variabilidade da fraseoloxía dialectal, que é a súa peculiaridade tipolóxica, a constatación de singularidade dos xiros dialectais pode ser moi subxectiva.

Así, o fraseoloxismo

как перст в глазу

como un dedo no ollo

‘dise dunha persoa
querida, insubstituí-
ble’

pode ser interpretado como contaminación, que é un dos casos de variabilidade léxica e que é abondo típica para as transformacións das unidades fraseolóxicas:

<i>один как перст</i>	<i>só coma un dedo</i> ³⁵	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’
e <i>один как порох в глазѹ</i>	<i>só coma po no ollo</i>	‘dise dunha persoa querida, insubstituíble’.

Semellante formación do xiro estreitamente local e “orixinal” estivo propiciada pola ampla variabilidade na fala viva das dúas unidades que chegaron a se-la súa base.

O material dialectal amosa que este xiro comparativo se usa activamente; comp.:

(costa do mar Branco)	<i>одна как палец сидит</i>	<i>está sentada soa coma un dedo</i>	‘está totalmente soa’
ruso dialectal	<i>один как палец остался</i>	<i>quedou só coma un dedo</i>	‘quedou sen familia nin parentes’
ucraíno	<i>сам (один) як палец</i>	<i>el mesmo (/el só) coma un dedo</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’

e semellantes. Tamén atopamos identidade de lexemas nos dialectos polacos, onde o xiro

<i>samotny jak palec</i>	<i>solitario coma un dedo</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’
--------------------------	-------------------------------	--

é o equivalente máis usado do ruso

<i>один как перст</i>	<i>só coma un dedo</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’.
-----------------------	------------------------	---

Os substitutos característicos das palabras *перст* e *палец* ‘dedo’ nos dialectos eslavos son os lexemas co significado ‘estaca, pértega, pao’. Nos dialectos rusos esta serie está representada polos fraseoloxismos

<i>один как палка (как кол, как шогла, как верста в поле)</i>	<i>só coma un pao (coma unha estaca, coma mastro, pértega, coma un versta</i> ³⁶ <i> no</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’
---	--	--

³⁵ Esta imaxe eslava, que é moi antiga, a primeira vista pode parecer contradictoria, xa que nunha man hai cinco dedos. Pero neste caso trátase do dedo gordo que se situa algo á parte dos outros catro.

³⁶ *Versta* significa aquí ‘un poste que estaba instalado xunto con outros iguais ó longo do camiño, na antiga

	<i>campo</i>)	
<i>один-оди́но́шенек как обгорéлый пень (как пень в по́ле, как кол на переть́ке, как кол в порошках)</i>	<i>só-soíño coma unha torada queimada (coma unha torada no campo, coma un- ha estaca no medio do cercado (entre as estacas finais), coma unha estaca na neve porosa)</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin pa- rentes’.

Na lingua bielorrusa, ademais do dialectal

(rexión de Ví- tebsk)	<i>як перст (один)</i>	<i>coma un dedo (só)</i>	‘totalmente so- litario, sen ter familia nin parentes’
--------------------------	----------------------------	------------------------------	---

atopamo-las expresións

<i>адзі́н, як калок у пло- це</i>	<i>só coma unha estaqui- ña na cerca</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin pa- rentes’
<i>е адзі́н, як корч на па- сецы</i>	<i>só coma unha torada arrancada entre ou- tras tantas</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin pa- rentes’

onde as cousas que se comparan pertencen aproximadamente ó mesmo círculo léxico. As comparacións polacas son analóxicas:

<i>samotny jak kołek w płocie</i>	<i>solitario coma a esta- ca na cerca</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin pa- rentes’
<i>sam (samotny) jak pierś</i>	<i>só (solitario) coma unha torada</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin pa- rentes’.

Os paralelos eslovacos en xeral conservan o lexema co significado ‘dedo’:

<i>samotný ako palček</i>	<i>solitario coma o dedo gordo</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin pa- rentes’
<i>samotný ako polpalček</i>	<i>solitario coma un dedo</i>	‘totalmente solitario,

Rusia. Estes postes servían como sinalización do tráfico para indicaren a distancia; débenlle o seu nome á antiga medida rusa de distancias, verstá, que equivalía a 1,06 km.

(ako prst)

sen ter familia nin parentes’.

Non obstante, tamén é moi actual aquí a comparación cunha estaca, cun pao:

samotný ako kól

solitario coma unha estaca

‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’.

Para a área checa é máis característica a comparación coa última serie temática:

samotný (opuštěný) jako kůl (jako kůl v plotě, jako kůl v poli, jako pařez)

só (abandonado) coma unha estaca (coma unha estaca na cerca, coma unha estaca no campo, coma un tronco)

‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’.

Esta comparación refórzase por unha serie de expresións analóxicas, onde o conxunto dos símbolos da soedade se expresa co nome dunha árbore que está soa no campo:

samotný (opuštěný) jako javor v lese (jaki hruška v poli, jako lípa v poli, jako suchá švestka u cesty)

só (abandonado) coma un pradairo no bosque (coma unha pereira no campo, coma o tileiro no campo, coma a amexeira seca ó pé do camiño)³⁷

‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’.

Desta maneira, o fraseoloxismo

одинóк как палец

solitario coma un dedo

‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’

³⁷ **Nota do orixinal:** Comp. as comparacións semellantes tamén noutras linguas:

ruso (rexión de Irkutsk)	<i>одинóкая как сосна</i>	<i>solitaria coma un piñeiro</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’
bieloruso	<i>адзінóкая, як та-пóля сяро́д пóля</i>	<i>solitaria coma un álamo no medio do campo</i>	
polaco	<i>sam niby Maćkowa grusza w polu</i>	<i>só coma a pereira de Mateo no campo</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’
letón	<i>viens kā koks laukā</i>	<i>só coma unha árbore fóra</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’.

pódese interpretar como unha formación moi antiga. Comp. en relación con isto o lituano

<i>vienas kaip pirštas</i>	<i>só coma un dedo</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’
----------------------------	------------------------	---

que literalmente corresponde ó eslavo

<i>одн как перст</i>	<i>só coma un dedo</i>	‘totalmente solitario, sen ter familia nin parentes’ ³⁸ .
----------------------	------------------------	---

O problema da singularidade e da individualidade das unidades fraseolóxicas é, ó cabo, o mesmo problema da variabilidade fraseolóxica. Naturalmente, a ampla variabilidade dos fraseoloxismos na fala viva fainos máis individuais, reforza as diferencias estruturais e semánticas entre as unidades tomadas por separado. Pero en tales casos non fai falta facer consta-la ausencia de paralelos estruturais e semánticos. É precisamente a busca de tales paralelos o que permite determina-las etapas da evolución histórica das unidades fraseolóxicas.

Arriba acentuábase a diferenza entre a variabilidade fraseolóxica nos dialectos e na fala individual dun autor. Esta consiste, por unha parte, na primitividade, na naturalidade da variación dos xiros dialectais e, por outra, na secundariedade, na artificialidade, na orientación funcional das transformacións dos fraseoloxismos feitas polo autor. Non obstante, cómpre resaltar unha estreita correlación destes dous tipos da variabilidade para o uso dialectal individual dun autor.

O metodo de análise etimolóxica das unidades fraseolóxicas debe basearse nunha conta detallada do carácter sistemático da variabilidade. O material dialectal, que espella a dinámica inusualmente complicada deste sistema, é precisamente o que pode aseguralo descubrimento dos feitos de variabilidade consecuentes, típica dos fraseoloxismos. Só no contexto destas variantes “típicas” condicionadas pola regularidade, se poden descubrir e poñer aparte como secundarios, os feitos da creación ocasional individual de frases. Para a fraseoloxía histórica é especialmente importante o descubrimento das propiedades **xerais** da variabilidade fraseolóxica na fala dialectal e a clasificación obxectiva dos seus tipos.

1.2. Estabilidade relativa da semántica e da estrutura das unidades fraseolóxicas

1.2.1. Identidade e noción de variante

A mobilidade activa da forma e a substituíbilidade mutua dos compoñentes é unha fonte

³⁸ En galego a idea de soidade exprésase máis a través das imaxes animais: comp. *só coma un can (sen dono)*, *só coma unha curuxa*, *só coma un moucho*.

constante de renovación da expresividade dos fraseoloxismos, e motivo da actualización das combinacións fixas na fala. A condición necesaria da variación, actualización, renovación, etc. é a identidade do signo lingüístico. Estas dúas propiedades contrapostas (a diferencialidade e a identidade do signo) aseguran tanto o seu funcionamento, coma o seu constante desenvolvemento.

O fraseoloxismo como diversidade do signo lingüístico caracterízase polo plano do contido e o plano da expresión. Como regra, é o plano da expresión o que se somete á variabilidade. O plano do contido ten que conservarse; se non, non estaremos diante de *variantes fraseolóxicas*, senón de *xiros distintos*. Consecuentemente, a identidade da unidade fraseolóxica, estando presente a súa variabilidade, asegúrase pola estabilidade (por suposto, relativa) do significado fraseolóxico completo. Tal comprensión da identidade e diferencialidade fraseolóxicas dedúcese de dúas propiedades moi importantes dos fraseoloxismos: a *formación separada*³⁹ e a *inseparabilidade semántica*. A primeira condiciona a mobilidade relativamente ampla dos compoñentes do fraseoloxismo, a segunda condiciona a estabilidade relativa do seu significado xeral.

A cuestión da identidade é a base do problema da variabilidade fraseolóxica. E aínda que a teoría deste problema non está suficientemente elaborada, maioría dos investigadores entenden o feito da identidade do fraseoloxismo dunha maneira máis ou menos común. A noción de variante dun fraseoloxismo preséntase habitualmente precisamente no contexto da identidade do seu significado completo, ou a imaxe. A maioría dos científicos recoñece que “as variantes do xiro fraseolóxico son as súas diversidades léxico-gramaticais que lle son idénticas polo significado e polo grao de inseparabilidade semántica” (Шанский, 1985: 50). Tal definición da variante dun fraseoloxismo está elaborada polos investigadores soviéticos a partir das observacións dos feitos lingüísticos concretos. A variabilidade das unidades fraseolóxicas nos dialectos confirma totalmente tal interpretación da variante fraseolóxica.

Pero no plano diacrónico tal comprensión da identidade do fraseoloxismo, desafortunadamente, subestimouse ata o momento. Aínda recoñecendo no plano da sincronía a diversidade do funcionamento formal da unidade fraseolóxica e sendo uniforme o seu contido (imaxe, significado, etc.), os lingüistas, sen embargo, intentan a miúdo reducir no plano diacrónico esta diversidade ata un tipo limitado formalmente. A iso se debe a comprensión estreita da paternidade do fraseoloxismo, os intentos de localiza-lo límite dos xiros dialectais, a constatación da súa “individualidade”, “orixinalidade”, “singularidade”, etc.

A definición da variante dun fraseoloxismo, elaborada en posicións sincrónicas, como unha unidade de ampla mobilidade formal, que conserva a identidade semántica, pode ser interpretada diacrónicamente da maneira seguinte: como o contido do xiro posúe unha estabilidade moito maior, durante a análise diacrónica débese atender non á reconstrución da “forma primitiva” da combinación, senón á reconstrución do **fraseoesque-**

³⁹ *Formación separada* é un termo que se utiliza varias veces neste texto e designa a propiedade do fraseoloxismo consistente en que este se compón de dúas ou máis partes *separadas*.

ma xeral que transmite obxectivamente a imaxe primitiva.

1.2.2. Variantes de combinacións e variantes de palabras

A interpretación proposta da variante dun fraseoloxismo no plano dialectal descobre unha das distincións principais dos métodos da etimoloxía da unidade fraseolóxica e da etimoloxía da palabra. Na base da análise etimolóxica dos lexemas está a aspiración de reconstruí-la forma orixinaria da palabra e o complexo dos seus significados primitivos. Ademais, a forma do fraseoloxismo é extremadamente móbil, o que dificulta a definición da variante primitiva e secundaria. Por iso a reconstrución da forma orixinaria non pode se-lo obxectivo final da análise etimolóxica do fraseoloxismo. O obxectivo principal da análise etimolóxica da fraseoloxía é a busca do significado primitivo, da imaxe primitiva da unidade fraseolóxica. Para o etimólogo que está reconstruíndo a forma orixinaria dunha palabra, esta preséntase como unha invariante de lexemas fixados nunha ou outra área xeográfica en concreto. Para o lingüista que reconstrúe a forma orixinaria do fraseoloxismo, a invariante é a esencia das imaxes da combinación “primitiva”.

Naturalmente, o grao de abstracción formal do fraseoloxismo reconstruído está estreitamente relacionado coa súa antigüidade e coa amplitude da súa extensión. Canto máis antigo é (e tamén, canto máis ampla é a súa extensión), máis afastados dos lexemas primitivos son os lexemas que o forman e máis diversa é a variabilidade. E niso consiste certa unidade das formas reconstruídas da palabra e do fraseoloxismo: canto máis antiga é a forma orixinaria do lexema, tanto máis abstracta resulta; e canto máis antigo é o fraseoesquema que se está reconstruíndo, tanto máis amplas son as posibilidades do seu recheo concreto.

Cómpre destacar aquí a diferenza principal entre a palabra e a unidade fraseolóxica. A enteireza da semántica aproxima o fraseoloxismo á palabra, pero a formación separada deslíncaa dela. Tanto a palabra coma o fraseoloxismo son unidades nominativas da lingua que entran en relacións paradigmáticas con outras unidades. A formación separada fai o paradigma do fraseoloxismo máis complicado en comparación co paradigma da palabra.

A diferenza principal entre o paradigma da palabra e o do fraseoloxismo, por suposto, depende de moitos factores, por exemplo, da maior delimitación do contexto do fraseoloxismo. Non obstante, o factor principal que condiciona a distinción paradigmática entre a unidade fraseolóxica e a palabra é, polo que parece, a unidade dialéctica da enteireza de nominación e da formación separada dos compoñentes, características do fraseoloxismo. É precisamente iso o que condiciona as diferencias da variabilidade das palabras e dos fraseoloxismos.

As variantes das palabras compréndense habitualmente como as modificacións fonéticas e morfolóxicas dos lexemas, sendo mínimas as diferencias semánticas. As variantes máis frecuentes da palabra son modificacións de xénero e cambios fonéticos. É natural espera-

-la máxima proximidade da variación fraseolóxica e léxica precisamente nos cambios fonéticos e morfolóxicos dos compoñentes do fraseoloxismo. Tal constatación, sen embargo, non é posible sen a resolución do problema teórico: ¿considéranse os compoñentes do fraseoloxismo como palabras ou non? Este problema está relacionado co feito amplamente coñecido da debilidade do significado léxico independente dos compoñentes do fraseoloxismo. A análise desta peculiaridade específica dos compoñentes da unidade fraseolóxica leva a non consideralas como palabras (A.I.Molotov), ou a interpreta-lo compoñente como “unha palabra desactualizada” (V.P.Júkov), “unha palabra potencial” (I.V.Dubinskii) e semellantes.

A esaxeración da importancia de que os compoñentes do fraseoloxismo non sexan palabras en sentido pleno está motivada, segundo parece, polo carácter puramente sincrónico de aproximación á fraseoloxía. Como a ampla variabilidade e a actualización son propiedades das unidades fraseolóxicas de tódalas esferas lingüísticas, e estes procesos son unha manifestación do principio diacrónico na fraseoloxía, a acentuación do feito de que os compoñentes do fraseoloxismo non sexan palabras en sentido pleno, só se pode aceptar como abstracción científica. O material presentado neste libro amosa que no proceso de funcionamento da unidade fraseolóxica na fala viva e artística, os compoñentes desta unidade fan uso da capacidade de seren palabras, malia as limitacións que impón a estabilidade.

Os fundadores da fraseoloxía do noso país, V.V.Vinográfov e B.A.Larin, consideraban a palabra como o elemento detonador do fraseoloxismo. A maioría dos fraseólogos tamén parten da correlación estreita do compoñente do fraseoloxismo e da palabra. Sexa como for, en canto á solución teórica da cuestión de se os compoñentes do fraseoloxismo son palabras en plena medida ou non o son, temos que dicir que para a práctica da análise histórica do fraseoloxismo, a **identidade** da palabra e do compoñente da unidade fraseolóxica é evidente.

As distincións entre fraseoloxismo e palabra débense buscar non na absolutización rigosamente sincrónica da enteireza da semántica fraseolóxica, senón na súa unión dialéctica coa formación independente da unidade fraseolóxica e, consecuentemente, co feito de que esta última está composta de verdadeiras palabras. A formación separada é unha propiedade do fraseoloxismo que motiva constantemente a actualización dos seus compoñentes e que lles devolve na fala o estatus de palabra. A inseparabilidade semántica é unha propiedade que leva a unha situación en que os compoñentes do fraseoloxismo deixan de ser palabras en sentido pleno, e a imaxe interna do fraseoloxismo vaise facendo máis e máis abstracta. Sen unha constante interacción destas propiedades, a unidade fraseolóxica non pode existir como categoría independente. A perda ou a ausencia de inseparabilidade semántica aproxima o fraseoloxismo á combinación libre. A perda ou a ausencia de formación separada leva a que o fraseoloxismo se convirta nunha palabra. Nos dous casos o fraseoloxismo destrúese. A formación separada e a enteireza da imaxe do fraseoloxismo tamén aseguran ó mesmo tempo a substituíbilitade mutua dos seus compoñentes e a estabilidade da unidade fraseolóxica, sendo esta variable.

1.2.3. Variabilidade formal e léxica

A variabilidade dunha palabra enténdese habitualmente como unha modificación externa desta, conservando o significado léxico. Tal consideración leva ó descubrimento de dous tipos principais de variabilidade: fonética e morfolóxica. A variabilidade, dialecticamente, supón a presenza de estabilidade. Cómpre recoñece-la estabilidade semántica da palabra, xa que, unha vez recoñecida esta, revélanse as modificacións fonéticas e morfolóxicas.

Desde esta perspectiva, segundo parece, cómpre aproximarse tamén á análise e á clasificación dos tipos de variabilidade das unidades fraseolóxicas. Aquí débese partir das peculiaridades do fraseoloxismo como unidade lingüística especial. A formación separada é a causa da variabilidade formal dos compoñentes do fraseoloxismo. A enteireza da semántica é a condición imprescindible para a substitución da composición léxica do fraseoloxismo. Consecuentemente, os tipos principais de variabilidade fraseolóxica son as transformacións formais e as substitucións léxicas dos compoñentes do fraseoloxismo. Tal clasificación das variantes fraseolóxicas está recoñecida pola maioría dos investigadores.

O descubrimento das peculiaridades da variabilidade é necesario durante a análise das variantes de fraseoloxismos. Non obstante, este descubrimento non contradí a afirmación de que os tipos principais de variabilidade fraseolóxica son variantes formais e léxicas (as variantes sintácticas en principio poden ser interpretadas ben como formais, ben como léxicas). A variabilidade formal dos compoñentes do fraseoloxismo determínase polo feito da comunidade xenética da palabra e do compoñente fraseolóxico; por iso, os tipos da variabilidade do compoñente son analóxicos cos da variabilidade dos lexemas. Na fala viva pódense atopar todas estas clases de variantes, dende as relativas ós acentos e as fonéticas (comp.):

<i>грибы распу-</i>	(<u>gribi</u>	ras-	<i>afrouxa-los</i>	‘chorar, cho-
<i>ска́ть е гри-</i>	puskat)	e	<i>beizos</i>	romicar,
<i>бы распус-</i>	(<u>gribí</u>	ras-		queixarse’;
<i>ка́ть</i>	puskat)			

o xiro formado conforme ás leis fonéticas

<i>стать дубом.</i>	(stat dúb <u>om</u> ,	<i>quedarse plan-</i>	‘quedarse plan-
<i>(дубьём, дý-</i>	dubi <u>om</u> , du-	<i>tado coma un</i>	tado estupe-
<i>бью)</i>	bi <u>u</u>)	<i>carballo</i>	facto ou sen
			saber que fa-
			cer’,

etc., ou a alteración do xiro literario

<i>варфоломеев</i>	(varfoloméevskaia	<i>a noite de</i>	‘degolación ma-
<i>ская ночь</i>	noch)	<i>San Berto-</i>	siva de persoas
		<i>meu</i>	inocentes’

que corre na rexión de Pskov como

<i>хыла́меевская ночь</i>	(ghilaméevskaia noch)	a noite de San Ghila- meo ⁴⁰	'degolación ma- siva de persoas inocentes',
-------------------------------	--------------------------	---	---

ata as sintácticas (rexión de Pskov)

<i>на шта́та рабо́тать</i>	traballar <u>para</u> a plan- tilla	'ter un posto de traba- llo fixo'
----------------------------	--	--------------------------------------

en vez de

<i>в шта́те рабо́тать</i>	traballar <u>dentro</u> da plantilla	'ter un posto de traba- llo fixo'.
---------------------------	---	---------------------------------------

Están ben estudiadas as variantes morfolóxicas das unidades fraseolóxicas, que habitualmente se reducen a dous tipos, as paradigmáticas e as da formación da palabra (utilízanse termos distintos: paradigmáticas e morfolóxicas, paradigmáticas e gramaticais, gramaticais e morfolóxicas, etc.) O primeiro tipo son as variantes condicionadas polas modificacións paradigmáticas, flexivas dos compoñentes do fraseoloxismo:

<i>бую, (бил, била) бак- луши</i>	golpeo (golpeaba el, golpeaba ela ⁴¹) as bakluxi ⁴²	'folgazanear'
---------------------------------------	--	---------------

<i>держáть в уме (dialec- tal держáть в ума́х)</i>	reservar na mente (dialectal reservar nas mentes)	'lembrar'.
--	---	------------

O segundo tipo son as variantes condicionadas polas modificacións dos elementos que forman a palabra:

<i>роня́ть слёзы - вы́ронить слезу́</i>	estar deixando caer as bágoas - deixar caer unha bágoa	'chorar' - 'chorar un pouco', ⁴³
---	--	--

<i>со шко́льной скамьи - (rexión de Pskov) со шко́льнической скамьи́</i>	dende o banco escolar	'dende os tempos nos que estudiaaba no co- lexio'. ⁴⁴
--	-----------------------	--

⁴⁰ É alteración fonética que ten trazos habituais das alteracións existentes na fala popular: /f/ cámbiase por /gh/; a primeira sílaba inacentuada pérdese (debido ó feito de que está lonxe da sílaba acentuada).

⁴¹ Estas formas do Pasado do verbo *бить* 'golpear' inclúen o gramema de xénero, masculino ou feminino.

⁴² Véxase máis adiante o párrafo 2.4, onde a semántica da palabra *баклуши* se explica máis detalladamente.

⁴³ Aquí téñense en conta as palabras *ронять* 'estar deixando caer' e *выронить* 'deixar caer' que teñen aspecto imperfectivo e perfectivo respectivamente. Na gramática rusa os verbos que se distinguen polo aspecto se consideran como verbos distintos, non como formas dun verbo.

⁴⁴ A palabra *шко́льнической* 'escolar' é unha variante dialectal da rexión de Pskov, formada co sufixo complexo *ическ* da palabra literaria *шко́льной* 'escolar' (ámbalas dúas palabras estan aquí nun caso oblicuo).

Sendo moi diferentes estes dous tipos, cómpre menciona-la súa correlación, xa que nas linguas eslavas as relacións paradigmáticas poden expresarse mediante os elementos que forman a palabra:

<i>владѣть собой - овладѣть собой</i>	<i>posuír de si mesmo - chegar a posuír de si mesmo</i>	'comportarse dunha maneira discreta, non demostra-los senti- mentos' - 'chegar a comportarse dunha maneira discreta, non demostra-los senti- mentos'
<i>ронѣть слѣзы - выронить слезу</i>	<i>estar deixando caer as bágoas- deixar caer unha bágoa</i>	'chorar' - 'chorar un pouco'. ⁴⁵

A variabilidade formal dos compoñentes non altera habitualmente a enteireza do fraseoloxismo, nin cambia esencialmente a súa semántica. Isto refírese en especial ás variantes paradigmáticas, segundo parece, porque a variabilidade formal dos compoñentes se realiza habitualmente coa condición do paralelismo semántico (por suposto, relativo) das formas que se están substituíndo. Máis aínda, cando se dá semellante variabilidade, un ou outro elemento substituínte, sobre todo na fala viva, é como se “absorbese” en si as características semánticas do compoñente ó que substitúe. Poden servir como ilustración as variantes prefixais e sufixais dos dialectos:

<i>животы порвѣть (comp. literario животы надорвѣть)</i>	<i>rompe-las barrigas (forza-las barrigas)</i>	'rir intensamente'
<i>до гробовой доски (comp. literario до гроба)</i>	<i>ata a lápida do ataúde (ata o ataúde)</i>	'ata o momento da morte'
<i>на вѣки векущие (comp. literario на вѣки вѣчные)</i>	<i>para os séculos secu- lares</i>	'para sempre'
<i>вынь да вылюжь (comp. literario вынь да положь)</i>	<i>saca e pon fóra (saca e pon)</i>	'dise cando un quere ter algo de inmediato, sen ter paciencia'

⁴⁵ As parellas dos verbos *владѣть* 'posuír' - *овладѣть* 'chegar a posuír' e *ронѣть* 'estar deixando caer' - *выронить* 'deixar caer' distínguense polo seu aspecto: o primeiro verbo de cada parella ten aspecto imperfectivo e o segundo - aspecto perfectivo. Aínda que as relacións dentro de cada parella poden ser consideradas como paradigmáticas, as diferencias formais consisten en prefixos e sufixos que na gramática rusa non se consideran como flexións de conxugación, senón como elementos de formación da palabra. Isto está conforme á concepción que interpreta os membros destas parellas como verbos distintos (véxase a nota 43).

<i>зада́ть <u>храпу́нцá</u></i> (comp. literario <i>зада́ть <u>храпа́ка</u></i>)	<i>dar un <u>ronquido</u></i>	‘empezar a roncar’
<i><u>кни́и</u> <u>кни́е́л</u></i> (comp. literario <i><u>кни́мjá</u> <u>кни́и́т</u></i>)	<i><u>estaba <u>bulindo unha</u></u></i> <i>“<u>bulición</u>” (<u>está bu-</u></i> <i><u>lindo buliciosamente</u>)</i>	‘había (hai) unha masa continua de animais e de persoas en move- mento confuso’, ⁴⁶
<i><u>хо́дoром</u> <u>хо́ди́ть</u></i> (comp. literario <i><u>хо́дунóм</u> <u>хо́ди́ть</u></i>)	<i>andar como un <u>anda-</u></i> <i><u>dor</u></i>	‘vibrar moito’,

etc. A semántica destas variantes dialectais queda relativamente estable.

Moitos investigadores fan consta-la variabilidade léxica do fraseoloxismo. Pero nas obras máis recentes tamén se pode encontrar un rechazo definitivo a interpreta-las substitucións léxicas como variabilidade e unha aspiración a considerar este fenómeno como sinonimia fraseolóxica. É moi apropiada neste sentido a opinión de Babkin que considera indiscutible o concepto de *sinónimo fraseolóxico*, e como moi discutible o concepto de *variante fraseolóxica* para aplicalos ós casos da substitución léxica dos compoñentes do fraseoloxismo (Ба́бкин, 1970: 84-85). A.I.Fiódorov intenta argumentar teoricamente este punto de vista, afirmando que “o concepto **variante fraseolóxica** está xustificado só nos fraseoloxismos que conteñen distintas formas gramaticais ou fonéticas dunha mesma palabra, por exemplo⁴⁷:

<i>ста́точное (ста́тимое, ста́тошное) ли де́ло</i>	<i>se é posible o asunto</i>	‘¿é posible?’
<i>бра́ть (взя́ть) бы́ка за рога́</i>	<i>colle-lo touro polos cornos</i>	‘empezar a realizar algo que é difícil’

(Федоров, 1973: 20). A substitución dun compoñente do fraseoloxismo, segundo a opinión del, cambia o carácter da representación das súas imaxes e o seu colorido valorativo e estilístico. Por iso como resultado da substitución léxica “xorden os sinónimos fraseolóxicos, e non as variantes dun mesmo fraseoloxismo”.

Tal interpretación parece empobrece-la noción de variante fraseolóxica e amplía sen medida a noción de sinónimo fraseolóxico. A premisa principal que leva os investigadores á negación da variabilidade léxica do fraseoloxismo, non se pode recoñecer como obxectiva. A substitución léxica dos compoñentes está lonxe de cambiar sempre a imaxe e o carácter do fraseoloxismo. Non son poucos os casos en que se poden substituí-las

⁴⁶ Comp. coa metáfora, que existe tamén en ruso, un *formigueiro* de xente.

⁴⁷ *Статочное* (státóchnoe), *статимое* (státimoe), *статошное* (státóshnoe), son *variantes fonéticas* dunha mesma palabra arcaica co significado de ‘posible’. *Брать* e *взять* considéranse aquí como *variantes gramaticais*, son formas dun mesmo verbo co significado ‘coller’, de aspecto imperfectivo e perfectivo respectivamente (o que contradí á concepción tradicional da que se trata na nota 43).

palabras que actúan como sinónimos e que aseguran a estabilidade da representación de imaxes, sendo o círculo destas palabras moi amplo, sobre todo na fala viva. Comp., por exemplo,

<i>вы́лупить гла́зѧ;</i>	<i>desencaixa-los ollos</i>	‘abri-los ollos desmesuradamente’
popular <i>вы́лупить зѣн-ки;</i>		
popular <i>вы́голить ша-ры́</i>		

e as súas numerosas correspondencias nos dialectos:

<i>андро́ны пѣлѣть, балашки</i>	<i>desencaixa-los</i>	‘abri-los ollos desmesuradamente’.
<i>уста́вить, ба́ньки (белкі́)</i>	<i>ollos</i>	
<i>вы́лупить, вы́сорочѣть</i>		
<i>бе́льма, бильтюкі́ вы́тара-щить, буздрѣлы вы́пялѣть,</i>		
<i>глядѣлки вы́валѣть (вы́лупить), зѣни вы́галѣть,</i>		
<i>зѣнки разу́ть, вы́пучѣть</i>		
<i>пильчу́кі, та́лы вы́тара-щить</i>		

Moitas veces a substitución dos compoñentes ten lugar dentro do círculo temático do léxico que asegura unha identidade relativa da representación das imaxes:

<i>намы́лѣть <u>ше́ю</u> -</i>	<i>enxaboa-lo <u>pESCOZO</u> -</i>	‘pegar varias veces seguidas no pescozo (na cabeza)’
<i>намы́лѣть <u>го́лову</u></i>	<i>enxaboa-la <u>caBEZA</u></i>	

<i><u>рЕхну́ться</u> с ума́ -</i>	<i><u>moverse</u> дende a</i>	‘tolear’.
<i><u>спѣлѣть</u> с ума -</i>	<i>mente - <u>retroceder</u></i>	
<i><u>сбѣлѣть</u> с ума</i>	<i>дende a mente - <u>des-viarse</u> дende a mente</i>	

É difícil non recoñecer unha proximidade semántico-estructural, case unha identidade total dos xiros de tal tipo. A negativa a determinalos como variantes léxicas do fraseoloxismo vai levar á confusión entre eles e os sinónimos fraseolóxicos de distintas estruturas e valoracións estilísticas do tipo

<i>откі́нуть ла́пти</i>	<i>arrebola-los lapots⁴⁸</i>	‘morrer’
<i>сыѓрѣть в ѣщѣк</i>	<i>facер un xogo cara ó caixón</i>	‘morrer’

⁴⁸ *Lápot* é o calzado de cortiza trenzada (especie de alpargatas) que se utilizaba antigamente nas aldeas rusas.

<i>дать дуба</i>	<i>da-lo carballo</i>	‘morrer’
ou		
<i>пересчитать рёбра</i>	<i>conta-las costelas</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza’
<i>задать трёпку</i>	<i>dar unha espadelada</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza’
<i>показать кúзькину мать</i>	<i>ensina-la nai de Kuzka⁴⁹</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza’.

Sen delimitar estes dous tipos, en principio distintos, de relacións (variativas e sinonímicas) entre as series fraseolóxicas, non se pode realizar consecuentemente a súa análise diacrónica a partir da modelación.

A variabilidade formal da unidade fraseolóxica é a variabilidade dos seus compoñentes, a transformación das palabras que amosan ben que os compoñentes do fraseoloxismo son palabras como tales. A variabilidade léxica é a variabilidade **propia**mente fraseolóxica, a transformación da unidade que está formada por separado, pero que posúe unha semántica conxunta. Por iso é precisamente este tipo de variabilidade a que deben estudialos fraseólogos con especial atención.

O recoñecemento da existencia de variabilidade léxica, por suposto, non significa a solución definitiva do complicado problema “variante-sinónimo” no nivel fraseolóxico. Non é casual que algúns fraseólogos fagan consta-la presenza de casos intermedios entre variantes e sinónimos fraseolóxicos, ou ben detallen a clasificación dos sinónimos. Non obstante, o estudio obxectivo da variabilidade léxica dos fraseoloxismos ofrece, segundo parece, un criterio relativamente seguro para a delimitación de variante fraseolóxica e sinónimo fraseolóxico.

1.2.4. Regulamentación semántica da variabilidade léxica

A definición da variante é imposible sen a constatación da identidade da semántica do fraseoloxismo. Isto é debido a que para determina-la variabilidade fraseolóxica cómpre basearse precisamente na unidade de motivación interna do fraseoloxismo, na súa imaxe que cimenta a composición léxica da combinación e a súa estrutura semántica. Máis alá dos límites de tal identidade, ou unidade, remata a variante e empeza o sinónimo. Outra

⁴⁹ *Kuzka* é un nome hipocorístico con matiz despectivo, formado do nome Kuzmá.

condición necesaria para a variabilidade fraseolóxica é a relativa identidade da construción sintáctica nos límites da cal se dan as substitucións léxicas. A unidade da imaxe e da construción sintáctica forma unha serie fraseolóxica que se caracteriza pola variabilidade léxica. É precisamente por iso polo que as substitucións léxicas nas variantes das unidades fraseolóxicas teñen, normalmente, carácter **sistemático**, rigorosamente condicionado polas leis lingüísticas.

Como a identidade da imaxe da serie de variantes dos fraseoloxismos é o trazo principal desta serie, a clasificación das variantes léxicas ten que apoiarse ante todo neste trazo. Tal clasificación é, en principio, analóxica coa posible distribución das variantes dialectais da unidade fraseolóxica, polo grao da reprodución da imaxe que lle serve de base. Pero prestarase especial atención ó grao de sinonimia dos compoñentes do fraseoloxismo, e non á identidade da imaxe fraseolóxica en global.

1. O compoñente que substitúe (vai subliñado cunha liña) **é sinónimo absoluto do substituído** (vai subliñado cos puntos). Para os exemplos de tales substitucións seleccionamos intencionadamente os fraseoloxismos literarios (os que se substitúen) e dialectais (os que substitúen)

<u>пёс</u> на сёне - <u>собака</u> на сёне	<u>o can</u> sobre a herba seca - <u>a cadela</u> sobre a herba seca ⁵⁰	‘unha persoa que non aproveita algo, nin tampouco deixa que o fagan outros’
<u>перста́</u> в рот не <u>суй</u> - <u>пальца</u> в рот не <u>клали</u>	non <u>metas</u> o <u>polgar</u> na boca (del) - non <u>po-</u> <u>ñas</u> o <u>dedo</u> na boca (del) ⁵¹	‘dise dunha persoa que non perde oportuni- dades de aproveitarse de negligencias dou- tros’
<u>свёты</u> с <u>глаз</u> <u>посып-</u> <u>лются</u> - <u>искры</u> из <u>глаз</u> <u>посыпятся</u>	<u>caerán</u> as <u>faíscas</u> dos (teus) ollos - <u>caerán</u> ⁵² as <u>chispas</u> dos (teus) ollos	‘golpearante con for- za’ ⁵³
<u>зари</u> берёт - <u>завидки</u> берёт	collen as <u>cobizas</u> - co- llen as <u>envexas</u>	‘dise de alguén que ten envexa’
<u>быть</u> на <u>чьей-либо</u> <u>холке</u> - <u>сидеть</u> на	<u>estar</u> na <u>caluga</u> de al- guén - <u>estar sentado</u>	‘vivir á conta de al- guén’

⁵⁰ Ámbalas dúas palabras, *пёс* ‘can’ e *собака* ‘cadela’, pódense aplicar tanto á femia, como ó macho, en xeral, cando o falante non ten intención de precisa-lo sexo do animal (aínda que estas palabras teñen xéneros gramaticais distintos: *пёс* ‘can’ é masculino, e *собака* ‘cadela’ é feminino, sendo a última palabra máis universal, mentres que a outra supón unha maior connotación de sexo masculino).

⁵¹ A palabra *перст* (en xenitivo *перста́*) é nome arcaico de dedo polgar e de dedo en xeral.

⁵² Ámbalas dúas palabras *посыплются* ‘caerán’ e *посыпятся* ‘caerán’ son formas de 3ª persoa plural de futuro do verbo *посыпаться*.

⁵³ Comp. en galego *vas ve-las estrelas* ‘golpearante con forza’.

чьей-либо шее	no pescozo de alguén	
моя избѣ с краю - моя хѣта с краю	a miña <u>izbá</u> ⁵⁴ está no extremo - a miña <u>ghata</u> está no extre- mo	‘eu non quero ter nada que ver co asunto’,

etc., pero están moi estendidos tanto na lingua literaria, por exemplo,

найті дорóгу к сёрд- цу - найті пúть к сёрцу	atopa-lo <u>camíño</u> cara ó corazón - atopa-la <u>yíq</u> cara ó corazón	‘consegui-lo cariño (amor) de alguén’,
--	--	---

como na fala dialectal e mesmo nun dialecto local (comp.:

(costa do mar Branco)	позаді́ <u>óчи</u> - позаді́ <u>глаз</u>	detrás dos <u>lu-</u> <u>ceiros</u> - de- trás dos <u>ollos</u>	‘por detrás, de maneira hipó- crita’).
--------------------------	---	---	--

2. O compoñente substituto é sinónimo do que se substitúe, pero distínguese algo del por un matiz de significado. Así, no xiro dialectal

без задних <u>гач</u> спать	dormir sen <u>as cadeiras</u> traseiras	‘estar dormido moi profundamente’
-----------------------------	--	--------------------------------------

o compoñente гачи (xenitivo гач) é sinónimo da palabra literaria ноги ‘pernas’⁵⁵, pero гачи denomina non a toda a perna, senón unha parte, a cadeira. Outro caso é:

(rexións de Siberia)	<u>нóрку</u> задира́ть (задрáть)	levanta-lo <u>fociño</u>	‘ensoberbecerse’
-------------------------	-------------------------------------	-----------------------------	------------------

que corresponde ó literario

задира́ть <u>нос</u>	levanta-lo <u>nariz</u>	‘ensoberbecerse’
----------------------	-------------------------	------------------

(норка habitualmente ten o significado ‘fociño de animal, cara de persoa’⁵⁶). Exemplos semellantes son:

<u>пéнки</u> снима́ть - <u>сли́в-</u> <u>ки</u> снима́ть	saca-las <u>espumas</u> - sa- ca-la <u>ñata</u>	‘aproveitarse das par- tes boas dun asunto, sen ter que enfrontar tamén as malas’
копа́ть кому́-нибу́дь <u>яму</u> - копа́ть кому́-	escavar un <u>foxo</u> para alguén - escavar un-	‘preparar, con malicia, algunha trampa para

⁵⁴ Véxase a nota 13. A palabra ghata, que vai adiante, é unha casa campesiña ucráina.

⁵⁵ Na lingua literaria existe o xiro

без задних <u>ног</u> спать	dormir sen as <u>pernas</u> trasei- ras	‘dormir moi profundamen- te’.
-----------------------------	--	----------------------------------

⁵⁶ **Nota do orixinal:** Comp.: (rexión de Perm) норка ‘unha das ventas do can’.

*нибудь ров**ha gabiã para alguém*

alguém'.

Hai que subliñar que as diferencias entre os dous tipos de substitución sinonímica non teñen importancia, xa que a mesma noción de sinónimo absoluto é relativa. Este feito é especialmente importante para a análise diacrónica (e tamén para a análise por áreas) de semellantes compoñentes “sinonímicos” que, ordinariamente, descobre as diferencias de carácter semántico entre eles.

3. O compoñente substituinte non é sinónimo do substituído, pero os dous pertencen a un grupo de léxico tematicamente homoxéneo. A primeira vista pode parecer que tal substitución léxica contradí o mesmo principio de variabilidade, tendo como trazo principal recoñecido a identidade semántica. Esta contradicción existiría, se recoñecesemos (seguindo a algúns fraseólogos) o carácter “desordenado” de semellantes substitucións. Sen embargo, xa quedou amosada, na serie de exemplos, a súa conformidade coas leis, que se califica nesta obra como a homoxeneidade temática do léxico sometido ás substitucións.

Esta homoxeneidade temática, naturalmente, ten as súas peculiaridades fraseolóxicas e ten que ser entendida dunha maneira máis ampla có simple feito de pertencer a un grupo concreto temático de léxico. Tal comprensión da homoxeneidade temática dos compoñentes da unidade fraseolóxica dedúcese das peculiaridades do funcionamento das palabras na composición do fraseoloxismo: como compoñentes fraseolóxicos, as palabras adquiren un significado particular. Esta peculiaridade da “elaboración” fraseolóxica da palabra está condicionada por dous estados dela na composición do fraseoloxismo: unhas posibilidades de combinación extremadamente limitadas e a semántica extremadamente xeneralizada (e tamén simbolizada, figurada). O carácter xeneralizado do uso fraseolóxico da palabra, a diminución das funcións nominativas do lexema e o aumento das súas características expresivas traen consigo necesariamente a comprensión amplificada da homoxeneidade temática nas substitucións léxicas.

Por exemplo, o ruso *пазуха* ‘seo’ - *дверь* ‘porta’ - *рамка* ‘marco’; o bielorruso *пазуха* ‘seo’ - *дзвері* ‘portas’; e o ucraíno *пазуха* ‘seo’ - *плечі* ‘ombros’ - *двері* ‘portas’ - *надро* ‘seo, peito’ - *покришка* ‘tapa’ - *кросна* ‘tear’ non son sinónimos. Dende o punto de vista léxico non se poden interpretar tampouco como elementos dunha serie temática. Na fraseoloxía, sen embargo, estes lexemas únense no marco dun fraseoesquema

как у бога за пазухой
(за дверями, за рам-
кой)

coma no seo (detrás
das portas, detrás do
marco) de Deus

‘(vivindo) felizmente,
sen preocuparse, con
seguridade’;

comp.:

как у бога (у Христа)
за пазухой

coma no seo de Deus
(de Cristo)

‘(vivindo) felizmente,
sen preocuparse, con
seguridade’

(rexión de Pskov)

<i>как у бо́га за двёрью (за ра́мкой)</i>	<i>coma detrás da porta (detrás do marco) de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
---	---	---

bielorruso

<i>як у бога за пазухаю (за дзверыма)</i>	<i>coma no seo (detrás das portas) de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
---	--	---

ucraíno

<i>як у бога за пазухою (за дверми, за пле- чима, за надром, за кроснами)</i>	<i>coma no seo (detrás das portas, detrás dos ombros, detrás do seo, peito, detrás do tear) de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
---	---	---

<i>як у бога під покриш- кою</i>	<i>coma baixo a tapa de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
--------------------------------------	--------------------------------------	---

<i>як у Христа за пазу- хою</i>	<i>coma no seo de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’.
-------------------------------------	----------------------------	--

Amplíase aínda máis a cantidade de lexemas que substitúen o compoñente *пазуха* ‘seo’ neste fraseoesquema na lingua polaca, onde ó xiro

<i>jak u Pana Boga za pazuchą</i>	<i>coma no seo de Deus, o Señor</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
---------------------------------------	---	---

corresponden:

<i>jak u Pana Boga za drzwiami (za plec- mi, za piecem)</i>	<i>coma detrás das por- tas (detrás dos om- bros, detrás do for- no) de Deus, o Señor</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
---	---	---

comp. tamén o eslovaco:

<i>ako v pána bohovom lone</i>	<i>coma no seo de Deus o Señor</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
------------------------------------	--	---

<i>ako v božom koši</i>	<i>coma na cesta de Deus⁵⁷</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con
-------------------------	---	--

⁵⁷ Comp. en galego *coma un rei nunha cesta* ‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’.

		seguridade’
<i>ako v svätom koši</i>	<i>coma na cesta santa</i>	(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’.

É significativa aquí tamén a presenza de equivalencias na fraseoloxía báltica:

lituano

<i>kaĩp pas dievą už pe- čiai</i>	<i>coma detrás do forno de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
<i>kaĩp dievo ausyje (ũa- ntyje, užkrosnyje)</i>	<i>coma na orella (no seo, detrás do forno) de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’

letón

<i>kā dievum azotē</i>	<i>coma no seo de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
<i>kā dieva (peles, lāca) ausī</i>	<i>coma na orella de Deus (do rato, do oso)</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’.

As imaxes e a estrutura destes xiros son practicamente idénticos ós eslavos.

A análise semántica dos compoñentes que substitúen a palabra *пазуха* ‘seo’ nas distintas linguas permite distribuír estes compoñentes nuns cantos grupos temáticos:

- 1) o nome dunha parte do corpo que se asocia cun refuxio seguro, cun lugar tranquilo: ruso, bielorruso, ucraíno *пазуха* ‘seo’, polaco *pazucha* ‘seo’, ucraíno *плечи* ‘ombros’ e polaco *plecy* ‘ombros’, ucraíno dialectal *надро* ‘seo, peito’, eslovaco *lono* ‘seo, peito’;
- 2) os nomes dos obxectos que garanten un refuxio sólido e seguridade: ruso *двери* ‘portas’, bielorruso *дзвері* ‘portas’, polaco *drzwi* ‘portas’, ucraíno *покришка* ‘tapa’, polaco *piec* ‘forno’, eslovaco *koš* ‘cesta’;
- 3) os nomes doutros obxectos distintos: ruso *рамка* ‘marco’, ucraíno *кросны* ‘tear’.

Incluso unha clasificación tan incompleta dos compoñentes que se substitúen permite descubri-la comunidade semántica na que se basea a variabilidade léxica do fraseoesquema dado. Esta comunidade pode estar caracterizada polo significado ‘lugar ben protexido’. Mentres que a análise máis detallada descobre unha relación temática aínda máis grande entre tres grupos de compoñentes dados. Así, o uso do ucraíno *кросны* ‘tear’ en calidade da palabra que substitúe o lexema *пазуха* ‘seo’, parece estar condicionado polas posibilidades semánticas desta palabra que procede da palabra do eslavo primitivo **krosno* ‘marco de forma determinada que serve para obxectivos distintos’, formada a

partir da base⁵⁸ *kre- /kro- co significado ‘borde, extremo’. Esta digresión etimolóxica explica a comunidade semántica dos que nas súas áreas están afastados un doutro

(rexión de Pskov) <i>как у бога за рамкой</i>	<i>coma detrás do marco de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’
---	-------------------------------------	---

e ucráino (rexión de Chernígov) <i>як у бога за крбсами</i>	<i>coma detrás do tear de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’.
---	------------------------------------	--

O eixe semántico común “limitación” aproxima estes dous lexemas ós compoñentes do segundo grupo distinguido (*двери* ‘portas’, *покришка* ‘tapa’, etc.).

Non se deben entender estas digresións etimolóxicas como a constatación da antigüidade de tódalas variantes fraseolóxicas mencionadas, nin tampouco como a reconstrución dos significados máis antigos dos compoñentes sometidos á substitución. Trátase das **posibilidades semánticas** destes compoñentes, que chegaron a ser un dos motivos da variabilidade léxica do fraseoloxismo. É precisamente por iso polo que durante a análise da motivación das substitucións léxicas habitualmente basta con facer constar unha homoxeneidade temática común no nivel dos tres grupos de lexemas descubertos para o fraseoesquema

<i>как у бога за пазухой</i>	<i>coma no seo de Deus</i>	‘(vivindo) felizmente, sen preocuparse, con seguridade’.
------------------------------	----------------------------	--

4. O compoñente substituínte correlaciónase co compoñente substituído, segundo a consonancia, non segundo o sentido. Tales substitucións regularízanse (máis a miúdo) pola rima e por iso parecen non estar xustificadas. Así, o xiro

<i>ВЫМѢНЯТЬ ШИ-ЛО НА МЫЛО</i>	(vímeniat xilo na milo)	<i>troca-la subela polo xabón</i>	‘de dous males elixi-lo peor’, ⁵⁹
-------------------------------	-------------------------	-----------------------------------	--

parece inxustificado dende o punto de vista de motivación interna. A inconmensurabilidade de *МЫЛО* (milo) ‘xabón’ e *ШИЛО* (xilo) ‘subela’ nótase especialmente se temos en conta tamén os xiros analóxicos:

ruso

⁵⁸ Na teoría da formación de palabras aceptada na gramática rusa os conceptos *base* e *raíz* da palabra son distintos, sendo a base a parte que pode ser máis ampla cá raíz, xa que inclúe, ademais desta última, os sufixos e os prefixos e desta maneira contraponse á flexión (desinencia). (Non é obrigatoria a presenza de todas estas partes en cada palabra).

⁵⁹ **Nota do orixinal:** Comp.:

<i>ШИЛЬС-МИЛЬС</i>	(xilie-milie)	<i>subelería-xabonería</i>	‘distintos obxectos miúdos’.
--------------------	---------------	----------------------------	------------------------------

<i>вѣмѣнѣть (променѣть) куку́шку (каку́шку) на ястребца⁶⁰</i>	<i>troca-lo (cambia-lo) cuco polo azor</i>	‘de dous males elixi-lo peor, equivocarse nos cálculos’
(rexión de Smolensk) <i>прамынѣл бѣ́ка на индѣ́ка</i>	<i>trocou o touro polo pavo</i>	‘realizou un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; deu o mellor polo peor’
(rexión de Pskov) <i>ме- нѣть бѣ́ка на индѣ́ка</i>	<i>troca-lo touro polo pa- vo</i>	‘equivocarse nos cál- culos; do malo elixi- -lo peor’
(rexión de Kursk) <i>по- менѣл вѣ́ленок на га- лѣ́шу</i>	<i>trocou o válenok⁶¹ polo chanclo</i>	‘equivocouse nos cál- culos; do malo elixiu o peor’
(rexión de Ostrogojsk) <i>променѣли копы́шо на бычь, оцѣ и мого- рыч</i>	<i>trocaron a pa de ma- deira polo pao de madeira, e aquí tes un obsequio</i>	‘equivocáronse nos cálculos; do malo elixiron o peor, ¡vaia proveito!’
<i>променѣл лё́н на огонь (тебѣ́ньки на вѣ́йлочки)</i>	<i>trocou o liño polo lu- me (pezas da sela de cabalo feitas de coiro polas pezas da sela de cabalo feitas de feltro)</i>	‘realizou un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; do malo elixiu o peor’
україно		
<i>промінѣв вѣ́вки на собѣ́ки</i>	<i>trocou os lobos polos cans</i>	‘realizou un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; do malo elixiu o peor’
<i>вѣ́мінѣв ремѣ́нец на лі́йчко</i>	<i>trocou o cintiño polo líber de tileiro</i>	‘realizou un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; deu o mellor polo peor’
polaco		

⁶⁰ **Nota do orixinal:** Comp.: (montes de Ural)
куку́шка не ястреб, неуч не мастер

‘o cuco non é o azor, o ignorante non é o mes-
tre’.

⁶¹ *Válenok* é unha especie de bota de feltro, calzado típico ruso de inverno.

<i>zamienić stryjek sie- kierkę na kijek</i>	<i>troca, tío, a machada polo paocíño</i>	‘realiza un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; da-lo mellor polo peor’
--	---	---

checo

<i>dávat vola za ptáka</i>	<i>da-lo boi polo paxaro</i>	‘realizar un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; da-lo maior polo menor’
----------------------------	------------------------------	--

<i>zajíce pustit a komára honit</i>	<i>deixar corre-la lebre e poñerse a correr de- trás do mosquito</i>	‘utilizar medios inco- rrectos para conse- guir un obxectivo’
---	--	---

<i>koňe pustit, myš chytit</i>	<i>deixar corre-lo cabalo e colle-lo rato</i>	‘perde-lo maior, dei- xándose tentar polo menor’
--------------------------------	---	--

serbio/croata

<i>продавати рог за све- ћу</i>	<i>troca-lo corno pola vela</i>	‘realizar un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; da-lo mellor polo peor’
-------------------------------------	-------------------------------------	--

e outros con semellante significado fraseolóxico⁶².

A busca da motivación orixinal leva ó dialectal

<i>ВЫМѢНЯТЬ ШИ- ЛО НА СВАЙКУ</i>	(vímeniat xilo na svaiku)	<i>troca-la subela pola svaika</i>	‘de dous males elixa-lo peor’,
--------------------------------------	------------------------------	--	-----------------------------------

onde *свайка* (svaica) é ‘cravo gordo (ou unha espiga gorda) coa cabeza grande, que se utiliza para o xogo chamado *свайка* (svaica)⁶³. A lóxica da forma interna nesta variante que non ten rima é indubidable: primeiro, trátase de obxectos semellantes, segundo, o colorido negativo do termo “non-traballador” *свайка* (svaica), en comparación co nome do instrumento *шило* (xilo) ‘subela’ ten analoxías amplas nos fraseoloxismos co significado de ‘folgazanear’, derivados dos nomes de xogos (véxase o párrafo 2.3). Consecuentemente, a substitución do compoñente *свайка* (svaica) por *мыло* (milo) ‘xabón’ na combinación

<i>ВЫМѢНЯТЬ ШИ- ЛО НА МЫЛО</i>	(vímeniat xilo na milo)	<i>troca-la subela polo xabón</i>	‘de dous males elixa-lo peor’
------------------------------------	----------------------------	---------------------------------------	----------------------------------

⁶² Comp. tamén en galego *cambia-los ollos polo rabo* ‘saír perdendo nun cambio’.

⁶³ *Svaica* é un xogo popular ruso (semellante ó xogo galego do pincho) no que os participantes lanzan o mencionado cravo á distancia intentando facelo de maneira que se crave dentro do anel debuxado especialmente no chan.

regularizábase pola rima.⁶⁴ ¿Poden ser interpretadas como “desordenadas”, semellantes substitucións léxicas, regularizadas pola rima ou pola asonancia? Segundo parece, non, xa que a rima encontra unha analoxía coas variantes léxico-semánticas.

Sen embargo, hai que volver acentuar que no plano fraseolóxico existe a posibilidade dunha amplitude temática máis grande para tales substitucións, en comparación co plano léxico. Así, a influencia dos momentos de asonancia leva non só a substituí-la palabra *мех* ‘pel (longa dun animal)’ no xiro

<i>прóжил век не за хол- щóвый мех</i>	<i>viviu o século (=a súa vida) non pola pel de lenzo</i>	‘viviú a súa vida inu- tilmente, desordena- damente’,
--	---	---

senón tamén a substituí-la súa modificación:

dialectal

<i>прóжил век не за гу- сыйный кек</i>	<i>viviu o século (=a súa vida) non polo berro do ganso</i>	‘viviú a súa vida inu- tilmente, desordena- damente’
<i>прóжил век не за ку- рийный хек</i>	<i>viviu o século (=a súa vida) non polo berro da galiña</i>	‘viviú a súa vida inu- tilmente, desordena- damente’.

Cando se fan consta-las variantes léxicas de tipo semellante, a delimitación exacta entre a variante e a unidade fraseolóxica asonante independente pode ser moi complicada. Así é, por exemplo, a parella de combinacións comparativas

<i>глуп как ба́- бий дул</i>	<i>(glup kak babii pup)</i>	<i>estúpido coma o embigo dunha muller</i>	‘moi estúpido’
e <i>глуп как хлуп</i>	<i>(glup kak ghlup)</i>	<i>estúpido coma o rabiño</i>	‘moi estúpido’
ou ben os xiros			
<i>полтора́ ара́ра</i>	<i>(poltorá arará)</i>	<i>unha parola e media</i>	‘nada’
e <i>полторы́ та- рары́</i>	<i>(poltorí tararí)</i>	<i>unha parola e media</i>	‘moi pouco’.

⁶⁴ **Nota do orixinal:** Comp. tamén o ucraíno:

<i>ві́мінати (про́міняти) ші́ло на шва́йку (ші́ло на мі́ло, ші́ло на мотові́ло)</i>	<i>(víminiati (promi- niati) xilo na xvai- ku (xilo na milo, xilo na motovilo)</i>	<i>troca-la (cambia- la) subela pola xvaica (subela polo xabón, subela pola debandoira)</i>	‘realizar un cambio non-equivalente e sen aproveitarse; do malo elixiu o peor’.
---	--	---	---

[A palabra *швайка* (xvaica) pode significar ‘subela’ e pode tamén equivaler á palabra rusa *свайка* (svaica)].

A dificultade de tal delimitación derívase da mesma esencia dos fraseoloxismos de tipo asonante, para os que é característico o predominio dos momentos formais sobre os semánticos (véxase o capítulo 4). A regulamentación abondo rigorosa das condicións, en que se realiza a substitución léxica nas combinacións de tipo asonante (a grande similitude da forma e a semellanza “temática” desexable do contido), é o motivo da cantidade relativamente escasa de semellantes variantes léxicas de fraseoloxismos.

1.2.5. Estabilidade relativa da semántica e estrutura do fraseoloxismo e a análise diacrónica da fraseoloxía

No funcionamento das series fraseolóxicas tódolos tipos de transformacións formais e léxicas están relacionados estreitamente entre si. Isto está condicionado polo feito de que as variantes de distintas clases non están contrapostas unhas ás outras, senón que, máis ben, son paralelas ou, máis que isto, están coordinadas entre elas. Tales son as variantes paradigmáticas e as da formación de palabras⁶⁵

(1) <u>распускать</u> нюни	<u>afrouxa</u> -los beizos	‘chorar, choromicar, queixarse’
(2) <u>распустить</u> нюни	<u>ter afrouxados</u> os beizos	‘estar chorando, choromicando, queixándose’
(3) <u>распустил</u> нюни	<u>ten afrouxados</u> os beizos	‘está chorando, choromicando, queixándose’;

as variantes formais e léxicas⁶⁶

popular (1) до <u>лампочки</u>	ata unha <u>lámpada</u>	‘é indiferente’
argot (2) до <u>фонаря</u>	ata un <u>farol</u>	‘é indiferente’
(3) до <u>фэни</u>	ata a <u>Fenia</u> ⁶⁷	‘é indiferente’
(4) до <u>фэньки</u>	ata a <u>Fenka</u>	‘é indiferente’

⁶⁵ Neste exemplo temos, por unha parte, a parella de verbos (1) *распускать* ‘afrouxar’ e (2) *распустить* ‘ter afrouxado’, que se distinguen polo seu aspecto, imperfectivo e perfectivo respectivamente. Na gramática rusa, como xa comentamos, tales verbos considéranse como distintos, o que lles proporciona a calidade de variantes da formación de palabras. Por outra banda, os verbos (2) *распустить* ‘ter afrouxado’ e (3) *распустил* ‘ten afrouxado’ son variantes paradigmáticas, de infinitivo e pasado singular respectivamente..

⁶⁶ Neste exemplo podemos observa-las variantes formais ((3) *фэни* e (4) *фэньки* entre si; véxase a nota 67) e léxicas ((1) *лампочки*, (2) *фонаря*, (3) *фэни* (ou (4) *фэньки*) entre si). (Tódolos substantivos están en xenitivo).

⁶⁷ As expresións (3) до *фэни* e (4) до *фэньки* son formas abreviadas do xuramento до *сдрёной фэни* (Fenia e Fenka son nomes curtos (sendo o segundo algo pexorativo) do nome ruso feminino Fedosia que actualmente ten un matiz arcaizante).

ou formais, léxicas e sintácticas⁶⁸

(1) <i>смóтрит <u>как волк</u></i>	<i>mira <u>coma un lobo</u></i>	‘mira hostilmente e, posiblemente, de esguello’
(2) <i>смóтрит <u>вóлком</u></i>	<i>mira <u>da maneira do lobo</u></i>	‘mira hostilmente e, posiblemente, de esguello’
(3) <i>смóтрит <u>волк-вóлком</u></i>	<i>mira <u>da maneira do lobo-lobo</u></i>	‘mira hostilmente e, posiblemente, de esguello’
(4) <i>смóтрит <u>как би-рюк</u></i>	<i>mira <u>coma un solitario</u></i> ⁶⁹	‘mira hostilmente e, posiblemente, de esguello’
(5) <i>смóтрит <u>бирюкóм</u></i>	<i>mira <u>da maneira dun solitario</u></i>	‘mira hostilmente e, posiblemente, de esguello’.

Moitos fraseólogos acentúan xustamente o carácter “híbrido” de distintos tipos de variabilidade.

Como tipo máis importante de tal “mestura” queda a interacción das variantes formais e léxicas. Analizando as series fraseolóxicas, polo xeral, atopamos precisamente este tipo de variación. Non é casual que no transcurso da súa investigación diacrónica N.I.Tolstói recoñeza como o “paradoxo” máis importante para a reconstrución da fraseoloxía do eslavo primitivo a ampla mobilidade da “aparencia” e da semántica da unidade fraseolóxica, en comparación coa necesaria estabilidade da forma e da semántica dos lexemas (Толстой, 1973: 277-278). Das observacións da variabilidade dos fraseoloxismos dedúcese que as series fraseolóxicas, por moito que posúan mobilidade formal e semántica, e por moito que sexan visiblemente desordenadas de maneira paradoxica, a pesar de todo poden ser consideradas estables. Como mostra a análise das variantes fraseolóxicas na fala viva, a “aparencia” da combinación de palabras está moito máis exposta ós cambios cá “aparencia” da palabra. Pero a esta inestabilidade da forma contraponse a estabilidade activa da construción do fraseoesquema, que, aínda someténdose ós cambios de cantidade e de calidade, regulariza toda a serie fraseolóxica de variación. Efectivamente, a semántica do fraseoloxismo non posúe unha “intanxibilidade absoluta”. Pero a súa es-

⁶⁸ Neste exemplo podemos observa-las variantes formais ((2) *вóлком* ‘da maneira do lobo’ (uso específico do caso instrumental) e (3) *волк-вóлком* ‘da maneira do lobo-lobo’ (uso específico do caso instrumental co nominativo) entre si); léxicas ((1) *как волк* ‘coma un lobo’ e (4) *как бирюк* ‘coma un solitario’ entre si; e tamén (2) *вóлком* ‘da maneira do lobo’ e (5) *бирюкóм* ‘da maneira dun solitario’ entre si); e sintácticas ((1) *как волк* ‘coma un lobo’ e (2) *вóлком* ‘da maneira do lobo’ entre si e tamén (4) *как бирюк* ‘coma un solitario’ e (5) *бирюкóм* ‘da maneira dun solitario’ entre si).

⁶⁹ Nas últimas dúas variantes a palabra *бирюк* (en caso instrumental *бирюкóм*) pode significar ‘lobo solitario’ ou ‘home solitario’.

tabilidade na serie fraseolóxica supera en moito aquel índice semántico común que se ven obrigados a busca-los etimólogos cando fan as reconstrucións do léxico eslavo primitivo.

É precisamente a estabilidade da estrutura da semántica común a que asegura a identidade da unidade fraseolóxica durante as súas diferentes modificacións. A estabilidade semántica non obstaculiza a concreción contextual das combinacións, pero tal concreción en moi raros casos logra as dimensións da polisemia léxica. Desafortunadamente, as peculiaridades da polisemia fraseolóxica (en comparación coa polisemia léxica) aínda non están suficientemente estudias. As observacións previas, sen embargo, amosan que ata as alteracións bruscas da forma dos compoñentes (por exemplo, as reinterpretacións da etimoloxía popular) que habitualmente levan á reconstrución da estrutura do sentido da palabra, case non se reflicten no significado completo do fraseoloxismo. E a maioría das concrecións semánticas do significado fraseolóxico completo poden ser interpretadas non como polisemia, senón como a modificación contextual deste significado. O eixe común de sentido da unidade fraseolóxica conserva a estabilidade cunha certeza moi especial, cando tratamos un modelo fraseolóxico activo que se realiza segundo distintos lexemas-compoñentes do fraseoloxismo. Isto é especialmente importante para a fraseoloxía histórica.

Como exemplo de análise etimolóxica dun fraseoloxismo pode servir un intento de nova interpretación etimolóxica da unidade fraseolóxica eslava oriental:

ruso	<i>точить бальясы</i> (<i>балы, лясы</i>) (tochit baliassi (bali, liasi));	<i>tornea-los balaústres</i>	‘pasa-lo tempo con le- rias, falar por falar (por non estar cala- dos), estar de parola sen obxectivo nin- gún’.
bielorruso	<i>бальясы</i> <i>тачыць (тачыць ля- сы); україно точити</i> <i>бальяси (ляси)</i>		

A súa etimoloxía tradicional está considerada como unha das máis axiomáticas. Segundo parece, xa foi anticipada por Dal, que incluiu no seu dicionario as palabras *балиасина* (baliásina) ‘piariño que serve para apoia-los pasamáns, as varandas, as cercas (do italiano)’ e *бальясы* (baliassi) ‘chistes, contos alegres’ nun mesmo berce. O etnógrafo S.V.Махімов, apoiándose, en gran medida, no dicionario de Dal, fixo desta indicación lexicográfica unha hipótese etimolóxica “certa”, ó describir cómo os torneiros da aldea de Semiónovo, utilizando como material cepos de choupo tremedor, tornean os balaústres esculpidos, que serven para adorna-las varandas das escaleiras e dos balcóns (Махімов, 1955: 31-33). Vinográдов, no seu ensaio *Da historia do léxico ruso* (Виноградов, 1941) argumenta esta hipótese lingüísticamente, indicando que *точить бальясы* (tochit baliassi) ‘tornea-los balaústres’ é unha expresión profesional, sendo o seu núcleo a palabra *бальясы* (baliassi) ‘balaústres’ que deriva da palabra italiana *balaustro* ‘piariño, varandiñas torneadas’ que penetrou na lingua rusa a través do polaco (*balas, balasy* ‘balaústres’). En sentido figurado, a expresión

<i>точить бальясы</i>	(tochit baliassi)	<i>tornea-los ba-</i>	‘pasa-lo tempo
-----------------------	-------------------	-----------------------	----------------

laústres

con lérias, fa-
lar por falar
(por non estar
calados), es-
tar de parola
sen obxectivo
ningún’

chegou a ser símbolo de lérias e de charlatanería. E o significado ‘estar de parola, falar por falar (por non estar calados)’ , segundo a opinión de Vinográfov, formouse non máis tarde do século XVIII. O brillo e a concreción da motivación primitiva, a visible lóxica da transición semántica dende o significado directo ó figurado, a xustificación extralingüística e, finalmente, a importancia das fontes e a autoridade dos autores fixeron un axioma desta hipótese que se acepta en tódolos dicionarios etimolóxicos da lingua rusa e se populariza amplamente en numerosos manuais de fraseoloxía.

Aínda que esta versión etimolóxica parece convincente, xa Vinográfov se viu obrigado a mencionar uns cantos aspectos que non “collían” de todo nela. Ante todo, non se podía deixar de prestar atención á presenza de variantes léxicas desta expresión, coñecidas na lingua literaria: *точить бály* (tochit bali) e *точить лyasы* (tochit liasi) ‘pasa-lo tempo con lérias, falar por falar (por non estar calados), estar de parola sen obxectivo ningún’ - e deixar sen nota-las peculiaridades da súa forma interna. Segundo a opinión de Vinográfov, estes xiros repiten “a biografía produccionista” do fraseoloxismo máis forte e estable

<i>точить балясы</i>	(tochit baliasi)	<i>tornea-los ba-laústres</i>	‘pasa-lo tempo con lérias, falar por falar (por non estar calados), estar de parola sen obxectivo ningún’.
----------------------	------------------	-------------------------------	--

Точить бály (tochit bali) relaciónase coa palabra alemana *Ball* ‘bóla, pelota’, polaco *bal* ‘bóla, barra, viga’ e dedúcese dun posible significado primitivo ‘tornea-las bólas’. *Точить лyasы* (tochit liasi) puido formarse ben mediante o cambio do lexema *балясы* (baliasi) → *лясы* (liasi) ‘chistes, contos alegres’ (de xeito semellante a *шлык*←*башлык* ‘gorro de forma cónica, caparuz’), ben mediante o desenvolvemento independente a partir da fala profesional. Polo que se refire ó segundo caso, despois de non atopar na lingua rusa ningún termo torneiro axeitado, Vinográfov ocúpase da reconstrución, presentando o polaco *lasa* co significado ‘reixa, rede, estrépito’ que está moi lonxe de ‘proceso de tornear algo’.

Vinográfov tampouco puido deixar de sinala-la similitude formal e semántica dos compoñentes nominais da expresión *точить бály* (*балясы*) (tochit bali (baliasi), coas pala-

bras *балáкать* (balákat) ‘estar de parola’, *балагур* (balagur) ‘charlatán’, e semellantes; el explica esta similitude pola “asonancia calembúrica”. A cuestión das relacións mutuas entre as palabras *балы*, *балысы* (bali, baliasi) ‘lerias, chistes’ e as derivadas da raíz *bal- ‘estar de parola’ nesta aproximación pode parecer secundaria, non relacionada inmediatamente coa historia dos nosos fraseoloxismos. Sen embargo, precisamente esta cuestión foi o primeiro e, como se sabe, o único empuxón cara á dúbida sobre a certeza da etimoloxía presentada por Máximov e Vinográfov. Analizando o berce léxico coa raíz *bal- nas linguas eslavas, A.S.Melnichuk rexeita definitivamente a identificación dos préstamos do italiano ó ruso *балёсина* ‘piariño afiado ou torneado’ e ó ucraíno *балёси* ‘varanda’ coas formacións puramente eslavas do tipo ruso *балёсы* ‘contos’, *балёсник* ‘narrador gracioso’, *балёсничать* ‘narrar unha cousa graciosa’, ucraíno dialectal *балёс* ‘ruído’, ruso dialectal *балёзник* ‘charlatán’, checo dialectal *balásat* ‘exhortar’, etc. Segundo a súa opinión, *балёсы* (baliasi) ‘contos’ está relacionado inmediatamente coa base eslava común *bal- ‘contar, narrar’ (Мельничук, 1967, 63-64). A suposición de Melnichuk destrúe a base etimolóxica da explicación tradicional do xiro *точить балёсы* (tochit baliasi) como un préstamo da terminoloxía profesional.

Imos ver ata qué punto a interpretación tradicional se corresponde coa esixencia da estabilidade semántico-estructural relativa da serie fraseolóxica. A intención de Vinográfov de reduci-las tres variantes léxicas do fraseoloxismo *точить балёсы* (*балы*, *лясы*) (tochit baliasi (bali, liasi)) a unha única motivación non carece de contradicións, especialmente no caso do xiro *точить лясы* (tochit liasi). Esta contradición aínda sería máis grande, se non se tivesen en conta as numerosas variacións dialectais deste modelo fraseolóxico. Imos nomea-las máis estendidas, prestando unha especial atención ós significados dos compoñentes nominativos:

(rexión do Don)	<i>точать баланды; балачку тачать; точать (точить) балы (балки)</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
(rexión de Arghánguelsk)	<i>точить балы (язык, шека́ми)</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles (tornea-la lingua, as meixelas)</i>	‘estar de parola’
(costa do mar Branco)	<i>точить базлы</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
(comp.: <i>базлать</i> ‘berrar’ e a combinación <i>сидеть на базлах</i> <i>estar sentado sobre as lerias</i> ‘conta-los contiños’);			
(rexión de Stá-vropol)	<i>балендрёсы точать</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles</i>	‘estar de parola’

(rexión do Don)	<i>брихні та́чать</i>	<i>esparexe-los desatinos, lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
	<i>то́чать (то-чійть) ерунду́</i>	<i>esparexe-los absurdos, lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
(rexións de Tomsk, de Irkutsk, terras á beira da parte media do Ob)	<i>ля́салки то-чійть</i>	<i>esparexe-los chistes, lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
(rexión de Iaroslavl)	<i>ля́сы-баля́сы то́чійть</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
(rexión de Pskov)	<i>то́чійть ля́скалы (рэ-чи)</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
(rexión de Nóvgorod)	<i>ставры́ то́чійть</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’

bielorruso

<i>тачыць басні</i>	<i>esparexe-las fábulas, os contos</i>	‘estar de parola’
---------------------	--	-------------------

ucraíno

<i>точити баляндраси</i>	<i>esparexe-los chistes, lerias inútiles</i>	‘estar de parola’
<i>брехні точити</i>	<i>esparexe-los contos mentireiros</i>	‘estar de parola’
<i>теревені точити</i>	<i>esparexe-las lerias inútiles</i>	‘estar de parola’, etc.

A maioría dos xiros non se poden incluír de ningunha maneira na esfera “produccionista”, xa que derivan dos verbos que significan ‘falar, estar de parola’. Isto plantexa unha dúbida moi seria sobre a obxectividade da etimoloxía tradicional. En realidade: ¿non é este un caso de “reconstrución” da forma interna da unidade fraseolóxica, baixo a influencia dos significados dos seus compoñentes, máis tardíos pero máis activos na lingua literaria contemporánea, xa que tales casos son moi frecuentes na fraseoloxía histórica, onde o significado máis activo se toma polo “orixinal”?

Deixando agora á parte as variacións léxicas do compoñente dos nosos xiros *точить* (tochit) ‘tornear; espaxer’, que non son menos activas, imos considerar algúns datos dialectais sobre os compoñentes *балы* (bali) e *лясы* (liasi). Cómpre mencionar que son coñecidos nos dialectos e no uso libre, e precisamente co significado de ‘lerias inútiles, charlatanería’.

Para a palabra *балы* (bali) tal significado hai tempo que se reflicte en distintas fontes:

<i>Лáлы да бáлы, а всё расскáзы</i> (século XVIII)	‘Ta-ta-ta, pero todo son historias’
(rexión de Perm)	
<i>с шáлами да бáлами</i>	‘con chistes e <u>chanzas</u> ’
<i>Етих бaл пóлон анбáр</i>	‘Destas <u>chácharas</u> está cheo o celeiro’
<i>говори́т бáлы семигодова́лы</i>	‘di <u>ta-ta-tas</u> de sete anos’
bielorruso	
<i>ба́лі да гулі ў лапці абулі</i>	‘as <u>lerias</u> e as esmorgas calzárono con lápots’ ⁷⁰
<i>Ба́лю, ба́лю, а карова рада і галлю;</i>	‘Ta-ta-ta, pero a vaca tamén se alegra por unha ramiña’
ucraíno	
<i>ба́ли та ба́ли, а день да́лі;</i>	‘Ta-ta-ta, pero o día está lonxe’
<i>галу-ба́лу, а сві́ні в рі́пі;</i>	‘ta-ta-ta, e os porcos están no nabo’
<i>ба́лу-ба́лу, а пси в кру́пах</i>	‘ta-ta-ta, e os cans teñen o crup’.

Poderíanse presentar tamén moitas palabras derivadas que non saen fóra do círculo semántico da palabra orixinal *балы*:

(rexión de Stávropol)	<i>ба́ла́чка</i>	‘chisme, rumores estúpidos’
(rexión de Moskova)	<i>приба́лу́тка</i>	‘chanza’
	<i>болонá (бъла́на)</i>	‘charlatán, persoa inútil’
(rexións de Nóvgorod, de Riazán)	<i>ба́лить</i>	‘estar de parola’
	<i>оле́нь-боле́ни</i>	‘charlatanería’
	<i>боля́н</i>	‘charlatán’

⁷⁰ Véxase a nota 48; os lápots son calzado de xente pobre, entón, trátase de chegar á miseria.

	<i>балахня</i>	‘lerias inútiles’
(rexións de Sverdlovsk, Vólogda)	<i>балѣга</i>	‘charlatán, falador’
(rexión de Sverdlovsk)	<i>балѣда</i>	‘persoa que ten un vicio de pronunciación, un defecto na lingua’
	<i>балѣна</i>	‘paroleiro, charlatán’
(rexión de Nóvgorod)	<i>балѣк</i>	‘paroleiro, charlatán’
(rexións de Vólogda, de Perm)	<i>балѣка</i>	‘paroleiro, charlatán’
ucraíno	<i>бáли</i>	‘contos, rumores’
	<i>балѣка</i>	‘lerias inútiles’

e moitos outros. A cantidade de derivacións da raíz **bal-* ‘falar, estar de parola’, é fácil de aumentar botando man do material doutras linguas indoeuropeas.

Pasa o mesmo co lexema *лясы* (liasi). Aínda que nalgúns dialectos rusos están fixados determinados significados “técnicos” desta palabra, están pouco correlacionados co tradicional ‘piariño afiado da varanda que é necesario tornear’. Así, os pescadores do estuario de Dniéper nomean coa palabra *лясы* (liasi) ‘un aparello de pesca feito de xunco ou de táboa, atados cunha corda fina, que non permite que os peixes regresen do lago ó esteiro ou ó río’; os cosacos da aldea Nekrásovo e os pescadores do delta do Danubio denominan así a ‘cerca de xunco ou valo trenzado que se coloca nos ríos para non deixar escapa-los peixes’. Aínda menos corresponde á etimoloxía tradicional o significado da palabra *ляс* (ou *лас*) como ‘bóla de neve’.⁷¹

A interpretación tradicional do xiro *точить лясы* (*балѣсы*) (*tochit liasi* (*baliasi*)) ‘pasa-lo tempo con leria, falar por falar (por non estar calados), estar de parola sen obxectivo ningún’ condicionou en principio tamén a interpretación etimolóxica da palabra *лясы* (liasi) ‘bromas, adulacións’: habitualmente dedúcese da palabra *балѣсы* (*baliasi*). Sen embargo, as incertezas xustificadas da orixe “produccionista” do xiro *точить бáлы* (*балѣсы*) (*tochit bali* (*baliasi*)) provocan unha dúbida respecto a esta relación etimolóxica. Os dicionarios etimolóxicos, como regra, non fixan gran cantidade de usos libres da palabra *лясы* (liasi) e dos seus derivados co significado de ‘lerias inútiles’. Por exemplo, xunto co xiro

лясы подпускать *lanza-las adulacións* ‘adular’

nos dialectos de Arghánguelsk os investigadores mencionan tamén *лясы* ‘adulación’ no uso libre

⁷¹ **Nota do orixinal:** O xogo de “lases” (*лясы*) - as bólas de neve sobre as que se bota auga, está detalladamente descrito por I.Ságharov (Сахаров, 1841: 89).

Завсе он к ему с лясами

‘sempre o está tratando con adulación’,

e ademais derivados tales como *ляса*, *лясарь* ‘adulador, persoa que adula’, *лясить* ‘adular, compracer a alguén’, *подлясить* ‘lograr adular’. Co significado de ‘palabras astutas e adulantes; amabilidade; lérias inútiles’ o lexema *лясы* (liasi) encóntrase tamén noutras falas rusas. Este lexema reflíctese amplamente tamén en contextos de tipos distintos:

Не подъезжай, брат, с лясами, не дам ничего

‘Non te achegues, home, con adulacións, non che vou dar nada’

У кого все шутки да дворки, лясы да балясы

‘Hai persoas que andan sempre con bromas e chistes, lerias e chanzas’

На лясах далеко не уедешь

‘Non se chega lonxe nas lerias’

Лясы да кандуксы она может целый день проговорить

‘Entre lerias e cantos lapóns, ela pode falar o día enteiro’

Ныне лясам-то невод, а денежкам не род

‘Hoxe temos unha rede de arrastre de lerias, pero non temos fecundidade de cartos’.

Como a raíz **bal-*, tamén a raíz **las-* caracterízase nas falas rusas pola produtividade: as palabras *лясить* e *лясничать* cos significados ‘contar cousas que existían e fábulas que non existían; adular; aloumiñar; adular; chancearse; dicir bagatelas’ e semellantes están fixadas nas falas das rexións de Arghánguelsk, Vladímir, do Don, de Gorkii, Kostromá, Nóvgorod, Olonéts, autonomía de Karelia; *лясать* ‘dicir tonterías, charlar de bagatelas’ nas falas da rexión de Irkutsk; *ляскасть* ‘dicir cousas sen importancia, falar por falar (por non estar calados)’ nas falas das rexións de Gorkii, Kalinin, Kaluga, Kurgán, Moskova, Nóvgorod, Olonéts, Oriol, Pskov, Riazán, Tver, das beiras do Kolimá, dos montes do Cáucaso do Norte, das terras de Siberia, dos montes do Ural e das terras de máis alá do Ural. Comp.: *вьялясить, вьялясничать, вьялюсить, вьялюститъ* ‘apropiarse mediante exhortacións, bromas’; (rexións de Arghánguelsk, Viatka, Kárgopol, Pskov, costa do Mar Branco) *ляса* ‘adulador’; *аляс, алюсник, алюша* ‘adulador’, etc.

É significativo que Dal, describindo este berce verbal, supoñía a relación coa base onomatopeica: “Probablemente, a partir de *ля(е)скасть* ‘resoar, falar por falar (por non estar calados)’”, - escribía sobre o verbo *лясить*. Segundo parece, é necesario concordar con esta suposición, xa que, á parte das onomatopeias xa mencionadas, que explican formal e semanticamente a formación do lexema *лясы* (liasi), pódese citar unha serie de verbos con significado e estrutura afíns, que teñen carácter evidentemente onomatopoeico: ruso *ляскасть* ‘estar de parola, rexoubar’; ucráino *лясати, ласкати, ласкать, ласкотать, лазготать* ‘estar de parola, rexoubar; cascar’, *лязгать* ‘producir-lo ruído específico que caracteriza os choques das cousas metálicas’⁷², *ляжжать, лажжать, лезгать, ляшать*

⁷² **Nota do orixinal:** Comp.: *лазготня́* ‘charlatanería das mulleres’, *лсзгá, лсзгун* ‘charlatán’.

‘chiar; falar sonoramente e sen parar’ e os seus numerosos derivados afixais do tipo *залескотать, заляскотать, полясничать, полоскотать, залоскотать* nos que se engade o matiz semántico de ‘empezar a facer algo’ e outros. Todos estes verbos están relacionados estreitamente coa raíz eslava expresiva **luzg- /lyzg- /lusk- /lysk-* que ten o conxunto de significados máis amplo e que admite outros amplificadores.

Ata agora a nosa atención concentrábase exclusivamente na aclaración dun posible significado primitivo das palabras *балы* (bali), *балясы* (baliasi), e *лясы* (liasi). Imos considerar agora, se é certa a interpretación tradicional das nosas unidades fraseolóxicas respecto ó compoñente verbal *точить* (tochit) que Vinográfov consideraba insubstituíble nestes xiros. Nos dialectos os lexemas *балы* (bali), *балясы* (baliasi) e *лясы* (liasi) ‘lerias; chanzas’ combínanse con moitos verbos:

(rexións de Siberia)	<i>балы гутóрить</i>	<i>dicir lerias</i>	‘chancearse’
(rexión de Riazán)	<i>балы́ разводíть (рас- скáзывать)</i>	<i>disolver (con- tar) lerias</i>	‘estar de parola, falar’
(rexión do Don)	<i>разводíть (развестí, растворя́ть, растворíть) балы́</i>	<i>disolver (ter disoltas, di- luír, ter diluí- das) as lerias</i>	‘folgazanear, falar por falar (por non estar calados)’
(rexións de Vóogda, de Kaluga)	<i>балы́ распу- скáть (стрó- ить)</i>	<i>disolver (cons- truír) as le- rias</i>	‘folgazanear, falar por falar (por non estar calados)’
(rexión de Gorkii)	<i>балы собира́ть</i>	<i>recolle-las le- rias</i>	‘pasa-lo tempo ociosamente, falando de nada, folgazanear’
bielorruso	<i>балы правіць (вязать)</i>	<i>dirixir (calce- tar) as lerias</i>	‘chancearse’
checo	<i>dělat si bály</i>	<i>face-las lerias, chanzas</i>	‘burlarse de alguén’
(rexión de Pskov)	<i>балясы баля- сить (разво- діть)</i>	<i>charla-las (di- solve-las) le- rias</i>	‘mentir, contar fábulas’
	<i>балясину го-</i>	<i>dici-la charla</i>	‘mentir, contar

	<i>ворѣть</i>		fábulas, ⁷³
(rexión de Omsk)	<i>баласы разво- дѣть</i>	<i>disolve-las le- rias</i>	'mentir, contar fábulas'
(rexión de Ir- kusk)	<i>болясы рас- правлять</i>	<i>estira-las le- rias</i>	'mentir, contar fábulas'
ucraíno	<i>баляси підпу- скати</i>	<i>lanza-las lerias</i>	'enganar'
(rexión de Pskov)	<i>лясы валять</i>	<i>abatana-las le- rias</i>	'adular'
(rexión de Ria- zán)	<i>лясы вѣять (городѣть)</i>	<i>abala-las (cer- ca-las) lerias</i>	'adular, desfa- cerse en cum- pridos'
	<i>лосать ласы</i>	<i>charla-las le- rias</i>	'adular, desfa- cerse en cum- pridos'
(rexión de Viatka)	<i>лясы подво- дѣть</i>	<i>achega-las le- rias</i>	'adular, desfa- cerse en cum- pridos'
(rexións de Ar- ghánguelsk, de Vladímir, de Iaroslavl, de Perm)	<i>лясы подпу- скать</i>	<i>achega-las le- rias</i>	'adular'
(rexión de Vó- logda)	<i>лясы разво- дѣть (сказы- вать)</i>	<i>disolve-las (conta-las) lerias</i>	'estar de paro- la, falar por falar (por non estar cala- dos)'
(rexión de Stá- vropol)	<i>лясы распу- стѣть</i>	<i>diluí-las lerias</i>	'estar de paro- la, falar por falar (por non estar cala- dos)'
(rexións de Ar-	<i>лясы стрѣть</i>	<i>construí-las le-</i>	'estar de paro-

⁷³ **Nota do orixinal:** Comp. na obra de P.P.Erxov *Cabaliño chepudo* (П.П.Ершов "Конёк-горбунок"): "И балясы начал [рассказывать? -V.M.] 'E empezou [a contar? -V.M.] de novo as fábulas.' снова".

ghánguelsk, de Vólogda, autonomía de Karelia)		<i>rias</i>	la, falar por falar (por non estar cala- dos)'
(montes de Ural)	<i>лясы строчить</i>	<i>cose-las lerias</i>	'estar de paro- la, falar por falar (por non estar cala- dos)'
ucraíno	<i>ляси распусти- ти</i>	<i>dissolve-las le- rias</i>	'estar de paro- la, falar por falar (por non estar cala- dos)'

Non son poucas as combinacións semellantes, que se poderían reconstruír mediante a análise etimolóxica das formacións compostas que inclúen tamén os compoñentes que nos interesan:

<u>баламут</u>	'perturbador'
<u>балагур</u>	'bufón'
<u>балахвост</u>	'folgazán, que gasta o tempo en van, que vaga sen ocupación ningunha'
<u>балахлыст</u>	'folgazán, que gasta o tempo en van, que vaga sen ocupación ningunha'
<u>балахрыст</u>	'folgazán, que gasta o tempo en van, que vaga sen ocupación ningunha'
<u>ласкобой</u>	'persoa que sabe predispoñer a alguén mediante discursos adúlantes e servís, conseguindo a súa confianza; adúlador, aloumiñeiro'
<u>ласкомой</u>	'persoa que sabe predispoñer a alguén mediante discursos adúlantes e servís, conseguindo a súa confianza; adúlador, aloumiñeiro'.

Pero isto é unha tarefa especial, maiormente se temos en conta que o material presentado aporta motivos suficientes para convencerse da variabilidade activa do compoñente verbal dos nosos fraseoloxismos. Ó mesmo tempo hai que recoñecer que, aínda que algunhas variantes (por exemplo, co verbo *пускать* 'soltar' e cos seus derivados) están estendidas en todo o territorio eslavo oriental, o lexema *точить* (tochit) 'tornear; espaxar' segue sendo, nas expresións que consideramos, o principal compoñente verbal.

O estudo das substitucións léxicas ó mesmo tempo é extremadamente importante para a

interpretación obxectiva do sentido primitivo das nosas expresións, que depende moito tamén da comprensión correcta da semántica do verbo *точить* (tochit) ‘tornear; espaxer’. Vemos, que, a pesar dalgunhas substitucións evidentemente secundarias e periféricas, a maioría dos verbos que substitúen o compoñente *точить* (tochit) ‘tornear; espaxer’ está relacionada ben co proceso de falar (*гугорить* ‘dicir’, *говорить* ‘falar’, *правиль* ‘dirixir, contar’, *расправлять* ‘estirarse, contar’, *сказывать* ‘contar’, *рассказывать* ‘contar’), ben co proceso de disolución, de conversión en algo fluído (ruso *разводить*, *растворять*, *распустить*; ucraíno *распустить*, todos co significado ‘disolver’), ben con diferentes procesos de produción (*вязать* ‘calcear’, *собирать* ‘recoller’, *строить* ‘construír’, *городить* ‘cercar’, *везь* ‘abalear’, *подводить* ‘achegar’). Non é difícil darse conta de que os significados dos verbos da última serie son moi afastados de ‘tornea-los piariños esculpídos’. E ademais, a área das combinacións con estes verbos habitualmente é moi estreita, o que dá razón para consideralas como variantes secundarias, periféricas. Unha análise máis detallada podería amosar que estas variantes xurdían normalmente mediante a contaminación con outros fraseoloxismos.

Tal conclusión confírmase tamén pola presentación da serie de fraseoloxismos dialectais co significado común ‘estar de parola, falar por falar (por non estar calados)’, en que a semántica dos compoñentes verbais habitualmente está relacionada co proceso da fala. Por exemplo:

ruso dialectal	<i>ба́йки пра́вить</i>	<i>dirixi-los con-</i> <i>tos</i>	‘dici-las baga- telas’
ucraíno	<i>байки кажець</i> (<i>казаць</i>)	<i>dici-los contos</i>	‘conta-los contos’
(costa do mar Branco)	<i>балагу́рки</i> <i>расска́зывать</i>	<i>conta-los con-</i> <i>tos alegres,</i> <i>chistes, chan-</i> <i>zas</i>	‘chancearse’
	<i>балагу́ры раз-</i> <i>водить</i>	<i>disolve-los</i> <i>contos ale-</i> <i>gres, chistes,</i> <i>chanzas</i>	‘chancearse’
	<i>ба́ять (гово-</i> <i>рить) ба́сни</i>	<i>contar (dicir)</i> <i>as fábulas</i>	‘chancearse’
(rexión de Ir- kutsk)	<i>ба́сни расправ-</i> <i>лять</i>	<i>estira-las fábu-</i> <i>las</i>	‘folgazanear, estar de paro- la’
	<i>ба́кулы разво-</i> <i>дить</i>	<i>disolve-las pa-</i> <i>labras, dis-</i> <i>cursos, rumo-</i> <i>res vacíos</i>	‘chancearse’

(rexión de Pskov)	<i>речи водить</i>	<i>conduci-los discursos</i>	‘falar’
	<i>сказки сказывать</i>	<i>conta-los contos</i>	‘contar algo inverosímil’

e outros.

Todo isto aporta as razóns para ver no verbo *точить* (tochit) non o significado habitual ‘afiar; tornear metal ou madeira’, senón o máis antigo ‘esparexer un líquido’, e en sentido figurado ‘esparexe-las palabras, falar’. A antigüidade do significado concreto confírmase polos amplos paralelos indoeuropeos. E aínda se conserva como arcaico na lingua rusa: libresco *точить слёзы* *esparexe-las bágoas* ‘chorar’, *слезоточивый* ‘lacrimógeno’⁷⁴, os derivados do tipo *мёдоточивые* (ou *смертоточивые*) *уста* ‘labios melifluos (ou “mortifluos”); *самоточный мёд* ‘mel que flúe so’, *подточная вода* ‘auga que flúe debaixo de algo’ e semellantes. Comp. nos dialectos rusos: (rexión de Olonets) *точить* ‘gotear’; (rexión de Vólogda) *току* ‘(eu) goteo, derramo’; *поисточить пиво* (мёд) ‘derrama-la cervexa (o mel)’, etc. Con esta semántica, parece que están relacionados tamén os significados de *точить* (tochit) como (rexión de Riazán) ‘botar (corpos sólidos e derramables), dispersar, esmiazar’, (rexión de Tambov) ‘derramar (corpos sólidos)’, (rexión do Terek (do Norte)) ‘botar (corpos sólidos e derramables), (rexión de Vladímir) ‘espreme-los cartos de alguén’ e outros.

A transición do significado de ‘esparexer un líquido’ a ‘falar’ é unha representación dunha moi antiga metáfora, testemuñada en moitas linguas. Nas falas rusas, por exemplo, é posible notar constantemente o paralelismo dos verbos co significado de ‘fluir’ e ‘falar, estar de parola’: *бухать* ‘botar (un líquido); estar de parola’, *буровить, буробить* ‘botar (un líquido); falar, estar de parola’, *бурлить* ‘burbullar; falar’, *буркать, булькать* ‘botar (un líquido); falar’ *бураниить* ‘fluir co ruído; dicir parvadas’, *бۇзгать* ‘botar (un líquido); estar de parola’, *завыбуривать* ‘empezar a saír (un líquido) impetuosamente; berrar ó emocionarse’ e outros. Este paralelismo tamén se manifesta amplamente na lingua contemporánea; comp. tales combinacións libres como

<i>речь его струилась, лилась, текла</i>	‘a súa fala <u>chorreaba, manaba, fluía</u> (= alguén falaba fluida e harmoniosamente)’
<i>изрыгать хулу, проклятья</i>	‘ <u>botar</u> <u>inxurias, maldicións</u> (= dicir xuramentos)’
<i>процедить сквозь зубы</i>	‘ <u>coar</u> por entre os dentes (= dicir algo pronunciándoo sen abrir suficientemente a boca (e habitualmente sen ganas de facelo), rosmar)’

⁷⁴ **Nota do orixinal:** Comp.: dialectal

берёзовицу точить *esparexe-la resina de bi- dueiro* ‘chorar’,

точеница ‘alcatrán’ e anotado por F.I.Busláev da fonte do século XVII *нозри точат вóзгри* as fosas nasais *esparexen os mocos*.

слова брызнули из него фонтаном ‘as palabras saíron del salpicando coma unha fonte (= empezou a falar sen parar e emocionadamente)’

речь его плавно журчала ‘a súa fala murmuraba harmoniosamente (= ‘alguén falaba harmoniosa e fluidamente)’

etc.

En xeral, a comparación da corrente da fala coa corrente da auga é unha das máis estendidas. É suficiente lembra-las palabras de Puxkin

А как речь-то говорит, словно реченька журчит ‘¡E cómo fala!, coma se murmurase un regato’

do *Conto do zar Saltán*⁷⁵, que se apoia na vella imaxe folclórica da fala coma un río que flúe harmoniosamente. Busláev relacionou esta antiga representación mitolóxica coa etimoloxía das palabras *речь* (rech) ‘fala’ e *река* (reka) ‘río’:

Segundo as representacións míticas, a palabra sae voando desde detrás do cercado dos dentes, coma un paxaro [...] ou ben flúe coma un río: por iso *речь* (rech) ‘fala’ e *река* (reka) ‘río’ proceden da raíz común *ри* ou *рь*, grega *ρεω* [...] Pero é o sáns-crito o que une aínda máis claramente na mesma raíz os conceptos de palabra, de río ou auga e de luz; *nad* - ‘falar’ e ‘lucir’, de onde sae o substantivo *nada* ‘río’ (Буслев, 1854: 36).

Dal compartía tamén esta mesma opinión cando escribía que as palabras *река* (reka) ‘río’ e *речной* (rechnói) ‘fluvial’, “probablemente, son da mesma raíz [ca *речь* (rech) ‘fala’ - V.M.], pero afastaronse e son independentes”. Desafortunadamente, os etimólogos contemporáneos esquecen esta relación lóxica, confirmada por moitos feitos, e deixan sen mencionalo paralelismo semántico na análise das palabras correspondentes.

Para o verbo *точить* (tochit) este paralelismo foi, segundo parece, moi común no tempo da formación da unidade fraseolóxica eslava oriental *точить балы* (*балысы, лясы*) (tochit bali (baliasi, liasi)). Aínda agora na lingua rusa está viva a combinación

<i>расточать</i> (<i>напрасно</i>)	<i>prodigar</i> (<i>en van</i>) os	‘falar intentando (en
<i>речи</i>	<i>discursos</i>	van) conseguir certo obxectivo’,

e nos dialectos atópase o verbo *точать* (tochat), *точить* (tochit) precisamente cos significados de ‘falar, contar’ (rexións: de Vorónej, do Don), ‘reñer, reprender’ (rexión de Kazán). No fraseoloxismo predominaba, naturalmente, o significado directo ‘botar (un líquido)’ concretado polos compoñentes *балы* (bali), *балысы* (baliasi), *лясы* (liasi). Pouco a pouco, ó ser sometido á variabilidade activa, este verbo desementizouse, converteuse en “palabra baleira”, e consecuentemente o fraseoloxismo *балысы точить* (baliasi tochit) e semellantes penetraron na serie dos xiros formados mediante a disgregación dos correspondentes verbos co significado de ‘falar’.

⁷⁵ А.С.Пушкин. “Сказка о царе Салтане”.

Así, o material das falas populares amosa que a interpretación histórica do xiro

<i>точить балясы</i> (ба́лы, ля́сы)	(tochit baliasi (bali, liasi))	<i>tornea-los ba- laústres</i>	‘pasa-lo tempo con lérias, fa- lar por falar (por non estar calados), es- tar de parola sen obxectivo ningún’,
--	-----------------------------------	------------------------------------	---

proposta por Vinográdov, pode ser considerada como errónea. O concepto de proceso de produción, que consiste en tornear-los balaústres esculpidos, suposto por esta hipótese, puido desenvolverse só secundariamente, cando na fala literaria se estenderon os significados do homónimo *балясы* (baliasi) ‘piariños esculpidos’ e *точить* (tochit) ‘tornear’. E o mesmo xiro

<i>точить балясы</i> (ба́лы, ля́сы)	(tochit baliasi (bali, liasi))	<i>esparexe-las lerias</i>	‘pasa-lo tempo con lérias, fa- lar por falar (por non estar calados), es- tar de parola sen obxectivo ningún’
--	-----------------------------------	--------------------------------	--

xurdiu moito antes do século XVIII. Isto indícanolo sobre todo a área do modelo fraseolóxico dado: as variantes máis diversas deste xiro conserváronse na fala popular dos rusos, ucráinos e bielorrusos, o que testemuña unha procedencia eslava oriental común, probablemente rusa antiga, desta combinación. A motivación orixinal do xiro *точить ба́лы* (*балясы, лясы*) (tochit bali (baliasi, liasi)) era ‘esparexer sons, botar discursos’.

O desenvolvemento deste xiro, consecuentemente, está relacionado coa progresiva perda da motivación e co cambio de esfera de uso (en todo caso, no transcurso do seu desciframento polos etimólogos). Desprendéndose da masa das variantes fixadas para este modelo fraseolóxico nas falas, o xiro

<i>точить балясы</i> (ба́лы, ля́сы)	(tochit baliasi (bali, liasi))	<i>esparexe-las lerias</i>	‘pasa-lo tempo con lérias, fa- lar por falar (por non estar calados), es- tar de parola sen obxectivo ningún’
--	-----------------------------------	--------------------------------	--

obtivo a codificación literaria. No seu camiño cara á lingua literaria pasou as etapas bási-

cas da fraseoloxización descubertas por Larin: “a perda histórica da realidade” (no caso dado, o esquecemento da base interxectiva dos compoñentes), “enriquecemento semántico durante a metaforización inicial”, “a perda dos detalles” (Ларин, 1956: 220). Sen embargo, o fraseoloxismo

точить балясы (ба́лы, ля́сы)	(tochit baliasi (bali, liasi))	esparexe-las lerias	‘pasa-lo tempo con lerias, fa- lar por falar (por non estar calados), es- tar de parola sen obxectivo ningún’
---------------------------------	-----------------------------------	------------------------	--

conservou a súa semántica inviolable. A estabilidade semántica, regularizada en determinada medida tamén pola estabilidade da estrutura, foi, falando con propiedade, o único eslabón seguro, ó que se podía agarrar un durante a análise desta unidade fraseolóxica.

A transformación formal activa e a estabilidade relativa, que son dúas características tipolóxicas dos fraseoloxismos, abren unhas perspectivas amplas para a súa análise histórica. Son precisamente as propiedades semánticas da unidade fraseolóxica as que xustifican a súa designación como combinación fixa; e son tamén as que poden chegar a se-lo momento inicial do descubrimento dos amplos modelos fraseolóxicos interlingüísticos e, máis amplamente, do descubrimento da interacción dos últimos cos “modelos dos estereotipos” da cultura (comp. Чистов, 1986: 112).

Por suposto, non fai falta absolutiza-la estabilidade da semántica fraseolóxica nos marcos dun fraseoesquema determinado. Pódese denominar estabilidade flexible, que, non obstante, inflúe principalmente na formación das series fraseolóxicas e regulariza a súa creación e funcionamento.

* * *

A análise do noso material permítenos propoñer unha solución obxectiva para o dilema “estabilidade /inestabilidade”. A contraposición destas dúas propiedades dos fraseoloxismos ten que ser entendida dialecticamente como unha das manifestacións da interacción de identidade e diferenza, o dinamismo da cal foi acentuado por F.Engels. No seu libro *Dialéctica da natureza*, criticando a comprensión metafísica do principio de identidade, escribía: “[...] a maioría dos naturalistas aínda imaxinan que a identidade e a diferenza son contrariedades incompatibles, e non que son polos unilaterais que só representan algo verdadeiro na súa interacción, na incorporación da diferenza na identidade”⁷⁶.

⁷⁶ **Nota do orixinal:** Маркс К., Энгельс Ф. Соч. [Марх К., Engels E. Obras, traducido ó ruso]. 2-е изд. Т.20. Пáх.531.

Tal interacción é tamén natural para as unidades lingüísticas de distintos niveis e para as combinacións destas unidades no texto.

Na fraseoloxía a estabilidade e a inestabilidade están en interacción estreita, supóñense unha á outra e aseguran o funcionamento e a dinámica do contexto fraseolóxico. A variabilidade fraseolóxica habitualmente só é posible en tanto que o fraseoloxismo conserva indicios da palabra: a variabilidade formal (paradigmática e de formación de palabras) da unidade fraseolóxica case non se distingue en nada da variabilidade léxica. E a estabilidade maniféstase precisamente durante a variabilidade especificamente fraseolóxica que é a dos compoñentes da combinación, e parcialmente tamén na variabilidade sintáctica: as substitucións léxicas dos compoñentes e os cambios de cantidade (ou de orde) na súa composición, polo xeral, non violentan a súa identidade semántica, nin tampouco a súa homoxeneidade estrutural. Como a estabilidade determinada de tal maneira é característica precisamente da variabilidade que é natural para o fraseoloxismo (a diferenza da palabra), entón pode considerarse como o índice diferenciador da unidade fraseolóxica.

A mobilidade e a inestabilidade dos parámetros léxicos dos fraseoloxismos aseguran o seu dinamismo, a súa disposición á constante renovación e aumentan a súa expresividade, tan importante para o seu funcionamento. A estabilidade dos índices puramente fraseolóxicos garante a identidade do fraseoloxismo, a comprensión da súa imaxe, estando presentes tódalas diferenzas da súa encarnación formal, e fixa a unidade fraseolóxica no tempo e no espazo.

II

MODELABILIDADE /INMODELABILIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS

A constatación do carácter modelable da lingua en distintos niveis chega a ser un axioma na lingüística contemporánea. As aproximacións á investigación desta importante propiedade son tan diversas, que producen distintas definicións do concepto “modelo”: desde un esquema relativamente concreto da disposición regular dos elementos nas unidades lingüísticas ata unha construción científica hipotética, un constructo que non forma parte da lingua como sistema. Unha interpretación tan distinta do termo “modelo” non crea contradicións: é, en realidade, unha consecuencia obxectiva da comprensión dialéctica máis común do modelo, tanto do modelo-interpretación, como do modelo-descripción.

Calquera comprensión do modelo en lingüística, estreita ou ampla, non obstante, supón que este ten que reflecti-la esencia interna da unidade lingüística a unha ou outra escala. A modelabilidade que é característica para tódolos niveis da lingua, segundo a opinión acertada de V.Skalička, é unha noción estrutural, tipolóxica: “O modelo interno significa que dúas ou máis partes que son compoñentes da lingua (ou doutra estrutura) dalgunha maneira son semellantes unhas ás outras e que esta semellanza como tal “estase experimentando”. Esta “experiencia” pode ser de distintos tipos” (Skalička, 1973: 21). Un dos tipos de tal “experiencia de semellanza”, segundo parece, é precisamente o modelo fraseolóxico.

A noción “modelo fraseolóxico” ata hai pouco tempo considerábase como radicalmente imposible. A irregularidade, tanto estrutural, como, ante todo, semántica, recoñecíase como a cualidade fundamental do fraseoloxismo. A estrutura individual, a imaxibilidade, as peculiaridades nacionais, a irrepetibilidade semántica, a intraducibilidade literal a outro idioma, a perda das relacións sintácticas exteriores (nunha palabra, a idiomaticidade) servíalles a moitos investigadores como argumento indiscutible a favor da inmodelabilidade das unidades fraseolóxicas.

[...] A fraseoloxía non é, en esencia, un problema lingüístico xeral, senón só lexicolóxico, lexicográfico [...] - escribía G.O.Vinokur. - Non son uns hábitos sintácticos característicos ou unha construción especial da frase, os que dan a fisionomía fraseolóxica da fala, senón os xiros preferidos de palabras, “as expresións”. A fra-

seoloxía non é a composición da fala, senón a súa fábula e o seu tema (Винокур Г.О., 1929: 146).

A “fabulidade” ou, noutras palabras, a imaxibilidade da fraseoloxía e a individualidade dos “hábitos sintácticos” motivada por ela chegaron a se-lo leitmotiv das obras dedicadas á análise funcional dos fraseoloxismos. Precisamente a énfase nas funcións estilísticas das unidades fraseolóxicas, tan característica das concepcións de Ch.Bally e V.V.Vinográfov, mantivo viva esta tradición.

Moitos ilustres fraseólogos soviéticos que insisten en que o fraseoloxismo é unha estrutura non modelable, na práctica, sen embargo, con frecuencia amosan a súa modelabilidade, polo menos, estrutural. O feito de que o fraseoloxismo é modelable descóbrese inevitavelmente, cando o investigador pasa da análise funcional á análise do modo de formación das combinacións. Así, por exemplo, S.I.Ójegov destaca un tipo de fraseoloxismos rusos, formados segundo un modelo (Ожеров, 1957: 45), e N.M.Xanskii proporciona exemplos de “fraseoloxismos modelados”, como

<i>берёзовая каша</i>	<i>kaxa</i> ⁷⁷ de bidueiro	‘unha serie de golpes dados con unha(s) vara(s) de bidueiro’
<i>живой труп</i>	<i>o cadáver vivo</i>	‘persoa moi enferma, agotada, que se atopa entre a vida e a morte’; ‘persoa que perdeu o interés pola vida’; ‘unha persoa desolada moralmente’
<i>городить чушь</i>	<i>cerca-lo disparate</i>	‘dicir tonterías’

e outros (Шанский, 1985: 95).

2.1. Modelabilidade estrutural

A tese da modelabilidade estrutural das unidades fraseolóxicas conta cada vez con máis partidarios. Os investigadores soviéticos indicaban reiteradamente a posibilidade de compoñer as series fraseolóxicas segundo os modelos gramatico-estruturais. As clasificacións segundo os indicios gramatico-estruturais úsanse amplamente na análise dos feitos. Un dos ensaios máis fructíferos deste tipo é a monografía de M.F.Palévskaja *Os modelos principais das unidades fraseolóxicas [...] (Палевская, 1972)*, onde a noción do modelo chega a se-la base da descrición da fraseoloxía do século XVIII. Os modelos fraseolóxicos divídense, á súa vez, en dous tipos: iguais á combinación de palabras e

⁷⁷ *Kaxa* é unhas papas típicas rusas de cereais cocidos con leite ou auga, que eventualmente poden levar carne, cabaza, etc.

iguais á frase e unha serie de subtipos, agrupados segundo o indicio gramatical, tendo en conta a semántica dos fraseoloxismos.

A **construcción sintáctica** denomínase acertadamente na maioría dos casos **materialización lingüística concreta do modelo estrutural do fraseoloxismo**: isto dedúcese da formación separada da combinación de palabras. É precisamente a modelabilidade sintáctica a que permite determinar algunhas clases de fraseoloxismos como formacións tipolóxicas. No plano diacrónico existe unha constante interacción entre os modelos activos sintácticos de combinacións libres e os fraseoloxismos. Por iso non teñen éxito as tentativas dalgúns lingüistas de indica-las diferencias principais entre os sintagmas fraseolóxicos e os non-fraseolóxicos, segundo os seguintes parámetros: “a disposición” da reprodución das primeiras e a “novidade” das segundas, “a inhabitualidade semántica” e “a habitualidade semántica”, “invariabilidade” ou “variabilidade limitada” /“unha variabilidade máis libre”, etc. En esencia, a análise complexa de combinacións de palabras de varios tipos mostra que, en principio, nas linguas eslavas case non hai diferencias entre os modelos sintáctico-estruturais de fraseoloxismos e as combinacións libres.

Desta maneira, é posible considera-la modelabilidade estrutural das unidades fraseolóxicas como unha das manifestacións daquela tendencia lingüística común á “experiencia da semellanza”, á que se refería Skalička. Os investigadores contemporáneos testemuñan a modelabilidade estrutural mesmo nas esferas da fraseoloxía que parecen máis individuais, como os tautoloxismos ou os xiros cun nome propio. Sen ter en conta a modelabilidade da estrutura da fraseoloxía, a súa análise actual é imposible.

Do mesmo xeito que a comprensión do modelo en xeral tanto pode ser extremadamente estreita, como extraordinariamente ampla, igual acontece coa interpretación do modelo fraseolóxico-estrutural. Na presente obra **o modelo fraseolóxico-estrutural compéndese como tipo das construcións sintácticas, segundo o cal se forma unha serie de combinacións estables**. O modelo estrutural é a armazón do fraseoloxismo, é un dos factores que aseguran a súa estabilidade e reproducibilidade, e que en certa medida incluso regula a súa identidade semántica. Cómpre, por suposto, acentualo carácter relativo da identidade formal e semántica asegurada polo modelo estrutural fraseolóxico. A variación activa das series fraseolóxicas pode “alterar” considerablemente o modelo estrutural inicial, e a influencia da analoxía errónea e da contaminación pode alteralo ata tal punto que non poida ser recoñecido. Sen embargo, a posibilidade de “alteración” do modelo estrutural da unidade fraseolóxica só testemuña a relatividade do seu papel regulador e a conservación da identidade formal e semántica dun xiro estable. O feito da relatividade da conservación de identidade do modelo sintáctico esixe do investigador unha prudencia especial durante a pescuda do prototipo concreto deste modelo. Para isto é necesario compilar a máxima cantidade posible de material concreto, e sobre todo de material da fala viva. É precisamente nela onde se forma o conxunto principal de modelos e series fraseolóxicas nacionais.

2.2. Modelabilidade semántico-estructural

A transformación do modelo estrutural do fraseoloxismo, como regra xeral, espéllase na súa semántica dun modo ou outro. En particular, a ampliación dos límites da variabilidade aumenta a importancia dos compoñentes e a divisibilidade semántica da combinación. Ó mesmo tempo a semántica fraseolóxica limita categoricamente a variabilidade do fraseoloxismo. O concepto *modelo fraseolóxico* semantízase cada vez máis, elabórase pouco e pouco a súa definición que ten en conta as características, tanto estruturais como semánticas, da serie fraseolóxica expresada por este modelo. Por exemplo, a definición “cada modelo é a unión dalgunhas variantes relacionadas coas variedades semánticas e estruturais dentro de cada tipo”⁷⁸, está próxima á noción da “invariante-esquema” do tipo “*толочы ‘machacar’ - вода ‘auga’ - ступа ‘morteiro’*”; comp.:

<i>толочы вóду в стýпе</i>	<i>machaca-la auga nun morteiro</i>	‘pasa-lo tempo con actividades radicalmente inútiles’
<i>носіть вóду решето́м</i>	<i>leva-la auga coa peneira</i> ⁷⁹	‘pasa-lo tempo con actividades radicalmente inútiles’.

O modelo fraseolóxico representa a unidade dos tipos semánticos e estruturais.

Cómpre acentuar que a comprensión do modelo fraseolóxico como unha invariante semántico-estructural dunha serie de fraseoloxismos está moi próxima á noción de serie fraseolóxica, que foi presentada por primeira vez por V.L.Arghánguelskii e que agora investigan outros fraseólogos. É significativo que as nocións **serie fraseolóxica** e **serie semántica de fraseoloxismos** sexan case analóxicas, o que testemuña unha interacción abondo estreita da estrutura e da semántica en modelos de xénero semellante. Por suposto, a correlación da identidade estrutural e semántica será distinta e dependerá do tipo de unidade fraseolóxica. Así, a uniformidade relativa dos modelos estruturais da fraseoloxía comparada xustifica a acentuación do *criterio lóxico-lingüístico*, é dicir, semántico, que se pon na base da noción do modelo. Tal comprensión aproxima a definición de modelo fraseolóxico á noción de motivo fraseolóxico, ou de idea común, segundo a que se organizan as combinacións. Por exemplo, a modelación da fraseoloxía comparada checa e rusa co significado común ‘beber moito alcol, emborracharse’ amosa a preponderancia precisamente da característica semántica, de xeito que se conserva a identidade do modelo fraseolóxico dado.

O modelo estrutural das comparacións fixas é semanticamente case non marcado: serve, en realidade, para tódolos grupos temáticos. Outra cousa é, por exemplo, o modelo es-

⁷⁸ **Nota do orixinal:** Бурмистрович Ю. Я. Образование фразеологизмов как процесс, осуществляемый по моделям [Burmistróvich Ju. Ia. A formación de fraseoloxismos como o proceso que se realiza segundo os modelos] // Вопросы семантики фразеологических единиц. [As cuestións de semántica das unidades fraseolóxicas]. Новгород, 1971. Parte 1. Pax.12.

⁷⁹ Comp. en galego os xiros *apañar auga coa (na) peneira; coller auga cun (nun) cribo (cunha (nunha) criba)* ‘facer algo inútil, en balde’.

tractural do tipo “*распускать* ‘afrouxar’ + *губы* ‘labios’” = ‘chorar, choromicar, queixarse’, por exemplo,

<i>распустить нюни (губы);</i>	<i>te-los beizos afrouxa-</i>	‘chorar, choromicar,
dialectal <i>распустить брылы (губы)</i>	<i>dos</i>	queixarse’.

A unión da característica semántica coa estrutural ofrece en tales casos a posibilidade non só de distingui-los modelos fraseolóxicos dunha serie doutros modelos e limitalos no plano da área, senón tamén de facer un comentario histórico. En tales casos, a estabilidade do modelo apóiase de igual modo na estrutura e na semántica do fraseoesquema. Como amosan as observacións, para a maioría de modelos fraseolóxicos é característica precisamente tal unidade das constantes estruturais e semánticas, por suposto, relativas, en determinada medida. Por iso **comprendémo-lo modelo fraseolóxico como a variante semántico-estructural das combinacións estables que espella esquematicamente a estabilidade relativa da súa forma e semántica.**

Descubriendo tales modelos, debemos prestar unha atención especial á forma interna do fraseoloxismo, xa que esta é precisamente, a que serve de base para a agrupación das series fraseolóxicas. Como a formación do fraseoloxismo é a materialización dun contido determinado seguindo uns modelos lingüísticos regulares, é precisamente a motivación primitiva a que ten que se-la base para a modelación obxectiva da serie fraseolóxica. Esta análise, en principio diacrónica, é moi importante tamén para a investigación obxectiva das peculiaridades funcionais das unidades fraseolóxicas, o que está condicionado pola interacción estreita entre forma interna e semántica completa, que é unha das propiedades máis importantes da fraseoloxía entendida como medio expresivo da lingua. Consecuentemente, a modelación non é posible se non se toma en consideración a forma interna do fraseoloxismo, tanto durante a análise diacrónica, como durante a sincrónica. Por outra parte, os modelos semántico-estructurais revelados obxectivamente, permiten chegar ó fondo da esencia dos fraseoloxismos, descubri-los matices adicionais da súa semántica que asegura a súa especial expresividade fraseolóxica.

2.3. Modelabilidade e análise tipolóxica da fraseoloxía

A posibilidade da modelación semántico-estructural dos fraseoloxismos permite utilizar este método na análise comparativo-tipolóxica da fraseoloxía das distintas linguas.

Imos realizar unha descrición tipolóxica comparada de dous sistemas fraseolóxicos, o ruso e o checo, en canto ó material das combinacións estables co significado común de ‘pegar, castigar’. O carácter tipolóxico da comparación destes sistemas fai posible prescindir dalgunhas características que son moi importantes para a análise diacrónica, ante todo da característica da área xeográfica e da estatística (a actividade do uso). A acenuación da análise semántica profunda (é dicir, da tipoloxía da forma interna primitiva) permite deixar de lado tamén as características estilísticas dos xiros que se describen,

aínda que sexan moi importantes, por exemplo, nunha contraposición puramente funcional. En fin, como a modelación supón unha esquematización, unha determinada abstracción da forma concreta e do significado dos fraseoloxismos, os seus matices semánticos, así como a súa polisemia, non se toman en consideración. En particular, na serie común considéranse os fraseoloxismos cos significados ‘castigar mediante golpes, agresión física,’ e ‘castigar mediante unha agresión moral, reñer’, xa que en raros casos representan unha característica común da serie que se analiza e son difíciles de diferenciar.

Por suposto, os resultados da comparación de dous sistemas fraseolóxicos están condicionados en gran medida pola plenitude e competencia dos documentos. Os documentos que tratamos poden ser considerados dun valor relativamente igual: o material ruso foi extraído de numerosos dicionarios, ficheiros e investigacións, tanto literarios como dialectais; o material checo foi extraído da recompilación *Os refráns populares* de J.Zaorálek (véxase: Zaorálek, 1963), que distribuiu escrupulosamente o material recollido segundo un principio ideográfico, e adicionalmente, dos dicionarios checos máis recentes, dos ficheiros, etc.

O grupo de fraseoloxismos co significado común de ‘pegar, castigar’, segundo parece, é moi útil para a demostración do método da modelación semántico-estructural na comparación de dous sistemas fraseolóxicos. Este grupo distínguese, por unha parte, por estar marcado no plano estrutural dunha forma moi notable (por exemplo, a actividade do modelo estrutural “*дать* ‘dar’ + substantivo” do tipo do

ruso

<i>дать трѣпку</i>	<i>dar unha espadelada</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
--------------------	----------------------------	--

checo

<i>dát ránu</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pegar’);
-----------------	---------------------	--------------------

por outra parte, por unha estabilidade semántica abondo alta, condicionada pola súa forte expresividade; e ademais, pola diversidade de motivacións que serven de base para aquela parte da fraseoloxía *percutiente* (é dicir, relacionada coa acción de golpear), que se creou coas metáforas (comp., por exemplo:

ruso

<i>угостить долгим яй- цом</i>	<i>agasallar co ovo longo</i>	‘pegar cun pao’
------------------------------------	-------------------------------	-----------------

<i>почистить пряжку</i>	<i>limpa-la fibela</i>	‘golpear con forza na cara’
-------------------------	------------------------	-----------------------------

<i>накормить блинками</i>	<i>dar de come-las fi- lloíñas</i>	‘golpear empuxando unhas cantas veces’
---------------------------	--	--

checo

<i>blagoslovit kyjem</i>	<i>bendicir cunha moca</i>	‘pegar cunha moca’
<i>namazat záda lískovým sádlem</i>	<i>unta-lo lombo con manteiga de noguei- ra</i> ⁸⁰	‘golpear, pegar cunha vara de nogueira no lombo’
<i>natisknout vizitky</i>	<i>imprimi-las tarxetas de visita</i>	‘pegar na cara’.

Estas propiedades das combinacións do grupo ofrecen a posibilidade de mostrar tanto a modelación que ten en conta, en igual medida, as peculiaridades estruturais e semánticas da serie de fraseoloxismos, como a modelación que se apoia con preferencia nunha destas peculiaridades.

A análise das series fraseolóxicas co significado común ‘pegar, castigar’ nas linguas rusa e checa mediante o método da modelación semántico-estructural permite distinguir cinco modelos básicos:

1) fraseoloxismos coa estrutura “*дать (dát)* ‘dar’ + substantivo ou a súa perífrase co significado ‘golpe’⁸¹:

<i>дать пórку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>дать пощёчину</i>	<i>dar unha labazada</i>	‘golpear na meixela’ ⁸²
<i>dát ránu</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pegar’
<i>dát pohlávek</i>	<i>dar unha covachada</i>	‘golpear na covacha’ ⁸³ ;

2) fraseoloxismos coa estrutura “verbo causativo + substantivo ou a súa perífrase co significado ‘golpe’⁸⁴:

<i>навѣсить колотушек</i>	<i>colga-las losqueadas</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>всѣпать пórки</i>	<i>botar dentro unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>sázet kopy</i>	<i>poñe-los empuxóns coa perna ou co pé</i>	‘empuxar varias veces seguidas coa perna ou co pé’
<i>dělat třepanky</i>	<i>face-la sacudida</i>	‘golpear, pegar’;

3) fraseoloxismos coa estrutura “verbo con significado ‘golpear, pegar’ + substantivo ou

⁸⁰ Comp. en galego *untarlle o lombo a alguén* ‘golpear, pegar no lombo a alguén’.

⁸¹ Achegamos un exemplo analóxico galego: *dar unha boa felpa* ‘golpear, pegar varias veces seguidas’.

⁸² Comp.: *щекá* ‘meixela’ - *пощёчина* ‘labazada’.

⁸³ Comp.: *hlava* ‘cabeza’ - *pohlávek* ‘covachada’.

⁸⁴ Neste caso un exemplo analóxico galego pode ser: *facen unha cañeira en alguén* ‘golpear, pegar varias veces seguidas’.

a súa combinación cunha preposición que designa a dirección do golpe”⁸⁵:

<i>за́ехать в мо́рду</i>	<i>chegar ata o fociño</i>	‘golpear unha vez na cara’
<i>наколоті́ть загі́ровок</i>	<i>golpear moito a cerviz</i>	‘golpear unhas cantas veces na caluga’
<i>natřást hubu</i>	<i>sacudi-lo fociño</i>	‘golpear na cara’
<i>vtělit na usedlost</i>	<i>encarnar no cu</i>	‘golpear nas nádegas’;

4) fraseoloxismos coa estrutura “verbo con significado ‘pegar’ + substantivo ou combinación que denomine a ferramenta do golpe”⁸⁶:

<i>огреть дубі́нкой</i>	<i>pegar cunha moca</i>	‘golpear cunha moca’
<i>хваті́ть плётью</i>	<i>pegar cun azoute</i>	‘golpear cun azoute’
<i>blahoslovit kyjem</i>	<i>bendicir cunha moca</i>	‘golpear, pegar cunha moca’
<i>přeměřit dubový́m lo- ktem</i>	<i>volver medir co cóba- do de carballo</i>	‘golpear, pegar cun pao de carballo’;

5) fraseoloxismos coa estrutura “verbo co significado ‘pegar’ + unha palabra, unha combinación ou unha frase que denomina a calidade (ante todo, a forza) do golpe”⁸⁷:

<i>битко́м бить</i>	<i>golpear a golpes</i>	‘golpear con forza’
<i>порóть как сідорову ко́зу</i>	<i>xostrear coma quen xostrea a cabra de Sidor</i> ⁸⁸	‘xostrear con forza’
<i>zmalovat namodro</i>	<i>pintar en azul</i>	‘pegar ata que apare- zan negróns’
<i>zkopat, jak financ kozu</i>	<i>empuxar varias veces seguidas como o re- cadador á cabra</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza’.

Cada modelo analízase detalladamente e realízase unha clasificación das unidades fraseolóxicas nos límites de cada modelo, sendo o seu criterio fundamentalmente semántico, ou máis exactamente, retrospectivo-semántico; é dicir, o criterio é a forma interna. Compárese: o criterio principal da distribución arriba presentada é a estrutura da unidade fraseolóxica.

⁸⁵ Un exemplo galego é *medirlle as costas a alguén* ‘golpear no lombo’.

⁸⁶ Un exemplo galego é *alumar con pallas mortas* ‘golpear’.

⁸⁷ Pódese achegar un exemplo galego *bourar coma en saco de la* ‘golpear con forza’.

⁸⁸ *Sidor* é un nome propio ruso masculino.

Analízanse especialmente os fraseoloxismos de diversa estrutura que expresan metaforicamente o significado ‘golpear, pegar, castigar’:

<i>наста́вить ба́нок</i>	<i>poñer moitas ventosas</i>	‘golpear, pegar’
<i>намы́лить го́лову</i>	<i>xabonea-la cabeza</i>	‘golpear, pegar na cabeza’
<i>вы́топить сухую́ ба́ню</i>	<i>quenta-la bania seca</i> ⁸⁹	‘golpear, pegar’ varias veces seguidas
<i>накорми́ть бли́нками</i>	<i>dar de come-las fi-lloíñas</i>	‘golpear empuxando unhas cantas veces’
<i>sázet baňky</i>	<i>poñe-las ventosas</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza, producindo croques’
<i>namastit zádá dřevě-ným olejem</i>	<i>unta-lo lombo con aceite de madeira</i>	‘golpear, pegar cun pao no lombo’
<i>bez louhu mýt</i>	<i>lavar sen álcali</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>vyprašit frak</i>	<i>sacudi-lo frac</i> ⁹⁰	‘golpear, pegar varias veces seguidas’.

Tal descrición agrupa xenericamente os tipos principais da motivación interna nos límites dos cinco modelos estruturais mencionados. Facendo esta xeneralización, partiremos das cualidades semánticas do fraseoloxismo, prescindindo da súa estrutura.

Dun xeito rigoroso, poderíase utiliza-lo criterio semántico como base dunha clasificación doutro tipo; esta clasificación sería dual: os fraseoloxismos inimáxicos

<i>дать по́рку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>врёзать в мо́рду</i>	<i>gravar no fociño</i>	‘golpear na cara’
<i>dát ránu</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pegar’
<i>všemi pěti přes hubu dát</i>	<i>dar polo fociño con todos cinco</i> ⁹¹	‘pegar na cara coa man’

e os imáxicos. Unha tal distribución, que metodoloxicamente é máis correcta, requiriría, sen embargo, unha dobre transcripción do mesmo material. Ademais, unha tal aproximación provocaría a necesidade de distribuír, en forma moi detallada e abondo problemáti-

⁸⁹ *Bania* é unha especie tradicional rusa de sauna con baño (o establecemento e o proceso), pero con vapor húmido, non seco.

⁹⁰ Comp. en galego *sacudirlle o po da chaqueta* ‘golpear, pegar a alguén’.

⁹¹ Comp. en galego *poñe-los cinco dedos na cara a un* ‘darlle unha labazada’.

ca, os fraseoloxismos imáxicos en subtipos, segundo o grao de intensidade expresiva dos seus compoñentes. É moito máis razoable realizar unha tal característica dos compoñentes dentro dos límites dos modelos estruturais presentados abaixo.

2.3.1. Modelo 1 “*дать что = бить*” ‘dar q u e = golpear, pegar’

Este modelo é o esquema semántico-estructural máis productivo da formación dos fraseoloxismos analizados, tanto en ruso coma en checo. Podemos consideralo o modelo dominante na fraseoloxía rusa e, como amosou L.A.Bútoreva⁹² nas súas obras, tamén para toda a fraseoloxía eslava oriental. Este modelo pode ser distribuído entre uns cantos tipos:

1. As combinacións do verbo *дать*⁹³ (*dát*) ‘dar’ cos substantivos, procedentes de verbos co significado golpeante. Este tipo de unidades fraseolóxicas foi, como podemos observar, o orixinal para todo o modelo. Segundo o noso material, este tipo é especialmente activo na lingua rusa.

Toda a serie de substantivos (procedentes de verbos) que forman parte dos xiros deste modelo, coméntase de maneira única coas referencias ós verbos correspondentes, fixados nos dicionarios e nos ficheiros⁹⁴.

<i>дать ба́бку</i> (бу́бны, бу́- ханцо́в)	<i>dar unha pu- ñada</i>	‘pegar co pu- ño’	<i>бабахнуть,</i> <i>бухнуть</i> ‘gol- pear, pegar’
<i>дать би́ту</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>бить</i> ‘golpear, pegar’
<i>дать бо́йну</i> (ва́лю)	<i>dar unha serie de golpes (un golpe que fai caer a un)</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas (pegando, fa- cer caer)’	<i>бить</i> ‘golpear, pegar’; <i>ва- лить</i> ‘facen caer pegando’
<i>болту́ху дать</i>	<i>dar unha laba- zada</i>	‘pegar na cara coa man’	<i>болтать</i> ‘sacu- dir’
(за)да́ть бу́чку (ва́лку)	<i>dar unha serie de golpes sa-</i>	‘pegar varias veces segui-	<i>бучить</i> ‘sacu- dir’; <i>валить</i>

⁹² **Nota do orixinal:** Véxase: Буторева Л.А. Полевая структура восточнославянской глагольной фразеологии с “дать” [Bútoreva L. A. A estrutura de campos da fraseoloxía dos verbos eslavos orientais] // Вопросы фразеологии [As cuestións da fraseoloxía], 9. Самарканд, 1975. Páxs.176-186.

⁹³ Ou do seu correspondente imperfectivo *давать* ‘dar’ e do verbo, neste caso sinónimo, *зада́ть* ‘dar’.

⁹⁴ É dicir, as expresións dadas son extensións perifrásticas dos verbos correspondentes que na versión galega están presentadas ó lado do significado de cada expresión.

	<i>cuclindo a un (facendo caer a un)</i>	das, sacudin- do (facendo caer)’	‘facer caer pegando’
<i>дать (задать) взбұчку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>взбучить</i> ‘golpear, pe- gar’
<i>дать вздёрку</i>	<i>dar unha xos- trada</i>	‘xostrear’	<i>драть</i> ‘xostre- ar’
<i>задать вздұвку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>вздуть</i> ‘golpe- ar, pegar’
<i>взмётку дать</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>взмётнуть</i> ‘golpear, pe- gar con forza’
<i>дать вертá (вертұху)</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘facer caer e pegar varias veces segui- das’	<i>вертеть</i> ‘facer xirar golpean- do’
<i>давать влұпки</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>влупить</i> ‘gol- pear, pegar’
<i>дать вы́гоны</i>	<i>dar unha serie de golpes “ex- pulsantes”</i>	‘golpeando, expulsar dal- gún sitio’	<i>гнать</i> ‘expulsar dalgún sitio golpeando’
<i>вы́дер (вы́дер- ку) дать</i>	<i>dar unha xos- trada</i>	‘xostrear’	<i>выдрать</i> ‘xos- trear’
<i>дать вы́став- ку</i>	<i>dar unha serie de golpes “ex- pulsantes”</i>	‘golpeando, expulsar dal- gún sitio’	<i>выставить</i> ‘ex- pulsar dalgún sitio golpean- do’
<i>задать вы́таску</i>	<i>dar unha serie de golpes ti- rándolle a un de algo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas, ti- rándolle a un de algo’	<i>таскать</i> ‘tirar (a un de al- go)’
<i>дать вы́ческу</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>вычесать</i> ‘ras- car’, figurado ‘golpear moi-

			to e con forza’
<i>зада́ть го́ну</i>	<i>dar unha serie de golpes “expulsantes”</i>	‘golpeando, expulsar dalgún sitio’	<i>гнать</i> ‘expulsar dalgún sitio golpeando’
<i>дать да́вку</i>	<i>dar unha soba</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>давить</i> ‘apretar, esmagar; sobar’
<i>дать де́рку (де́ру, до́рку, долбу́шку)</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’	<i>драть</i> ‘xostrear’; <i>долбить</i> ‘golpear moi to tempo’
<i>драні́ны да́ть</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’	<i>драть</i> ‘xostrear’
<i>да́ть (дава́ть) дра́нки (дра́нку)</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’	<i>драть</i> ‘xostrear’
<i>да́ть прозді́ (ду́баса)</i>	<i>dar un golpe forte)</i>	‘golpear con forza’	<i>прознуть</i> ‘golpear con forza’, <i>дубасить</i> ‘golpear con forza’
<i>да́ть ду́ху (за-трё́шину, ко-лотóвку, ко-лоту́шку)</i>	<i>dar unha losqueada</i>	‘golpear, pegar na cara coa man ou co puño’	<i>дуть</i> ‘golpear’; <i>треснуть</i> ‘golpear’; <i>колотить</i> ‘golpear’
<i>да́ть ласка́туху</i>	<i>dar un golpe /cóxegas</i>	‘golpear, pegar’	<i>лоскотать, лоскнуть</i> ‘golpear; facer cóxegas; acariciar’
<i>да́ть леша́ (ля-ща́)</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>лёскнуть</i> ‘golpear, pegar’
<i>да́ть лу́скавку</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pegar’	<i>лускать</i> ‘golpear, pegar con ruxido’

<i>дать лупакá</i> (лу́пки)	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, xostrear varias veces seguidas’	<i>лупить</i> ‘golpear, xostrear con forza’
<i>зада́ть лу́пки</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, xostrear varias veces seguidas’	<i>лупить</i> ‘golpear, xostrear con forza’
<i>дать лу́пу (ля́-паса, ля́пу, ляпу́ху)</i>	<i>dar un golpe forte, unha labazada</i>	‘golpear, xostrear varias veces seguidas e con forza; pegar na cara coa man con forza’	<i>лупить, ляпать</i> ‘golpear con forza’
<i>дать ля́ску</i>	<i>dar unha los-queada</i>	‘pegar na cabeza coa man’	<i>ляскнуть</i> ‘golpear con forza e co son alto’
<i>мя́лку (мя́ту) да́ть</i>	<i>dar unha soba</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>мять</i> ‘sobar’
<i>зада́ть (да́ть) мя́тку</i>	<i>dar unha soba</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>мять</i> ‘sobar’
<i>дать нагоня́й (нахлобу́чку)</i>	<i>dar unha serie de golpes “expulsantes”</i>	‘castigar rifando con forza e golpeando’	<i>гонять</i> ‘facen correr’; <i>нахлобучивать</i> ‘poñer (dise do gorro cando o poñen na cabeza)’; figurado ‘golpear, pegar’
<i>дать оплеу́ху (плеу́ху, плю́ху)⁹⁵</i>	<i>dar unha los-queada</i>	‘pegar na cara coa man’	<i>плюхать</i> ‘golpear, pegar’.

⁹⁵ **Nota do orixinal:** Habitualmente os etimólogos relacionan a palabra *оплеуха* (opleúgha) ‘losqueada’ con *плевать* (plevat) ‘cuspir’ - pola relación co hábito de cuspir sobre as mans. A fila dada de frasesoloxismos e todo o modelo presentado testemuñan a súa relación co verbo *плюхать* (pliúghat) ‘golpear, pegar’.

<i>зада́ть пере- ва́лку</i>	<i>dar unha serie de golpes que fai caer a un</i>	‘pegando va- rias veces se- guidas, facer caer’	<i>переваливать</i> ‘facer da-la volta’
<i>дать перевёр- тыша</i>	<i>dar unha serie de golpes que fai caer a un</i>	‘pegando va- rias veces se- guidas, facer caer’	<i>перевернуть</i> ‘facer da-la volta a al- guén’
<i>зада́ть передё- ру</i>	<i>dar unha xos- trada</i>	‘xostrear’	<i>драть</i> ‘xostre- ar’
<i>дать пёрку</i>	<i>dar unha xos- trada</i>	‘xostrear’	<i>прать (пороть)</i> ‘xostrear’
<i>зада́ть пово- ло́чку</i>	<i>dar unha serie de golpes arrastrando a un</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas arrastrando a un polos pe- los’	<i>волочить</i> ‘arrastrar’
<i>по́рки дава́ть</i>	<i>dar unha xos- trada</i>	‘xostrear’	<i>прать (пороть)</i> ‘xostrear’
<i>дать (зада́ть) потасо́вку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>тасовать</i> ‘golpear’
<i>зада́ть поте- рёбку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>потеребить</i> ‘arrancar’
<i>дать пра́нки (пра́нку)</i>	<i>dar unha xos- trada</i>	‘xostrear’	<i>прать (пороть)</i> ‘xostrear’
<i>дать разá</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pe- gar’	<i>разить</i> ‘golpe- ar, pegar’
<i>зада́ть сечь</i>	<i>dar unha va- reada</i>	‘varear’	<i>сечь</i> ‘varear’
<i>сте́банищу за- да́ть</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>стебать</i> ‘vare- ar’
<i>дать сту́манку</i>	<i>dar unha serie</i>	‘golpear, pegar	<i>стукнуть</i> ‘gol-

	<i>de golpes</i>	varias veces seguidas'	pear, pegar'
<i>зада́ть та́ску (тасо́вку)</i>	<i>dar unha serie de golpes tirándolle a un de algo</i>	'golpear, pegar varias veces seguidas tirándolle a un de algo'	<i>таска́ть</i> 'tirar (a un de algo)'
<i>те́рку дава́ть</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	'golpear, pegar, apretar varias veces seguidas'	<i>тере́ть</i> 'raiar'
<i>да́ть токма́ча</i>	<i>dar un golpe /un pao, unha estaca</i>	'golpear, pegar cun pao'	<i>токма́ть</i> 'golpear, pegar'
<i>да́ть толчка́</i>	<i>dar unha puñada</i>	'pegar co puño'	<i>толка́ть</i> 'empuxar'
<i>да́ть трепака́ (тре́пку)</i>	<i>dar unha "espadelada"</i>	'golpear, pegar varias veces seguidas'	<i>трепа́ть</i> 'espadelar'
<i>зада́ть тря́ску</i>	<i>dar unha serie de golpes, sacudindo a un</i>	'golpear, pegar varias veces seguidas sacudindo a un'	трясти 'sacudir'
<i>тря́су да́ть</i>	<i>dar unha serie de golpes, sacudindo a un</i>	'golpear, pegar varias veces seguidas sacudindo a un'	трясти 'sacudir'
<i>да́ть туза́ (тузо́в)</i>	<i>dar unha puñada (unhas puñadas)</i>	'pegar (pegar varias veces seguidas) co puño'	<i>тузи́ть</i> 'golpear, pegar'
<i>надава́ть тузо́в</i>	<i>dar unhas puñadas</i>	'pegar varias veces seguidas co puño'	<i>тузи́ть</i> 'golpear, pegar'
<i>да́ть тузма́на (тужма́на)</i>	<i>dar unha puñada</i>	'pegar co puño'	<i>тузи́ть</i> 'golpear, pegar'
<i>ту́кманки раз-дава́ть</i>	<i>dar unhas puñadas</i>	'pegar varias veces segui-	<i>ту́кмани́ть</i> 'golpear, pe-

		das co puño'	gar'
<i>ту́кманку дать</i>	<i>dar unha puñada</i>	'pegar co puño'	<i>ту́кманить</i> 'golpear, pegar'
<i>дать тыкалѣ</i>	<i>dar un empuxón</i>	'pegar empujando'	<i>тыкать</i> 'empujar'
<i>дать тычка́</i>	<i>dar un empuxón</i>	'pegar empujando'	<i>тыкать</i> 'empujar'
<i>надава́ть хлыс-телѣй</i>	<i>dar unhas xostregadas</i>	'xostrear'	<i>хлестать</i> 'xostrear'
<i>дава́ть хо́ду</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	'golpear, pegar varias veces seguidas'	<i>находить</i> 'golpear, pegar'
<i>дать чѣсу</i>	<i>dar un golpe forte</i>	'golpear, pegar varias veces seguidas'	<i>чесать</i> 'rascar', figurado 'golpear moito e con forza'
<i>задава́ть чо́су</i>	<i>dar un golpe forte</i>	'golpear, pegar varias veces seguidas'	<i>чесать</i> 'rascar', figurado 'golpear moito e con forza'.

Na lista tamén están incluídos aqueles verbos que non expresan o significado de 'golpear' directamente, aínda que están fixados nas fontes coa característica 'pegar, castigar'. Estes verbos encóntranse na serie dada porque sinalan distintos momentos **concretos** relacionados co castigo corporal. Por exemplo, *валить* pode ser comentado semanticamente como 'pegando, facer caer', *гнать* como 'golpeando, expulsar dalgún sitio', etc. Segundo parece, é precisamente esta potencia semántica, é dicir, a posibilidade de desenvolve-lo significado de 'golpear' sen reinterpretalo significado directo, a que asegura a actividade de tales verbos na serie fraseolóxica dada.

A serie fraseolóxica checa, formada segundo este mesmo tipo, non é tan numerosa, e sen embargo é moi activa:

<i>dát bouchanec</i> (<i>buchanec</i>) ⁹⁶	<i>dar unha puñada</i>	'pegar co puño'	<i>bouchat</i> (<i>bouchnouti</i>) 'golpear, pegar'
---	------------------------	-----------------	---

⁹⁶ **Nota do orixinal:** Comp. (sen *dát* 'dar'): *buchanec* 'puñazo'.

<i>dát pár bu- chanců (buchanů)</i>	<i>dar un par de puñadas</i>	‘pegar un par de veces co puño’	<i>bouchat (bouchnouti) ‘golpear, pe- gar’</i>
<i>dát dvje tři buchti</i>	<i>dar dúas ou tres puñadas</i>	‘pegar dúas ou tres veces co puño’	<i>bouchat (bouchnouti) ‘golpear, pe- gar’</i>
<i>dát buchtu (pardus)</i>	<i>dar unha pu- ñada</i>	‘pegar co pu- ño’	<i>bouchat (bouchnouti) ‘golpear, pe- gar’ (prát ‘golpear, pe- gar’)⁹⁷</i>
<i>dát hybaj</i>	<i>dar unha mar- cha</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>hybat</i> ‘facer moverse; fi- gurado golpear, pegar’
<i>dát hajc proti srsti</i>	<i>dar un aloumi- ño a contra- pelo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>hajcat</i> ‘acari- ciar’, figurado ‘golpear, pe- gar’
<i>dát mlat (comp.: dos- tal pěknej mlat)</i>	<i>dar unha ma- lleira (comp.: recibiu unha boa malleira)</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’(co mp.: ‘golpeá- rono, pegá- ronlle varias veces segui- das’	<i>mlátit</i> ‘mallar’
<i>dát nakládačku (comp.: dos- tal nakláda- čku “byl řád- ně zmydle- ny”)</i>	<i>dar un “que está posto en moita canti- dade ou ata que o reci- piente estea cheo” (comp.: reci-</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>nakládat</i> po- ñer moita cantidade ou ata que o reci- piente estea cheo’, figura- do ‘golpear, pegar’

⁹⁷ O substantivo arcaizado checo *pardus* etimoloxicamente remite ó verbo *prát* que está en uso actualmente (comp.: **perti* do eslavo primitivo, co mesmo significado).

*biu un “que
estea posto en
moita canti-
dade ou ata
que o reci-
piente esta
cheo”)*

<i>dát ránu (rano)</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pe- gar’	<i>ranit</i> ‘abater’
<i>dát sprask</i>	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pe- gar’	<i>spráskat</i> ‘xos- trear’
<i>dát viks</i>	<i>dar betume</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	“ <i>zvikslovat</i> ” ‘betumear; fi- gurado golpear, pegar’
<i>dát vylizek</i>	<i>dar unha lam- bedura</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>vylizat</i> ‘limpar lambendo’; fi- gurado ‘gol- pear, pegar’
<i>dát výlupek</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>vylupit</i> ‘gol- pear, pegar, xostrear va- rias veces se- guidas’
<i>dát facku</i>	<i>dar unha los- queada</i>	‘pegar na cara coa man’	<i>facka</i> ‘losquea- da’.

Segundo parece, pódese tamén incluír nesta serie a perífrase humorística do verbo *bouchat* ‘golpear, pegar’:

<i>dal mu na chrám sva- tého Bouchala</i>	<i>deulle para o templo de San Bouchala</i> ⁹⁸	‘pegoulle, golpeouno’
(comp.: <i>dát bouchance</i> (<i>buchanec, buchtu</i>)	<i>dar unha puñada</i>	‘pegar co puño’).

2. As combinacións do verbo *дать* (*dát*) ‘dar’ con substantivos inimáxicos co significado de ‘golpe’⁹⁹, non procedentes dos verbos co significado de ‘golpear’. Os com-

⁹⁸ Este santo non existe.

⁹⁹ Para as expresións que seguen presentamos dous significados literais destes substantivos: o *non-percutiente* e o *percutiente*.

poñentes nominais de tales fraseoloxismos (os substantivos) poden tanto proceder de verbos, como non proceder:

1) **procedentes de verbos**; entre eles en ruso destácanse as formacións procedentes de verbos co significado ‘fritir, queimar’:

<i>дать дѹху</i>	<i>dar vapor (en bania)¹⁰⁰ /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>дуть</i> ‘soprar; engadir vapor (en bania)’
<i>дать жару (жѣгу)</i>	<i>dar calor (queimadela /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>жáрить</i> ‘fritir’, ‘golpear con forza’; (<i>жѣгать, жóгнуть</i> ‘queimar’, ‘golpear con forza’)
<i>задать жегáнку</i>	<i>dar unha queimadela /un golpe</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>жѣгать, жóгнуть</i> ‘queimar’, ‘golpear con forza’
<i>дать жигары́</i>	<i>dar unha queimadela /un golpe</i>	‘golpear cun látego’	<i>жигáрить</i> ‘golpear con forza’
<i>дать жигонá (жѣгу, жóгу)</i>	<i>dar unha queimadela /unha serie de golpes</i>	‘golpear con forza’	<i>жѣгать (жечь, жóгнуть)</i> ‘queimar’; ‘golpear con forza’
<i>дать вздáвку</i>	<i>dar vapor (en bania) /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>вздáнуть</i> ‘engadir máis vapor en bania’ /‘golpear con forza’
<i>дать пáрки (припáрки)</i>	<i>dar vapor (cataplasmas) /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>парить</i> ‘dar vapor en bania’; ‘golpear con forza’

¹⁰⁰ Véxase a nota 89.

<i>зада́ть па́ру</i>	<i>da-lo vapor /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>парить</i> ‘dar vapor en bania’; ‘golpear con forza’
<i>да́ть сухо́дущину́</i>	<i>da-lo vapor seco en bania /un golpe brusco co puño por entre os ombros, que provoca falta de respiración</i>	‘golpear co puño con forza’	<i>дуть</i> ‘soprar; engadir vapor en bania’.

Unha serie de compoñentes fraseolóxicos procede dos verbos cos significados ‘rifar; ameazar’:

<i>да́ть бранка́</i>	<i>dar unha rifa /un golpe</i>	‘golpear, pegar’	<i>бранить</i> ‘rifar’
<i>да́ть пере́гром-ку́</i>	<i>dar unha rifa /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>перегромить</i> ‘golpear, pegar varias veces seguidas co son alto’
<i>да́ть трезво́н (трезво́на)</i>	<i>dar unha rifa con sons sonoros /un golpe co puño, que provoca este son nos oídos</i>	‘golpear co puño, provocando un son sonoro nos oídos’	<i>трезвонить</i> ‘rifar en voz alta, producindo sons sonoros’, ‘golpear co son’
<i>задава́ть шу́му</i>	<i>dar un ruído /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	<i>шуметь</i> ‘rifar en voz alta, producindo ruído’
<i>да́ть грозу́</i>	<i>dar unha ameaza /un golpe</i>	‘golpear, pegar’	<i>грозить</i> ‘ameazar’
<i>да́ть вы́страст-ку́ (о́страст-ку́)</i>	<i>dar unha ameaza /un golpe</i>	‘golpear, pegar’	<i>стращать</i> ‘ameazar, tratando de provocar medo’

Comp. o coñecido nos dialectos

<i>дать нотáцию</i>	<i>dar unha reprimenda</i>	‘dar unha lección, escarmentar; ler unha reprimenda’,
---------------------	----------------------------	---

procedente do literario *прочитáть нотáцию* ‘ler unha reprimenda’;

2) **nominativos**; aquí as máis activas son as combinacións con compoñentes de significados do tipo ‘labazada, losqueada’, onde a forma interna indica o sitio do golpe:

<i>зау́шин надава́ть</i> (comp.: <i>у́ши</i> ‘orellas’)	<i>dar uns golpes nas orellas</i>	‘pegar nas orellas unhas cantas veces’
<i>дать пощёчину (зашёчину)</i> (comp.: <i>щёки</i> ‘meixelas’)	<i>dar unha labazada</i>	‘pegar na meixela’
<i>дать лобана́ (comp.: лоб ‘frente’)</i>	<i>dar un golpe na fronte</i>	‘pegar na fronte’
<i>дать подзаты́лень (подзаты́льников)</i> (comp.: <i>заты́лок</i> ‘caluga’)	<i>dar unha covachada (unhas covachadas)</i>	‘pegar na caluga (unhas cantas veces)’
<i>дать поджи́вотника (подко́лённика; подно́жку)</i> (comp.: <i>жи́вот ‘barriga’; ко́лёно ‘xeonllo’; но́жка ‘perniña’)</i>	<i>dar un golpe debaixo da barriga (un golpe debaixo dos xeonllos; unha cambadela)</i>	‘pegar debaixo da barriga (dabaixo dos xeonllos); facer unha cambadela’
<i>надава́ть поты́льников</i> (comp.: <i>заты́лок</i> ‘caluga’)	<i>dar unhas covachadas</i>	‘pegar na caluga unhas cantas veces’.

Pola súa semántica, estes fraseoloxismos son totalmente analóxicos co modelo 3 (*бить к у д а = избить pegar o n d e = golpear moito*). Comp. tamén as combinacións do verbo *дать* ‘dar’ cos compoñentes que expresan o resultado da acción *percutiente*

<i>надава́ть синяко́в (ши́шек)</i>	<i>dar uns cantos negróns (croques)</i>	‘golpear, pegar producindo negróns (croques)’
------------------------------------	---	---

e semellantes.

Posúen unha expresividade especial os fraseoloxismos que conteñen como compoñentes substantivos co significado ‘fin, morte’:

<i>зада́ть капу́т (каю́к)</i>	<i>da-la fin, a morte</i>	‘golpear, pegar moito, case ata a morte’
<i>дать карачу́на</i>	<i>da-la fin, a morte</i>	‘golpear, pegar moito, case ata a morte’
<i>дать хны</i>	<i>da-la fin, a morte</i>	‘golpear, pegar moito, case ata a morte’ ¹⁰¹ .

O significado *percutiente* destes xiros, como descobre a análise, habitualmente é facultativo, xa que a súa característica semántica principal é ‘asasinar’ ou ‘morrer’.

Son individuais as combinacións

<i>дать стри́жку</i>	<i>dar un corte de pelo (unha tunda)</i>	‘golpear con forza’ ¹⁰²
<i>дать па́мяти</i>	<i>da-la memoria</i>	‘golpear a alguén para que el o recorde’
<i>зада́ть па́мятку</i>	<i>dar un recordo</i>	‘golpear a alguén para que el o recorde’
<i>дать ума́</i>	<i>da-la intelixencia</i>	‘golpear a alguén pretendendo facelo máis intelixente’
<i>дать жи́зни</i>	<i>da-la vida</i>	‘golpear, pegar’
<i>дава́ть (зада́ть) де́ла</i>	<i>da-lo asunto</i>	‘golpear, pegar’.

Na lingua checa a fraseoloxía deste tipo é pouco representativa. Nela case non hai combinacións con compoñentes procedentes dos verbos, e do subtipo nominativo están representados só compoñentes co significado de ‘labazada, losqueada’ que indican o lugar do golpe:

<i>dát buňu do nosu</i>	<i>dar un golpe no nariz</i>	‘pegar co puño no nariz’
<i>dát pohlavek</i>	<i>dar unha covachada</i>	‘pegar na caluga’
<i>dát políček</i>	<i>dar unha labazada</i>	‘pegar na meixela’.

Tamén se poden incluír aquí os xiros

<i>dát hobla</i>	<i>dar unha garlopa</i>	‘golpear, pegar pola caluga’
------------------	-------------------------	------------------------------

e, convencionalmente, a combinación pronominal

¹⁰¹ Comp. galego *dar a matar* ‘golpear con saña’.

¹⁰² *Дать стри́жку* é unha extensión perifrástica do verbo *стричь* ‘cortar (o pelo)’; ‘golpear fortemente’.

<i>dřevěné</i> <i>baňky</i> <u>sázet</u>	<u>poňe-las</u> <i>ventosas de madeira</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza cun pao, producindo croques’.

Tales transformacións estruturais regularízanse habitualmente pola semántica común *percutiente* dos fraseoloxismos da serie dada.

Por outra parte, nós tamén notámo-los casos en que o modelo semántico da formación dos fraseoloxismos se somete a transformación. A influencia da falsa analoxía, por exemplo, traslada a combinación *дать леши́* *dar un golpe* (de *лѣснуть* ‘bater, estalar’) a outro plano semántico¹⁷¹:

(rexión de Pskov) <i>дать подлѣши́ка</i>	<i>dar unha especie de peixe sargo</i>	‘pegar suavemente’
(rexión de Pskov) <i>дать шабѣра</i>	<i>dar unha especie de peixe sargo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>дать лосб́са</i>	<i>dar uns salmóns</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>дать судако́в</i>	<i>dar unhas luciopercas</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>дать осетро́в</i>	<i>dar uns esturións</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’.

Non obstante, incluso os casos de falsa analoxía, se regularizan nalgunha ocasión preci-

¹⁷¹ Comp.: *леш* na lingua literaria ten o significado ‘peixe sargo’.

samente polo modelo estrutural inicial do fraseoloxismo.

O problema da correlación da semántica e da estrutura da combinación fraseolóxica está estrictamente relacionado coa cuestión da correlación dos significados imáxico e inimáxico. Esta cuestión, á súa vez, ten relación directa co problema da modelación, xa que ata o de agora está moi estendida a convicción de que as unidades léxicas inimáxicas modeladas se contraponen ós fraseoloxismos imáxicos non-modelados. A análise amosa que son modeladas tanto as combinacións imáxicas como as inimáxicas.

O método de modelación, amosado aquí só no plano tipolóxico, amosa a gran proximidade dos sistemas imáxicos da fraseoloxía das linguas comparadas. O material doutras linguas eslavas permite supoñer que esta semellanza non é só tipolóxica. Pero se a semellanza está condicionada pola comunidade de procedencia dos modelos fraseolóxicos considerados, entón pódese constata-lo seu carácter común eslavo.

2.4. Modelabilidade e análise diacrónica da fraseoloxía

A tese do carácter modelable das unidades fraseolóxicas concede o dereito de esixir dos historiadores da fraseoloxía unha rigorosidade metodolóxica igual que se lles esixe ós etimólogos da palabra. E as investigacións dos últimos anos amosaron de xeito convincente que o modo máis seguro de análise histórica do léxico é o establecemento de modelos fonéticos, de formación de palabras e semánticos, segundo os que se formou a palabra. Na esfera da fraseoloxía histórica non se podía aplicar un método deste tipo por razóns plenamente obxectivas. Como amosa a historia da etimoloxía, para unha análise sistemática da palabra é necesario o material dos distintos idiomas e dialectos que se vai acumulando durante séculos, son necesarios amplos paralelos tipolóxicos que saen fóra dos marcos da comunidade lingüística xenética. Aínda non hai tal material para a fraseoloxía histórica.

Pero o obstáculo metodolóxico principal, que impedía realiza-la análise histórica e etimolóxica sistemática dos fraseoloxismos, foi que as combinacións estables tradicionalmente eran recoñecidas como unidades inmodelables. Xa que se a unidade fraseolóxica é unha estrutura inmodelable, individual, formal e semanticamente, daquela, naturalmente, tódolos intentos de establece-lo seu “étimo fraseolóxico” con métodos semellantes ó método da análise etimolóxica da palabra, están condenados de antemán ó fracaso. A imaxe orixinal dunha palabra revélase na intersección dos seus modelos fonéticos, modelos de formación de palabra e modelos semánticos, mentres que o modelo do “étimo fraseolóxico” (partindo da tese da inmodelabilidade da estrutura do fraseoloxismo) non tiña que existir.

Cando se establecen os modelos lingüísticos, a etimoloxía dos fraseoloxismos (semellante á etimoloxía de palabras) baséase nas relacións **sistemáticas**. Tal análise etimolóxica non ten que construírse só nos feitos da lingua literaria que está lonxe de codificar tódalas variantes fraseolóxicas representadas na fala coloquial. A busca do mo-

delo inicial dun xiro singular nacional non pode ter éxito sen que se trate o material **dialectal**, o léxico popular. A este tipo de fraseoloxismos é atribuída a expresión

бить баклуши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi*¹⁷² ‘folgazanear’.

Nas investigacións do plano sincrónico este fraseoloxismo preséntase como unha mostra de cohesión estreita dos compoñentes. Nas obras históricas o xiro

бить баклуши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’

chegou a ser unha ilustración cretomática da dependencia dos feitos etnográficos da etimoloxía do fraseoloxismo.

A explicación “produccionista” da procedencia do xiro

бить баклуши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’

pertence a Dal. Esta expresión, na opinión del, significaba primitivamente ‘prepara-los cachos de madeira que servían como materia prima para a vaixela de madeira: cuncas, culleres, xerras’. A hipótese, pasando dunha investigación fraseolóxica a outra, acabou sendo xeralmente recoñecida. A isto contribuíu en especial V.M.Maxímov que “complementou” a etimoloxía de Dal con detalles etnográficos pintorescos do “oficio fácil” de golpea-las bakluxi. A motivación inicial da expresión

бить баклуши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’

tradicionalmente é ‘ocuparse dun asunto fácil, que non ten importancia e que non esixe unha mestría especial’.

V.S.Parasunco propuxo unha motivación algo distinta, intentando concretala partindo das relacións socio-económicas:

A preparación do material (das bakluxi) para os artigos miúdos de madeira podía ser proveitosa, mentres florecían os oficios artesanais que necesitaban tales cousas. Pero cando o oficio artesanal, debido ó desenvolvemento da industria de fábricas, empezou a non ser rendible, a preparación das bakluxi para o artesan tiña que perde-lo seu significado e maila súa xustificación. Nisto, evidentemente, hai que ver as condicións para a reinterpretación da expresión *бить баклуши* *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’.¹⁷³

¹⁷² Na lingua literaria rusa contemporánea a palabra *баклуши* (bakluxi) carece de significado independente e úsase só neste xiro. Sen embargo, nos dialectos ten significado ‘cacho de madeira’, que se comenta máis adiante.

¹⁷³ **Nota do orixinal:** Парасунко В.С. До питання про походження виразу “байдики бити” [Parasunco V.S. Acerca da cuestión da procedencia da expresión “байдики бити”] // Наук. зап. Київського педінституту. [Notas científicas do Instituto Pedagógico de Kíev] 1963. Т.33. Рáх.106. [Байдики бити é unha equivalencia ucraína da expresión rusa *бить баклуши* (bit bakluxi)].

O autor nin sequera intenta reforzar tal interpretación con ningún material concreto, e polo tanto esta parece aínda máis arbitraria.

A.Spirin tamén dubida da etimoloxía tradicional. Os seus argumentos están dirixidos contra a interpretación etnográfica de Dal: “as bakluxi non se golpean, senón que se cortan”¹⁷⁴, “este traballo esixe un gran labor físico, e non pode ser identificado coa folgazanería”, “da preparación das bakluxi nas sociedades artesanais ocupábanse os adolescentes, e ningunha nai lle vai chamar lacazán ó traballador que gaña o seu primeiro kopek”¹⁷⁵. Spirin propón dúas etimoloxías propias del: 1) *баклуша* (bakluxa) é un “instrumento musical”, parecido a unha escudela de madeira, que se golpea con baquetas de madeira; 2) *баклуша* (bakluxa) é un sinónimo da palabra *бакáлдина* (bakáldina), *колдобина* (koldóbina) ‘charco’, e *бить баклуши* (bit bakluxi) *golpea-las bakluxi* significa ‘golpear con paos nun charco e lanzarlle pedriñas’. O mesmo autor considera máis verosímil a segunda versión, aínda que non argumenta de ningunha maneira a súa maior probabilidade.

Igual que nos casos de

<i>у чѣрта на кулѣчках</i> (u chorta na culích- kagh)	<i>nas rozas</i> ¹⁷⁶ <i>do demo</i>	‘moi lonxe’
<i>он попал как кур вó ши</i>	<i>caeu coma un galo nos xi</i> ¹⁷⁷	‘chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída’,

temos diante unha típica diferenza de interpretacións: catro versións que se basean nos feitos etnográficos (tres deles confirmados polos datos dialectais), entre as que a primeira se recoñece sen argumentación lingüística pola maioría dos fraseólogos. Imos analiza-la probabilidade de cada unha das versións, partindo do principio da modelabilidade do fraseoloxismo. Durante a análise etimolóxica dos fraseoloxismos temos que enfrontarnos frecuentemente coa polisemia que inflúe esencialmente na diferenciación da paradigmática dos compoñentes do xiro. É precisamente a polisemia dos compoñentes a que atopamos cando intentamos etimoloxiza-la combinación

<i>бить баклуши</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las ba- kluxi</i>	‘folgazanear’
---------------------	---------------	---------------------------------	---------------

tanto o verbo *бить* (bit) ‘golpear’, como o substantivo *баклуша* (bakluxa) ‘bakluxa’ teñen nos dialectos unha semántica de planos extremadamente diversos (os lexicógrafos distinguen para estes lexemas, aparte dos homónimos, ata catorce significados). Só a intersección do modelo semántico co estrutural da expresión

¹⁷⁴ **Nota do orixinal:** Máis exactamente, non “cortan”, senón recortan dos retallos de madeira “a leña inútil para o asunto”.

¹⁷⁵ *Kopek* é a moeda rusa máis miúda. **Nota do orixinal:** Литературная газета [Periódico literario] 1969. 6 de agosto. Páx.6.

¹⁷⁶ Véxanse a páx. 28 e seguintes.

¹⁷⁷ O significado da palabra *schí* véxase na nota 168, e as interpretacións do xiro nas páxs. 343 e seguintes.

<i>бить баклúши</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las ba- kluxi</i>	‘folgazanear’
---------------------	---------------	---------------------------------	---------------

pode axudar a descubrir cales indicios semánticos dos lexemas *бить* (bit) ‘golpear’ e *баклúша* (bakluxa) ‘bakluxa’ fusionaron para formaren o significado figurado ‘folgazanear’.

O establecemento dun modelo semántico de formación do fraseoloxismo significa o descubrimento da produtividade da motivación ‘ocuparse dunha actividade útil (aínda que non difícil); folgazanear’ que serve de base para a etimoloxía tradicional. Imos considerar desde este punto de vista as series fraseolóxicas co significado ‘folgazanear’ nalgunhas linguas eslavas. Unha análise complexa permite chegar á conclusión de que a maioría das combinacións se construíron segundo tres modelos semánticos:

1. ‘Non facer absolutamente nada = folgazanear’¹⁷⁸:

ruso

<i>пáлец о пáлец не удáрить (не стúк- нуть)</i>	<i>non golpea-lo dedo contra o dedo (non chocar)</i>
<i>перст о перст не колонúть</i>	<i>non pica-lo dedo contra o dedo</i>
<i>и пáльцем не пошевелíть (не по- гнúть)</i>	<i>non remover (non dobrar) nin seque- ra co dedo</i>
<i>и пáльца не поднáть</i>	<i>non levantar nin sequera o dedo</i>
<i>пáлец в úхе держáть</i>	<i>te-lo dedo na orella</i>
<i>пáлки (пáлка об пáлку) не перело- мíть</i>	<i>non rompe-lo pao (o pao contra o pao)</i>
<i>рукá об руку не стúкать (не удá- рить)</i>	<i>non choca-la man contra a man (non golpear)</i>
<i>не знáть, кудá себя девáть</i>	<i>non saber ónde colocarse</i>

bielorruso

<i>ані пáлец абгарнúць</i>	<i>nin sequera envolve-lo dedo</i>
----------------------------	------------------------------------

lituano

<i>nė piršto nepajudinti (nepakrutinti, nepridėti)</i>	<i>non mover (remover, aplicar) co dedo</i>
<i>pirštu piršto nepaliesi</i>	<i>non toca-lo dedo co dedo</i>
<i>nė pirštų nesukeisti</i>	<i>nin sequera trenza-los dedos entre si</i>

¹⁷⁸ Pódense achegar aquí os exemplos galegos correspondentes *non dar pancada; non dar unha pelotada; non pegar pan*.

letón

ne pirksta nepakustināt

non remover nin sequera co dedo

nepacelt pie darba en pirksta

non aplica-lo dedo ó traballo, etc.

Aquí mesmo tamén se poden incluír algúns fraseoloxismos substantivais, que, probablemente, procedan dos verbais:

rusos

ни прѹ́ ни нѹ́

*nin xo nin arre*¹⁷⁹

ни в сно́п ни в го́рсть

nin no feixe nin no puño

ни пришѣ́й кобы́ле хвост

non cósa-lo rabo á femia do cabalo

ни пришѣ́й ни пристегни́

nin prendas co fío nin abotoes

ни прясть, ни ткать, ни вязьѣ́ вяза́ть

nin tecer nin fiar, nin ata-las partes dos trineos

трѣм сви́ньям ко́рму не разде́лить

non reparti-lo alimento para tres porcos

ucraínos

ні до холодно́ї води́

nin á auga fría (Ларин, 1959, 33)

і кішці́ (і ко́ту) хвоста́ не зав'я́же

non lle atará o rabo nin sequera á gata (ó gato)

соба́ці хвоста́ не зав'я́же

*non lle atará o rabo nin sequera á cadela*¹⁸⁰

ни шве́ць ни мнѣ́ць

nin zapateiro, nin curtidor

polaco

nie umie i kozie ogona zawiązac'

non sabe nin sequera atarlle o rabo á cabra,

etc.

2. 'Tomar unha postura na que non é posible facer nada = folgazanear':

ruso

лежа́ть на печа́й (на бо́ку)

estar deitado sobre e estufa (de costado)

за пѣ́чью сидѣ́ть

estar sentado detrás da estufa

¹⁷⁹ Véxase a nota 8.

¹⁸⁰ Comp. en galego *non poder un can polo rabo* 'non poder nada'.

(comp.: *запѣшной гость* hóspede, visitante “de detrás da estufa” ‘folgazán’)

<i>сидѣть на печи (у гру́би)</i>	<i>estar sentado sobre a estufa (ó carón da estufa con azulexos)</i>
<i>сидѣть за пѣчью в золѣ</i>	<i>estar sentado detrás da estufa na cinza¹⁸¹</i>
<i>на пѣчке сидѣл, кирпичам моли́лся</i>	<i>estaba sentado sobre a estufa, rezaba ós ladrillos</i>
<i>сиди́т как гость</i>	<i>está sentado coma un visitante</i>
<i>сидѣть поджа́в (поджа́вши, скла́вши) рúки</i>	<i>estar sentado coas mans dobradas (dobradas, postas)</i>
<i>сидѣть сложа́ рúки (рúки скла́вши, рúки сощапи́вши)</i>	<i>estar sentado coas mans postas (postas, enganchadas)</i>
<i>ру́чки скласть</i>	<i>poñe-las manciñas</i>
<i>ру́ки (ру́чки) сложи́ть</i>	<i>poñe-las mans (manciñas)</i>
<i>сидѣть рука́ на руке</i>	<i>estar sentado coa man sobre a man</i>
<i>сидѣть богоро́дицей</i>	<i>estar sentada coma a Nai de Deus</i>
<i>лежи́ на боку́ да гляди́ за Окú</i>	<i>está deitado de costado e mira máis alá do Oká</i>
<i>лежа́ть лёжкой</i>	<i>estar deitado deitadamente</i>
<i>лёжа́чью лежа́ть</i>	<i>estar deitado deitadamente</i>
<i>за со́лнцем лежа́ть</i>	<i>estar deitado detrás do sol</i>
<i>заты́лком на́волочки стира́ть</i>	<i>lava-las almofadas coa caluga</i>
<i>стоя́ть рúки в бо́ки, глаза́ в потоло́ки</i>	<i>estar de pé coas mans [apoiadas] nos costados, cos ollos [dirixidos] ó teito</i>
<i>стоя́ть фѣртом</i>	<i>estar de pé como un figureiro</i>
<i>стоя́ть с рази́нутым ртом (развѣсив у́ши)</i>	<i>estar de pé coa boca aberta (colgando as orellas por tódolos lados)</i>
<i>ковыр́ять в носу́</i>	<i>escaravellar no nariz</i>
<i>bielorruso</i>	
<i>на пѣщы ляжа́ць</i>	<i>estar deitado sobre a estufa</i>

¹⁸¹ Comp. en galego *estar metido na cinza*, co mesmo significado.

<i>сядзэць да на нёба глядзэць</i>	<i>estar sentado e mira-lo ceo</i>
<i>ащраць бакі</i>	<i>frega-las patillas</i>
<i>сидэть як капá сёна</i>	<i>estar sentado coma unha meda de monllos</i>
україно	
<i>сидіть як засва́таний</i>	<i>está sentado coma unha persoa, a que se lle acaba de pedi-la man</i>
<i>сидіть сиднем</i>	<i>está sentado coma un “sentadoiro”</i>
<i>посиде́ньки (ле́жни) справля́ти</i>	<i>celebra-los “sentadoiros” (os “deitadoiros”)</i>
<i>бокí виле́жувати</i>	<i>gardar deitados os costados</i>
polaco	
<i>leżeć do góry brzuchem</i>	<i>estar deitado panza arriba,</i>
etc. Para as expresións rusas (coñecidas tamén nos dialectos)	
<i>сиде́ть сложа́ ру́ки</i>	<i>estar sentado coas mans postas</i>
<i>е ходи́ть ру́ки в брю́ки</i>	<i>andar coas mans nos pantalóns</i>
pódese achegar, tamén a serie de correspondencias noutras linguas ¹⁸² :	
lituano	
<i>rankos kišenėse</i>	<i>as mans nos petos</i>
letón	
<i>rokas kabatās sabāzis</i>	<i>coas mans nos petos</i>
inglés	
<i>to fold one’s hands</i>	<i>dobrar alguén as mans</i>
alemán	
<i>die Hände in den Schooss legen</i>	<i>poñe-las mans na barriga</i>
<i>die Hände in die Tasche stecken</i>	<i>mete-las mans no peto</i>
francés	
<i>se croiser les bras</i>	<i>cruza-los brazos</i>
<i>mettre (garder) les mains dans les po-</i>	<i>meter (gardar) as mans nos petos</i>

¹⁸² Comp. en galego *estar man sobre man coma a muller do escribán*, co mesmo significado.

ches

español

estar con las manos cruzadas

estar coas mans cruzadas

estar mano sobre mano

estar man sobre man.

3. ‘Ocuparse dunha actividade inútil e infrutuosa = folgazanear’. Este modelo úsase máis activamente. Dentro del pódense distinguir varios subtipos que se diferencian pola motivación interna concreta.

1) ‘Estar de parola, falar por falar (por non estar calados)’ (os sinónimos fraseolóxicos deste tipo, ordinariamente, conservan a relación semántica coa noción ‘vanilocuencia’):

точить лысы (балы, балысы)

*esparexe-las lerias*¹⁸³

переливать из пустого в порожнее

trasfegar (un líquido) do vacío ó desocupado

лить воду

bota-la auga

травить баланду

gastar-lo potaxe feito con follas de remolacha dándollo de comer ó gando

гнуть бильдюг

curvar-la moca

разводить балагуры (бодягу)

disolve-las lerias (a esponxa)

молоть чушь

moe-lo disparate

городить вздор

cerca-las tonterías

растёгивать рот

desabotoa-la boca

*болтать (трепать, бить, щёлкать, играть) языком*¹⁸⁴

axitar (espadelar, golpear, castañear, xogar) coa lingua, etc.

A motivación interna das formacións desta serie constrúese en base a principios distintos dos da sinónímica da serie ‘folgazanear’ (véxase o capítulo 1).

2) ‘Ocuparse dunha actividade que se sabe de antemán que é infrutuosa’:

носить воду решёт

*leva-la auga coa peneira*¹⁸⁵

толочь воду в ступе

machaca-la auga nun morteiro

искать вчерашний день

busca-lo día de onte

¹⁸³ Véxase o párrafo 1.2.5, onde este xiro se estudia detalladamente.

¹⁸⁴ Comp.: os verbos *болтать* ‘axitar’ e *трепать* ‘espadelar’ poden te-lo significado ‘‘estar de parola, falar por falar (por non estar calados)’’ utilizándose sen complemento *языком* ‘coa lingua’.

¹⁸⁵ Véxase os xiros sinónímicos galegos na nota 79; comp. tamén outros nos que se usa a imaxe da auga: *escribir na auga; facer unha raia na auga para que non se desfaga* ‘facer algo inútil, en balde’.

гонять вѣтер (comp.: ветрогон ‘folgazán, persoa lixeira, inconsiderada’)

levar (facer correr) ó vento

коптить нѣбо

afuma-lo ceo

считать ворон

conta-los corvos

ловить гáлок

caza-las choias

гонять собáк

persegui-los cans.

Nos dialectos rusos tales formacións son exclusivamente diversas pola súa motivación:

из песку верёвки вить

trenza-las cordas da area

вить верёвочки

trenza-las cordiñas

(comp.: україно з піску мотузкі суче

trenza-las cordas da area)

в проходнóм рядú вѣтром (пýлью)
торгýет

está vendendo o vento (o po) na fileira de paso¹⁸⁶

вертѣть вола́

facerlle da-la volta ó boi

из пра́вого карма́на в ле́вый (из мешка́ в мешо́к) пересыпа́ть

trasfegar (un árido) do peto dereito ó esquerdo (dun saco a outro)

труби́ть (дуть) в кула́к

trompetear (soprar) co puño

аб углы́ бьют

golpean as esquinas

в ла́потъ звони́ть

toca-lo lápot¹⁸⁷

из ле́су в лес вози́ть дрова́ (води́ть
медве́дя)

leva-la leña dun bosque a outro bosque

но́ги суши́ть

seca-las pernas

на огло́блю глядѣ́ть

mirar para a cabezalla

пень колоти́ть (да) день прводи́ть

golpea-la torada (e) pasa-lo día

пéпел пересыпа́ть

trasfega-la cinza

са́жу колка́ом ме́рять

medi-lo feluxe coa campá

мешко́м свет носи́ть

leva-la luz nun saco

решето́м (пихтя́рём) со́лнца лови́ть

caza-lo sol coa peneira (co mazo grande de morteiro)

¹⁸⁶ Fileira de paso no mercado ruso é, do mesmo xeito que en Galicia, un renque en que se poñen as vendedoras que non teñen un posto de venda estable e construído, e por onde pasa a xente.

¹⁸⁷ Véxase a nota 48. Comp. coa combinación libre в кóлокол звони́ть тоца-ла са́мрá.

<i>вертѣть со́лнышко</i>	<i>facer xira-lo sol</i>
<i>полóть снег на рóсстани</i>	<i>desherba-la neve na rosstan¹⁸⁸</i>
<i>на соба́к (на соба́ке) сѣно коси́ть</i>	<i>segárlle-la herba seca ós cans (no can)</i>
<i>на соба́ках шерсть би́ть</i>	<i>golpea-lo pelo nos cans¹⁸⁹</i>
<i>на соба́к ла́ять</i>	<i>ladrarlle ós cans</i>
<i>чѣрных соба́к (чѣрных кобелѣй) на-бело переме́ывать</i>	<i>lava-las cadelas negras (os cans negros) ata que cheguen a ser brancas (os)</i>
<i>шмелѣй слу́шать</i>	<i>escoita-los abellóns</i>
<i>па́рить я́йца.</i>	<i>estofa-los ovos</i>
e semellantes. Comp. tamén:	
bielorruso	
<i>абіра́ць вуглы́</i>	<i>limpa-los rincóns</i>
<i>грэ́ць зу́бы</i>	<i>quenta-los dentes</i>
<i>вятры́ ганя́ць</i>	<i>persegui-los ventos</i>
ucraíno	
<i>товкти́ во́ду в сту́пі</i>	<i>machaca-la auga nun morteiro</i>
<i>лови́ти ві́трив</i>	<i>caza-los ventos</i>
<i>шука́ти ві́тра в по́лю</i>	<i>busca-lo vento no campo</i>
<i>горовці́в (воро́н, гра́ків, гав) лі́чити</i>	<i>conta-los gorrións (os corvos, as grallas)</i>
<i>горовця́м ду́ли дава́ти</i>	<i>da-las figas¹⁹⁰ ós gorrións</i>
<i>ту́рив ганя́ти</i>	<i>persegui-los uros</i>
<i>ха́ньки м'я́ти</i>	<i>abranda-las cabazas</i>
polaco	
<i>podpierać ściany (piec)</i>	<i>apoia-las paredes (a estufa)</i>

¹⁸⁸ No inverno os ríos do Norte de Rusia adoitan estar cobertos con neve e xeo, no que se fan buratos para pescar. Rosstan é o lugar do río onde están feitos unha serie de buratos.

¹⁸⁹ Comp. en galego: *contarlle os pelos a un can* 'facer algo inútil, en balde'.

¹⁹⁰ Véxase a nota 115.

<i>chodzić na wagary</i>	<i>ir á ausencia inxustificada no colexio (un alumno)¹⁹¹</i>
<i>obijać (szlifować) bruki</i>	<i>derribar a golpes os pavimentos</i>
<i>rzeszotem (sitem) wodę mierzyc</i>	<i>medi-la auga coa peneira (coa criba)</i>
checo	
<i>sníh v peci sušiti</i>	<i>seca-la neve na estufa</i>
<i>chytat hejly</i>	<i>caza-lo bicotorto</i>
<i>lapat stín</i>	<i>caza-la sombra</i>
<i>honit vítr</i>	<i>persegui-lo vento</i>
<i>šít kouty v hromadu</i>	<i>coloca-las redes no abismo</i>
<i>stříleti panu bohu do oken</i>	<i>disparar ás ventás do Deus o Señor</i>
serbio/croata	
<i>брóјати звезде (на небу)</i>	<i>conta-las estrelas (no ceo)</i>
<i>красти богу дане</i>	<i>rouba-los días divinos</i>
<i>луду пи́ти, у та́мбурѹ б́ити</i>	<i>chupa-la pipa, toca-lo pandeiro</i>
letón	
<i>varnas dzenāt</i>	<i>persegui-los corvos</i>
<i>mušas skaitīt</i>	<i>conta-las moscas</i>
lituano	
<i>spiaūdyti ir gāudyti</i>	<i>cuspir e coller</i>
inglés	
<i>to beat the air</i>	<i>golpea-lo aire</i>
<i>to beat the wind</i>	<i>golpea-lo vento</i>
e semellantes.	
3) ‘Vagar, andar sen ocupación’:	
ruso	
<i>слоняться из угла в угол</i>	<i>vagar dun rincón a outro rincón</i>
<i>слоньі слонять</i>	<i>vaga-las vagancias</i>

¹⁹¹ Aplícase non necesariamente ós alumnos de colexio. Comp. un caso inverso: en Galicia *ser día de escola* significa para os traballadores manuais ‘ser día laborable’.

<i>е слоны продава́ть</i>	<i>vende-las vagancias</i>
<i>грати́ть мостову́ю</i>	<i>talla-lo pavimento</i>
<i>состо́ять в комите́те по ута́птыванию мостово́й</i>	<i>ser membro do comité do apisona- mento de pavimento</i>
<i>ша́ты продава́ть</i>	<i>vende-las vagancias</i>
<i>болта́ться по зауго́льям</i>	<i>vagar polos agochos</i>
<i>шата́ться по лы́там</i>	<i>vagar polas vagancias</i>
ucraíno	
<i>походе́нькі (швѐнді) справля́ти</i>	<i>celebra-las vagancias</i>
<i>тиня́тися з ку́тка в куто́к</i>	<i>vagar dun rincón a outro rincón</i>
letón	
<i>slamstīties ka slamstam</i>	<i>vagar coma un vago</i>
<i>gar pakškiem slaistīties</i>	<i>andar virando as esquinas das casas.</i>
4) ‘Xogar a un xogo, divertirse’:	
ruso	
<i>игра́ть в бирю́льки</i>	<i>xogar ós biriulqui¹⁹²</i>
<i>гоня́ть мяч</i>	<i>persegui-la pelota</i>
<i>в перебо́рочку игра́ть</i>	<i>xogar á perebórochka¹⁹³</i>
<i>шары́ вала́ть да к стене́ прислоня́ть</i>	<i>face-las bólas rodar e arrima-las contra a parede</i>
inglés	
<i>to twiddle one’s thumbs</i>	<i>xirar alguén os seus polgares</i>
alemán	
<i>die Daumen drehen</i>	<i>xira-los polgares</i>
francés	
<i>tourner ses pouces</i>	<i>xira-los seus polgares</i>
e semellantes.	

¹⁹² *Biriulqui* son os paociños pequenos que se utilizan nun xogo de nenos, co mesmo nome.

¹⁹³ *Перебо́рочка* (**perebórochka**) é un substantivo derivado do verbo *переби́рать* (**perebirát**) que, acompañado polo complemento indirecto *больш́ими па́льцами* ‘cos polgares’, ten o significado ‘facer xira-los polgares un ó redor do outro’.

Naturalmente, cómpre ter en conta a relatividade da xeneralización semántica destes modelos (cada un deles podería dividirse en subgrupos máis miúdos), a relatividade das mesmas formulacións dos modelos e a súa estreita correlación que obstaculiza a diferenciación rigorosa. Non obstante, incluso este ensaio semántico-tipolóxico da serie fraseolóxica co significado ‘folgazanear’, lonxe de ser completo, amosa a inconsistencia do modelo “ocuparse da actividade productiva útil (aínda que non difícil) = folgazanear”, no que se constrúe a etimoloxía tradicional da expresión

бить баклúши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’.

Cómpre buscarlle outra explicación á súa motivación primitiva, que correspondería ós modelos semánticos mencionados. A ampla polisemia dos compoñentes desta unidade fraseolóxica nas falas populares admite a busca de tal motivación. Ó mesmo tempo a polisemia non exclúe a posibilidade de varias hipóteses etimolóxicas, tamén nos marcos dos modelos semánticos xa descubertos. En principio, ámbalas dúas hipóteses de Spirin satisfán o modelo 3 (ocuparse dunha actividade inútil e infrutuosa = folgazanear): a interpretación da palabra *баклúши* (bakluxi) como instrumento musical podería corresponder ó subtipo 4 deste modelo (xogar a un xogo, divertirse = folgazanear), e a interpretación da palabra *баклúши* (bakluxi) como ‘charco’ non contradí o subtipo 2 (ocuparse dunha actividade infrutuosa = folgazanear). Consecuentemente, o descubrimento dos modelos semánticos regulares da formación da serie fraseolóxica dada só fixo máis estreito o círculo dos posibles significados dos compoñentes que son útiles para a revelación da motivación inicial da combinación

бить баклúши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’,

pero non excluíu a posibilidade da existencia das súas distintas interpretacións etimolóxicas. É necesario un indicio que faría mínima a selección destes significados.

Tal indicio é a combinabilidade dos compoñentes *бить* (bit) ‘golpear’ e *баклúши* (bakluxi) ‘bakluxi’ nas falas rusas, que corresponde ó modelo sintáctico formal do fraseoloxismo. A aproximación formal-sintáctica obríganos a nega-la primeira etimoloxía de Spirin. O verbo *бить* (bit) ‘golpear’ nas combinacións con designacións dos instrumentos musicais de percusión úsase coa preposición *в*¹⁹⁴ (*бить в барабáны, в колоколá* ‘toca-los tambores, as campás’); e ninguna destas combinacións ten o significado ‘folgazanear’. Á parte diso, o significado ‘instrumento de percusión’ para o lexema *баклúша* (bakluxa) está limitado na súa área xeográfica en tal medida, que nos vemos obrigados a nega-la hipótese de Spirin.

É moi pouco habitual tamén a relación sintáctica do verbo *бить* (bit) ‘golpear’ coas palabras que significan ‘charco’. (Tolstói, que describiu detalladamente a terminoloxía xeográfica deste xénero, non presenta ningún caso dunha combinabilidade semellante

¹⁹⁴ *В* é unha das preposicións polisémicas; o seu significado básico é ‘en, dentro de’, que equivale a *en* en galego, aínda que nestes exemplos en galego se omite a preposición.

(Толстой, 1969: 212-240)). O modelo sintáctico esperado, con toda probabilidade, tería que ser do tipo

<i>бить по баклуше [по колдобине, по луже, по калуже, по мако- терти] палками</i>	(bit <u>po</u> baklux <u>e</u> ...)	‘golpear pola bakluxa [polo charco] cos paos’.
---	-------------------------------------	--

Á parte diso, no fondo da motivación interna dos fraseoloxismos do tipo

<i>толочь воду в ступе</i>	<i>machaca-la auga nun morteiro</i>
<i>искать вчерашний день</i>	<i>busca-lo día de onte</i>
<i>считать ворон</i>	<i>conta-los corvos</i>

(modelo 3), a forma interna reconstruída por Spirin “golpear nos charcos” parece ser moi artificial, e as fontes dialectais non a confirman.

A busca dunha motivación semántica e sintacticamente xustificada do fraseoloxismo *бить баклуши* (bit bakluxi) *golpea-las bakluxi* leva á interpretación do compoñente *баклуша* (bakluxa) como ‘un cacho de madeira para o xogo dos gorodkí, riughi ou babki¹⁹⁵. Tal significado ‘un paño redondo de choupo tremedor, coa gordura dun verxok¹⁹⁶ e coa lonxitude de 6-7 verxoks, para o xogo de babki sobre o xeo’ fíxase nas falas de Tobolsk¹⁹⁷. É un desenvolvemento natural do significado do lexema *баклуша* (bakluxa) máis activo e máis amplamente estendido nas falas rusas ‘cacho de madeira, pao, forma de madeira preparada para levar a cabo un traballo’. *Баклуша* (bakluxa) como termo do xogo dos gorodkí (riughi, babki e semellantes) foi, como podemos observar, amplamente coñecido nos dialectos. Así o indican as formas diminutivas da palabra: (montes do Ural) *баклушка* e *баклашка*¹⁹⁸, (rexión de Perm) *баклушка* ‘cachiño de madeira para o xogo de gorodkí’; (rexión de Vólogda) *бакулашок* ‘cachiño de madeira, piariño, pequeno recorte de madeira’.

É interesante que nos contos populares rusos se atopa a combinación *играть в баклуши* (igrat v bakluxi) ‘xogar ás bakluxi’, que espella a motivación directa da futura ligazón fraseolóxica. Como podemos observar, na calidade de reflexo de tal motivación directa,

¹⁹⁵ *Gorodkí, riughi* e *babki* son nomes de xogos populares rusos e tamén dos seus trebellos, que consisten en sacar, mediante golpes, os cachos de madeira ou as tabas e as pelotas de madeira, de ósos, de metal, de distintos tipos, dun *kon* (dun *górod* [comp.: *gorodkí*, o nome do xogo xa mencionado], dun foxo e semellantes. Unha equivalencia aproximada galega (e non só galega: véxase R.Pérez y Verdes, X.A.Tabernero Balsa. *Xogos populares en Galicia*, Santiago de Compostela, Edicións Lea, 1997, pax.263) é o xogo das tabas.

¹⁹⁶ *Verxok* e unha antiga medida rusa de lonxitude, que equivale aproximadamente a 4,4 centímetros.

¹⁹⁷ **Nota do orixinal:** Cómpre mencionar que neste xogo a bakluxa serve de paleta, coa que golpean a babka (singular de babki). Non obstante, sábese que en semellantes xogos o que derriba e o que se derriba a miúdo intercámbianse de lugar. Comp. respecto a iso (falas rusas na república autónoma de Mordovia) *баклуши* (bakluxi) - ‘feixes atados de líber de tileiro’ e pelotas de líber de tileiro, que antes se usaban a miúdo nos xogos aldeáns.

¹⁹⁸ **Nota do orixinal:** Comp. o contexto:

Робята баклашками играют весь день

‘Os nenos xogan todo o día coas baklaxiñas’.

nalgunhas variantes dialectais do fraseoloxismo

<i>бить баклуши</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las ba- kluxi</i>	‘folgazanear’
---------------------	---------------	---------------------------------	---------------

conservouse precisamente a combinación coa preposición *в*¹⁹⁹:

(rexión de Pskov)	<i>в баклуши бить</i>	(<i>в</i> bakluxi bit)	<i>golpear а las bakluxi.</i>
-------------------	---------------------------	-------------------------	-----------------------------------

É característica tamén a serie de variantes coas distintas modificacións do verbo *бить* (bit) ‘golpear’:

(rexión de Gorkii)	<i>баклушки обивать</i>	<i>golpear desgastando as bakluxiñas</i>
(rexións de Riazán, de Vorónej)	<i>баклуши обивать</i>	<i>golpear desgastando as bakluxi</i>
(rexión do Don)	<i>сбивать баклуши</i>	<i>derribar a golpes as bakluxi</i>
(rexión de Vorónej)	<i>баклуши околачивать (обивать)</i>	<i>golpear desgastando as bakluxi</i>
(rexión de Arghánguelsk)	<i>бить (околачивать; сбивать, сшибать, шибать) баклуши</i>	<i>golpear (golpear des- gastando; derribar a golpes) as bakluxi</i>
(rexión de Omsk)	<i>проколотить баклуши</i>	<i>pasa-lo tempo gol- peando as bakluxi</i>
	<i>сбивать (пробить) баклуши</i>	<i>derribar a golpes (pa- sa-lo tempo golpean- do) as bakluxi</i>
(rexións de Iaroslavl, de Pskov)	<i>обивать (сбивать) баклуши</i>	<i>golpear desgastando (derribar a golpes) as bakluxi.</i>

Habitualmente os dialectólogos atribúen estas expresións como variantes do xiro

<i>бить баклуши</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las ba- kluxi</i>	‘folgazanear’.
---------------------	---------------	---------------------------------	----------------

Sen embargo, isto é un reflexo particular da motivación *lúdica*, é dicir, relacionada con xogos, na que se basea o significado figurado do xiro. Efectivamente, ningunha das variantes mencionadas pode ser explicada pola tradicional motivación “produccionista” do fraseoloxismo *бить баклуши* (bit bakluxi), onde o verbo *бить* (bit) ten que significar ‘recorta-lo sámago dos cachos de madeira’. Estas testemuñan de maneira evidente a ac-

¹⁹⁹ Véxase a nota 194. Neste caso concreto *в* equivale á preposición galega *a*.

ción de derribar a golpes as bakluxi-gorodkí.

Desta maneira, a motivación inicial proposta da expresión *бить баклуши* (bit bakluxi) é ‘derribar a golpes os cachos de madeira ou as tabas; xogar ós gorodkí, riughi, babki’. Semanticamente é satisfactoria para o subtipo 4 do modelo 3 da nosa serie fraseolóxica. É necesaria, sen embargo, unha argumentación máis detallada, tanto no plano sintáctico, como no plano semántico.

O modelo sintáctico “*бить* ‘golpear’ + gorodkí, riughi, babki, bólas” confírmase pola gran cantidade do material dialectal. Son extremadamente diversos os nomes dos xogos, que consisten en sacar, mediante golpes, os cachos de madeira ou as tabas e as pelotas de madeira, de ósos, de metal, de tipos distintos, dun “kon” (dun “**górod**” [comp.: **gorodkí**, o nome do xogo xa mencionado], dun foxo e semellantes). Para nós é importante que a gran maioría deles se combine cos verbos *бить* ‘golpear’, *шибать* ‘derribar a golpes’, *вышибать* ‘sacar a golpes’ e semellantes. Isto é natural, xa que o proceso que se expresa mediante estes verbos é a condición imprescindible do xogo. Non é casual que moitos deles, por exemplo, *батálки* (*ботálки*), *ляпки* (*аляпки*, *оляпки*), *биток*, *битовуха*, *бóйки*, *клéпни*, *клепушки*, *шибálка*, *шабала* e semellantes, segundo parece, estean derivados precisamente dos verbos coa semántica *percutiente*. A combinación tautolóxica

(rexión de *бóйку бить* *golpea- lo golpeo* ‘xogar ó chij’²⁰⁰
Pskov)

é un testemuño moi expresivo da actividade do verbo *бить* ‘golpear’ na terminoloxía dos xogos.

A transición dende a descrición do proceso do xogo dos gorodkí ou babki ata a designación simbólica da folgazanería é característica da semántica da serie fraseolóxica que vimos considerando. Tendo en conta o amplo uso do fraseoloxismo

бить баклуши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’

e a popularidade do xogo que serve de base para a súa motivación, pódese supoñer a existencia dun modelo máis concreto na fala coloquial: “derribar a golpes os gorodkí, riughi, babki = folgazanear”. Así, nas falas do Sviaga fíxase o seguinte contexto para a palabra *блудня* ‘vago’:

Блудня ты эдакой, чем кнйжку читать, он городкй стрóит ‘Que vago es, en vez de le-lo libro, estás montando os gorodkí’.

Non é menos evidente a connotación negativa co significado de ‘folgazanear’ tamén para os seguintes contextos cos termos de xogos:

ruso

целый день игрál в шелугу (шалу-гу) ‘o día enteiro xogaba á pelota (de madeira ou de líber de tileiro)’

²⁰⁰ *Chij* é o nome dun xogo máis deste tipo do que estamos a falar.

<i>рюхи в брюхе будут играть</i>	‘xogarán os riughi dentro da barriga’
<i>(у него) альчики на уме</i>	‘(ten) as álchiki ²⁰¹ na súa mente’
<i>книгами не лодыгами играть</i>	‘cos libros - non xogar coas lodigi ²⁰² ,
<i>в книги не в чурки</i>	‘(xogar) ós libros - non é ós cachos de madeira’

ucraíno

<i>що за робота - шахи та махи</i>	‘Que traballo é este - xaques e maques’ (é unha substitución aconsonantada da palabra <i>mates</i> , do axedrez)
------------------------------------	--

ruso

<i>Он всё кубцы вóдит, кўбари гоняет</i>	‘El aínda leva as buxainas, persegue os bailaretes’
--	---

(comp.: *кубáрить* ‘pasa-lo tempo con cousas sen importancia, facer tonterías’)

<i>Не учила меня мать ни ткать, ни прясть, а учила меня мать шемелóй играть</i>	‘A miña nai non me ensinaba nin a fiar nin a tecer, senón que me ensinaba a xogar á xemelá ²⁰³ ’.
---	--

Comp. tamén unha serie de fraseoloxismos dialectais, en que o significado ‘folgazanear’ se descifra só dunha maneira, precisamente coa motivación *lúdica*:

(rexión de Nó-vgorod)	<i>играть в кóзны</i>	<i>xogar ós ósos</i>	‘pasa-lo tempo ociosamente’
(rexión de Gor-ki)	<i>шары катать</i>	<i>roda-las bólas</i>	‘pasa-lo tempo ociosamente’
(rexión de Perm)	<i>шáрики катать</i>	<i>roda-las boli-ñas</i>	‘ocuparse dun traballo desmesuradamente fácil’
(rexión de Nó-vgorod)	<i>турять колоб-кй</i>	<i>empuxa-las bólas</i>	‘pasa-lo tempo ociosamente’

²⁰¹ *Álchiki* é unha especie de tabas feitas de ósos.

²⁰² *Lodigi* son ósos maleolares que se utilizan no xogo das tabas.

²⁰³ *Xemelá* é un xogo de Nadal de nenos e de rapazas novas, en que se disputa unha carreira a créquenhas. **Nota do orixinal:** Comp.

<i>шемелу́ бить</i>	<i>golpea-la xemelá</i>	‘folgazanear’; ‘axitarse sen moito resultado’.
---------------------	-------------------------	--

popular (século XVIII)	<i>кубáрить ку́-барей</i>	<i>facer xira-la buxaina</i>	‘folgazanear’.
------------------------	---------------------------	------------------------------	----------------

Un argumento importante en favor da hipótese etimolóxica proposta é a presenza nos dialectos rusos de multitude de combinacións coa estrutura sintáctica e semántica que corresponde completamente ó modelo “derribar a golpes os gorodki, as babki, as bólas = folgazanear”. Nas falas da rexión de Barnaúl fíxase o fraseoloxismo

<i>ба́бки сшибáть</i>	<i>derribar a golpes ás babki</i>	‘vivir de ganancias miúdas’;
-----------------------	-----------------------------------	------------------------------

o contexto amosa a proximidade desta expresión co significado de ‘folgazanear’:

<i>Любитель ба́бки сшибáть, рабо́тать-то неохóта</i>	‘É un aficionado a <u>derribar a golpes as babki</u> , xa que non ten ganas de traballar’.
--	--

Atopamos unha analoxía para esta combinación nas falas da rexión de Pskov:

<i>ша́шки сшибáть</i>	<i>derribar a golpes ós xaxki</i>	‘ocuparse dunha tarefa fácil, escapar do traballo difícil’.
-----------------------	-----------------------------------	---

O significado ‘babka para o xogo’ para a palabra *ша́шка* nas falas rusas é amplamente coñecido.²⁰⁴ Precisamente co significado ‘non facer nada, folgazanear’ coñécense nas falas bielorrusas e ucráinas as combinacións

<i>біць (абіва́ць) ба́бки</i>	<i>golpea-las tabas</i>
<i>е ба́бки збивáти</i>	<i>derribar a golpes as tabas.</i>

Segundo parece, desta terminoloxía de xogos derívanse, tamén fraseoloxismos dialectais, tales como

(rexión do Don)	<i>сбивáть ши-балки</i>	<i>derribar a golpes as pas</i>	‘folgazanear’
	<i>бить ша́балу́ (ше́балу́, шо-балы́) (bit xabalú (xebalú, xobali))²⁰⁵</i>	<i>golpea-lo pao (a paleta, a pelota de tecido)</i>	‘folgazanear’
	<i>ша́балю́ бить</i>	<i>golpea-lo mazo</i>	‘folgazanear’
(rexión de Gor-kii)	<i>ша́балы́ оби-ва́ть</i>	<i>golpear desgastando as xabalí</i>	‘folgazanear, vagar sen ocupación al-

²⁰⁴ Na lingua literaria esta palabra ten o significado ‘peón do xogo das damas’.

²⁰⁵ **Nota do orixinal:** Comp. no Dicionario de Dal (Даль, 1955): шибалка (**xibalka**) ‘taba, paleta’.

			gunha’
(autonomía de Karelia)	<i>шамэлу сбить</i>	<i>derribar a golpes o cacho de madeira</i>	‘facer algo en van’
(rexión do Terek, do norte de Rusia)	<i>шаболды бить</i>	<i>golpea-los paos</i>	‘folgazanear’
	<i>бить таболу</i> (bit tabolú)	<i>golpea-lo peón do xogo das damas</i> ²⁰⁶	‘folgazanear, vagar sen ocupación algunha’.

Comp.: *тавлёя (товлэй) (tavléia (tovléi))* ‘xogo das damas’ (o paralelismo dos significados ‘peón do xogo das damas’ = ‘taba’);

(rexión de Pskov)	<i>бить сачка́</i>	<i>golpea-lo sa-chok (=tabi-ña)</i>	‘folgazanear’,
-------------------	--------------------	-------------------------------------	----------------

vinculado estreitamente co *сак (сáка)* ‘taba’ e a palabra popular *сачковать* ‘folgazanear’;

(rexión de Omsk)	<i>шйшки бить</i> (<i>сбивáть</i>)	<i>golpea-las xixki</i>	‘folgazanear’,
------------------	---	-------------------------	----------------

que posiblemente, se temos en conta a actividade do modelo *лúdico*, sexa derivado de *шйшка* ‘peón do xogo das damas, taba, kozna, lodijka de xogo’. Todas estas combinacións, como vemos, significan ‘folgazanear’ e ó mesmo tempo conservan unha relación estreita coa terminoloxía do xogo de babki .

O verbo *бить* ‘golpear’ combínase activamente cos termos do xogo de bólas (outros nomes deste xogo: *ка́сло, дучки*, etc.); sendo a bóla substituída frecuentemente por unha torada, un cacho de madeira. Deste xogo derívanse as expresións

(rexión de Smolensk)	<i>бить гу́лы</i>	<i>golpea-los gu-li</i> ²⁰⁷	‘folgazanear’
(autonomía de Karelia)	<i>блэ́йки бить</i> (bleiki bit)	<i>golpea-las bleiki</i> (=go-rodki) ²⁰⁸	‘folgazanear’.

²⁰⁶ A palabra *таболá (tabolá)* procede etimoloxicamente da palabra latina *tabula* e primitivamente significaba ‘táboa de xadrez ou do xogo das damas’ (así como a palabra do ruso antigo, que se atopa tamén no presente na fala dialectal, *тавлёя (tavléia)*, adquirindo despois na fala dialectal, mediante metonimia, outro significado: ‘peón do xogo das damas’. Comp. tamén o verbo dialectal *табалáжить (tabalájit)* ‘vagar sen ningún obxectivo’.

²⁰⁷ *Guli* son pequenas bólas para o xogo correspondente.

²⁰⁸ Véxase a nota 195.

Delas, probablemente, proveñan tamén outras combinacións:

(rexión do Don)	<i>бе́ньки бить</i>	(beñki bit)	<i>golpea-las beñki</i>	‘folgazanear’,
-----------------	-------------------------	-------------	-----------------------------	----------------

que pode ser relacionado, por unha banda, co termo *lúdico* (rexión de Vólogda) *бе́нить* (béñit) ‘golpear ó xogador coa pelota’ e, por outra, coa palabra *бе́нька* (beñka) que denomina os obxectos redondos (por exemplo, (rexión do Don) *бе́ньки* ‘ollos’);

(rexión de Smolensk)	<i>бо́нки бить</i>	<i>golpea-las bonki</i> ²⁰⁹	‘folgazanear’
----------------------	--------------------	--	---------------

inclúe o substantivo da mesma raíz (comp.:

ucraíno

<i>бо́мки біти</i>	<i>golpea-las bomki</i>	‘folgazanear’
--------------------	-------------------------	---------------

polaco

<i>bić bąki</i>	<i>golpea-las baki</i>	‘folgazanear’).
-----------------	------------------------	-----------------

Cos xogos tamén están relacionados, segundo parece, os fraseoloxismos

(rexións de Riazán e de Arghánguelsk)	<i>ба́лды бить</i>	<i>golpea-las baldi</i>	‘folgazanear’
---------------------------------------	--------------------	-------------------------	---------------

(rexión de Smolensk)	<i>бо́лды бить</i>	<i>golpea-las boldi</i>	‘folgazanear’,
----------------------	--------------------	-------------------------	----------------

a forma interna destes revélase se temos presente tanto o significado principal da palabra *ба́лда* (balda) ‘pao, moca’, coma o significado derivado da palabra (rexión de Cheliábinsk) *балодка* (balodka) ‘pao que ten unha lonxitude de ata 75 cm, co que derriban a boliña no xogo do balodki (especie de xogo de gorodki)’; comp.: *балди́ть* (baldit) ‘folgazanear’. Aproximadamente desta mesma maneira revélase o sentido interno doutros dialectalismos construídos segundo este modelo, por exemplo,

(rexión de Smolensk)	<i>бі́зы (бі́зики) бить</i>	<i>golpea-las bizi (bíziki)</i> ²¹⁰	‘folgazanear’
	<i>бить бо́хлонки</i>	<i>golpea-las bó- ghlonki</i> ²¹¹	‘folgazanear’
	<i>бры́нки бить</i>	<i>golpea-las brinki</i>	‘folgazanear’

²⁰⁹ A palabra rusa *bonki* e as que van máis adiante, a ucraína *bomki* e a polaca *bąki*, significan ‘bólas do xogo correspondente’.

²¹⁰ *Bizi* é un aneliño ou unha boliña que se derriba coa paleta no xogo correspondente; *bíziki* é o diminutivo de *bizi*.

²¹¹ *Bóghlonki*, e algunhas palabras que seguen na lista máis en diante *brinki*, *báidaki*, *báidiki*, *baidiukí*, *penkí* son cachiños de madeira para os xogos correspondentes.

(rexión do Ku- bán)	<i>ба́йдаки (ба́й- дыки) бить</i>	<i>golpea-las báí- daki (báidiki)</i>	‘folgazanear’
(rexión de Kursk)	<i>байдюкі бить (сбива́ть)</i>	<i>golpear (de- rribar a go- pes) os bai- diukí</i>	‘folgazanear’
	<i>ба́нды бить</i>	<i>golpea-las bandi²¹²</i>	‘folgazanear’
(rexión de Perm)	<i>коля́ски бить</i>	<i>golpea-las ko- liaski</i>	‘folgazanear’
(rexión do Don)	<i>сбива́ть пенё́ки</i>	<i>derribar a gol- pes os penkí</i>	
(rexión do Ku- bán)	<i>ша́бо́лды бить (обива́ть, сбива́ть)</i>	<i>golpear (gol- pear desgas- tando, derri- bar a golpes) as xábóldi²¹³</i>	‘folgazanear’
(rexión do Don)	<i>обива́ть ши́ш- ки</i>	<i>golpear des- gastando as xixki²¹⁴</i>	‘folgazanear’.

A actividade do modelo semántico-sintáctico concreto “derribar a golpes os cachos de madeira, babki , bólas = folgazanear” podería ser confirmada polo material fraseolóxico doutras linguas eslavas: bielorruso *бібікі бить*; ucraíno *ба́йдики (ба́йди, багла́й, бо́мки, га́ндри) бі́ти*; ucraíno dialectal *бі́ти блі́нди; брѐнки (го́цы, бу́рла, квóчки, фі́глі, коу́тю) бі́ти; інштрій́и (ростю́пки) бі́ти* e semellantes; polaco *bić (zbijać) baki; bruki zbijać (obijać)*; alto lusaciano *klinki bić, klinčki bić* e semellantes. Comp. tamén as locucións idiomáticas lituanas con estrutura próxima e con significado común ‘folgazanear’: *dinderi (dindas, paibarą, pimparus) mušti golpear (derribar) obxectos miúdos* ou *moldávo a báte cýрка; a báte páрка* ‘xogar ó chíjik’ e ‘folgazanear’.

Como vemos, a motivación inicial suposta do fraseoloxismo *бить баклуши* (bit bakluxi) ‘xogar ós gorodkí ou babki ’ corresponde ós modelos sintácticos e semánticos xerais da serie fraseolóxica que describimos.

Por suposto, non cómpre absolutiza-la actividade do modelo *lúdico* na formación dos fraseoloxismos dados. A ampla influencia mutua dos fraseoloxismos populares puido alterar considerablemente a motivación inicial dun ou doutro membro desta expresión e

²¹² *Bandi* e a palabra que segue a continuación na tabla *koliaski* son boliñas, pezas redondas dos xogos correspondentes.

²¹³ *Xábóldi* son pas que se utilizan nos xogos correspondentes.

²¹⁴ *Xixki* aquí significan ‘tabas que se derriban no xogo das tabas’.

aportarlle carácter individual. Tales transformacións populares-etimolóxicas do modelo dado son, por exemplo:

- | | | | |
|-------------------------------|----------------|-----------------------|---|
| 1. (rexión de Kursk) | (liagúxek bit) | <i>golpea-las ras</i> | ‘ter un modo de vivir ocioso, lacazane-ar’, |
| <i>лягúшек</i>
<i>бить</i> | | | |

que procede, segundo parece, da combinación

- | | | | |
|---------------------|---------------|----------------------------|-----------------|
| <i>бить баклúши</i> | (bit bakluxi) | <i>golpea-las ba-kluxi</i> | ‘folgazane-ar’; |
|---------------------|---------------|----------------------------|-----------------|

- | | | | |
|-------------------------------------|---------------------|------------------------------|--|
| 2. (rexión de Smolensk) | (gúltiki spravliát) | <i>celebra-los pantalóns</i> | ‘ter un modo de vivir ocioso, lacazane-ar’ |
| <i>гúльтики</i>
<i>справлять</i> | | | |

que é unha probable transformación de

- | | | | |
|----------------------|------------|---------------------------------------|-----------------|
| (rexión de Smolensk) | (guli bit) | <i>golpea-los guli</i> ²¹⁵ | ‘folgazane-ar’; |
| <i>гúлы бить</i> | | | |

- | | | | |
|--------------------------|---------------|--|----------------|
| 3. (rexión de Krasnodar) | (bit gaiduki) | <i>golpea-los correntos</i> ²¹⁶ | ‘folgazane-ar’ |
| <i>бить гайдúки</i> | | | |

en vez de

- | | | | |
|------------------------------------|-------------------------|---|-----------------|
| <i>бить ба́йдуки</i>
(ба́йдики) | (bit baiduki (baidiki)) | <i>golpea-las báiduki</i>
(báidiki) ²¹⁷ | ‘folgazane-ar’; |
|------------------------------------|-------------------------|---|-----------------|

- | | | | |
|--------------------------------------|------------------|----------------------------|-----------------|
| 4. (rexión do Don) | (kítuxki sbivat) | <i>derriba-las candeas</i> | ‘folgazane-ar’, |
| <i>кíтушки</i>
<i>ки сбива́ть</i> | | | |

que se relacionan con *кíтушки* (**kítuxki**) ‘candeas no salgueiro’, aínda que pode derivar de *кíтки* (**kítki**) ‘tabas’ (comp. nas falas da rexión de Pskov). A alteración do modelo que describimos, posiblemente, se revelou durante a formación de combinacións dialectais.

²¹⁵ Véxase a nota 207.

²¹⁶ *Бить гайдúки* é unha extensión perifrástica do verbo *гайдúкать* ‘correr polo patio sen ningún obxectivo’.

²¹⁷ *Báiduki* (*báidiki*) son cachiños de madeira para o xogo de gorodki.

tais, tales como

(rexión de Vo- rónej)	<i>бруньки сби- вать</i>	<i>derribar a gol- pes as espi- guiñas</i>	‘folgazanear’
(rexión de Pskov)	<i>вóзгри бить</i>	<i>golpea-los mo- cos</i>	‘folgazanear’
(rexión de Smolensk)	<i>балуй (балуёв) бить</i>	<i>golpea-los tra- vesos</i>	‘folgazanear’
	<i>белендрясы бить</i>	<i>golpea-las le- rias</i>	‘folgazanear’.

Esixe unha consideración especial tamén toda unha serie de unidades fraseolóxicas do tipo: ruso dialectal *лáнды (лýнды) бить*; *бить бáнды (бры́нды)*; *бить шлѣнды (шлýнды, блýнды)*; *лýни (лýнды, слóны) бить*; bielorruso *біць байды (бинды, лынды, брынды, дрынды)*; *бынды правіць*²¹⁸, onde son posibles as contaminacións complexas, non só das combinacións separadas, senón tamén de toda unha variedade de series fraseolóxicas (por exemplo, “xogar ás babki ou gorodki” - “vagar, ruar” - “falar por falar (por non estar calados)”). A rica experiencia na análise funcional da fraseoloxía, acumulada polos lingüistas soviéticos, amosa que, se non se teñen en conta tales transformacións, o concepto do desenvolvemento dun ou outro fraseoloxismo estará incompleto. A variabilidade e a falsa analoxía como fontes de formación da fraseoloxía, estreitamente vinculadas co problema da súa modelabilidade, son aspectos especiais do estudio dos fraseoloxismos (véxase o capítulo 4).

Durante a interpretación etimolóxica dun fraseoloxismo de tal xénero é posible a substitución da imaxe inicial pola secundaria, nacida baixo a influencia da contaminación de dous ou máis modelos semántico-estruturais e das asociacións imáxicas. Así, o modelo fraseolóxico “*бить* ‘golpear’ + *что* ‘que’ = folgazanear” dentro da forza espontánea da fala (dialectal) está estreitamente relacionado co modelo “*точить* ‘fluir’ + *что* ‘que’ = falar por falar (por non estar calados), estar de parola”, o que se reflicte tanto na estrutura dalgúns dialectalismos, coma na súa semántica; comp., por exemplo, ruso dialectal

<i>бить ба́йки</i>	<i>golpea-los contos</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’,
--------------------	--------------------------	--

derivado mediante a “disgregación” do verbo *ба́йкать* (no mesmo significado). A análise etimolóxica comparativa e por áreas amosa que a relación dos modelos citados é secundaria, é contaminativa: a motivación da maioría dos fraseoloxismos do tipo

²¹⁸ As expresións dadas son extensións perifrásticas dos verbos rusos *лýндать, шлѣндать, шлýндать, блýндать, слоня́ться* ‘vagar, ruar sen ocupación ningunha’, *лýнять* ‘vagar, ruar sen ocupación ningunha; escapar do traballo recurrido a varias astucias, mañas’, *лáндовать, ланды́жничать* ‘folgazanear’, *бáндать* ‘diferir, dilatar, tardar’ e *бандахры́стничать* ‘pasa-lo tempo sen facer nada, folgazanear’, *бры́ндать* ‘folgazanear, vagar sen obxectivo nin necesidade’, bielorrusos *биндаць, брындаць, дрындаць, лындаць* ‘vagar, ruar sen ocupación ningunha’, *бындаць* ‘andar sen traballo’, *байдаць* ‘dicir mentiras’.

ruso	<i>бить баклúши</i> (bit bakluxi)	<i>golpea-las ba- kluxi</i>	‘folgazanear’
ucraíno	<i>ба́йдики бі́ти</i>	<i>golpea-las báidiki</i>	‘folgazanear’
e bielorruso	<i>бі́бікі біць</i>	<i>golpea-las bí- biki</i>	‘folgazanear’

baséase precisamente no modelo *lúdico*, representado nas linguas eslavas orientais e occidentais e nas linguas veciñas das eslavas (lituana, moldava e húngara).

O plano lingüístico da análise diacrónica da fraseoloxía, por suposto, é moito máis amplo có problema do descubrimento do modelo semántico-estructural inicial da combinación de palabras. É esencial a aclaración das fontes literarias das unidades fraseolóxicas, dos préstamos e dos calcos.

O problema das fontes da fraseoloxía é un problema filolóxico xeral. A cuestión da paternidade lingüística, por exemplo, que dende hai moito tempo se consideraba como unha das máis discutibles, chega a ser aínda máis problemática en canto ó seu estudio no aspecto propiamente lingüístico, onde a paternidade actúa só como unha capacidade de transforma-lo modelo fraseolóxico xa formado (común para todo o pobo). Así, o autor da combinación nominativa rusa

<i>попрыгúнья стрекоза́</i>	<i>saltatriz libélula</i>	‘persoa desconsiderada’
-----------------------------	---------------------------	-------------------------

é I.A.Krilov. Un significado de *стрекоза́* ‘desconsiderada’, tan esencial para o modelo semántico do xiro ruso, relaciónase estreitamente coa fábula de J. de La Fontaine *La cigale et la fourmi*. Unha análise máis detallada das fontes amosa, sen embargo, que é moi difícil facer constar a paternidade “literaria” deste significado (resp. do suxeito “libélula (cigarra) - formiga”), porque provén de fontes antigas e, segundo parece, está relacionado coa tradición folclórica. Aproximadamente a esta mesma conclusión leva a busca da fonte inicial da expresión

<i>льви́ная до́ля</i>	<i>a parte do león</i>	‘unha parte moito maior e mellor cás outras’.
-----------------------	------------------------	---

O suxeito da fábula, que chegou a se-la súa base, foi empregado por Krilov (na literatura rusa tamén por V.K.Trediakovski, A.P.Sumarókov, I.I.Jemnítser), por La Fontaine, Fedro; e como autor del considérase Esopo. Xa hai tempo, sen embargo, que se atopou a fonte popular desta expresión: un conto popular árabe. A base lingüística deste suxeito fraseolóxico é a asociación tan antiga “león e potencia, poder”, que se coñece en moitas linguas e que ten, segundo parece, carácter tipolóxico.

A procura do modelo fraseolóxico inicial no plano filolóxico xeral, desta maneira, é unha ampla tarefa semiótica. No plano lingüístico cómpre acentua-la posibilidade da reduc-

ción de moitos fraseoloxismos “de autor” ós modelos semántico-estructurais máis xerais. Para a interpretación, nos límites do estudio das fontes, da expresión

<i>рыцарь на час</i>	<i>cabaleiro para unha hora</i>	‘persoa falta de vontade, que ten impulsos nobles, pero non é capaz de loitar continuamente’,
----------------------	---------------------------------	---

por exemplo, é suficiente facer constar que pertence a N.A.Nekrásov. A análise do contido do verso de Nekrásov²¹⁹ e a estrutura desta expresión achegan a razón para supoñer que foi creada por analoxía co apotegma

<i>каліф на час</i>	<i>califa para unha hora</i>	‘persoa que chegou ó poder ou empezou a ocuparse de algo, ocupar un posto impropio del (habitualmente prestixioso) de casualidade e para curto tempo’.
---------------------	------------------------------	--

A substitución do compoñente (*каліф* ‘califa’ por *рыцарь* ‘cabaleiro’), como vimos no exemplo

<i>бить баклужи</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las bakluxi</i>	‘folgazanear’,
---------------------	---------------	---------------------------	----------------

é o caso típico da formación da serie fraseolóxica. É característico que o fraseoloxismo internacional

<i>каліф на час</i>	<i>califa para unha hora</i>	‘persoa que chegou ó poder ou empezou a ocuparse de algo, ocupar un posto impropio del (habitualmente prestixioso) de casualidade e para curto tempo’
---------------------	------------------------------	---

que procede do conto popular árabe, na lingua rusa cree o modelo semántico-estructural activo “*x + на час* ‘para unha hora’”, onde *x* se substitúe polos lexemas de semántica distinta, pero tematicamente próxima:

<i>факир (премьер, выдвигёнец, удачник) на час</i>	<i>faqir (galán, promovido, afortunado) por unha hora</i>	‘persoa que chegou ó poder ou empezou a ocuparse de algo, ocupar un posto impropio del (habitualmente prestixioso)
--	---	--

²¹⁹ Véxase: Н.А.Нескрасов “Рыцарь на час” [N.A.Nekrásov *Cabaleiro por unha hora*].

so) de casualidade e
para curto tempo’,

etc.

A tarefa do descubrimento do modelo semántico-estructural inicial plantéxase tamén durante a etimoloxización dos préstamos fraseolóxicos e dos calcos. Neste caso fai falta investigar a ampla área interlingüística, para xustificar a actividade do modelo inicial nas linguas daquel grupo xenético, do que se supón que provén o préstamo. Así, o xiro comparativo checo

pije jako holendr *bebe coma un zapateiro* ‘bebe moito’,

por exemplo, interprétase de dúas maneiras: ‘bebe coma unha debulladora para debullalo grao’ ou ‘bebe coma un holandés’. A interpretación etnonímica deste fraseoloxismo confirmase pola presenza dun modelo isosemántico semellante noutras linguas (comp.:²²⁰

ruso

пьян как грек *borracho coma un grego* ‘moi borracho’

búlgaro

пиян като циганин *borracho coma un xitano* ‘moi borracho’

serbio/croata

као пијан циганин *coma un xitano borracho* ‘con moito ruído; dunha maneira inadecuada’

alemán

betrunken wie sieben Sweden *borracho coma sete suecos* ‘moi borracho’

francés

boire comme un Suisse (un Polonais) *beber coma un suízo (un polaco)* ‘beber moito’, etc.)

e por unha masa de comparacións estables co compoñente ‘holandés’ nas linguas xermánicas, onde este etnónimo ten unha connotación negativa [comp.:

alemán dialectal

gieng hiemit wie ein Holländer *vagaba coma un holandés* ‘vagaba sen ocupación algunha’

²²⁰ Comp. tamén en galego *beber coma un cosaco* ‘beber moito’.

danés

<i>være skabt som en hollænder</i>	<i>ser creado coma un holandés</i>	‘ser forte e san, aínda que un pouco torpe’
------------------------------------	------------------------------------	---

sueco

<i>rik (renlig) som en holländare</i>	<i>rico (pulcro) coma un holandés</i>	‘moi rico (moi pulcro)’
---------------------------------------	---------------------------------------	-------------------------

<i>svära (supa) som en holländare</i>	<i>blasfemar (xurar) coma un holandés</i>	‘blasfemar (xurar) intensamente’.
---------------------------------------	---	-----------------------------------

A demostración da modelabilidade dunha ou outra combinación é un criterio lingüístico fiable tamén durante a revelación dos casos da falsa homonimia que se fixa como resultado do calco (do tipo

<i>быть не в своей тарелке</i>	<i>estar nun prato que non é del</i>	‘non estar de humor, non estar a gusto, estar incómodo’).
--------------------------------	--------------------------------------	---

Por suposto, a investigación dos préstamos e calcos, sobre todo a identificación das fontes literarias da fraseoloxía, teñen non poucos aspectos específicos. E, sen embargo, a súa dominante lingüística é a descuberta da imaxibilidade primitiva (ou da súa ausencia) do fraseoloxismo, noutras palabras, a revelación do modelo da combinación estable. A capacidade deste modelo de variar amplamente e someterse a distintas transformacións falsoanalóxicas ten que ser unha advertencia seria en contra da construción das etimoloxías baseada en feitos etnográficos separados e feita sen que se teñan en conta as propiedades lingüísticas das unidades fraseolóxicas.

O seu modo, o tratamento dos feitos etnográficos durante a análise etimolóxica dos fraseoloxismos está completamente xustificado: a maioría das combinacións estables ten base extralingüística. Pero durante a aproximación puramente lingüística a cuestión da casualidade /non-casualidade dos feitos segue estando sen revelar. Por iso, como momento inicial da análise etimolóxica dos fraseoloxismos cómpre considera-las observacións das posibilidades sinonímicas, estruturais e variativas de determinada serie fraseolóxica. Tales observacións, que esixen a aportación dun enorme material de feitos, ante todo dialectal, permitirán reconstruí-lo modelo semántico-estructural inicial da combinación estable, despois, trata-lo material etnográfico, que, á súa vez, ou ben mostrará a certeza da reconstrucción feita, ou ben provocará a necesidade de volver a examinala.

2.5. Límites da modelabilidade

A modelabilidade da estrutura e da semántica dos fraseoloxismos, como amosa o material de feitos de moitas linguas, é unha realidade obxectiva. Precisamente o carácter mo-

delable asegura que os falantes nativos comprendan os xiros estables que xorden en distintas transformacións de fala. Esta modelabilidade da fraseoloxía estimula unha constante renovación da súa composición e a aparición de series fraseolóxicas recentes a base dos esquemas semántico-estruturais vellos.

Pero non se pode deixar sen mencionala relatividade desta propiedade. Xa o mesmo feito de que a investigación da fraseoloxía empezase polas constatacións da súa inmodelabilidade, “individualidade” e semellantes, advirte que esta propiedade non ten que proclamarse como absoluta. Utilizando os modelos fraseolóxicos durante a análise tipolóxica ou diacrónica das unidades fraseolóxicas, cómpre ó mesmo tempo ter en conta constantemente as peculiaridades de tales modelos, as súas limitacións temporais e espaciais. O que produce a impresión de ser unha serie activamente modelable no plano histórico, pode resultar ser pouco frutífero ou completamente inmodelable no plano sincrónico. O que se reproduce activamente na ampla área eslava na fala dialectal, pode ser rigorosamente regulamentado no aspecto semántico-estructural nos marcos da norma literaria contemporánea. Tampouco se pode deixar sen recoñece-lo feito de que os modelos fraseolóxicos descritos arriba son, en primeiro lugar, modelos analíticos, e non sintéticos (Fleischer, 1982: 197).

Sendo unha unidade modelable, como tamén é a gran maioría absoluta das unidades lingüísticas, o fraseoloxismo ó mesmo tempo tende cara ós fenómenos inmodelables. “A dobre natureza” do fraseoloxismo era xustamente acentuada por L.I.Roizenzón, que caracterizaba a esencia dicotómica da fraseoloxización, que

actúa tanto en calidade de fenómeno modelado (comp. series fraseolóxicas, etc.), como en calidade de acto derivativo de tipo inmodelado; nesta natureza contradictoria dos fraseoloxismos tamén consiste a peculiaridade da súa formación, a diferenza da formación das palabras-lexemas. (Ройзензон, 1973: 83).

Efectivamente, a contradicción modelabilidade /inmodelabilidade empeza a realizarse xa durante a creación do fraseoloxismo como unha combinación relativamente estable. A fusión semántica dos compoñentes, a súa reproductividade e expresividade distinguen a unidade recién formada das combinacións sintácticas analóxicas de palabras. Conservando o modelo estrutural, tal unidade fraseolóxica xa se distingue destas combinacións por unha serie de parámetros, ante todo pola súa semántica. Por exemplo, estase producindo un desprendemento progresivo do fraseoloxismo do tipo “*бить* ‘golpear’ + *babki*, *gorodki*”²²¹ do modelo sintáctico, típico na lingua rusa “*бить, ударять, колотить* ‘golpear’ + substantivo en caso acusativo”, por unha banda, e unha diminución do círculo temático dos substantivos nos límites do modelo dado, por outra.

O potencial expresivo dos compoñentes das combinacións durante a súa fraseoloxización é precisamente aquel factor limitativo que crea un contrapeso á ampla modelabilidade das combinacións libres. Despois de chegar a ser unha unidade connotativa, o fraseoloxismo diminúe considerablemente as relacións cos modelos, segundo os que está formado, o que dá razón para designalo como unidade relativamente inmodelable (en compa-

²²¹ Acerca destas expresións véxase a páx. 182 e seguintes.

ración coas combinacións libres). Pero tamén esta relativa inmodelabilidade é contradic- toria: no plano estrutural os fraseoloxismos, ordinariamente, seguen conservando unha relación estreita con aqueles modelos sintácticos, segundo os que se formaran, e a relati- va inmodelabilidade revélase ante todo na súa semántica, tanto interna (etimolóxica), como externa (o significado fraseolóxico actual). Neste caso, propiamente dito, ten lugar un orixinal “retraso” da forma do fraseoloxismo, que está modelada e que reflicte a sin- tagmática típica dunha lingua dada, a comparación do seu contido que posúe *matices adicionais, expresividade individual, irrepetibilidade semántica* e semellantes.

Desta maneira, a contradicción modelabilidade /inmodelabilidade na esfera da fraseolo- xía podería ser interpretada como a contradicción entre a súa forma e o seu contido. Pero tal interpretación sería demasiado simplificada. Por unha banda, na fraseoloxía de cada lingua hai bastantes unidades que conservan os elementos arcaicos da forma que non son modelables do punto de vista das normas contemporáneas, incluso as formas constructi- vas, sintácticas (comp. o fraseoloxismo

<i>шутка сказа́ть</i>	<i>broma dicir</i>	‘dici-lo é unha broma’
-----------------------	--------------------	------------------------

que se refire, segundo parece, ás construcións que noutros tempos eran activas, do tipo *травá коси́ть* ‘herba segar’; *водá носи́ть* ‘auga levar’²²²). A forma de fraseoloxismo, consecuentemente, tamén pode potencialmente tender á inmodelabilidade. Por outra banda, a afirmación da inmodelabilidade da semántica fraseolóxica tamén é relativa: co- mo vimos en numerosos exemplos

<i>ни бо́гу свѣчка ни чѣрту ко- чергá</i>	(ni bogu sve- chka ni chortu kochergá)	<i>nin a candeia para o Deus, nin o atiza- doiro para o demo</i>	‘un home me- diocre, que non ten trazos característicos individuais que o desta- quen doutros’
<i>трусу прáзд- новать</i>	(trusu prázdno- vat)	<i>celebrar para o covarde (= facer unha festa en ho- nor do covar- de)</i>	‘acovardarse, temer’
<i>оди́н как перст</i>	(odín kak perst)	<i>só coma un de- do</i>	‘moi solitario, sen ter familia nin parentes’
<i>дать леща</i>	(dat leschá)	<i>dar un golpe</i>	‘golpear, pegar

²²² As combinacións citadas compóñense cada unha dun substantivo en caso nominativo e dun verbo en infi- nitivo, mentres que na lingua contemporánea o substantivo neste caso concreto tería que estar en caso acusati- vo, *шутку, траву, воду* respectivamente.

/un peixe sar- varias veces
go seguidas’,

as unidades fraseolóxicas son capaces de formar series sinonímicas abondo numerosas (tense en conta ante todo a sinonimia dos compoñentes do fraseoloxismo), idénticas pola súa semántica, tanto interna, como externa.

A comprensión da relatividade da contradicción modelabilidade /inmodelabilidade como consecuencia da contradicción máis xeral entre a forma e o contido do fraseoloxismo, non suspende, en principio, a súa xustificabilidade. A semántica fraseolóxica regulamenta a modelabilidade formal das combinacións estables e ó mesmo tempo contribúe á renovación constante da forma das combinacións. Sendo iso así, como vimos, a estabilidade relativa do significado da unidade fraseolóxica é unha condición necesaria para a conservación do modelo. É precisamente a semántica da combinación a que fai limitada a modelabilidade das combinacións libres.

A limitación da modelabilidade pola semántica da combinación pasa por dúas etapas principais. A primeira etapa é a redución da modelabilidade mediante a limitación da variedade temática das combinacións. Por exemplo, na esfera da fraseoloxía imáxica tal redución foi a concentración do modelo “*бить* ‘golpear’ + substantivo en caso acusativo” para designa-lo proceso do xogo dos gorodkí ou babkí, e na esfera da fraseoloxía inimáxica tal redución foi a concentración do modelo “*дать* ‘dar’ + substantivo derivado dun verbo” para designa-la acción *percutiente*. Xa nesta etapa observámo-la redución considerable do potencial semántico dos compoñentes: no primeiro caso o verbo *бить* ‘golpear’ convértese de polisémico en monosémico, denomina a acción de derribalas babkí ou gorodkí; no segundo caso o verbo *дать* ‘dar’ convértese no índice formal da causatividade, que forma combinacións do tipo dado só cos substantivos derivados dos verbos *percutientes*. Na primeira etapa as combinacións co modelo estrutural “tematicamente marcado” adquiren a reproductividade, que é o indicio importante do fraseoloxismo.

A segunda etapa é a ulterior fraseoloxización da combinación estable. Na esfera da fraseoloxía imáxica realízase habitualmente mediante unha metaforización, e na esfera inimáxica mediante outros métodos de aumento da expresividade (como imos ver máis polo miúdo no capítulo 4). Nesta etapa o fraseoloxismo sepárase aínda máis do modelo inicial, tende á relativa inmodelabilidade. A metaforización e outros métodos de reforzo da expresividade dos complexos fixos de palabras levan á marxinación das combinacións periféricas, non-expresivas. Así, vimos que, a pesar da cantidade abondo grande de combinacións dos verbos *percutientes* co significado de ‘derribar’ e os nomes dos babkí, gorodkí e semellantes, só algunhas delas se someteron á metaforización na fala popular. Precisamente así mesmo, da multitude das combinacións do verbo *дать* ‘dar’ co substantivo derivado do verbo co significado ‘golpe’, só as combinacións que posúen maior expresividade adquiren maior actividade.

Esta “selección natural” que se realiza en cada momento na fala viva, pouco e pouco fíxase e codifícase na lingua literaria. Máis que isto, na lingua escrita esta selección chega a ser artificial, condicionada polos factores normativizantes: da cantidade relativamente

grande de fraseoloxismos que representan un ou outro modelo na fala popular, atópanse no uso literario só uns cantos, e frecuentemente só un xiro. O destino do modelo fraseolóxico do tipo “*бить* ‘golpear’ + *babki, gorodki* e semellantes” (‘folgazanear’) nas linguas literarias eslavas orientais é extremadamente demostrativo neste plano: en cada unha delas fixouse só un fraseoloxismo deste modelo:

ruso

<i>бить баклúши</i> (bit ba- kluxi)	<i>golpea-las baklux</i>	‘folgazanear’
--	--------------------------	---------------

bielorruso

<i>биць бі́бікі</i>	<i>golpea-las bíbiki</i>	‘folgazanear’
---------------------	--------------------------	---------------

ucraíno

<i>бі́ти ба́йдикі</i>	<i>golpea-las báidiki</i>	‘folgazanear’.
-----------------------	---------------------------	----------------

Por iso non é casual que para moitos fraseólogos a combinación

<i>бить баклúши</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las ba- kluxi</i>	‘folgazanear’
---------------------	---------------	---------------------------------	---------------

ata o de agora servise como ilustración da inmodelabilidade fraseolóxica.

Consecuentemente, o proceso do desenvolvemento do fraseoloxismo pasa habitualmente dende unha ampla modelabilidade á inmodelabilidade, ó que contribúe en moito o papel codificador da lingua literaria. Pero a inmodelabilidade dos fraseoloxismos, mesmo dos rigorosamente “determinados”, como

<i>бить баклúши</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las ba- kluxi</i>	‘folgazanear’,
---------------------	---------------	---------------------------------	----------------

segue sendo relativa. A pesar da definición rigorosa dos compoñentes, incluso nas ligazóns, o máis frecuente de todo, é que se conserve a identidade estrutural (ou polo menos a analoxía) cos correspondentes tipos de sintagmas, característicos dunha ou doutra lingua. Esta conservación do modelo estrutural é a que asegura o “recoñecemento” da unidade fraseolóxica como combinación, e non como calquera outra unidade lingüística.

Na maioría dos casos consérvase tamén a modelabilidade semántico-estructural dos fraseoloxismos: usados activamente na lingua literaria, os modelos do tipo “*дать* ‘dar’ + ‘golpe’ = *бить* ‘golpear’” ou

<i>распуска́ть ню́ни</i> (слю́ни, гу́бы)	<i>afrouxa-los beizos (a saliva, os beizos)</i>	‘chorar, choromicar, queixarse’
<i>пья́лить (тарáщитъ, пучи́ть, выва́ливать) глаза́ (зэ́нки, бу́рка- лы, глазе́напы)</i>	<i>desencaixa-los ollos</i>	‘abri-los ollos desmesuradamente’

e semellantes confirman este feito dunha maneira convincente. Pero incluso naqueles casos, en que a codificación literaria separou algún xiro do modelo semántico-estructural, característico da fala viva, non perde definitivamente a relación coa serie fraseolóxica que o creou. “A lingua escrita é unha capa de xeo no río, - escribía J.Vendryes. - O río que flúe debaixo do xeo é a lingua popular natural”.²²³ Esta comparación caracteriza dunha maneira inmellorable tamén a relación mutua entre a fraseoloxía nacional da lingua literaria e a fraseoloxía dialectal. A expresividade, a presenza de distintos planos semánticos e a vivacidade que son propios da fraseoloxía nacional, naceron precisamente na fala popular. As parcelas da fala viva, fixadas polo uso literario, conservan estas propiedades.

Os límites da modelabilidade da fraseoloxía, consecuentemente, determínanse polo grao de actualidade da súa relación coa fala viva popular. Canto máis estreita é esta relación e canto máis comprensible é a imaxe que está na base do fraseoloxismo, tanto máis activamente se pode reproducir tal unidade segundo o modelo. Canto máis lonxe está o fraseoloxismo da fala popular, tanto máis particular e “inmodelable” parece se-la súa semántica e estrutura. E, ó mesmo tempo, máis necesaria chega a ser unha ampla análise por áreas, dirixida á reconstrución daquel modelo semántico-estructural, segundo o que tal fraseoloxismo foi creado.

²²³ **Nota do orixinal:** Вандриес Ж. Язык: Лингвистическое введение в историю. [*Le language: introduction linguistique*, traducido ó ruso]. М., 1937. Пáx. 253.

III

IMPLICIDADE /EXPLICIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS

A interacción dialéctica entre implicidade e explicitade está estreitamente relacionada coa interacción xa descrita entre estabilidade e inestabilidade. A estabilidade da unidade fraseolóxica, como vimos, revélase na conservación do modelo semántico-estructural da combinación inicial. Non obstante, á tendencia de conservación deste modelo contraponse a tendencia ó estreitamento ou á ampliación da cantidade dos compoñentes fraseolóxicos. Por **implicidade** enténdese precisamente a tendencia do fraseoloxismo (e tamén dun contexto maior: fábulas, proverbios e semellantes) á **diminución** do número dos compoñentes ata un só lexema, e por **explicitade** enténdese a tendencia do fraseoloxismo (e tamén dun só lexema) ó **aumento** da cantidade dos compoñentes.

A interacción entre implicidade e explicitade é consecuencia da formación separada, que é o trazo estructural máis importante dos fraseoloxismos. A tendencia á explicitade converte a palabra nun fraseoloxismo, mentres que a implicidade dunha combinación estable destrúea. Ó mesmo tempo, a dialéctica do desenvolvemento da unidade fraseolóxica pode levar ó fenómeno contrario: como resultado da manifestación desmesurada da explicitade, o fraseoloxismo chega a ser unha oración, disólvese no contexto; mentres que a implicación do contexto (dunha fábula, dun proverbio e semellantes), leva á formación da unidade fraseolóxica.

Como xa viñamos sinalando, o fraseoloxismo caracterízase pola contradicción entre a súa forma, que ten dous membros, e o seu contido, que só ten unha significación. Neste sentido, o movemento do fraseoloxismo cara á palabra é un dos tipos máis estendidos de transformación das combinacións, que ten como esencia a eliminación da contradicción mencionada.

Durante a transición fraseoloxismo → palabra, a forma da palabra chega a encontrarse “sobrecargada”. Unha transformación deste tipo é polo tanto unha desfraseoloxización das combinacións. E como a formación separada é característica do fraseoloxismo, é natural esperar que a fraseoloxización estea provocada precisamente pola “sobrecarga” semántica da unidade formada como enteira (a palabra), que esixe unha expresión explícita, xa que tal “sobrecarga” semántica durante a transición da palabra ó fraseoloxismo está condicionada obxectivamente polo feito amplamente coñecido de que a formación

das combinacións fraseolóxicas provócase principalmente por dous motivos: pola necesidade de designación das nocións novas e pola tendencia á designación máis expresiva das nocións xa coñecidas e reflectidas na lingua. E, efectivamente, a observación das expresións coloquiais que aparecen diante dos nosos ollos amosan que precisamente a “sobrecarga” semántica da palabra, a miúdo chega a se-la causa da súa formación como fraseoloxismo.

A idea da “condensación” da fábula e do proverbio nun dito (e tamén nun fraseoloxismo), que propuxo A.A.Potebniá, xa no noso tempo, failles ver ós lingüistas a dirección principal da fraseoloxización precisamente no proceso de comprensión, de implicación do contexto maior cara á combinación estable. Os casos de desenvolvemento das unidades lingüísticas menores cara ás maiores, frecuentemente non se toman en consideración e ata se ven axustados coma se fosen procesos de implicación. Isto altera a dialéctica da formación e da evolución da fraseoloxía, e leva á súa interpretación diacrónica unilateral.

Cómpre acentuar que o mesmo Potebniá, que prestou unha atención especial ó desenvolvemento das unidades lingüísticas na dirección fábula → proverbio → dito → palabra admitía ó mesmo tempo o desenvolvemento inverso. Por desgracia, a conclusión de Potebniá non chegou a ser percibida pola gran maioría dos fraseólogos que aceptan a súa concepción. Velaí a reseña que Potebniá fai durante a descrición de como “se comprime” a fábula ata chegar ó proverbio:

Aquí farei un inciso: se collemos unha forma como “Son ácidas as uvas, danme denteira”, –dixo a raposa, cando non foi capaz de alcanza-las uvas– veremos que o conto ulterior, o que segue despois da sentencia, dá unha base suficiente para a sentencia inicial. Pero existe un xénero especial de fábulas, o xénero cómico. A forma cómica das fábulas consiste no seguinte: o que segue despois da sentencia, en vez de dar unha base suficiente para a que está no principio, ata a contradición nalgunha medida. Tal forma é preferida (Потѣбня, 1894: 88).

Aínda que este comentario non se refire directamente ós fraseoloxismos, tendo en conta a estreita dependencia mutua entre fábula, proverbio e dito, que salienta Potebniá, podemos interpretalo tamén no plano puramente fraseolóxico. Se é posible estende-lo proverbio a un contexto maior (unha fábula), logo debemos supoñer que tampouco Potebniá descartara a transformación dito → proverbio ou palabra → dito. Pero é verdade que o investigador limita os marcos de tal posibilidade ós contextos cómicos. Non obstante, o efecto cómico dos casos de extensión de proverbio a fábula que foron descritos por Potebniá, é só unha das refraccións da “sobrecarga” expresiva e semántica da unidade lingüística máis compacta.

O “encaixe” e outros casos de ampliación da composición do fraseoloxismo son un dos reflexos da tendencia xeral á explicitade, que é tan característica da fraseoloxía, como tamén a tendencia á implícitude. Ámbalas dúas tendencias están directamente relacionadas coa complicada interacción entre a palabra e o fraseoloxismo.

Durante a análise histórica profunda do léxico revélase claramente que as palabras e as combinacións fraseolóxicas “pertencen a un sistema”. Segundo parece, o desenvolvemento do léxico actúa en espiral, renovando constantemente a semántica e a forma da

unidade lingüística. O dialectismo do proceso de cambio da forma implícita da expresión do significado pola explícita, etc. está condicionado, en resumidas contas, polas propiedades do razoamento humano que, segundo as palabras de F.Engels: “consiste xustamente tanto en descompoñe-los obxectos da conciencia nos seus elementos, como en achega-los elementos que están relacionados entre si, ata acadar algunha unión. Sen análise non hai síntese”²²⁴.

A comprensión dos procesos de implicación /explicitación é imposible sen ter en conta a dicotomía centro - periferia, elaborada pola escola lingüística de Praga. A implicidade é a economía dos medios de fala, a explicitade é a abundancia deles. Polo tanto, a automatización, a “aproximación ó patrón” dos fraseoloxismos é unha das condicións máis importantes da “economía” que se realiza mediante a conversión do fraseoloxismo en palabra. Por outra banda, a actualización do fraseoloxismo aumenta a súa capacidade para conserva-la formación separada, e a actualización da palabra (por exemplo, en forma de comparación) leva á súa extensión cara ó fraseoloxismo. É característico neste sentido que, estudando o problema da interacción de automatización e actualización na lingua, B.Havránek, na primeira engloba ante todo a lexicalización das combinacións, e na segunda - uso pouco habitual dos recursos lingüísticos, por exemplo, das metáforas poéticas.²²⁵

Desta maneira, a implicidade /explicitade dos fraseoloxismos (e tamén das palabras) son tendencias relacionadas entre si. Tanto a implicidade como a explicitade poden levar ben á fraseoloxización, ben á desfraseoloxización.

3.1. Implicidade na fraseoloxía

3.1.1. A implicidade como unha manifestación da lei de economía lingüística

O problema da implicidade está estudado con especial detalle no plano lexicolóxico en relación coa chamada *condensación semántica* (“compresión” semántica, introducción semántica, redución semántica e outras) das combinacións de palabras, é dicir, coa súa simplificación nunha única palabra. A esencia da condensación consiste na seguinte contradición: a denominación ten dous membros e o seu significado é único. Investigando esta idea para descubri-las regularidades do desenvolvemento das unidades lingüísticas, moitos científicos recoñecen que toda denominación é bimembre inicialmente.

²²⁴ Nota do orixinal: Маркс К., Энгельс Ф. Сочинения. [Marx K., Engels E. Obras, traducido ó ruso]. 2-е изд. Т.20. Пáx.41.

²²⁵ Nota do orixinal: Véxase: Пражский лингвистический кружок. [O círculo lingüístico de Praga]. М., 1967. Пáx.355.

A investigación do proceso da condensación semántica amosou, de maneira convincente, o seu papel tanto no proceso de formación de palabras a partir das combinacións, coma no proceso de formación de fraseoloxismos. A teoría de Potebniá, que coloca a implicidade ó nivel do proceso principal de formación de frases, deu un gran impulso cara ó seu estudo. A implicación do gran contexto, que leva á fraseoloxización, é un cambio das unidades lingüísticas, non só cuantitativo, senón tamén cualitativo. Os cambios fan as unidades fraseolóxicas máis compactas e lacónicas, o que aumenta o grao de xeneralización.

A implicación é unha das manifestacións do principio de economía lingüística, que é propio de tódolos niveis da lingua. O sentido deste principio consiste na xa descrita tendencia a mante-lo equilibrio entre a unidade da forma e a unidade do significado. O principio de economía, no sentido máis xeral, implica o gasto mínimo de esforzo en falar para asegura-la comprensión máxima por parte do interlocutor. Este proceso ten unha dirección diacrónica. Habitualmente sublíñase que o principio de economía se realiza activamente na fala. Esta afirmación repítese con frecuencia especial durante as observacións da elipse de distintas construcións. Efectivamente, a manifestación do principio de economía na fala é máis notable porque, entre outras cousas, a fala é máis móbil que a lingua. Pero as manifestacións na fala do principio de economía, inicialmente individuais, pouco a pouco “adáptanse” na lingua e chegan a ser fixas, de uso común e normativas.

Esta situación xeral refírese tamén ó principio de economía na esfera de fraseoloxía. Por unha banda, o cambio dos fraseoloxismos é unha propiedade de fala, ocasional en certa medida, xa que se provoca habitualmente pola abundancia de información semántica. Pola outra banda, tal cambio fíxase con frecuencia na lingua, formando grupos numerosos de fraseoloxismos de tipo estrutural (por exemplo, as combinacións cun compoñente que é adxectivo substantivado:

<i>прокатить на вороньих</i>	(prokatit na vo- ronigh)	<i>pasear (a al- guén) en ca- balos negros</i>	‘rexear nunha votación’ ²²⁶
<i>отправиться на боковую</i>	(otprávit'sa na bokovúiu)	<i>dirixirse á late- ral</i>	‘irse deitar’).

Nos casos en que é necesario diferencia-la implicidade dos fraseoloxismos na fala e na lingua, temos que volver á noción de automatización e actualización. A implicidade da unidade fraseolóxica, que chegou a ser un feito de lingua, caracterízase polo alto grao de automatización. Así, son aplicables en plena medida ós xiros do tipo

<i>пускаться во все тяж- кие</i>	<i>poñerse en marcha en tódolos pesados</i>	‘facer algo intensiva- mente, con toda a forza’; ‘entregarse a
--------------------------------------	---	--

²²⁶ Esta expresión débese a unha tradición antiga de votación: para votar en contra había que botar unha bóla negra.

algo (habitualmente
reprobable) impetuo-
samente’

as palabras de Bally que caracterizaban a elipse como “a omisión dun ou varios elementos lingüísticos que noutroa foron necesarios para a definición do sentido do conxunto, pero que na etapa contemporánea da evolución da lingua xa non xorden na conciencia do falante”.²²⁷ O cambio do compoñente que perciben os falantes nativos como a actualización do fraseoloxismo, é un fenómeno de fala; e o cambio automatizado é un fenómeno de lingua.

Neste plano son características a percepción do xiro

<i>и никаких</i>	<i>e ningún</i> s	‘está prohibido discu- tir’,
------------------	-------------------	---------------------------------

a finais do século XIX (cando aínda se conservaba a súa relación coa orde de cabalería *и никаких движений* ‘e ningún movementos’) e o seu uso contemporáneo, “adoptado”. Como resultado da automatización do uso da forma implícita do fraseoloxismo, dáse non só a perda das relacións sintácticas anteriores entre os seus compoñentes, senón tamén a reconstrución profunda da semántica das palabras compoñentes. Isto é especialmente característico da implicitación en dirección fraseoloxismo → palabra, durante a cal a descomposición da combinación leva, en realidade, ó nacemento dunha palabra nova. Así, antes, o verbo *семенить* podía denominar un movemento rápido de diversos tipos (comp. dialectal *сѣмать* ‘atafegarse sen moito resultado; bulir, non estar quieto’). A elipse da combinación

<i>семенить ногами</i>	<i>facen un movemento</i> <i>rápido cos pés</i>	‘andar con pasos miú- dos’
------------------------	--	-------------------------------

levou á especialización do verbo neste significado de ‘andar con pasos miúdos’.

Os exemplos amosan a interrelación estreita entre, por unha banda, a automatización e a actualización dos fraseoloxismos durante a implicitación e, por outra banda, a presenza /ausencia da súa motivación. A actualización supón a presenza de motivación (verdadeira ou falsa), a automatización supón ausencia de motivación en maior ou menor medida. Esta dependencia foi acentuada por Larin, cando describía o proceso da conversión das combinacións libres en fixas:

No uso longo da fala as expresións “preferidas” perden os seus detalles, córtanse, conservando os elementos máis necesarios, frecuentemente só o principio da fórmula. O habitual, o coñecido dende hai moito tempo, o que lembran todos enténdese a medias palabras, a media alusión. A composición inicial normal do dito defórmase, queda del un fragmento de sinal, que pronto se converte nunha locución idiomática, nunha combinación indescompoñible, porque a fórmula inicial completa e clara esquécese (Ларин, 1956:, 220).

²²⁷ Nota do orixinal: Балли Ш. Французская стилистика. [Bally Ch. *Traité de stylistique française*, traducido ó ruso]. M., 1961. Páx.317.

Como vemos, se a expresión é amplamente coñecida, ben pola presenza da motivación, ben pola súa vivacidade, ben pola comprensibilidade da imaxe que lle serve de base, automatizárase o seu uso; e a automatización, á súa vez, provocará a perda da motivación. Un dos resultados máis importantes desta perda é a implicación da unidade fraseolóxica.

A conversión dos compoñentes separados dos fraseoloxismos en compoñentes facultativos está directamente relacionada coa súa desemantización. A desemantización (desmotivación), como se sabe, logra a maior intensidade nas ligazóns fraseolóxicas. É característico que, perdendo a motivación, adquiren unha maior estabilidade fronte á condensación semántica. Non obstante, xorde unha pregunta: ¿por que mesmo as ligazóns, é dicir, os fraseoloxismos menos motivados, conservan a pesar de todo a capacidade de se transformaren en palabra (por exemplo,

<i>бить баклúши</i> →	(bit bakluxi →	<i>golpea-las</i>	‘folgazanear’)?
<i>баклúшничать</i>	baklúxnichat)	<i>bakluxi</i> →	
		“ <i>baklúx-nichat</i> ”	

Todo indica que, en tales casos, a implicación é só unha finalización formal do proceso da desmotivación, un reflexo da contradición entre a formación separada e a enteira semántica do fraseoloxismo.

3.1.2. Modos de implicación

A descrición máis detallada dos modos de implicación preséntana os investigadores que analizan o proceso da condensación semántica. Fan mención de modos de conversión de denominacións bimembres en denominacións unimembres, tales como a composición de palabras, o acoplamento, a elipse, a derivación afixal de palabras, a eliminación da formación gramatical separada das combinacións bimembres, as palabras abreviadas e outros. A clasificación de tipos de transición dende a combinación ata a palabra pode ser tamén máis detallada.

Parece ser suficientemente racional a clasificación xeneralizada dos modos de conversión do fraseoloxismo en palabra, que foi proposta por R.N.Popov:

1) a separación dalgúns compoñentes da estrutura da combinación

<i>прѣтча</i> ← <i>прѣтча во</i>	<i>parábola</i> ← <i>parábola</i>	‘obxecto sabido de todos’
<i>языцех</i>	<i>dos pobos</i>	
<i>телѣц</i> ← <i>золотой те-</i>	<i>becerro</i> ← <i>becerro de</i>	‘símbolo de riqueza’;
<i>лѣц</i>	<i>ouro</i>	‘poder dos cartos, de ouro’;

2) a separación dalgúns compoñentes da combinación, acompañada pola afixación

<i>баклѹшничать</i> ← <i>бить</i> <i>баклѹши</i>	“ <i>baklúxnichat</i> ” ← <i>golpea-las bakluxi</i>	‘folgazanear’
(<i>baklúxnichat</i> ← <i>bit</i> <i>bakluxi</i>)		
<i>вольнѣть</i> ← <i>тянѹть</i> <i>вольнѹ</i>	“ <i>cornamusar</i> ” ← <i>esti-</i> <i>ra-la cornamusa</i>	‘adiar algún asunto, facéndoo moi lenta- mente’;

3) composición de bases de compoñentes²²⁸ e unión das formas de palabras-compoñentes²²⁹

<i>очковѣдѣтельство</i> ← <i>вѣдѣть очки</i>	“ <i>frotación (feita co</i> <i>aperto) de gafas</i> ” ← <i>frotar apertando as</i> <i>gafas</i>	‘engano que se fai en- volvendo unha per- soa con razóns falsas’ ← ‘enganar envol- vendo con razóns fal- sas’
<i>сумасшедшій</i> ← <i>со-</i> <i>йтѣ с ума</i>	“ <i>o que baixou desde a</i> <i>mente</i> ” ← <i>baixar</i> <i>desde a mente</i>	‘persoa que perdeu a razón; tolo’ ← ‘per- de-la razón; tolear’

(Попов, 1976: 162-168). Aínda que semellantes clasificacións están dirixidas á descripción do proceso de “contracción” da combinación ata un lexema, poden ser estendidas tamén á implicación do fraseoloxismo en xeral.

Considerémo-las peculiaridades principais de tres tipos de implicación do fraseoloxismo como proceso unido, sen concentrar de momento a atención na cuestión de se o contexto que se implica é maior ou menor. Tales tipos son a elipse, a composición de palabras e a derivación afixal da palabra. Deles só a elipse pode chamarse *modo universal*, tanto no plano da formación da palabra, como no plano da formación da frase. A elipse, que se realiza do contexto maior ó menor, en realidade, prepara os procesos de formación de palabras mediante o modo de composición de palabras e de afixación.

²²⁸ Véxase a nota 58. No primeiro dos exemplos que seguen no texto podemos observa-la composición das bases *очк-* (da palabra *очки* ‘gafas’) e *вѣдѣ-* (da palabra *вѣдѣть* ‘frotar apertando’), que se realiza coa axuda da así chamada vocal interbásica *-o-* e *-тельство* (complexo de dous sufixos e unha desinencia), formando a palabra *очк-* + *-o-* + *вѣдѣ-* + *-тельство*.

²²⁹ Trátase da forma da palabra (e non do lexema), xa que pode adicionarse unha forma oblicua, que non é de diccionario. Nun dos exemplos dados aquí pódese observar cómo se adicionan a preposición *с* ‘desde’, o substantivo *ума* ‘mente’ (está no caso correspondente á preposición - o xenitivo; o caso nominativo é *ум*) e o participio pasado *сшедшій* do verbo *сойти* ‘baixar’, formando a palabra *с + ума + сшедшій*.

3.1.2.1. Elipse

Habitualmente chámase elipse á omisión dun membro da expresión, que pode ser facilmente recuperado no contexto ou na situación de fala. Como unha das manifestacións máis características do principio de economía lingüística, o máis frecuente é que se considere a elipse precisamente no nivel de fala. E para os fraseólogos que estudian a elipse como un dos modos máis importantes de fraseoloxización, a interpretación da elipse como un fenómeno puramente de fala parece ser insuficiente. Non é casual que na refracción fraseolóxica a vinculación co contexto ou coa situación, que é propiedade “de fala” da elipse, pode ser moi convencional. A elipse do fraseoloxismo, como amosan as observacións, está condicionada non tanto pola súa relación co contexto ou situación de fala, como pola súa estrutura interna, polo tipo de combinación estable.

E isto é comprensible: a elipse do fraseoloxismo leva pouco e pouco a formar na lingua combinacións completas e apocopadas. Estas combinacións apocopadas chegan a ser normativas, reproducense xa feitas e correlaciónanse co contexto só como os elementos que encarnan a semántica conxunta de toda a unidade fraseolóxica. A actualización, a recuperación da parte elidida de tal combinación polo contexto ou pola situación de fala, naturalmente, complicase considerablemente.

O proceso de automatización do uso das combinacións elididas asegura tanto a separación do contexto maior, tan necesaria para a fraseoloxía, como a formación de tipo semántico-estructural especial da combinación, tan importante para ela. Por iso a elipse na fraseoloxía (que condicionou moito as súas peculiaridades idiomáticas), conserva dinamismo interno gracias á interacción constante co contexto.

A actividade dos fraseoloxismos formados mediante distintos modos de elipse, é diferente e depende da lingua na que este proceso se está desenvolvendo. Para a fraseoloxía rusa, por exemplo, os máis característicos son os xiros cun substantivo omitido e un adxectivo-modificador substantivado:

<i>узнáть всю подногóтную</i>	(uznat vsiu po- dnogótnuiú)	<i>informarse de toda a que es- tá debaixo das unllas</i>	‘informarse de toda a verda- de oculta, de tódolos intrín- gulis’ ²³⁰
<i>отпράвиться на бокову́ю</i>	(otprávit’sa na bokovúiu)	<i>dirixirse á late- ral</i>	‘irse deitar’.

A relación irrompible entre a substantivación dos adxectivos e a abreviación das combinacións do substantivo co adxectivo é moi coñecida. E aínda que este momento elíptico inicial da substantivación se complica por moitos factores no proceso do funcionamento e desenvolvemento dos adxectivos e participios, este momento deixa constantemente

²³⁰ Esta expresión débese á práctica de interrogatorios acompañados de torturas, entre as que había unha na que se metía algunha cousa puntiaguda debaixo das unllas do torturado.

unha pegada sobre as peculiaridades das palabras substantivadas como unha categoría especial de substantivos.

Para explica-lo proceso da implicación na fraseoloxía ten moita importancia a conclusión de dous tipos de substantivación: a verdadeira, durante a que tivo lugar efectivamente a desaparición do substantivo da combinación

гóрничная ← *гóрнич-* “de habitación” ← ‘serva’
ная дёвушка *moza de habitación*

портной ← *портной* “de xastrería” ← mes- ‘xastre’
мастер *tre de xastrería*

e a falsa, durante a que a substantivación se realizaba segundo o modelo

шашлы́чная “de *xaxlik*” ‘pequeno restaurante
onde se serve *xax-*
lik’.²³¹

пельме́нная “de *pelmeni*” ‘comedor onde serven
pelmeni’.²³²

Na fraseoloxía a delimitación destes tipos é especialmente importante, xa que dela depende o descubrimento da motivación inicial da imaxe.

Así, a interpretación diacrónica do fraseoloxismo

<i>пойти́ на по-</i> <i>пятную́ (по-</i> <i>йти́ на попят-</i> <i>ный)</i>	<i>poití na po-</i> <i>piátnuu (poití</i> <i>na popiatnii)</i>	<i>ir á de retroce-</i> <i>so (ir ó de</i> <i>retroceso)</i>	‘nega-la deci-
			sión, opinión,
			promesa ante-
			rior’. ²³³

non é posible sen tal delimitación. Xorde a pregunta: ¿cal das variantes do compoñente substantivado: *попятный* (*popiatnii*) ‘o de retroceso’ ou *попятную* (*popiátnuu*) ‘a de retroceso’ tomaremos como o inicial? A resposta facilítase porque a forma do xénero feminino só a fixan os dicionarios máis recentes e poucas veces se rexistra nos dialectos.²³⁴ Por iso, pódese supoñer que a variante

²³¹ *Xaxlik* é un prato típico caucasiano - pequenos anacos de carne de carneiro preparados nun asador.

²³² *Pelmeni* é un prato típico ruso, especie de ravioli.

²³³ Comp. en galego *ir ó trasacordo*, co mesmo significado.

²³⁴ Nota do orixinal: Comp., por unha banda,

(rexión de Voró-	<i>в попятную</i>	<i>na de retroceso</i>	‘negando a deci-
nej)			sión, opinión,
	<i>на попятную</i>	<i>á de retroceso</i>	promesa anterior’
			‘negando a deci-
			sión, opinión,
			promesa anterior’
(rexión de Iaros-	<i>в обратную</i>	<i>na de volta</i>	‘ó revés’
lavl)			
e, por outra banda,			

<i>пойті на по- п'ятну</i>	(poití na po- piátnuu)	<i>ir á de retroce- so</i>	‘nega-la deci- sión, opinión, promesa ante- rior’
--------------------------------	---------------------------	--------------------------------	--

é secundaria: isto é resultado da influencia do modelo “*на* ‘a’ + substantivo” , que se formaba no século XIX:

<i>на удалю</i>	<i>á atrevida</i>		‘reflexivamente; á ven- tura’
<i>на бокову (na boko- vúu)</i>	<i>á lateral</i>		‘(ir) a deitarse’ (locu- ción adverbial).

Polo tanto, tendo en conta que a variante

<i>пойті на по- п'ятну</i>	(poití na po- piátnuu)	<i>ir á de retroce- so</i>	‘nega-la deci- sión, opinión, promesa an- terior’
--------------------------------	---------------------------	--------------------------------	--

está formada segundo este modelo, pódese negar definitivamente a busca dun substantivo de xénero feminino, que non podía estar modificado por este adxectivo.

Outra cousa é a variante

<i>пойті на по- п'ятный</i>	(poití na po- piatnii)	<i>ir ó de retroce- so</i>	‘nega-la deci- sión, opinión, promesa ante- rior’.
---------------------------------	---------------------------	--------------------------------	---

Nas fontes lexicográficas dos séculos XVIII e XIX aparece, ordinariamente, xunto co compoñente nominal que máis tarde se omite:

<i>пойті на по- п'ятный двор</i>	(poití na po- piatnii dvor)	<i>ir ó eirado de retroceso</i>	‘nega-la deci- sión, opinión, promesa ante- rior’.
--------------------------------------	--------------------------------	-------------------------------------	---

Esta variante reflíctese tamén nas fontes dialectais, tanto no seu aspecto estendido, como no implícito:

<i>на попятный двор</i>	(na popiatnii dvor)	<i>ó eirado de re- troceso</i>	‘negando a de- cisión, opi-
-----------------------------	------------------------	------------------------------------	--------------------------------

(rexión de Novo- sibirsk)	<i>пойті в попятку</i>	<i>ir á “retrocesa”</i>	‘nega-la decisión, opinión, promesa anterior’.
------------------------------	------------------------	-------------------------	--

<i>на попятный</i>	(na popiatnii)	<i>ó de retroceso</i>	nión, promesa anterior’
			‘negando a decisión, opinión, promesa anterior’.

Todo isto permite, con gran verosimilitude, reconstruír na calidade da forma inicial a expresión

<i>пойти на попятный двор</i>	(poití na popiatnii dvor)	<i>ir ó eirado de retroceso</i>	‘nega-la decisión, opinión, promesa anterior’.
-------------------------------	---------------------------	---------------------------------	--

Dunha maneira analóxica establécese tamén a forma inicial do xiro

<i>пуска́ться во все тяжкие</i>	<i>poñerse en marcha a tódolos pesados</i>	‘facer algo intensivamente, con toda a forza’; ‘entregarse impetuosamente a algo (habitualmente reprobable)’
---------------------------------	--	--

que ten variantes

<i>пуска́ться во вся тяжкие (во всё тяжкое)</i>	<i>poñerse en marcha a ámbolos dous pesados (a todo o pesado)</i>	‘facer algo intensivamente, con toda a forza’; ‘entregarse impetuosamente a algo (habitualmente reprobable)’.
---	---	---

Aquí o compoñente nominal omitido resulta se-la palabra *колокола́* ‘campás’, xa que o significado inicial foi ‘tocar tódalas campás pesadas, é dicir, tocar con moita forza’.

A busca da variante inicial facilítase considerablemente, se temos un modelo fraseolóxico fiable cunha estrutura idéntica e cunha semántica relativamente común. Así é, por exemplo, a serie de combinacións arcaicas relacionadas co transporte de cabalos:

<i>ехать на долгих</i>	<i>ir nas prolongadas</i>	‘realizar un traslado de longa distancia nos mesmos cabalos (sen cambialos)’
<i>ехать на почтовых</i>	<i>ir nas de posta</i>	‘ir nunha carruaxe de cabalos que pertencía a unha das institu-

		cións de comunicacións, postas, que realizaban este transporte regular’
<i>эхать на переменных</i>	<i>ir nas mudables (de reposto)</i>	‘ir nunha carruaxe, daquelas que remudaban os cabalos nas estacións de posta’
<i>эхать на передаточных</i>	<i>ir nas de transmisión</i>	‘ir nunha carruaxe, daquelas que remudaban os cabalos nas estacións de posta’
<i>эхать на сдѣточных</i>	<i>ir nas de entrega</i>	‘ir nunha carruaxe, daquelas que remudaban os cabalos nas estacións de posta, co traspaso dos pasaxeiros dun cocheiro a outro, sempre entregando o pasaxeiro a cada novo cocheiro unha parte de pago de antemán’
<i>эхать на перекладных</i>	<i>ir nas “reenganchables”</i>	‘ir nunha carruaxe, remudando os cabalos nas estacións de posta’
<i>эхать на свойх</i>	<i>ir nas de seu (de meu, de teu, de nós, de vós)²³⁵</i>	‘ir no seu propio carro de cabalos’
<i>эхать на обывательских</i>	<i>ir nas dos paisanos</i>	‘ir nunha carruaxe de cabalos que era arrendada, ou prestada obrigatoriamente para algúns transportes, polos paisanos que vivían permanentemente nalgún lugar’

²³⁵ O pronomes posesivo ruso *свой* (que nos xiros dados aparece no caso prepositivo de plural - *своих*) ten capacidade para referirse a calquera persoa (poñéndose na forma que corresponde en número e xénero).

<i>ехать на перекидных</i>	<i>ir nas trasladables</i>	‘ir nas carruaxes de posta, trasladando a equipaxe dunha carruaxe a outra’
<i>ехать на сквозных</i>	<i>ir nas que atravesan</i>	‘realizar un traslado de longa distancia nos mesmos cabalos (sen cambialos)’
<i>ехать на простых</i>	<i>ir nas sinxelas</i>	‘ir nunha carruaxe regular sen cambia-los cabalos’.

O compoñente nominal omitido *лошадях*²³⁶ ‘eguas’ aquí recupérase facilmente, xa que só el pode se-lo centro de semellantes combinacións.

A existencia dun modelo semántico-estructural- axuda a resolve-lo problema da procedencia do fraseoloxismo:

<i>на кривой не объедешь</i>	<i>na curva non adiantarás</i>	‘non gañarás en astucia, non enganarás’.
------------------------------	--------------------------------	--

Dal presenta este xiro en dúas variantes completas:

<i>(его) на кривых оглоблях не объедешь</i>	<i>non o adiantarás nas cabezallas curvas</i>	‘non lle gañarás en astucia, non o enganarás’
<i>на кривой лошади плутя не объедешь</i>	<i>non adiantara-lo pícaro na egua curva</i> ²³⁷	‘non lle gañarás ó pícaro en astucia, non o enganarás’.

O *Diccionario fraseolóxico da lingua rusa* (Фразеологический словарь, 1967), aparte das variantes *на кривой савракой* ‘na baía escura curva’ e *на кривых воронных* ‘nas negras curvas’, a combinación

<i>на кривой козе не объедешь</i>	<i>na cabra curva non adiantarás</i>	‘non (lle) gañarás en astucia, non (o) enganarás’.
-----------------------------------	--------------------------------------	--

¿E agora cal dos compoñentes nominais temos que recoñecer como o inicial?

M.I.Mighelsón, recorrendo ó substantivo *оглобли* ‘cabezallas’, explica o sentido da expresión como que “a cabezalla curva, torcida é máis cómoda” (Михельсон, 1902-1903: 62). Roizenzón supón aquí a omisión do compoñente *лошадь* ‘egua’, reconstruíndo a combinación inicial

²³⁶ *Лошадях* é prepositivo plural da palabra *лошадь* ‘egua’.

²³⁷ A *egua curva*, como se dirá en seguida, é unha ‘egua coxa’.

<i>на кривой лошади не объедешь</i>	<i>na equa curva non adiantarás</i>	‘non (lle) gañarás en astucia, non (o) en- ganarás’.
---	---	--

E efectivamente, o modelo fraseolóxico presentado

<i>ехать на почтовых ло- шадях</i>	<i>ir nas eguas de posta</i>	‘ir nunha carruaxe de cabalos que pertencía a unha das institu- cións de comunica- cións, postas, que realizaban este trans- porte regular’
--	------------------------------	---

confirma esta interpretación, que adquire un aspecto aínda máis convincente cando a comparamos cos proverbios polacos

<i>Na zdrowym koniu na targ, na chro- mym do domu</i>	<i>No cabalo san ó mercado, no coxo á casa</i>
<i>Na lekowanym koniu daleko nie poje- dziesz</i>	<i>No cabalo que estivo enfermo e curou non irás lonxe</i>
<i>Nie daj Boże, konia leczyć, bo na leczonym źle jeździć</i>	<i>Non (me) deas, Deus, cura-lo cabalo, xa que ir no que estivo enfermo e curou é mala cousa.</i>

Os proverbios polacos axudan a aclarar ó máximo o sentido do fraseoloxismo ruso: ‘non o adiantarás na (egua) “curva”, xa que a egua “curva” (é dicir, coxa) camiña a modo.’ É característico que tamén nos proverbios polacos se observe a elipse do compoñente nominativo con substantivación do adxectivo: *na chromym do domu* ‘no coxo á casa’; *na chromym do domu jadą* ‘no coxo á casa van’.

Como vemos, as variantes

<i>на кривой козе не объехать</i>	<i>na cabra curva non se pode adiantar</i>	‘non (lle) gañarás en astucia, non (o) en- ganarás’
<i>на кривых оглоблях не объехать</i>	<i>nas cabezallas curvas non se pode adiantar</i>	‘non (lle) gañarás en astucia, non (o) en- ganarás’,

se temos en conta o modelo

<i>ехать на почтовых</i>	<i>ir nas de posta</i>	‘ir nunha carruaxe de cabalos que pertencía a unha das institu- cións de comunica-
--------------------------	------------------------	---

cións, postas, que realizaban este transporte regular’

e os paralelos polacos, preséntanse como transformacións periféricas, individuais da imaxe inicial da unidade fraseolóxica que está relacionada coas eguas “curvas”, é dicir, coxas, deficientes fisicamente.

A presenza do modelo semántico-estructural facilita o encontro do compoñente nominal omitido durante a substantivación, pero, por outra banda, tal modelo pode ser secundario e diferenciarse considerablemente do prototipo real. Neste caso vémonos obrigados a recoñece-la falsa substantivación, e polo tanto, a imposibilidade de reconstrución da combinación inicial. Así é, por exemplo, a conclusión dos fraseólogos respecto á expresión

<i>отправиться на боковую</i> ²³⁸	(otprávit'sa na bokovúiu)	<i>dirixirse á lateral</i>	‘irse deitar’
--	---------------------------	----------------------------	---------------

e a algúns xiros semellantes:

ruso

<i>брать за живое</i>	<i>coller polo vivo</i>	‘axitar, producir unha impresión forte’
<i>отдавать должное</i>	<i>devolve-lo debido</i>	‘recoñece-lo que se debe recoñecer (os méritos, a importancia, etc.)’
<i>идти в открытую</i>	<i>ir á aberta</i>	‘actuar atrevéndose a descubri-la propia opinión verdadeira’
<i>идти напропалую</i>	<i>ir á perdida</i>	‘actuar sen reflexionar, á desesperada, sen facer caso das circunstancias e condicións’

²³⁸ Nota do orixinal: Comp., sen embargo, os dialectais
отправиться на войну *dirixirse á de guerra*

<i>отправиться на мировую</i>	<i>dirixirse á pacífica</i>	‘dirixirse a resolver unha discusión mediante unha pelexa’
<i>идти на ночь</i>	<i>ir á de noite</i>	‘ir durmir’
ou (rexión de Novosibirsk)	<i>á parte lateral</i>	‘(ir) á deita’ (locución adverbial)
<i>на боку</i> (na bokovinu)		
formado a partir de		
<i>на боковую</i> (na bokovúiu)	<i>á lateral</i>	‘(ir) á deita’ (locución adverbial).

polaco

<i>brać za swoje</i>	<i>coller polo propio</i>	‘tomar (alguén algo) coma se fora seu’.
----------------------	---------------------------	--

A conversión da substantivación nun modelo productivo de formación de frases obriga a ser prudente na análise diacrónica dos fraseoloxismos do tipo dado. Maiormente, se a substantivación se pode complicar por distintos momentos relacionados coa expresividade dos fraseoloxismos. Por exemplo, o xiro

<i>зада́ть храпови́цкого</i> ²³⁹	dar un “roncadórez”	‘durmir profundamente’
---	---------------------	------------------------

é considerado por algúns científicos no mesmo apartado que as combinacións

<i>узна́ть всю подно́готную</i>	(uznat vsiu podnogótnuiu)	<i>decatarse de toda a que está debaixo das unllas</i>	‘darse conta de toda a verdade oculta, de tódolos intrín-gulis’
<i>идти́ на попят-ный</i>	(idítí na popiat-nii)	<i>ir ó de retroce-so</i>	‘nega-la decisión, opinión, promesa anterior’

e semellantes, onde se supón a elipse do substantivo. Tal interpretación parece ser incorrecta, porque non ten en conta o carácter calembúrico do fraseoloxismo, a súa adecuación ós modelos de formación de apelidos.²⁴⁰ É especialmente exacto este modelo de formación de apelidos na lingua polaca, onde tal tipo antroponímico está moi estendido:

<i>uciąć Chrapickiego</i> (Chrapowickiego)	<i>talat</i> “Roncadórez”	‘durmir profundamente’
<i>czytać dzieło Chrapickiego</i>	<i>ler unha obra de</i> “Roncadórez”	‘durmir profundamente’.

Tanto o ruso

<i>зада́ть храпови́цкого</i>	<i>dar un “roncadórez”</i>	‘durmir profundamente’,
------------------------------	----------------------------	-------------------------

como o polaco

<i>uciąć Chrapowickiego</i>	<i>talat</i> “Roncadórez”	‘durmir profundamente’
-----------------------------	---------------------------	------------------------

²³⁹ *Храпови́цкий* (en caso xenitivo *Храпови́цкого*) é un apelido formado a partir da palabra *храпеть* ‘roncar’; figurado ‘durmir profundamente’.

²⁴⁰ **Nota do orixinal:** Así se percibía esta combinación nos séculos XVIII-XIX, asociándoa co apelido do escritor A.V. Ghrapovitskii (*Храпови́цкий*) (véxase: Киевлянин. [Kievita] 1867. N 36. Páx.144).

son perífrases dos verbos *храпѣть*, *храпач* ‘roncar; durmir’, (comp. tamén:

<i>зада́ть храпака́</i>	<i>dar un roncazo</i>	‘durmir profundamente’)
-------------------------	-----------------------	-------------------------

coa reinterpretación calembúrica segundo o modelo de formación de apelidos. A propósito, a análise das peculiaridades da formación destes fraseoloxismos amosa que a correlación dos compoñentes *храпак* roncazo e *храпови́цкий* “roncadórez” é distinta da que hai, por exemplo, nos casos

<i>нести́ околѣсную</i> (<i>околѣсну</i>)	<i>levar un camiño indirecto</i>	‘dicir disparates’
--	----------------------------------	--------------------

ou

<i>прока́тить на вороны́х</i> (<i>на черня́ках</i>)	<i>pasear (a alguén) en cabalos negros (en bólas negras)</i>	‘rexear a alguén nunha votación, non dándolle os votos’ ²⁴¹ .
--	--	--

Se nos últimos casos a substantivación precede á formación do compoñente como substantivo, no caso de

<i>зада́ть храпака́ (храпови́цкого)</i>	<i>dar un “roncaronazo” (“roncadórez”)</i>	‘durmir profundamente’,
---	--	-------------------------

trátase de formacións dobres que xurdiron con relativa independencia unha da outra.

Vémonos obrigados a recoñecer un certo dobre carácter dos fraseoloxismos cos compoñentes substantivados e non-substantivados tamén nos casos en que o problema da primitividade do compoñente se complica pola variabilidade activa e pola mestura dos modelos fraseolóxicos. Así son, por exemplo, as combinacións

	<i>хвати́ть го́ря</i>	<i>coller de amargura, pena</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, privacións, necesidades’
(terras de Siberia)	<i>хвати́ть го́рь-кого до слёз</i>	<i>coller do amargo ata as bágoas</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, privacións (necesidades) que fan chorar’
(costa do mar Branco)	<i>хвати́ть го́рь-кого до дна</i>	<i>coller do amargo ata o fondo</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva-

²⁴¹ Véxase a nota 226.

cións (necesidades)’.

A consideración da fraseoloxía literaria e dialectal con este significado e coa estrutura analóxica amosa unha complicada correlación destas combinacións. Na lingua literaria atopamos os xiros:

<i>пить (испить, выпить) горькую чашу до дна</i>	<i>beber (beber comple- tamente) o cáliz amargo ata o fondo</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’
<i>хлебнуть (хватить) горя через край</i>	<i>botar un trago (coller) de amargura, pena desbordando</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’
<i>хватить (хлебнуть) лиха</i>	<i>botar algo de (facen un trago de) desgracia</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’
<i>вкусить горечи</i>	<i>proba-lo sabor amar- go, amargura</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’

etc. Na fala dialectal o repertorio das substitucións sinónimicas do compoñente nominal é aínda máis amplo:

(terras de Sibe- ria)	<i>хлебнуть гор- чанки (мур- цовки, пивца)</i>	<i>botar un trago de chicoria /crista /bebi- da amarga²⁴² (murtsovka²⁴³, cervexiña)</i>	‘sufrir moitas penas, desgra- cias, priva- cións (neces- dades)’
(terras á beira da parte me- dia do Ob)	<i>хватить пивца</i>	<i>coller algo de cervexiña</i>	‘sufrir moitas penas, desgra- cias, priva- cións (neces- dades)’
(rexión de Ir- kutsk)	<i>мурцовки хва- тить</i>	<i>coller de mur- tsovka</i>	‘sufrir moitas penas, desgra- cias, priva- cións (neces- dades)’

²⁴² O substantivo *горчанка* (en xenitivo *горчанки*), que ten forma interna ‘(algunha cousa) amarga’ (comp. *горький* ‘amargo’), nas falas siberianas pode te-lo significado ‘chicoria (*cichorium intybus*)’; ‘crista (*polygonum lapathifolium*)’; ‘bebida amarga’.

²⁴³ Coa palabra *murtsovka* denomínanse distintos pratos campesiños, entre os que se encontra unha mestura do 1º e 2º prato e unha mestura de pan, cebola, aceite, sal e auga.

			dades)’
(rexión de Omsk)	<i>хватить х́ли-пу (х́липы)</i>	<i>colle-lo (coller de) ventimpe-rio de inver-no, neve mollada</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, privacións (necesidades)’.

É significativo que incluso para as variantes que a primeira vista parecen ser tan individuais, como

<i>хватить пивца́</i>	<i>coller algo de cervexiña</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, privacións (necesidades)’
-----------------------	---------------------------------	---

pódense atopar amplas correspondencias eslavas. Por exemplo, o xiro polaco

<i>nawarzyć piwa</i>	<i>cocela cervexa</i>	‘causar moitas preocupacións, cousas desagradables a alguén’
----------------------	-----------------------	--

ten tamén as variantes explícitas que admiten tal interpretación:

<i>Pij piwo, jakiegoś nawarzył</i>	<i>Bebe a cervexa tal como a cociches</i>	‘Responde polas consecuencias da situación difícil (complicada) que provoca-ches’
<i>Jakie kto warzy, takie pije piwo</i>	<i>O tipo (de cervexa) que un cocela, ese mesmo tipo bebe</i>	‘O que organizou un asunto malo, pois é responsable polas consecuencias deste asunto’
<i>Uwarzyli, będą pili</i>	<i>Se coceron, beberán</i>	‘Se organizaron un asunto malo, sufrirán as súas consecuencias’

e outras.²⁴⁴ Parece que o modelo “beber + algo amargo = experimenta-las privacións (necesidades)”²⁴⁵ é moi actual na formación dos fraseoloxismos. Esta conclusión parece

²⁴⁴Nota do orixinal: Comp. checo antigo

Věru pěkněho [piva] trefil

debe ser que el beheu de boa cervexiña (partitivo)

‘debe ser que sufriu moitas penas, desgracias, privacións (necesidades)’.

²⁴⁵ En galego a idea de sufrimento tamén pode transmitirse pola noción de ‘beber’. Comp.: *bebe-las bágoas, traga-los feles* ‘sufrir en silencio’; *beber traballos* ‘ser vítima do infortunio’.

permiti-lo recoñecemento do adxectivo, sometido antes á substantivación, na calidade de compoñente inicial para este modelo:

<i>выпить горького на- питка → выпить горького → выпить горечи (горчάνки)</i>	<i>beber unha bebida amarga → beber un- ha amarga → beber unha amargura (chi- coria /crista /bebida amarga)</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’
---	---	---

etc. O compoñente nominal podíase substituír despois sinonimicamente; compárese *мурцовки* ‘murtsovka’, *пивцá* ‘cervexiña’ (ámbalas dúas palabras están no caso xenitivo).

Neste esquema, sen embargo, non cabe a combinación

<i>хлебнуть (хвaтíть) горя</i>	<i>tomar un trago (coller) da amargura, pena</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’
------------------------------------	--	---

Xorde unha pregunta: ¿el será o substantivo *горе* (en xenitivo *горя*) ‘amargura, pena, desgracia’ unha das substitucións sinonímicas do compoñente nominal (do tipo *горчáнка* ‘chicoria; crista; bebida amarga’) ou será un resultado da substantivación do adxectivo *горький* ‘amargo’? A primeira suposición contradía a ampla extensión do fraseoloxismo

<i>хлебнуть горя</i>	<i>facen un trago da amargura, pena</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’
----------------------	---	---

e maila similitude formal das palabras *горе* ‘amargura, pena, desgracia’ e *горький* ‘amargo’. A segunda suposición contradía a irreducibilidade formal do lexema *горе* ‘amargura, pena, desgracia’ ata *горький* ‘amargo’, aínda que están relacionados etimoloxicamente. Probablemente, estamos diante dunha contaminación de varios modelos fraseolóxicos. Un deles é primitivamente ruso:

<i>испытать (мыкать) го- ре</i>	<i>experimentar (arran- car coma a estopa) a amargura, pena</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesida- des)’. ²⁴⁶
-------------------------------------	---	--

O segundo remite á sentencia bíblica ‘bebe-lo cáliz ata o fondo’²⁴⁷ e complementábase pola

²⁴⁶ Nota do orixinal: Comp. neste plano a interpretación do ruso antigo

<i>мыкать смáгу</i>	<i>lanza-lo fogo</i>	‘eliminar, destruír todo ata as cinzas co fogo’
---------------------	----------------------	--

e o dialectal

<i>смáгу принимáть</i>	<i>tomar agua de fogo</i>	‘beber alcol forte’
------------------------	---------------------------	---------------------

(comp. coa palabra dialectal *смáга* ‘sede’).

²⁴⁷ Is 51, 17 e 22; Salmo 11, 6; Ez 22, 33. Aínda que as citas máis próximas son Mt 20, 22; 26, 34 e Mc 10, 38; 14, 36; 22, 42. Na actual elaboración industrial do viño elimínanse os pousos ou borras, pero na elabora-

palabra *горький* ‘amargo’ (en acusativo feminino *горькую*), é

<i>выпить горькую чашу до дна</i>	<i>bebe-lo cáliz amargo ata o fondo</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’.
---------------------------------------	---	--

O entrecruzamento destes modelos levou, probablemente, tanto á formación do fraseoloxismo co compoñente substantivado

<i>хватить горького</i>	<i>coller do amargo</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’.
-------------------------	-------------------------	--

como á formación da variante do fraseoloxismo dunha palabra

<i>хватить горчанки</i>	<i>coller unha chicoria /crista /bebida amar- ga</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’.
-------------------------	--	--

e á formación do fraseoloxismo co compoñente que non está relacionado coa substantivación:

<i>хватить (хлебнуть) горя</i>	<i>coller (facen un trago) da amargura, pena</i>	‘sufrir moitas penas, desgracias, priva- cións (necesidades)’.
------------------------------------	--	--

Se se teñen en conta as dificultades citadas, a definición do compoñente nominativo, implícitado durante a substantivación, pode ser máis obxectiva.

3.1.2.2. Composición de palabras

Este tipo de implicación dos fraseoloxismos pódese considerar como o modo máis coherente de resolve-la contradicción entre a formación separada e a enteireza semántica. No proceso da elipse ten lugar a eliminación dos compoñentes da combinación, e a reconstrución deles, ás veces, é problemática. No proceso de derivación afixal de palabras a partir das combinacións (do tipo *баклушничать* (*baklúxnichat*) “*baklúxnichat*” ‘folgazanear’) o compoñente perdido “codifícase” no que forma esta derivación. E no proceso da composición de palabras os compoñentes da combinación de palabras consérvanse, pero pérdese ante todo a súa formación separada. Neste sentido pódese considera-la composición de palabras como unha etapa transitoria entre a combinación de palabras e a palabra. Non é casual que moitos investigadores acentúen a gran convencionabilidade (no plano sincrónico) da delimitación de palabras compostas e combinacións de palabras segundo os indicios formais. Ó mesmo tempo precisamente a síntese do signifi-

ción tradicional o viño sedimenta as borras que son amargas. A copa ou cáliz como metáfora de castigo é moi antiga e parece que nace do cocido de herbas narcóticas que se lle daba ó condenado a morte antes de executalo.

cado e da forma da palabra composta advirte que non se identifican combinacións e palabras compostas. A necesidade de ter en conta as diferencias estruturais e semánticas das mesmas foi indicada por Vinográfov que subliñaba as diferencias entre as palabras: substantivo

<i>щелкопёр</i>	“ <i>esgallaplumas</i> ”	‘mal escritor’,
adxectivos		
<i>плодотворный</i>	“ <i>frutocreativo</i> ”	‘fructífero’
<i>жизнестойкий</i>	“ <i>vidaresistente</i> ”	‘capaz de resistir condicións de vida pouco favorables, resistente’

e as combinacións *щёлкающий пером* ‘o que está esgallando coa pluma’ *творящий плод* ‘o que cre o froito’ *стойкий по отношению к жизни* ‘resistente respecto á vida’.²⁴⁸

A composición de palabras está estudiaa a fondo no material eslavo, sobre todo no ruso. A maioría dos investigadores relacionan estreitamente este tipo de formación de palabras coa fraseoloxización. Precisamente a fraseoloxización, que precede a composición de palabras, crea as principais premisas para aquela diferenza esencial entre as palabras de tipo

<i>щелкопёр</i>	“ <i>esgallaplumas</i> ”	‘mal escritor’
-----------------	--------------------------	----------------

e as combinacións correspondentes, que indicaba Vinográfov. É característico que a base fraseolóxica das palabras antigas eslavas sexa a razón da súa viva expresividade. En efecto, a tendencia á “selectividade” expresiva das palabras eslavas sorprendentemente corresponde á conclusión de que na “fraseoloxía os campos de connotacións negativas sempre son máis importantes (no aspecto cuantitativo) que os campos de connotacións positivas” (Ройзензон, 1972: 18). Polo tanto, neste plano, igual que no plano da conservación da motivación, as palabras compostas están estreitamente relacionadas cos fraseoloxismos. Non obstante, a penas se pode interpretar esta relación como unha identidade absoluta. Só testemuña que as palabras compostas son unha fonte extremadamente valiosa para a fraseoloxía histórica. Nelas están reflectidas frecuentemente as capas máis antigas do léxico, como os nomes e alcumes das persoas (por exemplo, *Мутижир* “*Enturbagraxa*”, *Толигнев* “*Aragaiira*”, *Вертиголов* “*Viracabeza*”) ou os topónimos (*Дерибрюхово* “*agarrabarriga*”, *Гологузово* “*espidocu*” = ‘*cu ó sol*’).

A consideración das palabras compostas como un orixinal “depósito” de fraseoloxía explícase precisamente porque elas son un resultado intermedio no camiño da eliminación da contradicción entre a formación separada e a enteireza semántica, o resultado que conserva case intactos ámbolos dous compoñentes da antiga combinación. A aparición da palabra composta habitualmente é un índice do alto grao de automatización do uso da combinación e do principio da súa desaparición. Así, no século XVII nos documentos

²⁴⁸ Nota do orixinal: Véxase: Русский язык в школе. [A lingua rusa na escola]. 1951. N 2. Páx.4.

oficiais esténdese a combinación

<i>пoлнaя мoчь</i> (comp. en ruso antigo <i>зупoлнaя (супoлнaя) мoц</i>)	<i>plena potencia</i>	‘pleno poder, dereito outorgado polo poder supremo para a realización de algo’
---	-----------------------	--

que é un préstamo do polaco.

A automatización do uso da combinación leva a que xa no límite dos séculos XVII-XVIII se convirta na palabra composta *полномoчие* ‘plenos poderes, plenipotencia; mandato’.

Os exemplos de duplicación de palabras compostas e combinacións non son numerosos:

<i>ска́лить зу́бы</i> /зубо-ска́л (comp. <i>скало-зу́б</i>)	<i>mostra-los dentes</i> ²⁴⁹ /“mostradentes” (comp. “dentesmos-tra”)	‘sorrir, rir’ /‘burlón’
<i>вертeть хвостoм</i> /вер-тихвoстка	<i>xirar coa cola, colear</i> /“xiracola”	‘coquetear’ /‘muller toleirana, de costumes lixeiros’
<i>губи́ть ду́шу</i> /душе-губ	<i>mata-la alma</i> /“mata-alma”	‘matar unha persoa (matando tamén a súa alma)’; ‘agrava-la conciencia por cometer un crime’ /‘homicida, criminal, bandido’,

etc. Habitualmente un dos membros de tal combinación dobre está estilisticamente marcado, e, o máis frecuente de todo, é precisamente a combinación que queda na periferia lingüística:

<i>дармоeд</i>	“comegratis”	‘persoa que vive pola conta de outros’
----------------	--------------	--

(comp. coa palabra dialectal *дарма* ‘gratis’),

<i>ротоzéй</i>	“abreboca”	‘persoa mirona; distraído’
----------------	------------	----------------------------

(comp. coa palabra arcaica *зиять* ‘abrir’ e cos seus paralelos indoeuropeos),

<i>красноба́й</i>	<i>falabonito</i>	‘charlatán, falador’
-------------------	-------------------	----------------------

(comp. coas palabras dialectais *красно* ‘dunha forma bonita’ e *ба́ять* ‘falar’),

²⁴⁹ O verbo *ска́лить* ‘mostrar’ úsase só referido ós dentes.

<i>шелкопёр</i>	“esgallaplumas”	‘mal escritor’,
<i>куроцап</i>	“agarragaliña”	‘persoa que rouba galiñas; ladroeiro’ ²⁵⁰ .

É significativo que as combinacións que se poden obter obtidas mediante a “descomposición” artificial de tales palabras compostas xa se percibirán polos falantes nativos contemporáneos non como fraseolóxicas, senón como libres:

<i>блюдолиз</i>	“lambepartos”	‘lambeteiro’; ‘persoa que se alimenta de sobras’	* <i>лизать блюдо</i> ‘lambe-lo prato’
<i>чистоплюй</i>	“cuspelimpo”	‘persoa que leva a limpeza (decencia) a un extremo esaxerado’; ‘persoa que odia os traballos manuais sucios’	* <i>чисто плевать</i> ‘cuspir limpamente’
<i>головорез</i>	“cortacabezas”	‘matón’	* <i>резать голову</i> ‘corta-la cabeza’.

En tales casos a nosa reconstrución convértese na actualización dos antigos fraseoloxismos e, polo tanto, tamén se converte na súa desfraseoloxización. Estes fraseoloxismos parécennos libres, xa que “escapan” do seu contexto histórico.

Para as reconstrucións válidas de tales combinacións cómpre incluír na análise cantas máis palabras compostas de idéntica estrutura e semántica sexa posible, é dicir, realizar unha operación semellante á modelación de fraseoloxismos que se fai durante a súa investigación diacrónica. A combinación **резать голову* ‘corta-la cabeza’, por exemplo,

²⁵⁰ **Nota do orixinal:** Comp. tamén unha orixinal “anticipación” do proceso da composición de palabras-membros de combinacións na periferia lingüística: combinación literaria

глухая тетёрка

pita do monte xorda

‘persoa xorda (aplicase tamén no caso de que alguén non oía por descoido, non sendo realmente xordo)’

e dialectal

глухотетёрка

“xordopita do monte”

‘persoa xorda (aplicase tamén no caso de que alguén non oía por descoido, non sendo realmente xordo)’.

non parecerá libre no contexto das reconstrucións feitas a partir de palabras compostas do tipo de

ruso

<i>сорви-голова</i>	“arranca-cabeza”	‘persoa temeraria’
<i>сломи-голова</i>	“rompe-cabeza”	‘persoa temeraria’
<i>ссеки-голова</i>	“corta-cabeza”	‘persoa temeraria’
<i>оторви-голова</i>	“arranca-cabeza”	‘persoa temeraria’
<i>головолом</i>	“rompecabezas”	‘persoa temeraria’
<i>головотяп</i>	“cortacabezas”	‘persoa travesa e trapa- lleira’
<i>ухорез</i>	“cortaorellas”	‘persoa temeraria e cruel’

bielorruso

<i>сарвігалава</i>	“arrancacabeza”	‘persoa temeraria’
<i>зламігалава</i>	“rompecabeza”	‘persoa temeraria’

ucraíno

<i>зірвиголова</i>	“arrancacabeza”	‘persoa temeraria’
<i>урвиголова</i>	“arrancacabeza”	‘persoa temeraria’
<i>шибай-голова</i>	“golpea-cabeza”	‘persoa temeraria’
<i>пробийголова</i>	“rompecabeza”	‘persoa temeraria’
<i>зайдиголова</i>	“tremecabeza”	‘persoa desequilibrada, que ten un comporta- mento que carece de sentido común’.

Como amosan os paralelos fraseolóxicos eslavos, para tales formacións serven de base precisamente as antigas combinacións **estables**.

No proceso de implicación dos fraseoloxismos mediante a composición de palabras pode tamén ter lugar a contaminación de modelos, a alteración da estrutura inicial das combinacións e das súas motivacións. Neste caso recorrer ós modelos fraseolóxicos axuda a establece-la etimoloxía máis probable da palabra. Así, a palabra *горлопан* ‘esbardalleiro, leriante’ interprétase ben como a composición dos lexemas *горло* ‘gorxa’ e *пан* (do seu probable significado véxase máis abaixo), ben como unha formación sufixal a partir da palabra non fixada *горлопа*. Durante a etimoloxización desta palabra,

segundo parece, cómpre partir das palabras compostas que están fixadas nas falas rusas e que teñen este mesmo significado ‘esbardalleiro, leriante’ e esta mesma raíz: *горлопáйка, горлопáнья, горлопúня, горлопáя, горлопáят, горлопáтина, горлúпник*. A segunda parte destas palabras pódese, segundo parece, relacionar co verbo *пáять* ‘tirar, estirar’. Este verbo, habitualmente na forma *пáялить*, orixina moitos fraseoloxismos co significado ‘berrar’:

<i>рот распáялить</i>	<i>empezar a estira-la boca</i>	‘empezar a berrar’
<i>пáялить рот</i>	<i>estira-la boca</i>	‘berrar’
<i>áдище пáялить</i>	<i>estira-la boca</i>	‘chorar berrando’
<i>пáялить вáчегу</i>	<i>estira-la boca</i>	‘chorar berrando’
<i>пáялить вáрегу</i>	<i>estira-la boca</i>	‘berrar en voz moi alta’
<i>пéлить (распéлить) вíлы</i>	<i>estirar (empezar a estirar) a boca</i>	‘berrar’.

É máis, os verbos co significado ‘abrir; estirarse’ orixinan numerosas series de combinacións formadas segundo este mesmo modelo:

<i>зевáть (разíнуть, раззáвить) рот</i>	<i>abri-la boca</i>	‘berrar’
<i>разíнуть хáйло</i>	<i>abri-la boca</i>	‘berrar’
<i>разгáять зевáло</i>	<i>abri-la boca amplamente</i>	‘berrar’
<i>рот растарáщить (расщепéрить)</i>	<i>estira-la boca</i>	‘berrar’.

Tendo en conta a existencia deste modelo fraseolóxico, a reconstrución do formante -пан en calidade da raíz *pen- na palabra *горлопан* parece ser probable.

Á parte do perigo de mesturar ou escurece-lo modelo que formou a palabra no proceso da implicación da combinación, cómpre ter en conta constantemente durante a interpretación fraseolóxica destas palabras a presenza de dous planos, tanto no aspecto semántico, como no sintáctico, que poden estar detrás de cada combinación de palabras inicial. A correlación entre a palabra composta e o fraseoloxismo, como xa subliñaba I.I.Sreznevskii, é moi diversa, e o perigo consiste en que

esta diversidade non queda gravada no aspecto externo das palabras, e por iso a miúdo é difícil adiviñar, qué é exactamente o que expresa a palabra: a palabra *ветрого́н* ‘folgazán’ puido proceder das expresións: *гнать по ветру* ‘facer moverse algo na dirección do vento’, *гнать ветер* ‘facer moverse o vento’ e *гнать ветром* ‘face-lo vento que algo se mova na súa dirección’ (Срезневский, 1873: 248).

Como criterio de proba dunha ou outra hipótese sobre a correlación entre a palabra composta e o fraseoloxismo pode servir en tales casos unha gran cantidade de expresións feitas segundo un modelo idéntico.

3.1.2.3. Derivación afixal

Este tipo de implicación de fraseoloxismos é o medio máis consecuente e efectivo para a eliminación da contradicción fraseolóxica entre a formación separada e a enteireza semántica. Como resultado de tal implicación, a palabra sepárase completamente da combinación que chegou a se-la súa base. Un dos compoñentes pérdese, “cifrándose” no formante de derivación da palabra.

No fenómeno da composición de palabras consérvanse, xunto con pequenos cambios formais, ámbolos dous compoñentes da combinación. No fenómeno da elipse, como “alusión” ó compoñente elidido, queda o contexto fraseolóxico e incluso (como no fenómeno da substantivación) a forma do compoñente non elidido, que é combinable cun substantivo só nun xénero e número determinado. E no fenómeno da implicación afixal do fraseoloxismo en realidade non queda información sobre o compoñente perdido. Así, o prototipo fraseolóxico do verbo

<i>баклúшничать</i> (baklúxnichat)	“baklúxnichat”	‘folgazanear’
ou <i>канитélиться</i>	“canutear”	‘tardar moito en facer unha cousa intencionalmente’,

pódese recuperar só porque a lingua contemporánea conservou en uso activo as combinacións que corresponden a estes verbos polo seu significado e polo seu compoñente cardinal:

<i>бить баклúши</i> (bit bakluxi)	<i>golpea-las bakluxi</i>	‘folgazanear’
e <i>тяnúть канитélъ</i>	<i>enrosca-lo canutilo</i> ²⁵¹	‘levar a cabo un asunto ou unha conversa lenta e pesada, que dura moito, e que nos fai perder moito tempo’.

Máis difícil é encontra-lo compoñente verbal da palabra coloquial *сачковать*

²⁵¹ *Canutilo* é o arame fino que se extraía coas tenaces a partir da fundición dun lingote de ouro, prata ou cobre. Este arame servía de fío para adorna-los traxes dos eclesiásticos, dos oficiais, das donas, etc. O proceso de extracción do arame foi moi lento e minucioso, de aí a expresión.

‘folgazanear’, xa que esta agora úsase moito máis cá combinación inicial

<i>бить са́ка (сачка́)</i>	<i>golpea-la taba (tabi- ña)</i>	‘folgazanear’
----------------------------	--------------------------------------	---------------

nas falas da rexión de Pskov. Velaí por qué non se poden poñer nun mesmo plano os casos de implicitación dos tipos

<i>бить баклу́ши</i> → <i>баклу́ш- ничать</i>	(bit bakluxi → baklúxni- chat)	<i>golpea-las ba- kluxi</i> → “ <i>bak- lúxnichat</i> ”	‘folgazanear’
--	--------------------------------------	---	---------------

e

<i>полная мочь</i> → <i>пол- номощие</i>	<i>plena potencia</i> → <i>ple- nipotencia</i>	‘pleno poder, dereito outorgado polo poder supremo para a reali- zación de algo’ → ‘plenos poderes, ple- nipotencia; mandato’.
--	--	---

A reconstrución do compoñente perdido a partir do afixo complicábase tamén no caso de que se coñeza tanto a palabra coma a combinación, que dá orixe a esta palabra; pero ó mesmo tempo a combinación varía. Así,

(rexión de Pskov) <i>комедить</i>	“ <i>comediatir</i> ”	‘facerse o parvo, o ri- dículo’
--------------------------------------	-----------------------	------------------------------------

é o resultado evidente da redución da expresión literaria

<i>ломать комедию</i>	<i>romper unha comedia</i>	‘facer comedia; apa- renta-lo que en reali- dade non se sente’
-----------------------	----------------------------	--

coas variantes

<i>играть (кóрчить) ко- медию</i>	<i>representar (crispar) unha comedia</i>	‘facer comedia; apa- renta-lo que en reali- dade non se sente’.
---------------------------------------	---	---

¿Cal dos verbos: *играть* ‘representar’, *ломать* ‘romper’ ou *кóрчить* ‘crispar’ se “codifica” coa palabra *комедить* “comediatir”?

A posibilidade de recuperación do compoñente do fraseoloxismo a partir da súa forma implicitada afixalmente, é relativa, mesmo cando hai paralelos fraseoloxismo-lexema, usados activamente. Pero esta posibilidade chega a ser moito máis relativa cando tal paralelismo está ausente. E por último é unha situación característica para o léxico, se temos en conta o feito da anterioridade diacrónica da nominación bimembre con respecto á unimembre. A maioría das palabras perderon hai moito tempo as pegadas da bimembri-
dade que tiñan antes; esta pódese reconstruír convencionalmente utilizando o método

etimolóxico: por exemplo, para o lexema do eslavo primitivo **bolto* (болото ‘lagoa’ e outras palabras) < **bolto more* ‘un lugar pantanoso de cor abrancazada’. As palabras contemporáneas non se forman mediante a conversión da forma bimembre e descritiva na forma unimembre coa adición do afixo, senón segundo os modelos productivos de formación de palabras. A delimitación exacta entre as palabras formadas segundo os modelos e as palabras creadas mediante a redución da combinación real, en moitos casos é case imposible.

Este feito imponlles unha responsabilidade especial ós fraseólogos que intentan fixa-las fontes “combinatorias” da palabra. A tentación de semellantes intentos, sen embargo, é aínda maior porque, de feito, tódalas palabras que teñen unha motivación transparente pódense “descompoñer” ata chegar a unha combinación:

воплощать → *oble- кать в плоть	“encorpar” → revestir nun corpo	‘encarnar’
приструнить → *дер- жать в струнѣ	“cordar” → ter na corda	‘facer alguén obedecer’
(comp.: по струнке ходить)	andar pola corda	‘obedecer sen discutir nin protestar’)
окрылять → *придѣть крыльѣ	“alar” → dar ás	‘dar ás’
осерчать → *сдѣлать что-либо в сердцах	“corazonearse” → fa- cer algo en corazóns	‘facer algo ó enfadar- se’
разсобачиться → *облѣять друг друга как собачки	“descadelarse” → la- drar un a outro coma as cadelas	‘rifar, pelexar (de pa- labra)’
осовѣть (osovet) → *стать сонливым как сова́	“curuxarse” → che- gar a estar somno- lento coma unha cu- ruxa	‘adormecer’.

Non se pode dicir de antemán que tódalas “reconstrucións” deste xénero sexan incorrec-
tas. Así, a combinación atopada para a palabra *осовѣть* “*curuxarse*” ‘adormecer’ con-
fírmase polo material da lingua inglesa (*to be drowsy like an owl* ‘estar somnolento coma
unha curuxa’), o que fai probable a reconstrución da comparación rusa. É importante,
sen embargo, que tales intentos se xustifiquen con argumentos lingüísticos.

Como exemplo de tal argumentación pode servir a nova etimoloxía da palabra
ошеломить (*oxelomit*) ‘pasmarse’, proposta por A.E.Suprún. Recorrendo ós feitos de for-
mación de palabras, ós feitos semánticos e acentuais, el xustifica convincentemente que
esta palabra non é unha redución da combinación *ударить обухом по голове* ‘golpear

co mango da machada na cabeza’ ou *сбить шлем (xlem)* ‘derriba-lo helmo’²⁵², senón que é un derivado da palabra dialectal *шелом (xelom)* ‘ruído’ (comp. bielorruso *шолам* (xolam) ‘barullo’); e entón a palabra *ошеломить (oxelomit)* ‘pasmar’ descífrase como “barullar” (=dar co ruído na cabeza).²⁵³ Non é difícil notar que, segundo esta interpretación, esta palabra creouse segundo o modelo de formación de palabras estendido do tipo *огородить* ‘cercar’.²⁵⁴

A busca do prototipo dunha ou outra palabra complicase aínda máis cando a súa forma se altera pola influencia de falsas asociacións etimolóxicas. Así, nas falas de Pskov unha serie de verbos co significado ‘darse moita importancia’ parecen ser reducións de comparacións estables (do mesmo xeito que *осоветь* (osovet) ‘curuxarse’ ‘adormecer’):

выкобѣливаться (vikobélivatsa) → “canar” → *comportarse coma un can*
**вести себя как кобель (kobel)*

выкозулывать (vikozúlivat) → *дѣ- “cabrar” → *facen algo coma unha*
лать что-нибудь как коза (kozá) cabra.

A estreiteza da área xeográfica, a unidade do significado que non se deduce das motivacións metafóricas (*как кобель* ‘coma un can’, *как коза* ‘coma unha cabra’) e, en fin, o potencial de formación de palabras limitado destes verbos xustifican a pertenza dos últimos ó verbo *кобѣнить* (kobénit) ‘facen carantoñas monadas, monear’ (*кобѣниться* ‘obstinarse’, *выкобѣливаться* (vikobénivatsa) ‘darse moita importancia’, *перекобѣнить* ‘superar a alguén en facer carantoñas monadas, monear’, *выкобѣниться* ‘empezar a darse moita importancia’, *искобѣниться* ‘darse moita importancia de máis’, *покобѣниться* ‘obstinarse un pouco’, *раскобѣнить* ‘facen curvo’, etc.) que os etimólogos relacionan co significado inicial ‘berro; curva’. A motivación inicial ‘facen acenos, xesticular’ da palabra *выкобѣливаться* (vikobénivatsa), polo tanto, resultou alterada na fala viva, fraseoloxizada artificialmente pola analogía cos lexemas *кобель* ‘can’ e *коза* ‘cabra’.

A descrición das dificultades de definición da correlación entre a combinación e a palabra, foi imprescindible aquí ante todo porque amosa a ilegalidade da interpretación de cada palabra como resultado da reconstrución da combinación de palabras. Sen ter en conta tal limitación, o problema da derivación afixal de palabras a partir da implicación de fraseoloxismos estaría moi simplificado.

²⁵² A forma interna da palabra *ошеломить* (oxelomit) ‘pasmar’ na lingua literaria contemporánea pódese relacionar, a primeira vista, coa palabra *шлем (xlem)* ‘helmo’.

²⁵³ **Nota do orixinal:** Véxase: Русское и славянское языкознание. [Lingüística rusa e eslava]. M., 1972. Páxs.244-249.

²⁵⁴ Comp.

<i>шелом (xelom)</i>	‘ruído’ -	
<i>ошеломить (oxelomit)</i>	“barullar” (=suministrar co ruído na cabeza)	‘pasmar’

<i>изгородь</i>	‘cerca’ -	
<i>огородить</i>	“acercanar” (=suministrar coa cerca ó redor)	‘cercar’.

Máis arriba xa se advertía que no fenómeno de implicación mediante a derivación afixal de palabras, o compoñente que se perde “codifícase” no formante moi xeneralizadamente. Neste aspecto a palabra

ошеломить (oxelomit) “barullar” (=dar co ruído na cabeza) ‘pasmar’

non se distingue da palabra

окопачить “acaparuchar” ‘enganar’²⁵⁵,
(=poñe-lo caparucho a alguén)

e a palabra

баклунничать “baklúxnichat” ‘folgazanear’
(baklúxnichat)

non se distingue da palabra

бездельничать “senfacer” ‘folgazanear’²⁵⁶,

xa que non hai afixos especiais, peculiares para a redución da combinación ata a palabra. Non obstante, non se pode deixar sen nota-la posibilidade de desenvolvemento de algo parecido ás peculiaridades funcionais dos afixos, aínda que elas se manifestan nos marcos do funcionamento do formante no aspecto xeral da formación de palabras. Tal formante pode ser, por exemplo, o sufixo reflexivo *-ся*. Sábese que se usa moito no proceso da implicación de combinacións estables cara á palabra:

сматывать удочки → *enrola-las canas de* ‘largarse, marchar
сматываться *pescar* → “enrolar-
se” *apresuradamente*’

моргить лицо → *engurra-la cara* → ‘demostrar un con
моргиться “engurrarse” xestos que está des-
contento de algo’

моргить лоб → *морг-* *engurra-la frente* → ‘quedar pensativo in-
шиться “engurrarse” tentando lembrar ou
entender algo’.

En tales casos o compoñente verbal é “como se absorbesse en si o significado de toda a combinación” (Гвоздарев, 1973: 64). É característico, sen embargo, que tal “absorción” ten lugar rigorosamente nas mesmas construcións “verbo + substantivo en acusativo singular”:

²⁵⁵ Ámbolos dous verbos están formados coa axuda dos mesmos afixos: o prefixo *о-* e o sufixo verbal *-и-*.

²⁵⁶ Ámbolos dous verbos están formados coa axuda do mesmo sufixo verbal complexo *-нича-*.

<i>ска́лить зу́бы → ска́- литься</i>	<i>mostra-los dentes → “mostrarse”</i>	‘sorrir, rir’ ²⁵⁷
<i>тара́щить гла́за → та- ра́щиться</i>	<i>desencaixa-los ollos → “desencaixarse”</i>	‘abri-los ollos desme- suradamente’
<i>поту́пить го́лову → поту́питься</i>	<i>embota-la cabeza → “embotarse”</i>	‘baixa-la cabeza’
<i>зажму́рить гла́за → зажму́риться</i>	<i>entorna-los ollos → “entornarse”</i>	‘entorna-los ollos’
<i>нахо́хлить пе́рья → нахо́хлиться</i>	<i>encrespa-las plumas → encrespase</i>	‘prepararse (dunha ma- neira evidente) a en- frontar con alguén’

e outras.²⁵⁸ A procedencia pronominal do *-ся* suxire a idea de que no proceso de seme-llante implicación o sufixo realiza a súa función primitiva: substitúe o nome, é dicir, o compoñente omitido. Esta función pódese considerar, en certa medida, particular para o proceso de implicación, aínda que, na proxección diacrónica, é característica tamén para outros casos de formación de verbos reflexivos.

Por suposto, o exemplo co sufixo *-ся* é especial. Pero en certa medida, a súa capacidade de substituí-lo compoñente que se está perdendo é común tamén para outros sufixos que se utilizan na implicación. Canto máis grande é a polifuncionalidade e a “polisemia” do sufixo, tanto máis grande é o perigo de que xurda a homonimia debido á absorción de varios compoñentes da combinación por un mesmo sufixo.

3.1.3. Dende o contexto maior ó menor

Durante a descrición dos modos de implicación das combinacións interesábanos ante todo o aspecto **qualitativo**, é dicir, a cuestión de cómo se realiza este proceso. Agora considerémo-la implicación no seu aspecto **cuantitativo**, é dicir, prestemos atención á lonxitude dos contextos que se implicitan nos procesos de fraseoloxización e desfraseoloxización. Dende logo, na lingua os aspectos cualitativo e cuantitativo da implicación están estreitamente correlacionados. Xa sinalamos arriba que a formación do fraseoloxismo na dirección fábula → proverbio → dito realízase fundamentalmente mediante a

²⁵⁷ Comp. en galego *regaña-los dentes, regaña-la moa, regaña-la arnela* ‘rir abertamente’.

²⁵⁸ Nota do orixinal: Comp., sen embargo, tamén a posibilidade de uso en tales construcións da forma do caso instrumental

трпа́ть языко́м

espadelar coa lingua

‘estar de parola, falar por
falar (por non estar cala-
dos)’.

etc.

elipse, e a conversión da combinación en palabra, tanto mediante a elipse, como mediante a composición de palabras e derivación afixal de palabras. Pero a consideración especial do aspecto cuantitativo da implicación (tendo en conta o cualitativo) está xustificada porque permite destaca-las etapas da formación da unidade fraseolóxica e da súa transición á palabra.

3.1.3.1. Fábula → proverbio

Potebniá, que describiu o proceso de conversión da fábula en proverbio e en dito, vía na palabra o resultado final da prolongada “condensación do pensamento”. Sen embargo, xa antes de Potebniá outros científicos (Busláev, Sneguirov) mentaban este proceso e acentuaban que os proverbios e os ditos son fragmentos de parábolas ou de fábulas épicas. Pero para Potebniá a fábula actúa como a fonte máis importante de tódalas transformacións cuantitativas posteriores, que levan á creación da unidade léxica.

Ó mesmo tempo, Potebniá tamén interpretaba esta fábula como o resultado da condensación dun contexto aínda máis amplo: “A fábula serve só como un punto ó redor do cal se agrupan os feitos, e destes resulta unha xeneralización” (Потебня, 1894: 74). A xeneralización consecuenta é posible porque as persoas posúen, segundo as palabras de L.V.Xerba, a propiedade de “distinguir entre o importante, o esencial e o, por así dicilo, envoltorio.”²⁵⁹ No proceso de evolución da fraseoloxía distintos segmentos de contexto resultan se-lo tal “envoltorio”. A fábula, a canción, o conto popular, a parábola, o chiste popular son só unha fase no desprendemento do “empaquetamento” sobranter.

Primeiramente o proceso de “condensación” do conto relativamente longo ata o curto é unha típica elipse, xa que todo o “necesario para a explicación da expresión que se formou como un proverbio contense no noso pensamento e pódese recuperar facilmente” (Потебня, 1894: 91). Precisamente esta capacidade de “recuperación” do contido chega a ser, segundo Potebniá, a base para destacar dous tipos de conversión de fábula en proverbio: 1) a primeira parte da fábula queda inalterada, a restante “retense no pensamento” e 2) todo o contido da fábula convértese en proverbio (Потебня, 1894: 89). A adaptación posterior de tal fábula elidida, que frecuentemente se realiza durante algúns séculos, fai imposible a recuperación dos elos perdidos. A relación co contexto maior pérdese, e o fenómeno de fala chega a ser un feito de lingua.

Pódense presentar moitas ilustracións do proceso de transformación da fábula en proverbio. É suficiente nomea-los proverbios que remiten ás fábulas de Krilov:

*Бедя, коль пироги начнет печи са-
пожник, а сапоги тачать пирожник*

*É un desastre que as empanadas em-
pece a cocelas o zapateiro, e as bo-
tas empeza a coselas o pasteleiro*

²⁵⁹ Nota do orixinal: Шерба Л.В. Избранные работы по русскому языку. [Xerba L.V. Obras selectas sobre a lingua rusa]. M., 1957. Páx.32.

*Кукушка хвалит петуха за то, что
хвалит он кукушку*

*Лебедь рвется в облака, рак пятится
назад, а щука тянет в воду*

*Наделала синица славы, а море не
зажгла*

*Орлам случается и ниже кур спу-
скается, но курам никогда до об-
лак не подняться*

*Охотно мы дарим, что нам не надоб-
но самим*

Лучше пей, да дело разумей

*Пой лучше хорошо щегленком, чем
дурно соловьем*

Услужливый дурак опаснее врага

Хоть видит око, да зуб неймет

*O cuco gaba o galo por gaba-lo galo
o cuco*

*O cisne intenta voar cara ás nubes, o
cangrexo recúa, e o lucio tira cara á
auga²⁶⁰*

*Chegou a ter moita fama o carboeiro,
pero non chegou a encende-lo
mar²⁶¹*

*As aguías, por veces, baixan máis
abaixo cás galiñas, pero as galiñas
nunca serán capaces de subir ata as
nubes*

*Nós regalamos de boa gana o que
non necesitamos*

Bebe, pero domina o teu oficio

*Mellor será que cantes ben coma un
xilgaro, ca que cantes mal coma un
reiseñor*

*O parvo disposto a compracer e ser-
vir é máis perigoso có inimigo*

*Aínda que o ollo ve, non o alcanza o
dente²⁶²*

e outros.

Ó mesmo tempo cómpre mencionar unha cuestión importante para a fraseoloxización. Potebniá presentaba a condensación como un proceso consecuente, en que o proverbio fai o papel de elo necesario durante o movemento dende a fábula cara ó fraseoloxismo. Efectivamente, tales exemplos, como

зѣлен виноград

están verdes as uvas

‘dino algunhas persoas
para despreciar unha
cousa, non porque re-
almente a consideren

²⁶⁰ Na fábula de I.A.Krilov *O cisne, o cangrexo e o lucio* (И.А.Крылов “Синица”) estes tres animais xunguíronse na mesma carruaxe e pretenderon tirar dela, pero non lograron nin sequera movela do seu sitio, xa que cada un deles tiraba na súa dirección.

²⁶¹ Na fábula de I.A.Krilov *Carboeiro* (И.А.Крылов “Синица”) tratábase dun carboeiro que anunciaba a todos que era capaz de encende-lo mar, pero en realidade non o deu feito.

²⁶² Na fábula de I.A.Krilov *A raposa e as uvas* (И.А.Крылов “Лисица и виноград”) trátase dunha raposa que un día viu unhas uvas ben maduras e quixo comelas, pero non puido alcanzalas, xa que estaban no alto. Entón, dixo que as uvas estaban verdes.

mala, senón porque
non a teñen á man'

(comp. os proverbios)

Зэлен виногра́д не сла́док

As uvas verdes non son doces

Зэлен виногра́д, когда́ не даю́т

*As uvas están verdes cando non as
dan)*²⁶³

parecen xustifica-lo carácter lineal deste proceso. Pero algunhas ilustracións deste lingüista famoso contradín este esquema. Así, non está claro de qué proverbio procede o xiro comparativo

как с дубу

*coma dende un carba-
llo*

'de repente, sen que o
espere ninguén'

que é o resultado da condensación do conto popular en que un parvo que se escondía duns bandidos nunha árbore, de repente tirou un morteiro sobre eles. Neste caso a fase "proverbial" evidentemente estaba ausente.

Respecto a isto son significativas as observacións do resultado da implicación das fábulas de Krilov. Á par dos proverbios mencionados arriba, hai unha cantidade bastante grande de fraseoloxismos que están formados mediante a condensación das fábulas de Krilov:

*воро́на в павли́ньих
пе́рьях*

*choia en plumas de
femia de pavón*

'persoa vestida cun
traxe que non corres-
ponde ás súas maneiras
rústicas'

Де́мьянова уха́

*a ughá*²⁶⁴ *de Demián*

'algo que se lle dá a
unha persoa tan por-
fiadamente, ata que
xa lle empeza a so-
brar, a aburrir'

²⁶⁵

*верте́ться как бе́лка в
колесе́*

*xirar coma un esquío
dentro da roda*

'ter moitas ocupa-
cións'

²⁶³ Nota do orixinal: Na obra de Potebnia aparece a expresión
кисел виноград *están ácidas as uvas*

'dino algunhas persoas para
desprezar unha cousa, non
porque realmente a conside-
ren mala, senón porque non
a teñen á man'

que se relaciona (a través do proverbio) coa coñecida fábula de Esopo (véxase: Потебня, 1894: 91).

²⁶⁴ *Ughá* é unha típica sopa rusa de peixe.

²⁶⁵ A fábula de I.A.Krilov *A ughá de Demián* (И.А.Крылов "Де́мьянова уха́") trataba de cómo un home chamado Demián invitou un veciño e deulle de comer moita ughá, insistindo en que o invitado comese máis e máis, a pesar de que este xa estaba farto e cheo, non quería máis e xa non comía a gusto.

<i>медвѣжья услуга</i>	<i>favor de oso</i>	‘un favor que, en vez de axudar, causa dano ou desagrado’ ²⁶⁶
<i>огурѣц с гóру (рѣмский огурѣц)</i>	<i>o cogombro de tamaño de montaña (o cogombro romano)</i>	‘dise dunha esaxeración desmesurada’ ²⁶⁷
<i>ни пáва ни ворóна</i>	<i>nin femia de pavón, nin choia</i>	‘persoa vestida cun traxe que non corresponde ás súas maneiras (habitualmente trátase das maneiras rústicas)’
<i>рыльце в пуху</i>	<i>o estigma do pistilo ten peluxe</i>	‘dise dunha persoa que está algo manchada nun asunto determinado’
<i>слонá не примѣтить</i>	<i>non nota-lo elefante</i>	‘deixar sen reseñar unha cousa que salta á vista, facendo, sen embargo, notar as cousas menos evidentes’
<i>Тришкин кафтáн</i>	<i>o kaftán²⁶⁸ de Trixka</i>	‘dise da eliminación dunhas faltas, pouco pensada, mal proxectada e precipitada, que orixina a aparición doutras faltas’ ²⁶⁹

²⁶⁶ Na fábula de I.A.Krilov *O ermitán e o oso* (И.А.Крылов “Пустынный и медведь”) tratábase da amizade que tiñan un oso e un ermitán. Pasaban os días enteiros xuntos. Un día o ermitán deitouse para descansar e quedou durmido. O oso tornábase as moscas. Escorrenou unha mosca da meixela do ermitán, pero volvéuse-lle pousar no nariz e logo na testa. Entón o oso colleu unha pedra grande, agardou un momento e pegou na testa do ermitán, pretendendo mata-la mosca, pero o que fixo foi escacha-lo cranio do ermitán e matalo.

²⁶⁷ Na fábula de I.A.Krilov *Mentireiro* (И.А.Крылов “Лжец”) tratábase dun home que contaba que vira en Roma un cogombro do tamaño dunha montaña. (Comp.co proverbio popular xurdido a partir desta fábula en versos

Хорошо сказывать сказку про римский *Está ben conta-lo conto do cogombro de Roma.*
огурец

²⁶⁸ *Kaftán* é un antigo traxe típico ruso masculino.

²⁶⁹ Na fábula de I.A.Krilov *O kaftán de Trixka* (И.А.Крылов “Тришкин кафтан”) había un tal Trixka (hipocorístico do nome Trifon) que, tendo os cúbados do seu kaftán rotos, para reparalos, cortou unha parte das mangas, e logo, para alonga-las mangas, cortou os faldróns. E o resultado foi que o kaftán chegou a ser

<i>бросить щуку в реку</i>	<i>bota-lo lucio ó río</i>	‘facendo coma quen que o culpable está castigado, liberalo en realidade do castigo merecido; favorece-lo culpable’ ²⁷⁰
<i>ждать, что лягушки царя</i>	<i>esperar coma as ras polo zar</i>	‘dise da xente que non está contenta co poder actual que é liberal e que espera unha “man dura”’ ²⁷¹

e outros. A formación das expresións tiña lugar durante un período relativamente curto do que tódalas etapas son ben coñecidas. Este proceso non cabe no esquema lineal fábula → proverbio → dito e amosa a posibilidade de desenvolvemento directo da fábula ata a unidade fraseolóxica. Neste caso, en realidade, a transición da fábula ó fraseoloxismo acontece tan rapidamente que a etapa “proverbial” chega a sobrar: temos que ter en conta esta posibilidade sempre cando revelámo-lo prototipo explícito do fraseoloxismo.

3.1.3.2. Proverbio → unidade fraseolóxica

O feito da relación histórica entre o proverbio e o fraseoloxismo é coñecido dende hai moito tempo, o que, particularmente, se reflicte tamén na indiferenciación tradicional no uso dos termos “proverbio” e “dito” en moitas linguas. Dal, situando o dito moi proximo á comprensión contemporánea da unidade fraseolóxica, subliñaba que o dito “é unha parte, a primeira parte do proverbio”. Potebniá interpretou a relación entre proverbios e fraseoloxismos dende a súa concepción, amosándonos exemplos concretos

<i>на руку</i>	<i>á man</i>	‘favorece’
<i>по нутру</i>	<i>polas entrañas</i>	‘gusta’
<i>в тупик</i>	<i>á rúa cega (camiño sen saída)</i>	‘a situación (idea, etc.) que non ten saída’

e outros como “a redución ou a condensación dos proverbios lévanos ata expresións separadas” (Потебня, 1894: 111). V.I.Chernixev consideraba a conversión do proverbio en

curto de mais.

²⁷⁰ Na fábula de I.A.Krillov *Lucio* (И.А.Крылов “Щука”) había uns xuíces estúpidos que, escoitando as palabras dunha raposa astuta, se puxeron de acordo e decidiron castiga-lo lucio culpable afogándoo ó lanzalo ó río.

²⁷¹ Na fábula de I.A.Krillov *As ras que piden un zar* (И.А.Крылов “Лягушки, просящие царя”), que ten prototipos na literatura da antigüidade clásica (Fedro, Esopo), había unhas ras que, ó estaren descontentas co zar da súa lagoa, pedíronlle a Deus que lles mandase outro zar, pero, ó recibilo, tampouco quedaron contentas, xa que era un grou que as comía; non obstante, xa tiveron que vivir no reino deste último zar.

combinación estable

<i>Голод не тётка</i>	<i>a fame non é a tía</i>	‘a sensación de fame fai a un facer algo que non lle apetece, fai lle ceder’
-----------------------	---------------------------	---

← <i>Голод не тётка, пирожка не под- сунет</i>	← <i>A fame non é a tía, non che vai dar unha empanadilla</i>
--	---

como resultado do “deterioro” do proverbio (véxase Чернышев, 1970: 332). Outros investigadores vían neste proceso un reflexo regular da interacción entre o proverbio e o contexto.

A transformación do proverbio en fraseoloxismo ten sido descrita máis dunha vez polos lingüistas contemporáneos. Larin dáballe a este proceso unha grande importancia no aspecto diacrónico, e caracterizábao como “casos de ruptura do vello dito pintoresco e da conversión do seu fragmento supervivente en combinación indescompoñible” (Ларин, 1956: 217). As seguintes ilustracións disto, presentadas por Larin, por exemplo,

<i>как с гуся вода</i>	<i>coma a auga (caendo) do ganso</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
------------------------	--	--

← <i>Што с гуся вода - небылые слова</i>	← <i>Coma a auga (caendo) do ganso - palabras que non existiron en reali- dade</i>
--	--

e outras, repítense varias veces na literatura posterior sobre esta problemática.

As clasificacións de formación de unidades fraseolóxicas a partir dos proverbios son a miúdo moi formais e non consecuentes. Así, I.V.Abramets distribúe os casos de formación de fraseoloxismos a partir dos proverbios e ditos entre dous tipos: o corte da última parte

<i>хлопот полон рот</i> ←	<i>a boca está chea de preocupacións</i>	‘hai moitas preocupa- cións’
---------------------------	--	---------------------------------

<i>Хлопот полон рот, а перекусить не- чего</i>	<i>A boca está chea de preocupacións, pero non hai nada para engulir</i>
--	--

e a separación das combinacións verbais, nominais e semellantes da composición do proverbio

<i>держат язык за зу- бами</i> ←	<i>te-la lingua detrás dos dentes</i>	‘calar’
--------------------------------------	---	---------

<i>Ешь пирог с грибами, а язык держи за зубами</i>	<i>Come a empanada de cogomelos, e a lingua tena detrás dos dentes</i>
--	--

(Абрамец, 1969: 106). Non é difícil percibi-la contradicción existente en tal distribución, xa que se forma segundo dous indicios distintos: o primeiro tipo determínase segundo a posición da parte implicitada do proverbio, o segundo determínase segundo a pertenza gramatical dos compoñentes que se implicitan.

A implicitación dos proverbios cara ós fraseoloxismos pasa non só polo “corte da última parte”, senón que tamén se coñecen casos inversos:

<i>отставной козы бара- банщик</i>	<i>o tamborileiro da ca- bra retirada</i>	‘persoa que tivo un posto pouco impor- tante e perdeuno ou xubilouse’
--	---	--

← <i>Не велик чин: отставной козы ба- рабанщик</i>	← <i>Non é alta a categoría: o tambori- leiro da cabra retirada</i>
--	---

<i>без царя в голове</i>	<i>sen o zar na cabeza</i>	‘non ten moita inteli- xencia’
--------------------------	----------------------------	-----------------------------------

← <i>Свой ум - царь в голове</i>	<i>A propia intelixencia - o zar na cabe- za.</i> ²⁷²
----------------------------------	--

Están fixados os casos en que o proverbio se reduce ben á primeira parte, ben á segunda. Así, o proverbio

<i>Старого воробья на мякине не про- ведёшь</i>	<i>O pardal vello non se deixará enga- nar co miolo</i>
---	---

sen a segunda parte orixina o xiro nominativo amplamente coñecido

²⁷² Nota do orixinal: Este proverbio está fixado xa no século XVIII. Comp. tamén:

ruso <i>нет царька в голове</i> (século XVIII)	<i>non ten o zariño na súa ca- beza</i>	‘non ten moita intelixencia’
<i>с царем в голове</i>	<i>co zar na súa cabeza</i>	‘é intelixente’
dialectal <i>у каждого - свой царь в голове</i>	<i>cada un ten na súa cabeza o seu propio zar</i>	‘cada un ten a súa mente’
<i>царствует ум головой</i> (séculos XVII - XVIII)	<i>a mente reina na cabeza</i>	
ucraíno <i>свій розум - цар в голові</i>	<i>a propia mente é o zar na cabeza</i>	
<i>царка в голові немає</i>	<i>non ten o zariño na súa ca- beza</i>	‘non é intelixente’.

<i>ста́рый воробе́й</i>	<i>pardal vello</i>	‘persoa con moitas experiencias’,
-------------------------	---------------------	-----------------------------------

e sen a primeira parte orixina o xiro verbal

<i>(кого-либо) на мягкий-не не проведёшь</i>	<i>alguén non se deixará enganar co miolo</i>	‘alguén non se deixa enganar facilmente’ ²⁷³ .
--	---	---

Comp. tamén os fraseoloxismos

<i>заварить кашу</i>	<i>empezar a coce-la kaxa</i> ²⁷⁴	‘provocar, empezar unha situación complicada, problemática ou desagradable’
----------------------	--	---

e

<i>расхлёбывать кашу</i>	<i>come-la kaxa</i>	‘paga-las consecuencias de provocar unha situación complicada e problemática’
--------------------------	---------------------	---

que remiten ó proverbio

<i>Кто заварил кашу, тот расхлёбывай</i>	<i>Quen empezou a coce-la kaxa, que a coma.</i> ²⁷⁵
--	--

Ó mesmo tempo a omisión da segunda parte e a fraseoloxización da primeira é un caso de elipse máis frecuente cós dous descritos arriba. Precisamente tal modo de formación de fraseoloxismos

<i>как с гуся вода</i>	<i>coma a auga (caendo) do ganso</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
<i>хозяйский глаз</i>	<i>o ollo do dono</i>	‘a visión do dono que procura cuida-la casa,

²⁷³ Comp. en galego *non me engana pan de picos* ‘non son parvo’.

²⁷⁴ Véxase a nota 77.

²⁷⁵ **Nota do orixinal:** Comp.:

polaco <i>kaszy nawarzyć</i>	<i>coce-la kaxa</i>	‘causar preocupacións, problemas a alguén’
---------------------------------	---------------------	--

eslovaco <i>navarit’si (zlej) kaše</i>	<i>cocerse unha (mala) kaxa</i>	‘causar preocupacións, problemas a si mesmo’
---	---------------------------------	--

e checo <i>navariť pěkne kaše někomu</i>	<i>cocer unha boa kaxa para alguén</i>	‘causar un disgusto (desagrado) e preocupacións, problemas a alguén’.
---	--	---

etc.²⁷⁶

e semellantes, ordinariamente, descríbese polos fraseólogos cando se resolven os problemas das relacións mutuas entre o proverbio e o dito. Comp. algúns exemplos máis:

<i>собака на сене ←</i>	<i>a cadela enriba da herba seca</i>	‘unha persoa que non aproveita algo, nin tampouco deixa que o fagan outros’
-------------------------	--------------------------------------	---

<i>Как собака на сене лежит: (и) сама не ест, и другим не даёт</i>	<i>Como a cadela enriba da herba seca: non come ela mesma, nin tampouco lla dá ós outros</i>
--	--

<i>губа не дура ←</i>	<i>o beizo non é parvo</i>	‘sabe elixi-lo mellor; sabe aproveita-las ocasións’
-----------------------	----------------------------	---

<i>Губа не дура, язык не лопата: знают, что горько, что сладко</i>	<i>O beizo non é parvo, a lingua non é unha pa: saben o que é amargo e o que é dulce</i>
--	--

<i>чудеса в решете ←</i>	<i>milagres na peneira</i>	‘milagres da natureza’, ‘ cousas extrañas’
--------------------------	----------------------------	--

<i>Чудеса в решете: дыр много, а выскочить некуда</i>	<i>Milagres na peneira: hai moitos buracos, pero non hai por onde saír</i>
---	--

<i>кто во что горазд ←</i>	<i>Cadaquén para o que é hábil</i>	‘cadaquén ó seu modo (á súa maneira); cada un tira polo seu lado)’
----------------------------	------------------------------------	--

<i>Хто во што горазд, тот тем и промышляет (Хто во што горазд, тот в то и играет)</i>	<i>Cadaquén dedícase a aquilo para o que ten xeito (Cadaquén xoga ó que lle dá xeito)</i>
---	---

<i>палец в рот не кладѣ</i>	<i>non lle méta-lo dedo</i>	‘dise dunha persoa que
-----------------------------	-----------------------------	------------------------

²⁷⁶ О proverbio completo é
Хозяинский глаз - алмаз

O ollo do dono é un diamante.

←	<i>na boca</i>	non perde oportunidades de aproveitarse de negligencias doutros’
<i>Пáльца в рот не клади, а то откусит</i>		<i>Non lle méta-lo dedo na boca, que cho pode morder e cortalo</i>
<i>ráно птáшечка запéла</i> ←	<i>o paxariño empezou a cantar moi cedo</i>	‘aínda é cedo para falar de algo ou facer algo, é preferible ocultalo, xa que hai algún perigo’
<i>Рáно птáшечка запéла, как бы ко- шечка не съéла</i>		<i>O paxariño empezou a cantar moi cedo, oxalá que non o coma a gatiña</i>
<i>чем чѣрт не шу́тит</i> ←	<i>¿con qué non bromea- rá o demo?</i>	‘pode ser todo, incluso cousas raras, inesperadas, etc.’
<i>Чем чѣрт не шу́тит, из дубíнки вы- пáлит</i>		<i>¿Con qué non bromeará o demo? Disparará cunha cachaporra</i>

e outros.

A observación de semellantes casos de elipse explica a razón da maior probabilidade de conservación da primeira parte do proverbio, en comparación coa segunda. Xa que nestes exemplos a primeira parte é, por así dicilo, unha “imaxe” do proverbio, e a segunda parte é un desciframento do seu sentido. O fraseoloxismo como unidade expresiva da lingua, separándose do proverbio, naturalmente, conserva a súa parte máis expresiva e imáxica. Isto explica tamén o porqué de que non tódolos proverbios se poidan converter en fraseoloxismos. As maiores posibilidades para tal conversión posúenas os proverbios coa primeira parte imáxica, o desciframento da cal pouco a pouco chega a sobrar.

Aquí tamén cómpre dicir algo sobre a determinada relatividade da implicitación dos proverbios. É posible que algúns dos fraseoloxismos citados (por exemplo,

<i>как с гúся водá</i>	<i>coma a auga (caendo) do ganso</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
------------------------	--	---------------------------------------

non sexan resultado da implicitación dun proverbio, senón unha base para a súa creación, é dicir, reflicten o feito da explicitade das unidades fraseolóxicas.

Cando descubrimos a procedencia dos fraseoloxismos a partir de proverbios cómpre prestar unha especial atención tanto ó sentido interno do proverbio, en comparación co

significado da combinación estable, como á súa área xeográfica. Se non se teñen en conta estas cuestións, existe o risco de altera-la dinámica semántica do fraseoloxismo. Así, Potebniá, xustamente facendo consta-la procedencia “proverbial” do dito

<i>убить бобра</i>	<i>mata-lo castor</i>	‘enganarse nos cálculos, preferindo o malo ó bo ou o peor ó mellor’,
--------------------	-----------------------	--

dá, segundo parece, unha interpretación non de todo precisa da súa evolución semántica. O proverbio inicial, para a idea del, foi:

<i>Не убить бобра - не видать добра</i>	<i>Non mata-lo castor - non ve-lo ben</i>
---	---

e de aquí extrae a conclusión de que “o dito utilizábase co significado de adquirir algo valioso”. E a segunda variante do proverbio

<i>Убить бобра - не видать добра</i>	<i>Mata-lo castor - non ve-lo ben</i>
--------------------------------------	---------------------------------------

recoñécea como unha alteración do “inicial” (Потебня, 1894: 110). Se a explicación é esta, non queda claro, cómo a partir do significado positivo se desenvolveu o negativo, xa que na lingua rusa a expresión *убить бобра mata-lo castor* significa ‘enganarse nos cálculos, preferindo o malo ó bo ou o peor ó mellor’. Esta discrepancia lóxica aparentemente dá razóns para volver á hipótese de Dal que reconstruíu a forma inicial do noso proverbio así:

<i>“Убить бобра - не видать добра</i>	<i>Mata-lo castor - non ve-lo ben</i>
---------------------------------------	---------------------------------------

modificado:

<i>не убить - не видать</i>	<i>non matar - non ver”</i> . ²⁷⁷
-----------------------------	--

Cómpre dicir que as fixacións máis antigas desta expresión non dan unha resposta definida á pregunta de cal das hipóteses é máis xusta. É certo que nas recompilacións se atopa máis a miúdo a forma “positiva” do xiro dado:

	<i>Убить бобра - немно- го добра</i>	<i>Mata-lo castor - non está moi ben</i>
(rexións de Pskov, de Vólogda)	<i>Убить бобра - не ви- дять добра</i>	<i>Mata-lo castor - non ve-lo ben</i>
(rexión de Iaroslavl)	<i>Ударить в бобра - не видать добра</i>	<i>Golpea-lo castor - non ve-lo ben</i>

(rexión de Níjni Nóvgó-	<i>убил бобра</i>	<i>matou o castor</i>	‘enganouse nos cálculos, pre-
----------------------------	-------------------	-----------------------	-------------------------------

²⁷⁷ Nota do orixinal: Os investigadores posteriores non notaron esta contradicción de principios nas interpretacións de Dal e Potebniá e ata as consideran idénticas.

rod)

ferindo o ma-
lo ó bo ou o
peor ó mellor'

e outros. Nalgunhas recompilacións, sen embargo, atopamos tamén a variante contraposta:

<i>З дуракoм не убі́ть бoбpa</i>	<i>Co parvo non se pode mata-lo castor</i>
<i>Как бу́дет добр, так бу́дет и бoбp</i>	<i>Se é bo, terá o castor</i>
<i>Хто добр, то́му и бoбp, а хто не добр, то́му и вы́дры не бу́дет</i>	<i>Quen é bo, terá o castor, e quen non é bo, non terá nin sequera a londra.</i>

Por iso nos vemos obrigados a botar man de outros paralelos eslavos. Nas terras de Polésie (de Bielorrusia e Ucraína) está fixado precisamente o proverbio

<i>Убі́ть бoбpa - не ви́дaть добрa</i>	<i>Mata-lo castor - non ve-lo ben.</i> ²⁷⁸
--	---

Os fraseoloxismos polacos

<i>Jak zabijesz bobra, nie będziesz miał dobra</i>	<i>Como máte-lo castor, non terá-lo ben</i>
<i>Jak masz bobra, to sprawa dobra</i>	<i>Como te-lo castor, a cousa é boa</i>

e outros testemuñan que a inicial foi a variante en que non se duplicaba a negación en ámbalas dúas partes do proverbio. E precisamente tal reconstrucción estrutural do seu prototipo máis antigo confírmase pola lóxica interna, xa que os eslavos occidentais e orientais tiñan unha crenza sobre a matanza do castor considerándoa como un mal presaxio.

A frecuente variación do proverbio sobre o castor explícase polo feito de que na súa base está o modelo fraseolóxico “matar (capturar e verbos semellantes) un animal = realizar unha acción malograda”, coñecido nas linguas eslavas orientais e occidentais:

ucraíno dialectal

<i>ліса злові́ти</i>	<i>caza-lo raposo</i>	‘queima-lo faldrón dunha peza de roupa’
<i>ві́шукати ліса</i>	<i>atopa-lo raposo</i>	‘queima-lo faldrón dunha peza de roupa’
<i>лісі́цю пі́йма́ти</i>	<i>caza-la raposa</i>	‘queima-lo faldrón dunha peza de roupa’

ucraíno

²⁷⁸ Nota do orixinal: Comp.: un informante (rexión do Prípiat das terras de Polésie) explicou unha motivación que sobreentende precisamente a variante “positiva”: “Se alguén matou o castor, ningunha persoa desta familia pode xa construír alí a súa casa”. Comp. a comparación *плача як бабeр* ‘chora coma un castor’, relacionada nalgúns lugares de Bielorrusia coa idea da ofensa que lles fai a xente ós castores.

<i>куліка́ вбі́ти</i>	<i>mata-la píldora (ave)</i>	‘tropezar’
bielorruso		
<i>ліса́ (лісу́, лі́сцы) злаві́ў (спайма́ў)</i>	<i>cazou o raposo (a raposa)</i>	‘queimou o faldrón dunha peza de roupa’
polaco		
<i>złapać zająca</i>	<i>caza-la lebre</i>	‘caer’
<i>złowić wydrę</i>	<i>caza-la londra</i>	‘caer na auga’
eslovaco		
<i>vlka zdrapil, raka zdrapil</i>	<i>cazou o lobo, cazou o cangrexo</i>	‘fixo mal para si’
<i>strelit'capa</i>	<i>matar dun tiro ó macho cabrío</i>	‘equivocarse’
<i>chytil glezga</i>	<i>cazou o escachanoces (ave)</i>	‘fixo algo sen éxito’
<i>chytil kocúra</i>	<i>cazou o gato</i>	‘fixo algo sen éxito’
checo		
<i>chytil vydru</i>	<i>cazou a londra</i>	‘caeu na auga’
<i>chytil zajíce</i>	<i>cazou a lebre</i>	‘caeu’
<i>kozla odřít</i>	<i>esfola-lo macho cabrío</i>	‘equivocarse’
e outros. Comp. letón		
<i>nosaut buku</i>	<i>mata-lo corzo</i>	‘equivocarse nos cálculos’.

Este modelo relaciónase ó fin e ó cabo co fraseoloxismo

<i>уби́ть бобра́</i>	<i>matou o castor</i>	‘enganarse nos cálculos, preferindo o malo ó bo ou o peor ó mellor’
----------------------	-----------------------	---

que, segundo parece, sufriu unha dobre fraseoloxización: primeiro, ó destacarse do modelo, a expresión entrou no corpo de proverbios; despois, ó enriquecerse semanticamente no seu uso paremiolóxico, volveu de novo ó corpo idiomático. Parece que é isto o que pode explica-la difusión semántica do xiro

<i>уби́ть бобра́</i>	<i>matou o castor</i>	‘enganarse nos cálculos, preferindo o ma-
----------------------	-----------------------	---

lo ó bo ou o peor ó
mellor’.

Tales exemplos testemuñan que para establece-la procedencia do fraseoloxismo non chega con atopalo proverbio do que se formou: cómpre determina-la súa variante inicial e xustifica-la relación lóxica entre o proverbio e a unidade fraseolóxica.

3.1.3.3. Unidade maior → unidade menor

Esta especie de implicación é a última etapa da “condensación”. Despois dela segue xa a conversión da combinación en palabra. Os historiadores da lingua habitualmente consideran a redución do número de compoñentes do fraseoloxismo no curso do proceso de cambio do proverbio cara á combinación. Para Larin esta redución era un tipo de “perda de detalles” das expresións durante a súa conversión en “fragmento de sinal” (Ларин, 1956: 220). Tal conversión argumentábase por hipóteses tan convincentes sobre a procedencia dalgunhas expresións coma

<i>ни в зуб (ногóй)</i>	<i>nin o dente (co pe)</i>	‘non sabe nada, non ten coñecementos’
-------------------------	----------------------------	--

que Larin relacionaba co máis estendido

<i>ни в зуб толкнóть не смы́слил</i>	<i>nin o dente empuxar sabe²⁷⁹</i>	‘non sabe nada, non ten coñecementos’.
--	---	---

Ata o de agora, sen embargo, acentúase xustamente que este proceso está pouco estudia-

do. A reconstrución da forma máis completa do fraseoloxismo, se é obxectiva, é o elo máis importante da análise histórica da fraseoloxía. E no plano sincrónico esta transformación é un dos tipos de variabilidade léxica dos fraseoloxismos. Moitos científicos subliñana como un cambio propio das combinacións estables. É significativo que os investigadores da variabilidade, considerando este tipo como a “omisión de compoñentes”, frecuentemente presentan exemplos do plano precisamente histórico:

<i>и вся недóлга ← и вся недóлга пёсня</i>	<i>e toda non longa ← e toda a canción non longa</i>	‘e isto é todo o asunto que non require moi- to tempo’
--	--	--

<i>разбóить в пух ← раз- бóить в пух и прах</i>	<i>derrotar en peluxe ← derrotar en peluxe e</i>	‘derrotar completa- mente’
---	--	-------------------------------

²⁷⁹ En galego existe a expresión *nin esto* ‘nada, absolutamente nada’ que se aplica a verbos coma *ter*, *comer*, *saber*, *dar* e que se pronuncia cun xesto asociado que consiste en mete-la unha do dedo pulgar dereito detrás dos dentes incisivos superiores empuxándoos cara fóra, facendo coincidi-la palabra *esto* coa liberación da unha.

po

<i>как руко́й ← как ру-</i>	<i>coma cunha man ←</i>	‘(da dor) desapareceu
<i>ко́й сняло́</i>	<i>quitou coma cunha</i>	rapidamente’.
	<i>man</i>	

No proceso de perda de compoñentes do fraseoloxismo pouco e pouco aumenta a súa forma interna, pérdense as últimas “alusións” á motivación inicial. Pero a semántica común da combinación permanece relativamente inamobile. Esta estabilidade semántica ás veces pode levar mesmo ós paradoxos orixinais durante a implicitación das unidades fraseolóxicas. Por exemplo, a expresión orixinal das terras á beira da parte media do *Об до жи́зни* *ata a vida* significa ‘ata a morte’, a pesar de que tal motivación non sexa lóxica. Resulta que tal combinación se formou mediante a implicitación da expresión

<i>до гробово́й жи́зни</i>	<i>ata a vida de ataúde</i>	‘ata a morte’,
----------------------------	-----------------------------	----------------

en que este significado común se xustifica pola forma interna. Como vemos, a tendencia á conservación da estabilidade semántica neste caso resultou ser máis forte cá evidente discrepancia lóxica que xurdiu como resultado da implicitación.

¿E que partes do fraseoloxismo poden ser implicitadas durante a súa “enroscadura”? Parece que neste caso tamén, igual que durante a “condensación” do proverbio en combinación estable, chegan a estar de máis os compoñentes que son menos imáxicos e expresivos. Así, o xiro

<i>сам не сво́й</i>	<i>el mesmo non é del</i>	‘perdeu o equilibrio espiritual, angustiouse’,
---------------------	---------------------------	--

segundo parece, formouse mediante a supresión da súa segunda parte aclarativa *полови́на дья́вола* ‘a metade é do demo’²⁸⁰; o xiro

<i>не по карма́ну</i>	<i>non corresponde ó pe-</i>	‘demasiado caro para
	<i>to</i>	alguén’

formouse mediante a mutilación do adverbio *до́рого* ‘caro’ que lle serve de motivación, etc. Ó mesmo tempo, como o fraseoloxismo, a diferenza do proverbio, non expresa habitualmente unha idea acabada nin contén mensaxe moral, a implicitación neste caso realízase máis formalmente. É característico que, en realidade, poida ser implicitada calquera,

²⁸⁰ Nota do orixinal: Comp. polaco

<i>sam żaden nie swój</i>	<i>el mesmo (ningún) non é del</i>	‘perdeu o equilibrio espiri-
		tual, angustiou-se’,

formado a partir dos fraseoloxismos máis extensos

<i>Już sam nie swój, połowina dijabłowa</i>	<i>El mesmo xa non é propio de seu, a metade é do demo</i>
--	--

<i>Bo już sam nie swój, połowina dijabłowa</i>	<i>Xa que el mesmo non é propio de seu, a metade é do demo.</i>
---	---

no plano sintáctico, parte da combinación:

suxeito

лы́ка не вя́жет ← (у
него) язык *лы́ка не*
вя́жет

non gavela o líber de
tileiro ← *a (súa) lin-*
gua non trenza o lí-
*ber de tileiro*²⁸¹

‘non é capaz de falar
debido a que está bo-
rracho’;

predicado

в ру́ку ← *в ру́ку по-*
йти (*прийти* e seme-
llantes)²⁸²

á man ← *á man ir* (*vir*
e semellantes)²⁸³

‘como oportunidade’
← ‘aparecer unha
oportunidade’

в кусты́ ← *смотре́ть* *в*
кусты́

ós arbustos ← *mirar*
ós arbustos

‘escapando da partici-
pación en problemas,
en dificultades que
son comúns coas ou-
tras persoas’ ← ‘ten-
der a escapar da par-
ticipación en proble-
mas, dificultades que
son comúns coas ou-
tras persoas’

к сло́ву ← *сказа́ть* *к*
сло́ву

á palabra ← *dicir* *á*
palabra

‘a propósito’ ← ‘dicir a
propósito’;

complemento

ста́вить в стрóку ←

colocar na tira de tas-

‘reprochar unha equi-

²⁸¹ Comp. en galego *non dobrar a lingua* ‘ter dificultade para pronunciar correctamente por efecto do alcol’.

²⁸² **Nota do orixinal:** Supoñíase que este fraseoloxismo estaba formado mediante a condensación da compara-
ción

как в ру́ку дать

dar coma na man

‘transmitir algo con moita
exactitude’.

L.I.Kózirev no material concreto das linguas eslavas orientais amosou que lle serve de base outra combina-
ción: comp. ruso antigo

пришла́ ко́рысть в ру́ки

chegou o proveito ás mans

‘o proveito, a caza apareceu
sen procuralo’

bielorruso antigo

у ру́ку пришлó

chegou á man

‘algo apareceu sen procura-
lo’.

e semellantes (Козырев, 1985: 143-144).

²⁸³ Tamén en galego existe *vir á man* ‘aparecer unha oportunidade’.

<i>поставить <u>всякое</u> <u>льё</u> в стрóку</i>	<i>co /na liña ← colo- car <u>toda a tira de lí- ber de tileiro</u> na tira de tasco²⁸⁴</i>	<i>vocación’ ← ‘repro- char tódalas equivo- cacións sen excep- ción’</i>
<i>чужими рука́ми ← чужими рука́ми <u>жар</u> <u>загребать</u></i>	<i>coas mans alleas ← angaza-lo ardor coas mans alleas²⁸⁵</i>	<i>‘aproveitándose dos esforzos doutra per- soa (sen ter ningún dereito nin razón)’← ‘sacar algún benefi- cio aproveitándose dos esforzos doutra persoa (sen ter nin- gún dereito nin ra- zón)’</i>
<i>выносить на <u>улицу</u> ← выносить на <u>улицу</u> <u>сор из избы́</u></i>	<i>levar fóra á rúa ← le- var fóra, á rúa, o po da izba²⁸⁶</i>	<i>‘facer públicos os pro- blemas familiares’;</i>
complemento circuns- tancial		
<i>и́щет как игóлки ← и́щет как игóлки <u>в</u> <u>сто́ге сéна</u></i>	<i>está buscando coma as agullas ← <u>está bus- cando coma as agu- llas no palleiro</u></i>	<i>‘está buscando alguén ou algo en condicións complicadas, pola presencia de gran cantidade de persoas ou gran cantidade ou masa doutros obxec- tos’²⁸⁷</i>
<i>держи́ карма́н ← держи́ карма́н <u>ши́ре</u></i>	<i>ten o peto aberto ← ten o peto aberto <u>ма́йс а́мплamente</u></i>	<i>‘non esperes iso, non contes con iso’,</i>

etc.

Segundo as observacións, os complementos implícitanse máis a miúdo. Este feito probablemente se poida explicar precisamente pola función “complementaria” deste membro da oración e pola xa mencionada tendencia do fraseoloxismo a conserva-lo núcleo

²⁸⁴ Os trozos de líber de tileiro e as tiras de tasco utilizábanse para face-los *lapots* (véxase a nota 48).

²⁸⁵ Comp. en galego *quita-la pedra da parede (do burato) coa man doutro; saca-las sardiñas do lume coa man allea; tira-las sardiñas do lume coa man do gato (michiño)*, con ese mesmo significado.

²⁸⁶ Véxase a nota 13.

²⁸⁷ Comp. en galego *ser como recadar unha agulla nun palleiro* ‘tentar algo moi difícil’.

imáxico, expresivo. A perda do complemento. ademais, está estreitamente relacionada co proceso de substantivación durante a implicación das unidades fraseolóxicas. Comp., por exemplo, a substantivación dos pronomes determinativos ou dos números durante a formación das expresións

<i>наша взяла</i>	<i>colleu a nosa</i>	‘gañamos; vencemos’
<i>брать своё</i>	<i>colle-lo seu</i>	‘chegar (alguén ou algo) a recupera-las súas propiedades, as súas características: despois dunha pausa conseguir algo’
<i>стоять на своем</i>	<i>estar de pé sobre o seu</i>	‘mante-lo seu punto de vista fronte ós outros puntos e fronte ás peticións ou ordes de cambialo’
<i>оставаться при своих</i>	<i>quedar co que é del</i>	‘non gañou nin perdeu nada’
<i>безо всяких</i>	<i>sen ningúns</i>	‘sen obxeccións’, ‘sen cousas raras’
<i>все до одного</i>	<i>todos ata o un</i>	‘ó completo todos’
<i>смотреть в оба</i>	<i>mirar a ámbolos dous</i>	‘mirar moi atentamente (cos dous ollos)’ ²⁸⁸

e semellantes.

No resultado da implicación do tipo que describimos, o fraseoloxismo aproxímase máis e máis á palabra. O límite de tal implicación é a chamada “unidade fraseolóxica mínima”, combinación de preposición e substantivo. Tendo en conta a substantivación das distintas partes do discurso, pódense incluír aquí tamén fraseoloxismos coma

<i>безо всяких</i>	<i>sen ningúns</i>	‘sen obxeccións’, ‘sen cousas raras’
<i>ou до одного</i>	<i>ata o un</i>	‘ó completo todos’.

Pódeselles chamar *unidades fraseolóxicas mínimas* tamén ás comparacións estables do tipo

<i>как снег</i>	<i>coma a neve</i>	‘branco’
-----------------	--------------------	----------

²⁸⁸ Comp. en galego *ser todo ollos* ‘mirar moi atentamente’.

как з́аяц

coma a lebre

‘covarde’,

xa que tamén consisten na combinación de palabra significativa e palabra auxiliar. A redución da base que serve para a comparación neste caso xustifícase precisamente porque é a interpretación da imaxe que se expresa pola comparación. A regularidade de tal implicación dá motivos para considerala como un indicio formal de que unha ou outra comparación estable está fraseoloxizada.

Dende logo, trátase só de comparacións do tipo

(б́елый) как снег

(branco) coma a neve

‘moi branco’

(стойт) как столб

*(está de pé) coma un
esteo*

‘está de pé sen facer
nin dicir nada’.

As comparacións estables máis extensas implicitan algúns compoñentes segundo o tipo unidade maior → unidade menor, igual que outras clases de fraseoloxismos. Os resultados de tal implicación son varias combinacións:

как полная ч́аша

coma un cáliz cheo

‘abonda de bens materiais (habitualmente aplícase á casa familiar)’

→ *полная ч́аша*

→ *cáliz cheo*

→ ‘casa familiar que ten abundancia de bens materiais’

как мо́края ку́рица

como unha galiña mollada

‘moi mollado (da chuva)’

→ *мо́края ку́рица*

→ *galiña mollada*

→ ‘persoa moi mollada (da chuva)’,²⁸⁹

как нож в се́рдце

como un coitelo no corazón

‘inesperadamente causando dor moral, espiritual (habitualmente aplícase a algunha noticia)’

→ *нож в се́рдце*

→ *un coitelo no corazón*

→ ‘noticia inesperada que causa dor moral, espiritual’.

²⁸⁹ Comp. en galego *mollado coma un pito* ‘moi mollado’, que tamén funciona omitindo o participio *mollado*.

Na lingua rusa literaria contemporánea calcúlanse aproximadamente 200 combinacións formadas a partir dos xiros comparativos e a partir das oracións subordinadas comparativas.

A formación de fraseoloxismos a partir das comparacións estables do tipo

<i>по́льная ча́ша</i>	<i>cáliz cheo</i>	‘casa familiar que ten abundancia de bens materiais’
-----------------------	-------------------	--

<i>мо́края ку́рица</i>	<i>galiña mollada</i>	‘persoa moi mollada’
------------------------	-----------------------	----------------------

realízase mediante a redución da conxunción comparativa *как* ‘como’. Este mesmo proceso achega outro resultado distinto (a palabra) durante a implicación de comparacións:

<i>бе́лый как снег</i>	<i>branco coma a neve</i>	‘branco’
------------------------	---------------------------	----------

→ <i>снег</i>	→ <i>neve</i>	
---------------	---------------	--

<i>трусли́вый как заяц</i>	<i>covarde coma a lebre</i>	‘covarde’
----------------------------	-----------------------------	-----------

→ <i>заяц</i>	→ <i>lebre</i>	
---------------	----------------	--

etc. Non cabe dúbida de que en tales casos existe unha relación estreita entre a comparación estable e a metáfora verbal. Tal transformación pódese complicar polos procesos de formación de palabras, por exemplo:

<i>ядрёный</i> (<i>iadrionii</i>)		‘robusto, vigoroso; forte; fresco’
-------------------------------------	--	------------------------------------

← <i>как ядрышко</i> ²⁹⁰ (<i>kak iádrixko</i>)	← <i>coma a carne de noz</i>	‘robusto, vigoroso; forte; fresco’
--	------------------------------	------------------------------------

<i>у́мный</i> (<i>uxlii</i>)		‘moi listo e astuto, con moita experiencia’
--------------------------------	--	---

← <i>хоть (как) в у́хо</i> <i>вдень</i> (<i>ghot (kak) v ugho vden</i>)	← <i>ata se pode meter</i> (<i>é coma se o meteses</i>) <i>no ollo dunha agulla</i>	‘moi listo e astuto, con moita experiencia’
--	---	---

(comp.: <i>па́рень хоть в у́хо вдень</i>)	<i>o rapaz pódese mesmo meter na orella</i> (= <i>ollo dunha agulla</i>)	‘o rapaz é moi listo e astuto, con moita experiencia’
--	--	---

<i>здоровый</i> (<i>zdorovii</i>)		‘san’
-------------------------------------	--	-------

²⁹⁰ Nota do orixinal: Comp. o contexto (costa do Mar Branco)

Невеста была как орехово ядрышко

‘A noiva era coma a carne de noz’.

← *как дерево*²⁹¹ (kak dérevo) ← *coma unha árbore* ‘san’.

Pero a esencia deste proceso consiste na transición da comparación á palabra, que formalmente se expresa pola implicitación da conxunción *как* ‘coma’.

A implicitación de comparacións estables amosa vivamente o imperceptibles que son, no plano do proceso que nos interesa, os límites entre o fraseoloxismo e a palabra. Tanto a combinación

полная чаша *cáliz cheo* ‘casa familiar que ten
abundancia de bens
materiais’,

como a metáfora verbal

лиса *raposa* ‘persoa astuta’

son resultados dun mesmo proceso. A diferenza entre os resultados determínase só pola forma de expresión da imaxinabilidade das antigas comparacións (bimembre ou unimembre).

Desta maneira, a implicitación leva á conversión da unidade fraseolóxica nun orixinal “fragmento fraseolóxico”, o fraseoloxismo “comprímese” ata o límite final e aproxímase ó límite da combinación, é dicir, á palabra.

3.1.3.4. Unidade fraseolóxica → palabra

O problema de correlación entre o fraseoloxismo e a palabra é extremadamente polifacético. Por iso cómpre subliñar as peculiaridades semánticas de implicitación da combinación estable cara á palabra, que están condicionadas pola destrución da formación separada da combinación.

Como xa se apuntaba, a implicitación do contexto maior ó contexto menor provoca a “condensación” do contido, a omisión de detalles, cada vez maior “ciframento” da imaxe inicial. Ó mesmo tempo, sen embargo, consérvase a estabilidade relativa do contido xeral, do significado fraseolóxico. Pero a palabra, por moi estreitamente que estea relacionada co fraseoloxismo, xa posúe significado **léxico** (e non fraseolóxico). ¿Consérvase ou non durante a transición da combinación cara á palabra a mesma estabilidade relativa da semántica que se sinalaba para a implicitación do contexto cara á unidade fraseolóxica?

²⁹¹ Nota do orixinal: Véxase a relación etimolóxica entre as palabras *здоровый* ‘san’ e *дерево* ‘árbore’ e os xiros comparativos do tipo do checo

zdravy jako dub (jako buk, san coma o carballo (coma ‘moi san e forte’.
jako lipa) a faia, coma o tileiro)

A resposta a esta pregunta ten que ser positiva porque a redución do fraseoloxismo a palabra é unha das etapas do movemento xeral das unidades lingüísticas dende a explicitade cara á implícitude. E tamén porque os procesos de formación de combinacións e de palabras teñen moito en común. Pero a formación de palabras é a etapa final da implicitación das unidades formadas de maneira separada. Este feito condiciona as peculiaridades semánticas desta especie de implicitación.

Cómpre subliñar que o proceso de implicitación é profundamente semántico: non é casual que un dos termos que se utilizan máis frecuentemente e que son máis acertados para a definición deste proceso sexa o de “condensación semántica”. A “simplificación” é o resultado dun **movemento semántico** complicado, sen que a mesma “simplificación” sexa imposible.²⁹² Temos toda a razón para aplicar este comentario que se fixo dunha das especies da elipse sintáctica a calquera dos descritos arriba como casos de implicitación fraseolóxica. A palabra é a etapa final deste movemento semántico complicado, xa que concentra en si toda a reserva de información fraseolóxica.

A contradicción entre a formación separada e a enteireza semántica por fin está eliminada. Sen embargo, segundo require a dialéctica da evolución das unidades léxicas, á vez xorde outra contradicción: unha forma /varios significados. Os fraseoloxismos, como se sabe, na súa maioría posúen un só significado. As palabras, polo contrario, na súa maioría son polisémicas. A implicitación da combinación cara á palabra desempeña un papel importante no desenvolvemento da polisemia léxica. Precisamente aquí, segundo parece, o significado léxico dos compoñentes da (antiga) combinación choca co significado fraseolóxico que xurdiu no proceso de implicitación. Mentres se conservaba a formación separada da combinación, o significado fraseolóxico seguía sendo unha suma (aínda que non literal) dos significados dos compoñentes da combinación. A perda da formación separada cambiou o significado fraseolóxico ata o léxico.

A implicitación da combinación cara á palabra leva ó choque entre o significado fraseolóxico e o léxico; comp.:

<i>тронуться</i> (trónutsia) ←	‘perde-la razón, tolear’ e ‘empezar a moverse dun lugar’ ←
--------------------------------	--

<i>тронуться с ума</i> (trónutsia s umá)	<i>empezar a moverse da mente</i>	‘perde-la razón, tolear’
---	-----------------------------------	--------------------------

<i>переживать</i> ←	‘experimentar, sufrir’ e ‘sobrevivir (a alguén)’ ←
---------------------	--

<i>переживать горе</i>	<i>sobrevivir a unha amargura, unha pena</i>	‘experimentar, sufrir unha pena’
------------------------	--	----------------------------------

²⁹² Nota do orixinal: Будагов Р.А. Язык, история и современность. [Budágov R.A. A lingua, a historia e a contemporaneidade]. M., 1971. Páx.67.

всѣпать ←

‘xostrear’ e ‘botar dentro (un árido)’

←

всѣпать рѣзог

‘botar dentro unhas
varas

‘xostrear’.

Como vemos, tamén se pode en tales casos facer consta-la conservación daquela estabilidade semántica relativa que caracterizaba os fraseoloxismos. Pero aquí xa empeza a polisemia do léxico. O significado fraseolóxico entra en relacións activas con outros significados do lexema, sofre procesos semánticos de carácter léxico (a redución e a ampliación de significado, a aparición do sentido figurado, etc.), que fan firme a separación formal entre a palabra e a combinación.

Tales procesos son característicos tamén nos casos de conversión do fraseoloxismo en palabra mediante a afixación. Arriba dicíase que a condensación de distintas combinacións coa participación duns mesmos afixos leva á homonimia do tipo

глухѣрь

“*xordón*”

‘pantano “*xordo*”
(=perdido, afastado);
ave xorda (pita do
monte), persoa xor-
da’.

Noutros lexemas, por exemplo, os verbos

проворѣнить

“*enchoiar*”

‘deixar escapar, deixar
pasar (unha ocasión,
etc.)’

(comp: *считѣть ворѣн*

contar, calcular
choias

‘estar sen facer nada e
contemplando o que
rodea a un sen obxec-
tivo ningún’; ‘deixar
escapar, deixar pasar
unha ocasión, etc.’)

насобѣчиться

“*acadelar*”

‘aprender a facer algo,
adquirir un hábito’

(comp: *собѣку съестъ*

come-la cadela

‘saber facer algo moi
ben e ter experiencia
nisto’)

e semellantes, obsérvase a “complicación da motivación”. A maior proximidade entre a semántica fraseolóxica e a léxica, quizais, é característica das formacións do tipo

баклѣшничать
(*baklѣxnichat*)

“*baklѣxnichat*”

‘folgazanear’

<i>КАНИТЭЛИТЬСЯ</i>	“canutear”	‘facer algo dunha maneira lenta e pesada, perdendo moito tempo en van’,
---------------------	------------	---

que conservan o compoñente “necrótico” do eixe, que segue estando marcado fraseologicamente tamén despois da condensación da combinación²⁹³.

É característico que na competición entre o significado léxico e o (ex) fraseolóxico frecuentemente “gañe” o fraseolóxico. Así, o verbo *сменить* (que antes designaba un “movemento rápido de diversos tipos”, véxase páx. 205) reduciu o seu significado debido á súa relación coa combinación

<i>сменить ногáми</i>	<i>facen un movemento rápido cos pés</i>	‘andar con pasos miúdos’.
-----------------------	--	---------------------------

Comp. os exemplos analóxicos²⁹⁴:

<i>моргáть</i> ←	‘pestanexar’ (antes ‘abrir e pechar rapidamente’) ←
------------------	---

<i>моргáть глазáми</i>	<i>abrir e pechar rapidamente os ollos</i>	‘pestanexar’
------------------------	--	--------------

<i>острíть</i> ←	‘dicir agudezas’ (antes ‘agudizar’) ←
------------------	---------------------------------------

<i>острíть зúбы</i>	<i>agudiza-los dentes</i>	‘dicir agudezas’
---------------------	---------------------------	------------------

<i>зевáть</i> ←	‘bocexar’ (antes ‘abrir moito’) ←
-----------------	-----------------------------------

<i>зевáть рот</i>	<i>abrir moito a boca</i>	‘bocexar’
-------------------	---------------------------	-----------

<i>престáвиться</i> ←	‘morrer’ (antes ‘trasladarse’) ←
-----------------------	----------------------------------

<i>престáвиться в небéс-ное цáрствие</i>	<i>trasladarse ó reino do ceo</i>	‘morrer’
--	-----------------------------------	----------

²⁹³ As combinacións que se condensan neste caso son

<i>бить баклúши</i>	(bit bakluxi)	<i>golpea-las bakluxi</i>	‘folgazanear’
---------------------	---------------	---------------------------	---------------

que se considera detalladamente no párrafo 2.4, e

<i>тяну́ть канитэль</i>	<i>enrosca-lo canutilo</i>	‘levar a cabo un asunto ou unha conversa lenta e pesada, que dura moito, e que nos fai perder moito tempo’
-------------------------	----------------------------	--

(o significado da palabra *canutilo* véxase na nota 251).

²⁹⁴ Nota do orixinal: Este tipo de formación de palabras é analizada detalladamente por A.I.Kórnev (Корнев, 1981).

<i>рехну́ться</i> ←	‘tolear’ (antes ‘moverse’) ←	
<i>с ума́ рехну́ться</i>	<i>moverse dende a mente</i>	‘tolear’
<i>дойти́</i> ←	‘chegar ata un límite final de cansazo, de esgotamento’; ‘chegar ata algún límite’ ←	
<i>до ру́чки дойти́</i>	<i>chegar ó ferrollo</i>	‘chegar a un límite final de cansazo de esgotamento’
<i>здорово</i> ←	‘¡ola!’; ‘ben, dunha maneira sana’ ←	
<i>здорово живёшь</i>	<i>vives ben, dunha maneira sana</i>	‘¡ola!’.

Este tipo fraseolóxico de cambio semántico da palabra moi a miúdo non o teñen en conta os etimólogos, que tradicionalmente interpretan cada significado como resultado de cambios consecuentes (estreitamento, ampliación, aparición do significado figurado e outros) que acontecen dentro dos límites do lexema. Así, M.Fasmer, recoñecendo a dificultade que hai para explica-los significados da palabra *болтать* ‘enturbiar; sacudir; falar moito’, dificultade que é resultado de mutacións semánticas consecuentes, vese obrigado a supoñe-la presenza primitiva de dúas raíces distintas que tiñan estes significados. É máis obxectiva, non obstante, a interpretación de Xanskii que reconstruíu neste caso o “elo intermedio”, a combinación

<i>болтать язы́ком</i>	<i>axitar coa lingua</i>	‘estar de parola, falar por falar (por non estar calados)’.
------------------------	--------------------------	---

E efectivamente, tal interpretación pode ser confirmada tanto pola ampla área xeográfica do fraseoloxismo dado:

ruso <i>болтать язы́ком</i> ;	<i>axita-la lingua</i>	‘estar de parola, falar por falar (por non estar calados)’
bielorruso <i>боўтаць язы́ком</i> ;		
bielorruso-polaco <i>beż- tać językəm</i>		

como pola gran cantidade de xiros formados segundo o mesmo modelo:

<i>бѣть (чеса́ть, лупи́ть, мо́лоть) язы́ком</i>	<i>golpear (rascar, golpear con forza, ma-</i>	‘estar de parola, falar por falar (por non es-
---	--	--

llar) coa lingua tar calados)'.

Comp. tamén *трепáть, трепáться, молóть* e outros sinónimos do verbo *болтáть* 'estar de parola, falar por falar (por non estar calados)', que teñen unha historia semántica da cal é imposible falar sen ter en conta o modelo dado.

Desta maneira, a transición da combinación á palabra, é o remate do proceso de implicación. Este proceso non é só cuantitativo: despois da diminución da cantidade de compoñentes seguen os cambios cualitativos, semánticos. A implicación da forma é inseparable da implicación do contido.

O proceso de implicación, como vimos, viña estimulado pola existencia da contradición entre a divisibilidade da forma e a indivisibilidade (para os contextos maiores, por suposto, relativa) do contido. A palabra é o resultado límite deste proceso, xa que esta contradición elimínase e a unimembridade da forma equilibra a unimembridade do contido.

A eliminación dunha contradición, sen embargo, provoca outra. Mentres o contido se expresaba pola forma dividida en membros, a "ameaza" de polisemia non era grande. Non é casual que os fraseoloxismos sexan principalmente monosémicos. O significado fraseolóxico distinguíase do léxico pola maior expresividade, imaxinabilidade, concreción, emocionabilidade, etc. precisamente gracias á división da forma en membros, que lle aportaba aqueles "matices adicionais", de que falaba Larin. Ó perde-la división formal en membros, a palabra perde tamén estas peculiaridades fraseolóxicas de semántica. O significado léxico e (antigo) fraseolóxico do lexema interaccionan, e a súa semántica amplíase. A polisemia para a palabra convértese nunha regra. Xorde unha nova contradición: unidade da forma /pluralidade do contido. Precisamente esta contradición require que o lexema polisémico sexa precisado constantemente polo contexto, determina a relación deste lexema con outras palabras, é dicir, leva á explicitade.

3.2. Explicitade na fraseoloxía

3.2.1. Valoración esaxerada da implicidade e subestimación da explicitade

A concepción de Potebniá, que ata o de agora era aceptada por todos, favorecía considerablemente a valoración esaxerada do papel da implicación no proceso de fraseoloxización. A formación de fraseoloxismos preséntase habitualmente como un proceso que ten só unha dirección, como unha simplificación da construción sintáctica da combinación estable. Tal visión podería ser defendida pola maioría dos fraseólogos só a raíz do retraso na investigación diacrónica da fraseoloxía. A escaseza de material e a elaboración insuficiente dos criterios de análise histórica da fraseoloxía levan a que ó seren compara-

dos un proverbio e un fraseoloxismo con compoñentes coincidentes, se afirme a priori-
dade da unidade máis extensa, é dicir, do proverbio. A análise da área xeográfica, estruc-
tural e semántica, mesmo unha análise feita dunha maneira superficial, amosa a ilexitimi-
dade de semellantes constatacións.

A unidade fraseolóxica

<i>ни кола́ ни двора́</i>	(ni kolá ni dvo- rá)	(non ten) nin estaca, nin ei- rado	‘(non ten) ab- solutamente nada’
---------------------------	-------------------------	--	--

no último tempo interprétase como o resultado da redución. L.G.Skrípnik (Скрипник,
1972) deduce o ucraíno

<i>ні кола ні двора</i>	(non ten) nin estaca, nin eirado	‘(non ten) absoluta- mente nada’
-------------------------	-------------------------------------	-------------------------------------

a partir das combinacións máis estendidas:

<i>ні кола́, ні двора, ні рогатого вола</i>	(non ten) nin estaca, nin eirado, nin boi cornudo	‘(non ten) absoluta- mente nada’
---	---	-------------------------------------

<i>ні кола́ ні двора - тільки й ходу, що з воріт та в воду</i>	(non ten) nin estaca, nin eirado - o camiño que hai é só dende as portas ata a auga	‘(non ten) absoluta- mente nada’
--	--	-------------------------------------

<i>ні кола́ ні двора, один сіренький коток та на шії мотузок</i>	(non ten) nin estaca, nin eirado, só (ten) un gato grisiño e máis a corda no pes- cozo	‘(non ten) absoluta- mente nada’ ²⁹⁵ .
--	--	--

Xanskii (Шанский, 1972) (e, seguindo a el, os outros) deduce o fraseoloxismo ruso a
partir do xiro trimembre negativo

<i>ни кола́, ни двора́, ни милого животá</i>	(ni kolá, ni dvorá, ni mí- logo jivotá)	(non ten) nin estaca, nin ei- rado, nin gando queri- do	‘(non ten) ab- solutamente nada’.
--	---	---	---

Comp. ruso dialectal

<i>ни кола́, ни двора́, ни пе-</i>	(ni kolá ni dvorá, ni pe-	(non ten) nin estaca, nin ei-	‘(non ten) ab- solutamente
------------------------------------	------------------------------	----------------------------------	-------------------------------

²⁹⁵ Comp. en galego *non ter lume nin fume* ‘ser moi pobre’; *non ter lume nin fume, nin pinta de estrume* ‘non ter nada’.

<i>регородки</i>	regorodki)	<i>rado, nin ta- bique</i>	nada'
<i>ни колá, ни дворá, ни ку- риного перá</i>	(ni kolá, ni dvorá , ni ku- rínogo perá)	(<i>non ten</i>) <i>nin estaca, nin ei- rado, nin un- ha pluma de galiña</i>	'(non ten) ab- solutamente nada'.

Se aceptámo-la interpretación de Skrípnik e Xanskii, xorde a pregunta lexítima: ¿a partir de qué variante explícita se formou a expresión

<i>ни колá ни дворá</i>	(ni kolá ni dvo- rá)	(<i>non ten</i>) <i>nin estaca, nin ei- rado</i>	'(non ten) ab- solutamente nada'?
-----------------------------	-------------------------	--	---

Todas estas variantes teñen carácter local, mentres que o xiro se coñece en tódalas linguas eslavas orientais (comp. tamén bielorruso

<i>ні калá ні дварá</i>	(<i>non ten</i>) <i>nin estaca, nin eirado</i>	'(non ten) absoluta- mente nada'). ²⁹⁶
-------------------------	--	--

Esta análise xeral da área xeográfica xa pon en dúbida a hipótese da primitividade da variante explícita: é difícil que a variante periférica puidese servir de base para a eslava oriental común.

Esta dúbida refórzase tamén polos feitos do plano estrutural. Os xiros de semellante xénero co significado 'nada' teñen habitualmente construción bimembre²⁹⁷:

<i>ни скотá ни животá</i>	<i>nin ganado, nin bens</i>	'(non ten) absoluta- mente nada'
<i>ни дóму ни кóму</i>	<i>nin casa, nin terrón</i>	'(non ten) absoluta- mente nada'
<i>ни слúху ни дúху</i>	<i>nin son, nin olor</i>	'non se sabe nada (de alguén)'
<i>ни бэ ни мэ</i>	<i>nin "be", nin "me"</i> ²⁹⁸	'non sabe dicir nada (de algún tema ou

²⁹⁶ Nota do orixinal: Comp. polaco

<i>ni kolka, ni snopka</i>	(<i>non ten</i>) <i>nin estaquiña, nin feixiño</i>	'(non ten) absolutamente nada'.
----------------------------	--	------------------------------------

²⁹⁷ Comp. en galego *non ter lume nin casa, non ter leito nin teito* 'carecer de case todo'; *nin bigote nin dote* 'nada'; *nin mel nin fel* 'indefinido, inoperante'; *nin rei nin Roque* 'ninguén'; *nin tus nin mus, nin chus nin bus* 'sen dicir nada, nin unha palabra'; *nin pía nin toa* 'non fai nada que sexa significativo'; *non entro nin saio* 'non interveño'; *nin fai nin desfai, nin pon nin quita, nin vai nin volve, nin mata nin espanta* 'non decide nin aporta nada';

²⁹⁸ "Be" e "me" son onomatopeias que imitan os sons emitidos respectivamente polas ovelas e as cabras.

		nalgún idioma ex- tranxeiro)’
<i>ни слы́ху ни ве́сти</i>	<i>nin rumor, nin noticia</i>	‘non se sabe nada (de alguén)’
<i>ни ма́чинки ни роси́н- ки</i>	<i>nin semente de papou- la, nin gota de orba- llo</i>	‘ningunha comida, nin bebida (non estivo na boca)’
<i>ни мучи́цы ни крупы́- цы</i>	<i>nin fariña, nin gran- ciño</i>	‘ningunha alimenta- ción (non hai na ca- sa)’
<i>ни шля́пы ни мунди́ра</i>	<i>nin o sombreiro, nin o uniforme</i>	‘non ten beneficio nin oficio’.

En fin, no plano semántico (por dicilo con propiedade, semántico-estructural) é impor-
tante que a expresión

<i>ни кола́ ни дво́ра</i>	(ni kolá ni dvo- rá)	(non ten) <i>nin estaca, nin ei- rado</i>	‘(non ten) ab- solutamente nada’
-------------------------------	-------------------------	---	--

posúe enteireza: *кол* ‘estaca’²⁹⁹ é ‘material co que se fai a sebe’ (comp.:

(rexión de
Irkutsk)

<i>ни кола́ ни ограды́</i>	(ni kolá ni og- radi)	(non ten) <i>nin estaca, nin sebe</i>	‘(non ten) ab- solutamente nada’
<i>ни кола́, ни дво́ра, ни пригоро́дки</i>	(ni kolá, ni dvorá, ni pri- gorodki)	(non ten) <i>nin estaca, nin ei- rado, nin edi- ficación ane- xa</i>	‘(non ten) ab- solutamente nada’,

e *двор* (dvor) ‘eirado’³⁰⁰ e ‘o espacio que se cerca por tales estacas’. Tal interpretación dedúcese tanto das observacións das connotacións da palabra *кол* (kol) ‘estaca’ na fraseo-
loxía eslava, como da necesidade de contraposición de obxectos similares en tales xi-
ros.³⁰¹

²⁹⁹ *Колá* (kolá) en caso xenitivo.

³⁰⁰ *Дво́ра* (dvorá) en caso xenitivo.

³⁰¹ **Nota do orixinal:** A palabra *кол* (kol) interprétase aquí tradicionalmente como ‘unha porción de terra de arar, dúas sáens de ancho’ (a sáen é unha antiga medida rusa de lonxitude, equivalente a 2,13 metros). Pero o material lingüístico amosa a posibilidade doutra interpretación - ‘nin a estaca para a cerca, nin o espacio cercado (eirado)’. É significativo que na lingua rusa antiga a palabra *дворъ* (dvor) (a súa variante contemporánea *двор* (dvor) ten o significado ‘eirado’) tiña o significado ‘cerca’ que se relaciona loxicamente coa palabra

Todo iso permite, segundo parece, facer constar non a implicación da combinación

<i>ни кола́ ни двора́</i>	(ni kolá ni dvo- rá)	(non ten) nin estaca, nin ei- rado	‘(non ten) ab- solutamente nada’
---------------------------	-------------------------	--	--

a partir dos xiros mencionados (do tipo do ruso

<i>ни кола́, ни двора́, ни ми́-лого животá</i>	(ni kolá, ni dvorá , ni mí- logo jivotá)	(non ten) nin estaca, nin ei- rado, nin gando queri- do	‘(non ten) ab- solutamente nada’,
--	---	---	---

senón, pola contra, a explicitación da combinación bimembre inicial cara ás variantes máis estendidas.

Do mesmo xeito é interpretada polos fraseólogos contemporáneos a expresión

<i>ни рыба́ ни мя́со</i>	<i>nin peixe nin carne</i>	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos indivi- duais que o desta- quen doutros’.
--------------------------	----------------------------	---

A fixación, feita por Skrípnik, das variantes ucráinas

<i>ні риба́ ні м'ясо́, а щось наче гри́б</i>	<i>nin peixe, nin carne, senón algo coma o cogomelo</i>	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos indi- viduais que o desta- quen doutros’
<i>ні риба́ ні м'ясо́, в ра-ки не годит́ся</i>	<i>nin peixe, nin carne, tampouco vale para se-lo cangrexo</i>	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos indi- viduais que o desta- quen doutros’

permite falar do cambio das últimas cara a:

<i>ні риба́ ні м'ясо́</i>	<i>nin peixe, nin carne</i>	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos indi- viduais que o desta- quen doutros’.
---------------------------	-----------------------------	---

A unha conclusión semellante chega Fiódorov (Федоров, 1973), interpretando a combi-

ко́ль (kol), na lingua contemporánea *кол* (kol), - ‘parte da sebe’.

nación

ни рыба ни мясо

nin peixe nin carne

‘un home mediocre,
que non ten trazos
característicos indi-
viduais que o desta-
quen doutros’

como o resultado da elipse do “proverbio” (dicíndoo máis exactamente, o fraseoloxismo máis extenso)

*ни рыба ни мясо, ни
кафтán ни рясa*

*nin peixe nin carne,
nin o kaftán³⁰² nin a
sotana*

‘un home mediocre,
que non ten trazos
característicos indi-
viduais que o desta-
quen doutros’.

Que as variantes mencionadas son extensións secundarias do xiro bimembre máis antigo testemúñase pola maior tipicidade das formacións de semellante xénero, e tamén por abundantes paralelos eslavos que están fixados precisamente coa estrutura bimembre

bielorruso *ні рыба ні
мяса;*

nin peixe nin carne

‘un home mediocre,
que non ten trazos
característicos indi-
viduais que o desta-
quen doutros’

ucraíno *ні риба ні
мясо;*

polaco *ni ryba ni
mięso*

checo *ani ryba ani rak*

*nin o peixe nin o can-
grexo*

‘un home mediocre,
que non ten trazos
característicos indi-
viduais que o desta-
quen doutros’.

Parece ser non menos discutible a afirmación de Fiódorov de que a expresión

как с гуся вода

*coma a auga (caendo)
do ganso*

‘non lle inflúe, non lle
afecta nada’

formouse como resultado da elipse do “proverbio” ruso antigo

Как с гуся вода небывáлые слова

*Coma a auga (caendo) do ganso as
palabras que non foron na realida-
de.*

É coñecida tamén outra hipótese que enlaza este xiro comparativo cun contexto aínda máis explícito, o conxuro curandeiro, que tamén parece ser dubidosa (véxase Максимов,

³⁰² Véxase a nota 268.

1955: 265; Чернышев, 1970: 337). Tales dúbidas explícanse tanto pola fixación abondo antiga do xiro

<i>как с гуся вода́</i>	<i>coma a auga (caendo) do ganso</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
-------------------------	--	--

fóra do contexto proverbial (por exemplo,

<i>как с гуся вода́, с ме- ня сухотá</i>	<i>coma a auga (caendo) do ganso, de min (caendo) a sequeda- de</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’)
--	---	---

como tamén pola súa área xeográfica bastante ampla en separación da reinterpretación “curandeira”:

bielorruso

<i>як з гу́сі вада</i>	<i>coma a auga (caendo) do ganso</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
------------------------	--	--

ucraíno

<i>зйде як вода з гуски</i>	<i>caerá coma a auga da oca</i>	‘non lle influirá, non lle afectará nada’
-----------------------------	-------------------------------------	--

<i>як з гуски (з гуся) во- да</i>	<i>coma a auga (caendo) da oca (do ganso)</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
---------------------------------------	---	--

(dialectal de terras
ucraínas de Zakarpa-
tie)

<i>he bo na husku vodu l'lav</i>	<i>coma se lle estivese botando auga á oca</i>	‘alguén esquece algo facilmente, rapida- mente e sen deixar pegadas’
--------------------------------------	--	---

polaco

<i>jak z gęsi woda (spły- nie, zleci)</i>	<i>coma a auga (caendo) da oca (caerá fluín- do, caerá voando)</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
---	--	--

checo

<i>co z husy voda</i>	<i>coma a auga (caendo) da oca</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’
-----------------------	--	--

<i>spadne z něho co z hu- sy déšť</i>	<i>caerá del coma a chuvia da oca</i>	‘non lle influirá, non lle afectará nada’
---	---	--

<i>jako by husu polil</i>	<i>como se regara a oca</i>	‘falou cunha persoa que esqueceu a con- versa facilmente, rá- pidamente’.
---------------------------	-----------------------------	--

Ó mesmo tempo é significativo que os xiros polacos e checos estean fixados xa a partir do século XVI, é dicir, con anterioridade ós seus reflexos “proverbiais” nas fontes rusas.

Desta maneira, o material dá a posibilidade de supoñe-la evolución contraria do símbolo fraseolóxico, “ganso do que cae fluíndo a auga”. Esta imaxe explicitábase no conxuro curandeiro (a propósito, coñecido tamén nas falas bielorrusas), e tamén no proverbio

<i>С гуся вода небывáлые слова</i>	<i>A auga (caendo) do ganso as pala- bras que non foron na realidade,</i>
------------------------------------	---

á que habitualmente se fai referencia cando se considera a historia desta combinación. A súa evolución ía dende a simple imaxe ata as asociacións máis complicadas.

A subestimación do proceso de explicitación dos fraseoloxismos cara a expresións máis extensas ou proverbios está condicionada ante todo pola falta de atención ó material dialectal e comparativo, pola adecuación artificial dalgunhas variantes de combinacións á concepción de Potebniá. Esta concepción, sen embargo, está estreitamente relacionada coa solución unilateral que dá Potebniá ó problema da relación mutua entre a palabra e o concepto. Aceptando como única a liña implícita da evolución das comparacións estables, arriscámonos a entrar en contradicción cos feitos lingüísticos.

¿Pódese, coma tal, interpreta-las comparacións estables coñecidas en moitas linguas

<i>хитрый как лисá</i>	<i>renarte coma unha ra- posa</i>	‘moi renarte’
------------------------	---------------------------------------	---------------

<i>глупый как осёл</i>	<i>parvo coma un burro</i>	‘moi parvo’
------------------------	----------------------------	-------------

e semellantes como o resultado da condensación da fábula? A resposta afirmativa a esta pregunta queda obstaculizada polas seguintes razóns: a amplitude de extensión de semellantes comparacións, as dificultades de delimitación entre a formación tipolóxica e a xenética, entre os modos de formación do fraseoloxismo (o modo primitivo e o de préstamos ou de calcos); a imposibilidade de determina-la primeira fixación, etc. E sen embargo, parece que aquí tamén, aínda que xa en maior medida inductivamente, se pode aplica-lo método de busca da variante inicial, que utilizabamos analizando as expresións

<i>ни рыба ни мясо</i>	<i>nin peixe nin carne</i>	‘un home mediocre, que non non ten tra- zos característicos individuais que o destaquen doutros’
------------------------	----------------------------	--

<i>ни колá ни дворá (ni kolá ni dvorá)</i>	<i>(non ten) nin estaca, nin eirado</i>	‘(non ten) absoluta- mente nada’
--	---	-------------------------------------

<i>как с гуся вода</i>	<i>coma a auga (caendo)</i> <i>do ganso</i>	‘non lle inflúe, non lle afecta nada’.
------------------------	--	---

Nestes exemplos, ás unidades implícitas, estables no aspecto semántico-estructural, correspondíalles unha multitude de variantes explícitas que chegaron a ser periféricas precisamente gracias á súa pluralidade e á restricción da área xeográfica. Aproximadamente observámo-la mesma situación tamén no caso das combinacións do tipo

<i>хитрый как лиса</i>	<i>renarte coma unha ra-</i> <i>posa</i>	‘moi renarte’:
------------------------	---	----------------

é innumerable a serie de proverbios, parábolas, contos populares, etc., en que se “desenvolven” as asociacións da raposa coa renartería, e as do burro coa parvidade, etc. Se aceptamos estes textos diversos en calidade de base para a evolución das comparacións estables, o problema da selección do texto “primitivo” será irresoluble. Segundo parece, a parte principal dos proverbios, fábulas, contos populares sobre os animais é o “desenvolvemento” das connotacións que xurdiron no pasado remoto precisamente a partir das “unidades fraseolóxicas mínimas” que son comparacións ou metáforas. A comparación estable, polo tanto, pódese interpretar como a unidade inicial tanto para a explicitación, como para a implicitación.

Na lingua, segundo parece, estase producindo constantemente unha alternancia destes dous modos contrapostos de fraseoloxización. Por exemplo, non cabe dúbida de que a expresión

<i>вертеться как белка в колесе́</i>	<i>xirar coma un esquí</i> <i>dentro da roda</i>	‘ter moitas ocupa- cións’
--------------------------------------	---	------------------------------

procede dunha fábula. Pero a creación da fábula de Krilov *Esquí*³⁰³ e, polo tanto, da expresión dada foi condicionada polas coñecidas asociacións na lingua popular do esquí con movementos rápidos (comp. *прыгать как белка* ‘saltar coma un esquí’). Polo tanto, pódese facer constar que a fábula xurdiu mediante a explicitación destas connotacións estables (respecto ás comparacións), e o fraseoloxismo

<i>вертеться как белка в колесе́</i>	<i>xirar coma un esquí</i> <i>dentro da roda</i>	‘ter moitas ocupa- cións’
--------------------------------------	---	------------------------------

mediante a implicitación da fábula.

A conclusión sobre a importancia dos modos explícitos da formación de fraseoloxismos dedúcese do axioma que di que o fraseoloxismo xeneticamente remite á combinación de palabras. A fraseoloxización é o “proceso de estabilización e fixación na práctica da fala dun colectivo lingüístico dado de determinados complexos lingüísticos, relativamente estables, en calidade de xa feitos [...]” (Ройзензон, 1961: 114). Por *complexo lingüístico* enténdese ante todo a combinación de palabras. Aquí incluso a mesma terminoloxía (complexo lingüístico, combinación de palabras, etc.) testemuña o recoñecemento da

³⁰³ И.А.Крылов “Белка”.

tendencia explícita da fraseoloxización.

Efectivamente, cando se trata da formación de combinacións de palabras a partir de palabras, case ninguén disputa o carácter activo deste proceso. A maioría dos lingüistas consideran que o mecanismo fraseolóxico sintáctico é o modo máis efectivo de fraseoloxización. Non é difícil percibir que este modo é unha das etapas da explicitación de fraseoloxismos, contraposta á etapa final de implicitación de combinacións, é dicir, á formación de palabras a partir das combinacións. Recoñecendo a explicitade no nivel de transición das palabras cara ás combinacións, a maioría dos fraseólogos, sen embargo, négana ou subestímana no nivel fraseoloxismo → proverbio → fábula. Pero se o proceso da explicitación da palabra cara á expresión se opón á implicitación do fraseoloxismo cara á palabra, tales contradicións teñen que ser características tamén para os contextos maiores: para os proverbios en comparación cos fraseoloxismos, para as fábulas en comparación cos proverbios, etc.

Un dos primeiros que previña contra a absolutización da teoría de Potebniá foi Larin. Considerando os casos da elipse dos proverbios cara ás unidades fraseolóxicas, non puido deixar sen subliñar-la posibilidade tamén do proceso da “dirección contraria: as fórmulas antigas, lacónicas e condensadas, de tipo idiomático, desenvólvense, ábreanse cara a unha imaxe máis completa, máis comprensible” (Ларин, 1956: 218). Ó mesmo tempo, a dici-la verdade, Larin notaba a rareza deste proceso e a perda da idiomaticidade como consecuencia. Estes comentarios non se confirman polo noso conxunto de feitos. Pero a tese de Larin sobre o “desenvolvemento” dos fraseoloxismos cara ós proverbios é un paso importante no camiño do restablecemento da dialéctica do proceso da fraseoloxización, que foi descrito por Potebniá dunha maneira en certa medida unilateral.

A posibilidade de distintos tipos de extensións de fraseoloxismos era salientada tamén por outros científicos. Xa E.A.Liatskii, discutindo a inclinación unilateral da concepción de Potebniá, escribía que “o dito pode evolucionar a partir dunha palabra, unha imaxe, e non ser só un resto, un resultado da “condensación do pensamento”” (Ляцкий, 1897: 755, comp. tamén Ляцкий, 1897: 751-753). Liatskii fai consta-la posibilidade de que o proverbio se forme a partir do dito. Bally descubriu o papel do pleonasma como contrario da elipse na fraseoloxía e notou que os “elementos do xiro fraseolóxico poden ser separados uns dos outros por outras palabras da oración, e isto non altera a unidade da combinación”.³⁰⁴ N.N.Amósova describe a partir do material inglés os casos “en que os límites, ó parecer pechados, do fraseoloxismo se abren, admitindo a penetración de compoñentes adicionais variables que se relacionan non con todo o fraseoloxismo, senón con algún membro determinado del” (Амосова, 1961: 12). Tales observacións amosan que o movemento cara a unha formación cada vez máis separada é significativo para a evolución do fraseoloxismo. Este movemento vese estimulado por motivos semánticos, ante todo pola necesidade de aumenta-la expresividade da combinación estable.

Mentres que a implicitación é a codificación progresiva da imaxe inicial do fraseoloxis-

³⁰⁴ Nota do orixinal: Балли Ш. Французская стилистика. [*Bally Ch. Traité de stylistique française*, traducido ó ruso]. Páx.99.

mo, a explicitación é a súa renovación, decodificación, e en moitos casos, é a creación da imaxe.

3.2.2. A explicitade como manifestación do principio da superfluidade

A redución do fraseoloxismo provócase pola superfluidade da súa semántica. Por eso o principio de economía é o principio de economía dos **medios formais** que serven para expresa-lo significado. A ampliación do fraseoloxismo vén motivada pola insuficiencia semántica, pola necesidade de reforza-la expresión perdida mediante a palabra (ou mediante a combinación de palabras), renovando así a motivación. Esta tendencia pódese denominar principio de superfluidade. Trátase precisamente da superfluidade **formal**, que é unha propiedade do fraseoloxismo en tanto que unidade de formación separada.

O fenómeno máis típico que reflicte o principio da superfluidade é a **paráfrase** (perífrase) que habitualmente se determina como “expresión descriptiva”. Son propias das paráfrases, igual que dos fraseoloxismos, a formación separada e a enteireza semántica. A noción de paráfrase é máis ampla cá de fraseoloxismo, xa que non toda “expresión descriptiva” posúe unha relativa estabilidade, expresividade e outras propiedades que son características das unidades fraseolóxicas. Pero tódolos fraseoloxismos poden considerarse unidades parafrásticas, xa que describen o contido e non o designan. A descriptibilidade da paráfrase fai posible tanto ampla como estreita comprensión deste termo: dende os distintos tipos de transformacións sintácticas da proposición ata as combinacións non imáxicas do tipo

<i>давать совет</i>	<i>dar un consello</i>	‘aconsellar’
<i>одержать победу</i>	<i>toma-la victoria</i>	‘vencer, gañar’,

por unha banda, ou ata unha metáfora estendida, pola outra.

Non cómpre, segundo parece, relaciona-la paráfrase coa imaxibilidade ou inimaxibilidade das unidades fraseolóxicas ou especializar estreitamente este termo noutros planos fraseolóxicos. A paráfrase pode consistir en distintas explicitacións do texto. No plano fraseolóxico, é a “evolución” da palabra cara á combinación de palabras, da combinación de palabras cara á expresión máis extensa, do fraseoloxismo cara ó proverbio, do proverbio cara á fábula, etc.

Tampouco é correcto, segundo parece, “atar” a paráfrase a algúns estilos lingüísticos considerados por separado. Efectivamente, algunhas combinacións parafrásticas teñen o matiz de librescas ou, por exemplo, son máis utilizadas no estilo científico. Pero son numerosos tamén os casos de uso coloquial dos xiros “estendidos”. Así, as combinacións

<i>давать совет</i>	<i>dar un consello</i>	‘aconsellar’
<i>одержать победу</i>	<i>toma-la victoria</i>	‘vencer, gañar’

teñen un carácter máis libresco que os lexemas *совѣтовать* ‘aconsellar’ e *победить* ‘vencer, gañar’. Pero, por outra banda, os fraseoloxismos

дѣть пѣрки *dar unha xostrada* ‘xostrear’

дѣть дѣру *dar unha fuxida* ‘fuxir’

xa non terán tal matiz, así como as numerosas construcións analíticas co verbo *держѣть* ‘ter suxeitado’, fixados nas falas populares:

(costa do mar Branco)	<i>на смеху дер- жѣть</i>	<i>ter suxeitado na risa</i>	‘ridiculizar’
	<i>доклад дер- жѣть</i>	<i>ter suxeitado un relatorio</i>	‘facer un rela- torio’
	<i>грусть дер- жѣть</i>	<i>ter suxeitada a tristeza</i>	‘estar triste’
	<i>держѣть инте- рес</i>	<i>ter suxeitado o interese</i>	‘interesarse’

e outras. Por iso cómpre explicar concretamente as razóns do funcionamento da paráfrase en distintas esferas da fala. Por exemplo, a súa actividade na esfera da terminoloxía científica explícase pola maior capacidade de información semántica e pola exactitude da definición estendida, e o seu emprego na fala viva explícase pola maior expresividade da forma explícita, etc.

3.2.3. Modos de explicitación dos fraseoloxismos

A clasificación dos modos de formación das unidades máis extensas a partir das menos extensas pode realizarse segundo criterios distintos. Así, D.P. Vovchok propón os seguintes tipos de clasificación de paráfrases metafóricas características da linguaxe pe-riodística: 1) segundo a palabra dominante

крылатый автобус - самолёт ‘autobús alado - avión’;

2) segundo o carácter do indicio que serve de base á metaforización

степной корабль - комбайн ‘barco de estepas - colleitadora’;

3) segundo a función sintáctica

генеральный штаб - мозг ‘estado maior - cerebro’.³⁰⁵

Son posibles tamén as agrupacións de paráfrases máis detalladas. Sen embargo, o criterio

³⁰⁵ Nota do orixinal: Véxase: Актуальные проблемы лексикологии и лексикографии. [Problemas actuais de lexicoloxía e lexicografía]. Пермь, 1972. Páxs.95-98.

máis xeral de clasificación dos modos de explicitación dos fraseoloxismos pode ser a relación entre a semántica dos compoñentes da unidade parafrástica (respecto ó fraseoloxismo) e a semántica da unidade non-parafrástica (respecto á palabra), tendo en conta a súa forma.

Os principais modos de implicación, como xa vimos, son: a elipse, a composición de palabras e a derivación afixal de palabras. No fenómeno da elipse o significado do compoñente que se perde é absorbido polos significados dos compoñentes que quedan; no fenómeno da composición de palabras ámbolos dous compoñentes parecen trenzarse entre eles formando un novo significado léxico; no fenómeno da derivación afixal de palabras un dos compoñentes conserva o seu significado léxico, e o outro “cífrase” no afixo que habitualmente só reflicte o significado gramático xeral do compoñente perdido. Dende logo, non pode existir unha analoxía “espellante”, é dicir, completa destes modos no fenómeno da explicitación, dado que a implicación é o camiño cara á desementización das combinacións, e a explicitación é o camiño cara á súa semantización. Non obstante, pódese percibir un determinado paralelismo.

No proceso da explicitación correspóndelle á elipse o “alongamento” do fraseoloxismo inicial (a palabra) sen cambios formais:

<i>лисá</i> →	<i>raposa</i> →	‘persoa renarte’
<i>лисá Патрикеевна</i>	<i>raposa Patrikéevna</i> ³⁰⁶	‘persoa renarte’
<i>ни рыба ни мясо</i> →	<i>nin peixe nin carne</i> →	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’
<i>ни рыба ни мясо, ни кафтáн ни рýса</i>	<i>nin peixe nin carne, nin o kaftán</i> ³⁰⁷ <i>nin a sotana</i>	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’.

É característico da semántica destas formacións que o significado principal veña expresado polo compoñente inicial (*лисá* ‘raposa’,

<i>ни рыба ни мясо</i> →	<i>nin peixe nin carne</i> →	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’),
--------------------------	------------------------------	--

³⁰⁶ *Patrikéevna* é un patronímico formado a partir do nome Patrikéi.

³⁰⁷ Véxase a nota 268.

e os compoñentes “adicionais” só o especifiquen, facéndoo máis expresivo.

Á composición de palabras correspóndelle nalgunha medida a ensamblaxe de dúas ou máis palabras; a partir destas, unha vez fundidos os significados, se obtén a semántica fraseolóxica:

<i>ни кола́ ни дво́ра</i> (ni kolá ni dvorá)	(non ten) <i>nin estaca</i> , <i>nin eirado</i>	‘(non ten) absoluta- mente nada’
<i>а́льфа и оме́га</i>	<i>alfa e omega</i>	‘a base de algo’.

É característica da semántica de tales formacións a “igualdade de dereitos” dos compoñentes: é difícil distribuí-los seus significados entre “iniciais” e “adicionais”, xa que se enriquecen mutuamente.

Á derivación afixal de palabras correspóndelle a conversión (“descomposición”) da palabra en unidade de formación separada, permanecendo o mesmo significado:

<i>ткнуть</i> →	‘empuxar’ →	
<i>дать тычка́</i>	<i>dar un empuxón</i>	‘pegar empuxando’

<i>побе́дить</i> →	‘vencer’ →	
<i>оде́ржать побе́ду</i>	<i>toma-la victoria</i>	‘vencer, gañar’.

É característica da semántica de tales formacións a independencia do compoñente da palabra derivada e a adicionalidade dun segundo compoñente que habitualmente indica (do mesmo xeito que o fai o afixo no fenómeno da implicación) a categoría gramatical da palabra inicial.

En realidade, tódolos modos enumerados son variantes do tipo fraseolóxico sintáctico de formación de unidades fraseolóxicas, que na fraseoloxía rusa é o máis estendido.

3.2.3.1. “Alongamento” do fraseoloxismo inicial (a palabra)

Este modo de explicitación está relacionado de maneira máis estreita coa superfluidade semántica do léxico, coa necesidade de especificar un dos significados da palabra polisémica ou de reforza-la súa expresividade. Dende este punto de vista é moi significativo que moitas series fraseolóxicas se agrupen ó redor dos grupos léxicos que son capaces de desenvolver-lo complicado sistema dos significados figurados (as denominacións dos animais, das partes do corpo e outros). A polisemia de semellantes lexemas esixe a concreción mediante o contexto, o que frecuentemente dá lugar ós fraseoloxismos mediante o “alongamento” dunha metáfora estendida. Así, o amplo espectro semántico da palabra *голова́* ‘cabeza’ provoca a necesidade de marcar fraseoloxicamente incluso algúns usos figurados. A partir do seu emprego para caracteriza-las capacidades mentais dunha per-

soa

<i>ѹмная голова́</i> -	<i>cabeza intelixente</i> -	‘persoa intelixente’-
<i>глупа́я голова́</i>	<i>cabeza parva</i>	‘persoa parva’

nace toda unha serie de expresións co significado ‘persoa parva, torpe’:

ruso

<i>еловая (садовая, дырявая, мягинная, лёгкая) голова́</i>	<i>cabeza de abeto (de xardín, esburacada, de salvado, lixeira)</i>
<i>непокры́тая голова́</i>	<i>cabeza non cuberta</i>

bielorruso

<i>варо́ная галава́</i>	<i>cabeza cocida.</i>
-------------------------	-----------------------

Aproximadamente na mesma dirección vai o “alongamento” das metáforas de denominación de animais. A forza expresiva da palabra *зме́й* ‘serpe’, por exemplo, increméntase nas falas rusas coa axuda de distintos epítetos:

(rexión de Pskov)

<i>зме́й сипа́тый (шелудивый, рога́тый)</i>	<i>serpe enrouquecida (rañosa, cornuda)</i>	‘persoa vil, canalla’
<i>зме́я беспро́кая (глуха́я)</i>	<i>serpe inútil (xorda)</i>	‘muller inútil e maliciosa (xorda e maliciosa)’

(rexión de Irkutsk)

<i>зме́й вострокопы́тный (крова́дный)</i>	<i>serpe de uñas agudas (sanguinario)</i>	‘persoa feroz’.
Comp.: <i>гад жгу́чий</i>	<i>réptil ardente</i>	‘persoa vil, canalla’
<i>сви́нья мокрогу́бая</i>	<i>porco de beizos mollados</i>	‘borracheiro, persoa descoidada e babosa’.

Testemuña de que semellantes usos de fala chegan a ser feitos de idioma é a combinación literaria

<i>зме́я подколо́дная</i>	<i>a serpe de debaixo dos troncos</i>	‘persoa maliciosa, pérfida e perigosa’.
---------------------------	---------------------------------------	---

Dende logo, non sempre se pode determinar sen equivocarse o grao de “adicionalidade” da palabra, coa cal se “desenvolve” o contido principal da unidade fraseolóxica. Así, nas combinacións do tipo

<i>еловая голова́</i>	<i>cabeza de abeto</i>	‘persoa estúpida’
-----------------------	------------------------	-------------------

o adxectivo desempeñaba un papel importante, xa que non só reforzaba a expresividade do compoñente de apoio, senón que tamén chegaba a se-la base da súa semántica negativa. Noutros casos a función semántica de semellantes definicións limítase fundamentalmente pola “adicionalidade” expresiva:

<i>дубина стоерóсовая</i>	<i>cachiporra que medra de pé</i>
<i>балда осі́новая</i>	<i>marra de choupo tremedor</i>
<i>пень берёзовый (в два обхва́та, ды- ря́вый)</i>	<i>torada de bidueiro (de dúas brazadas de circunferencia, esburacado)</i>
<i>чу́рка с глаза́ми</i>	<i>cacho de madeira (ou de metal) con ollos.</i>

Estes fraseoloxismos que designan unha persoa estúpida extraen tanto a imaxe principal como a expresividade dos compoñentes co significado ‘madeira’. O aumento da expresividade aquí conséguese mediante a acentuación do significado directo ‘de madeira’, realizada coa axuda dos compoñentes que se “alongan”. Segundo parece, teñen un grao de “adicionalidade” aínda máis alto os atributos das palabras *Алѣша* ‘parviño’³⁰⁸ ou *дура́к* ‘parvo’ que forman expresións co mesmo significado xeral:

<i>Алѣша бесконво́йный</i>	<i>parviño sen escolta</i>	‘un preso ó que se lle expide a autorización para traballar fóra do cárcere sen escolta’; ‘persoa estúpida’
<i>Алѣха се́льский</i>	<i>parviño aldeán</i>	‘persoa algo parva e inxenua, posiblemente procedente dunha aldea’
<i>Лѣха боха́нский</i>	<i>parviño de Boghan</i> ³⁰⁹	‘persoa estúpida’
<i>дурак наби́тый</i>	<i>parvo recheo</i>	‘persoa extremadamente estúpida’
<i>кру́глый (сосве́тный, набе́лосве́тный) ду- ра́к</i>	<i>parvo redondo</i> ³¹⁰ (<i>para todo o mundo</i>)	‘persoa extremadamente estúpida’
<i>дура́к без подме́су</i>	<i>parvo sen adicións</i> ³¹¹	‘persoa absolutamente estúpida’.

³⁰⁸ A palabra *Алѣша* (Alioxa) no seu significado directo é nome masculino, hipocorístico de *Алексе́й* (Alexéi), igual que o son os nomes *Алѣха* (Aliogha) e *Лѣха* (Liogha) que aparecen nos exemplos seguintes.

³⁰⁹ Esta expresión está formada mediante a reinterpretación calembúrica do nome da vila Boghan en Siberia, que ten asonancia cos verbos *бахнуть* (bághnut), *бухнуть* (búghnut) ‘pegar na cabeza’.

³¹⁰ Comp. en galego *parvo redondo*, co mesmo significado.

³¹¹ Comp. en galego *parvo de remate*, co mesmo significado.

A cuestión do “alongamento” dos fraseoloxismos está estreitamente relacionada co problema das chamadas palabras de apoio, de eixe. Aquí os termos *palabra de apoio*, *palabra de eixe* designan os compoñentes que conteñen en si a motivación imáxica do fraseoloxismo. S.I.Ójegov, apelando a que se rexeite a idea “nihilista” da imposibilidade de definición da *palabra de apoio* do fraseoloxismo, utilizaba esta palabra para referirse ó “compoñente da unidade, que forma o sentido, é dicir, tal compoñente que “fraseoloxiza” a combinación libre de palabras” (Ожегов, 1957: 41). Tal “nihilismo”, non obstante, é propio tamén dalgúns investigadores contemporáneos: A.I.Molotov, por exemplo, afirma categoricamente que a busca dos centros de sentido, “de apoio” e semellantes no fraseoloxismo carece de obxectivo. Os feitos lingüísticos, sen embargo, confirman a veracidade da opinión de Ójegov. É significativo que incluso Molotov, que se opón tan bruscamente a destaca-las *palabras de apoio*, na práctica lexicográfica, como recompilador e revisor do *Diccionario fraseolóxico da lingua rusa* (Фразеологический словарь, 1967), úsaas consecuentemente, sobre todo no sistema de remisións. Tales palabras fan o papel de “centros de sentido”, ó redor dos que se agrupan distintos fraseoloxismos. A miúdo chegan a se-los símbolos de toda unha serie de combinacións.

Outra cousa é que non tódolos tipos semántico-estruturais de unidades fraseolóxicas, nin moito menos, poden ter “palabra de apoio”. Este feito, segundo parece, pode ter unha explicación histórica: xa que o xeito de “alongamento” dos compoñentes, que é característico de moitos fraseoloxismos (jaínda que non de todos!) coa “palabra de apoio”, é só un dos moitos modos da súa formación (se temos en conta tanto a implícitación como a explicitación).

Arriba o modo de “alongamento” considerábase só nos exemplos de fraseoloxía nominativa, xa que esta permite seguir máis visiblemente a especificación da imaxe mediante a modificación do substantivo que serve de base para a combinación estable. Pero o tipo dado de explicitación é productivo tamén para outras clases de fraseoloxía, por exemplo, para a verbal. Así, o coloquial

<i>тянуть резину</i>	<i>tira-la goma</i>	‘tardar en facer algo intencionadamente’
e <i>тянуть котá за хвост</i>	<i>tírarlle ó gato polo rabo</i>	‘tardar en facer algo intencionadamente’,

probablemente, xurdiron mediante a extensión do verbo *тянуть* co mesmo significado. O “alongamento” dos compoñentes nominais aquí devólvelle ó verbo o seu significado concreto, e o significado figurado obteno toda a combinación. Isto incrementa a esmorcida forza expresiva do uso figurado do verbo *тянуть* e crea xiros calembúricos, se ben a lóxica interna destes non xustifica o significado fraseolóxico ‘tardar en facer algo intencionadamente’.

A explicitación mediante o xeito de “alongamento” é actual tamén para os contextos máis grandes, segundo as liñas unidade menor → unidade maior, fraseoloxismo → proverbio, proverbio → fábula, etc.

3.2.3.2. Ensamblaxe de palabras con significados “equitativos”

Este modo de explicitación é unha das fontes principais de formación de fraseoloxismos. A esencia da fraseoloxización no fenómeno de tal explicitación consiste en que ámbolos dous compoñentes participan activamente na creación do significado fraseolóxico. Isto non é un “alongamento” da imaxe metafórica que se encontra dentro da “palabra de eixe” do fraseoloxismo, senón que é a fusión de significados relativamente equitativos dos seus compoñentes, sen a cal é imposible a imaxe fraseolóxica. É natural que este modo exclúa a presenza da “palabra de apoio” na combinación.

Moitos fraseoloxismos están formados precisamente mediante tal xeito de explicitación. Son en primeiro lugar as expresións que teñen estrutura similar:

<i>ни слуху ни дұху</i>	<i>nin son, nin olor</i>	‘non se sabe nada (de alguén)’
<i>ни бóгу свéчка ни чёрту кочергá</i> (ni bogu svechka ni chortu kochergâ)	<i>nin a candeia para Deus, nin o atizadoiro para o demo</i>	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’
<i>ни рыба ни мясо</i>	<i>nin peixe nin carne</i>	‘un home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’
<i>от мáла до вели́ка</i>	<i>dende o cativo ata o grande</i>	‘todos, independentemente da idade’
<i>не в бровь, а в глаз</i>	<i>non na cella, senón no ollo</i>	‘moi acertadamente, tocando o máis esencial (dunha expresión, dunhas palabras de alguén)’
<i>не на живóт, а на смéртъ</i>	<i>non á vida, senón á morte</i>	‘(estar) disposto a sacrificala vida; dunha maneira moi decidida’
<i>не мытьём, так кáтаньём</i>	<i>se non é co lavar, entón será co calandrar</i>	‘se non pode ser así, farémolo doutra maneira’.

Aquí a similitude da estrutura e a contraposición diametral do significado dos compoñentes crea a tensión expresiva que é tan necesaria para a fraseoloxización. Ámbolos dous compoñentes, ó se fusionaren, dan en tales casos o significado fraseolóxico que po-

de ser designado convencionalmente como ‘nada’ (as expresións do tipo

<i>ни слуху ни духу</i>	<i>nin son, nin olor</i>	‘non se sabe nada (de alguén)’),
-------------------------	--------------------------	----------------------------------

‘todos’ (as expresións do tipo

<i>старый да малый</i>	<i>vello e cativo</i>	‘todos, independente-mente da idade’).
------------------------	-----------------------	--

Tamén son próximos a tales formacións os fraseoloxismos coa estrutura tautolóxica do tipo

<i>один к одному</i>	<i>un a un</i>	‘dise sobre unha serie de persoas ou obxectos que son igualmente bos, fortes, etc.’
----------------------	----------------	---

<i>день за днём</i>	<i>día tras día</i>	‘moitos días seguidos’.
---------------------	---------------------	-------------------------

Tamén se poden incluír aquí as repeticións do tipo

<i>кишмя кишит</i>	<i>bule bulindo</i>	‘hai unha gran cantidade de persoas ou animais (máis a miúdo insectos ou réptiles) que se moven desordenadamente’
--------------------	---------------------	---

<i>хоть пруд пруди</i>	<i>... que mesmo podes “diquear” (=construír) un dique</i>	‘hai moita cantidade’,
------------------------	--	------------------------

baseándose en que xa non cabe dúbida da “igualdade de dereitos” semántica dos seus compoñentes.

Na relación semántica relativamente equitativa encóntranse tamén, uns respecto dos outros, os compoñentes da maioría das combinacións verbais, que deducen a motivación figurada da fusión dos significados do verbo e substantivo:

<i>смаывать удочки</i>	<i>enrola-las canas de pescar</i>	‘largarse, marchar apresuradamente’
------------------------	-----------------------------------	-------------------------------------

<i>плевать в потолок</i>	<i>cuspir ó teito</i>	‘folgazanear’.
--------------------------	-----------------------	----------------

Isto refírese tamén a aqueles fraseoloxismos coa motivación interna escurecida (o tipo

бить баклүши (bit bakluxi) *golpea-las ba-kluxi* ‘folgazanear’):

a análise amosa que a fusión dos compoñentes en tales combinacións foi primitivamente “equitativa”.

Pódense enumerar tamén outros grupos de fraseoloxismos que non teñen “palabras de apoio” e polo tanto admiten posibilidade de fraseoloxización mediante a ensamblaxe de palabras que teñen significados “equitativos”: as comparacións estables que inclúen varios compoñentes co significado pleno

как пятое колесо в телеге *coma a quinta roda na telega*³¹² ‘é de sobra’

как в воду канул *coma se caese na auga* ‘desapareceu’),

as combinacións calembúricas

после дождичка в четверг *o xoves despois da chuvia* ‘nunca’

семь пятниц на неделе *(ten) sete venres na semana* ‘(persoa que) cambia de proxecto facilmente e nun prazo moi curto’

e outras.

Sen embargo, cómpre subliñar que non sempre unha unidade fraseolóxica que inclúe *palabra de apoio* se pode considerar formada por “alongamento”, nin tampouco se pode sempre considerar a unidade fraseolóxica que non a ten como formada mediante a ensamblaxe de compoñentes con significados “equitativos”. O caso é que o concepto de **palabra de apoio** é moi amplo. Así, os nomes das partes do corpo chegan a se-las *palabras de apoio* para un grupo grande da fraseoloxía somática.³¹³ Unha parte deste (do tipo

еловая голова *cabeza de abeto* ‘persoa parva, torpe’)

pode ser tratada como formacións feitas mediante “alongamento”, mentres que outros fraseoloxismos creados a partir da mesma palabra poden ser atribuídos ó segundo tipo, xa que a “igualdade de dereitos” dos compoñentes de tal combinación é evidente (comp.:

мыть голову *enxaboa-la cabeza* ‘castigar’

ломя голову *ó rompe-la cabeza* ‘rapidamente’)

e o compoñente *голова* (no caso acusativo *голову*) ‘cabeza’ non fai puramente a función de *apoio*. En tales casos cómpre ter en conta tanto a relatividade do mesmo concepto

³¹² *Telega* é un carro típico ruso de transporte de catro rodas.

³¹³ Nota do orixinal: Do grego *σωμα* (soma), no caso xenitivo *σωματος* (sómatos) - ‘corpo’.

“palabra de apoio”, como a delimitación dos compoñentes do fraseoloxismo que se realiza segundo o criterio semántico e que os divide en **equitativos** ou **de apoio e adicionais**. O recoñecemento desta relatividade testemuña a necesidade de ser especialmente prudente ó facer tal delimitación, así como ó distribuí-los dous tipos descritos de explicitación da palabra cara á unidade fraseolóxica.

3.2.3.3. “Descomposición” da palabra cara ó fraseoloxismo

Este tipo de explicitación é característico só da formación de combinacións a partir das palabras. Habitualmente trátase da “descomposición” do verbo ata a combinación do substantivo formado a partir deste verbo e outro verbo que non ten o seu propio significado léxico:

<i>порóть</i> →	‘xostrear’ →	
<i>зада́ть по́рку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
 <i>чи́стить</i> →	 ‘limpar’ →	
<i>наводи́ть чи́стоту́</i>	<i>establece-la limpeza</i>	‘limpar’.

Por suposto, a ausencia de significado léxico en semellantes verbos é só relativa, xa que posúen unha semántica abstracta moi diversa. Ó mesmo tempo, a sobrecarga funcional e a combinabilidade excesivamente ampla que está relacionada con ela levan efectivamente a un determinado “baleiro” léxico-semántico destes verbos. O “baleiro” semántico do compoñente verbal de tales construcións é a razón de que ordinariamente sexan combinacións inimáxicas. (Sobre a lexitimidade da atribución deste tipo de combinacións á fraseoloxía véxase o capítulo 4).

O primeiro modo de explicitación consistía en que o significado do compoñente “de apoio” se complementaba coa semántica do compoñente dependente, o segundo consistía na fusión da semántica de ámbolos dous compoñentes do fraseoloxismo. E o terceiro modo caracterízase pola plena concentración do significado léxico no compoñente nominativo, sendo este significado habitualmente concreto e conservando a correlatividade co verbo a partir do cal se formou o compoñente. No primeiro e no segundo modo de explicitación a elección de compoñentes é case ilimitada no aspecto léxico. Mentres que para as combinacións formadas segundo o terceiro modo a lista de compoñentes é moi escasa: *да́ть* ‘dar’, *бра́ть* ‘coller’, *держáть* ‘ter (suxeitado)’, *де́лать* ‘facer’, *вести́* ‘levar’, *идти́* ‘ir’ e semellantes. Isto explícase porque o papel de tales compoñentes poden desempeñalo só verbos de “amplo volume semántico” que “perderon o contido material real” (Ожегов, 1957: 44). A “amplitude” de significado é precisamente a razón principal de que se escollan precisamente eses verbos no proceso de “descomposición” como portadores de funcións puramente gramaticais.

A presenza de tal compoñente verbal pode se-lo indicador formal de que temos diante de nós unha combinación formada mediante “descomposición”. Sen embargo, tal constatación non será correcta en tódolos casos, nin moito menos. O problema está en que a maioría deses verbos posúe, á parte dunha semántica “ampla”, funcional, unha semántica propiamente léxica. Estes significados poden dar resultados fraseolóxicos distintos. Comparemos dúas series de fraseoloxismos: por unha banda,

<i>да́ть по́рку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>зада́ть взбу́чку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’

e semellantes, e, pola outra,

<i>да́ть берёзовой ка́ши</i> (<i>ала́быш, жему́лку</i> <i>с ква́сом</i>)	<i>da-la kaxa</i> ³¹⁴ <i>de bi-</i> <i>dueiro (filloíña, me-</i> <i>lindre con kvas</i> ³¹⁵)	‘golpear, pegar varias veces seguidas coa vara de bidueiro (‘pegar co puño’)
--	---	--

e semellantes. A primeira serie de expresións formouse mediante a “descomposición” de palabras, e o verbo *да́ть* ‘dar’ desempeña un papel que é típico para o terceiro modo de explicitación. A segunda serie creouse formalmente segundo o mesmo modelo, pero o verbo *да́ть* ‘dar’ aquí xa desempeña un papel léxico independente, o seu significado organiza tódalas combinacións. Así é coma se se realizase a semantización secundaria deste compoñente formalizado, o que estimula tamén o desenvolvemento ulterior dos fraseoloxismos deste modelo, mediante a substitución do verbo *да́ть* ‘dar’ polas palabras *угоща́ть* ‘agasallar, obsequiar con algunha comida; convidar, invitar a comer algo’; *по́тчевать* ‘agasallar con algunha comida’; *корми́ть* ‘nutrir, alimentar, dar de comer’ e semellantes:

<i>угости́ть берёзовой ка́шей</i>	<i>agasallar coa kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>накорми́ть бли́нками</i>	<i>dar de come-las filloíñas</i>	‘golpear, pegar’.

Estes grupos de fraseoloxismos, como vimos, están sen dúbida relacionados segundo a súa modelabilidade. Pero desde o punto de vista do modo de formación parece que cómpre delimitalos con precisión; as expresións do tipo

<i>да́ть по́рку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>зада́ть взбу́чку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’

son fraseoloxismos formados mediante a “descomposición” da palabra, e

³¹⁴ Véxase a nota 77.

³¹⁵ Véxanse as notas 104 e 105.

<i>дать берёзовой каши</i>	<i>da-la kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
----------------------------	-------------------------------	--

é a ensamblaxe de palabras con significados “equitativos”.

Outra limitación que impide a definición do modo de “descomposición” da palabra cara ó fraseoloxismo é que os verbos do tipo *дать* ‘dar’, *брать* ‘coller’ fórmanse historicamente como compoñentes auxiliares. Por iso algúns verbos só se aproximan pola súa función a tales verbos, conservando en moitas combinacións o seu significado léxico. Así xa Potebniá mencionaba que o verbo *ходить* ‘ir, andar’ na lingua antiga rusa ía perdendo pouco a pouco o contido “real de fala” e empezaba a desempeñar nas combinacións do tipo

<i>ходить рогѣ</i>	<i>ir ó xuramento</i>	‘xurar’
<i>ходить у сторож</i>	<i>ir á garda</i>	‘facer garda, vixiar’
<i>ходить въ лѡвы</i>	<i>ir á “captura”</i>	‘cazar’

as funcións próximas ás do verbo auxiliar. O emprego dialectal deste verbo confirma a exactitude de tal observación:

<i>на побѣг уйтѣ</i>	<i>ir á fuxida</i>	‘fuxir’
<i>войтѣ в перья</i>	<i>entrar nas plumas</i>	‘emplumar’
<i>войтѣ в ум</i>	<i>entrar na mente</i>	‘facerse máis intelixente’
<i>в слух не идтѣ</i>	<i>non ir á escoita</i>	‘non escoitar (obedecer) a alguén’
<i>входить в жизнь</i>	<i>entrar na vida</i>	‘revivir, renacer’.

Non se pode, sen embargo, deixar de notar que en moitos fraseoloxismos rusos o verbo *ходить* ‘ir, andar’ é compoñente “equitativo”, e o seu significado léxico contribúe á fraseoloxización:

<i>ходить на задних лапках</i>	<i>andar nas patas traseiras</i>	‘comportarse dunha maneira servil (ante alguén)’
<i>ходить на голове</i>	<i>andar, camiñar apoiándose na cabeza</i>	‘facer trasnadas (os nenos)’
<i>ходить по струнке</i>	<i>andar pola cordiña (dun instrumento musical)</i>	‘obedecer plenamente (a alguén), sen discutir nin protestar’
<i>ходить по ниточке</i>	<i>andar polo fiño</i>	‘mostrarse moi submisos’.

Tal limitación refírese tamén en certa medida a outros verbos que participan na formación de fraseoloxismos que se realiza mediante a “descomposición” da palabra (*держать* ‘ter suxeitado’, *брать* ‘coller’ e outros).

En fin, durante a revelación de casos de “descomposición” da palabra cara á unidade fraseolóxica cómpre ter en conta tamén as dificultades históricas concretas de definición exacta da primitividade da palabra, en comparación co xiro parafrástico. A isto xustamente prestaba atención Xanskii, dando os exemplos dos pares

<i>решать</i> →	‘decidir’ →	
<i>принять решение</i>	<i>tomar unha decisión</i>	‘decidir’

<i>наладить</i> →	‘amañar’ →	
<i>пойти на лад</i>	<i>dirixirse ó amaño</i>	‘empezar a amañarse’:

“non está claro se o fraseoloxismo é unha “descomposición” descriptiva da palabra ou se, polo contrario, a palabra é o resultado da “condensación” do fraseoloxismo ata unha unidade léxica” (Иванский, 1985: 128). Aínda que, para el, en tales casos o habitual é precisamente a “descomposición” da palabra, sen embargo, a parella

<i>решать</i> →	‘decidir’ →	
<i>принять решение</i>	<i>tomar unha decisión</i>	‘decidir’

é unha excepción, xa que o verbo é un préstamo da lingua eslava antiga, e o xiro

<i>принять решение</i>	<i>tomar unha decisión</i>	‘decidir’
------------------------	----------------------------	-----------

é un calco fraseolóxico do francés. A posibilidade de calco das construcións analíticas para a lingua literaria rusa é bastante grande, o que esixe de nós unha prudencia especial cando as correlacionamos coas palabras.

As limitacións enumeradas cómpre telas en conta, pero de maneira ningunha refutan o mesmo feito da formación do fraseoloxismo, que se fai mediante a “descomposición” da palabra. Segundo este xeito, como vimos, formáronse a maioría das combinacións da serie *percutiente*:

<i>бить</i> →	‘golpear, pegar’ →	
<i>дать биту (бойну)</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’

<i>валить</i> →	‘facen caer (posiblemente, pegando)’ →	
-----------------	--	--

<i>дать вálку (вáлю, пе-</i>	<i>dar unha serie de gol-</i>	‘pegar varias veces se-
------------------------------	-------------------------------	-------------------------

<i>рева́лку)</i>	<i>pes facendo caer a un</i>	<i>guidas facendo caer a un'</i>
<i>гнать</i> →	‘expulsar de algún sitio (posiblemente, golpeando’ →	
<i>дать вы́гоны (го́ну, нагоня́й, наго́нуша, погóнку, разгóнку, сугóна, сугóнку)</i>	<i>dar unha serie de golpes expulsantes</i>	‘golpeando, expulsar dalgún sitio’
<i>драть</i> →	‘xostrear’ →	
<i>дать вздёрку (выде́р, выде́рку, де́рку, де́ру, до́рку, дра́нины, дра́нки, дра́нь, переде́ру)</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’.

Esta actividade é característica tamén dos fraseoloxismos do modelo “*дать* ‘dar’ + substantivo”, que teñen outros significados. Tales combinacións están moi estendidas tanto na lingua literaria, como tamén, especialmente, na fala dialectal.

Na fala viva atópanse máis a miúdo os fraseoloxismos formados mediante a “descomposición” do verbo; así son, por exemplo, as expresións co significado ‘fuxir, correr’:

<i>дать бежкá (побег, деру, деркá, ди- ракá, дра́лá, лыткá, стрекачá, тягу, тика́лá)</i>	<i>dar unha carreira.</i>
--	---------------------------

Comp. semellantes fraseoloxismos con outros significados:

<i>верткá дать</i>	<i>da-la volta</i>	‘torcer’
<i>дрыг дава́ть</i>	<i>da-lo tremor</i>	‘tremor’
<i>дать ма́ху (машкá, про́маха)</i>	<i>falla-lo tiro</i>	‘equivocarse’
<i>дать стрел (вы́стрел)</i>	<i>da-lo disparo</i>	‘disparar’.

Ó mesmo tempo, nas falas e na lingua literaria hai moitos fraseoloxismos co verbo *дать* ‘dar’, en que a “procedencia verbal” do compoñente nominativo é moi convencional:

<i>дать вину́</i>	<i>da-la culpa</i>	‘acusar’
<i>дать вспы́шку</i>	<i>dar un flash</i>	‘facer algo inesperadamente’

(comp. *вспыхнуть* ‘inflamarse, encenderse’ e tamén ‘facer algo inesperadamente’)

<i>дать помощь (подмо- гу)</i>	<i>da-la axuda</i>	‘axudar’
<i>помощь дать</i>	<i>da-la axuda</i>	‘axudar’
<i>дать зарок</i>	<i>dar xuramento de non volver facer unha cousa</i>	‘xurar non volver facer unha cousa’
<i>дать клятву</i>	<i>dar xuramento</i>	‘xurar’
<i>дать присягу</i>	<i>dar un xuramento ofi- cial (militar, estatal, xudicial)</i>	‘xurar oficialmente (no ámbito militar, esta- tal, xudicial)’
<i>дать совет</i>	<i>dar un consello</i>	‘aconsellar’.

En tales casos pódese atopar un verbo que ten a mesma base³¹⁶ que o compoñente nomi-
nativo da combinación, pero non se pode afirma-la primitividade deste verbo.

Unha convencionalidade aínda máis grande da correlación entre o verbo e o compoñente
nominativo é característica dos fraseoloxismos para os cales é moi difícil atopa-lo com-
poñente verbal que coincidiría coa súa base:

<i>дать голос (гул)</i>	<i>da-la voz (o murmu- rio)</i>	‘chamar (cunha pala- bra, cun grito); res- ponder (cunha pala- bra, cun grito)’
<i>дать голк</i>	<i>da-lo murmurio</i>	‘producir un son’
<i>слух подать</i>	<i>da-lo oído</i>	‘producir un ladrido’
<i>дать здравствуй (здрáсте, здрав- ствуйте, здорóво)</i>	<i>da-los “Bos días”</i>	‘saudar’
<i>до свиданья давать</i>	<i>da-lo “Deica logo”</i>	‘despedirse’
<i>давать спасибо</i>	<i>da-las “Gracias”</i>	‘agradecer’.

En fin, pódense mencionar moitos xiros en que o verbo *дать* ‘dar’ se combina cos subs-
tantivos (a nominatividade destes se expresa vivamente):

literario

<i>дать крюкá</i>	<i>dar un gancho</i>	‘dar un rodeo’
-------------------	----------------------	----------------

e os seus sinónimos dialectais

³¹⁶ Véxase a nota 58.

<i>дать круг (кулігу, обóлицу, хóбота)</i>	<i>dar un círculo (unha curva, as aforas, unha trompa)</i>	‘dar un rodeo’
<i>дать споко́й</i>	<i>da-la tranquilidad</i>	‘deixar en paz’
<i>зуба́ дать</i>	<i>da-lo dente</i>	‘burlarse’
<i>дать тўрмана</i>	<i>dar unha volta de cabeza abaixo</i>	‘caer de maneira que a cabeza está dirixida cara a abaixo’.

Son característicos respecto a esto os casos de “proba” nas falas do léxico de procedencia literaria:

<i>депéш дать</i>	<i>da-lo despacho</i>	‘enviar un telegrama’
<i>кино́ дава́ть</i>	<i>da-lo cine</i>	‘proxectar unha película’
<i>штра́фу дать</i>	<i>poñer unha multa</i>	‘multar’.

A diversidade de tipos de unidades fraseolóxicas amosa unha vez máis dunha maneira convincente que non todos estes xiros, nin moito menos, poden ser interpretados como unha unidade formada mediante a “descomposición” do verbo. Estas últimas son ante todo as unidades, que teñen paralelismo evidente co verbo:

<i>порóть →</i>	‘xostrear’ →	
<i>да́ть по́рки</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>бежа́ть →</i>	‘fuxir, correr’ →	
<i>дать бежкá</i>	<i>dar unha carreira</i>	‘fuxir, correr’.

Pero para moitos xiros pódese só facer consta-la formación segundo o modelo “*дать* ‘dar’ + substantivo”. Non obstante, o “prototipo” deste modelo pódese considerar, segundo parece, precisamente a paráfrase do verbo.

O grao de “baleiro” da semántica do verbo *дать* ‘dar’, desta maneira, depende do compoñente nominativo con que combine. ¿E como é, entón, a semántica xeral do verbo *дать* ‘dar’ en tales xiros? A resposta a esta pregunta habitualmente non presenta dúbidas: para o emprego fraseolóxico deste verbo sévelle de base o significado causativo. No fenómeno da “descomposición” do verbo esta causatividade, segundo parece, adquire carácter non léxico, senón case gramatical. Nunha fase posterior prodúcese o enriquecemento léxico-semántico progresivo de tales verbos nas combinacións analíticas, que leva á separación dos fraseoloxismos formados mediante “descomposición”.

3.2.4. Dende o contexto menor ó maior

A explicitación é a contrariedade dialéctica da implicitación. Do lado **cualitativo**, é dicir, dende o punto de vista dos modos de realización da explicitación, a analoxía coa implicitación non era sempre proporcional nin moito menos. A razón desta desproporción consiste ante todo na diferenza de direccións destes procesos: a implicitación reforza o carácter de signo que posúe a unidade lingüística, a explicitación reforza a súa expresividade. Mentres que do lado **cuantitativo**, é dicir, respecto á lonxitude dos segmentos de texto, a analoxía “de espello”, é dicir, completa, entre estes dous procesos é máis completa. Tódalas especies de texto, dende a palabra ata a fábula, sométense ó desenvolvemento.

3.2.4.1. Palabra → unidade fraseolóxica

A conversión da palabra en combinación concreta a súa semántica de maneiras distintas. Máis frecuentemente esta concreción encamiñase pola eliminación da polisemia. Non se pode, sen embargo, entender este proceso dunha maneira simplificada, como unha fixación mecánica dun dos significados do lexema. Os significados dos compoñentes do fraseoloxismo enlázanse entre si, cóbrense de matices especificamente fraseolóxicos. Precisamente (en maior ou menor medida) tal concreción da semántica é característica dos lemas que se “desenvolven” ata a combinación. Por exemplo, para os xiros do tipo

<i>елбвая голова́</i>	<i>cabeza de abeto</i>	‘persoa parva, torpe’
-----------------------	------------------------	-----------------------

a concreción do compoñente *голова́* ‘cabeza’ é o significado ‘persoa parva, torpe’ que se forma mediante a “absorción” nel das características semánticas dos distintos atributos “alongados”.³¹⁷ Tal concreción fraseolóxica é necesaria para as condicións de presenza de moitos planos semánticos na palabra *голова́* ‘cabeza’.

Algo semellante temos tamén nos fraseoloxismos

<i>видимое дело́</i>	<i>asunto evidente</i>	‘é evidente’
<i>гиблое дело́</i>	<i>asunto desastroso</i>	‘é perigoso’
<i>дело деся́тое</i>	<i>décimo asunto</i>	‘non é tan importante’
<i>известное дело́</i>	<i>asunto coñecido</i>	‘dende logo’
<i>дело - табак (дрянь, швах, труба́)</i>	<i>o asunto é o tabaco (unha porquería, un-</i>	‘o asunto vai mal’,

³¹⁷ Nota do orixinal: É testemuña de que existe a posibilidade de non expresar explicitamente semellantes atributos, por exemplo, a frase

<i>Эх ты, голова́!</i>	<i>¡vamos, ti, cabeza!</i>	¡es parvo; acabas de facer unha parvada!
------------------------	----------------------------	--

*ha cousa mala, un ti-
ro de cheminea)*

onde só a concreción fraseolóxica mediante o “alongamento” fai máis estreita a inusualmente ampla semántica da palabra *дело* ‘asunto; ocupación; pleito; expediente; empresa, etc.’. Aquí incluso a polisemia é limítrofe co “baleiro” semántico desta palabra: esta convértese, en realidade, no equivalente léxico do afixo (comp. a posibilidade de formacións paralelas:

<i>гиблое дело</i> -	<i>asunto</i> desastroso -	‘é perigoso’
<i>гибельно</i>	‘(é) perigoso’	

<i>известное дело</i> -	<i>asunto</i> coñecido -	‘dende logo’
<i>известно</i>	‘dende logo’.	

Sen embargo, o “desenvolvemento” da palabra ata o fraseoloxismo non sempre está relacionado inmediatamente coa eliminación da polisemia. Se isto fose así, non podían servir de fontes de combinación as palabras non sobrecargadas semanticamente, pero iso contradí os feitos lingüísticos. As expresións

<i>дубина стоерóсовая</i>	<i>cachiporra que medra de pé</i>
<i>балда осино́вая</i>	<i>marra de choupo tremedor</i>
<i>пень дыр́явый</i>	<i>torada esburacada</i>

que nos dialectos serven para designar unha persoa estúpida son unha ilustración típica desta afirmación. As palabras *дубина* ‘cachiporra’, *балда* ‘marra’, *пень* ‘torada’ teñen cada unha dous significados, o directo e o figurado. Se no fenómeno do seu “alongamento” só a eliminación da polisemia fose importante, compría espera-lo reforzo precisamente do significado figurado, é dicir, a acentuación das propiedades “humanas”. E tal camiño de concreción é posible:

<i>чурка с гла́зами</i>	<i>cacho de madeira (ou de metal) con ollos</i>	‘persoa parva’.
-------------------------	---	-----------------

Pero nas combinacións do tipo

<i>балда осино́вая</i>	<i>marra de choupo tre- medor</i>	‘persoa parva, estúpi- da, torpe’
------------------------	---------------------------------------	--------------------------------------

os compoñentes adicionais concretizan precisamente o significado **directo**, aínda que o significado fraseolóxico xeral do xiro é figurado.

¿Caben tales fenómenos no concepto “concreción da semántica”? Parece que si. Pero trátase do aumento da expresividade da palabra mediante a acentuación do seu significado directo. No noso caso o emprego da metáfora “árbore - persoa” está automatizado hai moito tempo na lingua. A necesidade de refrescar esta metáfora provoca o

“alongamento” dos compoñentes co significado “de madeira”

<i>балда́ осино́вая</i>	<i>marra de choupo tre- medor</i>	‘persoa parva, torpe’
<i>пень берёзовый</i>	<i>torada de bidueiro</i>	‘persoa parva, torpe’,

o que concentra a atención na imaxe xa estereotipada. A actualización desta imaxe aumenta a expresividade das “palabras de apoio”. Créase unha nova expresión imáxica a partir do vello modelo.

Os exemplos de semellante concreción semántica son abondo numerosos. Precisamente este fenómeno explica a formación das combinacións

<i>ваго́н и ма́ленькая те- ле́жка</i>	<i>un vagón e unha tele- guiña³¹⁸ pequena</i>	‘moita cantidade’
← <i>ваго́н</i>	← ‘vagón’; ‘moita cantidade’	

<i>жук наво́зный</i>	<i>escaravello de esterco</i>	‘persoa pícara e astuta’
← <i>жук</i>	← ‘escaravello’; ‘persoa pícara e astuta’.	

Canto máis inhabitual é a reconstrución do significado directo, tanto máis viva é a forza expresiva, da que a medida é precisamente a relación entre o significado directo dos compoñentes e o significado figurado do xiro. No caso de

<i>тяну́ть ко́та за хвост</i>	<i>tíralle ó gato polo ra- bo</i>	‘tardar en facer algo intencionadamente’
-------------------------------	---------------------------------------	---

esta inhabitualidade conséguese polo reforzo da semántica concreta da “palabra de apoio” (a acción física para o verbo *тяну́ть* ‘tirar’), polos lexemas que subliñan vivamente esta concreción.

No proceso de “descomposición” da palabra a fonte principal da forza expresiva do fraseoloxismo formado é a mesma transición formal dende a unidade dun lexema á unidade de dous lexemas. Tal transición contribúe ó estreitamento da polisemia da palabra inicial, xa que a maioría das súas características semánticas van máis alá dos límites da paráfrase. Así, nas falas rusas o verbo *бить* ‘golpear, pegar; etc.’ ten 14 significados, pero para a formación das paráfrases

<i>дать бо́йну (би́ту, би- ть)</i>	<i>dar unha serie de gol- pes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
--	---------------------------------------	---

utilízase só un deles. Os casos de polisemia en semellantes exemplos son posibles, pero escasos. A miúdo en tales casos xorde a necesidade de aumenta-la forza expresiva da construción analítica cos medios semánticos. Normalmente isto faise mediante a fixa-

³¹⁸ Véxase a nota 312.

ción de falsas asociacións provocadas polo xiro nominativo procedente do verbo (véxase o capítulo 4).

Os exemplos de “descomposición” da palabra cara ó fraseoloxismo podíanse multiplicar considerablemente. Sen embargo, cando se busca a procedencia das combinacións estables, precisamente o “desenvolvemento” lineal subestímase frecuentemente, a fraseoloxización vese na reinterpretación de tódolos compoñentes da combinación, e non no desenvolvemento das posibilidades semánticas dun deles. Intentemos amosar isto utilizando un exemplo de interpretación etimolóxica tradicional da expresión

<i>лить колоко́л (пу́ш- ку, пу́ли)</i>	<i>fundi-las campás (o canón, as balas)</i>	‘mentir, estender ru- mores falsos’.
--	---	---

Xa Dal comunica que

<i>колоко́л лить</i>	<i>fundi-las campás</i>	‘mentir, estender ru- mores falsos’
----------------------	-------------------------	--

está relacionado cunha “superstición” de que “na fundición da campá, segundo a superstición, disolven algún conto inventado”. Esta versión máis tarde repítea Máximo (que a confirma, como é propio del, por un conxunto de detalles etnográficos), e popularízase Mighelsón. Vinográfov considera especialmente a procedencia destas combinacións, estendendo a hipótese tradicional ós xiros

<i>лить пу́шку (пу́ли)</i>	<i>fundi-lo canón (as ba- las)</i>	‘mentir, estender ru- mores falsos’
----------------------------	--	--

e aportando unha gran cantidade de citas literarias (Виноградов, 1948: 12-21).

Parece que é difícil dubidar da explicación que se apoia na crenza popular coñecida e no hábito que realmente existe de divulgar rumores incríveis mentres que se fonden as campás. Non obstante, imos ver se os feitos lingüísticos confirman esta versión etimolóxica. Nos dialectos coñécense as variantes tanto morfolóxicas, como léxicas das expresións dadas:

<i>сли́ть³¹⁹ пу́лю (ко́ло- кол, пу́льку)</i>	<i>fundi-la bala (a cam- pá, a baliña)</i>	‘mentir, estender ru- mores falsos’
<i>зали́ть пу́лю (пу́шку)</i>	<i>fundi-la bala (o ca- nón)</i>	‘mentir, estender ru- mores falsos’.

Comp. tamén:

(costa do mar Branco)	<i>врёт как пу́ли льёт</i>	<i>mente coma se fundise as ba- las’</i>	‘mente sen re- paro ningún’
--------------------------	--------------------------------	--	--------------------------------

³¹⁹ Nota do orixinal: Comp.

сли́тик

“cousiña fundida”

‘rumor inventado’.

bielorruso	<i>атліваць пулі</i>	<i>fundi-las balas</i>	‘mentir, estender rumores falsos’
ucraíno	<i>одлив пули</i>	<i>fundiu as balas</i>	‘mentiu, estendeu rumores falsos’.

Á parte dos fraseoloxismos

<i>лить пу́ли (лить колю-коля́, лить пу́шку)</i>	<i>fundi-las balas (fundi-las campás, fundi-lo canón)</i>	‘mentir, estender rumores falsos’
--	---	-----------------------------------

que efectivamente provocan asociacións “metalúrxicas”, na fala rusa son coñecidas tamén outras expresións co significado ‘mentir’, que conteñen o verbo *лить* noutro dos seus significados, ‘botar (líquidos)’ (ou os verbos *залива́ть* ‘botar dentro (un líquido); inundar; facer apagarse’, *отлива́ть* ‘botar unha parte (de líquido que contén un recipiente)’, *перелива́ть* ‘trasfegar (un líquido)’)³²⁰:

	<i>лить (перелива́ть) во́ду</i>	<i>botar (trasfegar) auga</i>	‘perde-lo tempo en van charlando’
	<i>гало́ши залива́ть</i>	<i>inunda-los chanclos</i>	‘mentir’
popular	<i>ара́па залива́ть</i>	<i>inunda-lo mou-ro /pícaro</i>	‘contar historias irrealis, mentir’
(rexión de Pskov)	<i>залива́ть анек-доты</i>	<i>inunda-los chistes</i>	‘contar historias ridículas e increíbles’
(rexión do Don)	<i>отлива́ть (отли́ть) пу́нтки (пу́льтки, пу́льтки)</i>	<i>botar chistes e historias increíbles</i>	‘dicir algo ridículo’
(rexión de Iaroslavl)	<i>брехню́ лить</i>	<i>bota-la mentira</i>	‘compoñer contos inventados sobre algo que nunca puido ser’
(rexión de Vo-	<i>залива́ть моз-</i>	<i>inunda-lo ce-</i>	‘sermonear

³²⁰ En galego tamén existe a idea de fluír, aplicada ás mentiras, en frases coma *bota-las andrómenas* ‘mentir’.

rónej)	<i>гй</i>	<i>rebro</i>	dunha maneira fastidiosa'
(montes do Ural)	<i>отлѣть фафѹ-ру</i> ³²¹	<i>botar unha historia inventada e increíble</i>	'compoñer unha mentira'
(rexión de Vólogda)	<i>заливѣй неуга-сѣму-то!</i>	<i>¡anda, fai que se apague a inapagable!</i>	'o que dis é mentira, a verdade sábese'
(terras de Siberia)	<i>заливѣть в три ручѣя</i> <i>в гóру лить</i>	<i>inundar tres arroyos</i> <i>botar subindo a costa</i>	'mentir' 'mentir moito'.

¿Pódense relacionar tamén estas combinacións cos hábitos dos fundidores? A súa lóxica interna suxire, naturalmente, unha resposta negativa. A analoxía premeditada co líquido testemuña a relación delas co verbo *лить* nos significados 'mentir; falar por falar (por non estar calados)'. É significativo que tales usos dos derivados do verbo *лить* 'botar (líquidos)' xa estean fixados por Dal:

<i>как про́лито</i>	<i>coma se fose derramado</i>	'a noticia divulgouse'
<i>перелѣвки</i>	"trasfegados"	'chistes';
comp. dialectal		
<i>заливѣха</i>	"inundación"	"mentireiro".

Nas falas coñécese o uso do verbo *лить* 'botar (líquidos); mentir; falar por falar (por non estar calados)' tamén sen prefixo:

<i>Говорѣл, говорѣл, дак уш лѣѣт, как лѣпоф лист кладѣт</i>	"Falaba, falaba, e xa <u>bota (= mente)</u> coma se puxese a folla de tileiro" ³²²
---	---

É característica tamén a comparación

<i>говорѣт, как рекѣ лѣѣтся</i>	'fala, coma se fluíse o río'.
---------------------------------	-------------------------------

A evolución do significado inicial do verbo *лить* 'botar (líquidos)' ata o significado 'mentir, enganar' é xustificada dende o punto de vista da lóxica e confírmase por moitos feitos lingüísticos. Son ben coñecidos usos del coma

<i>брань полилѣсь потó-ком</i>	'os xuramentos <u>empezaron a fluír</u> coma unha corrente (= alguén empezou a dicir xuramentos)'
--------------------------------	---

³²¹ A palabra *фафѹра* é onomatopeica. Comp. *фүфү* 'engano, timo'.

³²² Comp. o significado figurado 'falsificación' da palabra *лѣпа*, que significa directamente 'tileiro'.

изли́ть хулу́ на кого́-
нибу́дь

‘botar fóra a inxuria sobre alguén (= rifarlle a alguén)’

речь ли́лась пла́вно и
гла́дко

‘a súa fala manaba harmoniosa e fluidamente (= alguén falaba harmoniosa e fluidamente)’

изли́вать го́ре (пе-
ча́ль, доса́ду)

‘botar fóra (= confesar) a pena (a tristeza, o despeito)’

ou formacións procedentes dun verbo, do tipo излия́ния ‘efusións’, coloquial поли́ва ‘charlatanería’. A analoxía da corrente de fala co líquido que flúe é tan estendida que non hai necesidade de aportar moitos exemplos:

его́ речь текла́ стру́-
и́лась, журча́ла

‘a súa fala fluía, chorreaba, murmuraba (= alguén falaba harmoniosa e fluidamente)’

он проце́дил сквозь
зубы́

‘escorreuse por entre os dentes (= dixo algo pronunciándoo sen abrir suficientemente a boca (e habitualmente sen ganas de facelo); rosmou)’

слова́ брызну́ли из
него́ фонта́ном

‘as palabras saíron del chapurreando coma unha fonte (= empezou a falar sen parar e emocionadamente)’

он захлё́бывался сло-
ва́ми

‘el atrapallábase coas palabras (= tiña moita preša por falar e comía palabras)’.

Precisamente esta analoxía reflectiuse no fraseoloxismo

перели́вать из пу́стого
в по́рожнее

trasfegar do baleiro ó
desocupado

‘falar por falar (por non estar calados)’

que simboliza os discursos inútiles. Comp.:

búlgaro

нали́вам (прели́вам)
от пу́сто в пра́зно

botar (trasfegar) do
baleiro ó desocupado

‘falar por falar (por non estar calados)’

polaco

przelewać z pustego w
próźne

trasfegar do baleiro ó
desocupado

‘falar por falar (por non estar calados)’

checo

z pustého v prázdne
přelívati

trasfegar do baleiro ó
desocupado

‘falar por falar (por non estar calados)’

do unávení vodu přelí-
vati

ata o cansancio tras-
fega-la auga

‘falar por falar (por non estar calados)’.

Os paralelos eslavos amplían tamén a serie de fraseoloxismos co verbo *лить*, que sen dúbida están formados a partir do seu significado ‘facer fluír, manar; inundar’. Na fala viva ucráina están fixados os xiros:

popular	<i>залива́ти гуса́- ра</i>	<i>inunda-lo hú- sar</i>	‘contar algo con arte e enxeño, mes- turando o real co inventado’
(rexión de Ka- menéts-Po- dolskii)	<i>мурý залива́ти</i>	<i>inunda-la ba- gatela</i>	‘estar de parola para distrae-la atención’
(terras de Bu- kovina)	<i>пуска́ти во́ду аж з трьох лоток</i>	<i>facen fluí-la auga ata den- de tres quen- llas</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’.

Na lingua polaca á par do verbo *zalewać* ‘facer fluír, inundar; inventar, mentir’ atopámo-la combinación

<i>zalewać głodnych ka- wańków</i>	<i>inunda-los famentos</i>	<i>cachiños</i>	‘inventar, mentir xac- tanciosamente’
<i>zalewać kolejkę</i>	<i>inunda-lo ferrocarril</i>		‘mentir’
<i>zalać na beton (na żełbeton)</i>	<i>face-lo fluír coma o formigón (o cemento armado)</i>		‘enganar’.

Comp. tamén o emprego do verbo *nalewać* ‘botar dentro (un líquido)’ en contextos do tipo do polaco antigo

<i>nieprawdy nalewali</i>	<i>botaban dentro a men- tira</i>	‘mentían’.
---------------------------	---------------------------------------	------------

Na lingua checa á par do verbo *nalejvat* ‘botar un líquido’; ‘enganar’ son coñecidas as expresións

<i>nalívat živých patok</i>	<i>bota-las cervexas men- tireiras</i>	‘enganar a alguén’
<i>lže, až se mu po patách leje</i>	<i>mente ata que lle flúe polos talóns</i>	‘el é un gran mentirei- ro’.

Comp.: checo

<i>nalévat někomu čisté- ho vína</i>	<i>bota-lo viño puro a alguén</i>	‘dici-la verdade’.
--	---------------------------------------	--------------------

Poderíanse indicar analoxías semellantes tamén nas linguas non-eslavas. Así, o letón *īdeni liet* equivale tanto no seu significado literal como no seu significado fraseolóxico ó ruso

<i>лечь вóду</i>	<i>bota-la auga</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’.
------------------	---------------------	--

O material achegado amosa que nunha ampla área eslava o verbo *лечь* desenvolve unha asociación estable con ‘mentira’ non a partir do significado ‘facer algo a partir dunha substancia fundida’, senón a partir do primeiro indicio semántico ‘facer fluír, manar’.

Desta maneira, o desenvolvemento dos fraseoloxismos do tipo

<i>лечь вóду</i>	<i>bota-la auga</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’
<i>галёши заливать</i>	<i>inunda-los chanclos</i>	‘mentir’
<i>zalewać głodnych kawaków</i>	<i>inundar ós cachiños famentos</i>	‘inventar, mentir xactanciosamente’

pódese considerar como o “alongamento” do verbo *лечь* no seu significado ‘mentir, enganar’. Os compoñentes *вода* ‘auga’, *галёши* ‘chanclos’, *kawaki* ‘cachiños’, *ze beton* ‘cimento armado’, *beton* ‘formigón’, sendo así a interpretación, contribúen a aquela conxunción semántica que é necesaria para o aumento da expresividade do verbo *лечь* no seu uso figurado.

A análise do material achegado esixe recoñece-la distinta procedencia das series fraseolóxicas: os fraseoloxismos

<i>лечь колоко́ла (лечь пу́ли, лечь пу́шку)</i>	<i>fundi-las campás (fundi-las balas, fundi-lo canón)</i>	‘mentir, estender rumores falsos’
---	---	-----------------------------------

están relacionados co verbo *лечь* ‘facer algo a partir de metal fundido’, mentres que as expresións

<i>лечь вóду</i>	<i>bota-la auga</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’
<i>переливать из пустого в порожнее</i>	<i>trasfegar do baleiro ó desocupado</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’
<i>галёши заливать</i>	<i>inunda-los chanclos</i>	‘mentir’

e semellantes están relacionadas co verbo *лечь* ‘facer fluír, manar’. Recoñece-lo desenvolvemento independente destas series significa recoñece-la súa homonimidade. En contra de tal constatación, sen embargo, testemuña a estabilidade do significado ‘mentir, falar por falar (por non estar calados)’ para todo o grupo destes fraseoloxismos. A relación inicial dos xiros do tipo

<i>лечь колокола́</i>	<i>fundi-las campás</i>	‘mentir, estender rumores falsos’
-----------------------	-------------------------	-----------------------------------

co oficio da fundición, se temos en conta os amplos paralelos eslavos “*лечь* ‘facer fluír, manar’= mentir”, parece ser sospeitosa.

Volvamos de novo á hipótese que detalladamente describiu Vinográfov. En realidade, a relación co hábito antigo de divulga-los contos, as murmuracións durante a fundición é lóxica en certa medida só para a expresión

<i>лечь колокола́</i>	<i>fundi-las campás</i>	‘mentir, estender rumores falsos’
-----------------------	-------------------------	-----------------------------------

(non é casual que tanto Dal, como Máxímov e como tamén Mighelsón acheguen a lenda sobre a fundición das campás só respecto desta combinación), mentres que Vinográfov a estendeu tamén ós fraseoloxismos

<i>лечь пу́шку (лечь пу́-ли)</i>	<i>fundi-lo canón (fundi-las balas)</i>	‘mentir, estender rumores falsos’.
----------------------------------	---	------------------------------------

A unidade fraseolóxica

<i>лечь пу́шку</i>	<i>fundi-lo canón</i>	‘mentir, estender rumores falsos’,
--------------------	-----------------------	------------------------------------

segundo a opinión de Vinográfov, transformouse máis tarde no argotismo

<i>брать на пу́шку</i>	<i>coller (a alguén) ó canón’</i>	‘intentar conseguir que alguén faga algo, enganándoo e asustándoo’.
------------------------	-----------------------------------	---

E polo que se refire á combinación

<i>лечь пу́ли</i>	<i>fundi-las balas</i>	‘mentir, estender rumores falsos’,
-------------------	------------------------	------------------------------------

a apelación ó hábito dos fundidores parece ser moi dubidosa. Efectivamente, divulgar rumores e contar contos inventados durante a fundición de balas miúdas apenas é relevante: xa que a bala non é un divulgador de noticias tan “sonoro” como a campá. Se a interpretación “fundible” (é dicir, relacionada coa fundición) da procedencia do fraseoloxismo

<i>лечь пу́ли</i>	<i>fundi-las balas</i>	‘mentir, estender rumores falsos’
-------------------	------------------------	-----------------------------------

non resiste a crítica, entón o que queda é recoñece-la posibilidade do “alongamento” do verbo *лечь* ‘mentir’ polo compoñente *пу́ля* ‘bala’. Neste caso a “conmutación” da semántica deste verbo xustificárase pola necesidade do aumento da forza expresiva, de que xa se trataba.

E no que se refire á etimoloxía tradicional do fraseoloxismo

<i>лечь колоко́ла</i>	<i>fundi-las campás</i>	‘mentir, estender rumores falsos’,
-----------------------	-------------------------	------------------------------------

a constatación do “alongamento” do verbo *лечь*, efectivamente, impide a existencia da crenza popular (divulgar rumores falsos durante a fundición das campás). Non obstante, no fondo dos paralelos eslavos aportados tamén pode ser explicada precisamente pola influencia fraseolóxica. Coñécese, por exemplo, que as reinterpretacións etimolóxicas populares frecuentemente dan á luz moitas lendas, crenzas populares e hábitos. Non é casual que os lingüistas chamen a tales lendas “a enfermidade da lingua”, destacando con isto o papel das asociacións puramente lingüísticas na formación das nocións supersticiosas.³²³ ¿Non xurdiu tamén o hábito supersticioso ruso dos fundidores precisamente como unha igualmente “enfermiza” reinterpretación do xiro humorístico

<i>лечь колоко́ла</i>	<i>fundi-las campás</i>	‘mentir, estender rumores falsos’,
-----------------------	-------------------------	------------------------------------

ó que serve de base o verbo *лечь* no seu significado ‘facer fluír, manar’, e que xa hai tempo chegou a se-lo sinónimo de vanilocuencias?

A actividade de formación de fraseoloxismos mediante o “alongamento” dos compoñentes coa actualización expresiva da palabra inicial podíase amosar tamén no exemplo doutros grupos semántico-estruturais de fraseoloxismos. Un deles consiste nas comparacións estables formadas mediante a acentuación do significado directo da base de comparación, sendo figurado o significado de toda a combinación. O significado directo acentúase polos compoñentes que forman a parte comparativa do xiro, o que crea unha presenza especial de dous planos e, polo tanto, a expresividade do fraseoloxismo:

ruso

<i>обдирать как липку</i>	<i>escascar coma a un tileiriño</i>	‘quitarlle todo (a unha persoa)’
<i>но́сится как ку́рица с яйцо́м</i>	<i>corre (con iso) coma unha galiña co ovo</i>	‘acaricia de máis unha idea ou unha cousa e préstalle moita atención desmerecida’
<i>трещит как ста́рая теле́га</i>	<i>renxe coma unha tele- ga³²⁴ vella</i>	‘da persoa que fala moito, gruñindo’
<i>гни скáзку гото́вую что ду́гу черемхо́- вую</i>	<i>encurva o conto pre- parado coma un arco de cerdeira</i>	‘mente, conta fábulas e historias incríveis’

³²³ **Nota do orixinal:** Véxase: Вандриес Ж. Язык Лингвистическое введение в историю. [Vendryes J. *Le language introduction linguistique*, traducido ó ruso]. М., 1937. Пáx.173.

³²⁴ Véxase a nota 312.

<i>бьёт языком что шер- стобйт струной жильной</i>	<i>golpea coa lingua co- ma o arqueador de la coa corda de veas</i>	‘charla dunha maneira rápida e intelixente’
--	---	--

checo

<i>tupý jako motyka (jako sekerá, jako pantok)</i>	<i>parvo coma unha aixada (coma unha machada, coma un machado)</i>	‘moi estúpido’
--	--	----------------

<i>nalítany jako cepelín</i>	<i>ter voadó moito coma un dirixible</i>	‘moi borracho’
------------------------------	--	----------------

<i>natažený jako prut</i>	<i>tirante coma un bacelo</i>	‘moi borracho’.
---------------------------	-------------------------------	-----------------

Tal “desenvolvemento” das comparacións estables condiciona tamén a súa evolución ulterior polo camiño da explicitación.

3.2.4.2. Unidade menor → unidade maior

Esta especie de explicitación é unha nova etapa do “desenvolvemento” do contexto. Durante a explicitación da palabra cara ó fraseoloxismo limitábase esencialmente a estrutura semántica da unidade inicial, e aumentábase considerablemente a súa expresividade. Durante a explicitación do fraseoloxismo, o seu significado, ordinariamente, permanece igual, e os compoñentes adicionais só reforzan a expresividade da combinación.

Isto xa o amosan as comparacións, nas que a concreción da súa parte comparativa é o que aumenta a forza expresiva:

<i>смóтрит как барáн →</i>	<i>mira coma un carnei- ro →</i>	‘mira dunha maneira estúpida, torpe’ ³²⁵ →
----------------------------	--------------------------------------	--

<i>смóтрит как барáн на нóвые ворóта (на гумнó)</i>	<i>mira coma un carneiro a porta nova (a eira)</i>	‘mira moi sorprendido, sen comprender e dunha maneira torpe e estúpida’
---	--	--

<i>ли́пнет как смо́ла →</i>	<i>pégase coma o alca- trán →</i>	‘pégase dunha maneira moi inoportuna’ →
-----------------------------	---------------------------------------	--

<i>ли́пнет как смо́ла от ке́дра</i>	<i>pégase coma o alca- trán de cedro</i>	‘pégase dunha maneira moi inoportuna’.
---	--	---

³²⁵ Comp. en galego *mira coma un carneiro mal morto*, co mesmo significado.

Os compoñentes adicionais en tales casos fan a imaxe do fraseoloxismo máis concreta, descriptiva (por dicilo máis exactamente, pintoresca). Este feito subestímase frecuentemente no plano diacrónico, cando (nos marcos da concepción de Potebniá) se fai constata-la primitividade da comparación estable máis estendida, a pesar dos feitos lingüísticos. Así, V.M.Ógoltsev sen argumentación ningunha afirma que as comparacións

<i>как на угольях</i>	<i>como en ascuas</i>	‘padecer gran ansiedade ou impaciencia’
<i>как птица</i>	<i>coma un paxaro</i>	‘totalmente libre, sen preocupacións’
<i>как машина</i>	<i>coma un coche</i>	‘sen parar, automaticamente’
<i>как день</i>	<i>coma o día</i>	‘moi claro, evidente’
<i>как в лесу</i>	<i>coma no bosque</i>	‘sen entender, sen dominar nada algunha cousa’

son resultados da elipse das unidades máis estendidas

<i>как на горячих углах</i>	<i>como en ascuas <u>quentes</u></i>	‘padecer gran ansiedade ou impaciencia’
<i>как птица небесная</i>	<i>coma un paxaro <u>celeste</u></i>	‘totalmente libre, sen preocupacións’
<i>как заведённая машина</i>	<i>coma un coche <u>co motor en marcha</u></i>	‘sen parar, automaticamente’
<i>как божий день</i>	<i>coma o día <u>divino</u></i>	‘moi claro, evidente’
<i>как в тёмном лесу</i>	<i>coma no bosque <u>escuro</u></i>	‘sen entender, sen dominar nada algunha cousa’.

Máis detalladamente describe a “omisión” do compoñente *кошка* ‘gata’ durante a formación da comparación

<i>как угорелый</i>	<i>coma un atufado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
---------------------	------------------------	--

(Огольцев, 1971: 73). Sen embargo, os feitos lingüísticos amosan a ilexitimidade de tal interpretación. Por exemplo, a comparación

<i>как угорелый</i>	<i>coma un atufado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
---------------------	------------------------	--

está fixada na súa forma “incompleta” dende non hai menos tempo que a combinación

<i>как угорéлая ко́шка</i>	<i>coma unha gata atufada</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
----------------------------	-------------------------------	--

Aparte diso, o fraseoloxismo

<i>как угорéлый</i>	<i>coma un atufado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
---------------------	------------------------	--

é unha formación regular realizada segundo o modelo amplamente coñecido nas linguas eslavas:

ruso

<i>как шально́й</i>	<i>coma un tolo</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
---------------------	---------------------	--

<i>как чумно́й</i>	<i>coma un apestado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
--------------------	-------------------------	--

<i>как бе́шенный</i>	<i>coma un rabioso</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
----------------------	------------------------	--

<i>как ошпа́ренный</i>	<i>coma un escaldado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
------------------------	--------------------------	--

bielorruso

<i>як падсма́леный</i>	<i>coma un chamuscado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
------------------------	---------------------------	--

ucraíno

<i>як скаже́ний</i>	<i>coma un rabioso</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
---------------------	------------------------	--

checo

<i>jako strílený</i>	<i>coma un ferido a tiros</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
----------------------	-------------------------------	--

<i>jako splašený</i>	<i>coma un asustado</i>	‘moi rapidamente (nor-
----------------------	-------------------------	------------------------

malmente aplicado a
“correr, fuxir”).

É significativo que nas linguas eslavas as expresións en que o significado de ‘correr rapidamente’ se relaciona con “queimadura” normalmente refírense a unha persoa:

ucraíno

<i>як опарений</i>	<i>coma un escaldado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
<i>як ошпарений</i>	<i>coma un escaldado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
<i>як очманілий</i>	<i>como un atufado</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’

checo

<i>utíká, jako by mu pod nohama hořelo</i>	<i>foxe coma se lle arde- se debaixo dos pés³²⁶</i>	‘foxe moi rapidamen- te’
<i>utíká, jako když mu panímandu zapálí,</i>	<i>foxe como cando lle prenderon lume no cu</i>	‘foxe moi rapidamen- te’
<i>utíká, jako by mu paty hořely</i>	<i>foxe como se lle arde- sen os calcañares</i>	‘foxe moi rapidamen- te’
<i>utíká, jako by mu šosy hořely (doutnaly)</i>	<i>foxe como se lle arde- sen (fumezásenlle) os faldróns</i>	‘foxe moi rapidamen- te’
<i>utíkal jako by pálil</i>	<i>fuxía coma se estivese queimado</i>	‘fuxía moi rapidamen- te’

En fin, o uso estable da palabra *угорёлый* ‘atufado’ precisamente no xénero masculino é un argumento adicional a favor da primitividade da unidade menos estendida. Segundo parece, a comparación

<i>как угорёлая кошка</i>	<i>coma unha gata atufada</i>	‘moi rapidamente (normalmente aplicado a “correr, fuxir”)’
---------------------------	-------------------------------	--

é a explicitación do xiro

<i>как угорёлый</i>	<i>coma un atufado</i>	‘moi rapidamente (nor-
---------------------	------------------------	------------------------

³²⁶ Comp. en galego *foxe coma se tivese lume nos pés; foxe a fume de carozo* ‘foxe moi rapidamente’.

malmente aplicado a
“correr, fuxir”)',

que aumenta a súa forza expresiva.

A ampliación do fraseoloxismo mediante a introducción de compoñentes adicionais é sinalada ordinariamente polos investigadores que estudian os modos de transformación das combinacións estables polos escritores. Este método de “renovación” de xiros é ben característico. A especificación do compoñente ou o seu “encaixe” é resultado da “sobretensión” semántica do fraseoloxismo, é tamén o medio de incrementa-la súa forza expresiva, o modo especial de actualización da súa forma interna. ¿Que transformacións semánticas sofre o fraseoloxismo durante tal actualización?

Os investigadores que consideran o “encaixe” como o método individual do autor inclínanse habitualmente por ver nel a “destrucción” do fraseoloxismo, a súa transformación semántica en principio.

Dende o noso punto de vista, o “encaixe” como unha especie de explicitación de fraseoloxismos é un medio de aumenta-la súa expresividade, conservando o significado fraseolóxico común. O reforzo da expresividade habitualmente pasa pola actualización do significado dun dos compoñentes. Esta actualización frecuentemente consiste na concreción máxima do compoñente, do cal xa se dissolveu o seu significado léxico propio na semántica fraseolóxica conxunta. Así, o xiro popular

<i>зали́ть глаза́ (шары́)</i>	<i>inunda-los ollos (os globos)</i>	‘emborracharse’
-------------------------------	-------------------------------------	-----------------

nunha poesía de S.A.Esenin adquire unha especial expresividade gracias á especificación do verbo *зали́ть* ‘inundar’ polo complemento:

<i>И я сам, опустясь головою, Заливаю глаза вином...</i>	‘E eu mesmo, baixando a miña cabeza, /Inundo os meus ollos co viño [...].’
--	--

Comp. exemplos analóxicos na fala viva, onde se sométen á concreción compoñentes distintos:

ruso

<i>концы́ в во́ду и пузы́- рья́ вверх (и пузы́ры в го́ру)</i>	<i>os cabos á auga e as burbullas arriba (e as burbullas subindo a costa)</i>	‘borrar tódalas pega- das; destruí-las pro- bas’
---	---	--

← <i>концы́ в во́ду</i>	← <i>os cabos á auga</i>	← ‘borrar tódalas pe- gadas; destruí-las probas’
-------------------------	--------------------------	--

<i>из пустóго в порóж- нее вóду переливáть</i>	<i>trasfega-la auga do baleiro ó desocupado</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’
← <i>переливáть из пу- стóго в порóжнее</i>	← <i>trasfegar do baleiro ó desocupado</i>	← ‘falar por falar (por non estar calados)’
<i>толкí вóду до мéлкой пы́ли</i>	<i>machaca a auga ata o po miúdo</i>	‘ocúpate de activida- des radicalmente inú- tiles’
← <i>толóчь вóду в сту- пе</i>	← <i>machaca-la auga nun morteiro</i>	← ‘pasa-lo tempo con actividades radical- mente inútiles’
<i>развѣшивать úши вá- режками</i>	<i>colga-las orellas en diversos lugares co- ma as manoplas</i>	‘escoitar con interese e credulidade’
← <i>развѣшивать úши</i>	← <i>colga-las orellas en diversos lugares</i>	← ‘escoitar con interese e credulidade’
<i>хоть стой дѣрево, хоть пáдай</i>	<i>se queres, queda de pé, árbore, se queres, cae</i>	‘dise cando un se ato- pa cunha cousa ex- tremadamente asom- brosa’
← <i>хоть стой, хоть пáдай</i>	← <i>se queres, queda de pé, se queres, cae</i>	← ‘dise cando un se atopa cunha cousa extremadamente asombrosa’
<i>в трубу́ вы́летел с ды́- мом</i>	<i>saiu voando polo tiro da cheminea xunto co fume</i>	‘arruinouse’
← <i>вы́лететь в трубу́</i>	← <i>saiu voando polo ti- ro da cheminea</i>	← ‘arruinouse’
bielorruso		
<i>даць перцу с імбер-</i>	<i>dar pementa con xen-</i>	‘castigar golpeando,

<i>цaм</i>	<i>xibre</i>	pegando varias veces seguidas e con forza'
← <i>дашь перцу</i>	← <i>dar pementa</i>	'castigar golpeando, pegando varias veces seguidas e con forza'
<i>бишь языком аб зубы</i>	<i>golpea-la lingua contra os dentes</i>	'estar de parola, falar por falar (por non estar calados)'
← <i>бишь языком</i>	← <i>golpear coa lingua</i>	← 'estar de parola, falar por falar (por non estar calados)'
ucraíno		
<i>кум королю, сват Терешенку</i>	<i>compadre do rei, consogro de Teréschenko</i> ³²⁷	'persoa que ten moita relación na alta sociedade (habitualmente sen pertencer a ela)'
(comp.: ruso <i>кум королю, сват миністру</i>)	<i>compadre do rei, consogro do ministro</i>	'persoa que ten moita relación na alta sociedade (habitualmente sen pertencer a ela)').

Un tipo orixinal de tal explicitación son os fraseoloxismos humorísticos, en que a concreción se consegue pola introducción de indicios que fan imposible o significado figurado:

<i>у него ума палата, да не покрыта</i>	<i>el ten un pazo de intelixencia, pero este non está cuberto</i>	'el é pobre'
← <i>ума палата</i>	← <i>(ten) un pazo de intelixencia</i>	← 'ten moita intelixencia e coñecementos'.

Esta clase é especialmente característica das comparacións estables en que as partes que se comparan contradín, gracias a tal concreción, unhas ás outras:

хозяїн что чирей: где захотёл, там и *o dono é coma un furuncho: onde*

³²⁷ M.I.Teréxenko (1886-1956) foi un gran latifundista ruso e ucraíno, capitalista, propietario dunha fábrica de azucre. Chegou a ter unha fortuna enorme e despois da Revolución de febreiro de 1917 foi ministro de Finanzas do goberno provisional, e a partir de maio de 1917 ministro de Asuntos Exteriores.

сел

quixo, alí sentou

хозяин что чирёй

*o dono é coma un fu-
runcho*

‘dise do carácter capri-
choso, esixente e in-
dependente do dono’

стыдлив как рак: на огнё краснеёт

*é vergonzoso coma un cangrexo: es-
tando no lume ponse vermello*

стыдлив как рак

*é vergonzoso coma un
cangrexo*

‘dise dunha persoa que
sente ou demostra o
sentimento de vergo-
ña só cando se ve
obrigada polas cir-
cunstancias’

*земля - тарёлка: что положишь, то и
возьмёшь*

*a terra é un prato: o que poñas, co-
llerás*

земля - тарёлка

a terra é un prato

‘a terra é fértil só can-
do aportas o teu tra-
ballo’.

Como tipo especial de explicitación dos fraseoloxismos pódese considera-la **contami-
nación**. O mesmo concepto da contaminación supón o “encaixe” dunha unidade lingüís-
tica con outra. E as condicións principais do “encaixe”, que se describiron arriba, é dicir,
a conservación da relativa estabilidade semántica e o aumento da expresividade, man-
téñense completamente no fenómeno da contaminación. Son característicos tres tipos de
contaminación dos fraseoloxismos:

1) ensamblaxe das partes de dous xiros que non coinciden pola súa composición léxica,
pero que teñen estrutura semántica e funcións semellantes

попасть на удочку

*chegar a encontrarse
enganchado pola ca-
na de pescar*

‘encontrarse engana-
do’

(comp.:

<i>поддаваться на <u>удочку</u></i>	<i>deixarse enganchar <u>pola cana de pescar</u></i>	‘deixar un que o enganen’, ³²⁸
<i><u>попасть</u> в галóшу</i>	<i><u>chegar a encontrarse</u> nun chanclo³²⁹</i>	‘encontrarse nunha situación ridícula, embarazosa, incómoda’);

2) ensamblaxe de combinacións que empezan por unha mesma palabra

<i>валóм <u>валить</u> с ног</i>	<i>coma unha vaga de mar <u>facer caer</u> das pernas</i>	‘facer caer con moita forza’
----------------------------------	---	------------------------------

(comp.:

<i><u>валить</u> валóм</i>	<i><u>caer</u> coma unha vaga de mar</i>	‘caer en moita cantidade (neve, etc.)’
----------------------------	--	--

e <i><u>валить</u> с ног</i>	<i><u>facer caer</u> das pernas</i>	‘facer caer’);
------------------------------	-------------------------------------	----------------

<i><u>поднять</u> высоко на щит</i>	<i><u>levantar</u> (a alguén) alto no escudo</i>	‘eloxiando moi intensivamente axudar a alguén a conseguir unha posición alta’
-------------------------------------	--	---

(comp.:

<i><u>поднять</u> высоко</i>	<i><u>levantar</u> (a alguén) alto</i>	‘axudar a alguén a conseguir unha posición alta’
------------------------------	--	--

<i><u>поднять</u> на щит</i>	<i><u>levantar</u> (a alguén) no escudo</i>	‘eloxiar’);
------------------------------	---	-------------

3) extensión dunha parte do fraseoloxismo, que consiste na substitución desta por un xiro independente

<i>свить осíное гнездо́</i>	<i>trenza-lo niño de nespras</i>	‘crear algunha unión de xente maliciosa’
-----------------------------	----------------------------------	--

(comp.:

<i>свить гнездо́</i>	<i>trenza-lo niño</i>	‘construí-lo seu fogar familiar’
----------------------	-----------------------	----------------------------------

<i>осíное гнездо́</i>	<i>niño de nespras</i>	‘algunha unión de xen-
-----------------------	------------------------	------------------------

³²⁸ Comp. en galego *acudir ó engado /ó cibo* ‘deixarse enganar’.

³²⁹ Comp. en galego *estar coma tres nun zapato*, co mesmo significado.

te maliciosa’);

<i>подсластить горькую пилюлю</i>	<i>endulza-la píldora amarga</i>	‘facen un pouco máis agradable unha cousa desagradable’
---------------------------------------	--------------------------------------	---

(comp.:

<i>подсластить пилюлю</i>	<i>endulza-la píldora</i>	‘facen un pouco máis agradable unha cousa desagradable’
---------------------------	---------------------------	---

<i>горькая пилюля</i>	<i>píldora amarga</i>	‘algo desagradable’).
-----------------------	-----------------------	-----------------------

O proceso de contaminación dos fraseoloxismos na fala viva prodúcese máis activamente que na lingua literaria. É característico que algunhas expresións contaminadas se fixen en zonas afastadas. Así, a combinación

<i>почём зря попало</i>	<i>acertou no sitio que viu</i>	‘(cos verbos de signi- ficado ‘golpear, pe- gar’) moi forte e por todo o corpo’
-------------------------	-------------------------------------	--

que, segundo parece, é unha fusión das

<i>почём зря</i>	<i>no sitio que viu</i>	‘moi forte; moito; con intensidade’
------------------	-------------------------	--

e

<i>почём попало</i>	<i>no sitio que acertou</i>	‘por todo o corpo’ ³³⁰ ,
---------------------	-----------------------------	-------------------------------------

está fixada nas falas das terras á beira da parte media do Ob e tamén nas da rexión de Irkutsk. Tal unidade pode fixarse tamén na fala literaria.

Tales exemplos son significativos, xa que se a contaminación (que é unha especie de explicitación dos fraseoloxismos moi individual e moi limitada en canto ás condicións da formación) pode ser fixada case como a normativizada, tanto máis importancia para a fraseoloxización deben de ter outras especies de “encaixe”. E efectivamente, moitas combinacións amplificadas están hai moito tempo “probadas” pola lingua.

<i>ни в зуб →</i>	<i>nin ó dente →</i>	‘non sabe nada, non ten coñecementos’ →
<i>ни в зуб ногой</i>	<i>nin ó dente co pé</i>	‘non sabe nada, non ten coñecementos’

³³⁰ Estes tres xiros úsanse habitualmente con verbos co significado ‘golpear, pegar’.

<i>ста́вить вопро́с →</i>	<i>coloca-la pregunta →</i>	‘presenta-la cuestión’ →
<i>ста́вить вопро́с реб- ро́м</i>	<i>colocar de canto a pregunta</i>	‘presentar enerxica- mente a cuestión’
<i>как соба́к →</i>	<i>(hai tantos) coma cans →</i>	‘(hai) moitos’ →
<i>как соба́к нерéзанных</i>	<i>(hai tantos) coma cans non degolados</i>	‘(hai) moitos’
<i>жизнь бьёт ключо́м →</i>	<i>a vida abrolla coma unha fonte →</i>	‘a vida de alguén transcorre dunha ma- neira moi activa e vertixinosa’ →
<i>жизнь бьёт ключо́м и всё по голо́вѣ</i>	<i>a vida abrolla /golpea coma unha fonte /coa chave, e sempre pola cabeza</i>	‘a vida de alguén transcorre dunha ma- neira moi activa e vertixinosa, presen- tándose nela algunhas cousas desagrada- bles, problemas di- fíciles de resolver, etc.’
<i>грош цена →</i>	<i>un grox³³¹ é o seu pre- zo →</i>	‘non vale case na- da’, ³³² →
<i>грош ценá в базáрный день</i>	<i>un grox é o seu prezo no día da feira</i>	‘non vale case nada’
<i>пройти́ огóнь и во́ду →</i>	<i>pasar a través do lume e da auga →</i>	‘ter moita experiencia da vida’ →

³³¹ Grox é unha antiga moeda rusa, equivalente a ½ copec (nun rublo hai 100 copecs).

³³² Comp. en galego *non valer un pataco* (*un can, unha cadela*) e máis antigos *non valer un chavo* (*dous cartos, dúas motas*) co mesmo significado. Todas estas notroua eran moedas de pouco valor, que actualmente están en desuso.

<i>пройти́ огóнь, вóду и мѣдны́е тру́бы</i>	<i>pasar a través do lu- me, auga e trompetas de cobre</i>	‘ter moita experiencia da vida’
---	--	------------------------------------

e outras.

É significativo que tamén durante a análise diacrónica de semellantes casos os fraseólogos contemporáneos adoitan aplica-la concepción de Potebniá mecanicamente, sen análise dos feitos lingüísticos concretos, e isto leva a conclusións incorrectas. Consideremos un exemplo moi típico, a interpretación diacrónica da expresión

<i>вѣшать нос</i>	<i>colga-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’.
-------------------	-----------------------	---

Algúns científicos considérano como elipse do xiro

<i>вѣшать нос на квѣнту</i>	<i>colga-lo nariz na quin- ta</i> ³³³	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’,
-----------------------------	--	---

axustando este caso á concepción de Potebniá. Pero xa Mighelsón colocaba o compoñente *на квѣнту* na quinta entre parénteses coma quen presupón o carácter secundario da variante máis estendida.

O criterio resolutorio de primitividade dunha ou outra variante frecuentemente é o indicio xeográfico. Imos recorrer por iso ó material eslavo:

bielorruso

<i>вѣшашь нос на квѣнту</i>	<i>colga-lo nariz na quin- ta</i>	‘aflixirse, perde-la es- peranza’
<i>нос повесѣшь на квѣнту</i>	<i>colga-lo nariz na quin- ta</i>	‘perde-lo ánimo, deca- er’

polaco

<i>spuścić (zwiesić) nos na kwintę</i>	<i>baixou (colgou) o na- riz na quinta</i>	‘entristeceuse, aflixiu- se, desanimouse’.
--	--	---

Ó mesmo tempo, cómpre acentuar que o xiro polaco está fixado xa hai moito tempo, dende o século XVIII; non obstante, a variante menos estendida

<i>spuścić (zwiesić) nos</i>	<i>baixou (colgou) o na- riz na quinta</i>	‘entristeceuse, aflixiu- se, desanimouse’
------------------------------	--	--

coñécese xa no século XVI. Máis que isto, nas recompilacións paremiolóxicas do século XVIII nótase a tendencia a delimita-los fraseoloxismos

<i>spuścić na kwintę</i>	<i>baixar na quinta</i>	‘facerse obediente’
--------------------------	-------------------------	---------------------

³³³ Véxase a nota 365.

<i>zwiesić nos</i>	<i>colga-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’.
--------------------	-----------------------	--

Temos, polo tanto, tódalas razóns para supoñe-la contaminación destes xiros, o que provocou a explicitación da unidade fraseolóxica

<i>zwiesić nos</i>	<i>colga-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’.
--------------------	-----------------------	--

Precisamente esta interpretación confírmana as numerosas equivalencias eslavas do fraseoloxismo *вѣшать нос colga-lo nariz* ‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’, que amosan a súa primitividade respecto á variante humorística *вѣшать нос на квінту colga-lo nariz na quinta* ‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’:

ucraíno

<i>вѣшати (хнюпити) носа (ніс)</i>	<i>colgar (baixar) o nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’
------------------------------------	--------------------------------	---

búlgaro

<i>провесвам (кљумна) нос</i>	<i>baixar (colgar) o nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’
-------------------------------	--------------------------------	---

eslovaco

<i>zvesit’ (ovesit’) nos</i>	<i>colga-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’
------------------------------	-----------------------	---

esloveno

<i>nos je pobesil (obmol-knil je nos, povlekel se je nos)</i>	<i>colgou o nariz (fixo cala-lo nariz, estendeuse o nariz de alguén)</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’
---	--	---

serbio/croata

<i>спустити нос</i>	<i>baixa-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’
---------------------	-----------------------	---

<i>обесити (отомбољити) нос</i>	<i>colga-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’
---------------------------------	-----------------------	---

e outros. Comp. tamén os antónimos desta serie fraseolóxica:

<i>поднимать (задирать) нос</i>	<i>levantar (alzar) o nariz</i>	‘darse moita importancia’,
---------------------------------	---------------------------------	----------------------------

coñecidos por moitas linguas. Son características neste plano tamén as correspondencias indoeuropeas do lexema *нос* ‘nariz’ co significado ‘o estado grave, os sentimentos desagradables dunha persoa’:

lituano

<i>nóši nukabĩnti (paka- binti, nuleisti, pa- kárti)</i>	<i>colgar (baixar, colgar, colgar) o nariz</i>	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’
--	--	--

letón

<i>nokart (nolaist) degu- nu</i>	<i>baixa-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’
--------------------------------------	-----------------------	--

alemán

<i>die Nase hangen las- sen</i>	<i>deixa-lo nariz colgado</i>	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’
-------------------------------------	-------------------------------	--

francés

<i>baisser le nez</i>	<i>baixa-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’.
-----------------------	-----------------------	---

Tendo en conta este material lingüístico que amosa que a área xeográfica da combinación bímembre

<i>вѣшать нос</i>	<i>colga-lo nariz</i>	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’
-------------------	-----------------------	--

é moito máis ampla que a área xeográfica do explícito

<i>вѣшать нос на квѣнту</i>	<i>colga-lo nariz na quin- ta</i>	‘entristecerse, aflixir- se, desanimarse’,
-----------------------------	---------------------------------------	---

é fácil chegar á conclusión do carácter secundario do último.

Os exemplos de fixación das variantes dos fraseoloxismos explicitadas pola lingua literaria son abondo numerosos. Tales exemplos amosan que o tipo de explicitación, que acabamos de considerar, non é só un método individual dun autor, utilizado para a transformación das combinacións fraseolóxicas, nin un medio de fala, que serve para renovalas, senón tamén un dos métodos máis activos de formación fraseolóxica de palabras, que se percibe na lingua.

3.2.4.3. Unidade fraseolóxica → proverbio

Os exemplos da análise diacrónica dos fraseoloxismos amosan que a subestimación da explicitade é especialmente característica da análise das relacións mutuas entre os proverbios e as unidades fraseolóxicas. E efectivamente, se a mesma definición tradicional do dito (fraseoloxismo) supón que este é unha parte do proverbio, o seu carácter implícito parece sobreentenderse. A “parcialidade” do fraseoloxismo en comparación co pro-

verbo, sen embargo, non sempre, nin moito menos, pode entenderse como o resultado da súa implicación. A unidade fraseolóxica no proverbio é a miúdo un eixe estrutural e semántico estable, sobre o que se “enfía” un contexto variable. Sucede algo semellante co “alongamento” da palabra ata o fraseoloxismo ou co “desenvolvemento” do último mediante o “encaixe”. Tal eixe fraseolóxico do proverbio habitualmente queda invariable, mentres que os compoñentes “non-fraseolóxicos” varían amplamente.

Así, a expresión

<i>по Сёньке ша́пка</i>	<i>o gorro é tal como co- rresponde a Senka</i> ³³⁴	‘alguén recibe o que merece, o que lle co- rresponde’
-------------------------	--	---

é o eixe do proverbio

<i>По Сёньке и ша́пка, по Ерёме и колпáк</i>	<i>O gorro é tal como co- rresponde a Senka, o caparucho é tal como corresponde a Erio- ma (Eriomka)</i> ³³⁵	‘Cada un recibe o que merece, o que lle co- rresponde’.
--	---	---

A primitividade do fraseoloxismo e o carácter secundario do proverbio confírmanse polo feito de que as fontes máis antigas (dende o século XVII) fixan a forma implícita

<i>по Сёньке (Стёньке) и ша́пка</i>	<i>o gorro é tal como co- rresponde a Senka (Stenka)</i> ³³⁶	‘alguén recibe o que merece, o que lle co- rresponde’.
---	---	--

Pero o argumento aínda máis convincente do carácter secundario do proverbio é a variabilidade activa da súa parte “non-fraseolóxica”:

<i>По Сёньке ша́пка, по Ерёме кафта́н</i>	<i>O gorro é tal como co- rresponde a Senka, o kaftán</i> ³³⁷ <i> é tal como corresponde a Erio- ma</i>	‘Cada un recibe o que merece, o que lle co- rresponde’
<i>По Сёньке и ша́пка, по горшкú и кры́шка</i>	<i>O gorro é tal como co- rresponde a Senka, a tapa é tal como co- rresponde á ola</i>	‘Cada un recibe o que merece, o que lle co- rresponde’
<i>По Сёньке и ша́пка, по сви́ньё мешáлка</i>	<i>O gorro é tal como co- rresponde a Senka, o pao de remexer é tal</i>	‘Cada un recibe o que merece, o que lle co- rresponde’

³³⁴ *Senka* é nome propio masculino, hipocorístico de Semión.

³³⁵ *Erioma (Eriomka)* son nomes propios masculinos, hipocorísticos de Ereméi.

³³⁶ *Stenka* é nome propio masculino, hipocorístico de Stepán.

³³⁷ Véxase a nota 268.

	<i>como corresponde á porca</i>	
<i>По Сэньке и ша́пка, по ба́бе бра́га</i>	<i>O gorro é tal como corresponde a Senka, a cervexa caseira é tal como corresponde á muller</i>	‘Cada un recibe o que merece, o que lle corresponde’
<i>По Сэньке ша́пка, по Ермо́шке колпа́к</i>	<i>O gorro é tal como corresponde a Senka, o caparucho é tal como corresponde a Ermo-xka³³⁸</i>	‘Cada un recibe o que merece, o que lle corresponde’
<i>По Сэньке и ша́пка, по Ва́ньке колпа́к, по Ефиму кула́к</i>	<i>O gorro é tal como corresponde a Senka, o caparucho é tal como corresponde a Vanka, o puño é tal como corresponde a Efim³³⁹</i>	‘Cada un recibe o que merece, o que lle corresponde’.

Nas obras literarias e na literatura periodística utilízanse precisamente estas variantes, conservándose a “combinación de eixe”:

<i>По Сэньке и ша́пка, по Сэнькиной ма́тери и кафта́н</i>	<i>O gorro é tal como corresponde a Senka, o kaftán³⁴⁰ é tal como corresponde á nai de Senka</i>	‘Cada un recibe o que merece, o que lle corresponde’
<i>По Сэньке ша́пка, по Дуди́нке и шко́ла</i>	<i>O gorro é tal como corresponde a Senka, a escola (o colexio) é tal como corresponde a Dudinka³⁴¹</i>	‘A escola (o colexio) é tal como a merece a cidade de Dudinka’.

Dende logo, son posibles tamén determinadas variacións da “combinación de eixe”:

<i>По Сэньке и шлык, да не по нѐм сшит</i>	<i>O gorro é tal como corresponde a Senka, pero non está cosido</i>	‘Algo non lle corresponde nada a alguén, ó seu estatuto e ás
--	---	--

³³⁸ *Ermo-xka* é nome propio masculino, hipocorístico de Ermol.

³³⁹ *Vanka* (hipocorístico de Iván) e Efim son nomes propios masculinos.

³⁴⁰ Na fala dialectal a palabra *kaftán* pode designar tamén unha especie de roupa antiga de muller: abrigo curto axustado, feito do pano tecido na casa.

³⁴¹ Dudinka é unha cidade siberiana, na parte baixa do río Eniséi.

	<i>para el</i>	súas capacidades'
<i>По Афёньке ша́пка, по Ерёмке колпа́к</i>	<i>O gorro é tal como co- rresponde a Afon- ka³⁴², o caparucho é tal como corresponde a Eriomka</i>	'Cada un recibe o que merece',

pero son moi esporádicas. Comp. as series analóxicas de variantes noutras linguas eslavas orientais:

bielorruso

<i>па Хомку ша́пка</i>	<i>o gorro é tal como co- rresponde a Ghomka³⁴³</i>	'alguén recibe o que merece'
<i>па Юрку ша́пка</i>	<i>o gorro é tal como co- rresponde a Iurko³⁴⁴</i>	'alguén recibe o que merece'
<i>па Саўку ша́пка</i>	<i>o gorro é tal como co- rresponde a Savka³⁴⁵</i>	'alguén recibe o que merece'
<i>па Сёнькі (Сёньку) ша́пка</i>	<i>o gorro é tal como co- rresponde a Senka³⁴⁶</i>	'alguén recibe o que merece'
<i>не па шубе рукаў, не па Сёньку ша́пка</i>	<i>a manga non é tal co- mo corresponde ó abrigo de pel, o go- rro non é tal como corresponde a Senka</i>	'algo non corresponde nada a alguén, a súa categoría e ás súas capacidades'
<i>па Іва́шку і рубя́шка</i>	<i>a camisa é tal como corresponde a Iva- xka³⁴⁷</i>	'alguén recibe o que merece'

ucraíno

<i>по сінку ша́пка</i>	<i>o gorro é tal como co- rresponde ó filliño</i>	'alguén recibe o que merece'
<i>по Савці сві́тка, по па́ну ша́пка</i>	<i>o kaftán de estame é tal como corresponde a Savka, o gorro é tal</i>	'cada un recibe o que merece'

³⁴² *Afonka* é nome propio masculino, hipocorístico de Afanasii.

³⁴³ *Ghomka* é nome propio masculino, hipocorístico de Ghomá.

³⁴⁴ *Iurko* é nome propio masculino, hipocorístico de Iurii.

³⁴⁵ *Savka* é nome propio masculino, hipocorístico de Savva.

³⁴⁶ Igual que en ruso, en bielorruso *Senka* é nome propio masculino, hipocorístico de Semión.

³⁴⁷ *Ivaxka* é nome propio masculino, hipocorístico de Iván.

*como corresponde ó
señor*

e semellantes. En xeral as variantes citadas amosan que os proverbios, no caso dado, créanse mediante unha especie de “acción de enfiar” a combinación facultativa sobre o fraseoloxismo primitivo.

Os investigadores bastante a miúdo perden de vista tal variabilidade dos compoñentes do proverbio e fan constar sen razón o cambio do proverbio cara ó fraseoloxismo, incluso nos casos en que as variantes explícitas son periféricas. Así, Skrípnik considera que o xiro

<i>не всі дома</i>	<i>non están todos na casa</i>	‘dise dunha persoa parva’
--------------------	--------------------------------	---------------------------

é unha redución, baseándose na fixación de tales variantes como

ucraíno

<i>не всі дома, половіна поїхала</i>	<i>non están todos na casa, a metade púxose en marcha</i>	‘dise dunha persoa parva’
--------------------------------------	---	---------------------------

<i>не всі дома, пішли по дрова́</i>	<i>non están todos na casa, foron por leña</i>	‘dise dunha persoa parva’
-------------------------------------	--	---------------------------

<i>не всі дома, поїхали по кура́й</i>	<i>non están todos na casa, foron por cardo</i>	‘dise dunha persoa parva’
---------------------------------------	---	---------------------------

(Скрипник, 1973: 140). Non é difícil notar que estas variantes aumentan a forza expresiva do xiro

<i>не всі дома</i>	<i>non todos están na casa</i>	‘dise dunha persoa parva’
--------------------	--------------------------------	---------------------------

pola concreción do significado directo dos compoñentes. Isto fai supoñer que aquí está presente a explicitación dos compoñentes. Tal suposición confírmase polos feitos lingüísticos: nas falas ucraínas percíbense habitualmente as combinacións non estendidas

<i>не всі дома</i>	<i>non todos están na casa</i>	‘dise dunha persoa parva’
--------------------	--------------------------------	---------------------------

<i>нема́ всіх дома́ (вдо́ма)</i>	<i>todos non están na casa</i>	‘dise dunha persoa totalmente parva’,
----------------------------------	--------------------------------	---------------------------------------

como tamén na lingua literaria.

O ruso <i>не все дома́</i> , bielorruso <i>не ўсё до́ма</i> , polaco <i>nie wszyscy w domu</i> (fixado na for-	<i>non todos están na casa</i>	‘dise dunha persoa parva’
--	--------------------------------	---------------------------

ma curta xa a partir do século XVI)

checo *nemít všech do-
ma*

*non ter ninguén na ca-
sa*

‘dise dunha persoa es-
trafalaria, extremada-
mente parva’

e outros paralelos eslavos amosan a falta de fundamento na interpretación do xiro ucraíno como unha redución das variantes máis estendidas.

Como xa se sinalaba, cando se resolve a cuestión de se o modo de formación das unidades fraseolóxicas é implícito ou explícito, cómpre ter en consideración a amplitude de divulgación do xiro ou do modelo fraseolóxico. A obxectividade da constatación da primitividade dunha ou outra variante depende en boa medida precisamente deste criterio.

3.2.4.4. Proverbio → fábula, fraseoloxismo → fábula

Potebniá, reservando a posibilidade de explicitación do proverbio cara á fábula, estreitaba esta posibilidade ata a fábula cómica. Non obstante, non son raros os casos en que o proverbio se explicita para especificar ou acentualo seu sentido aleccionador. No plano semántico este proceso é analóxico dos métodos de incremento da expresividade das palabras e dos fraseoloxismos mediante o “alongamento” ou “desenvolvemento”: os compoñentes adicionais centran a atención no significado directo do proverbio. É precisamente iso o que crea a correspondencia entre o seu significado figurado, que xa está fixado, e a comprensión literal renovada. Nunha palabra, a explicitación do proverbio ou do fraseoloxismo habitualmente é unha actualización deles, unha digresión á “historia” deles. Un exemplo de tal actualización é o proverbio antigo *рука́ рýку моёт* ‘unha man lava a outra’ (latino *Manus manum lavat*; grego *χείρ χείρα νίπτει*). Nas fontes paremiolóxicas rusas pódese atopar tamén cun aspecto estendido³⁴⁸:

*Рука́ рýку моёт, а обе хотят бёлы
быть*

*Unha man lava a outra, pero ámbalas
dúas queren ser brancas*

Рука́ рýку моёт - обе белы живут

*Unha man lava a outra - ámbalas
dúas viven brancas*

Рука́ рýку моёт, вор ворá кроёт

*Unha man lava a outra, un ladrón
encobre a outro.*

Comp. os casos analóxicos de “desenvolvemento” dos proverbios coñecidos³⁴⁹:

³⁴⁸ Comp. en galego *unha man lava a outra e as dúas lavan a cara* ‘pondera a colaboración’.

³⁴⁹ Son os proverbios

Рыба ищет, где глубже, человек ищет, где лучше, а на дне места много (século XVIII)

O peixe busca o máis profundo, o home ónde está mellor, e no fondo hai moito espacio

Ворон ворону глаза не выключет, а хотя и выключет - не вытащит (século XVIII)

Un corvo non lle vai pica-lo ollo ó outro, e aínda que llo pique, non llo vai sacar.

Tal actualización é característica tamén dos proverbios que chegan a se-la base das fábulas. Pero, dicindo a verdade, aquí o comentario textual non sempre é, nin moito menos, marcadamente “histórico”: en moitos casos isto é unha ilustración que confirma a exactitude do sentido figurado da fábula. Tal comentario dos proverbios rusos, feito en forma de fábulas, é moi común, por exemplo, para Krilov. O gran fabulista utilizou os proverbios populares tanto en calidade de ensinanza da fábula, como en calidade dunha orixinal introducción aleccionadora que se desenvolvía posteriormente ó longo do texto da fábula. Respecto a iso son características as acotacións do autor que subliñaban que iso era a sabedoría popular:

Недаром говорится, Что дело мастера бояться (“Щука и кот”)

Non se di en van, que o oficio lle ten medo ó mestre (O lucio e o gato)

Не попусту в народе говорится: Не плюй в колодезь, пригодится Воды напиться (“Лев и Мышь”)

Non en van di o pobo: non cuspas no pozo, serache útil para bebe-la auga (O León e o Rato).

Krilov neste punto segue a tradición antiga, xa que os proverbios populares en calidade de ensinanza se utilizaban amplamente xa na fábula da antigüidade clásica. É natural que, chegando a ser parte dunha fábula, o proverbio cambie en certa medida e se estilice, pero non tanto como para que non sexa visible o seu prototipo popular común. Comp.:

На волка только слава, а ест овёц-то - Савва (“Пастух”) - На волка помолвка, а пастух телёнка украл

O lobo só leva a sona, pero quen come as ovellas é Savva’ (cita da fábula Pastor) - ‘Os rumores son acerca do lobo, pero quen roubou o becerro foi o pastor (proverbio)

Трудисься много ты, да толку в

Tí traballas moito, pero non obtés re-

*Рыба ищет, где глубже, а человек, где лучше
Ворон ворону глаза не выключет*

*O peixe busca o máis profundo, o home onde está mellor
Un corvo non lle vai pica-lo ollo ó outro.*

этом нет (“Обезьяна”) - *Много*
трудился, а толку не добился

Наделала Синица славы, А моря не
зажгла (“Синица”) - *Синица хотела*
море выпить - не выпила, только
*лишь славу сделала*³⁵⁰

sultados (cita da fábula *Mona*) -
‘Traballou moito, pero non conse-
guiu resultados (proverbio)

Chegou a ter moita fama o carboeiro,
pero non chegou a encende-lo mar
(cita da fábula *Carboeiro*) - ‘O car-
boeiro quería bebe-lo mar todo e
non o bebeu, só se fixo famoso
(proverbio).

Cando se constata a explicitación dos proverbios cara ás fábulas, cómpre lembrar constantemente que moitos proverbios son “de trama”, é dicir, cómpre lembrar que en moitos casos representan un texto implicitado e de maior extensión. Así, parece ser que a fábula de Krilov *Carboeiro*³⁵¹ é un desenvolvemento dun dos argumentos populares sobre o carboeiro xactancioso (comp. o proverbio citado arriba que quedou fixado a principios do século XVIII), que aínda estaban vivos no uso popular daquel tempo. É probable que o fabulista ruso coñecese non só o proverbio do carboeiro, senón tamén a correspondente parábola popular.

En semellantes casos a definición de “inicialidade” de implicitación ou explicitación chega a ser moi complicada e entrelázase estreitamente co problema de paternidade das fábulas dos proverbios e fraseoloxismos. A solución destes problemas require investigacións especiais de carácter tanto xenético como tipolóxico. E aquí atopámonos a miúdo coa situación que é algo analóxica do xa descrito proceso de definición da variante inicial da combinación, que se realiza mediante a análise da área xeográfica. Así, o xiro

львиная доля

a parte de león

‘a parte que é maior e
mellor que as outras’,

por unha banda, é resultado da “condensación” da parábola máis antiga das parábolas orientais que reflectiron as asociacións do león coa potencia e coa forza e, por outra banda, é unha fonte permanente de “desenvolvemento” destas ideas nas fábulas de distintos pobos.

O emprego do proverbio en calidade de núcleo do argumento, que se desenvolve ata un contexto maior, é un fenómeno moi frecuente na historia do folklore e da literatura. Coñécese, por exemplo, que os proverbios e ditos chegaban a se-las bases das pezas cómicas curtas e das facecias rusas antigas, da épica popular, dos *enxemplos* contemporáneos e medievais, e tamén chegaban a se-las fontes dos ditos poéticos, das novelas curtas estilizadas adecuándose á fala popular ou das chamadas “novelas máxicas”. Tales casos de “desenvolvemento” dos proverbios nun contexto maior son analóxicos ó seu “desenvolvemento” cara ás fábulas.

Os investigadores contemporáneos que estudian o papel do proverbio na estrutura da

³⁵⁰ A forma *зделала* reflecte a ortografía dunha recompilación manuscrita de proverbios.

³⁵¹ И.А.Крылов “Синица”.

fábula subliñan acertadamente que o proverbio é o núcleo do seu sentido. Velaí unha condensada, pero exacta descrición da evolución da fábula:

No inicio da evolución do xénero da fábula están as parábolas das tabliñas de Nipur, as parábolas da Biblia, [...] de Hesíodo, Arquíloco: elas teñen en conta o caso singular, existen só no contexto, fan un papel auxiliar na composición das obras grandes, tenden á brevidade esquemática, **aseméllanse ó proverbio**³⁵². No final da evolución do xénero da fábula están as obras de La Fontaine e de Krilov que son polisémicas, existen independentemente, son unha estrutura artística pechada [...] **inclinanse ó conto popular, ó chiste, á escea da vida cotiá**³⁵³

Como vemos, a esencia da evolución da fábula está na explicitade da súa evolución.

A fábula, como amosa a súa evolución, é unha limitación só convencional das posibilidades de explicitación das unidades menores cara ás maiores. Xa que o proverbio está potencialmente preparado para o “desenvolvemento” amplo da imaxe. Tal contexto pode superar moito a fábula pola súa lonxitude. Sendo isto así, o proverbio ou o fraseoloxismo chegan a se-lo símbolo de toda a obra popular. Dende logo, o termo “explicitación” en tal caso ten xa un significado moi amplo.

* * *

Facendo balance, cómpre subliñar unha vez máis a interacción estreita entre a tendencia á implicidade e a tendencia á explicitade, a súa convencionalidade mutua e interdependencia. Estas tendencias constitúen fontes farturentas de fraseoloxización e, ó mesmo tempo, de desfraseoloxización: contribuindo ó desenvolvemento, á renovación e, gracias a iso, ó incremento da viabilidade dos fraseoloxismos, estas tendencias cooperan simultaneamente na destrución; contribuindo ó proceso de consolidación, de estabilización das combinacións, poden tamén neutralizar activamente a súa estabilidade estrutural e semántica. A implicidade leva á concentración do contido do fraseoloxismo a conta da economía da forma, e provoca a fusión semántica dos compoñentes que é tan necesaria para a fraseoloxización. A explicitade impide o principio de economía de medios de expresión e leva ó enriquecemento semántico dos fraseoloxismos, á súa actualización. O resultado da implicación é, polo tanto, a enteireza semántica das combinacións; o resultado da explicitación é a súa formación separada. O equilibrio entre a implicidade e a explicitade primeiramente condiciona o desenvolvemento e a existencia dos fraseoloxismos como unidades lingüísticas especiais.

³⁵² As palabras deste xiro que van en negriña están marcadas así por V.M..

³⁵³ Nota do orixinal: Гаспаров М.Л. Античная литературная басня (Федр и Бабрий). [*Gaspárov M.L. Fá-bula literaria da antigüidade clásica (Fedro e Babrio)*]. M., 1971. Páx.227.

IV

IMAXIBILIDADE /INIMAXIBILIDADE DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS

A imaxibilidade é unha das propiedades máis importantes da fraseoloxía, que frecuentemente se subliña nas definicións de fraseoloxismo. Pero non tódolos fraseoloxismos posúen esta propiedade. Este feito presenta a cuestión da valoración obxectiva do papel da imaxibilidade na creación da expresividade das unidades fraseolóxicas e esixe unha análise de correlación entre a imaxibilidade e a inimaxibilidade na esfera da fraseoloxía. Tal análise é especialmente necesaria porque no plano diacrónico estas propiedades están contrapostas, e porque para moitos tipos de combinacións a reinterpretación do significado foi o límite que dividiu as combinacións libres e as estables.

O termo “imaxibilidade”, como amosou D.N.Xmeliov respecto á imaxibilidade da fala artística, admite unha serie de “variantes”.³⁵⁴ Sen embargo, tradicionalmente por imaxibilidade compréndese a capacidade das unidades lingüísticas de crear representacións sensitivas evidentes sobre os obxectos e os fenómenos da realidade. A esencia da imaxibilidade en sentido amplo, segundo a visión profunda aportada por Larin, consiste na “realización semántica” da fala “principalmente nas representacións concretas” (Ларин, 1974: 47). Tal comprensión do termo “imaxibilidade” supón a presenza de dous planos na semántica da palabra ou combinación de palabras. Ó mesmo tempo a ampliación do concepto de imaxibilidade máis alá dos límites do uso figurado de palabras e combinacións de palabras levaría á súa confusión cos conceptos de “expresividade”, “emocionalidade”, etc. Non cabe dúbida de que a imaxibilidade e a expresividade no léxico están vencelladas, pero a imaxibilidade actúa só como un dos medios de creación da forza expresiva. E a imaxibilidade baséase precisamente na contradicción entre a percepción concreta e a figurada do lexema. É esta confrontación contradictoria interna entre o abstracto e o concreto a que crea a expresividade.

Os fraseólogos déronlle moita importancia dende sempre á imaxibilidade, como a peculiaridade máis viva dos proverbios e ditos. Isto reflectiuse na terminoloxía da antigüidade clásica; o grego *παροιμία*, o latino *proverbium*, *ambitio*, *adagio* (máis serodio *adagium*) e outros, con significados literais próximos ó ruso *иносказание* ‘alegoría’, aparecían in-

³⁵⁴ **Nota do orixinal:** Véxase: Шмелев Д.Н. Слово и образ. [Xmeliov D.N. A palabra e a imaxe]. М., 1964. Páx.104.

terpretados nas gramáticas antigas como xiros que “se din en vez das propias palabras”, que “contornean a fala”, etc. A descriptividade, a presenza de dous planos nos proverbios e ditos non é outra cousa que a constatación da súa imaxibilidade. Na paremioloxía rusa Busláev concedíalle unha importancia especial á “imaxe da expresión” dos “idiotismos característicos” (véxase: Буслаев, 1854: 167).

Atopamos unha valoración parecida da imaxibilidade dos fraseoloxismos nas investigacións máis recentes. Así Palévskaja chámalle imaxibilidade de combinacións de palabras á “capacidade de crear distintas representacións que levan á alteración da correspondencia entre o denotado e o denotante, a causa de que a combinación libre de palabras se someta á reinterpretación, á reconstrucción semántica e á fusión sintáctica” (Палевская, 1972: 238). “A imaxibilidade da fraseoloxía consiste, - como subliñan N.D.Fominá e M.A.Bákina, - en que moitos fraseoloxismos non simplemente designan os fenómenos, atributos, obxectos, accións, senón que tamén conteñen unha imaxe determinada” (Фомина, Бакина, 1985: 7). E a inimaxibilidade é tanto a ausencia inicial de apoio imáxico evidente, como a perda da forma interna da combinación no proceso do seu desenvolvemento.

Moitos investigadores, dándolle unha valoración alta ó papel da imaxibilidade na creación e no funcionamento da fraseoloxía, atribúenlle significado predicamental, o que se reflicte nas numerosas clasificacións e definicións das unidades fraseolóxicas: seguen vendo na imaxibilidade tanto a peculiaridade, como, en realidade, a única fonte de formación dos fraseoloxismos. Nalgunhas obras afirmase que neles está incluída unha imaxe que reflicte a realidade, incluso cando se analizan os xiros evidentemente inimáxicos, por exemplo,

o ruso e ucráino	<i>дать</i>	<i>da-lo tiro fallado</i>	‘equivocarse’.
	<i>мáху</i> , bielorruso	<i>даць</i>	
	<i>маху</i>		

Cando a aproximación ós fraseoloxismos é diacrónica, as afirmacións da imaxibilidade como principio de cada expresión soan especialmente categóricas. “Cada fraseoloxismo no proceso da súa formación é unha metáfora ou unha comparación, ou unha parte de proverbio, de apotegma”, - escribe, por exemplo, Fiódorov (Федоров, 1973: 123). A solución simple da cuestión remite á maneira tradicional de ve-la fraseoloxía como unha capa primitivamente imáxica da lingua. Na fraseoloxía rusa este punto de vista promociónase intensamente en relación coa concepción de Potebniá, que tomaba a imaxibilidade por “unha condición imprescindible da poeticidade” e afirmaba que é unha obra poética case cada “palabra separada, como *везёт* ‘1. leva (alguén a algo ou a alguén) nun vehículo; 2. ten sorte (impersoal)’,” (Потебня, 1894: 111). Dunha maneira aínda máis determinada escribiu Potebniá sobre a prioridade da imaxibilidade na súa obra *Verbo das notas sobre a gramática rusa*: “[...] na evolución do pensamento e da lingua a expresión imáxica é máis antiga cá inimáxica e esta sempre supón aquela” (Потебня, 1968: 218).

As ideas de Potebniá están estreitamente relacionadas coa concepción de “poeticidade” do pensamento antigo, coa sobreestimación do papel das nocións mitolóxicas na súa formación. A lingüística contemporánea rexeita dunha maneira convincente a conclusión

da primitividade dos significados imáxicos no léxico. Na fraseoloxía, sen embargo, moitos toman esta conclusión por un axioma.

Cómpre dicir que Potebniá estipulou a posibilidade de creación inimáxica das palabras e combinacións de palabras. Máis aínda, el subliñaba que

a poeticidade elemental da lingua, é dicir, a imaxibilidade de palabras separadas e de combinacións permanentes, por moi notable que sexa, é insignificante comparada á capacidade da lingua de crear imaxes a partir dunha combinación de palabras, **sendo indiferente se estas son imáxicas ou inimáxicas**³⁵⁵ (Потебня, 1894: 104).

Desafortunadamente, os discípulos de Potebniá non prestaron atención a semellantes reservas. Mentres tanto, recoñecendo a capacidade de crear imaxes a partir de combinacións de palabras inimáxicas, Potebniá, en realidade, supera o carácter unilateral da súa concepción e restablece a marcha obxectiva da evolución do léxico: dende a imaxibilidade á inimaxibilidade, dende a inimaxibilidade á imaxibilidade, etc.

Hai moito tempo que madurou tanto na fraseoloxía diacrónica, coma na sincrónica, a necesidade de valorar dialecticamente a imaxibilidade como fonte importante, pero non única, da expresividade dos fraseoloxismos. No plano diacrónico tal valoración significa que se teñen en conta os modos inimáxicos de creación das combinacións estables, que indicaban Vinográfov e Larin, e no plano sincrónico supón o recoñecemento da lexitimidade de inclusión de clases determinadas de combinacións inimáxicas na fraseoloxía.

Os paremiólogos xa hai moito tempo que notaron a existencia de fraseoloxismos inimáxicos (máis amplamente, de proverbios e ditos). Así, F.Seiler subliñaba tanto as dificultades “clásicas” que aparecen cando se ten a intención de delimitar con exactitude os proverbios e ditos “imáxicos e abstractos”, como as vellas coñecidas posibilidades da súa creación puramente inimáxica coa axuda da asonancia, da rima, do ritmo, do paralelismo, da repetición e outros (Seiler, 1922: 7). Na ciencia contemporánea a cuestión da correlación entre a imaxibilidade e a inimaxibilidade dos fraseoloxismos soluciónase como unha cuestión da esencia da combinación estable, ou dos límites da fraseoloxía.

É unha cuestión especialmente actual para a fraseoloxía a delimitación entre a imaxibilidade e a expresividade, xa que as unidades fraseolóxicas son medios lingüísticos expresivos. A confusión destes dous conceptos é a que leva á constatación da imaxibilidade de tódolos tipos de combinacións. A **imaxibilidade** é un elemento facultativo do fraseoloxismo, e a expresividade é o **predicamental**. A afirmación do carácter non-predicamental da imaxibilidade en principio pódese recoñecer como obxectiva, pero coa reserva de que non cómpre entende-la súa “facultatividade” en sentido cuantitativo, xa que os fraseoloxismos imáxicos de cada lingua constitúen unha parte considerable, se non a principal, do fondo idiomático.

O recoñecemento do carácter facultativo da imaxibilidade dos fraseoloxismos está relacionado cun problema tan importante como é a definición dos límites da fraseoloxía. Os

³⁵⁵ A negriña é de V.M.

partidarios dunha visión estreita da fraseoloxía habitualmente clasifican como fraseoloxismos as unidades que teñen significado xeralizado-metafórico conxunto, mentres que os partidarios dunha visión ampla consideran como fraseoloxismos as combinacións de palabras que son reproducibles en calidade de xa prefabricadas e que están unidas polo mesmo concepto. A visión estreita da fraseoloxía, polo tanto, supón a imaxibilidade como propiedade predicamental das combinacións estables. Na ciencia contemporánea, sen embargo, establécese pouco e pouco unha consideración ampla da fraseoloxía, que se apoia nas tradicións de A.A.Xághmatov, V.V.Vinográfov, S.I.Ójegov e outros. Compreendida así a fraseoloxía, a inclusión dalgúns tipos de combinacións inimáxicas de palabras dentro dos fraseoloxismos está obxectivamente xustificada. Isto vese ben tamén nas definicións contemporáneas das unidades fraseolóxicas, en que características como “imaxibilidade”, “metaforicidade”, “figuratividade”, “reinterpretabilidade” e semellantes ou ben se omiten, ou ben se acollen cunhas reservas esenciais que limitan as dimensións destas propiedades como indicios fraseolóxicos. A fraseoloxía contemporánea, pódese dicir que está gañando categoricamente o “dereito á imaxibilidade”.

Para comprende-la esencia do fraseoloxismo, e para diferencialo doutras unidades lingüísticas é prexudicial tanto sobreestimar, como subestima-la imaxibilidade. Valorar obxectivamente a interacción dialéctica entre a imaxibilidade e a inimaxibilidade das combinacións no proceso do seu desenvolvemento e funcionamento, significa descubrir unha das fontes máis importantes da expresividade que é a propiedade predicamental da fraseoloxía.

4.1. Dende a imaxibilidade á inimaxibilidade

4.1.1. Creación da imaxibilidade do fraseoloxismo

“Tódolos significados da lingua son imáxicos na súa orixe, pero todos co tempo poden chegar a ser inimáxicos”, - escribiu Potebniá (Потебня, 1905: 203). E se a idea da imaxibilidade primitiva de cada palabra ou combinación de palabras, como vimos, é moi discutible, a afirmación da posibilidade potencial de conversión das unidades imáxicas en inimáxicas confírmase polos feitos de maneira convincente. O esquecemento da motivación inicial, que habitualmente está relacionado coa perda das nocións reais sobre as que se constrúe a imaxe leva a que se vaia borrando pouco e pouco. As distintas asociacións lingüísticas poden se-la causa da alteración da imaxe primitiva, do seu desprazamento ó plano doutros conceptos reais. No proceso de desenvolvemento do fraseoloxismo frecuentemente cambia a correlación entre o significado directo e o figurado das combinacións e o significado fraseolóxico sepárase dos significados léxicos dos compoñentes do fraseoloxismo, chegando a ser cada vez máis e máis independente, nunha palabra, pasa a ser inimáxico.

O significado da combinación inimáxica de palabras ordinariamente precede ó significado imáxico, figurado, fraseolóxico. Sábese que o modo principal de creación das unidades fraseolóxicas é a transformación semántica das combinacións libres de palabras, con significado directo comprensible para os falantes nativos. Descoñecendo o significado directo, non se pode percibi-lo sentido desta transformación semántica, é dicir, comprender completamente a imaxe contida na combinación estable. Cómpre, sen embargo, subliñar, que precisamente cando se crea unha imaxe a partir dunha combinación libre, iníciase unha interacción complicada entre a imaxibilidade e a inimaxibilidade, que deixa a súa pegada en todo o destino posterior do fraseoloxismo. Por unha banda, a imaxe está motivada polo significado directo da combinación libre. Por outra, como subliñaba acertadamente Amósova, “a imaxe de partida” do fraseoloxismo que está representada na súa motivación determina a “selección de material para a combinación inicial variable de palabras ou o contido do conxunto de fala, que inclúe esta combinación” (Амосова, 1965: 103-104). Polo tanto, a imaxibilidade fraseolóxica regúlase tanto pola combinación inicial inimáxica, como por ela mesma.

Algúns investigadores, sinalando unha gran diferenza entre o significado directo e o figurado do fraseoloxismo, afirman que a partir mesmo da súa aparición o fraseoloxismo non ten nada que ver coa combinación libre polo que se refire ó significado. Outros, polo contrario, subliñan que a imaxibilidade das unidades fraseolóxicas se apoia habitualmente nunha combinación variable. O segundo punto de vista parece ser máis obxectivo, xa que se a unidade fraseolóxica dende o principio non tivese nada que ver cunha combinación variable de palabras analóxica a ela, non xurdiría correlación entre o significado directo e o figurado do xiro, é dicir, aquela expresividade, sen a que a fraseoloxización imáxica é imposible.

Cómpre ter en conta especialmente a interacción entre o significado directo e o figurado no plano diacrónico, xa que é precisamente ela a que a miúdo explica o primeiro paso da fraseoloxización. Este momento describiuno con extrema exactitude Larin, que consideraba que os fraseoloxismos se basean nos “xiros libres da fala, que son completos pola súa composición, normais pola súa constitución gramatical e directos polo seu significado”. Estas combinacións, directas polo seu significado, renóvanse semanticamente “a raíz do uso cada vez máis libre, máis figurado: dende o significado concreto ó abstracto, dende o caso particular á xeneralización”. A metaforización leva á maior fusión dos compoñentes da combinación, provocando tamén a súa simplificación: os elementos particulares da frase inicial omítense, cambia a súa estrutura gramatical. O resultado é que “as antigas fórmulas estables chegan a ser cada vez máis descompoñibles nos planos semántico, léxico e gramatical” (Ларин, 1956: 218).

Como vemos, Larin consideraba a transición dende o significado directo da combinación ó figurado como a etapa máis importante da fraseoloxización, que condiciona todo o seu desenvolvemento posterior, tanto semántico, como formal. A obxectividade de tal valoración da “renovación semántica” da combinación mediante a metaforización confirmase de maneira convincente para os fraseoloxismos de tipo imáxico polos feitos de lingua.

4.1.1.1. Factores extralingüísticos de creación da imaxibilidade

¿E que “xiros libres da fala” amosan maior preparación para a reinterpretación? ¿Que combinacións libres de palabras adquiren unha maior forza expresiva durante a metaforización? A base da imaxibilidade é a capacidade de crea-las imaxes sensitivas evidentes dos obxectos e dos fenómenos. A forza dunha imaxe consiste na súa concreción, na súa estreita relación co contexto en sentido amplo. Canto máis concreto é o concepto que se reflicte mediante o significado directo da combinación, tanto máis forte é a contradicción entre os seus significados directo e figurado. Por iso é de esperar que a maior capacidade de fraseoloxización a manifesten aquelas combinacións libres que espellan fenómenos concretos da realidade material, que están relacionados coa vida do home.

Hai tempo que os paremiólogos percibiron este feito (na tradición rusa sobre todo Busláev, Sneguiriov e Dal). Por exemplo, xa no século pasado dividían os fraseoloxismos en dous grupos segundo este criterio: fraseoloxismos que literalmente designan algunha acción física e figuradamente unha non-física; e xiros que literalmente denominan unha acción física e figuradamente outra. Dende logo, a redución de tódalas especies imáxicas da fraseoloxía á designación da “acción física” constitúe unha esaxeración. Non obstante, esta redución é significativa porque subliña o feito da concreción, da materialidade das nocións que se manifestan mediante as combinacións libres de palabras, que son prototipos de unidades fraseolóxicas.

Esta concreción maniféstase vivamente cando se realiza unha clasificación temática dos fraseoloxismos, que deixa ve-la súa motivación: as expresións relacionadas con distintas esferas da actividade humana, co mundo animal e vexetal, cos fenómenos de natureza, etc. Tal clasificación atópase a miúdo nas obras que tratan problemas de fraseoloxía histórica. É ela a que permite descubrir aquel complexo de conceptos concretos que deron á luz, segundo a expresión de Potebniá, “asociacións de pensamento dun xénero especial” (Потебня, 1894: 106), que se gravaron na fraseoloxía de distintos pobos. Estas nocións concretas frecuentemente teñen as súas raíces no pasado remoto, facendo patente o carácter universal dalgúns mecanismos psicolóxicos de creación da figuratividade “a través do home”, o chamado “dereito de asociacións” (véxase: Skorupka), que se revela dunha maneira especialmente efectiva mediante a comparación interlingüística (Rejakowa, 1986: 91-92). Poden espellar tamén unha realidade relativamente contemporánea.

A clasificación máis xeral dos fraseoloxismos segundo a súa procedencia distribúeos en dous grupos: naturais e convencionais. No primeiro grupo inclúense os fraseoloxismos que xorden independentemente en distintas linguas e espellan os fenómenos da natureza, o mundo animal e vexetal, os estados físicos e psíquicos do home e cousas semellantes, no segundo inclúense as combinacións que están condicionadas polas peculiaridades do desenvolvemento nacional e que espellan os feitos da cultura material e espiritual dun ou outro pobo. No primeiro grupo atópanse, por exemplo, os fraseoloxismos somáticos cos compoñentes *голова* ‘cabeza’, *рука* ‘man’ e semellantes; as combinacións zoolóxicas cos compoñentes *лошадь* ‘egua’, *собака* ‘cadela’, *волк* ‘lobo’, *заяц* ‘lebre’ e semellantes; os fraseoloxismos xeográficos e meteorolóxicos cos compoñentes *море* ‘mar’, *океан* ‘océano’, *туча* ‘nube’ e semellantes. No segundo grupo atópanse principalmente os fra-

seoloxismos de procedencia profesional (campesiños, relativos ós oficios, militares, xurídicos e outros) (Skorupka, 1958: 125-147).

O noso obxectivo non é enumerar tódolos grupos temáticos das unidades fraseolóxicas, nin moito menos realizar unha descrición detallada. Consideremos só un deles, o **profesional**; xa que habitualmente se lle concede un lugar especial nos traballos de fraseoloxía, pola súa importancia no proceso de fraseoloxización e polo seu colorido nacional. Dentro da fraseoloxía profesional compréndense as combinacións estables que “espellan tanto os métodos antigos de traballo, como as formas especiais de confraternidade (comunidade) dos participantes no traballo colectivo, e como a maneira en que os artesáns ou os industriais vían o seu traballo” (Ларин, 1959: 36). A clasificación de tales combinacións redúcese habitualmente á construción de series “profesionais” de fraseoloxismos.

Os máis antigos son os relacionados co traballo e coa vida cotiá dos campesiños, que ata agora tiveron un uso moi activo. Hai tempo que entraron no fondo fraseolóxico da lingua literaria xiros coma estes:

<i>чѐрез пень ко́лоду</i>	(arrastrar) o tronco a través do tocón	‘con descoido; apenas’
<i>наломáть дров</i>	partir moita leña	‘facen moitas cousas estúpidas, cometer moitos erros’
<i>не мытьём, так кáта- ньем</i>	se non co lavar, pois co calandrar	‘se non pode ser así, xa o faremos doutra maneira’
<i>дым коромы́слом</i>	o fume coma a panca (que serve para leva- los caldeiros ós om- bros)	‘alboroto, desorde’
<i>из ку́лька в рого́жку</i>	da bolsa de papel á esteira	‘intentando saír dunha situación grave, che- gar a encontrarse nunha situación aínda máis ou igualmente grave’; ‘vivir sufrin- do necesidades un día nunha cousa, outro noutra; vivir na po- breza’
<i>повора́чивать огло́бли</i>	darlles volta ás cabe- zallas	‘retroceder’

<i>сумá перемётная</i>	<i>motela que se coloca sobre o ombreiro ou albarda que se coloca na sela do cabalo</i>	‘persoa que cambia a miúdo a súa ideoloxía, que pasa con frecuencia dun partido a outro’.
------------------------	---	---

A cantidade de expresións deste tipo na fala dialectal é verdadeiramente ilimitada:

<i>шійлом хлебáть</i>	<i>comer (un prato líquido) coa subela</i>	‘aforrar’
<i>подковáть сáни</i>	<i>ferra-lo trineo</i>	‘enganar’
<i>загнúть пóлозы</i>	<i>dobra-los patíns (do trineo)</i>	‘castigar, dobrándolle a alguén as pernas por detrás da cabeza’
<i>до негó и шестóм не достáнешь</i>	<i>non o alcanzarás nin co pértego</i>	‘chegou a ser un gran señor’
<i>межú переéхать</i>	<i>cruza-lo límite das fincas</i>	‘facer algo que provocará enfados, rifas, pelexas’
<i>догнáть бáтькину полóу до сáмого лéсу</i>	<i>chega-la porción de terra do pai ata o mesmo bosque³⁵⁶</i>	‘malgastar todo’
<i>берёзовицу точíть</i>	<i>esparexe-la resina de bidueiro</i>	‘chorar’.

Os fraseoloxismos “profesionais” no sentido amplo da palabra pódenselles atribuír tamén os xiros que están relacionados coas realidades campesiñas arcaicas:

<i>вы́обуть из сапóг в ла́пти</i>	<i>descalzarlle a alguén as botas e poñerlle os lápots³⁵⁷</i>	‘arruinar a alguén’
<i>ла́птем щи хлебáть</i>	<i>come-los schi co lápot³⁵⁸</i>	‘dise dunha persoa analfabeta’
<i>на однóм сóлнце óну-чи сýшат</i>	<i>baixo un mesmo sol secan os panos de cubri-los pés</i>	‘un vale o mesmo que o outro’
<i>на печí проéзду нéту</i>	<i>non hai paso para os</i>	‘desorde’

³⁵⁶ As porcións de terra a veces van como tiras de terra que rematan onde remata o campo e empeza o bosque. A persoa que traballa (incluso que recolle a anada) vai en dirección ó bosque.

³⁵⁷ Véxase a nota 48.

³⁵⁸ Véxase a nota 168.

	<i>que van na estufa</i>	
<i>в пѣчку свѣстнет</i>	<i>asubiará na estufa</i>	‘desaparecerá sen deixar pegadas’.

A fraseoloxía rusa enriquecese constantemente tamén coas combinacións “profesionais” que espellan os conceptos contemporáneos. Así é, por exemplo, a terminoloxía deportiva

<i>нажимать на все педали</i>	<i>accionar tódolos pedais</i>	‘utilizar tódalas posibilidades para alcanzar algo’
<i>принимать эстафету</i>	<i>recibi-la testemuña</i> ³⁵⁹	‘continua-la obra, a actividade, as tradicións de alguén’
<i>быть в форме</i>	<i>estar en forma</i>	‘encontrarse en bo estado de saúde e de ánimo’
<i>брать барьер</i>	<i>salta-la barreira</i>	‘alcanzar algo que non é fácil’

ou a terminoloxía da cosmonáutica

<i>достичь апогея</i>	<i>alcanza-lo apoxeo</i>	‘alcanza-lo máximo grao dalgún estado (de gloria, popularidade, poder, potencia, florecemento, etc.’
<i>третий виток чьего-либо пути</i>	<i>a terceira espira da ruta de alguén</i>	‘terceira etapa importante da actividade dalgún’
<i>втянуть в орбиту чьего-либо влияния</i>	<i>arrastrar dentro da órbita da influencia de alguén</i>	‘incluír unha persoa na esfera das actividades de alguén, dos seus intereses’
<i>вывести на орбиту</i>	<i>levar á órbita</i>	‘incluír a alguén na esfera da actividade productiva’
<i>выйти на орбиту</i>	<i>sair á órbita</i>	‘entrar na esfera da actividade productiva’
<i>быть на орбите</i>	<i>estar na órbita</i>	‘estar incluído na esfe-

³⁵⁹ Esta expresión vén do xogo de carreiras de relevos.

ra da actividade productiva’

e outras. A asimilación ampla dunha parte da terminoloxía “profesional” contemporánea amosa a mobilidade do fondo fraseolóxico, desmentindo as afirmacións estendidas do carácter pasivo da “civilización urbana contemporánea” no proceso da creación de frases.

Unha clasificación detallada da fraseoloxía, feita segundo un criterio temático-profesional, podería dar unha representación exacta do papel que desempeña unha ou outra terminoloxía na creación de fraseoloxismos en épocas distintas. Pero non asegura a diferenciación rigorosa das súas peculiaridades lingüístico-estruturais e imáxicas. Non é menos importante, segundo parece, delimita-las combinacións formando dous grupos diferentes segundo o criterio “social”:

1) fraseoloxismos que reflicten o contido profesional real

<i>снять стружку</i>	<i>quita-la labra</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza’
<i>закінуть удочку</i>	<i>bota-la cana de pescar</i>	‘intentar informarse de algo, aclarar algo previamente con coitado’
<i>тяну́ть каните́ль</i>	<i>enrosca-lo canutilo</i> ³⁶⁰	‘levar a cabo un asunto ou unha conversa lenta e pesada, que dura moito, e que nos fai perder moito tempo’;

2) fraseoloxismos que teñen un contido condicionado pola valoración social común dunha ou outra profesión

<i>напился как сапóжник</i>	<i>emborrachouse coma un zapateiro</i>	‘emborrachouse moito’
<i>черни́льная душа́</i>	<i>a alma de tinta</i>	‘funcionario preiteiro que está concentrado de máis nos seus papeis’
<i>приказно́й крючо́к</i>	<i>o gancho do prikaz</i>	‘funcionario preiteiro que traballa no pri-

³⁶⁰ Véxase a nota 251.

		kaz ³⁶¹
<i>взя́тки гла́дки</i>	<i>os subornos son lisos</i>	‘funcionario que practica subornos e tarda moito en resolve-las cousas’.

As unidades fraseolóxicas do primeiro grupo, relacionadas con terminoloxía específica (ampla ou estreitamente coñecida), créanse no ambiente profesional e espellan a lingua deste. Non é casual que a motivación interna de tales combinacións frecuentemente requira un comentario especial:

<i>попа́сть впро́сак</i>	<i>chegar a encontrarse na máquina de trenza-las cordas para face-los cabos</i>	‘encontrarse nunha situación incómoda, embarazosa ou ridícula’ ³⁶²
<i>тяну́ть ля́мку</i>	<i>tira-lo tirante</i>	‘facen un traballo difícil e monótono durante un tempo considerable’ ³⁶³
<i>проходи́ть кра́сной нитью́</i>	<i>pasar coma un fío vermello</i>	‘ser evidente, predominante (unha idea)’ ³⁶⁴
<i>веша́ть нос на кви́нту</i>	<i>colga-lo nariz na quinta</i>	‘entristecerse, aflixirse, desanimarse’ ³⁶⁵ .

Os fraseoloxismos do segundo grupo só espellan a valoración dunha ou outra profesión, realizada dende fóra polos que non teñen esa profesión, o que crea precisamente unha expresividade especial de tal serie fraseolóxica. O escurecemento da motivación da imaxe dos fraseoloxismos deste grupo relégaos rapidamente á periferia lingüística e leva á súa desaparición:

<i>скли́зкие голя́шки</i>	<i>as perniñas pegadizas</i>	‘oficinista’
---------------------------	------------------------------	--------------

³⁶¹ *Prikaz* foi o nome da institución estatal na Rusia anterior a Pedro I.

³⁶² Esta expresión ten as súas raíces na vida dos mestres rusos que noutrora trenzaban cabos a partir de cordas. A máquina que utilizaban tiña unha rede complicada de cordas que se estiraban dende a roda de fiar ata o trineo en que se retorcían as cordas. Esta máquina instalábase habitualmente fóra e ocupaba un espazo considerable. Mete-la barba ou unha parte dalgunha prenda posta dentro desta máquina significaba para o mestre quedarse sen estas, e ás veces tamén sen vida. Ó caer en desuso a realidade, esqueceuse o significado directo deste xiro.

³⁶³ Esta expresión remite á fala dos burlaks que vogaban contra a corrente nos ríos rusos, sobre todo no Volga. O tirante estaba colgado no ombro do burlak.

³⁶⁴ Esta expresión está relacionada coa tradición de introducir un fío vermello nos cabos da mariña inglesa (así pretendían protexelos de roubos).

³⁶⁵ Esta expresión xurdiu na fala dos músicos. A corda de son máis agudo do violín chámase *quinta* (igual que na terminoloxía musical francesa; ó mesmo tempo que o término máis estendido, incluso en Galicia, é *prima*). O violinista apoiaba o instrumento co queixo, de xeito que o nariz case lle tocaba a quinta. Esta postura evocaba un home triste, desanimado.

<i>ста́рый юс</i>	<i>o vello Ius</i> ³⁶⁶	‘oficinista con experiencia’.
-------------------	-----------------------------------	-------------------------------

Os científicos habitualmente confunden estes dous grupos de fraseoloxismos, diferentes por principio. Así, S.Skorupka describe conxuntamente as combinacións “artesanaís” polacas que están sen dúbida relacionadas cos termos dos zapateiros:

<i>robić wszystko na je- dno kopyto</i>	<i>facer todo segundo un mesmo molde</i>	‘facer algo sen reparar moito en matices, aplicando un modelo xa feito’
<i>tak się rozjadł, jakby go kto szydłem ukłuł</i>	<i>irritouse tanto coma se o picase alguém coa subela</i>	‘irritouse moito’
<i>wylazło szydło z wor- ka</i>	<i>asomouse a subela do saco</i>	‘chegou a ser coñecida unha cousa secreta, pero difícil de ocul- tar’
<i>siedzieć jak na szyd- łach</i>	<i>estar sentado coma nas subelas</i>	‘estar moi inquedo’,

e ademais cita estourtras que son só unha característica social expresiva da profesión de zapateiro:

<i>upił się jak szewc</i>	<i>emborrachouse coma un zapateiro</i>	‘emborrachouse moito’
<i>ma szewskie święto</i>	<i>está de festa de zapa- teiro</i>	‘emborrachouse moito’
<i>szewc bez butów cho- dzi</i>	<i>o zapateiro anda sen zapatos</i>	‘un artesán non dispón dos froitos do seu traballo para si mes- mo’
<i>śpieszy się jak szewc z butami na jarmark</i>	<i>ten présa coma o zapa- teiro coas botas ca- miño da feira</i>	‘ten moita présa’

(Skorupka, 1958: 142). Así mesmo tampouco delimita estes dous momentos para a fraseoloxía ucráína Skrípnik, que atribúe, por exemplo, ó “oficio de carreteiro” a combinación

<i>чума́к с сі́ллю (возом)</i>	<i>o chumak</i> ³⁶⁷ <i>co sal (co</i>	‘dunha cousa salgada’
--------------------------------	--	-----------------------

³⁶⁶ *Ius* é un nome común de dúas letras no alfabeto eslavo antigo, “Ius grande” e “Ius pequeno”.

³⁶⁷ A palabra arcaica ucráína *chumak* denomina o carreteiro do sal nas estepas de Ucraína.

<i>перекинувся</i>	<i>carro) deu a volta</i>	
e		
<i>сбиратися як чумак по сіль</i>	<i>prepararse coma o chumak indo polo sal</i>	‘prepararse tardando moito’
ó lado do xiro		
<i>у Крим по сіль</i>	<i>a Crimea por sal</i>	‘a ningunha parte’

(Скрипник, 1973: 163). Entretanto descóbrese unha diferenca considerable na expresividade dos fraseoloxismos de ámbolos dous grupos, que se destacan segundo o criterio “social”: as combinacións do segundo grupo polo xeral son marcadamente negativas, mentres que os xiros con contido profesional real a miúdo só describen un fenómeno de maneira máis imáxica e viva. Non é casual que os fraseoloxismos coloridos “socialmente” con frecuencia funcionen como comparacións estables nas que a mesma estrutura asegura o carácter devaluante:

ruso

<i>напілся как сапóжник</i>	<i>emborrachouse coma un zapateiro</i>	‘emborrachouse moito’
-----------------------------	--	-----------------------

polaco

<i>pije jak szewc</i>	<i>adoita emborracharse coma un zapateiro</i>	‘adoita emborracharse moito’.
-----------------------	---	-------------------------------

A delimitación dos fraseoloxismos “profesionais” e “sociais valorantes ou devaluantes” é esencial para a comprensión das peculiaridades da imaxibilidade da fraseoloxía. A imaxibilidade das combinacións do primeiro grupo está relacionada inmediatamente coa terminoloxía profesional. A historia de xiros coma

<i>не всякое лыко в стрóку</i>	<i>non cada anaco de líber de tileiro na tira de tasco³⁶⁸</i>	‘non se debe reprochar (dar importancia a) tódalas equivocacións sen excepción’
<i>на живую нитку</i>	<i>ó fío vivo</i>	‘(facer algo) de maneira pouco segura’
<i>на мазі</i>	<i>na pomada</i>	‘(o asunto) está empezado e vai ben’

amosa que durante o proceso de adaptación fraseolóxica unha imaxe moi específica pouco e pouco chegaba a ser máis e máis xeneralizada, mentres que a imaxibilidade dos fraseoloxismos do segundo grupo está relacionada coa terminoloxía profesional de maneira indirecta. Aquí a imaxe ten que ser moi actual dentro do ambiente social precisamente no

³⁶⁸ Véxase a nota 284.

momento de creación do fraseoloxismo.

Cómpre delimitar entre os factores extralingüísticos e os sociais tamén noutros grupos temáticos de unidades fraseolóxicas, aínda que o seu grao de influencia poida ser distinto. Segundo as observacións preliminares, por exemplo, na fraseoloxía que remite ás imaxes do mundo animal

<i>(мо́края ку́рица</i>	<i>galiña mollada</i>	‘persoa moi mollada’)
-------------------------	-----------------------	-----------------------

descóbrese unha maior convencionalidade social, que na fraseoloxía “vexetal”

<i>заблудиться в трёх сосна́х</i>	<i>extraviarse entre tres pinos</i>	‘extraviarse, estando o destino final moi preto e fácil de atopar’; ‘confundirse nunha cousa moi simple e fácil’,
-----------------------------------	-------------------------------------	--

<i>проще пареной ре́пы</i>	<i>máis fácil que o nabo estofado</i>	‘moi fácil, moi simple’,
----------------------------	---------------------------------------	--------------------------

ou, por moi paradóxico que sexa, a somática

<i>с рук долóй</i>	<i>fóra das mans</i>	‘desfacerse de algo’
<i>на свою́ го́лову</i>	<i>á súa propia cabeza</i>	‘en propio prexuízo (dano)’.

A clasificación temática dos fraseoloxismos, polo tanto, achega unha idea tanto sobre as súas fontes, como sobre a valoración humana das imaxes fraseolóxicas. Distribuindo as combinacións en grupos, restablecémo-las circunstancias extralingüísticas que condicionaron a aparición da imaxe fraseolóxica. No plano lingüístico tal distribución significa a reconstrucción da combinación libre inicial co significado directo dos compoñentes. Pero isto é só unha parte da tarefa que se lle presenta ó fraseólogo. Non é menos importante amosa-los modos de creación da correlación entre o significado directo e o figurado da combinación estable, o proceso de separación do fraseoloxismo da combinación libre e as etapas do seu enriquecemento semántico. Neste caso trátase de procesos puramente lingüísticos que condicionan a imaxibilidade.

4.1.1.2. Factores lingüísticos de creación da imaxibilidade

A expresividade do fraseoloxismo, “a forza da imaxe” que está incluída nel, depende, como xa se dicía, da correlación entre o significado directo e o figurado na combinación de palabras. Os modos imáxicos máis activos de creación de unidades fraseolóxicas son as comparacións e as metáforas (incluídas a metáfora hiperbólica e a lítote). Os xiros comparativos estables compoñen unha parte considerable do fondo fraseolóxico de cal-

quera lingua. Isto non é casual, xa que, segundo a expresión de Potebniá, “o mesmo proceso de coñecemento é o proceso de comparación” (Потебня, 1894: 130).

A comparación estable e a combinación metafórica están estreitamente relacionadas entre elas. Algúns investigadores incluso non marcan diferencias entre elas, e ás veces utilizan o termo metáfora exclusivamente co significado de “comparación estable” (Spears, 1973) ou consideran que os xiros comparativos son unha especie de metáfora, vendo só unha diferenza formal entre eles, a presenza de conxuncións comparativas (Antilla, 1972: 142). Outros subliñan a comunidade semántica e funcional da comparación e da metáfora e considéranas como un complexo unido. A comunidade semántica da comparación e da metáfora está condicionada polo feito de que ámbalas dúas se basean na semellanza do determinante e do determinado. Ó mesmo tempo, cómpre ter constantemente en conta que na metáfora relaciónanse obxectos non idénticos e que a condición principal da metáfora é “a dislocación da correlatividade de obxectos”.³⁶⁹

A comunidade da comparación e da metáfora, desta maneira, consiste na creación de asociacións fraseolóxicas a partir da semellanza dos obxectos ou dos fenómenos. Tal comunidade en principio, sen embargo, non impide a delimitación tradicional destas dúas especies de fraseoloxismos. A diferenza entre elas cómpre vela ante todo na expresión do contido. A comparación como medio máis simple de descrición da imaxe é máis explícita cá metáfora. Na comparación está representado o que se compara, o obxecto de comparación, o indicio da comparación (a conxunción comparativa) e tamén, a miúdo, a base para a comparación (*tertium comparationis*). Pola contra, a metáfora expresa a semellanza de contido dunha maneira implícita, coa imprescindible omisión da base para a comparación e do indicio da comparación. O proceso de transición da comparación estable cara ó fraseoloxismo (á metáfora fraseolóxica), desta maneira, é un dos tipos de implicación. Comp.:

<i>(ушёл) как несóлоно хлебáвши -</i>	<i>(marchou) coma des- pois de comer sen sal -</i>	<i>‘(marchou) sen obte-lo resultado que quería’ -</i>
<i>несóлоно хлебáвши</i>	<i>despois de comer sen sal</i>	<i>‘sen obte-lo resultado que quería’</i>
<i>как кровь с молоко́м -</i>	<i>coma o sangue co leite -</i>	<i>‘persoa moi sa, de as- pecto saudable’ -</i>
<i>кровь с молоко́м</i>	<i>o sangue co leite</i>	<i>‘persoa moi sa, de as- pecto saudable’</i>
<i>разбира́ется как сви-</i>	<i>domina, coñece algo</i>	<i>‘non domina, non en-</i>

³⁶⁹ **Nota do orixinal:** Стеблин-Каменский М.И. Спорное в языкознании [Steblin-Kamenskii M.I. O discutible na lingüística]. Л., 1974. Páx.79.

<i>нѣя в апельсѣнах -</i>	<i>como a porca enten-</i> <i>de de laranxas -</i>	tende nada de algo' -
<i>нестѣть свинѣ апель-</i> <i>сѣны</i>	<i>non son para a porca</i> <i>as laranxas</i>	'alguén non domina, non entende nada de algo'
<i>как с цепѣ сорвѣлся -</i>	<i>coma se se soltase da</i> <i>cadea -</i>	'coma se se desencadease' -
<i>с цепѣ сорвѣлся</i> ³⁷⁰	<i>soltouse da cadea</i>	'desencadeouse'
<i>как из-за угла меш-</i> <i>ком приби́тый -</i>	<i>coma se o golpeasen</i> <i>co saco dende detrás</i> <i>da esquina -</i>	'estúpido' -
<i>из-за угла мешком</i> <i>приби́тый</i>	<i>golpeado co saco den-</i> <i>de detrás da esquina</i>	'estúpido'
(rexión de Irkutsk) <i>ровно чурка с гла́з-</i> <i>ками -</i>	<i>coma un pedazo de</i> <i>madeira con ollos -</i>	'unha persoa non amable' -
<i>чурка с гла́зами</i>	<i>coma un pedazo de</i> <i>madeira con ollos</i>	'unha persoa estúpida'
<i>то́щая как селѣдка -</i>	<i>fraca coma un aren-</i> <i>que -</i>	'moi fraca' -
<i>селѣдка в корсе́те</i>	<i>o arenque no corsé</i>	'muller moi fraca'.

¿Cambia a semántica da comparación estable durante a súa conversión nunha unidade fraseolóxica metafórica? Os fraseólogos habitualmente responden a esta pregunta negativamente. Efectivamente, durante a implicación deste xénero a semántica dos xiros permanece relativamente estable. Non se pode, sen embargo, deixar de sinalar algúns cambios cualitativos que habitualmente están relacionados coa “perda de detalles”, sobre a que escribiu Larin. A “economía” da conxunción comparativa e da base para a comparación leva á concentración da imaxe. Este proceso explica o carácter máis dinámico dos fraseoloxismos comparativos en relación coas combinacións doutra estrutura. A simpli-

³⁷⁰ **Nota do orixinal:** Comp. o proceso analóxico para as equivalencias eslovacas desta combinación:
(ako) z ret'aze pustený (coma) un soltado da cadea '(coma) un desencadeado'.

ficación formal da comparación e a concentración semántica conseguen que o xiro recién formado sexa máis estático que o seu prototipo comparativo.

A formación dunha comparación estable supón o debilitamento semántico do obxecto de comparación. Polo tanto, na comparación aínda non témo-la formación do significado figurado, xa que tódolos seus elementos están indicados explicitamente. Pero canto máis estable é a comparación, tanto máis se enche o obxecto de comparación co contido que está incluído na base da comparación. Esta faise, por fin, inútil e omítese. Precisamente esta “economía” *tertium comparationis* é, en esencia, aquela dislocación semántica que habitualmente se percibe nas metáforas fraseolóxicas. A forma lóxica da comparación completa simplifícase, e o contido satúrase. A metaforización é, polo tanto, a omisión dalgúns indicios explícitos da comparación.

De aquí, segundo parece, dedúcese a conclusión da existencia dunha **diferencia cualitativa** entre a comparación estable e o fraseoloxismo-metáfora. Non consiste na semántica destes xiros que teñen estruturas distintas, senón na **forza expresiva**. No fraseoloxismo comparativo a base da comparación e o obxecto de comparación son relativamente equitativos, aínda que o último é máis activo: debilitando o seu propio significado, “absorbe” unha parte do significado da primeira. No xiro metafórico formado a partir dunha comparación “a imaxe” da comparación concéntrase nun compoñente, o que reforza a expresividade.

Tal interpretación pode provocar obxeccións, sobre todo porque supón para o xiro comparativo a existencia dunha base de comparación e dun obxecto de comparación, mentres que se coñecen bastantes unidades en que é posible a omisión do primeiro compoñente:

<i>как снег</i>	<i>coma a neve</i>	‘branco’
<i>как зяяц</i>	<i>coma a lebre</i>	‘covarde’.

A “proba” da actualidade da **sempre sobreentendida** base de comparación é en tales casos o indicio de comparación (a conxunción comparativa), que non posúen os correspondentes fraseoloxismos-metáforas. A elipse da base de comparación é coma se preparase a transición da comparación estable á expresión metafórica (ou palabra-metáfora).

Considerando o problema da aparición da imaxibilidade na fraseoloxía, non é casual que prestemos unha atención especial ás relacións mutuas entre a comparación (que é a expresión máis simple da imaxe) e a metáfora (que é a súa transformación máis complicada). Dende logo, non tódolos fraseoloxismos de tipo metafórico, nin moito menos, están formados a partir dunha comparación. Pero os principios de creación dunha forza expresiva especial mediante a “colocación” dunha imaxe concreta sobre un trazo máis abstracto, que son perceptibles de maneira tan evidente nas comparacións, son característicos tamén doutros tipos de metáforas.

Uns cantos grupos temáticos de fraseoloxismos, por exemplo, os zoolóxicos e os botánicos, están máis estreitamente vinculados coa comparación; outros, por exemplo, os “profesionais” ou os somáticos, menos. Pero non cabe dúbida de que as imaxes fraseolóxicas se crean ben dunha vez como metáforas, evitando a fase de comparación, ben

como resultado do emprego metafórico (sinecdóquico). Acheguemos algúns exemplos típicos:

1) fraseoloxismos-metáforas:

<i>лить воду на мельницу (чьё-либо)</i>	<i>botarlle a auga ó muíño (de alguén)</i>	‘favorecer a alguén’
<i>ломать копья</i>	<i>rompe-las lanzas</i>	‘defender algo con moito entusiasmo, con ardor nunha discusión’
<i>покупать котá в мешке</i>	<i>compra-lo gato no saco</i>	‘comprar unha cousa sen vela previamente’;

2) combinacións formadas mediante metonimia:

<i>разинуть рот</i>	<i>abri-la boca</i>	‘empezar a falar’; ‘asombrarse’
<i>разводить руками</i>	<i>abri-los brazos</i>	‘expresa-la perplexidade, o asombro ou confusión ante unha situación embarazosa (difícil)’
<i>пожимать плечами</i>	<i>encolle-los ombros</i>	‘expresa-la perplexidade’
<i>намать шею</i>	<i>aplasta-lo pescozo</i>	‘pegar varias veces seguidas no pescozo’
<i>держит карман</i>	<i>ten o peto aberto</i>	‘non esperes iso, non contes con iso’;

3) combinacións formadas mediante sinécdoque:

<i>пустая голова</i>	<i>cabeza baleira</i>	‘persoa estúpida’
<i>злой язык</i>	<i>lingua maliciosa</i>	‘persoa sarcástica’
<i>большая рука</i>	<i>man grande</i>	‘persoa influente, importante segundo a súa posición’
<i>своя крыша над головой</i>	<i>teito de seu enriba da cabeza</i>	‘propia casa’.

O feito de que a imaxe fraseolóxica se cree habitualmente mediante distintos tropos é un axioma. A delimitación dos fraseoloxismos, feita segundo sexa o cambio do significado

en que se basean, é un modo semántico de clasificación.

A desemantización da combinación estable (é dicir, a perda da forma interna) non é tanto o modo de formación do fraseoloxismo como o resultado do seu desenvolvemento posterior:

<i>бить баклúши</i> (bit baxluxi)	<i>golpea-las bakluxi</i>	‘folgazanear’
<i>собáку съел</i>	<i>comeu a cadela</i>	‘sabe facer algo moi ben e ten experiencia nisto’,

xa que no momento de creación destas unidades estaban vixentes os mesmos medios metafóricos (en sentido amplo), que para os xiros que teñen unha motivación transparente.

A reinterpretación calembúrica é un tipo particular de creación de fraseoloxismos en que se reúnen tanto os medios imáxicos (figurados), como os inimáxicos.

En fin, tamén a **eufemización** (ademais da **tabuización** e a **disfemización**³⁷¹) desempeña un papel moi importante na formación dalgunhas series fraseolóxicas, pero é preciso considerala como un fenómeno do plano sociolingüístico, é dicir, doutro nivel clasificatorio distinto ó dos modos puramente lingüísticos de creación da imaxibilidade. Os eufemismos e tabús fraseolóxicos créanse a partir de medios figurados ou inimáxicos. Así son, por exemplo, as combinacións co significado común ‘morrer’. A motivación de tales xiros pode ser inimáxico-descriptiva

<i>окóнчить жизнь</i>	<i>termina-la vida</i>
<i>жизнь скончáть</i>	<i>termina-la vida</i>
<i>скончáть свой век</i>	<i>termina-lo seu século</i>
<i>окóнчить дни свой</i>	<i>termina-los seus días</i>
dialectal	
<i>в недокóн пойти</i>	<i>ir cara a fóra da zona marcada para o xogo das tabas</i>
<i>в кон пойти</i>	<i>ir á zona marcada para o xogo das tabas,</i>

e tamén pode ser metafórica

<i>жизнь угáсла</i>	<i>a vida apagouse</i>
<i>сойтí в могíлу</i>	<i>baixar á tumba.</i>

³⁷¹ **Nota do orixinal:** *Disfemismo* é un tropo que consiste na substitución da denominación dalgún obxecto, que no contexto dado é natural, por outra máis vulgar, familiar ou mesmo malsonante.

No plano puramente lingüístico pódese considera-la tabuización (e tamén a eufemización e a disfemización) como unha especie de paráfrase, o que xustifica a súa atribución ó tipo explícito de formación de fraseoloxismos.

A análise detallada dos modos e procesos de formación de frases é unha tarefa particular que require unha investigación á parte. Aquí só nos interesa subliñar que en tales clasificacións cómpre seguir un criterio único. Ó describi-los modos de creación da imaxibilidade fraseolóxica, é necesario delimita-los seus medios principais (comparación, metáfora, metonimia e sinécdoque) e os medios de reforza-la imaxibilidade e a expresividade dos xiros (eufemización, tabuización e disfemización, arcaización e desementización, reinterpretación calembúrica, aloxismos e outros).

4.1.2. Alteración da imaxibilidade primitiva do fraseoloxismo

A imaxe fraseolóxica, creada dun ou outro modo, conserva a súa actualidade mentres que os falantes nativos perciban a presenza de dous planos nela, é dicir, a correspondencia entre o significado directo e o figurado da combinación. A actualidade do significado directo da combinación, como vimos, está condicionada polos factores extralingüísticos sometidos ós cambios históricos. Os conceptos reais que deron vida á imaxe fraseolóxica pouco e pouco vólvense anticuadas e por último desaparecen. Asemade, pouco e pouco, as unidades fraseolóxicas que espellan tales conceptos vólvense anticuadas e desaparecen. Pero moitas expresións séguense empregando activamente mesmo despois da desaparición da imaxe primitiva. En tales casos consérvase só o significado figurado da combinación.

A desmotivación do fraseoloxismo é a etapa final do seu desenvolvemento. O carácter expresivo do fraseoloxismo esixe constantemente a recuperación da correspondencia entre o significado directo e o figurado da combinación. Tal recuperación é moi difícil no caso de que a imaxe se apoie nun lexema que caeu en desuso (do tipo *тло* ‘terra, fondo, base’, *зга* ‘campaiña de trineo’³⁷²). Sen embargo, podese realizar facilmente en caso de que o que caía en desuso non sexa o lexema, senón un dos seus significados que foi a fonte da imaxe. Tal expresión pode obter un novo recheo imáxico, o que asegura, e a miúdo mesmo aumenta, a súa forza expresiva. A “reconstrucción” da imaxe inicial en tales casos será incorrecta porque está dirixida polas regularidades dunha falsa analoxía.

A falsa analoxía, contribuíndo ó restablecemento da correspondencia entre o significado conxunto fraseolóxico da combinación e o significado literal dividido en membros, representa, en realidade, a ruta pseudo-retrospectiva do desenvolvemento da connotatividade do fraseoloxismo. Tal desenvolvemento pódese realizar de tres maneiras: mediante a transformación paronímica de compoñentes do fraseoloxismo, mediante a transformación homonímica destes compoñentes e mediante a transformación polisémica dos seus compoñentes. Todos estes modos teñen tendencia semántica, contribuíndo á alteración

³⁷² Véxase o párrafo 4.1.2.4.

da imaxe fraseolóxica primitiva.

4.1.2.1. Transformación paronímica de compoñentes

A esencia desta especie de reinterpretación pseudo-etimolóxica consiste na “atracción” dunha palabra pouco coñecida por outra máis coñecida e na “conmutación” da semántica a partir da transformación formal. Semellantes casos de alteración da imaxe fraseolóxica están moi estendidos na fala, tanto artística, como dialectal.

Velaí como a expresión

<i>сочетаться узами Ги-</i>	<i>unirse polos lazos de</i>	‘contraer matrimonio’
<i>менёя</i>	<i>Himeneo</i>	

se transforma nos beizos do revisor de trens Stichkin do conto de Chéghov “O bo final”:

“Я человек образованного класса, при деньгах, но ежели взглянуть на меня с точки зрения, то кто я? Бобыль, все равно, как какой-нибудь ксендз. А потому я весьма желал бы сочетаться узами игуменёя, то есть вступить в законный брак с какой-нибудь достойной особой.”

‘Eu son unha persoa de clase instruída, teño cartos, pero se me miras *do punto de vista*, ¿quén son? Un solteirón, igual que algún ksendz³⁷³. E por iso desexaría moito unirme polos lazos de igumenei³⁷⁴, é dicir, contraer matrimonio legal con algunha persoa digna.’

Aínda que esta substitución paronímica foi creada por Chéghov con obxectivos humorísticos, non obstante, é moi típica: a imaxe de Himeneo representada dunha maneira confusa na mente de Stichkin, un ignorante, transfórmase noutra imaxe máis familiar, a de *igumen* (transformado en *igumenei*). Tal transformación non aclara de todo o sentido da combinación

<i>сочетаться узами Ги-</i>	<i>unirse polos lazos de</i>	‘contraer matrimonio’,
<i>менёя</i>	<i>Himeneo</i>	

pero elimina o compoñente descoñecido. E, aínda por riba, o carácter alóxico do xiro creado mediante substitución paronímica suavízase por unha orixinal “xerarquía de sacerdotes”, tamén creada artificialmente: nela o *ksendz* é símbolo do home solteiro, mentres que o *igumen* (*igumenei*), na asociación antonímica, nos beizos de Stichkin ten a posibilidade de “unirse polos lazos”. Así nace un xiro novo, motivado incorrectamente, pero ó mesmo tempo deducible dos compoñentes “comprensibles” do fraseoloxismo.

Outra cousa é a transformación paronímica en que a falsidade da transición dende a mo-

³⁷³ *Ksendz* é o nome polaco dun sacerdote católico.

³⁷⁴ *Igumen* (aquí transformado como *igumenei*) é un superior dun mosteiro en Rusia.

tivación real cara á falsa non se percibe. É característica neste sentido a fala infantil: o significado completo da combinación habitualmente está claro para o neno, mentres que os compoñentes do fraseoloxismo por separado se perciben de maneira pouco precisa. De aquí procede a falsa división “diacrónica” da combinación, un exemplo en que a fin dos contos máxicos

жить-поживать - добра наживать

vivir-existir - os bens pouco e pouco adquirir

recibe a seguinte “análise”:

“Дедушка, а как жевали Добра́на? -
Какого Добра́на? - Ну, в сказке
читал: “Стали они жить, поживать
да Добра́на жевать.”³⁷⁵

‘Avó, e ¿como masticaban Dobrán? -
¿Que Dobrán? - Liches no conto
máxico: “E empezaron a vivir, exis-
tir e masticar Dobrán.”³⁷⁶

Na fala atopamos constantemente con alteracións paronímicas:

У них в семье кол да
перетька (kol) -

Teñen na súa familia
unha estaca e o me-
dio de cercado

‘Son moi pobres, non
teñen nada’

У них в доме голь да
перетька (gol)

Teñen na súa casa os
descamisados e o
medio de cercado

‘Son moi pobres, non
teñen nada’

(rexión de Pskov)

всем гáмузом (gámu-
zom) -

todo o montón

‘xuntos, por unanimi-
dade’

всем гáрбузом (gá-
buzom)

toda a cabaza

‘xuntos, por unanimi-
dade’

Habitualmente tales transformacións son locais. Por iso cómpre descubrir esas transformacións mediante o método de modelación, no fondo de tódolos fraseoloxismos dunha serie semántica-estructural, o que xa amosamos polas variantes³⁷⁷

бить баклúши
(бить лягú-

(bit baklúxi, bit
liagúxek)

golpea-las ba-
kluxi (golpea-

‘folgazanear’

³⁷⁵ **Nota do orixinal:** Носов Н. Повесть о моем друге Игоре. [Nósov N. Novela curta sobre o meu amigo Ígor] // Нева [Neva]. 1971. N° 5. Páx.119.

³⁷⁶ O neto percibiu as palabras dun conto ruso lidas polo avó

добра + наживать

(dobrá + najivat)

os bens + pouco e pouco
adquirir’

dunha maneira equivocada, confundindo o lugar do límite entre palabras:

Добра́на + жсвать

(dobrana + jivat)

‘Dobrán + masticar’

(живать e жевать pronúncianse igual, como (j)ivat).

³⁷⁷ Véxase a páx. 190.

<i>шек)</i>		<i>las ras)</i>	
ou			
<i>бить гайдúки</i>	(bit <u>gaidúki</u>)	<i>golpea-los co- rrementos</i>	‘folgazanear’
en vez de			
<i>бить ба́йдики</i>	(bit <u>báidiki</u>)	<i>golpea-las báidiki</i>	‘folgazanear’

e outras.

Analóxicas destas son as alteracións da imaxe primitiva que constantemente suceden na fala urbana e que se califican habitualmente como erros lingüísticos:

<i>довести́ до бе́лого ко- ле́на (<u>kolena</u>)</i>	<i>levar ata o <u>xeonllo</u> branco</i>	‘irritar a alguén ata o punto límite’
--	--	--

en vez de

<i>довести́ до бе́лого ка- ле́ния (<u>kalenia</u>)</i>	<i>levar ata a <u>ignición</u> branca (incandescen- cia)</i>	‘irritar a alguén ata o punto límite’;
--	--	---

<i><u>Лавр</u> сде́лал своё де- ло... (<u>lavr</u>)</i>	<i><u>O Lauro</u> fixo o seu asunto [...]</i>	‘dise dunha persoa que fixo o seu papel im- prescindible en algo importante, despois de que xa non a ne- cesitasen’
---	---	--

en vez de

<i><u>Мавр</u> сде́лал своё де- ло... (<u>mavr</u>)</i>	<i><u>O Mouro</u> fixo o seu asunto [...]</i>	‘dise dunha persoa que fixo o seu papel im- prescindible en algo importante, despois de que xa non a ne- cesitasen’;
---	---	---

<i>Будь же́на́ хоть ко́са́ лишь бы́ золоти́е пога́ (<u>kosá</u>)</i>	<i>Que a muller (esposa) sexa mesmo unha <u>gadaña</u>, o importante é só que teña cornos de ouro</i>	‘O máis importante na muller (esposa) é que sexa rica, e o resto dá igual’
--	---	---

en vez de

*Будь жена́ хоть коза́
лишь бы золоти́е
рога (kozá)*

*Que a muller (esposa)
sexa mesmo unha
cabra, o importante é
só que teña cornos
de ouro*

‘O máis importante na
muller (esposa) é que
sexa rica, e o resto dá
igual’;

*ни сучка́ ни заво́ринки
(zadórinki)*

*nin ramiños nin bura-
quiños*

‘sen tropezos; feito
dunha maneira ideal’

en vez de

*ни сучка́ ни задóрин-
ки (zadórinki)*

nin ramiños nin noíños

‘sen tropezos; feito
dunha maneira ideal’

e outras. A transformación deste xénero é un dos tipos da variabilidade fraseolóxica. Posúen carácter de fala vivamente expresado, independentemente de que se creen de maneira intencional ou xurdan casualmente no proceso de comunicación.

Sen embargo, non podemos esquecer que “non hai nada na **lingua**, que non houbera antes na **fala**”.³⁷⁸ En fraseoloxía a transformación paronímica da fala fíxase frecuentemente como un feito de lingua. Tal aconteceu co xiro

одін как есть

(odín kak est)

‘só como está’

(en vez de

одін как перст

(odín kak perst)

‘só coma un dedo’);

estendeuse amplamente a combinación

с копы́т доло́й (kopit)

*cara a fóra dende os
pezuños*

‘morreu’

(en vez de

*с копы́льев доло́й (ko-
píliev)*

*cara a fóra dende as
kopils³⁷⁹*

‘morreu’);

a pesar das recomendacións dos filólogos emprégase cada vez máis frecuentemente na fala e na prensa a expresión

*пока́ суть да де́ло
(sut)*

*mentres (dura) a
esencia e o asunto*

‘mentres dura iso’

³⁷⁸ **Nota do orixinal:** Бенвенист Э. Общая лингвистика. [Benveniste E. Problèmes de linguistique générale, traducido ó ruso]. M., 1974. Páx.140.

³⁷⁹ *Kopil* é unha barra disposta nos trineos de patíns, e que serve de apoio á carrocería.

(en vez de

<i>пока́ <u>суд</u> да де́ло</i>	<i>mentres (dura) o <u>xuízo</u></i>	'mentres dura iso').
<i>(<u>sud</u>)</i>	<i>e o asunto</i>	

E se os exemplos citados están (polo menos, dende o punto de vista filolóxico) “no límite (a punto) de ser recoñecidos”, o fraseoloxismo

<i>сажа́ть (<u>посади́ть</u>) в</i>	<i>facen sentar (alguén)</i>	'deixar a un nunha situación ridícula, embarazosa, incómoda'
<i><u>кало́шу</u> (<u>kaloxu</u>)</i>	<i>no <u>chanclo</u></i>	

rexístrano tódolos dicionarios da lingua literaria, a pesar de que se formou hai relativamente pouco tempo a partir de

<i>сажа́ть в <u>калу́жу</u> (<u>ka-luju</u>)</i>	<i>facen sentar (alguén)</i>	'deixar a un nunha situación ridícula, embarazosa, incómoda'.
	<i>no <u>charco</u></i>	

Non cabe dúbida da secundariedade da primeira expresión en vista de que nos dialectos están amplamente estendidas as combinacións creadas segundo o mesmo modelo (do tipo

<i>се́сть в <u>лу́жу</u> (<u>luju</u>)</i>	<i>sentar (unha persoa)</i>	'encontrarse nunha situación ridícula, embarazosa, incómoda').
	<i>no charco</i>	

A alteración da imaxe fraseolóxica inicial, fixada polo uso, pode influír tamén no emprego do xiro. As distintas interpretacións etimolóxicas da unidade fraseolóxica levan, por exemplo, a que se exprese na ortografía tamén de maneiras distintas. O exemplo clásico é a historia da combinación

<i>попа́л как кур</i>	<i>(popal kak kur</i>	<i>cae u coma un</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída',
<i><u>во́ щи</u></i>	<i><u>vo schi</u>)</i>	<i>galo <u>nos</u></i>	
		<i><u>sch</u>³⁸⁰</i>	

que moitos partidarios da “corrección da fala” reconstrúen na forma de

<i>попа́сть как</i>	<i>(popal kak kur</i>	<i>caer coma un</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'.
<i>кур в <u>ощип</u></i>	<i><u>v óschip</u>)</i>	<i>galo na espe-</i>	
		<i>nadura</i>	

Algúns investigadores deducen a segunda parte da combinación da palabra *ощип* (oschip) ‘espenadura’ (formada a partir do verbo *ощипать* (oschipat) ‘espenar’); outros

³⁸⁰ Véxase a nota 168.

dedúcena da palabra *шип* (ship) que pode tamén aparecer nas variantes *шап* (schap) ou *шемы* (schemi) ‘panterlo de madeira fendida para caza-los paxaros’, e outros dedúcena da palabra *щи* (schi) ‘caldo tradicional ruso’. ¿E cal destas imaxes serve de base para a expresión? Os investigadores aproximáronse á solución desta cuestión principalmente dende o punto de vista etnográfico, manexando ante todo o feito da posibilidade ou imposibilidade do “caldo-schi co galo”. Os outros feitos, incluso os lingüísticos, considéranse como dependentes de se é verosímil a imaxe da “chegada do galo ós schi”. Imos comprobar as tres hipóteses dende o punto de vista lingüístico, aportando da maneira máis completa posible as expresións populares rusas formadas segundo este modelo.

A última hipótese confírmase semanticamente polos seguintes xiros:

(rexión de Ia- roslavl)	<i>втрéпался как кур вó ши</i>	<i>caeu coma o galo nos schi</i>	‘chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’
(rexión de Ir- kutsk)	<i>попáсть как тарака́н в борщ</i>	<i>chegar a en- contrarse co- ma a cascuda no borsch</i> ³⁸¹	‘chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’
(rexión de Nó- vgorod)	<i>попáл как гусь в кáшу</i>	<i>chegou a en- contrarse co- ma o ganso na kaxa</i> ³⁸²	‘chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’
literario	<i>попáлся как воро́на в суп</i>	<i>chegou a en- contrarse co- ma a choia na sopa</i>	‘chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’.

Comp. co ucráino

<i>влaв в бiдy як кyрка в борщ</i>	<i>caeu nunha desgracia coma a galiña no borsch</i>	‘chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída’
<i>влaв як кyрка у сир- бaвкy</i>	<i>caeu coma a galiña no caldo de carne</i>	‘chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída’

³⁸¹ *Borsch* é outro típico caldo ruso, parecido ós *schi*, pero de cor vermella, xa que leva tomate e/ou remolacha.

³⁸² Véxase a nota 77.

<i>впав як котя в борш</i>	<i>caeu coma o gatiño no borsch</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>попав як ворона в юшку</i>	<i>chegou a encontrarse coma a choia na sopa</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>улїзти як півень в юшку</i>	<i>entrar coma o galo na sopa</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>попасті як муха в окріп</i>	<i>chegar a encontrarse coma a mosca na auga fervendo</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>заліз як муха в патоку (в сметану)</i>	<i>entrou coma a mosca na melaza (na crema de leite)</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>приліп як муха до смолі</i>	<i>pegouse coma a mosca no alquitrán</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>звиваєца як муха в смолі</i>	<i>retórcese coma a mosca no alquitrán</i>	'encóntrase nunha situación grave e sen saída intentando resolvela con gran dificultade'

e semellantes. A favor de tal plantexamento están tamén algunhas combinacións libres que non foron reinterpretadas, do tipo:

<i>Таракан вó щи втрóпался</i>	'A cascuda caeu nos schi'
<i>Дичь вó шах, а всѣ тараканы</i>	'Hai caza menor nos schi, pero todo son cascudas'
<i>Волк попáл в капкán, му́ха вó щи</i>	'O lobo chegou a encontrarse no cepo, e a mosca nos schi'
<i>И гуся́ на свáдьбу та́щат, да вó щи</i>	'Ó ganso tamén o levan arrastrando cara á voda, pero para os schi...'

Cómpre notar, sen embargo, que tanto os xiros rusos como os ucráinos están fixados en áreas extremadamente estreitas, o que testemuña o seu carácter ocasional. E ademais diso, algunhas fixacións son variacións da coñecida fábula

<i>попáл как ворона в суп</i>	<i>chegou a encontrarse coma a choia na sopa</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave
-------------------------------	--	---

pa

e sen saída’.

A relación do fraseoloxismo de *кур* ‘galo’ co *шпал* ‘panterlo de madeira fendida para caza-los paxaros’ confirmase polo modelo aínda máis activo, en que a ‘situación difícil; perigo, desgracia’ se transmiten imáxicamente polos nomes de distintas especies de trampas:

‘cepo, lazo’:

(rexión de Pskov)	<i>оказаться в да- вѣлках (да- вѣлках) (da- vǎlkakgh, da- lǎvkagh)³⁸³</i>	<i>chegar a en- contrarse no cepo para ca- zar perdices brancas</i>	‘chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’
(costa do mar Branco)	<i>попасть в за- жом (zajom)³⁸⁴</i>	<i>chegar a en- contrarse no foxo no que se pon o cepo co cebo para o oso</i>	‘chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’
	<i>попал, как медведь в капкан</i>	<i>chegou a en- contrarse co- ma un oso no cepo</i>	‘chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’
	<i>попасть (по- пасться) в клѣщи</i>	<i>chegar a en- contrarse en- tre as tenaces</i>	‘chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’
popular (século	<i>попасть(ся) в</i>	<i>chegar a en-</i>	‘chegar a en-

³⁸³ **Nota do orixinal:** Comp.: (rexión de Arghánguelsk) *давѣлка* (davilka) ‘aparato para caza-las perdices brancas’; as palabras *давѣк* (davok), *давѣха* (davigha), *давѣга* (daviaga) teñen o mesmo significado.

³⁸⁴ **Nota do orixinal:** Comp.:

(rexión de Arghán- guelsk)	<i>в жом пришло (jom)</i>	<i>chegou ó foxo en que se pon o cepo co cebo para o oso</i>	‘a situación chegou a ser difícil, grave e sen saída’
	<i>в жѣмах нахо- дѣться (jómagh)</i>	<i>encontrarse nos foxos en que se pon o cepo co ce- bo para o oso</i>	‘encontrarse nunha situación difícil, grave e sen saída’.

XVIII) e dialectal	<i>кляпы́</i>	<i>contrarse nun cepo</i>	contrarse nunha situación que non ten saída'
(rexión de Pskov)	<i>взять когó в кляпы́</i>	<i>coller a alguén meténdoo nun cepo</i>	'facer que alguén faga algo'
	<i>попа́сть(ся) в ле́щѣдку (в лову́шку)</i>	<i>chegar a encontrarse nun panterlo (nunha trampa)</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(rexión de Irkutsk)	<i>попа́сться, как мышь в мышелóвку (в капка́н)</i>	<i>quedar capturado coma un rato nunha rateira³⁸⁵ (nun cepo)</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(terras de Siberia)	<i>в óсел залéзть</i>	<i>meterse dentro dun lazo</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(século XVII)	<i>попа́сть в пасть</i>	<i>chegar a encontrarse (quedar capturado) nun cepo</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(rexión de Arghánguelsk)	<i>попа́сть в перевéс</i>	<i>chegar a encontrarse nun lazo</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
	<i>попа́сться как бес в перевéс</i>	<i>quedar capturado coma o demo nun lazo</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(rexión de Ar-	<i>попа́сть в сло-</i>	<i>chegar a en-</i>	'chegar a en-

³⁸⁵ Comp. en galego *caer no garamelo, caer na gaiola* 'caer na trampa'.

ghánguelsk)	<i>пéц</i>	<i>contrarse nun ichó</i>	contrarse nunha situación grave e sen saída'
	<i>попа́сть в пе- ре́мялье (в плёнки, в скры́п)</i>	<i>chegar a en- contrarse nunha apiso- nadora (nun lazo, nunhas tenaces)</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'
	<i>впа́сть в ступи́- цу</i>	<i>caer na trampa que está feita de maneira de cubo da roda</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'
	<i>попа́сть в тенё- та</i>	<i>chegar a en- contrarse nunha trapela</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'
	<i>запу́тался как мизги́рь в те- нётах (что мизги́рь в те- нётах)</i>	<i>enredouse co- ma unha ara- ña na súa propia ara- ñeira</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción moi complicada e difícil'
	<i>попа́сться в тиски́</i>	<i>quedar captu- rado entre as tenaces</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'
	<i>попа́сть в уло- во</i>	<i>chegar a en- contrarse no cepo</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída';

'redes':

popular (século XVIII) e dialectal	<i>попа́сть(ся) в вѣршу</i>	<i>chegar a encontrarse (quedar capturado) na nasa</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
	<i>попа́л, как сом в вѣршу</i>	<i>chegou a encontrarse coma un siluro na nasa</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
	<i>провёл, как сомá в вѣршу³⁸⁶</i>	<i>levouno coma a un siluro á nasa</i>	'levouno a unha situación grave e sen saída'
	<i>нежда́нный кара́сь в вѣршу попа́л</i>	<i>un carpín inesperado chegou a encontrarse na nasa</i>	'capturaron un delincuente inesperadamente'
(rexión de Pskov)	<i>в вѣршу влезть</i>	<i>meterse na nasa</i>	'chegar un a encontrarse nunha situación grave e sen saída, pola súa propia culpa'
(costa do mar Branco)	<i>попа́сть в ме-рѣжу</i>	<i>chegar a encontrarse na nasa</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
	<i>влез что в мо́рду (в не-рѣт, в вѣн-тер): ни взад, ни вперед</i>	<i>meteuse coma nunha nasa</i>	'chegou un a encontrarse nunha situación grave e sen saída,

³⁸⁶ **Nota do orixinal:** Comp.:

попался как чёрт в вѣршу

quedou capturado como o demo na nasa

'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'.

			pola súa propia culpa'
(rexión de Arghánguelsk)	<i>попа́сть в рю-ху</i>	<i>chegar a encontrarse na nasa</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída';

'obxectos que poden servir de trampas':

	<i>ввали́лся, как мышь в за-крóм (в ко́роб)</i>	<i>entrou caendo coma un rato na despensa (na caixa)</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(rexión de Olo-néts)	<i>попа́лся как мышь в ко́роб</i>	<i>quedou captu-rado coma un rato na caixa</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(montes do Ural)	<i>попа́сть в за-хлобу́шку</i>	<i>chegar a encontrarse na portiña con que pechan o fumeiro</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(rexión de Nó-vgorod)	<i>попа́сть в за-моло́т</i>	<i>chegar a encontrarse nunha mallei-ra</i>	'chegar a encontrarse nunha situación difícil debido á abundancia de problemas urxentes'
(terras do Don)	<i>попа́сть в плё́нку</i>	<i>chegar a encontrarse nun lazo</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
(rexión de Gor-	<i>попа́сть в смо-</i>	<i>chegar a en-</i>	'chegar a en-

kii)	лў	contrarse no alquitrán	contrarse nunha situación grave e sen saída'
	попа́сть в скрып	chegar a encontrarse nas tenaces	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
popular	влетéть в кадўшку	entrar voando nunha cubeta	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
	попа́л в мешо́к Голово́й	meteuse coa cabeza nun saco	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
	попа́сть впро-сáк	chegar a encontrarse na máquina de trenza-las cordas para face-los cabos	'encontrarse nunha situación incómoda, embarazosa ou ridícula';
'foxo; pantano':			
(terras de Siberia)	попа́сть как медвѣдь в берлoг	chegar a encontrarse coma un oso no foxo	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
	попа́сть в про-ру́ху (в рю́ху, на рю́ху)	chegar a encontrarse nun foxo	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'

	<i>попа́сть в о́мут (в про́пасть, в я́му)</i>	<i>chegar a en- contrarse nun remuíño (nun abismo, nun foxo)</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción perigosa'
	<i>сестъ в лу́жу (в калу́жу)</i>	<i>sentar (unha persoa) no charco</i>	'quedar un nunha situa- ción ridícula, embarazosa, incómoda'
(montes do Ural)	<i>вы́браться из глухого рёму в болóтное окóшко</i>	<i>saír con difi- cultade do pantano in- zado de brión á “fiestra” do pantano (= unha parte de pantano, na que a auga é visible)</i>	'saír dunha desgracia e caer noutra'.

Representan unha “subzona” xeográfica especial os xiros eslavos co concretizador imáxico ‘lazo’³⁸⁷:

ruso <i>попа́сть в плёнку</i> , ucraíno <i>попа́сти в сі- ло</i> , bielorruso <i>упа́сти в пругло́</i> , polaco <i>w sidła wpaść</i> , alto lu- saciano <i>do prudla popadnyc</i>	<i>chegar a encontrarse nun lazo</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'.
---	--	---

Como demostración da actividade do segundo modelo fraseolóxico podíase aportar tamén un grupo extenso de combinacións con motivación parecida, pero con estrutura algo diferente:

<i>попа́сться на удочку (на кука́н)</i>	<i>deixarse enganchar coa cana de pescar (co nó)</i>	'deixar un que o enga- nen'
<i>попа́сть проме́ж двух огне́й (на остря́кѣ)</i>	<i>chegar a encontrarse entre dous lumes (nas estacas agudi-</i>	'chegar a encontrarse no medio de dúas partes (persoas ou

³⁸⁷ Comp. tamén en galego *caer no lazo* ‘caer nunha trampa, deixarse enganar’.

	<i>zadas)</i>	grupos) enfrontados'
<i>пропáл как мышь на подто́пе</i>	<i>pereceu coma un rato durante a riada</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída e pereceu'
<i>попáл как чѣрт в ру-комóйник</i>	<i>chegou a encontrarse coma o demo nun lavamáns</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'

e outras.

É moi importante para a confirmación da hipótese “de trampas” o material eslavo que espella a imaxe da caída do **paxaro** nun ichó (non sendo importante se a trampa a colocaron adrede ou se encontraba casualmente na ruta do paxaro). Estes xiros abarcan as áreas xeográficas eslava oriental e eslava occidental:

ruso dialectal

<i>попáлся как сороко-пúт в ца́пки</i> ³⁸⁸	<i>quedou capturado coma unha pega reboledá no panterlo</i>	'chegou a encontrarse nunha trampa'
---	---	-------------------------------------

bielorruso

<i>попа́ўся як верабéй ў ша́пку</i>	<i>quedou capturado coma un gorrión no gorro</i>	'chegou a encontrarse nunha trampa'
-------------------------------------	--	-------------------------------------

ucraíno

<i>вско́чів на́че пта́шка в те́нєта</i>	<i>entrou saltando coma un paxaro nunha trapela</i>	'chegou un a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>заплута́вся як горо-бець у яте́рі</i>	<i>enredouse coma un gorrión no grao</i>	'chegou a encontrarse nunha situación moi complicada e difícil'
<i>пропа́в як сині́ця в ку́зові</i>	<i>pereceu coma un carboeiro na caixa</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída e pereceu'

polaco

<i>uwiał z jako ptak na lepie</i>	<i>afundiuse coma un paxaro no pegamento</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave
-----------------------------------	--	---

³⁸⁸ **Nota do orixinal:** Comp. no ruso antigo a expresión *аки птенца́ от кля́пци* ‘coma a un paxariño do panterlo’ fixada na *Oración de Daniíl Zatóchnik* (“Моление Даниила Заточника”). B.A.Larin relacionaba a motivación desta coa palabra popular *кля́пци* ‘panterlo, ichó, trapela para cazar paxaros’, fixada nas rexións de Arghánguelsk, de Vólgda, de Onega (Ларин, 1975: 192).

e sen saída'

checo

*zapletl se co holub v
koudelř**enredouse coma unha
pomba na estopa*'chegou a encontrarse
nunha situación moi
complicada e difícil'.

Comp.:

lituano

*kaĩp akla varna ĭ baľǵ**coma unha choia cega
ó charco*'chegou a encontrarse
nunha situación grave
e sen saída'.

Seguindo este modelo están formadas as comparacións eslavas comúns, en que o galo (e máis raramente a galiña) chega a encontrarse nalgunha trampa:

(rexión de Nóvgorod)

*запуѓался как петуѓх в
коноплях (в пакле)**enredouse coma un
galo nos cánabos
(nas estopas)*'chegou a encontrarse
nunha situación moi
complicada e difícil'

polaco

*wplatař się jak kokosz
w zgrzebie**enredouse coma a ga-
liña na estopa*'chegou a encontrarse
nunha situación moi
complicada e difícil'

búlgaro

*обърквам се (обър-
кам се) като пате в
решето**enredarse coma un pa-
tiño na peneira*'chegar a encontrarse
nunha situación moi
complicada e difícil'

serbio/croata

*splesti se (zaplesti se,
plesti se) kao pile u
kućine**enredarse coma un
polo na estopa de cá-
nabos*'chegar a encontrarse
nunha situación moi
complicada e difícil'.

Comp. tamén as expresións do

lituano

*kaĩp viřta ĭ pakulas**'(chegou a encontrar-
se) coma a galiña na
estopa'*'chegou a encontrarse
nunha situación moi
complicada e difícil'

letón

<i>sapinies kã vista paku-lã</i>	<i>enredouse coma unha galiña na estopa</i>	'chegou a encontrarse nunha situación moi complicada e difícil'
----------------------------------	---	---

e do francés

<i>être comme un coq en pâte</i>	<i>estar coma un galo en paté</i>	'chegar a encontrarse nunha situación moi complicada e difícil'.
----------------------------------	-----------------------------------	--

O exame de todo o conxunto de variantes dos modelos fraseolóxicos “*попáсть* ‘chegar a encontrarse’ + comida líquida” e “*попáсть* ‘chegar a encontrarse’ + trampa” co significado ‘caer nunha desgracia’ permite negar definitivamente a relación do fraseoloxismo

<i>попáсть как кур вó ши</i>	(popast kak kur vo schi)	<i>caer coma un galo nos schi</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída',
------------------------------	--------------------------	-----------------------------------	---

coa palabra *óшиш* (óxip) ‘espenadura’ como un derivado do verbo *óшипать* (oxipat) ‘espenar’. A imaxe da acción de espena-lo galo resulta demasiado individual, e cómpre recoñecer que é unha das alteracións (e, por moi paradoxico que sexa, alteracións “puristas”) do modelo inicial.

Unha análise máis detallada nega tamén a vinculación entre o noso fraseoloxismo e o lexema *ши* (xi) ‘caldo tradicional ruso’. Á primeira vista, tal negación non é lexítima. T.A.Ivanova indica a posibilidade de preparación dos xi con galos ou galiñas, a existencia da variante léxica

<i>попáл как ворóна в суп</i>	<i>chegou a encontrarse coma a choia na sopa</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída',
-------------------------------	--	---

a antigüidade da expresión precisamente na forma

<i>попáл как кур вó ши</i>	(popal kak kur vo schi)	<i>cae u coma un galo nos schi</i>	'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
----------------------------	-------------------------	------------------------------------	--

(*Léxico de Veismann* do ano 1731³⁸⁹) e a regularidade da combinación da preposición *во* ‘en’ co lexema *ши* (schi) ‘caldo tradicional ruso’³⁹⁰. Sen embargo, estes argumentos, segundo parece, perden o seu poder de convicción no contexto da actividade do modelo

³⁸⁹ Вейсманов Лексикон 1731 г.

³⁹⁰ **Nota do orixinal:** Véxase: Этимологические исследования по русскому языку. [*Investigacións etimolóxicas na lingua rusa*]. М., 1976. Вып.8. Рáxs. 87-94.

aportado “*попасть* ‘chegar a encontrarse’ + trampa”. Primeiro, o feito de utilización dos galos (galiñas) nos xi non é máis convincente dende o punto de vista etnográfico que a caída dos paxaros nunha trampa (*щип* (ship), *щип* (schap) ‘panterlo de madeira fendida para caza-los paxaros’). Segundo, as variantes das combinacións, que espellan a imaxe da “caída na comida líquida”, son moi locais, mentres que o modelo de “trampa” está representado cunha amplitude excepcional non só nos dialectos rusos, senón tamén en moitas linguas:

checo

<i>vehnat do vlčĩ jámy</i>	<i>acurrallar a alguén ó foxo do lobo</i>	‘facer caer a un nunha trampa’
----------------------------	---	-----------------------------------

eslovaco

<i>dostat’ sa do klepca</i>	<i>chegar a encontrarse nunha trampa</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación moi complicada e difícil’
-----------------------------	--	---

inglés

<i>to be in a jam</i>	<i>estar metido nun lío</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación moi complicada e difícil’
-----------------------	-----------------------------	---

francés

<i>tomber dans le lacs</i>	<i>caer no lazo</i>	‘encontrarse nunha trampa’.
----------------------------	---------------------	--------------------------------

O fraseoloxismo

<i>попáл как ворóна в суп</i>	<i>chegou a encontrarse coma a choia na so- pa</i>	‘chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída’,
-----------------------------------	--	---

como reconece con certeza Ivanova, é só unha variante (creada, probablemente, por Krilov) do xiro

<i>попáл как кур вó щип</i>	(popal kak kur vo schi)	<i>caeu coma un galo nos schi</i>	‘chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’.
---------------------------------	----------------------------	---------------------------------------	---

O xiro ucraíno

<i>улізти як півень у юшку</i>	<i>entrar coma o galo na sopa</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída’
------------------------------------	---------------------------------------	--

é, segundo parece, un calco do ruso: este xiro non está recollido nas fontes vellas. As demais combinacións

<i>попасть как в борщ таракан</i>	<i>chegar a encontrarse coma a cascuda no borsch</i>	<i>'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'</i>
---------------------------------------	--	---

ucraíno

<i>попасти як му́ха в окріп</i>	<i>chegar a encontrarse coma a mosca en au- ga fervendo</i>	<i>'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'</i>
-------------------------------------	---	---

<i>заліз як му́ха в па́- току (як му́ха в сме- тану)</i>	<i>entrou coma a mosca na melaza (coma a mosca na crema de leite)</i>	<i>'chegou a encontrarse nunha situación grave e sen saída',</i>
--	---	--

por dicilo rigorosamente, reforzan máis ben a hipótese de acordo coa cal o paxaro non comestible chega a encontrarse na comida, e o insecto “pégase” á melaza, crema de leite, auga fervendo e cousas semellantes. Para un insecto isto é, en realidade, unha trampa.³⁹¹ Probablemente, cómpre delimita-las imaxes do “galo nos schi” e da “mosca na melaza”.

Se aceptámo-la suposición da primitividade da forma

<i>попáл как кур вó щип (вó щип)</i>	<i>(popal kak kur vo schip ou vo schap)</i>	<i>caeu coma un galo nun panterlo de madeira fen- dida para ca- za-los paxa- ros</i>	<i>'chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída',</i>
--	---	--	--

o fraseoloxismo

<i>попáл как кур вó ши</i>	<i>(popal kak kur vo schi)</i>	<i>caeu coma un galo nos schi</i>	<i>'chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'</i>
--------------------------------	------------------------------------	---------------------------------------	---

chegará a ser unha alteración da imaxe que está con tanta regularidade representada nos dialectos rusos e noutras linguas eslavas e non-eslavas. O feito de que a forma

³⁹¹ **Nota do orixinal:** Comp.:

checo
sednout na lep

*sentar alguén sobre o pe-
gamento*

*'chegar a encontrarse nunha
trampa'.*

<i>попáл как кур вó ши</i>	(popal kak kur vo schi)	<i>caeu coma un galo nos schi</i>	'chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'
--------------------------------	----------------------------	---------------------------------------	--

estea fixada dende hai moito tempo e a regularidade da combinación da preposición *во* 'en' coa palabra *ши* (schi) 'caldo tradicional ruso' non poden desmenti-la suposición da primitividade da expresión

<i>попáл как кур вó <u>шип</u> (вó <u>шап</u>)</i>	(popal kak kur <u>vo schip</u> ou <u>vo schap</u>)	<i>caeu coma un galo nun panterlo de madeira fen- dida para ca- za-los paxa- ros</i>	'chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída',
--	---	--	---

xa que a antigüidade do modelo de "trampa" pódese xulgar pola amplitude da súa área xeográfica, e os xiros

<i>попáсть в шап (в шé- мы, в шипéц)</i>	<i>chegar a encontrarse nun panterlo de ma- deira fendida para caza-los paxaros</i>	'chegar a encontrarse nunha situación grave e sen saída'
<i>взять в щемíлы</i>	<i>coller nas tenaces</i>	'educar dunha maneira severa'

e outros confirman plenamente a posibilidade da realización antiga deste modelo na lingua popular co aspecto

<i>попáсть вó шип</i>	(popast vó schip)	<i>chegar a en- contrarse nun panterlo de madeira fen- dida para ca- za-los paxa- ros</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'
---------------------------	----------------------	---	--

(comp.: por unha banda,

<i>попáсть в шап</i>	(popast v schap)	<i>chegar a en- contrarse nun panterlo de madeira fen- dida para ca- za-los paxa-</i>	'chegar a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída'
----------------------	---------------------	---	--

ros

e, por outra banda, *ша* (scha), forma do singular da palabra *шчи* (schi) ‘caldo tradicional ruso’).

Os paralelos eslavos testemuñan que se trata dunha caída desintencionada, inesperada para a ave doméstica no *шчип* (schip) ‘un listón fendido que limita a liberdade do galo’, semellante á estopa ou cânabo en que o galo chega a encontrarse noutras linguas eslavas. Foi “o efecto inesperado” o que probablemente reforzou a expresividade do noso xiro, asegurando con isto a súa popularidade na nosa lingua.

O feito da transformación formal do xiro inicial, é dicir, da omisión da letra *п* (p) en *шчип* (schip) ou unha posible conversión do lexema *шчп* (schap) en *ша* (scha) e máis adiante en *шчи* (schi), non é un obstáculo para esa interpretación, xa que cando se altera unha imaxe fraseolóxica, como vimos máis dunha vez, son posibles tamén cambios máis bruscos do tipo

<i>бить баклѹши</i>	(bit bakl <u>uxi</u>	<i>golpea-las ba-</i>	‘folgazanear’ ³⁹² .
→ <i>бить лягѹ-</i>	→ bit liag <u>ú-</u>	<i>kluxi</i> → <i>gol-</i>	
<i>шек</i>	<u>шек</u>)	<i>pea-las ras</i>	

Precisamente esta transformación, segundo parece, asegurou unha renovación radical da imaxe fraseolóxica, e esta renovación tivo unha base falsa.

A interpretación que se propón pode ser confirmada por un exemplo máis recente e polo tanto máis comprobable da “conmutación” da imaxe do fraseoloxismo, que se realizou nos límites deste mesmo modelo. O xiro

<i>сестъ в калѹжу (лѹ-</i>	<i>sentar (unha persoa)</i>	‘quedar un nunha si-
<i>жу)</i>	<i>no charco</i>	tuación ridícula, em-
		barazosa, incómoda’

ó separarse deste modelo, creou unha expresión nova coa motivación “orixinal”

<i>сестъ в калѹшу (галѹ-</i>	<i>sentar (unha persoa)</i>	‘quedar un nunha si-
<i>шу)</i>	<i>no chanclo</i>	tuación ridícula, em-
		barazosa, incómoda’.

O seu carácter secundario non provoca dúbidas en vista de que está rexistrada recentemente e de que nos dialectos están amplamente estendidas as combinacións do tipo

ruso

<i>сестъ в лѹжу (калѹ-</i>	<i>sentar (unha persoa)</i>	‘quedar un nunha si-
<i>жу, калѹво)</i>	<i>no charco (nun char-</i>	tuación ridícula, em-
	<i>co, un esterco)</i>	barazosa, incómoda’
<i>чебура́хнуть в глѹзу</i>	<i>caer nunha gleba</i>	‘quedar un nunha si-
		tuación ridícula, em-

³⁹² Véxase a páx. 190.

barazosa, incómoda'

checo

trefit z bláta do louže

saír do barro (entran-
do) no charco'saíndo dunha situa-
ción grave chegar a
encontrarse noutra
igual ou máis grave'.

Sen embargo (igual que no caso de

попасть как
кур вó ши(popast kak kur
vo schi)caer coma un
galo nos schi'chegar a en-
contrarse
nunha situa-
ción grave e
sen saída')

esta variante alterada estendeuse amplamente: está fixada nalgúns dialectos:

(rexión de Ir-
kutsk e terras
á beira da
parte media
do Ob)в калóш поса-
дítъfacen sentar
(alguén) no
chanclo'deixar a un
nunha situa-
ción ridícula,
embarazosa,
incómoda'

e ademais na lingua literaria ucráína:

посадити в калюшу

facen sentar (alguén)
no chanclo'deixar a un nunha si-
tuación ridícula, em-
barazosa, incómoda',

ó lado de

посадити в калюжу

facen sentar (alguén)
no charco'deixar a un nunha si-
tuación ridícula, em-
barazosa, incómo-
da'.³⁹³³⁹³ **Nota do orixinal:** É curioso que tamén o xiro alemán

in die Brüche kommen

chegar a encontrarse nun
pantano

'caer en desgracia'

admite unha alteración, de xeito parecido ós rusos

попасть как кур
вó ши(popast kak kur vo
xi)caer coma un galo
nos schi'chegar a encon-
trarse nunha situa-
ción grave e sen
saída'

e

сестъ в калóшу

sentar (unha persoa) no
chanclo'quedar un nunha situación
ridícula, embarazosa, incó-
moda'.

Asociábano coa palabra do alemán baixo broke 'multa que se paga ás autoridades'.

Como vemos, a historia do fraseoloxismo

<i>сестъ в калѡшу</i>	<i>sentar (unha persoa) no chanclo</i>	‘quedar un nunha si- tuación ridícula, em- barazosa, incómoda’
-----------------------	--	--

é totalmente analóxica da suposta creación da combinación

<i>попáл как кур вѡ ши</i>	<i>(popal kak kur vo schi)</i>	<i>caeu coma un galo nos schi</i>	‘chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’,
--------------------------------	------------------------------------	---------------------------------------	---

que é reconstruíble a partir do modelo achegado “*попáсть* ‘chegar a encontrarse’ + *trampa*”. É significativo que en ámbolos dous casos a alteración paronímica do compoñente do fraseoloxismo levase á renovación intensa da imaxe e ó aumento da expresividade do xiro. Ó separarse do modelo semántico inicial, estas expresións, máis orixinais e vivas, chegaron a estar amplamente estendidas. É erróneo relaciona-la cuestión de se a fala é correcta ou non co problema da procedencia da combinación

<i>попáл как кур вѡ ши</i>	<i>(popal kak kur vo schi)</i>	<i>caeu coma un galo nos schi</i>	‘chegou a en- contrarse nunha situa- ción grave e sen saída’,
--------------------------------	------------------------------------	---------------------------------------	---

xa que esta imaxe fraseolóxica alterada chegou a ser un feito de lingua. Desta maneira, a transformación paronímica dos fraseoloxismos, que é característica dos distintos tipos de fala, é aceptable, se a nova imaxe revitaliza con éxito a expresividade do xiro.

4.1.2.2. Transformación homonímica dos compoñentes

O proceso de alteración da imaxe inicial do fraseoloxismo a partir da homonimia está próximo en principio á transformación paronímica. A diferenza consiste só en que no último caso realízase un “axuste” do compoñente fraseolóxico conforme ó homónimo, mentres que no primeiro caso a homonimia existente contribúe á aparición de falsas analoxías. Así, a palabra *сокол* ‘falcón’; ‘ariete antigo’³⁹⁴ no xiro

<i>гол как <u>сокол</u></i>	<i>nú coma un <u>ariete</u></i>	‘moi pobre, sen nada’
-----------------------------	---------------------------------	-----------------------

provoca unha asociación falsa coa ave rapaz, e non coa primitiva arma que servía para derribar murallas; a expresión

³⁹⁴ O primeiro significado aportado está vivo na lingua contemporánea, mentres que o segundo caeu en desuso, igual que a realidade correspondente.

гонять лóдыря (goniat lódiria) *facen corre-lo* ‘folgazanear’
prequiceiro

dedúcese da anécdota histórica dun médico moscovita Loder que, según se di, curaba a obesidade prescribindo paseos fatigantes polo seu xardín; e a expresión

Потёмкинские дерев- aldeas de Potiomkin ‘mostras do traballo
ни *que alguén presenta ó*
seu superior e que
están feitas especial-
mente para darlle
contas sen reproduci-
la situación real, sen-
do moito mellores
que esta’³⁹⁵

na fala relaciónase directamente coas “tebras” ou “aldea escura”³⁹⁶.

Cando se enfrontan dous homónimos nunha unidade fraseolóxica, gaña, como regra xeral, o que máis se usa actualmente. Por exemplo, o xiro

наговорить соток бó- *ter dito corenta barrís* ‘ter dito moitas cousas
чек арестáнтов *de presos* *irreais’*

non está rexistrado nin nos dicionarios da lingua literaria, nin no ficheiro do Instituto de Lingüística da Academia de Ciencias da URSS. Non obstante, é amplamente coñecido na fala coloquial e está fixado en distintos dialectos:

(rexión de Pskov)	<i>наговорить бóчку (кúчу) арестáнтов</i>	<i>ter dito un barril (un montón) de presos</i>	‘ter dito moitas cousas irreais’
(costa do mar Branco)	<i>наговорить соток бóчек арестáнтов</i>	<i>ter dito corenta barrís de presos</i>	‘ter dito moitas cousas irreais’
(montes do Ural)	<i>насказать соток бóчек арестáнтов</i>	<i>ter dito corenta barrís de presos</i>	‘ter dito moitas cousas irreais’.

Comp.:

bielorruso

³⁹⁵ Esta expresión procede dun feito histórico e débese ó apelido do príncipe G.A.Potiomkin (1739 - 1791). Cando a emperatriz Catalina II viaxou a Crimea, Potiomkin montou ó longo da súa ruta unhas aldeas parecidas ás que existían na realidade, pero moito mellores, para convencerla dos éxitos da actividade estatal do príncipe.

³⁹⁶ Comp.: *Потёмкин* (Potiomkin, o apelido que figura no xiro) e *потёмки* (potiomki) ‘tebras; escuridade’.

<i>нагаварыць</i>	<i>бочку</i>	<i>ter dito un barril (cen</i>	<i>'ter dito moito e sen</i>
<i>(сто бочак) арыш-</i>		<i>barriles) de presos</i>	<i>discernimento'</i>
<i>тантаў</i>			

bielorruso-polaco

<i>peŋa beczka arestan-</i>	<i>o barril cheo de presos</i>	<i>'algo irreal'.</i>
<i>tów</i>		

A motivación deste fraseoloxismo é escura, aínda que o significado de cada un dos compoñentes tomados por separado sexa, segundo parece, extremadamente claro. É natural que os falantes nativos partan precisamente destes significados “claros” (ante todo da palabra *арестант* ‘preso’) cando reconstrúen o sentido directo do xiro. Así, T.I.Maghiliova, narradora de contos populares do pobo Sumposád, da costa do mar Branco, relaciona directamente a procedencia da combinación co lexema *арестант* ‘preso’: “Nos barrís levaban os presos [...] eu non o vin, por dici-la verdade”. A asociación directa cos presos leva ás veces incluso ó cambio da estrutura semántica do fraseoloxismo:

bielorruso

<i>бочка рыштантаў</i>	<i>un barril de presos</i>	<i>'compaña sospeitosa'.</i>
------------------------	----------------------------	------------------------------

Os fraseoloxismos con tal significado constrúense habitualmente a partir da acentuación do carácter irreal do conto ou promesa:

(montes do Ural)	<i>наскáжешь</i> <i>четвергóв с</i> <i>пятницами</i>	<i>dirás uns can-</i> <i>tos xoves cos</i> <i>venres</i>	<i>'contarás /pro-</i> <i>meterás algo</i> <i>irreal'</i>
(comp.:	<i>насказáл семь</i> <i>четвергóв</i>	<i>dixo sete xoves</i>	<i>'contou /pro-</i> <i>meteu algo</i> <i>irreal')</i>
	<i>наскáжешь во-</i> <i>робья́ на сос-</i> <i>не́</i>	<i>dira-lo gorrión</i> <i>no pino</i>	<i>'contarás /pro-</i> <i>meterás algo</i> <i>irreal'</i>
	<i>наскáжешь</i> <i>семь вёрст до</i> <i>небёс и всё</i> <i>лёсом</i>	<i>dira-las sete</i> <i>verstás³⁹⁷ ata</i> <i>o ceo e todo</i> <i>polo bosque</i>	<i>'contarás /pro-</i> <i>meterás algo</i> <i>irreal'.</i>

Entre eles están tamén os que inclúen distintos “recipientes de medida”:

<i>наговори́ть (навра́ть)</i>	<i>ter dito (mentido) do</i>	<i>'contar moitas cousas</i>
<i>с три ко́роба</i>	<i>tamaño de tres</i>	<i>irreais'</i>
	<i>caixóns</i>	

³⁹⁷ Véxase a nota 36.

<i>насуліл с три ко́роба</i>	<i>prometeu do tamaño de tres caixóns</i>	‘prometeu moitas cousas irrealis’
<i>навря́л, что в три ко́роба не сло́жишь</i>	<i>mentiu (tanto) que non poderás metelo en tres caixóns</i>	‘contou moitas cousas irrealis’

ucraíno

<i>наговори́ти (набала-кати, намо́лоти, на-плести) сі́м кі́п</i>	<i>ter dito sete montóns</i>	‘contar /prometer moitas cousas irrealis’
<i>наговори́ти три мі́шки гречано́ї вовни та чо́тири ко́пи гречки</i>	<i>ter dito tres sacos de “la” de trigo zarraceno³⁹⁸ e máis catro montonciños de trigo zarraceno</i>	‘contar /prometer moitas cousas irrealis’.

A análise da motivación deste xiro leva á palabra dialectal (rexión de Olonets) *арестáнт* ‘peixe cativo secado’. Tal interpretación, segundo parece, explica a lóxica da imaxe inicial: ‘contar moitas cousas irrealis da pesca que, según estes contos, foi moi grande’. Neste caso o fraseoloxismo

<i>наговори́ть со́рок бо́чек арестáнтов</i>	<i>ter dito corenta barrís de presos</i>	‘ter dito moitas cousas irrealis’
---	--	-----------------------------------

non só corresponde ó modelo

<i>наговори́ть с три ко́роба</i>	<i>ter dito por tres caixóns</i>	‘contar moitas cousas irrealis’
----------------------------------	----------------------------------	---------------------------------

ou

<i>наказати сі́м мі́шків гречано́ї вовни...</i>	<i>ter dito sete sacos de “la” de trigo zarraceno [...]</i>	‘contar /prometer moitas cousas irrealis’,
---	---	--

senón que tamén atopa analoxías nas comparanzas mariñeiras, é dicir, relativas á pesca, doutro plano semántico. Comp.:

<i>набі́лись как се́льди в бо́чке</i>	<i>encheron o espacío coma os arenques no barril</i>	‘dise da moita cantidade de xente ou, máis raramente, obxectos, que están apertados nun espacío relativamente pequeno’
---------------------------------------	--	--

³⁹⁸ Esta “la” non existe.

ucraíno

<i>як оселедців у бочці</i>	<i>coma os arenques no barril</i>	‘dise da moita cantidade de xente ou, máis raramente, obxectos, que están apertados nun espacio relativamente pequeno’ ³⁹⁹ .
-----------------------------	-----------------------------------	---

As asociacións estendidas da nosa expresión co lexema *арестáнт* ‘preso’, desta maneira, son unha transformación homonímica deste compoñente.

É significativo que, a pesar da diferenza de linguas e de estruturas dos fraseoloxismos, nos xiros

<i>наговорить сорок бочек арестантов</i>	<i>ter dito corenta barrís de presos</i>	‘ter dito moitas cousas irrealis’
--	--	-----------------------------------

e

<i>píje jako holendr</i>	<i>bebe coma un zapateiro</i>	‘bebe moito’ ⁴⁰⁰
--------------------------	-------------------------------	-----------------------------

o significado máis actual e contemporáneo do compoñente suprime a súa semántica inicial, aumentando con isto a expresividade da combinación.

4.1.2.3. Transformación polisémica dos compoñentes

Cando se altera a imaxe fraseolóxica, a transformación homonímica e a polisémica dan un resultado practicamente igual. Nalgunha medida esto está relacionado co móbiles que son (no plano diacrónico) os límites entre homonomia e polisemia. En ámbolos dous casos a alteración está relacionada coa comunidade absoluta da forma sendo diferente o contido. A identidade da forma orixina a identificación (falsa) do contido.

No caso da polisemia, sen embargo, a posibilidade da alteración da imaxe auméntase. O significado actual do compoñente fraseolóxico con frecuencia substitúe completamente o seu sentido primitivo perdido no proceso de desenvolvemento da combinación. A nova interpretación do compoñente dá á luz unhas asociacións novas, unha nova “xustificación” lóxica da forma do fraseoloxismo, nunha palabra, un mito fraseolóxico máis ou menos verosímil.

³⁹⁹ Comp. en galego: *coma sardiñas na lata*, ‘dise da moita cantidade de xente ou, máis raramente, obxectos, que están apertados nun espacio relativamente pequeno’. A variante *coma sardiñas na banastra* é obsolescente pero anterior a esta, porque alude ós recipientes redondos e de madeira (*banastras*) en que se metía o peixe afumado, para o seu transporte, antes de que se estendese o sistema actual da lata hermeticamente cerrada na que o peixe se conserva en aceite para a súa comercialización posterior.

⁴⁰⁰ Véxase páx. 194.

É significativa a motivación da unidade fraseolóxica

<i>попасть в переплёт</i>	<i>chegar a encontrarse nunha encadernación</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación di- fícil, perigosa ou de- sagradable’.
---------------------------	---	--

Ningún dos significados actuais da palabra *переплёт* ‘encadernación (acción)’; ‘coberta (dun libro)’; ‘barrotes (dunha fiestra, etc.)’ dá razón para o desciframento do xiro enteiro. Negando a asociación coa lingua profesional dos encadernadores, que vén á cabeza, A.I. Alperin⁴⁰¹ ofrece unha hipótese acerca da procedencia desta expresión, apoiándose no testemuño do libro de D. Smirnov *Debuxos da vida cotiá de Níjnii Nóvgorod do século XIX* (1948)⁴⁰². Os cargadores de Níjnii Nóvgorod chamábanlle “encadernacións” ós refuxios nocturnos máis sucios e máis baratos do corpo de Encadernadores no mercado da parte baixa da cidade. “A expresión especial de Níjnii Nóvgorod”, segundo a opinión de Smirnov e Alperin, primitivamente significaba precisamente isto, ‘sufrir unha necesidade extrema, vivir en condicións noxentas, apenas soportables’. Só despois este xiro adquiriu un uso máis amplo e o significado contemporáneo. Tal explicación contradí tanto a extensión extremadamente ampla da combinación

<i>попасть в переплёт</i>	<i>chegar a encontrarse nunha encadernación</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación di- fícil, perigosa ou de- sagradable’.
---------------------------	---	--

en comparación co significado estreitamente local da palabra *переплёт* ‘corpo de Encadernadores’, como o seu significado ‘chegar a encontrarse en condicións complicadas, difíciles de vida’.

A análise do material amosa que o significado abstracto da palabra *переплёт* é resultado do seu uso fraseolóxico realizado nunha área ampla e durante longo tempo. Nas diferentes falas locais están estendidas as expresións formadas segundo o modelo “*попасть* ‘chegar a encontrarse’ + ceпо, lazo”. No uso figurado todas elas significan aproximadamente o mesmo que

<i>попасть в переплёт</i>	<i>chegar a encontrarse nunha encadernación</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación di- fícil, perigosa ou de- sagradable’.
---------------------------	---	--

O carácter activo do uso deste modelo na fala popular fainos supoñer que a palabra *переплёт* tamén pode significar unha trampa. E así é: nos dialectos, por exemplo, nos de Arghánguelsk, *переплёт* significa ‘cercado feito de ramas, estendido a partir da beira cara ó fondo do río, que serve para colocar aparellos da pesca do salmón (= pesqueira)’.

⁴⁰¹ **Nota do orixinal:** Véxase: Альперин А.И. Почему мы так говорим. [Alperin A.I. ¿Por que o dicimos así?]. Барнаул, 1956.

⁴⁰² Д.Смирнов “Картинки нижегородского быта XIX века” (1948).

Polo tanto, a imaxe inicial do noso xiro é unha situación habitual da caída nun aparello de pesca, que aparece moitas veces na fraseoloxía de distintos pobos.

É aínda máis dificultosa a reconstrución da imaxe inicial de tales fraseoloxismos, se os seus compoñentes son palabras que teñen un alto grao de polisemia. Tales compoñentes son, por exemplo, nomes de animais. Por iso os fraseoloxismos zoolóxicos se interpretan de maneiras moi distintas, dependendo do significado que elixe o investigador (habitualmente dunha maneira arbitraria). Así, o significado literal das palabras *подложить* ‘poñer disimuladamente’ e *свинья* ‘porca’ non explica á motivación da combinación

<i>подложить свинью</i>	<i>poñer disimuladamente unha porca</i>	‘causar un gran desagrado a alguén’.
-------------------------	---	--------------------------------------

D.Iu.Kobiakov por iso propón partir do significado ‘formación militar en forma de cuña’ que é coñecido para a palabra rusa antiga *свинья*, e Skrípnik (Скрипник, 1973: 173) relaciona o xiro ucraíno correspondente

<i>підкласти (підсунути) свиню</i>	<i>poñer disimuladamente unha porca</i>	‘causar un gran desagrado a alguén’
------------------------------------	---	-------------------------------------

co xogo popular *свиня*⁴⁰³.

O carácter polisémico da palabra *собака* dificulta da mesma maneira a revelación dos inicios da expresión

<i>вешать соба́к</i>	<i>colgar cadelas</i> ⁴⁰⁴	‘imputarlle a un os pecados que non come-teu, calumniar’.
----------------------	--------------------------------------	---

A tradición paremiolóxica rusa (empezando pola recompilación de Sneguiriov) relaciona con *собака* ‘labaza que, segundo se di, se colgaba na roupa do inimigo con fins de conxuro’. O xiro analóxico polaco

<i>psy wieszać</i>	<i>colgar cadelas</i>	‘imputarlle a un os pecados que non come-teu, calumniar’
--------------------	-----------------------	--

Krzyżanowski (1960) relaciona, sen embargo, co castigo medieval que consistía en que unha persoa fose aforcada xunto coas cadelas. Skripnik (Véxase: Скрипник, 1973) acepta esta hipótese para o ucraíno

<i>вішати собак (цуків)</i>	<i>colgar cadelas (cachorros)</i>	‘imputarlle a un os pecados que non come-teu, calumniar’.
-----------------------------	-----------------------------------	---

⁴⁰³ **Nota do orixinal:** Véxase: Кобяков Д.Ю. Бессмертный дар: Повесть о словах. [Kobiakov D. Iu. O don immortal: Novela curta sobre as palabras]. Барнаул, 1971. Comp.: ruso *свинка*, ucraíno *свиня* ‘xogo; bóla de madeira que se fan correr cunha paleta neste xogo’.

⁴⁰⁴ O significado actual da palabra *собака* na lingua literaria é ‘cadela’.

Cómpre dicir, sen embargo, que a hipótese de Krzyżanowski é so un traslado da etimoloxía do xiro alemán ó material polaco

<i>Will ich lieber Hunde tragen (führen) bis Bautzen</i>	<i>prefiro leva-lo can no colo (pola correa) ata Bautzen</i>	‘non vou facer isto’,
--	--	-----------------------

que é moi lonxano tanto pola súa estrutura, como pola súa semántica do

polaco

<i>psy wieszac’</i>	<i>colgar cadelas</i>	‘imputarlle a un os pe- cados que non come- teu, calumniar’
---------------------	-----------------------	---

ucraíno

<i>вішати собак (цущи- ків)</i>	<i>colgar cadelas (cachor- ros)</i>	‘imputarlle a un os pe- cados que non come- teu, calumniar’
-------------------------------------	---	---

ruso

<i>вешать собак на когó- либо</i>	<i>colgar cadelas a al- guén</i>	‘imputarlle a un os pe- cados que non come- teu, calumniar’.
---------------------------------------	--------------------------------------	--

O material eslavo testemuña máis ben a favor da hipótese antiga. En primeiro lugar, a palabra *собака* (diminutivo *собачка*) coñécese, efectivamente, co significado de ‘labaza’. En segundo lugar, é significativo que, por exemplo, nos dialectos bielorrusos a expresión dada se use co verbo *чапляць* ‘enganchar’ que é moi apropiado precisamente para a labaza:

<i>чапляць (начапліваць, паначапляць) сабак</i>	<i>enganchar labazas</i>	‘imputarlle a un os pe- cados que non come- teu, calumniar’.
---	--------------------------	--

En terceiro lugar, os nomes da labaza teñen connotacións de desagrado, o que se reflicte, por exemplo, na expresión dialectal rusa

<i>влепíть репья кому́- нибудь</i>	<i>adherirlle a labaza a alguén</i>	‘causar un despeito’ ⁴⁰⁵ .
--	---	---------------------------------------

En fin, son coñecidas as combinacións formadas segundo un modelo semellante en que a “marca” de alguén (comp.

<i>очернить</i>	<i>“anegrar”</i>	‘infamar, calumniar’)
-----------------	------------------	-----------------------

desenvolve o significado ‘infamar, calumniar’:

⁴⁰⁵ Comp. outro significado desta expresión na páx. 165.

polaco

<i>przypiąć komu łatkę</i>	<i>colocar un remendo ou unha mancha</i>	‘calumniar a alguén’.
----------------------------	--	-----------------------

Son significativos neste aspecto os paralelos bálticos: por unha banda, a expresión lituana

<i>visus šunis kárty (kárstyti) ant ko</i>	<i>colga-las cadelas en alguén</i>	‘imputarlle a un os pecados que non come-teu, calumniar’
--	--	--

e o verbo letón

<i>sunit</i>	“ <i>cadelar</i> ”	‘blasfemar, infamar’
--------------	--------------------	----------------------

e, por outra banda, a palabra letona *sunīši* ‘cadeliñas’; ‘labaza (unha das especies)’. Ó mesmo tempo, cómpre falar agora dunha maior probabilidade da hipótese de Sneguiriov: soamente o material dialectal eslavo poderá confirmala.

O carácter discutible das interpretacións diacrónicas que reflicten o tipo polisémico da alteración da imaxe inicial é extremadamente típico para os fraseoloxismos que conteñen a palabra co significado ‘cadela’ como compoñente “de eixe” en moitas linguas. Así, para o alemán

<i>auf den Hund kommen</i>	<i>chegar ata o can</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación miserable’
----------------------------	-------------------------	--

os investigadores ofrecen cinco versións “históricas” que son comprobables (ou non-comprobables) en igual medida. Hai pouco tempo alguén propuxo a sexta versión que explica a expresión alemana por un feito etnográfico casual: a existencia dun cofre que ten no seu fondo unha imaxe incrustada dun can. Sen argumentos lingüísticos convincentes, esta interpretación transmítese á etimoloxía da unidade fraseolóxica eslovaca

<i>vyjst’ na psí tridsiatok</i>	<i>saír á trintena de ca- dela</i>	‘empobrecer’.
---------------------------------	--	---------------

Non obstante, a análise da área xeográfica permite desmentir esta suposición: o xiro eslovaco no aspecto estrutural e semántico distínguese considerablemente tanto do alemán

<i>auf den Hund kommen</i>	<i>chegar ata o can</i>	‘chegar a encontrarse nunha situación miserable’,
----------------------------	-------------------------	---

como das combinacións checas e polacas de tipo parecido, pero presenta unha semellanza asombrosa coa húngara

<i>ebek harmincadjára kerül</i>	<i>saír á trintena de ca- dela</i>	‘empobrecer’,
-------------------------------------	--	---------------

que posúe unha forma interna analóxica. Isto permite reconstruí-la imaxe primitiva do fraseoloxismo eslovaco doutra maneira: está relacionado, segundo parece, co dereito feudal que permitía percibir un imposto especial (*tridsiatok* ‘trintena’) das ganancias dos pequenos vendedores (este dereito era habitual para o reinado húngaro medieval, do que Eslovaquia formaba parte).

En tódolos casos de existencia de variantes etimolóxicas a reconstrucción da imaxe fraseolóxica inicial en gran medida depende de que se teña en conta o carácter serial da fraseoloxía. Esta propiedade dos fraseoloxismos adquire un valor especial na análise diacrónica.

As transformacións paronímica, homonímica e polisémica dos compoñentes fraseolóxicos, desta maneira, levan á alteración brusca da motivación inicial da combinación. Practicamente en tódolos casos semellantes se pode falar da actualización dos compoñentes, da substitución do compoñente menos coñecido polo máis coñecido (nos primeiros dous tipos de transformación, tamén co cambio da forma). As alteracións dos compoñentes reflicten a tendencia dos falantes nativos a conservaren o carácter actual da imaxe do fraseoloxismo. O proceso de borrado da motivación fraseolóxica, sen embargo, está condicionado, en resumidas contas, por factores extralingüísticos. Distintos tipos de transformación dos compoñentes do fraseoloxismo, freando este proceso incesante e enchendo de novo contido a forma interna deste, que se vai borrando, fan máis lenta a conversión das combinacións imáxicas en inimáxicas. E aínda que as alteracións da imaxe inicial complican moito a análise diacrónica obxectiva dos fraseoloxismos (e nalgúns casos fana imposible), non se pode deixar sen ver o papel positivo de tales transformacións falsas. Estas dinamizan as unidades fraseolóxicas e mais échenas de expresividade, que é tan necesaria para o funcionamento das combinacións estables.

4.1.2.4. Escurecemento da imaxibilidade inicial

Moitos investigadores (como, por exemplo, Amósova e Júkov) subliñan a dependencia directa da imaxe fraseolóxica do grao de motivación do fraseoloxismo. Coa perda de motivación, o fraseoloxismo deixa de ser, segundo a terminoloxía de Potebniá, “obra poética” e chega a ter un potencial connotativo moi baixo. Non é casual que a perda de motivación frecuentemente se acompañe pola neutralización da importante contradicción fraseolóxica: unidade de contido /divisibilidade de forma (nos marcos da implicación da combinación cara á palabra). É suficiente nomear tales combinacións como

ruso

<i>сгореть <u>дотла</u></i>	<i>queimarse ata o fondo</i>	‘queimarse totalmente’
-----------------------------	------------------------------	------------------------

<i>разбить <u>вдребезги</u></i>	<i>romper en cachiños</i>	‘romper totalmente’
---------------------------------	---------------------------	---------------------

polaco

<i>spalić się <u>do</u> <u>cna</u></i>	<i>queimarse ata o final</i>	‘queimarse totalmen- te’,
--	------------------------------	------------------------------

xa que os seus compoñentes nominativos (subliñados), ó se fusionaren coas preposicións, (subliñadas con liña dobre), convertíronse en adverbios; ou, noutro caso, ó se fusionaren coas partículas (subliñados con liña dobre), en “mini-fraseoloxismos” negativos do tipo de

ruso

<i><u>ни</u> <u>зги</u></i>	<i>(non se ve) nin a <u>cam-</u> <u>paíña</u> do trineo</i>	‘(non se ve) nada’
-----------------------------	---	--------------------

polaco

<i><u>ani</u> <u>zbla</u></i>	<i>(non se ve) <u>nin</u> un <u>tali-</u> <u>ño</u></i>	‘(non se ve) nada’,
-------------------------------	---	---------------------

que son idénticos ó pronome funcional e semanticamente⁴⁰⁶.

En casos semellantes a imaxe fraseolóxica inicial perde a súa vivacidade, non atopando o apoio na combinación variable perdida que noutrora lle servía de base, por exemplo: ruso *дотлѣ* (*тлю* ‘terra, base, fondo’); *вдрѣбѣзги* (*дрѣбѣзг* ‘fragmento, cacho’); polaco *do cna* ← *do kna* (*do kona*), da mesma familia que *koniec* ‘fin’. Non hai necesidade de describir detalladamente as combinacións que perderon a súa motivación debido á arcaización dos seus compoñentes. A estes xiros, chamados habitualmente xiros idiomáticos, ligazóns, ou fraseoloxismos moi idiomáticos, os paremiólogos préstannles unha atención especial. Os esforzos dos recompiladores das coñecidas recompilacións fraseolóxicas do século pasado dirixíronse ante todo á revelación da motivación de tales xiros.

Dende logo, a análise diacrónica das ligazóns, non sempre leva, nin moito menos, a unha combinación que primitivamente foi imáxica: por exemplo, o fraseoloxismo

<i>зadать стрекачѣ</i>	<i>dar unha carreira</i>	‘poñerse a correr esca- pando’
(zadat strecachá)		

resulta ser só un resultado da explicitación do verbo *стрекать* (*strekat*) ‘correr’⁴⁰⁷. Pero se a ligazón segundo a súa base é imáxica, o fraseólogo restablece sen problema a combinación variable. Cando tal combinación se usa en sentido figurado e se separa do fenómeno concreto que **designa** (pero non describe vivamente), chega a ser imáxica. O momento en que o significado directo e o figurado da combinación son capaces de actualizarse por igual na mente dos falantes nativos, pódese chamar culminación natural da imaxibilidade deste xiro. Sendo así a percepción, conséguese un maior grao de expresi-

⁴⁰⁶ Os cinco substantivos que figuran nestas expresións na lingua literaria contemporánea carecen de sentido; só se coñecen como partes das expresións fraseolóxicas.

⁴⁰⁷ Na lingua literaria contemporánea tanto o substantivo separado *стрекач* que forma parte deste xiro, como o verbo *стрекать* carecen de sentido, aínda que poden provocar asociacións con outras palabras que teñen cor expresiva; por exemplo, *стрекотать* (*strekotat*) ‘chirlar’, *стрекоза* (*strekozá*) ‘libélula’.

vidade.

É verdade que son posibles os casos en que durante a evolución ulterior do fraseoloxismo a expresividade resulta ser máis enérxica. Son casos de actualización falsa e secundaria da imaxe (descritos arriba como alteracións dos compoñentes fraseolóxicos). Efectivamente, a imaxe dunha persoa que sentou nun chanclo ou da que están colgadas as cadelas é moito máis eficaz e viva que a imaxe dunha persoa que caeu nun charco ou que está cuberta polas labazas. A inusualidade de tales imaxes non só renova a motivación perdida (ou que se está perdendo) da combinación, senón que tamén aumenta a súa expresividade. Estas son anomalías, dende o punto de vista da lóxica do desenvolvemento da fraseoloxía imáxica, pero é un método bastante activo de fraseoloxización en canto á creación dunha forza expresiva adicional ou á reconstrución da imaxibilidade.

Ó desenvolverse, a unidade fraseolóxica pode separarse máis e máis da combinación variable inicial, debido a varias razóns. A medida que se distancian o significado concreto e o abstracto, diminúe a imaxibilidade e consérvase só o significado fraseolóxico conxunto. O pleno funcionamento do fraseoloxismo nesta etapa queda asegurado xa non pola contradicción semántica entre o significado directo e o figurado da combinación, senón pola contradicción fundamental para a fraseoloxía entre formación separada e enteireza semántica. De feito unha parte das combinacións descomponse no resultado deste proceso (compárese a formación de adverbios de tipo *дотла* ‘ata o fondo’ que úsase cos verbos de significado ‘queimar’); e outra parte conserva o estatuto fraseolóxico só debido ó carácter semántico dun dos seus compoñentes e á formación separada da súa estrutura, claramente expresada. Polo tanto, o fraseoloxismo, ó empeza-lo seu desenvolvemento a partir da combinación inimáxica, volve á inimaxibilidade.

4.2. Dende a inimaxibilidade á imaxibilidade

4.2.1. Tipos de fraseoloxismos inimáxicos

As combinacións inimáxicas son tanto as fontes dos fraseoloxismos, como, en moitos casos, o resultado final da súa evolución histórica. A isto se debe a necesidade dun estudio especial das combinacións de palabras para as que a reinterpretación imáxica, por distintas razóns, é moi dificultosa ou incluso parece ser imposible por principio. Entón, ¿en que consiste o carácter fraseolóxico de tales combinacións? ¿Que é o que permite consideralas unidades fraseolóxicas?

A resposta a esta pregunta, segundo parece, implica a observación das combinacións que inclúen necrotismos. Amósova, caracterizando a esencia fraseolóxica de tales xiros, escribe:

Aínda que a desactualización dos significados propios dos compoñentes pode che-

gar ata a súa desemantización de feito, a existencia de cada un dos compoñentes como palabra separada na composición dun xiro idiomático, segundo parece, impide a súa necrose completa (Амосова, 1963: 91).

Polo tanto, a formación separada da estrutura aquí tamén actúa como indicio principal das unidades lingüísticas.

Pero o recoñecemento da formación separada como único criterio do estatuto fraseolóxico da combinación levaría a unha ampliación desmesurada do concepto de fraseoloxía. Por exemplo, Ójegov (Ожеров, 1957: 45) non marcaba diferencias entre aqueles ditos que sufriron fraseoloxización como, por unha banda,

<i>кисейная барышня</i>	<i>señorita de muselina</i>	‘rapaza moi remilgada’
<i>е лишние люди</i>	<i>xente de máis</i>	‘tipo de persoas que non saben encontralo seu lugar na vida social’ ⁴⁰⁸ ; ‘desempregados’

e, por outra, combinacións terminolóxicas

<i>скóрая пóмощь</i>	<i>axuda rápida</i>	‘ambulancia’
<i>молóчная кúхня</i>	<i>cociña láctea</i>	‘leitería especial para bebés’.

Un criterio importante para deslinda-las unidades fraseolóxicas dos non-fraseoloxismos en casos semellantes é a **expresividade**. O carácter valorativo da semántica dos fraseoloxismos distíngueos das combinacións libres que son semanticamente neutras. Precisamente a expresividade permite distingui-los fraseoloxismos das numerosas unidades inimáxicas que posúen unha formación separada: os xiros analíticos de carácter expresivo

<i>зада́ть взбу́чку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>да́ть тя́гу</i>	<i>dar unha carreira</i>	‘fuxir, correr’;

combinacións tautolóxicas

<i>ходи́ть ходуно́м</i>	<i>andar coma un andador</i>	‘vibrar moito’
<i>хоть пруд пруди́</i>	<i>...que mesmo podes “diquear” (=construír) un dique</i>	‘hai moita cantidade’;

xiros rimados

<i>ни ко́жи ни ро́-</i>	<i>(ni koji ni roji)</i>	<i>nin pel nin fo-</i>	‘persoa moi
-------------------------	--------------------------	------------------------	-------------

⁴⁰⁸ A expresión procede da literatura rusa do século XIX.

<i>жи</i>		<i>ciño</i>	fraca e fea'
<i>сáми с усáми</i>	(sami s usami)	<i>os mesmos te- mos bigote</i>	'non (somos) peores, nin máis estúpi- dos cóos ou- tros';

combinacións cos compoñentes que perderon a súa motivación (subliñados)

<i>разводить <u>турýсы</u> на колёсах</i>	<i>disolver <u>torres de ase- dio</u>⁴⁰⁹ nas rodas</i>	'falar por falar (por non estar calados)'
<i>у чёрта на <u>кули́чках</u> (u chorta na <u>culích- kagh</u>)</i>	<i>nas <u>rozaz</u> do demo</i>	'moi lonxe'.

Dende logo, estes tipos de fraseoloxismos inimáxicos non son homoxéneos en canto ó carácter da súa inimaxibilidade e ó modo de creación da forza expresiva fraseolóxica.

4.2.1.1. Xiros analíticos de carácter expresivo

As peculiaridades dos fraseoloxismos deste tipo xa se consideraron cando se analizaba a explicitación das palabras (capítulo 3). Agora cómpre amosar qué construcións analíticas poden ser interpretadas como fraseolóxicas.

O problema de se as combinacións cos verbos *дать* 'dar', *делать* 'facer' e semellantes

<i>дать совет</i>	<i>dar un consello</i>	'aconsellar'
<i>сделать одолжение</i>	<i>facer un favor</i>	'favorecer'

pertencen ós fraseoloxismos ou non, segue provocando discusións. Nalgunhas linguas, por exemplo, en inglés, son normativos. Amósova, prestándolles gran atención a semellantes xiros, non os considera, sen embargo, como fraseoloxismos. Segundo a súa opinión, os xiros do tipo dos ingleses

<i>to give a smile</i>	<i>dar un sorriso</i>	'botar un sorriso'
<i>to take a walk</i>	<i>coller un paseo</i>	'dar un paseo'
<i>to have a swim</i>	<i>ter unha natación</i>	'nadar'

distínguense dos fraseoloxismos polo seu "carácter modelado, pola regularidade da rela-

⁴⁰⁹ A palabra *турýсы* 'torres de asedio' e a do xiro seguinte *кули́чки* (en caso prepositivo *кули́чках*) 'rozaz' caeron en desuso xunto coas realidades correspondentes, e os significados destas palabras tomadas por separado, fóra dos fraseoloxismos, na lingua literaria contemporánea son totalmente opacos. Respecto ó segundo destes xiros, véxanse tamén as páxs. 28 e seguintes.

ción que existe entre a súa estrutura e o resultado semántico que se deriva dela: a expresión dunha acción que sucede unha soa vez ou dunha acción breve, ou dunha acción repetida-dividida” (Амосова, 1963: 117-118). É significativa, non obstante, a observación de que tales construcións “non son unha forma analítica que está incluída no paradigma gramatical dos verbos” e o recoñecemento dunha “maior enerxía expresiva” de tales paráfrases. Os especialistas da lingua rusa manteñen tamén puntos de vista extremos sobre o “carácter fraseolóxico” de tales combinacións.

O criterio da expresividade axuda a delimita-las unidades fraseolóxicas e non-fraseolóxicas na composición destas construcións analíticas. A gran maioría de combinacións descriptivas da lingua inglesa do tipo

<i>to give a laugh</i>	<i>dar unha risada</i>	‘rir’
------------------------	------------------------	-------

e as paráfrases rusas do tipo

<i>дать совет</i>	<i>dar un consello</i>	‘aconsellar’
-------------------	------------------------	--------------

<i>сделать одолжение</i>	<i>facer un favor</i>	‘favorecer’
--------------------------	-----------------------	-------------

que non posúen expresividade poden ser retirados, dende este punto de vista, do corpo da fraseoloxía. E poden ser considerados fraseoloxismos aqueles que teñan unha expresividade facilitada ou ben pola semántica expresiva do compoñente nominativo

<i>дать взбучку</i>	<i>dar unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	comp. dialectal <i>взбучить</i> ‘golpear, pegar’,
---------------------	---------------------------------	--	---

ou ben pola reinterpretación deste compoñente

<i>(за)дать жару</i>	<i>dar calor (queimadela) /unha serie de golpes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’	comp.: <i>жарить</i> ‘fritir’, ‘golpear con forza’
----------------------	---	--	--

<i>дать тягу</i>	<i>dar unha tracción /unha carreira</i>	‘fuxir, correr’	comp.: <i>тянуть</i> ‘realiza-la tracción’, ‘fuxir, correr’,
------------------	---	-----------------	--

ou ben pola súa desmotivación

<i>здать стрекача (zadat strecachá)</i>	<i>dar unha carreira</i>	‘poñerse a correr escapando’	comp.: <i>стрекать</i> (strekat) ‘correr’
---	--------------------------	------------------------------	---

<i>дать дра́ла (dat)</i>	<i>dar unha carreira</i>	‘poñerse a correr escapando’	comp.: <i>драть</i> (drat) ‘co-
--------------------------	--------------------------	------------------------------	---------------------------------

drala) do' rrer',⁴¹⁰.

Dende logo, propoñendo esta delimitación, cómpre decatarse da súa relatividade: a identidade estrutural das combinacións fraseolóxicas e non-fraseolóxicas e as dificultades que xorden durante a determinación da medida da expresividade dos compoñentes nominativos (comp.: o verbo *бежѣть* 'correr' e a expresión dialectal

дать бежѣ *dar unha carreira* 'fuxir; correr')

non sempre permiten realizala dunha maneira consecuenta. Non obstante, non se pode deixar, en principio, de nota-la diferenza entre estes dous tipos de construcións analíticas: as combinacións que carecen de expresividade son só "materia prima semi-preparada" dos fraseoloxismos.

Na lingua rusa a conversión das combinacións analíticas inimáxicas en fraseoloxismos é un proceso moi activo. Está relacionado coa "complicación cualitativa" das formas analíticas da fala que foi notada xa por Vinográfov (Виноградов, 1986: 575). Unha das manifestacións principais desta "complicación cualitativa" é a saturación expresiva de tales construcións e, polo tanto, a súa fraseoloxización.

4.2.1.2. Fraseoloxismos tautolóxicos

As peculiaridades dos fraseoloxismos tautolóxicos foron caracterizadas dunha maneira bastante acertada por L.I.Roizenzón, que subliñou a súa capacidade de "expresar parcamente toda unha gama de finos matices semánticos mediante unha orixinal "aliaxe" dos significados léxicos e gramaticais ata un enteiro unido" (Роizenзон, 1972: 20). Efectivamente, a característica puramente gramatical, estrutural de tales xiros ten para a fraseoloxización case unha maior importancia cá léxica. Segundo parece, isto é unha inercia antiga, xa que primitivamente as repeticións non reforzaban tanto o significado, senón que expresaban unha determinada relación sintáctica. A forma dos tautoloxismos frecuentemente desempeña un papel moi importante: cando se crea a forza expresiva fraseolóxica, lexicalízase a mesma construción.

Por iso non é casual que moitos investigadores valoren excesivamente o aspecto formal dos tautoloxismos, sen delimita-los fraseoloxismos e as construcións tautolóxicas de fala e de lingua, as fórmulas tópicas. Esta valoración excesiva reflíctese tamén na práctica lexicográfica. Probablemente, o alto peso específico da fraseoloxía tautolóxica nas falas populares, que habitualmente se rexistra nos dicionarios, podería ser algo rebaxado ó excluí-las construcións non-expresivas.

En semellantes casos, igual que durante a revelación dos fraseoloxismos de tipo parafrástico, é precisamente a expresividade a que pode chegar a se-lo criterio de "carácter

⁴¹⁰ Acerca da desmotivación no primeiro dos exemplos véxase a nota 407; no segundo, a desmotivación foi provocada pola existencia do verbo homonímico *драть* (drat) 'berrar'.

fraseolóxico”. Exprésase por un destes rasgos: polo carácter expresivo da semántica dos compoñentes

<i>дрожмя дрожать</i>	<i>tremar tremendo</i>	‘tremar intensivamente’
<i>глотом глотать</i>	<i>tragar tragando</i>	‘comer con avidez’,
pola posibilidade de reinterpretación dun deles		
<i>дёром драть</i>	<i>berrar berrando</i>	‘facer algo rapidamente e con ganas; berrar, chorar intensivamente’
<i>ходить ходунóm</i>	<i>andar coma un andador</i>	‘vibrar moito’

e pola desmotivación

<i>кишмя кишеть</i> (kixmiá kixet)	<i>bulir bulindo</i> (etimologicamente <i>fermentar fermentando</i>)	‘estarse movendo desordenadamente (dunha gran cantidade de persoas ou animais, máis a miúdo insectos ou réptiles)’
<i>туром турить</i> (turom turit)	<i>expulsar expulsando a golpes</i>	‘expulsar insistentemente’ ⁴¹¹ .

Estes trazos amosan o carácter non-fraseolóxico dos tópicos “profesionais” e “rituais” do tipo

<i>драть драньё</i>	<i>desgarra-lo</i>	<i>desgarra-mento</i>	‘quita-los cachiños de madeira dos tellados’
ou arcaico dialectal <i>убежать убежом</i>	<i>fuxir fuxindo</i>		‘facer unha voda secreta, sen rito solemne, nin banquete’.

Dende este punto de vista tampouco poden ser calificadas como fraseoloxismos as construcións estables do tipo

<i>мосты мостить</i>	“pontear” as pontes	‘face-lo pavimento das pontes’
<i>клятвой клятися</i>	<i>xurar co xuramento</i>	‘facer un xuramento’

⁴¹¹ A desmotivación foi provocada pola consonancia da primeira destas expresións coa palabra *кишки* (kixki) ‘tripas’ e da segunda coa palabra *ур* (tur) ‘uro’.

que se atopan a miúdo nas crónicas antigas, ou tópicos do tipo

<i>ЛОВЫ ЛОВИТИ</i>	<i>cazar caza</i>	'ir de caza'
<i>В ПОХОД ХОДИТИ</i>	<i>marchar de marcha</i>	'emprender unha marcha militar'

e semellantes que foron atopados por Potebniá nos documentos oficiais rusos antigos. Dende o punto de vista da expresividade, tamén resultan ser non-fraseoloxismos, as combinacións tautolóxicas procedentes das epopeias rusas, do tipo

<i>ДУМУ ДУМАТЬ</i>	<i>pensa-lo pensamento</i>	'pensar en algo'
<i>СТРЕЛОЧКУ СТРЕЛЯТЬ</i>	<i>"frechar" frecha</i>	'dispara-la frecha'.

Ó mesmo tempo non se pode deixar sen ve-la relación estreita entre os tautoloxismos fraseolóxicos e os tautoloxismos de tipo non-fraseolóxico. Isto está condicionado ante todo pola dependencia do contido expresivo de tales fraseoloxismos da súa forma. A pesar do carácter especialmente nacional, da "orixinalidade" que aparentan ter os modelos dos tautoloxismos, están amplamente estendidos en moitas linguas. Segundo a opinión de Potebniá, a repetición subliña "a duración dunha acción, a intensidade dunha cualidade, unha multitude de cousas" (Потебня, 1968: 441). A isto se debe o carácter maiormente relacionado coa fala, o carácter dialectal, folklórico do funcionamento das combinacións tautolóxicas.

É a expresividade propia das construcións tautolóxicas a que condiciona a súa fraseoloxización activa. Ó mesmo tempo arriba achegábanse os exemplos en que a forza expresiva "tautolóxica xeral" non se realiza como fraseolóxica. O motivo disto consiste en que a repetición pode servir a obxectivos tanto gramaticais coma léxicos. A gramaticalización diminúe a expresividade (comp.:

<i>ДУМУ ДУМАТЬ</i>	<i>pensa-lo pensamento</i>	'pensar en algo',
--------------------	----------------------------	-------------------

onde se subliña a duración da acción), e a lexicalización auméntaa. Canto máis lexicalizada estea a combinación tautolóxica, tanto máis próxima estará ó fraseoloxismo.

4.2.1.3. Unidades fraseolóxicas rimadas

As expresións rimadas do tipo

<i>СУДИТЬ-РЯДИТЬ</i>	(sudit-riadit)	<i>xulgar-vestir</i>	'murmurar de algo ou de alguén'
<i>ЖИТЬ-БЫТЬ</i>	(jit-bit)	<i>vivir-ser</i>	'vivir, existir, ser (aplícase ó inicio dos

contos)',⁴¹²

frecuentemente consideranse como unha das variedades da repetición. A repetición da fala, incluso a repetición da rima, é o material que máis se usa para a costrución enfática das frases. Efectivamente, a expresividade dos fraseoloxismos rimados créase maiormente a conta da repetición de distintos elementos lingüísticos - partes de palabra.

O carácter desta expresividade, sen embargo, distínguese algo da expresividade fraseolóxica dos tautoloxismos, tanto no plano estrutural, coma no semántico. Os tautoloxismos fraseoloxízanse mediante a repetición dos lexemas, e os fraseoloxismos rimados fraseoloxízanse mediante a repetición dos complexos sonoros que forman parte dos lexemas. Disto procede o carácter léxico ou gramatical da expresividade dos tautoloxismos, a súa estabilidade semántica relativa, a posibilidade de revelación de parámetros valorativos tales como a duración da acción, a intensidade da cualidade e a multitude de obxectos, mentres que os fraseoloxismos rimados se caracterizan pola “expresividade fonética”. Así, comparando os distintos tipos de fraseoloxismos rimados como

<i>шалтáй-болтáй</i>	(xaltái-boltái)	<i>balancea-axita</i>	‘dise cando un pasa o tempo sen ocupación útil, en van’
<i>тáры-бáры</i>	(tari-bari)	<i>tari-bari</i> ⁴¹³	‘lerias inútiles’
<i>ушки на ма- кушке</i>	(uxki na ma- kuxke)	<i>orelliñas na ci- ma</i>	‘dise dunha persoa que está alerta’
<i>сáми с усáми</i>	(sami s usami)	<i>os mesmos te- mos bigote</i>	‘non (somos) peores, nin máis estúpidos cós outros’,
<i>от горшкá два вершкá</i>	(ot gorxká dva verxká)	<i>dous verxoks</i> ⁴¹⁴ <i>a partir da cazola</i>	‘(ten) altura moi baixa, (é) fraco e feble (dise habitualmente dun neno ou dun adolescente)’
<i>последняя спíца в ко- леснiце</i>	(poslédniaia spitsa v ko- lesnitse)	<i>o último raio na carroza</i>	‘persoa que fai un papel insignificante

⁴¹² Comp. en galego: *Érase unha vez...*; *Dunha vez era...*, etc..

⁴¹³ Son onomatopeias que imitan as voces das persoas que charlan.

⁴¹⁴ Véxase a nota 196.

na sociedade,
nun asunto’,

é fácil notar que o único trazo común da fraseoloxización destas combinacións é a énfase, mentres que a súa concreción semántica depende da composición léxica da unidade fraseolóxica e da súa estrutura.

A función principal da rima é crea-la simetría sonora do fraseoloxismo. As relacións léxico-semánticas e lóxico-sintácticas, subordinándose a esta función, desempeñan un papel secundario na organización das parellas rimadas, coma se “se axustasen” á súa “simetría sonora”. Os elementos de rima e os rítmicos inflúen de maneira activa na estrutura gramatical, na orde das palabras e nos outros elementos estruturais do fraseoloxismo.

Cando ten lugar unha unión de palabras realizada por medio da rima, sitúase no primeiro plano a identidade da expresión e non a identidade do contido. É precisamente o carácter “hiperlexémico” da rima o que condiciona a expresividade enfática xeral dos fraseoloxismos rimados.

A especial expresividade das combinacións rimadas (en comparación coas tautolóxicas) é moi importante para comprende-las peculiaridades da súa fraseoloxización. Os tautoloxismos, como vimos, poden gramaticalizarse, o que impide a conversión dalgúns deles en unidades fraseolóxicas, mentres que as combinacións rimadas non se someten á gramaticalización. Gracias a isto practicamente cada combinación rimada é susceptible de ser fraseoloxizada. Sendo isto así, as distintas clases de tales combinacións utilizan de maneiras diferentes “a forza expresiva fonética” da rima, frecuentemente combinándoa con medios imáxicos.

Pódese considerar como puramente rimada, quizais, só a fraseoloxía nominativa do tipo

<i>шаляй-валяй</i>	(xaliái-valiái)	<i>xaliái</i> ⁴¹⁵ - <i>fai</i> <i>rodar (algo)</i>	‘con descoido’
<i>шалтай-болтай</i>	(xaltái-boltái)	<i>balancea-axita</i>	‘dise cando un pasa o tempo sen ocupación útil, en van’
<i>тары-бары- растабары</i>	(tari-bari- rastabari)	<i>tari-bari-rasta- bari</i> ⁴¹⁶	‘lerias inútiles’
<i>хурум-бурум</i>	(xurum-burum)	<i>xurum-bu- rum</i> ⁴¹⁷	‘obxectos cati- vos, inútiles’

e semellantes, que está moi estendida nas falas populares. Á fraseoloxización de tales xiros contribúe a falta regular de motivación dun dos compoñentes que habitualmente xor-

⁴¹⁵ A palabra *xaliái* carece de sentido, é artificial, rimada coa outra.

⁴¹⁶ Son onomatopeias das voces dos que charlan. Comp. en galego *tataratá*.

⁴¹⁷ Son onomatopeias de procedencia turca.

de no proceso de creación da rima. Comp. tamén:

<i>шóша да ерó-ша</i>	(xoxa da eroxa)	<i>home vestido con descoído sucio e de roupa rota e mailo home de cabeza desenguedellada</i>	‘xente baixa e ruín’
<i>хай да май</i>	(ghai da mai)	<i>ruído, gritos e desorde</i>	‘todo tipo de xente baixa e ruín’
<i>гай да май</i>	(gai da mai)	<i>ruído, gritos e desorde</i>	‘rifas, pelexas’
<i>смúты да пере-мúты</i>	(smuti da pere-muti)	<i>pelexas domésticas, desorde e murmura-cións</i>	‘varios desa-grados’.

Noutros tipos de fraseoloxismos que posúen rima esta actúa máis frecuentemente como un factor que aumenta a forza expresiva dos modelos semántico-estruturais dos fraseoloxismos imáxicos:

<i>рóжки да нóж-ки</i>	(rojki da nojki)	<i>corniños e per-niñas</i>	‘(non quedou) absolutament e nada’
<i>тын да овiн</i>	(tin da ovín)	<i>cercado e se-cadeiro de gavelas</i>	‘desorde’
<i>и смех и грех</i>	(i smegh i greggh)	<i>e risa, e peca-do</i>	‘dise dunha cousa algo errónea pero que provoca risa’
(rexión de Omsk) <i>смехотá и грехотá</i>	(smeghotá i greghotá)	<i>risa e pecado</i>	‘dise dunha cousa algo errónea pero que provoca risa’
<i>ни склáду ни лáду</i>	(ni skladu ni ladu)	<i>nin boa com-posición, nin</i>	‘dise dalgo que non posúe

		<i>harmonía</i>	lóxica, sentido, harmonía'
<i>ни слуху ни духу</i>	(ni slughu ni dughu)	<i>nin son, nin olor</i>	'non se sabe nada (de alguén)'
<i>днём с огнём не сыскать</i>	(dniom s ogniom ne sis-kat)	<i>non se pode atopar nin sequera de día e co lume</i>	'é imposible atopalo'
<i>опять двадцать пять</i>	(opiat dvádtstat piat)	<i>outra vez máis vintecinco</i>	'(reproche): volves repetir outra vez o mesmo'

e outros. A rima pode regularizar, en semellantes fraseoloxismos, os cambios formais:

<i>сам с усам</i>	(sam s usam)	<i>o mesmo ten bigote</i>	'non (son) peor, nin máis estúpido cóos outros'
-------------------	--------------	---------------------------	---

en vez de

<i>сами с усами</i> ⁴¹⁸	(sami s usami)	<i>os mesmos temos bigote</i>	'non (somos) peores, nin máis estúpidos cóos outros';
------------------------------------	----------------	-------------------------------	---

<i>сбоку припёку</i>	(sboku pripio-ku)	<i>cachiños queimados de masa pegados por fóra ó pan xa cocido</i>	'alguén ou algo inútil, alleo'
----------------------	-------------------	--	--------------------------------

en vez de

<i>сбоку припё-</i>	(sboku pripio-	<i>cachiños quei-</i>	'alguén ou algo
---------------------	----------------	-----------------------	-----------------

⁴¹⁸ Ó cambiarse a palabra *сами* (sami) 'mesmos' pola súa forma singular *сам* (sam) 'mesmo', a palabra 'bigote' cambia a súa forma literaria do caso instrumental *усами* (usami) pola forma do instrumental que se considera incorrecta na lingua literaria (pero que existe nos dialectos) *усам* (usam), o que serve para conservar a rima.

<i>ка</i> ⁴¹⁹	ka)	<i>mados de ma- sa pegados por fóra ó pan xa cocido</i>	inútil, alleo’.
--------------------------	-----	---	-----------------

É posible tamén a alteración da lóxica interna do modelo fraseolóxico baixo a influencia da tendencia á rima:

<i>менять шило на мыло ←</i>	(meniat xilo na milo)	<i>troca-la subela polo xabón</i>	‘de dous males elixa-lo peor’
<i>менять шило на свайку</i>	(meniat xilo na svaiku)	<i>troca-la subela pola svaika</i> ⁴²⁰	‘de dous males elixa-lo peor’.

Non é casual que os paremiólogos expresasen dende xa hai moito tempo a opinión de que os proverbios e ditos rimados habitualmente son formacións máis tardías que os non rimados.

Temos considerados tres tipos de fraseoloxismos inimáxicos, intentando revela-las peculiaridades semánticas de cada un deles. Poderíanse describir tamén algúns outros medios inimáxicos de creación de unidades fraseolóxicas, que non son tan activos respecto á fraseoloxía. A relación coa imaxibilidade, sen embargo, non é neutra, nin moito menos, nos tipos de fraseoloxismos analizados. Para a fraseoloxía analítica e tautolóxica a posibilidade da reinterpretación dos compoñentes é un paso non menos importante que o carácter expresivo da semántica dos compoñentes ou que a súa desmotivación. Habitualmente a rima e a combinación imáxica interaccionan nos marcos dun modelo estrutural productivo do fraseoloxismo. Tales métodos de aumento da expresividade testemuñan a tendencia á imaxibilidade das unidades inimáxicas que posúen unha formación separada.

4.2.2. Mestura dos fraseoloxismos inimáxicos cos imáxicos

Considerando os tipos máis característicos de fraseoloxismos inimáxicos, vimos que o seu movemento común cara á expresividade pode realizarse tamén gracias á aproximación á imaxibilidade. Imos describir agora os casos en que tal aproximación é máxima, cando os medios de fraseoloxización imáxicos e inimáxicos interaccionan dunha maneira tan estreita que se pode facer constar un orixinal sincretismo deles. Tal unidade de propiedades contrarias pode realizarse ben mediante a interacción dos modelos fraseolóxicos inimáxicos cos imáxicos, ou ben mediante a creación de falsa imaxibilidade nunha base inimáxica.

⁴¹⁹ *Припе́ка* (pripioka) é caso nominativo, e *припе́ку* (pripioku) é acusativo.

⁴²⁰ Véxase a páx. 71 e seguintes.

4.2.2.1. Interacción dos modelos fraseolóxicos inimáxicos cos imáxicos

Os modelos estruturais dos fraseoloxismos poden concretizarse tanto polos medios imáxicos, como polos inimáxicos. Así, o modelo analítico estrutural descrito “*дать* ‘dar’ + golpe = *бить* ‘golpear’” pode realizarse tanto pola paráfrase dos verbos *percutientes*

(*пороть* - ‘xostrear’ -

задать порку *dar unha xost-
trada* ‘xostrear’),

como pola combinación do verbo *дать* ‘dar’ cun substantivo interpretado metaforicamente

задать баню *dar unha bania*⁴²¹ ‘golpear, pegar varias
veces seguidas e con
forza’;

un modelo fraseolóxico que contén negación pode materializarse mediante unha concordanza lóxica-temática rigorosa dos compoñentes reinterpretados

ни рыба ни мясо *nin peixe nin carne* ‘home mediocre, que
non ten trazos característicos individuais
que o destaquen doutros’

ни сучка ни задоринки *nin ramiños nin nudiños* ‘sen tropezos; feito
dunha maneira ideal’,

e tamén se pode materializar mediante a creación da rima dos compoñentes

ни в городе Богдан ни в селе Сelifán (ni v górode Bogdán ni v selé Selifán) *nin na cidade Bogdán nin na aldeia Selifán* ‘home mediocre, que non ten trazos característicos individuais que o destaquen doutros’

ни костей ни вестей (ni kostéi ni vestéi) *nin ósos nin noticias* ‘non hai noticias ningunhas sobre alguén’.

Ó mesmo tempo existen modelos estruturais dos fraseoloxismos que se realizan habitualmente ben con medios puramente imáxicos, ben con aqueles puramente inimáxicos. O modelo máis representativo do primeiro tipo son as comparacións estables. Un exem-

⁴²¹ Véxase a nota 89.

plo dos fraseoloxismos de tipo, en principio inimáxico, son combinacións con estrutura tautolóxica. Os fraseoloxismos comparativos e tautolóxicos distínguense uns dos outros formal e semanticamente, coma se fosen un símbolo estrutural da oposición imaxibilidade /inimaxibilidade da fraseoloxía. Pero precisamente debido á contraposición dos fraseoloxismos destes tipos é posible a súa interacción activa na fala. Estas características contrarias crean unha expresividade adicional.

Un modelo habitual de comparación (tanto estable, coma inestable) é a combinación dun verbo cun substantivo no caso instrumental:

<i>ходить <u>ГОГОЛЕМ</u></i>	<i>andar coma unha oca (de colo elevado)</i>	‘andar orgulloso, con aspecto atrevido, audaz’
<i>кричать <u>ПЕТУХОМ</u></i>	<i>berrar coma un galo</i>	‘berrar en voz alta e estridente’.

A fraseoloxización de tales combinacións, como amosou A.K.Panfilov, está condicionada en gran medida pola súa imaxibilidade ben perceptible. Non obstante, o caso instrumental con significado gramatical de comparación pódese usar amplamente tamén na creación de combinacións tautolóxicas do tipo

<i>дура́к <u>ДУРАКОМ</u></i>	<i>o parvo coma un parvo</i>	‘persoa parva’.
------------------------------	------------------------------	-----------------

A agrupación da estrutura comparativa coa tautolóxica reforza considerablemente a expresividade do modelo. Os dicionarios non sempre rexistran esta reforzada expresividade; así, o xiro

(rexión de Irkutsk)	<i>тума́к <u>ТУМАКОМ</u></i>	<i>o torpe coma un torpe</i>	‘persoa torpe’
---------------------	------------------------------	------------------------------	----------------

interpretase dunha maneira moi neutra como ‘dise dunha persoa torpe’, e na descrición lexicográfica do xiro

(rexión de Briansk)	<i>гро́хва <u>ГРОХВОЙ</u>... (groghva groghvoi)</i>	<i>a groghva coma unha groghva</i> ⁴²²	‘muller grande e gorda, cun andar lento e harmonioso’
---------------------	---	---	---

non se determinan de ningún modo as peculiaridades fraseolóxicas deste xiro comparativo en comparación coa palabra a partir de que está formado. Ó mesmo tempo, en moitas fontes con distintos métodos nótase o grao máximo dunha cualidade ou dunha propiedade expresada por tales fraseoloxismos:

<i>сморчо́к <u>СМОРЧКОМ</u></i>	<i>o engurrado coma un</i>	‘persoa que ten moitas
---------------------------------	----------------------------	------------------------

⁴²² *Гро́хва* (groghva) (no caso instrumental *гро́хвои* (groghvoi)) significa ‘muller grande e gorda, cun andar lento e harmonioso’. Para expresa-las peculiaridades fraseolóxicas do xiro, deberíamos dar unha definición como ‘muller desmesuradamente grande e gorda, cun andar lento de máis’.

	<i>engurrado</i>	<i>engurras'</i>
<i>пóрох пóрохом</i>	<i>o fogoso coma un fogoso</i>	<i>'persoa moi fogosa'</i>
<i>голова́ пóршень</i> <i>пóршнем</i>	<i>a (súa) cabeza está desengedellada como algunha cousa desenguedellada</i>	<i>'a (súa) cabeza está moi desenguedellada'.</i>

Os cambios cualitativos da semántica do fraseoloxismo, que acompañan a interacción entre os modelos tautolóxico e comparativo, están estreitamente relacionados coas súas transformacións cuantitativas. Comparando as expresións

<i>лететь стрелóй</i>	<i>voar coma unha frecha</i>	<i>'correr moi rapidamente'</i>
-----------------------	------------------------------	---------------------------------

e

<i>дура́к дурако́м</i>	<i>o parvo coma un parvo</i>	<i>'parvo de remate',</i>
------------------------	------------------------------	---------------------------

non é difícil notar que nas combinacións do primeiro tipo a presenza do verbo é obrigatoria, mentres que nas do segundo este a miúdo está ausente. Ademais, as expresións do primeiro tipo non se forman a partir de tódolos verbos, nin moito menos, senón só a partir daqueles que son coloquiais e están semanticamente limitados pola necesidade de caracterizala acción que realiza un ser vivo ou un obxecto (fenómeno) do mundo da natureza. Algúns fraseoloxismos comparativo-tautolóxicos seguen conservando o compoñente verbal que subliña ben unha intensidade extrema da acción, ou ben unha calidade especial desta:

<i>перевáливается (идёт)</i> <i>копна́ копно́й</i>	<i>bambéase (anda) o montón de feixes coma un montón de feixes</i>	<i>'anda bambeando (dise dunha muller gorda)'</i>
<i>гляди́т мужи́к мужи́ком</i>	<i>mira o home coma un home</i>	<i>'ten aspecto dun home verdadeiro'</i>
<i>хо́дит ко́нь ко́нём</i>	<i>anda o cabalo coma un cabalo</i>	<i>'está san e animoso'.</i>

O carácter tautolóxico do elemento de comparación reforza a nominatividade das construcións aportadas que conteñen un substantivo en caso instrumental⁴²³. O reforzo da nominatividade leva á elipse completa do compoñente verbal:

<i>дура́к дурако́м</i>	<i>o parvo coma un parvo</i>	<i>'parvo de remate',</i>
------------------------	------------------------------	---------------------------

⁴²³ Son os substantivos que van arriba, dende a páx. 385, subliñados con liña punteada.

тума́к тумако́м *o torpe coma un torpe* ‘persoa torpe’.

Estas e semellantes expresións son típicas combinacións nominativas que posúen unha función semántica que é característica e común deles: valora-los obxectos e os seres vivos.

A interacción entre os modelos tautolóxico e comparativo, desta maneira, provocou cambios esenciais tanto na estrutura, como na semántica fraseolóxica e gramatical dos tipos iniciais de combinacións. A comparación, enriquecida pola tautoloxía, deixou de ser unha característica auxiliar da acción e adquiriu unha semántica cualitativo-valorativa, subliñándoa coa separación estrutural completa do verbo.

Tal reforzo da imaxibilidade pódese notar tamén para os xiros de tipo comparativo coa conxunción *как* ‘como’. Sendo utilizada nestes casos tamén a tautoloxía, obsérvase unha correspondencia entre a base de comparación e o elemento comparativo, o que concentra a atención precisamente naquela característica que quere subliñar o falante nativo:

(rexión de Ir- kusk)	<i>пуши́стый как пух</i>	“plumoso” (=laúdo) co- ma o plumón	‘moi laúdo’
	<i>покрасне́л как красный ку- ма́ч</i>	púxose rubio coma a tea vermella ⁴²⁴	‘púxose moi rubio’
(costa do mar Branco)	<i>красный как краше́нина</i>	vermello coma a tea pintada de cor ver- mella	‘arrubiado dunha mane- ira intensa’
(montes do Ural)	<i>мелется как меленка</i>	moe coma un pequeno muíño	‘ponse de paro- la’
(rexión de Ir- kusk)	<i>замоло́л как мельница</i>	empezou a moer coma un muíño	‘púxose de pa- rola’
(costa do mar Branco)	<i>загоре́ть как огáрыш</i>	poñerse more- no coma un cabo de vela	‘poñerse moi moreno’.

A miúdo a expresividade aumenta porque a base de comparación e o elemento de comparación non se separan pola conxunción, senón que se colocan xuntos (coma nas construcións tautolóxicas):

⁴²⁴ *Кума́ч*, o pano de que aquí se trata é un pano barato, de liño, algodón, etc., sempre de cor vermella, que utilizaba como roupa de festa a xente pobre.

(rexión de Pskov)	<i>как буза́ бузи́т</i>	<i>alborota coma un alborotador</i>	‘alborota, pelexa’
	<i>врѣ́т что в убрóд бредѣ́т</i>	<i>mente, coma se andase por un vao</i>	‘mente sen ningún reparo’
	<i>как о́снову снуѣ́т, так и хо́дит</i>	<i>anda así, coma se urdise o urdido de tea</i>	‘anda constantemente dun lado para outro’
(rexión de Irkutsk)	<i>как верте́шка вёртится́</i>	<i>xira coma un xirador</i>	‘compórtase dunha maneira inquieta’
(rexión de Irkutsk e terras á beira da parte media do Ob)	<i>как вёртник верте́ться</i>	<i>xirar coma un xirador</i>	‘comportarse dunha maneira inquieta’.

Nas combinacións do tipo

(rexión de Irkutsk)	<i>как верте́шка вёртится́</i>	<i>xira coma un xirador</i>	‘compórtase dunha maneira inquieta’
---------------------	--------------------------------	-----------------------------	-------------------------------------

o carácter tautolóxico, en esencia, predomina sobre o comparativo. É case imposible identificar semanticamente o lexema *верте́шка* ‘xirador’ neste xiro, xa que calquera dos outros significados del (‘aparato xiratorio que se instala na fiestra para limpa-lo aire’, ‘muíño pequeno infantil’, ‘cataventos de fabricación caseira’, ‘cágado’, ‘persoa buliciosa’ e outros) practicamente pode ser percibido como o elemento comparativo. Sen embargo, a fraseoloxización deste xiro e o seu funcionamento están condicionados non tanto pola semántica deste substantivo, *верте́шка*, senón pola súa dependencia do verbo *верте́ться* ‘xirar’. A comparación aquí nace, en esencia, máis ben por vía inimáxica, é dicir, tautolóxica, coa creación do substantivo *верте́шка* ‘xirador’ a partir do verbo *верте́ться* ‘xirar’.

A tautoloxía nos xiros comparativos pode ser parcial e non condicionada pola relación real entre palabras; comp.: (rexión de Irkutsk)

<i>болта́ть как балабо́лка</i>	(bol̩tat kak ba-labolka)	<i>charlar coma un charlatán</i>	‘falar sen parar’
<i>болта́ть как балала́йка</i>	(bol̩tat kak ba-lalaika)	<i>charlar coma unha balalai-</i>	‘falar sen parar’.

ka

A consonancia das sílabas *бол-* (bol) e *бал-* (bal)⁴²⁵ en tales comparacións, que sen dúbida desempeñou un papel fraseoloxizador importante na creación destes, serve para aumentala súa forza expresiva. Este tipo de combinacións está próximo ós xiros comparativos formados coa axuda da rima. Pero o modo inimáxico de creación da expresividade (a rima) en tales expresións case nunca domina sobre o imáxico (a comparación). A asonancia de distintos compoñentes de comparación só subliña a imaxibilidade da combinación:

<i>ребёнок что телёнок</i>	(rebiónok chto teliónok)	<i>o neno é coma un becerro</i>	‘o neno é estúpido’
<i>тощ как хвощ</i>	(tosch kak ghvosch)	<i>fraco coma o rabo de caba- lo</i> ⁴²⁶	‘moi fraco’
<i>старичок что сморчок</i>	(starichok chto smorchok)	<i>o vello é coma unha mor- chella (=especie de cogomelo)</i>	‘o vello ten moitas engu- rras’
<i>скажет как за- вяжет</i>	(skájet kak za- viájet)	<i>dirá coma se atase</i>	‘ten unha ma- neira categó- rica e brusca de dici-las cousas’
<i>с тобой разгово- рится как мё- ду напиться</i>	(s toboi raz- govoritsia kak miodu napitsia)	<i>falar contigo é coma bebe-lo mel</i>	‘é agradable fa- lar contigo’.

O carácter secundario da función do modo inimáxico de creación da expresividade nos fraseoloxismos comparativos rimados maniféstase tamén en que a súa estrutura de comparación se conserva incluso cando está presente a rima dobre:

<i>Тит в горе что кип в море</i>	(Tit v gore chto kit v more)	<i>Tit na súa des- gracia está coma unha balea no mar</i>	‘dise dunha pe- rsoa que ten moitas des- gracias’
<i>Молодец что огурец, а огурец что</i>	(Molodets chto ogurets, a ogurets chto)	<i>O rapaz bravo é coma un co- gombro, e o</i>	‘dise de broma dun rapaz for- te e san, e ta-

⁴²⁵ Notemos que a sílaba *бол-* (bol), cando non leva acento, pronúnciase como (bal).

⁴²⁶ *Equisetum*.

<i>молодец</i>	molodets)	<i>cogombro é coma un ra- paz bravo</i>	mén dun co- gombro bo'.
----------------	-----------	---	----------------------------

A omisión da conxunción comparativa tampouco cambia o carácter imáxico dos xiros:

<i>Мáмонька родíмая - свечá неугасíмая, мáмонька нерóдная - похлѣбочка голóд- ная</i>	(Mámonka rodímaia - svechá neugasímaia, mámonka neródnaia - poghlióbochka goló- dnaia)	<i>A nai é unha candeia inapagable, a ma- drasta é un caldo frío.</i>
---	--	---

Ó mesmo tempo o modo inimáxico, co uso da rima, do aumento da forza expresiva, non pode deixar sen reflectirse na imaxe expresada pola comparación. A oposición imaxibilidade /inimaxibilidade en tales fraseoloxismos realízase regularmente a favor da imaxibilidade, aínda que a rima pode facer esta imaxe máis individual, pouco habitual, mesmo contradictoria, como na combinación irónica

<i>делá как сáжа белá</i>	(delá kak saja belá)	<i>as cousas son como a feluxe branca</i>	'as cousas van mal'.
-------------------------------	-------------------------	---	-------------------------

Por iso non é casual que na fala apareza constantemente a necesidade de precisar tales comparacións cun comentario especial, desenvolveas, para xustifica-la lóxica da imaxe:

<i>лжа что ржа: тлит</i>	(Lja chto rza: tlit)	<i>a mentira é coma a fe- rruxe: destrúe</i>
<i>(montes do Ural) порá что горá: скáтишься так оглянешься</i>	(porá chto gorá: ská- tixsia tak ogliánexsia)	<i>a época é coma un monte: cando caías rodando e te encon- tres abaixo, entón mirarás atrás</i>
<i>в мирú как в пирú: всегó мно́го, и добрá и ху́да</i>	(v mirú kak v pirú: vsegó mnogo, i dobrá i ghuda)	<i>no mundo é coma no festín: hai moito de todo, tanto do ben, coma do mal</i>
<i>муж с жено́й что мукá с водо́й: сбол- та́ть сболта́ешь, а разболта́ть не раз- болта́ешь</i>	(muj s jenói chto muká s vodói: sboltat sboltáex, a razboltat ne razboltáex)	<i>o marido e a muller son coma a fariña e a auga: batelos xuntos, bátelos, pero des- compoñelos, non os descompós.</i>

Practicamente tales comentarios explicitan as comparacións rimadas en tal medida que as combinacións chegan a ser proverbios.

4.2.2.2. Creación da falsa imaxibilidade na base inimáxica

Na fraseoloxía tamén está estendida a mestura dos fraseoloxismos imáxicos cos inimáxicos cando a forma non subliña a imaxe fraseolóxica que xa existía, senón que a crea. Estes son fraseoloxismos-calembures que se forman como resultado dunha interpretación específica da forma dos compoñentes:

<i>кормить завтраками</i>	<i>dar de come-las “mañás” /os almorzos</i>	‘facer promesas que non se cumpren (máis dunha vez)’
(rexión de Perm) <i>кормить соусом</i>	<i>dar de come-las exhortacións /a salsa</i>	‘exhortar, recurrir á conciencia’
<i>оха поймать</i>	<i>captura-lo “ai”</i>	‘sufrir moitas penas’ ⁴²⁷
<i>охластки есть</i>	<i>come-los “ai”</i>	‘dicir “ai” varias veces seguidas’
<i>играть в озябышки</i>	<i>xogar ós “enfriados”</i>	‘ter moito frío debido á xeadá’ ⁴²⁸
<i>сеять горюху</i>	<i>sementa-la pena</i>	‘aburrirse’.

Os fraseoloxismos aportados distínguense uns dos outros polo modo de formación. Así, o xiro

<i>кормить завтраками</i>	<i>dar de come-las “mañás” /os almorzos</i>	‘facer promesas que non se cumpren (máis dunha vez)’
---------------------------	---	--

está creado mediante o cruzamento das palabras *завтра* (zavtra) ‘mañá, o día seguinte’ e *завтрак* (zavtrak) ‘almorzo’ e mediante a percepción dual da primeira destas palabras; o xiro

<i>кормить соусом</i>	<i>dar de come-las exhortacións /a salsa</i>	‘exhortar, recorrer á conciencia’
-----------------------	--	-----------------------------------

está creado mediante falsa analoxía da palabra *соус* (sous) ‘salsa’ e o verbo *усоветить* (usóvestit) ‘exhortar’; o xiro

<i>играть в озябышки</i>	<i>xogar ós “enfriados”</i>	‘ter moito frío debido á xeadá’
--------------------------	-----------------------------	---------------------------------

está creado mediante a paráfrase do verbo *озябнуть* ‘chegar a ter moito frío’⁴²⁹.

⁴²⁷ Comp.: *ох* ‘ai’ e *охать* ‘dici-lo “ai”’ para este fraseoloxismo e para o seguinte.

⁴²⁸ Comp.: *горевать* ‘aflixirse’ e *горе* ‘pena, desgracia, amargura’.

⁴²⁹ **Nota do orixinal:** Comp. as combinacións de carácter imáxico, creadas segundo o modelo real *lúdico*:

<i>играть в бирюльки</i>	<i>xogar ós biriulqui</i> (Véxase a nota 192)	‘ocuparse dunha actividade inútil e infrutuosa’
<i>играть в прятки</i>	<i>xogar ó escondite</i>	‘ocultar algo’

Sen embargo, a pesar de todas estas diferencias, é fácil ve-lo trazo xeral que distingue en principio estes fraseoloxismos tanto das combinacións imáxicas como das inimáxicas. A imaxe neles non está vinculada loxicamente co significado fraseolóxico do xiro, só é comprensible se se ten en conta a “palabra clave” que é idéntica (ou próxima) semánticamente a toda a unidade fraseolóxica, e formalmente ó seu compoñente. Nunha palabra, para tales combinacións é característica a presenza constante de dous planos de significado, que é a condición necesaria do “xogo de palabras” como medio especial de creación de expresividade. O “xogo de palabras” é imposible sen unha constante actualización semántica do plano da expresión. Esta actualización, sen embargo, está dirixida non á “revitalización” da motivación inicial do fraseoloxismo, cousa que é característica da fraseoloxía imáxica, senón á creación dunha motivación que é falsa de antemán e baseada na semellanza formal casual dunhas palabras. A inxustificación da motivación e a semellanza formal, a contradición entre a forma e o contido é a fonte principal de expresividade dos calembures.

O máis frecuente é que os calembures se creen mediante o “desenvolvemento” parafrástico dun verbo, que habitualmente posúe significado fraseolóxico completo. A diferenza das parafrases inimáxicas do tipo

<i>зада́ть по́рку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’,
-----------------------	--------------------------	-------------

as parafrases calembúricas “revitalízanse” frecuentemente polos verbos de semántica léxica concreta. Neste caso o substantivo procedente do verbo en que se realiza o significado fraseolóxico, “axústase” a miúdo ós modelos de formación de palabras que teñen unha viva nominatividade:

<i>купа́я ре́зать</i>	<i>corta-lo bañante /o negociante</i>	‘bañarse’
-----------------------	---------------------------------------	-----------

(comp.: *купа́ться* ‘bañarse’);

<i>жму́риков лови́ть</i>	<i>caza-los “entornapálpebras” /os difuntos</i>	‘estar somnolento’
--------------------------	---	--------------------

(comp.: *жму́риться* ‘entorna-las pálpebras’);

(costa do mar Branco) <i>лизу́на съе́сть</i>	<i>come-lo lambón</i>	‘caer esvarando’
---	-----------------------	------------------

(comp.: *лы́знуться* ‘esvarar’);

<i>игра́ть в ко́шки-мы́шки</i> (terras de Siberia) <i>в под- давки́ игра́ть</i>	<i>xogar ós gatos-ratos</i> <i>xogar ó gañaperde</i>	‘obrar con astucia’ ‘dicir a miúdo “si” mentres alguén fala’.
--	---	---

<i>доторговаться до лопанца</i>	<i>mercadear ata a “quebraza”</i>	‘fracasar, quebrar un comercio’
---------------------------------	-----------------------------------	---------------------------------

(comp.: *лопнуть* ‘quebrar’);

checo

<i>dobře tlachem dělat</i>	<i>facelo ben co “charlatán”</i>	‘falar por falar (por non estar calados)’
----------------------------	----------------------------------	---

(comp.: *tlachat* ‘falar por falar (por non estar calados)’;

<i>lenochem orat</i>	<i>arar co “preguizón”</i>	‘folgazanear’
----------------------	----------------------------	---------------

(comp.: *lenošit* ‘folgazanear’).

Condicionan a individualidade de semellantes combinacións o carácter calembúrico e maila súa relación inseparable coa palabra (habitualmente co verbo) da que están formadas. Pero aquí tamén, coma nos fraseoloxismos doutros tipos, o individual aparece cando observámo-lo común e o regular: os xiros calebúricos fórmanse segundo modelos semántico-estructurais estendidos. Así, o verbo *дрожать* ‘tremar’ pode “desenvolverse” cara á combinación tanto segundo o modelo inimáxico analítico (comp.:

(rexión de Toms e terras á beira da parte media do Ob)	<i>дрóгу да́вать</i>	<i>dar un “tremelique”</i>	‘tremar, estremecerse’
--	----------------------	----------------------------	------------------------

(rexión de Riazán)	<i>да́ть дрогунка́ (дрогунко́в)</i>	<i>dar uns “tremeliques”</i>	‘tremar moi forte’),
--------------------	-------------------------------------	------------------------------	----------------------

como segundo os modelos pseudoimáxicos, calebúricos do tipo de

(rexión de Riazán)	<i>дрогунко́в принима́ть</i>	<i>recibir uns “tremeliques”</i>	‘tremar moi forte’
--------------------	------------------------------	----------------------------------	--------------------

(rexión de Toms e terras á beira da parte media do Ob)	<i>дроганцы́ про-да́вать</i>	<i>vende-los “tremeliques”</i>	‘tremar co frío’
--	------------------------------	--------------------------------	------------------

(rexión de Smolensk)	<i>дры́жки про-да́вать</i>	<i>vende-los “tremeliques”</i>	‘tremar co frío’
----------------------	----------------------------	--------------------------------	------------------

(rexión de	<i>пойма́ть дро-</i>	<i>captura-la “tre-</i>	‘ter moito
------------	----------------------	-------------------------	------------

Pskov)	<i>жа́нку</i>	<i>meliqueira</i> "	frío'
(terras de Sibéria e costa do mar Branco)	<i>продава́ть дро́жжи</i>	<i>vende-los "tremeliques"</i>	'tremar co frío'.

Os fraseoloxismos calembúricos e non calembúricos interaccionan estreitamente. Ademais, tales modelos fraseolóxicos estruturalmente activos, como

дать дрогунка́ *dar uns "tremeliques"* 'tremar moi forte',

estimulan a aparición dos calembures. Neste caso tamén o favorece o modelo tautolóxico

дро́жкой (дро́жма) дрожа́ть *tremar tremendo* 'tremar moito';

a área xeográfica deste coincide coa do xiro

дроганцы́ продава́ть *vende-los "tremeliques"* 'tremar co frío'.

Nalgúns casos o carácter tautolóxico da palabra que se "desenvolve" cara ó calembur inflúe na expresividade do fraseoloxismo. Así, os fraseoloxismos

жда́ны (жда́нки) съе́сть (пое́сть) *come-las "esperas"*

жда́лы пое́сть *come-las "esperas"*

жда́нки потерпе́ть *perde-las "esperas"*

жда́нцы съе́сть *come-las "esperas"*

жда́ны пере́есть *come-las "esperas" de máis*

жда́нушки пое́сть *come-las "esperas"*

жда́ны потерпе́ть *perde-las "esperas"*

co significado común 'verse un obrigado a esperar moito e sen paciencia', amplamente entendidos nos dialectos, anticipápanse ordinariamente pola repetición do verbo *ждать* 'esperar':

(terras de Sibéria)	<i>Ждали, ждали и жданы съели</i>	<i>Esperabamos, esperabamos, e comemos tódalas "esperas"</i>	'esperabamos moito e sen paciencia'
---------------------	---------------------------------------	--	---

(rexións de Petersburgo e de Kostromá)	<i>Мы тебя ждали, ждали, да и жданки потеряли</i>	<i>Esperabámoste, esperabamos, e perdemo-las "esperas"</i>	'esperabamos moito e sen paciencia'
--	---	--	---

(rexión de Vo- rónej)	<i>Ждал, ждал, да и все жданки поел</i>	<i>Esperaba, es- peraba, e co- meu tódalas “esperas”⁴³⁰</i>	‘esperaba moi- to e sen pa- ciencia’.
--------------------------	---	--	---

A modelabilidade estrutural especialmente convincente das expresións notoriamente “individuais” revélase na comparación das series fraseolóxicas con moita variabilidade léxica. É típico neste sentido o modelo “*продавать* ‘vender’ + substantivo formado a partir dos verbos co significado de ‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil, bocexar’”:

(terras de Siberia)	<i>глядёлы продавать</i>	<i>vende-los “miradeiros”</i>
---------------------	--------------------------	-------------------------------

(comp.: *глядеть* ‘mirar’);

(rexión de Kursk)	<i>выгалы продавать</i>	<i>vende-los “miradeiros”</i>
-------------------	-------------------------	-------------------------------

(comp.: *выгальять* ‘desencaixa-los ollos’);

(rexións de Stávropol e do Don)	<i>вытришки продавать</i>	<i>vende-los “miradeiros”</i>
---------------------------------	---------------------------	-------------------------------

comp.: *вытращить, вытрещить* ‘desencaixa-los ollos’).

Nos dialectos rusos tamén están rexistrados os xiros co compoñente nominativo *глаза* ‘ollos’:

(rexións de Omsk, de Irkutsk e terras á beira da parte media do Ob)	<i>глаза́ прода- вать</i>	<i>vende-los ollos</i>	‘folgazanear’
---	-------------------------------	------------------------	---------------

(rexión de Pskov)	<i>продавать гла́- зы</i>	<i>vende-los ollos</i>	‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil’.
-------------------	-------------------------------	------------------------	---

⁴³⁰ **Nota do orixinal:** Comp.:

*Прожда́лись мне жда́нки
эти*

*Ха me “desesperaron” es-
tas “esperas”*

‘estou farto de esperar’.

É significativo que a partir do último xiro sexan posibles posteriores transformacións calembúricas:

(rexión de Pskov)	<i>хлебáть гла- зúху</i>	<i>come-la “olla- diña” /tortilla de ovos</i>	‘mirar sen ob- xectivo, ob- servar algo cunha curiosi- dade estúpida e inútil’
	<i>глазúху есть (покупáть)</i>	<i>comer (com- rar) a “olla- diña” /tortilla de ovos</i>	‘mirar sen ob- xectivo, ob- servar algo cunha curiosi- dade estúpida e inútil’.

Cando se comparan as expresións

<i>глядéлы продавáть</i>	<i>vende-los “miradeiros”</i>	‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil, bocexar’
<i>е продавáть гла́за</i>	<i>vende-los ollos</i>	‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil’,

pode parecer que o segundo é primitivo, debido á súa claridade compoñencial e a que a palabra *глаз* ‘ollo’ se usa frecuentemente. O material eslavo, non obstante, amosa a ilexitimidade de tal suposición: estando ausente o modelo “*продавáть* ‘vender’ + ollos”, atopamos en tódalas linguas eslavas o modelo calembúrico descrito arriba:

bielorruso

<i>разінькі прадаваць</i>	<i>vende-los “aberto-mi- radeiros”</i>	‘mirar coa boca aberta e sen obxectivo, ob- servar algo cunha cu- riosidade estúpida e inútil’
---------------------------	--	--

ucraíno

<i>ві́пришки продава́ти (купова́ти, лові́ти)</i>	<i>vender (comprar, atrapar) os “desen- caixantes”</i>	‘folgazanear’
--	--	---------------

checo

<i>prodávát (chytat) zevly</i>	<i>vender (atrapar) os “miradeiros”</i>	‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil’
--------------------------------	---	--

serbio/croata

<i>продавати зијаке (зијане, зјаке, зјале, зјала)</i>	<i>vende-los “miradeiros”</i>	‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil; folgazanear’.
---	-------------------------------	--

A área xeográfica dos xiros deste tipo permite supoñer que temos diante un tipo orixinal de “calembur fraseolóxico eslavo primitivo”.

Cómpre mencionar que o carácter calembúrico e a “individualidade” e “peculiaridade nacional” das combinacións deste tipo, frecuentemente relacionadas con el, non significan, segundo parece, a limitación xeográfica dos calembures como modelo fraseolóxico:

(rexión de Smolensk)

<i>гігі прадава́тъ</i>	<i>vende-los “risos”</i>	‘rir’
<i>загля́дки ва́ри́тъ</i>	<i>cose-los “miradeiros”</i>	‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil’

ucraíno

<i>хапає дрижаки (дри-жаків)</i>	<i>(alguén) atrapa os “tremeliques”</i>	‘(alguén) treme’
<i>проби́рають (напали) дрижаки</i>	<i>penetran (atacaron) os “tremeliques”</i>	‘(alguén) treme’
<i>дри́жаки беру́тъ</i>	<i>collen os “tremeliques”</i>	‘(alguén) treme’
<i>наї́вся забу́дьків</i>	<i>comeu moitos “esquecedeiros”</i>	‘esqueceu todo’

bielorruso

<i>дры́жыкі паеў</i>	<i>comeu os “tremeliques”</i>	‘(alguén) treme’
<i>жданкі прае́сьць</i>	<i>come-las “esperas”</i>	‘verse obrigado un a esperar moito e sen paciencia’

<i>зубы продаваць</i>	<i>vende-los dentes</i>	‘chancearse de alguén, rirse mostrando os dentes’
<i>разінькі продаваць</i>	<i>vende-los “aberto-mirantes”</i>	‘mirar coa boca aberta e sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil’.

As observacións do carácter da expresividade dos fraseoloxismos calembúricos permiten revela-las súas peculiaridades en comparación cos xiros imáxicos. Se a imaxibilidade, segundo a definición de Larin, caracteriza “a intuición da universalidade a través de imaxes concretas” (Ларин, 1974: 45), a falsa imaxibilidade distínguese pola tendencia á concreción máxima da noción máis común, pola conversión nunha noción singular que conserva, coa axuda das asociacións lingüísticas, a vinculación co común. Non é casual que moitos calembures se formen mediante a creación dun nome falso:

ruso

<i>зада́ть храпови́чко-го</i> ⁴³¹	<i>dar un “roncadórez”</i>	‘durmir profundamente’
(comp.: <i>зада́ть храпа́к</i>)	<i>dar un roncazo</i>	‘durmir profundamente’);

polaco

<i>uciąć Chrapickiego (Chrapowickiego)</i>	<i>talár “Roncadórez”</i>	‘durmir profundamente’
<i>trnieć Chrapickiego</i>	<i>toca-lo “Roncadórez”</i>	‘durmir profundamente’
<i>czytać dzieło Chrapickiego</i>	<i>ler unha obra de “Roncadórez”</i>	‘durmir profundamente’

ruso

<i>по́ехать в Моги́лёв-скую губе́рнию</i>	<i>ir á rexión de Moguilióv</i> ⁴³²	‘morrer’.
---	--	-----------

⁴³¹ Este xiro e os que lle seguen, co mesmo significado, xa foron descritos máis detalladamente no capítulo 3 (véxase a páx. 216).

⁴³² Comp.: por unha banda, rexión de Moguilióv e, pola outra, o substantivo *моги́ла* (moguila) ‘tumba’.

A singularidade do nome propio, único no seu xénero, entra nunha contradición brusca co contido xeneralizado. É esta contradición a que condiciona a forte expresividade de tales combinacións.

4.2.2.3. Consolidación da falsa imaxibilidade do fraseoloxismo

No proceso de evolución do fraseoloxismo inimáxico, o carácter actual do calembur que lle serve de base pódese borrar. O carácter humorístico da combinación xa non o perciben os falantes nin un instante. Empezan a xurdi-las interpretacións (na súa maioría pseudo-etimolóxicas) dos xiros que son calembúricos pola súa procedencia. Son típicas neste sentido algunhas “historias” das expresións con nomes propios ficticios. Así, a expresión

<i>ГОНЯТЬ <u>ЛОДЫРЯ</u></i>	(goniat <u>lódiria</u>)	<i>facen corre-lo</i> <i><u>prequiceiro</u></i>	‘folgazanear’
-----------------------------	--------------------------	--	---------------

relaciónase co nome dun médico moscovita Loder⁴³³; a expresión

<i>праздновать</i> <i>трусу</i>	(prázdnovat trusu)	<i>celebrar “para</i> <i>o covarde”</i> <i>/= facer unha</i> <i>festa en ho-</i> <i>nor do covar-</i> <i>de/</i>	‘acovardarse, temer’
------------------------------------	-----------------------	---	-------------------------

relaciónase co xefe militar polaco Struś⁴³⁴; a expresión

<i>при царé Горóхе</i>	<i>durante o reinado do</i> <i>zar Ervello</i>	‘en tempos moi anti- gos’
------------------------	---	------------------------------

relaciónase co bogatir mítico Pokatí-goróhek⁴³⁵; a expresión checa

<i>za krále Holce</i>	<i>durante o reinado do</i> <i>rei Rapacete</i>	‘en tempos moi anti- gos’
-----------------------	--	------------------------------

relaciónase co rei Ladislav Pohrobek (1440-1457) ou Václav III (1289-1306)⁴³⁶. É fácil descubri-lo carácter pseudo-histórico de tales explicacións realizando unha análise lingüística destes fraseoloxismos e tendo en conta a gran cantidade de xiros formados segundo os modelos calembúricos, que teñen semántica e estrutura fraseolóxicas semellantes.

⁴³³ Verbo desta expresión véxase arriba a páx.362.

⁴³⁴ Verbo desta expresión véxanse as páxs. 41 e seguintes.

⁴³⁵ *Bogatires* son heroes da épica rusa, persoas moi fortes, hercúleas. O nome Pokatí-goróhek pode traducirse como ‘Roda-Ervello’. Acerca desta expresión véxase tamén a páx. 46.

⁴³⁶ Verbo desta expresión véxase a páx. 47.

Frecuentemente un fraseoloxismo orixinalmente inimáxico, cando, por causas distintas, se separa do modelo inicial, empeza a percibirse como imáxico. Así, na combinación

<i>ХОДИТЬ ХОДУНОМ</i>	<i>andar coma un andador</i>	‘vibrar moito’
-----------------------	------------------------------	----------------

Ójegov ve un fraseoloxismo no que noutroa “se percibía unha imaxe, o que era posible mentres existía e era coñecida a realidade, a parte móbil dos foles de fragua, e o significado da expresión percibíase como ‘moverse dunha maneira semellante ó “andador”’ (Ожегов, 1957, 51). Esta interpretación, sen embargo, non se confirma polo material lingüístico das falas. O compoñente

<i>ХОДУН</i>	“andador”	‘parte móbil dos foles de fragua’
--------------	-----------	-----------------------------------

resulta ser variable⁴³⁷:

<u>ХОДЕНЬМ</u> ХОДИТЬ; ХО- ДИТЬ ХОДРОМ; ХО- ДОМ (ХОДЬМÁ, ХОДЫ- РЕМ) ХОДИТЬ	<i>andar coma un andador</i>	‘vibrar moito’.
---	------------------------------	-----------------

Comp. tamén os datos dos dialectos contemporáneos:

(rexións de Perm, de Gorkii e terras á beira da parte media do Ob)	<u>ХОДЕНЕМ</u> хо- ДИТЬ	<i>andar coma un andador</i>	‘vibrar moito’
(terras de Siberia)	<u>ХОДОРОМ</u> хо- ДИТЬ	<i>andar coma un andador</i>	‘vibrar moito’
(rexións de Irkutsk e terras á beira da parte media do Ob)	<u>ХОДОРА</u> ХОДИТЬ	<i>andar coma un andador</i>	‘comportarse dunha maneira inquieta, axitarse’
(terras de Siberia)	на <u>ХОДОРАХ</u> хо- ДИТЬ	<i>andar nuns andadores</i>	‘vibrar moito’
(rexión de Perm)	<u>ХОДОМ</u> ХОДИТЬ	<i>andar coma un andador</i>	‘estar movéndose permanentemente’.

Tales exemplos amosan convincentemente o carácter primitivamente inimáxico do fraseoloxismo

⁴³⁷ As variantes deste elemento veñen subliñadas abaixo.

<i>ХОДИ́ТЬ ХОДУ́НОМ</i>	<i>andar coma un andador /andar andando</i>	‘vibrar moito’
-------------------------	---	----------------

que está creado segundo un modelo tautolóxico extremadamente activo nas falas populares:

<i>рѣвом ревѣть</i>	<i>berrar berrando</i>	‘chorar berrando moi forte’
<i>бѣгом бѣжѣть</i>	<i>correr correndo</i>	‘correr moi rapidamente’
<i>лѣтом летѣть</i>	<i>voar voando</i>	‘correr moi rapidamente’
<i>лѣзом лезть</i>	<i>tregar tregando</i>	‘tregar insistentemente’
<i>ливнем лить</i>	<i>chover chovendo</i> ⁴³⁸	‘chover moito’
<i>гоном гнать</i>	<i>expulsar expulsando</i>	‘expulsar reiteradamente’
<i>дѣром драть</i>	<i>berrar berrando</i>	‘facer algo rapidamente e con ganas; berrar, chorar intensamente’
<i>гудом гудѣть</i>	<i>soar soando</i>	‘soar moi alto’
<i>гором горѣть</i>	<i>arder ardendo</i>	‘arder intensamente’
<i>туром турить</i>	<i>expulsar expulsando</i>	‘expulsar reiteradamente’
<i>мóром морить</i>	<i>“morbear morbeando”</i>	‘exterminar, levar á morte’
<i>вáром варить</i>	<i>coce cocendo</i>	‘dise das mortes múltiples debidas a algunha enfermidade’.

Ordinariamente o carácter tautolóxico aumenta a forza expresiva do verbo inicial. Precisamente isto sucedeu tamén co verbo *ХОДИ́ТЬ* ‘andar’ no xiro

<i>ХОДИ́ТЬ ХОДУ́НОМ</i>	<i>andar coma un andador /andar andando</i>	‘vibrar moito’.
-------------------------	---	-----------------

E na lingua literaria esta combinación illouse do modelo tautolóxico popular. A estrutura, semellante ó xiro comparativo que inclúe o substantivo en caso instrumental, levou ás

⁴³⁸ Comp. en galego *chove-los sete choveres; chover a chover* ‘chover intensamente’.

asociacións do plano imáxico reflectido pola etimoloxía de Ójegov.

A percepción imáxica da combinación inimáxica condiciónase habitualmente pola capacidade dos seus compoñentes de desenvolver asociacións pseudo-etimolóxicas. E a separación do modelo inimáxico explícase por distintas transformacións da estrutura inicial do fraseoloxismo. Consideremos, por exemplo, o movemento cara á imaxibilidade do xiro tautolóxico

<i>слонѣ (слонѡв) слонѣть</i>	<i>vaga-las vagancias /os elefantes</i>	‘vagar sen ocupación ningunha, folgazane-ar’ ⁴³⁹ ,
-------------------------------	---	---

que é propio da fala viva (comp. os dialectais

<i>шатѡм шатѣтьсѧ</i>	<i>vaga-las vagancias</i>	‘vagar sen ocupación ningunha, folgazane-ar’
-----------------------	---------------------------	--

<i>шмонѡм шмонѣтьсѧ</i>	<i>vaga-las vagancias</i>	‘vagar sen ocupación ningunha, folgazane-ar’
-------------------------	---------------------------	--

<i>гульню гулѣть</i>	<i>pasea-los “paseantes”</i>	‘vagar sen ocupación ningunha, folgazane-ar’.
----------------------	------------------------------	---

O substantivo *слон* ‘vagancia’, formado a partir do verbo *слонѣть(сѧ)* ‘vagar’, provoca na fala asociacións homonímicas constantes co nome do animal *слон* ‘elefante’, condicionando o desenvolvemento da construción tautolóxica cara á comparativa.

A relación asociativa co nome do animal pode consolidarse tamén polas construcións do tipo

	<i>пошѣл слонѡв продавѣть</i>	<i>foi vende-las vagancias /os elefantes</i>	‘foi vagar sen ocupación ningunha’
(rexión de Perm)	<i>слонѧ гонѣть</i>	<i>facen corre-la vagancia /o elefante</i>	‘vagar sen ocupación ningunha’
(rexión de Omsk)	<i>слонѣ пинѣть</i>	<i>dar empuxóns ás vagancias</i>	‘folgazanear’

⁴³⁹ **Nota do orixinal:** Son coñecidas tamén outras formas de repetición:

<i>слонѣ слонѣтьсѧ</i>	<i>vaga-las vagancias</i>	‘vagar sen ocupación ningunha, folgazanear’
<i>слон слонѡм шатѣтьсѧ</i>	<i>vaga-las vagancias coma as vagancias /un elefante coma un elefante</i>	‘vagar sen ocupación ningunha, folgazanear’.

O verbo *слонѣть(сѧ)* ‘vagar’ é, segundo parece, eslavo primitivo (*slonati).

/ós elefantes

(rexión de Ir- kutsk)	слонѡв гонѣть	facen corre-las vagancias /os elefantes	‘gasta-lo tempo en van’.
--------------------------	---------------	---	-----------------------------

Se algunhas das transformacións citadas, coma

продавать слонѡв	vende-las /os elefantes	vagancias	‘vagar sen ocupación ningunha’,
------------------	----------------------------	-----------	------------------------------------

aínda son evidentemente calembúricas, dependentes do verbo слонѣть(ся) ‘vagar’ (comp.

продавать шѣты (шѣт- ни)	vende-las	vagancias	‘vagar sen ocupación ningunha’
-----------------------------	-----------	-----------	-----------------------------------

дры́жки продавать	vende-los	“tremeli- ques”	‘tremar do frío’
-------------------	-----------	--------------------	------------------

глядѣлы продавать	vende-los	“miradei- ros”	‘mirar sen obxectivo, observar algo cunha curiosidade estúpida e inútil, bocexar’),
-------------------	-----------	-------------------	--

outras xa están sometidas case completamente ó significado animal da palabra слон ‘elefante’. O carácter humorístico e maila expresividade de combinacións coma

гонѣть слонѡв (слонѣ)	facen corre-las va- gancias /os elefantes (a vagancia /o ele- fante)	‘vagar sen ocupación ningunha’
-----------------------	---	-----------------------------------

е слонѣ пинѣть	dar empuxóns ás va- gancias /ós elefantes	‘folgazanear’
----------------	--	---------------

xa están condicionados non pola relación interna co verbo слонѣться ‘vagar’, senón pola inverosimilitude e maila “orixinalidade” da imaxe. Así, pouco e pouco, a falsa imaxibili-
dade estase consolidando e pode percibirse na fala como a verdadeira. Xiros coma o in-
glés

tit for tat	o carboeiro pola va- rredura	‘por un dano vínase cun dano equivalen- te’ ⁴⁴⁰
-------------	---------------------------------	--

con frecuencia fan que os etimólogos expresen suposicións moi discutibles verbo da súa gran antigüidade.

⁴⁴⁰ Comp. co probable tit for tat ‘golpe polo golpe’.

4.2.3. Escurecemento da inimaxibilidade primitiva do fraseoloxismo

A mestura dos fraseoloxismos inimáxicos cos imáxicos e a consolidación da imaxibilidade secundaria é o proceso contrario á desmotivación dos xiros imáxicos. A forza expresiva de tales combinacións, creada inicialmente por medios formais (estructura analítica, tautolóxica ou de rima), refórzase por segunda vez. Canto máis individual é a imaxe en que se basea o fraseoloxismo, tanto máis afastado está do sistema dos modelos fraseolóxicos da lingua dada e tanto máis probable é a procedencia primitivamente inimáxica desta expresión: a análise diacrónica permite chegar a esa conclusión.

Non se pode, sen embargo, deixar de ter en conta tamén as posibilidades de modelación da falsa imaxe fraseolóxica. As substitucións léxicas dos compoñentes fraseolóxicos levan á formación de series fraseolóxicas. Se o fraseoloxismo que posúe unha base inimáxica está incluído nunha serie semellante, a súa análise diacrónica complica considerablemente. Só a aportación dun abundante material lingüístico permite deslindar obxectivamente os fraseoloxismos imáxicos dos xiros, que teñen escurecida a súa motivación primitivamente inimáxica.

Así, na rexión de Pskov están anotadas as expresións

<i>дать (поднести) шабѣра</i>	(dat (podnestí) xabiora)	<i>dar (traer) un golpe /unha especie de peixe sargo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’.
-------------------------------	--------------------------	--	---

Os significados que máis se usan da palabra *шабѣр* (xabior), que son ‘veciño, compañeiro, socio; familia, animais de tiro, fume’ non aclaran a motivación deste xiro. Dal anotou para esta palabra no distrito de Gdov tamén un terceiro significado: ‘especie de peixe sargo’ (acompañándoo, sen embargo, polo signo de interrogación).

O rexistro nas falas de Pskov da expresión

<i>дать лещá</i>	(dat leschá)	<i>dar un golpe /un peixe sargo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
------------------	--------------	-------------------------------------	--

e a súa ampla extensión nas formas

<i>дать (поддáть, задáть, поднести) лещá</i>	<i>dar (dar desde abaixo, dar, traer) un golpe /un peixe sargo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
--	--	--

nas falas rusas (rexións de Vorónej, do Kubán, de Vólogda, de Níjni Nóvgorod, de Arghánguelsk, dos montes do Ural e outros) amosan que

<i>дать шабѣра</i>	(dat xabiora)	<i>dar un golpe /unha especie de peixe sargo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
--------------------	---------------	--	--

é a variante léxica precisamente deste xiro. A etimoloxía do fraseoloxismo

<i>дать лещá</i>	(dat leschá)	<i>dar un golpe /un peixe sar- go</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
------------------	--------------	---	--

amosa que se trata dunha paráfrase dos verbos *лѣска́ть* ‘golpear, pegar, xostrear’ e *лѣскну́ть* ‘bater, estalar’, amplamente representados nas falas. Mighelsón subliñaba a relación da palabra *лещ* ‘peixe sargo’ co verbo *лещи́ть* ‘rachar; romper a golpes; golpear estalando co látego’. E efectivamente, a concreción inimáxica da palabra *лещ* ‘especie de peixe sargo’ neste xiro confírmase pola existencia de moitos fraseoloxismos *percutientes*, creados mediante a “disgregación” dun verbo⁴⁴¹:

<i>дать по́рку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>дать трѣ́пку</i>	<i>dar unha “espadela- da”</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
<i>да́ть та́ску</i>	<i>dar unha serie de gol- pes tirándolle a un de algo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas tirán- dolle a un de algo’
<i>дать дра́нку</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>дать взбу́чку</i>	<i>dar unha serie de gol- pes</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’.

Nas falas de Pskov está tamén rexistrada a combinación

<i>дать подлѣ́щика</i>	<i>dar unha especie de peixe sargo</i>	‘pegar suavemente’,
------------------------	--	---------------------

e nun ensaio de G.Uspenskii está creada toda unha cadea de xiros:

“Я, не долго думая, как треханул, да как почал лудить, да как почал клеивать, да как почал конопатить, надставлять, да притукивать, приколачивать, да засмаливать - как почал раздавать лещей, су- даков и осетров кому в нос, кому в лоб, кому в разные места... словом сказать, расшвырял я нечистую силу”.	‘Eu, sen pensar moito, sacudín ⁴⁴² e empecei a “estañar”, e empecei a “pegar dentro”, e empecei a “calafatear”, “alongar”, e golpear suavemente, “cravar”, e “alquitrantar”: empecei a “ <u>reparti-los peixes sargos, as luciopercas e os esturións</u> ”, a uns na nariz, a outros na testa, a outros en distintos sitios... nunha palabra, espallei os espíritos do mal’.
--	---

Os ocasionalismos

⁴⁴¹ Véxanse os verbos correspondentes na tabla da páx. 102 e seguintes, en que estas expresións se estudian con máis detalle.

⁴⁴² Este verbo e outros verbos e xiros desta cita, incluídos entre comiñas, úsanse aquí co significado común de ‘golpear, pegar’.

<i>раздавать лещей (судакóв, осетров)</i>	<i>reparti-los peixes sargos (as luciopercas, os esturións)</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
---	---	--

son unha realización da posibilidade potencial de creación de frases a partir do novo modelo imáxico falso “*дaть* ‘dar’ + peixe”. É significativo que facendo as interpretacións etimolóxicas de tales xiros incluso os lexicógrafos que teñen experiencia noten na súa base un principio imáxico: por exemplo, o dito ruso

<i>употчевали гостя липовым лещом</i>	<i>agasallaron o invitado co peixe sargo de tileiro</i>
---------------------------------------	---

explícano como unha metáfora: ‘agasallárono só cunha culler, pero non hai nada de comer’.

Pode parecer que as transformacións fraseolóxicas semellantes a

<i>дать шабёру</i>	(dat xabioru)	<i>dar un golpe /unha especie de peixe sargo</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
--------------------	---------------	--	--

<i>он раздавать судакóв</i>	<i>reparti-las luciopercas</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
-----------------------------	--------------------------------	--

son características da fala coloquial e individual artística e por iso non desempeñan un papel importante na formación das series fraseolóxicas. As observacións, sen embargo, amosan que a subestimación de tales transformacións pode simplificar considerablemente o cadro de interacción da fraseoloxía imáxica e a inimáxica. Por iso intentaremos amosar o complicada que é esta interacción cun exemplo da serie fraseolóxica co significado común ‘golpear, pegar’.

O modelo estrutural “*дaть* ‘dar’ + substantivo = ‘golpear, pegar’”, como vimos no capítulo 2, admite a presenza tanto do compoñente nominativo inimáxico coma do imáxico:

<i>дать пóрки</i>	<i>dar unha xostrada</i>	‘xostrear’
<i>задать баню</i>	<i>dar unha bania</i> ⁴⁴³	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza’.

É significativo que en moitos fraseoloxismos desta serie sexa posible unha interpretación dobre do compoñente nominativo. Así, moitos fraseoloxismos formados a partir das palabras cos significados ‘filloas; boliño’ conservan ó mesmo tempo a relación cos verbos co significado de ‘golpear’:

(rexión de Pskov)	<i>бабáху дать</i>	<i>dar unha labazada /unha</i>	‘pegar na cara’
-------------------	--------------------	--------------------------------	-----------------

⁴⁴³ Véxase a nota 89.

		<i>chula</i>	
(rexión do Térek, do Norte)	<i>дать (нада- в́ать) б́ухан- цев (бухан- цов)</i>	<i>dar uns golpes /boliños de pan</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
(rexión de Samara, de Kostromá e de Riazán)	<i>дать (зада́ть) жарёху</i>	<i>dar uns golpes /chulas ou al- gún prato fri- to</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e moi forte’. ⁴⁴⁴

Probablemente, tales combinacións conservan nas falas a presenza de dous planos de sentido, o que as fai especialmente expresivas. Esta expresión pode reforzarse pola substitución léxica do compoñente verbal:

<i>дать жемок</i>	<i>dar unha “aperta” /un melindre⁴⁴⁵</i>	‘pegar co puño’
<i>угостить жемком</i>	<i>agasallar cunha “aperta” /cun melin- dre</i>	‘pegar co puño’
<i>употчевать липовым лещом</i>	<i>agasallar cunha serie de golpes /co peixe sargo de tileiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’.

Semellantes substitucións xa preparan a separación ulterior de tales combinacións da base verbal inimáxica, analítica e a creación dos fraseoloxismos puramente metafóricos (de aparencia). Así, as palabras *олабыш* ‘filloíña’, *блин* ‘filloa’ ou *булка* ‘boliño’ xa non se motivan na fala contemporánea por ningún verbo *percutiente*. Non obstante, poden formar parte das combinacións do modelo “*да́ть* ‘dar’ + substantivo = ‘golpear, pegar’”:

(rexión de Arghánguelsk)	<i>прибавлять по алабышу</i>	<i>engadir cada vez unha fi- lloíña máis</i>	‘pegar co puño unhas cantas veces’
(rexión de Kaluga)	<i>дать булку</i>	<i>dar un boliño</i>	‘pegar co pu- ño’
	<i>испечь булку</i>	<i>coce-lo boliño</i>	‘pegar co pu- ño’
	<i>блин дать</i>	<i>dar unha filloa</i>	‘pegar co pu-

⁴⁴⁴ Comp. os verbos dialectais *бабахнуть*, *бухнуть*, *жарить* co significado ‘golpear, pegar’.

⁴⁴⁵ Véxase a nota 104.

			ño, ⁴⁴⁶
(rexión de Viatka)	<i>блинками кор- мить</i>	<i>dar de come- -las filloíñas</i>	‘golpear empu- xando unhas cantas veces’
(rexión de Pskov)	<i>печь берёзо- выс блины́</i>	<i>coce-las filloas de bidueiro</i>	‘golpear cunha vara de bi- dueiro’.

A inimaxibilidade inicial aquí escurécese, cede o lugar a unha inimaxibilidade case real.

¿Pódese afirmar neste caso que na base de tal serie fraseolóxica está un modelo inimáxico? Segundo parece, pódese: disto é testemuña o paralelismo tan antigo dos verbos co significado ‘golpear, pegar’ e dos substantivos cos significados ‘pan, filloa’. Se o significado máis antigo de moitas denominacións de produtos de cereais é precisamente o significado *percutiente* (en sentido amplo), pódese supoñer que as connotacións puramente metafóricas dos compoñentes nominativos da nosa serie fraseolóxica se desenvolvían precisamente a partir do modelo inimáxico analítico “*бить* ‘golpear, pegar’ = *дать* ‘dar’ + golpe”.

Nesta mesma dirección realizábase tamén o enriquecemento do modelo inimáxico deste tipo polas motivacións imáxicas secundarias:

(rexión de Kalluga)	<i>болтуху дать (поднести, нашить)</i>	<i>dar (traer, co- ser) unha la- bazada /unha caldeirada</i>	‘pegar na cara coa man’
(rexión do Don)	<i>дать жарню́</i>	<i>dar unha serie de golpes /unha fritada</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas e con forza’
(rexión de Nóvgorod)	<i>дать колоту́ш- ку</i>	<i>dar unha laba- zada /unha tortilla</i>	‘pegar na cara coa man ou co puño’.

E se nos exemplos aportados é fácil determina-la primitividade da motivación verbal (a partir dos verbos *болтать*, *жарить*, *колотить* co significado ‘golpear, pegar’), para as combinacións

<i>дать кáши</i>	<i>dar unha kaxa</i> ⁴⁴⁷	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
------------------	-------------------------------------	---

⁴⁴⁶ En galego existe un disfemismo relixioso co mesmo significado e mesmo con parecida imaxe: *dar unha(s) hostia(s)*, que alude ó pan da comunión que ten certo parecido, en pequeno, coas filloas. Mesmo existe *da-la comunión*, *dar de comulgar* ‘golpear’.

⁴⁴⁷ Véxase a nota 77.

<i>я́йшницу да́ть</i>	<i>dar unha tortilla</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
-----------------------	--------------------------	--

que se coñecían xa no século XVIII, ou para o dialectal

<i>да́ть кисе́ля</i>	<i>dar un kisel</i> ⁴⁴⁸	‘expulsar dando em-puxóns co xeonllo’
----------------------	------------------------------------	---------------------------------------

é moi difícil descubrir tal motivación. Por exemplo, pódese só supoñer que

<i>да́ть я́йшницу</i>	<i>dar unha tortilla</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’
-----------------------	--------------------------	--

é resultado da variación léxica da expresión

(rexión de Nó-vgorod)	<i>да́ть коло́туш-ку</i>	<i>dar unha laba-zada /unha tortilla</i>	‘pegar na cara coa man ou co puño’
-----------------------	--------------------------	--	------------------------------------

(do tipo de

<i>да́ть ле́щя́</i> →	(dat leschá) →	<i>dar un golpe /un peixe sar-go</i> →	‘golpear, pegar varias veces seguidas’ →
-----------------------	----------------	--	--

<i>да́ть шабёра</i>	(dat xabiora)	<i>dar un golpe /unha especie de peixe sar-go</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’).
---------------------	---------------	---	--

Tales suposicións, sen embargo, hai que facelas moi prudentemente. Por exemplo, a historia do fraseoloxismo

<i>да́ть ка́ши</i>	<i>dar unha kaxa</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’,
--------------------	----------------------	---

segundo parece, está relacionada coa metaforización real. É posible que isto sexa unha elipse do xiro

<i>да́ть берё́зовой ка́ши</i>	<i>da-la kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
-------------------------------	-------------------------------	---

que está amplamente presentado nos dialectos eslavos:

<i>накорми́ть берё́зовой ка́шей</i>	<i>da-la kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
-------------------------------------	-------------------------------	---

<i>узна́ешь вкус берёзо-</i>	<i>chegarás a coñece-lo</i>	‘castigarante, golpea-
------------------------------	-----------------------------	------------------------

⁴⁴⁸ Véxase a nota 107.

<i>вой кáши</i>	<i>sabor da kaxa de bidueiro</i>	rante, pegaranche cunha vara de bidueiro’
bielorruso		
<i>даць (даваць) бяроза-вай кашы</i>	<i>da-la kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
<i>бярозаваю кашаю па-частаваць</i>	<i>agasallar coa kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
ucraíno		
<i>дати (всипати) берёзової кáши</i>	<i>dar (botar dentro) a kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
checo dialectal		
<i>dať březové kaše někomu</i>	<i>darlle a kaxa de bidueiro a alguén</i>	‘golpear, pegar a alguén varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’.
Comp.:		
lituano, arcaizado		
<i>beržinė koše (beržo košė; lapienė, taukai)</i>	<i>kaxa (kaxa, follas, grasas) de bidueiro</i>	‘acción de golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
<i>beržinės košės (lapienes) duoti</i>	<i>da-la kaxa (follas) de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
<i>beržo košės (medaus, lapienes, taukų) duoti</i>	<i>da-la kaxa (mel, follas, grasa) de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
letón		
<i>sadot (uzcienāt) berzu putru</i>	<i>dar (agasallar) coa kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’.

A análise do material eslavo testemuña precisamente que o desenvolvemento da semánti-

ca neste caso ía partir do compoñente inicial inimáxico ‘vara de bidueiro’. É significativo neste sentido que o motivo “de bidueiro” na fraseoloxía eslava occidental estea relacionado con outras ideas. Se o checo

<i>dač březové kaše</i>	<i>da-la kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
-------------------------	-------------------------------	---

está rexistrado por agora só nas falas liaghas, encontramos unha imaxe semellante nas falas eslovacas:

<i>dal mu brezovej polievky</i>	<i>deulle a caldeirada de bidueiro</i>	‘golpeouno, pegoulle varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’.
---------------------------------	--	---

Na lingua polaca está rexistrado só un xiro ocasional, en que o motivo “de bidueiro” se relaciona co verbo *dać*:

<i>Daj joj róžu, ale brzozowego</i>	<i>dálle a ela o rubor, pero o de bidueiro</i>	‘golpéaa a ela, pégalle varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’.
-------------------------------------	--	--

Pero son máis características das linguas eslavas occidentais as combinacións en que ‘a vara de bidueiro’ se expresa mediante calembures con personificación, ou non recibe ningunha manifestación imáxica:

polaco

<i>powachasz się (poznasz się) s panią Brzezowską</i>	<i>facer coñecemento coa señora de Bidueiro</i>	‘ser golpeado cunha vara de bidueiro’
---	---	---------------------------------------

checo

<i>přijel sem pan Březovec</i>	<i>chegou aquí o Señor de Bidueiro</i>	‘golpeárono, pegáronlle a alguén cunha vara de bidueiro’
--------------------------------	--	--

<i>poslati na koho pana Březovce</i>	<i>mandar por alguén ó Señor de Bidueiro</i>	‘golpear, pegarlle a alguén cunha vara de bidueiro’
--------------------------------------	--	---

<i>přijde na něho panna Březovka</i>	<i>chegou por el a Señorita de Bidueiro</i>	‘golpeárono, pegáronlle cunha vara de bidueiro’
--------------------------------------	---	---

<i>pozdravuje březovka koho</i>	<i>saudará a vara de bidueiro a alguén</i>	‘golpearano, pegaránlle a alguén cunha va-
---------------------------------	--	--

ra de bidueiro’;

comp.: eslovaco

*dostal brezoviny**recibiu a vara de bi-
dueiro*‘golpeárono, pegáron-
lle cunha vara de bi-
dueiro’.

Se temos en conta tales variantes nos dialectos eslavos, podemos considerar como un dos máis activos o fraseoloxismo

*дать берёзовой каши**da-la kaxa de bidueiro*‘golpear, pegar varias
veces seguidas cunha
vara de bidueiro’.

E pódese nota-la súa ampla área de extensión, ademais da súa extensa variabilidade léxica nas falas bielorrusas, ucráinas e rusas e na fala popular. É moi significativo que precisamente nos dialectos rusos (ou na fala popular) se desenvolva a liña culinaria do tema “de bidueiro”:

(rexión de
Pskov)*печь берёзовые
блины́**cocelas filloas
de bidueiro*‘golpear, pegar
varias veces se-
guidas cunha
vara de biduei-
ro’(rexión de
Irkutsk)*угостить берё-
зовым пивом**agasallar con
cervexa de bi-
dueiro*‘golpear, pegar
varias veces se-
guidas cunha
vara de biduei-
ro’*полечить берё-
зовой лапшой**curar con talla-
ríns de biduei-
ro*‘golpear, pegar
varias veces se-
guidas cunha
vara de biduei-
ro’.

A ausencia case completa de tales metáforas na zona eslava occidental pódese explicar, segundo parece, só polo feito da substitución do verbo *да́ть* ‘dar’ no modelo fraseolóxico “*да́ть* ‘dar’ + substantivo = ‘golpear, pegar’” polos verbos de temática culinaria, principalmente no territorio eslavo oriental.

A creación das metáforas “de bidueiro” nas linguas eslavas empezou, segundo parece, precisamente a partir do modelo inimáxico, pero non parafrástico, é dicir, pola combinación concreta do tipo

*дать берёзового пру-
та́**da-la vara de bidueiro*‘golpear, pegar varias
veces seguidas cunha

vara de bidueiro’.

O desenvolvemento ulterior da semántica levou á mestura deste modelo con outros. Precisamente como resultado deste proceso xurdiron as combinacións do tipo de

<i>дать берёзовой каши</i>	<i>da-la kaxa de bidueiro</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas cunha vara de bidueiro’
<i>е дать каши</i>	<i>dar unha kaxa</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’.

Neste caso estarían condenadas ó fracaso as buscas dun modelo parafrástico inimáxico desta combinación (comp.):

<i>дать леща</i>	(dat leschá)	<i>dar un golpe</i> <i>/un peixe sar-</i> <i>go</i>	‘golpear, pegar varias veces seguidas’).
------------------	--------------	---	--

Tampouco obterían resultado ningún tales buscas na análise das expresións

<i>задавать пёрцу кому́-либо</i>	<i>darlle a pementa a alguén</i>	‘castigar golpeando, pegando varias veces seguidas e con forza’
<i>задавать (показывать) фёферу (пфёферу) кому́-либо</i>	<i>darlle (ensinarlle) a pementa a alguén</i>	‘castigar golpeando, pegando varias veces seguidas e con forza’

báltico

<i>дать чесноку́</i>	<i>da-lo allo</i>	‘castigar golpeando, pegando varias veces seguidas e con forza’,
----------------------	-------------------	--

que se basean efectivamente nunha metáfora (a dor da xostrada compárase coa amargura da pementa ou do allo).

Como vemos, en tales casos a imaxibilidade real da combinación e a súa imaxibilidade secundaria e falsa aproxímanse unha á outra en tal medida que interaccionan nos marcos de case un mesmo modelo estrutural e semántico. Os exemplos de tal interacción para os compoñentes nominativos dos fraseoloxismos da estrutura “*да́ть* ‘dar’ + substantivo = ‘golpear, pegar’” son moi significativos, xa que amosan a tendencia das combinacións de palabras, creadas segundo o modelo analítico inimáxico, cara á imaxibilidade. No proceso de evolución a súa inimaxibilidade inicial escurécese, e percíbense como expresións cunha viva motivación interna.

O movemento das combinacións imáxicas cara ás inimáxicas e, ó mesmo tempo, das inimáxicas cara ás imáxicas, espella o complicado proceso de evolución dos fraseoloxismos. Os fraseoloxismos tenden a conserva-la imaxibilidade inicial ou a adquirila dunha forma moito máis activa que outras unidades lingüísticas. Isto está condicionado en primeiro lugar polo feito de que a imaxibilidade é unha das fontes principais da expresividade. “Por moi solidamente que estean unidas as palabras no plano semántico, a súa unión habitualmente é motivada, se non en sincronía, en diacronía”, subliña A.A.Bráguina (Брагина, 1983: 174). A imaxe fraseolóxica supón unha dependencia lóxica entre os obxectos e os fenómenos do mundo circundante. Tal dependencia establécese habitualmente a partir da semellanza dos conceptos que se comparan. Polo tanto, a imaxibilidade fraseolóxica regularízase polo **contido** da combinación libre inicial.

Na creación das unidades fraseolóxicas inimáxicas destácase, no primeiro plano, non o contido da combinación de palabras, senón a forma da súa expresión. Así, as combinacións analóxicas de tipo parafrástico conservan completamente a semántica dos verbos a partir dos cales foron formadas, e aumentan a súa expresividade só a conta da “disgregación” dos verbos; os tautoloxismos reforzan a expresividade da “palabra inicial” mediante a duplicación desta palabra (ou da súa base⁴⁴⁹), etc. A tendencia ó aumento ulterior da expresividade dos xiros inimáxicos pode levar á súa mestura cos imáxicos, mestura tanto estrutural, como semántica.

O movemento dos fraseoloxismos imáxicos cara ós inimáxicos corresponde á tendencia fundamental da lingua: a perda de motivación do signo. Para a maioría dos niveis lingüísticos esta tendencia é a dominante, xa que contribúe á realización máis racional da función de nominación. Mentres que na fraseoloxía, en relación coa súa dirección expresivo-funcional, esta tendencia está considerablemente debilitada. Os fraseoloxismos tenden constantemente á actualización da motivación, para conservar (ou reforzar) a correspondencia entre o significado directo e o figurado da combinación. Polo tanto, para a fraseoloxía ten unha importancia especial a reconstrucción (verdadeira ou falsa) da motivación. Precisamente a unidade destas tendencias contradictorias determina o desenvolvemento da fraseoloxía.

⁴⁴⁹ Véxase a nota 58.

V

EXPRESIVIDADE /NEUTRALIDADE
NA FRASEOLOXÍA

5.1. Informatividade, superfluidade e expresividade

O interese común pola teoría da nominación, que está vixente nos últimos tempos, obrigou os lingüistas a investigaren máis profundamente o lado emotivo do signo lingüístico. Como amosaron as investigacións, a valoratividade, a emocionalidade e a expresividade desempeñan un papel no funcionamento de tódolos niveis da lingua, non menos importante cá propia nominatividade e informatividade. A antinomia das dúas funcións da lingua — a puramente informativa e a expresiva, que está condicionada pola asimetría do signo lingüístico — é un potente estímulo para a dinámica do sistema lingüístico. Esta antinomia defínese como a contradición entre, por unha banda, “a tendencia cara á regularidade das unidades e, por outra banda, a tendencia cara ó seu realce expresivo”⁴⁵⁰. A función informativa da lingua asegura o carácter estándar, a regularidade das unidades lingüísticas, mentres que a función expresiva estimula o seu carácter non estándar, a súa capacidade de destacarse da serie, é dicir, a idiomaticidade en sentido amplo. Esta contraposición, sen embargo, non supón, nin moito menos, unha irregularidade das unidades expresivas (na refracción fraseolóxica, irreproducibilidade ou inmodelabilidade), o que quedou amosado co material de fraseoloxía nos capítulos 1 e 2 deste libro.

A contradición *expresividade /neutralidade* non é antagónica: entre os seus extremos hai moitas posibilidades e casos intermedios. Moitas unidades lingüísticas no seu proceso de funcionamento poden oscilar entre estes dous polos, achegándose unhas veces a un e outras veces a outro.

A *superfluidade*, a *información estética* e a *expresividade*, desta maneira, teñen tanta impor-

⁴⁵⁰ **Nota do orixinal:** Русский язык и советское общество: Лексика современного русского литературного языка. [A lingua rusa e a sociedade soviética: Léxico da lingua literaria rusa contemporánea]. M., 1968. Páx.27.

tancia no proceso de comunicación como a estricte *informatividade*. A interacción da forza expresiva e do estándar é extremadamente importante para o proceso de comunicación, aínda que en distintas esferas deste proceso a interacción ten certas peculiaridades.

A *superfluidade* informativa das unidades lingüísticas expresivas, frecuentemente interpretada como unha deficiencia dende o punto de vista da nominación, nesta aproximación resulta ser tan necesaria como a informatividade concentrada ata o límite final. Para o fraseoloxismo como unidade expresiva esta constatación é especialmente importante, xa que a súa *superfluidade* informativa pode parecer absoluta. Isto débese a que, en esencia, parece non ser necesario para a lingua en calidade de signo comunicativo, de *informema*, debido a que a maioría dos fraseoloxismos é reducible ata os significados léxicos, entra en relacións sinonímicas con eles, etc., nunha palabra, dende o punto de vista da **designación** é idéntica ós lexemas. Non é casual que moitos lingüistas consideren a fraseoloxía como o nivel superfluo da lingua.

O mesmo termo **superfluidade** con tal característica adquire unha connotación negativa. Créase a impresión de que as unidades fraseolóxicas, igual que outras unidades expresivas, son superfluas debido á súa non-informatividade. Recoñecer tal característica non é posible xa que calquera información que se transmite dunha persoa a outra contén inevitablemente a valoración realizada polo emisor e, á súa vez, a do receptor. A valoratividade e a expresividade, como imos ver máis en diante, non son nocións idénticas, pero están entrelazadas estreitamente.

Tódolos medios lingüísticos, polo tanto, pódense distribuír convencionalmente ó longo da escala *expresividade /neutralidade*⁴⁵¹. É comprensible que para cada nivel lingüístico esta contraposición posúa as súas peculiaridades. O fondo léxico dende este punto de vista está equilibrado cuantitativa e cualitativamente. Cada un dos polos da contraposición dada está representado por unha ampla capa do léxico, propiamente nominativo (que realiza a función nominativa da lingua), e expresivo (en que se materializa a función expresiva da lingua). As palabras do segundo tipo nos últimos tempos recibiron un nome especial: **os expresivos**, que está completamente xustificado pola existencia de todo un complexo de indicios que os unen, a pesar das diferencias semántico-gramaticais, estilísticas, funcionais e outras (Лукьянова, 1980; 1986). Este léxico serve habitualmente para designa-los sentimentos, as emocións, o estado espiritual da persoa, expresa a relación emocional, valoracións sociais e individuais dun ambiente lingüístico concreto e é un reflexo da actividade intelectual, sentimental, psíquica da conciencia humana. Sendo un medio expresivo da lingua, este léxico realiza unha función expresiva, caracterizadora e por iso ten unha esfera de uso limitada.

Daquela ¿en que consiste en principio a diferenza entre o léxico nominativo e os expresivos?

Ante todo, no carácter social, vivamente expresado, no antropomorfismo dos últimos. O

⁴⁵¹ **Nota do orixinal:** A denominación desta contradición, dende logo, é convencional. Son posibles, por exemplo, tamén as súas denominacións como *informatividade /superfluidade*, *nominatividade /expresividade*, *expresividade /non-expresividade*.

signo expresivo na semiótica é aquel que axuda o falante a expresa-la súa actitude verbo dos fenómenos que o rodean, ou ben aquel en que, independentemente da vontade do falante, se manifestan as propiedades da súa personalidade (Grabias, 1978: 107). E dende o punto de vista lingüístico-estilístico, a forza expresiva é unha categoría semántica connotativa de tipo xeneralizador (Винокур, 1980: 54-57). E a xeneralización connotativa ten as súas raíces precisamente na valoratividade social dos expresivos.

5.2. Expresividade, emocionalidade e valoratividade

Sendo distintas as definicións e interpretacións da expresividade, habitualmente trátase de fenómenos semánticos próximos: valoratividade, imaxibilidade, expresividade da fala e emocionalidade. Notando a súa vinculación, os investigadores emprenden tamén intentos de delimitalos con maior ou menor exactitude. A delimitación entre a expresividade, emocionalidade e valoratividade presenta neste sentido unha dificultade especial. Sábese que na estilística tradicional (por exemplo, nas obras de J.Vendryes, Ch.Bally, V.V.Vinogradov) identificábanse as nocións de emocionalidade ou afectividade e de expresividade. Actualmente marcan unha liña definida entre eles. Así, E.A.Plaghin tende a caracteriza-la *expresividade da palabra* como "toda a gama subxectivo-sentimental de valoracións dos feitos da realidade, que potencialmente se contén nela", e a *emocionalidade da palabra* como "unha manifestación concreta, dunha soa vez, dunha das valoracións que está introducida na intención da comunicación"⁴⁵². Conforme ó punto de vista contrario, "o concepto de emocionalidade pódese aplicar á composición e ó significado das unidades lingüísticas, mentres que o concepto de expresividade está vinculado á súa selección e realización na fala"⁴⁵³.

É fácil notar que os autores citados separan os fenómenos de expresividade e emocionalidade distribuíndoos no eixe "lingua - fala", o que non é moi lexítimo. Os datos da psicolingüística amosan que no significado emocional se destacan os compoñentes da valoración, da forza e da actividade, que son constantes nas distintas linguas. Consecuentemente, tanto a emocionalidade, como a expresividade poden atribuírse de igual xeito á lingua ou á fala. Só se pode recoñecer, quizais, que a expresividade é unha propiedade semántica menos inmediata cá emocionalidade e que ten un repertorio lingüístico de funcionamento máis amplo. Para dicilo con outras palabras, calquera manifestación da semántica emocional é expresiva, pero non todo o expresivo é emocional. Existe outra correlación entre a expresividade e a valoratividade. O repertorio da valoratividade ten máis "alcance" có reperto-

⁴⁵² **Nota do orixinal:** Плахин Е.А. Экспрессивность и эмоциональность слова. [Plaghin E.A. *Expresividade e emocionalidade da palabra*]. // Русское языкознание. [Lingüística rusa]. Алма-ата, 1973. Вып.2. Пáx.46.

⁴⁵³ **Nota do orixinal:** Осипов Ю.М. Об уточнении понятия "эмоциональность" как лингвистического термина. [Ósipov Ju.M. *Sobre a especificación do concepto "emocionalidade" como termo lingüístico*] // Ученые записки Московского университета. [Memorias científicas da Universidade de Moscova]. 1970. N 422. Пáx.121.

rio da expresividade. Así, os adverbios *хорошо* ‘ben’ e *плохо* ‘mal’, sen dúbida, son valorativos, pero non son expresivos, a diferenza dos seus sinónimos léxicos do tipo *отменно* ‘perfecto’, *недурственно* ‘pasable’ (pola forma interna, ‘non mal’), *паршиво* ‘de xeito perralleiro’, *неважно* ‘mediocre, regular’ (pola forma interna, ‘non significativo’) e dos seus sinónimos fraseolóxicos do tipo

<i>на все сто</i>	<i>a tódolos cen</i> ⁴⁵⁴	‘completamente ben’
<i>на ять</i>	<i>a “iat”</i> ⁴⁵⁵	‘perfectamente ben’
<i>из рук вон</i>	<i>fóra das mans</i>	‘terriblemente mal’
<i>ниже всякой критики</i>	<i>máis baixo que cal- quera crítica</i>	‘absolutamente mal’,

mentres que as unidades expresivas sempre conteñen nunha ou outra medida elementos de valoratividade. Non é casual que a expresividade se interprete só como unha das cinco propiedades do predicado valorativo: emotividade (é dicir, a propia valoratividade), emocionalidade, afectividade e intensificación. Tamén son posibles comprensións da valoratividade algo "estreitas", que aproximan os seus límites á expresividade.

Frecuentemente, durante os intentos de delimitación entre a expresividade, a valoratividade e a emocionalidade manéxase tamén a noción **imaxibilidade**. A dependencia destes conceptos é evidente, xa que a imaxibilidade é un dos factores poderosos de aumento de potencial valorativo-emocional e expresivo do léxico e da fraseoloxía. "Cada denominación imáxica ten matiz valorativo" (Mukařovský, 1971: 328). Non é lexítimo, sen embargo, mesturar ou uni-la imaxibilidade e a expresividade (comp.: Копыленко, Попова, 1972: 14-15), interpretalas como fenómenos equiparables, dunha mesma serie. A imaxibilidade, como intentamos amosar no capítulo 4, é só un recurso, unha fonte de expresividade e precisamente por iso non pode ser interpretada como unha propiedade relevante do fraseoloxismo. Se a expresividade, a emocionalidade e a valoratividade son propiedades rigorosamente sincrónicas, "horizontais", monofuncionais do léxico e da fraseoloxía, a imaxibilidade é unha propiedade diacrónica, "vertical", polifuncional. Noutras palabras, entre a imaxibilidade e a expresividade existe unha relación de causa e efecto: a primeira pode provoca-la outra, ser só fonte, pero non indicio funcional. O mesmo é característico da relación entre, por unha banda, a imaxibilidade, e pola outra banda, a valoratividade e a emocionalidade. Por iso non é lexítimo consideralas nunha única serie de clasificación.

5.3. A expresividade como propiedade predicamental dos fraseolo-

⁴⁵⁴ Comp. en galego *ó cento por cento* ‘plenamente’ (este significado tamén pode ter a citada expresión rusa).

⁴⁵⁵ *Ять* (pronúciase /iat/ e escríbese ѣ) é unha letra do alfabeto ruso antigo, con pronunciación coincidente xa na antigüidade coa da letra *e*, así que as regras de ortografía das palabras que contiñan ѣ considerábanse entre os escolares como as máis difíciles. Polo tanto, saber “a iat” significaba ‘saber perfectamente ben’.

xismos

O resultado importante do estudio da expresividade, valoratividade e emocionalidade das unidades lingüísticas é a comprensión do feito de que estas propiedades son elementos da estrutura semántica tan necesarios como a propia nominatividade, é dicir, o recoñecemento da súa informatividade en sentido amplo. Gracias a estas propiedades, a lingua é capaz de realizar unha das súas funcións máis importantes, a pragmática, é dicir, a función da influencia da fala. Dende este punto de vista, o complexo das unidades lingüísticas que realizan a función nominativa da lingua represéntase como un conxunto de *informemas*, e a totalidade dos seus medios expresivo-valorativos represéntase como un conxunto de *pragmemas* (Киселева, 1978: 106-109). Os fraseoloxismos son, por dicilo así, pragmemas "ideais", xa que a expresividade é a súa propiedade immanente, como consecuencia de que funcionan na lingua precisamente como unidades que inflúen no destinatario.

A función expresivo-comunicativa, estética para o fraseoloxismo é especialmente importante; pódese dicir, que para o nivel fraseolóxico esta función está hipertrofiada, elevada ata o absoluto e é coma se xustificase a existencia da fraseoloxía como nivel lingüístico especial. E a expresividade do fraseoloxismo distínguese da expresividade do lexema e doutras unidades lingüísticas, segundo a expresión de B.A.Larin, pola súa "adicionalidade do sentido", pola presenza de matices semánticos que permiten concretar dunha maneira máis exacta os acentos máis finos da forza expresiva. O fraseoloxismo é unha das manifestacións máis vivas da función estética da lingua, que, aínda que, posiblemente, é superflua, dende o punto de vista do "feito de ser signo" e da "nominatividade", non obstante, é imprescindible para a lingua como fenómeno social.

En esencia, a antinomia "expresividade /nominatividade" tampouco se interpreta dunha única maneira para o nivel léxico. Recoñecendo a nominatividade dos expresivos léxicos, N.A.Lukiánova, por exemplo, ó mesmo tempo subliña correctamente as súas peculiaridades, que son: o desprazamento da función nominativa á periferia debido a que a función dominante dos expresivos é a función de expresar (Лукьянова, 1980: 10). Tal amortecemento da función nominativa a favor da expresiva é aínda máis propio da fraseoloxía. No fraseoloxismo o nominativo está disolto no expresivo, está subordinado a isto. Estes dous lados do signo lingüístico son sincréticos no fraseoloxismo, mentres que no léxico (sobre todo non-expresivo) están diferenciados, separados.

Por iso moitos fraseólogos acentúan con precisión o predominio do elemento expresivo-valorativo na semántica do fraseoloxismo. "O peso específico do significado valorativo é moito maior nas unidades fraseolóxicas ca nas palabras", nota A.V.Kunin (Кунин, 1970: 102). "A diferenza dos lexemas e dos sintagmas, os fraseas desempeñan un papel lingüístico expresivo" (Д.Мршевић-Радовић, 1979: 461). En semellantes declaracións percíbese a tendencia obxectiva a subliña-la diferenza entre o fraseoloxismo e a palabra no que se refire á antinomia que nos interesa, acentua-la expresividade predicamental dos fraseoloxismos tendo en conta a nominatividade predicamental dos lexemas.

Dende logo, non é posible deixar de ver que o recoñecemento da expresividade predicamental do fraseoloxismo depende en gran medida do modo de pensar dun ou doutro inves-

tigador no sentido da teoría e da terminoloxía, ante todo depende da definición da unidade que el acepta. Notemos só que canto máis ampla é a comprensión do fraseoloxismo, tanto máis inevitable é rexeita-lo recoñecemento da súa expresividade en calidade de trazo predicamental. E, se por fraseoloxismo se comprenden só unidades estables e reproducibles, cómpre incluír no corpo da fraseoloxía tamén os termos compostos e as nomenclaturas que son unidades, por dicilo así, da "nominación pura". Neste caso a oposición *expresividade / neutralidade* para o léxico e para a fraseoloxía resultará ser case idéntica, xa que ós expresivos léxicos corresponderánlles os expresivos "fraseolóxicos", e ós nominativos léxicos corresponderánlles os nominativos "fraseolóxicos".

Como neste libro o fraseoloxismo se interpreta como unidade idiomática, é dicir, como fraseoloxismo en sentido estrito, a expresividade recibe aquí calidade de indicio relevante: asegura, segundo parece, unha selección suficientemente rigorosa e determinada respecto ás unidades homoxéneas como obxecto de investigación. O rexeitamento desta propiedade como indicio relevante do fraseoloxismo leva inevitablemente á ampliación de tal obxecto. E se o rexeitamento está condicionado polo obxectivo de descrición e de demostración dun ou outro método⁴⁵⁶, isto está completamente xustificado e esixe só unhas estipulacións terminolóxicas. Pero no caso de que o autor exclúa da súa definición de fraseoloxismo a expresividade e que ademais a interprete tradicionalmente, a súa aproximación pode traer consigo unha inconsecuencia. Así, A.S.Iúrchenco só recoñece propiedades relevantes do fraseoloxismo, tales como a formación separada, a indivisibilidade semántica e a estabilidade relativa (Юрченко, 1984: 20), pero ó mesmo tempo investiga exclusivamente unidades idiomáticas, notando correctamente a relatividade da "neutralidade" estilística dos así chamados fraseoloxismos interestilísticos do tipo dos rusos

<i>мáла и вели́ка</i>	<i>de pequenos e grandes</i>	‘de tódalas idades’
<i>день и ночь</i>	<i>día e noite</i>	‘vintecatro horas seguidas’ ⁴⁵⁷

e o ucraíno

<i>і́ плом і душі́ю</i>	<i>co corpo e alma</i> ⁴⁵⁸
-------------------------	---------------------------------------

(Ibid.:140-141). De maneira analóxica actúa tamén I.Ia.Lépexév que rexeita o estatuto predicamental da expresividade fraseolóxica e subliña que tales fraseoloxismos, así como os bielorrusos

<i>ўсе ро́ўна</i>	<i>todo é igual</i>	‘é indiferente’
<i>ва ўся́кім выпáдку</i>	<i>en todo caso</i>	‘independentemente de nada’
<i>з го́ду ў год</i>	<i>de ano en ano</i>	‘varios anos seguidos’

⁴⁵⁶ **Nota do orixinal:** Comp. a tipoloxía de combinabilidade dos lexemas composta a partir das combinacións dos semas denotativos e connotativos na obra de M.M.Kopilenko e Z.D.Popova (Копыленко, Попова, 1972).

⁴⁵⁷ En ruso existe a palabra *сутки* que designa este período de tempo.

⁴⁵⁸ Comp. en galego: *en corpo e alma* co mesmo significado.

час ад часу *hora da hora* 'cada vez máis',

"apenas posúen expresividade" (Лепешаў, 1984: 11), ou que os xiros do tipo do bielorruso

бабіна лета *verán da muller* 'outono temperán con días mornos'

teñen cor expresivo-valorativa mínima (Ibid: 14-15). Sen embargo, noutro lugar do seu libro o autor amosa de maneira convincente que só uns poucos deles, por exemplo,

ўсе роўна *todo é igual* 'é indiferente',

poden "funcionar libremente en tódolos estilos sen producir disonancia na fala" e explícao polo feito de que na esfera da fraseoloxía non existe "neutralidade esterilmente pura" (Ibid: 20).

Efectivamente, os casos do tipo do ruso

всё равно *todo é igual* 'é indiferente'

son extremadamente escasos no corpo fraseolóxico considerado tradicionalmente, incluso se interpretamos tales xiros como fraseoloxismos. Ademais, tamén se cualifican de maneiras distintas nos dicionarios: non é casual que o mesmo I.Ia.Lépexév sinala que no *Diccionario fraseolóxico escolar da lingua rusa* de V.P.Jukov⁴⁵⁹ este xiro se caracterice como neutro, mentres que no *Diccionario-libro de referencia da fraseoloxía rusa* de R.I.Iarántsev⁴⁶⁰, que se utiliza no ensino, caracterízase como popular.

E os casos do tipo do ruso

бабье лето *verán da muller* 'outono temperán con días mornos'

non se pode interpretar como falta de marca expresiva, a pesar do carácter de nomenclatura da súa semántica, que condiciona unhas determinadas dúbidas á hora de incluílas no corpo de unidades idiomáticas. Isto pode ser fácilmente amosado, tanto pola valoratividade bastante estable deste xiro, como pola apelación insistente á súa forma interna nos textos artístico-publicitarios:

*За окном - в летающих паутинках и
желтом кружеве листьев - стояло
чудесное "бабье лето". (Р.Армеев)*

'Detrás da fiestra, nas arañeiras voantes e no encaixe amarelo de follas, facía un marabilloso "verán da muller"' (R.Armeev)

*Не бабье лето - мужиковская весна.
Есть зимний дуб. Он зацветает
позже... (А.Вознесенский)*

'Non o verán da muller - a primavera do home. Existe o carballo invernal. Florece máis tarde [...]' (A.Voznesenskii).

⁴⁵⁹ "Школьный фразеологический словарь русского языка" В.П.Жукова.

⁴⁶⁰ "Словарь-справочник по русской фразеологии" Р.И.Яранцева.

Non é casual que esta expresión chegase a ser tamén un símbolo orixinal da idade determinada da muller: isto é só unha das materializacións do seu potencial expresivo. E a forma interna e a semántica "de temporada" resultan ser expresivamente dependentes. Un efecto expresivo de tal tipo créase, por exemplo, na poesía de O.Berggolts "Verán da muller"⁴⁶¹:

*Есть время природы особого света,
неяркого солнца, нежнейшего зноя.*

Оно называется

бабье лето

*и в прелести спорит с самою
весною...*

*О мудрость щедрейшего бабьего
лета⁴⁶²,*

*с отрадой тебя принимаю... И всё
же,*

*любовь моя, где ты, аукнемся, где
ты?*

*А рощи безмолвны, а звёзды всё
строже...*

‘Na natureza existe unha temporada
de luz especial /

de sol non brillante, de calor máis ten-
ro. /

Chámase

o verán da muller /

e dispútalle encanto á mesma prima-
vera ... /

Oh, sabedoría do máis xeneroso verán
da muller, /

acéptote con agrado... E, sen embar-
go, /

meu amor, ¿onde estás ti? ímonos di-
cir algo un ó outro ¿onde estás ti? /

E os bosquiños están silenciosos, e as
estrelas son cada vez máis e máis
severas [...]

É significativo que na tradución desta poesía ó inglés o traductor Avril Pirman se vise obrigado a ofrecer un comentario que apelaba precisamente ó significado literal dos compoñentes: "In Russian Indian Summer is called "Women's summer"⁴⁶³. Esta claro que en tales casos trátase de reinterpretacións estéticas da forma interna, que se basean na transparencia que esta aparenta ter.

E frecuentemente esta transparencia non significa claridade etimolóxica. Así, os investigadores interpretan o xiro

ба́бье ле́то

verán da muller

'outono temperán con
días mornos'

de maneiras distintas, tanto máis canto que el posúe unha área xeográfica bastante ampla: ruso *ба́бье ле́то*; bielorruso *ба́біна ле́та*; ucraino *ба́бине (ба́бське) літо*; polaco *babie la-
to*; eslovaco *babie (babské) leto*; checo *babí leto*; serbio/croata *бабино (бабље) лето*; es-

⁴⁶¹ O.Berggolts "Ба́бье лето".

⁴⁶² Aquí vai subliñado o mesmo xiro no caso xenitivo.

⁴⁶³ **Nota do orixinal:** "En ruso ó *Verán Indio* chámalle *verán da muller*": *Three Centures of Russian poetry*. Moscow, 1980. Páx.725. [*Verán Indio* é un nome habitual para designar esta temporada en inglés].

loveno *babje leto*; alemán *Altweibersommer*⁴⁶⁴; lituano *bóby vasara*. Uns intérpreto metáforicamente, relacionando a denominación do inicio do outono coa arañeira, que nesta época adoita voar e que fai lembrar as primeiras canas da muller que empeza a avellentarse, ou ben partindo da comparación co amor serodio (e curto) das mulleres que se están avellentando, ou ben da alusión á súa beleza "outonal" que se está murchando; outros parten da motivación "produccionista", xa que coa chegada dos días de setembro as mulleres aldeanas empezaban a *senta-los seráns*, é dicir, ocuparse de fiar, de tecer e doutros traballos domésticos típicos das mulleres; os terceiros supoñen unha transición metafórica que parte de *баба* 'curandeira, bruxa' e *лёт* 'o que está voando, é dicir, os fíos da arañeira no aire no outono temperán'. A existencia de versións etimolóxicas tan distintas, estando extremadamente claros os compoñentes, tamén é un reflexo orixinal da expresividade do xiro

<i>бабье лето</i>	<i>verán da muller</i>	'outono temperán con días mornos'.
-------------------	------------------------	------------------------------------

No capítulo 4 amosouse cómo casos semellantes de animación da imaxinabilidade se reflicten no aumento do potencial expresivo das unidades fraseolóxicas.

Desta maneira, unha consideración máis atenta das combinacións estables de palabras, ás que I.Ia.Lépexév e outros fraseólogos lles someten a dúbida a expresividade, amosa que estas son ou ben casos transitorios do tipo

<i>всё равно</i>	<i>todo é igual</i>	'é indiferente',
------------------	---------------------	------------------

que son inevitables cando se establecen límites de calquera nivel lingüístico, ou ben as expresións do tipo

<i>бабье лето</i>	<i>verán da muller</i>	'outono temperán con días mornos',
-------------------	------------------------	------------------------------------

que nin son neutras, nin moito menos, debido á súa forza expresiva.

5.4. Os nominativos e os expresivos na esfera das combinacións estables

A delimitación das unidades léxicas segundo a escala *expresividade /neutralidade*, como vimos, provoca a súa distribución entre expresivos e nominativos. Aplicada ás combinacións estables de palabras, a mesma delimitación leva á contraposición exacta entre os fraseoloxismos como expresivos que posúen unha formación separada e as combinacións terminolóxicas e nomenclatúricas de palabras como os nominativos. Considerando as relacións entre os fraseoloxismos e os termos compostos dende o punto de vista da antinomia que nos interesa, é fácil ver como funciona exacta e regularmente a expresividade en cali-

⁴⁶⁴ **Nota do orixinal:** A palabra composta alemana, segundo parece, é un préstamo do eslavo, xa que está fixada só a principios do século XIX e non ten paralelos noutras linguas xermánicas.

dade de criterio que axuda a delimitar estes dous tipos de unidades lingüísticas, distintas no plano funcional.

Sabemos que o termo, actuando nos textos especiais ante todo coa función intelectual-informativa, pode funcionar tamén como pragmema (máis frecuentemente en textos artísticos e publicitarios), adquirindo expresividade. A función informativa do termo no texto científico-técnico é practicamente única: os fenómenos de variación, de sinonimia, de antonimia e semellantes, que son tan significativos esteticamente nun texto artístico-publicitario, neste caso non aumentan as potencias pragmáticas do termo, senón que só detallan a manifestación da súa nominatividade predicamental. No texto artístico-publicitario o repertorio do termo amplíase considerablemente, xa que adquire a capacidade de caracterizar socialmente a situación, o personaxe e servir como característica de fala, é dicir, cumpri-la función deíctica. Isto é o movemento cara á valoratividade e expresividade, os distintos tipos da función pragmática.

A reinterpretación do termo que se realiza na fala ou que é individual dun autor, que se percibe polos oíntes ou polos lectores estando só presente tamén o seu significado directo, crea unha tensión estética especial, condicionada pola vibración semántico-estilística entre os polos *neutralidade /expresividade*. O uso múltiple dos termos compostos reinterpretados desta maneira fai deles expresivos estables, é dicir, fraseoloxismos. A efectividade da fraseoloxización e o carácter actual do fraseoloxismo novo dependen en gran medida do grao en que se coñece o termo-fonte, do seu estatuto lingüístico xeral que permite crea-la presenza de dous planos e, con isto, a tensión expresiva. De aquí procede a "selectividade" realizada polo sistema terminolóxico da lingua no plano fraseolóxico. Tal selectividade está relacionada directamente coa capacidade do termo de actualización, dicíndoo dunha maneira máis simple, coa posibilidade do seu desciframento non terminolóxico, "de vida cotiá".

É típico neste sentido o uso figurado do termo *чёрная дыра* *buraco negro* nun ensaio sobre un científico físico:

В его творчестве отсутствуют "черные дыры" - временные остановки после покорения какой-нибудь научной высоты. (В.И.Щепилов)

‘Na súa obra creativa están ausentes os "buracos negros", as paradas temporais despois da superación dunha altura científica.’ (V.Schepilov).

O mesmo autor do ensaio semantiza o fraseoloxismo ocasional

чёрная дыра

buraco negro

‘parada temporal despois da superación dunha altura científica’

que creou para caracteriza-lo científico. O significado ‘parada temporal despois da supera-

ción dunha altura científica', sen embargo, non é consecuencia directa da reinterpretación do termo. O termo físico *чёрная дыра* *buraco negro* está lonxe de significar 'parada na altura', é 'coágulo de substancia de estrelas que posúe tal grao de condensación e tales forzas de gravidade, que non deixan saír ó espazo ningunha partícula nin onda'⁴⁶⁵. O uso figurado do termo, segundo parece, estímase, por unha banda, mediante un significado da palabra *дыра* 'buraco', que é "de vida cotiá": 'algún sitio vacío, lagoa', e, por outra banda, pola tradición de uso dos antónimos fraseolóxicos "de cor":

<i>чёрное (тёмное) пятно́</i>	<i>mancha negra (escura)</i>	'algo que infama, deshonra moito'
-------------------------------	------------------------------	-----------------------------------

e

<i>бёлое пятно́</i>	<i>mancha branca</i>	'problema non investigado, que necesita resposta, solución'.
---------------------	----------------------	--

Na última oposición fraseolóxica cabe tamén o antónimo terminolóxico de *чёрная дыра* *buraco negro*, que é *бёлая дыра* *buraco branco* 'obxecto hipotético do Universo, que é resultado da ampliación da substancia que antes se encontraba nun estado superdenso'⁴⁶⁶. Tamen contradí o significado terminolóxico 'coágulo de substancia de estrelas' a interpretación poética do termo *чёрная дыра* *buraco negro*, rexistrada polo arriba citado dicionario *Palabras e significados novos*.⁴⁶⁷:

Над речкой, над стогом душистого сена, Над вспылками дальних зарниц, Я чувствую “чёрные дыры” Вселенной, Как взгляд из бездонных границ. (Техника - молодежи. 1975. N^o 8)

'Enriba do río, enriba do palleiro da herba seca olorosa, Enriba dos flashes dos lóstregos lonxanos, Eu sinto os buracos negros do Universo, coma unha mirada dende os límites insondables.' (*Técnica para a xente nova*. 1975. N^o 8).⁴⁶⁸

En tales casos a presión da forma interna resulta ser máis efectiva que a partida directa da semántica terminolóxica. E isto é unha testemuña máis de que cando unha combinación de

⁴⁶⁵ **Nota do orixinal:** Новые слова и значения: Словарь-справочник по материалам прессы и литературы 70-х годов /Под ред. Н.З.Котеловой. [*Palabras e significados novos: Dicionario-libro de referencia baseado nos materiais da prensa e da literatura dos anos 70 /Baixo a revisión de N.Z.Kotelova*]. M., 1984. Páx.211.

⁴⁶⁶ **Nota do orixinal:** Ibid. Páx.210.

⁴⁶⁷ “Новые слова и значения”.

⁴⁶⁸ Comp. tamén outro significado fraseolóxico desta expresión rexistrada nun dicionario máis tardío

<i>чёрная дыра́</i>	<i>buraco negro</i>	'lugar onde todo desaparece, se absorbe sen deixar pegadas'
---------------------	---------------------	---

(véxase: Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник. [*Diccionario de fraseoloxía rusa: Libro de referencia histórico-etimolóxico*]. Санкт-Петербург, 1998. Páx.178).

palabras "conmuta" dende o plano terminolóxico no fraseolóxico, está orientada en gran medida ás potencias expresivas dos compoñentes que forman este termo.

A fala profesional recoñécese unanimemente polos fraseólogos como un dos recursos máis activos para complemento do fondo fraseolóxico das distintas linguas. A actividade das combinacións terminolóxicas de palabras no campo da formación de frases no pasado foi condicionada en gran medida polo coñecemento común de tales procesos laborais que se designaban por elas. Precisamente por iso a terminoloxía profesional "reflicte ás veces os antigos métodos de traballo; outras veces formas especiais de colaboración dos participantes do proceso produccionista colectivo; e outras, as opinións dos artesáns ou dos explotadores do seu propio traballo" (Ларин, 1959: 36).

Polo tanto, o feito de que todos coñecesen a terminoloxía profesional no pasado é a razón da súa constante disposición á actualización estética, á reunión das funcións nominativa e expresivo-emocional, que leva á fraseoloxización. A especialización da actividade produccionista, da ciencia e técnica no noso tempo, a primeira vista, leva á debilitación das posibilidades de actualización. É por iso polo que nas linguas literarias contemporáneas hai máis fraseoloxismos baseados na terminoloxía tradicional profesional, que na actual, na científico-técnica.

A fraseoloxía tamén neste plano manifesta un carácter máis conservador có léxico. É sabido que na lingua rusa a revolución científico-técnica provocou non só unha activa creación de termos e os seus procesos de préstamo, senón tamén o funcionamento activo deles na lingua literaria común. E neste proceso hai moitas veces menos innovacións fraseolóxicas que innovacións léxicas.

E a principal razón da desterminoloxización do léxico científico-técnico e da fraseoloxía é a mesma: a dependencia mutua constante entre a esfera produccionista-científica e a da vida cotiá do home.

Entre o vocabulario da ciencia e o vocabulario da vida cotiá, - sinalou V.V.Vinogradov, - existe unha directa e estreita relación. Calquera ciencia empeza a partir dos resultados que acadaron a mentalidade e a fala do pobo, e o seu desenvolvemento ulterior non se separa da lingua popular, xa que incluso as chamadas ciencias exactas seguen retendo nos seus vocabularios termos collidos da lingua de todo pobo (peso, traballo, forza, calor, son, luz, reflexo e semellantes) (Виноградов, 1977: 165).

O noso tempo, o tempo do progreso científico-técnico, intensifica especialmente o segundo lado dialéctico desta relación entre o vocabulario da ciencia e o vocabulario da vida cotiá: a lingua de todo pobo agora adopta moitas cousas da esfera terminolóxica, adaptando semanticamente moitos termos especiais.

O proceso de *xeneralización do significado* afecta tamén ós termos compostos estables, facéndoo fraseoloxismos. Tal xeneralización produce un efecto expresivo aínda maior nos casos en que o compoñente estrutural da combinación terminolóxica resulta ser simultaneamente palabra da vida cotiá, como pasou coa formación do fraseoloxismo ocasional

чёрная дыра

buraco negro

'parada temporal des-

pois da superación dunha altura científica'.

Falando con propiedade, precisamente nisto consiste a peculiaridade da *desterminoloxización* dos termos compostos, que a distingue do proceso analóxico que se realiza para os termos-lexemas. A fraseoloxización pode realizarse ben mediante preferencia acentuada do eixe semántico, que é o máis cómodo para a desespecialización, ou ben, como tamén ocorre no léxico, sen tal acentuación, a conta da terminoloxización da combinación enteira de palabras. Os exemplos de fraseoloxización do segundo tipo son moito menos numerosos, xa que os termos compostos ordinariamente inclúen tamén o compoñente da semántica literaria común. Comp.:

<i>выйти из строя</i>	<i>saír da formación</i> (termo militar)	'deixar de funcionar, desarreglarse'
<i>задавать тон</i>	<i>da-lo ton (= da-lo "la", termo musical)</i>	'ser exemplo, modelo para outros en algo; ser unha persoa que inflúe moito na marcha dun proceso ou proxecto, etc.'
<i>давать задний ход</i>	<i>dar marcha atrás</i> (termo de transportes)	'nega-lo que se dixo antes, as opinións anteriores, etc.'
<i>сдвинуть с мёртвой точки</i>	<i>quitar do punto morto</i> (termo técnico)	'dar movemento a algo, quitalo do seu sitio, supera-lo estancamento',

onde os verbos son practicamente a-terminolóxicos. Incluso os fraseoloxismos nominativos que sufriron desterminoloxización, do tipo

<i>цепная реакция</i>	<i>reacción en cadea</i> (termo físico)	'dise dun proceso incesante e incontrolable de incorporación dalgunhas persoas ou cousas nalgunha esfera'
<i>центробежная сила</i>	<i>forza centrífuga</i> (termo técnico)	'dise dunha forza que atrae as persoas a algo'
<i>дымовая завеса</i>	<i>cortina de fume</i> (termo militar)	'un disimulo que oculta intencións e ideas verdadeiras'

<i>точка замерзания</i>	<i>punto de conxelación</i> (termo físico)	‘situación en que algo está parado sen ir adiante’
<i>необратимый процесс</i>	<i>proceso irreversible</i> (termo físico-quími- co)	‘dise dalgo que se vai desenvolver adiante, sen volver á situación anterior’

non están equilibrados neste sentido: ordinariamente un dos compoñentes inclínase cara ó "desciframento da vida cotiá". Precisamente neste carácter selectivo do acento da reinterpretación, segundo parece, consiste un dos motivos propiamente lingüísticos da desproporción cuantitativa dos fraseoloxismos desactualizados en comparación cos correspondentes termos léxicos. As posibilidades de desactualización aquí estréitanse pola existencia dunha relación semántico-estructural con outros compoñentes do termo composto.

O carácter selectivo maniféstase tamén na ampliación do círculo do léxico que pode combinarse co termo desespecializado. Así, o xiro *ход конём* ‘xogada de cabalo’ no significado da terminoloxía deportiva ten unha esfera de uso moi estreita, designando un desprazamento na táboa de xadrez dunha figura concreta. Neste plano a combinación *ход конём* ‘xogada de cabalo’ é analóxica ás combinacións *ход слонóm* ‘xogada de alfil’ ou *ход пешкой* ‘xogada de peón’. No significado figurado, fraseolóxico enriqueceuse por unha valoratividade vivamente subliñada: ‘medio decidido que se utiliza nun caso extremo; acción enxeñosa e astuta que achega cambios inesperados a unha situación complicada’.

Un proceso semellante é consecuencia típica dos termos fraseolóxicos. A liña semántico-estilística desta fraseoloxización vai dende a informatividade cara á expresividade máxima e a valoratividade. A antinomia *expresividade /neutralidade*, polo tanto, resulta ser extremadamente importante, ten calidade de eixe para a delimitación entre a combinación terminolóxica de palabras e o fraseoloxismo. Calquera desvío da nominatividade cara á expresividade xa é un paso do termo composto en dirección ó fraseoloxismo. A fixación da expresividade deste termo testemuña o remate do proceso de fraseoloxización.

Desta maneira, correspóndenlles ós polos da antinomia *neutralidade /expresividade* dous tipos de unidades estables que posúen formación separada: os termos e os fraseoloxismos. Ó mesmo tempo, coma sempre na lingua, pódense notar tamén dous grupos de combinacións estables de palabras, que se afastan dos polos e representan unha orixinal zona de transición dende as unidades nominativas cara ás expresivas. Trátase dos chamados *termos imáxicos* e das perífrases. A pesar dunha orixinal aliaxe da expresividade e a nominatividade, a orientación consecuenta cara á expresividade como propiedade relevante dos fraseoloxismos permite, segundo parece, "separar" tamén estas unidades e distribuilas entre os polos da nosa antinomia.

Imos considera-las combinacións terminolóxicas de palabras, que teñen carácter imáxico. Hai moitas nas linguas eslavas. Adoitan ser primitivamente nacionais pola súa procedencia e por iso son vivamente metafóricas:

ruso

<i>анютины глазки</i>	<i>olliños de Aniúta</i> ⁴⁶⁹	‘pensamento’
<i>Ив́ан-да-Ма́рья</i>	<i>Iván e María</i>	‘trigo de vaca’
<i>льви́ный зе́в</i>	<i>boca de león</i>	‘mexacán’
<i>во́лчье лы́ко</i>	<i>líber de tileiro do lobo</i>	‘trobisco’

checo

<i>vlčí mák</i>	<i>papoula do lobo</i>	‘papoula’
-----------------	------------------------	-----------

búlgaro

<i>мо́мина сълза́</i>	<i>bágoa de rapaza</i> ⁴⁷⁰	‘lirio dos vales’.
-----------------------	---------------------------------------	--------------------

A motivación imáxica de tales termos na fala viva popular non sempre é suficientemente concreta, xa que un ou outro compoñente que se interpreta como o eixe da imaxibilidade chega a ser só unha especie de signo nomenclatúrico. Así é, por exemplo, o adxectivo *волчий* ‘de lobo’, do que se derivan moitas denominacións botánicas populares na lingua rusa⁴⁷¹:

(rexión de Ás-traghan)	<i>во́лчий бобкí</i>	<i>bagas de lobo</i>	‘silveira’
(rexión de Sim-birsk)	<i>во́лчья ла́па</i>	<i>pata de lobo</i>	‘uvas de raposa’
	<i>во́лчий гла́зки</i>	<i>olliños de lobo</i>	‘uvas de raposa’
(rexión de Ar-ghánguelsk)	<i>во́лчья ду́дка</i>	<i>asubío de lobo</i>	‘anxélica’
	<i>во́лчий у́шки</i>	<i>orelliñas de lobo</i>	‘belitroque’.

A pesar do carácter nomenclatúrico, os falantes dialectais perciben tales termos como imáxicos, xa que a relación coas metáforas correspondentes suxírea a mesma lingua.

E ademais, tales termos populares fórmanse a miúdo a partir das asociacións folclóricas comúns, incluso paremiolóxicas. Así, o nome da pranta

<i>Ив́ан-да-Ма́рья</i>	<i>Iván e María</i>	‘trigo de vaca’
------------------------	---------------------	-----------------

procede da asociación que existe entre os nomes rusos estendidos, que se atopan con fre-

⁴⁶⁹ *Aniúta* é hipocorístico do nome feminino Anna.

⁴⁷⁰ Comp. en galego: *bágoas de San Pedro*, *bagoíñas de San Xoán*..

⁴⁷¹ Comp. en galego: *herba do lobo*, *herba da loba*, etc.

cuencia tamén nos proverbios:

*Иван был в орде, а Марья вести ска-
зывает*

‘Iván estivo en *horda*⁴⁷², pero as noti-
cias cóntaas María’

Иван был в орде, а у Марьи вести

‘Iván estivo en *horda*, pero as noticias
tenas María’

Иван Марьи не слушает

‘Iván non escoita a María’.

Nisto tamén se manifesta unha determinada proximidade desta terminoloxía ós fraseolo-
xismos. Unha testemuña desta proximidade é tamén a modelabilidade das motivacións
imáxicas dalgúns termos compostos: comp.

(rexión de Smolensk)

брат-и-сестра́

irmán e irmá

‘trigo de vaca’

брат с сестро́й

irmán con irmá

‘trigo de vaca’

polaco

bratki

irmanciños

‘trigo de vaca’.

¿Constitúen tódolos trazos mencionados unha base suficiente para incluír tales combina-
cións de palabras na clase dos fraseoloxismos? É sabido que algúns fraseólogos actúan
precisamente así, considerando a imaxibilidade como propiedade relevante do fraseoloxis-
mo.

Non obstante, a imaxibilidade, como se espuxo no capítulo anterior, é só unha das fontes
da expresividade, e non é unha propiedade obrigatoria do fraseoloxismo como unidade
lingüística especial. Precisamente tal aproximación permite separa-los termos compostos
imáxicos dos propios fraseoloxismos. A pesar da comunidade dalgúns trazos, que son a
formación separada, a estabilidade, a enteireza semántica, non son expresivos, aínda que
son imáxicos. Na fala úsanse como nominativos, e non como expresivos, o que é fácil de
comprobar, comparando as equivalencias de tales unidades coas equivalencias das uni-
dades fraseolóxicas en distintas linguas. Así son, por exemplo, as correspondencias entre
o ruso e o serbio/croata e entre o ruso e o checo:

ruso

Ива́н-да-Ма́рья

Iván e María

‘trigo de vaca’

serbio/croata

⁴⁷² *Horda* é nome común que denominaba orixinariamente o antigo estado tártaro-mongólico.

<i>ливадор</i>	“de prados”	‘trigo de vaca’
<i>црвенка</i>	“de cor vermella”	‘trigo de vaca’
checo		
<i>černýš</i>	“de cor negra”	‘trigo de vaca’

ruso

<i>заячья капуста</i>	<i>col de lebre</i>	‘leitaruga’
-----------------------	---------------------	-------------

serbio/croata

<i>киселица</i>	“a que é ácida”	‘leitaruga’
-----------------	-----------------	-------------

checo

<i>rozchodník veliký</i>	<i>gran andador</i>	‘leitaruga’
--------------------------	---------------------	-------------

ruso

<i>львиный зев</i>	<i>boca de león</i>	‘mexacán’
--------------------	---------------------	-----------

serbio/croata

<i>жабица</i>	“de ra”	‘mexacán’
---------------	---------	-----------

<i>зијевалица</i>	“a que bocexa”	‘mexacán’
-------------------	----------------	-----------

checo

<i>lví hubičky</i>	<i>beiciños de león</i>	‘mexacán’.
--------------------	-------------------------	------------

E cando se buscan equivalencias dun fraseoloxismo, é importante a transmisión non só da semántica fraseolóxica, senón tamén do seu potencial expresivo-imáxico, o que converte o problema da tradución do fraseoloxismo nos textos artístico-publicitarios na pedra de toque de mestría de traducir. Polo tanto, neste caso o criterio da expresividade resulta ser decisivo: a pesar da motivación imáxica, os termos coma

<i>аниютинны глázки</i>	<i>ollíños de Aniúta</i>	‘pensamento’
-------------------------	--------------------------	--------------

son máis próximos ó polo da “neutralidade” có da “expresividade”.

As perífrases fraseolóxicas, que se definen como “bloque de palabras formado de diversas maneiras con significado actualizante léxico” (Юрченко, 1983: 14), teñen outro estatuto semántico, aínda que non menos “dobre na súa unidade”. Por *significado actualizante*, para dicilo con propiedade, cómpre entender a expresividade da perífrase. Os xiros perifrásticos do tipo

<i>корабль пустыни</i>	<i>barco do deserto</i>	‘camelo’
------------------------	-------------------------	----------

<i>царь зверей</i>	<i>rei dos animais</i>	‘león’
ou <i>царіца полей</i>	<i>raíña dos campos</i>	‘infantería’

están baseados, igual que os termos compostos do tipo imáxico-metafórico, nunha imaxe. A diferenza dos últimos, sen embargo, a imaxibilidade aquí está intencionadamente actualizada, agudizada. En esencia, como consideran moitos investigadores das perífrases, os límites entre fraseoloxismos e perífrases son bastante convencionais, aínda que, sen dúbida, existen diferenzas semántico-funcionais entre estas unidades.

Consideremos unha serie de perífrases unidas polo adxectivo *белый* ‘branco’:

<i>белая жатва</i>	<i>colleita branca</i>	‘recolección do algodón’
<i>белая страда</i>	<i>época de colleita branca</i>	‘recolección do algodón’
<i>белая нефть</i>	<i>petróleo branco</i>	‘gas condensado’
<i>белая пахота</i>	<i>labranza branca</i>	‘retención da neve’
<i>белое зерно</i>	<i>grao branco</i>	‘arroz’
<i>белое золото</i>	<i>ouro branco</i>	‘algodón’
<i>белый дельфин</i>	<i>arroaz branco</i>	‘arroaz polar’, ⁴⁷³
<i>белый континент</i>	<i>continente branco</i>	‘Antártida’
<i>белая убийца</i>	<i>asasina branca</i>	‘quenlla’
<i>белый уголь</i>	<i>carbón branco</i>	‘enerxía eléctrica’.

A pesar da heteroxeneidade de motivacións, que aquí parece estar presente, e a pesar do distinto grao de afastamento semántico da designación concreta das cores, todas estas unidades están agrupadas por dúas propiedades semántico-funcionais: unen dialecticamente en si a nominatividade e a expresividade. E con isto as perífrases chegan a ser unha especie de “zona de aproximación máxima” destes dous polos semánticos.

De aproximación, pero non de choque e moito menos de exterminación mutua, como compría esperar debido á acción da lei da unidade e loita dos contrarios. A razón disto consiste na especialización exacta destas propiedades da perífrase, contrapostas unha á outra. A perífrase, por unha banda, é a unidade expresiva, xa que, ordinariamente, non só repite a designación léxica correspondente, senón que lle dá unha valoración. Non é casual que os periodistas para escalaren a expresividade utilicen con frecuencia a perífrase precisamente xunto co lexema neutral. Así, o xiro

⁴⁷³ En ruso esta especie ten unha designación especial dunha soa palabra: *белуха*: a súa forma interna tamén é “a branca”.

бѣлое зѣлото

ouro branco

'algodón',

utilizado ó lado da palabra *хлопок* 'algodón', preséntase como unha unidade “mellorativa”, é dicir, que está relacionada cos traballos de mellora do terreo, e que subliña “o heroísmo de cada día” da colleita desta materia prima importante para o noso país.

Tales usos amosan que a perífrase reúne organicamente na súa estrutura a semántica expresiva e a nominativa. Ademais, estes dous tipos de semántica na perífrase están equilibrados e funcionan como “equitativos”. Segundo parece, precisamente con isto pódese explica-lo feito de que o efecto expresivo da perífrase non é tan considerable coma a ten-sa estética do fraseoloxismo, e o seu estatuto nominativo está moi debilitado en comparación co termo. A perífrase ordinariamente é tautolóxica no aspecto nominativo e estandarizada ó máximo, nivelada, no plano expresivo. Disto procede o subliñado do seu carácter tópico e borrado, da súa superfluidade funcional, etc. Nunha palabra, a perífrase ou ben é o “fraseoloxismo non completamente terminoloxizado”, ou ben o “termo non completamente fraseoloxizado”. Nesta dualidade consiste a esencia semántica da perífrase, aínda que segundo a presenza da expresividade pode ser atribuída á fraseoloxía e pode ser un obxecto de descrición fraseográfica. E cómpre ter en conta constantemente o carácter convencional de tal atribución e o carácter periférico da posición da perífrase no sistema dos fraseoloxismos.

5.5. Expresividade /neutralidade no espectro da ideografía

A asimetría semántica dos fraseoloxismos maniféstase dunha maneira especialmente viva no espectro ideográfico. Cando se distribúen entre os campos semánticos, grupos temáticos ou series sinonímicas, resulta que tanto no aspecto cuantitativo, coma no cualitativo, a zona “do núcleo” de tal distribución é precisamente a zona da expresividade forte. A fraseoloxía en sentido estricto preséntase aquí en contraste brusco tanto co léxico equilibrado no plano nominativo e connotativo, como coas combinacións estables de palabras de tipo nominativo. É significativo que incluso os fraseólogos que comprenden o fraseoloxismo dunha maneira moi ampla subliñen tal asimetría. Así, L.I.Roizenzón que inclúe na fraseoloxía tódolos tipos de “complexos estables de palabras” que se caracterizan pola reproducibilidade ó mesmo tempo subliña que

na fraseoloxía os campos que teñen connotación negativa sempre son máis potentes (jen canto ó aspecto cuantitativo!), que os campos que teñen connotación positiva. Isto é unha regularidade común da fraseoloxía nas linguas do mundo en xeral. Practicamente isto significa que, por exemplo, en calquera lingua o campo da negación une moitos máis fraseoloxismos, có campo da afirmación (Ройзензон, 1972: 18).

É comprensible que esta connotación sexa verdadeira só no caso de que non se inclúan na esfera da fraseoloxía as numerosas series de combinacións nominativas reproducibles

de carácter terminolóxico e nomenclatúrico.

A acentuación da concentración semántica do fraseoloxismo ó redor das nocións valorativas negativas chegou a se-lo *leitmotiv* de moitas investigacións que dun ou outro modo están relacionadas coa análise ideográfica da fraseoloxía. É significativo que este fenómeno sexa un *universale phraseologicum* propio tanto das unidades fraseolóxicas primitivas, como das emprastadas. A.I.Fiódorov, que investigou detalladamente a fraseoloxía dialectal siberiana, chega á conclusión de que a maioría dos fraseoloxismos caracteriza distintas cualidades, trazos, accións ou estados do home: supoñen o 95% da cantidade xeral do fondo fraseolóxico das falas siberianas. Só un grupo non considerable da fraseoloxía caracteriza o mundo animal e vexetal, e máis algúns fenómenos da natureza (Федоров, 1980: 112). Segundo parece, pódese estender esta estatística á fraseoloxía da lingua literaria rusa, e tamén á fraseoloxía doutras linguas.

Efectivamente, se comparamos o esquema ideográfico da fraseoloxía co esquema ideográfico do léxico, pódense descubrir unhas lagoas grandes. A experiencia da descrición ideográfica do léxico, acumulada durante moitos anos, revelou un complexo extremadamente amplo de campos semánticos e de grupos léxico-semánticos, que en total espella o cadro obxectivo da realidade relacionada co home. E isto é comprensible: o campo semántico, o grupo temático e a serie sinonímica no léxico parten en gran medida das potencias denotativas da palabra, aínda que, dende logo, o nivel de abstracción na relación mutua “mundo circundante /palabra” é distinto.

Por iso a elaboración ideográfica do léxico habitualmente está sometida á división extralingüística do mundo e baséase nos principios lóxico-conceptuais. As seccións máis xerais de tal clasificación o máis frecuente é que sexan tales como “Espacio”, “Substancia”, “Vexetación”, “Mundo animal”, “Home”, etc. Tal división ideográfica, en distintas transformacións e cun maior ou menor detalle, utilízase tanto nas investigacións semasiolóxicas, coma nos numerosos dicionarios ideográficos e escolares. A pesar de determinadas limitacións e deficiencias (en particular, a desproporción dalgunhas seccións, o recheo dalgunhas delas con material periférico, a ausencia de exactitude na agrupación do material, a repetición dalgunha parte do léxico en distintas seccións, etc.), a aproximación ideográfica ó léxico resultou ser moi productiva e encontrou diversas aplicacións.

Se a elaboración ideográfica do léxico ten unha longa tradición, da ideografía fraseolóxica e da ideografía aforística aínda se está empezando a falar. A ausencia de método ideográfico elaborado respecto da fraseoloxía leva a que se copie a descrición ideográfica do léxico en tales casos en que o lexicógrafo prefire a distribución temática á alfabética. Unha consecuencia disto é a identificación non lexítima dos sistemas léxico e fraseolóxico e a elaboración lexicográfica dos fraseoloxismos, que se realiza cos mesmos métodos que se utilizan para a descrición dos lexemas.

O carácter “antropomórfico” do material fraseolóxico explica a capacidade deste último de concentrarse ó redor de poucos centros connotativos que habitualmente teñen colorido negativo - aparencia do home, trazos do seu carácter, estado psíquico e emocional, accións físicas realizadas por el. Por iso os fraseólogos recoñecen unanimamente o grupo temático “Home” como obxecto central de investigación. A obxectividade deste

“recoñecemento” confirmase polo feito de que se chega a tal conclusión investigando o material de linguas eslavas moi distintas, incluso o ruso e os seus dialectos.

O recoñecemento como tal do carácter “antropomórfico” do fondo fraseolóxico, dende logo, non garante a construción dunha clasificación ideográfica rigorosa. Como amosa a experiencia xa acumulada, para tal construción é necesario un rexistro detallado de tódalas propiedades do fraseoloxismo como unidade lingüística especial que se caracteriza pola contradicción interna. As oposicións dialécticas que se describen neste libro dinamizan a semántica do fraseoloxismo e determinan a existencia de moitos aspectos da ideografía fraseolóxica reunidos dunha forma complicada, en comparación coa ideografía léxica.

No espectro ideográfico revélase outra vez con exactitude a contraposición entre as unidades fraseolóxicas como unidades de esencia expresiva e os termos estables como unidades rigorosamente nominativas. Poderíase neste sentido determinar tamén a inclinación das perífrases e dos termos imáxicos precisamente cara á esfera terminolóxica, xa que tanto unhas coma outros cobren ideograficamente a zona de nominación “de obxectos”, coa única diferenza de que os últimos poden atoparse practicamente en tódalas esferas terminolóxicas, mentres que as perífrases só nas esferas que son amplamente coñecidas, o que asegura o seu “colorido” emocional-valorativo. Respecto ó léxico, a contraposición no eixe *expresividade /neutralidade* revela a *deficiencia* ideográfica dos fraseoloxismos que ocupan só as posicións “antropomórficas” da rede ideográfica e o carácter universal dos lexemas que son capaces de encher tódolos seus ocos.

A razón do carácter selectivo rigoroso da fraseoloxía na esfera da ideografía consiste nas peculiaridades da semántica fraseolóxica, que se distingue pola súa dualidade dialéctica. Por unha banda, o significado dos fraseoloxismos, igual có dos lexemas, é denotativo, xa que serve ós obxectivos de nominación da realidade circundante. Por outra banda, o significado fraseolóxico posúe un potencial expresivo-connotativo elevado, xa que o espectro das súas posibilidades denotativas é extremadamente “estreito” en comparación co significado léxico: a unidade fraseolóxica, como xa subliñamos, é a unidade social-valorativa que serve para caracterizar.

Tal dualidade condiciona dous tipos de expresividade fraseolóxica, dependendo do campo semántico ó que pertence un ou outro fraseoloxismo. Se este campo como tal é expresivo, os fraseoloxismos correspondentes posúen, por dicilo así, expresividade dobre: a denotativa e a connotativa. Así son os numerosos campos fraseolóxicos cos significados comúns ‘estúpido’, ‘astuto’, ‘folgazanear’, ‘enganar’, ‘darse moita importancia’ e semellantes. Pero se o mesmo campo é nominativo, entón a expresividade créase só pola conta da connotatividade das unidades fraseolóxicas que están dentro del. Así son os campos de relacións cuantitativas, espaciais e temporais con significados comúns ‘moito’, ‘pouco’, ‘lonxe’, ‘preto’, ‘hai moito tempo’, ‘nunca’. Estes campos semánticos son especialmente interesantes, xa que amosan dunha maneira convincente a expresividade predicamental da fraseoloxía.

Os conceptos obxectivos do mundo exterior, que son cantidade, espacio e tempo, no aspecto fraseolóxico, adquiren subxectividade, xa que se valoran socialmente. A isto débese

se a alta connotatividade dos campos semánticos de tal tipo.

As unidades fraseolóxicas do campo cuantitativo posúen unha parte bastante grande do nominativo (e tamén do significativo-denotativo), o que condiciona as posibilidades dun maior detalle delas, en comparación cos campos fraseolóxicos de “estupidez”, “folgazanería” ou “golpeo”, que non son semanticamente exactos. O carácter pouco exacto dos dous últimos campos xa se amosou no material concreto do capítulo 2, e o carácter diferencial da fraseoloxía cuantitativa rusa, ucráina e checa revelárona ben, aínda que dende distintos puntos de vista, L.A.Ivaxko, S.I.Kravtsova e I.M.Tepliakov. O índice común de tal diferenciación é a combinabilidade dos fraseoloxismos con distintos grupos de léxico, o que caracteriza as propiedades da multitude que se designa, a composición, o emprazamento, o modo de actuar, a extensión no tempo e no espacio, o estado físico, etc.

Os dicionarios, por desgracia, reflicten tales trazos diferenciais dos fraseoloxismos ben dunha maneira moi pouco consecuenta, ou ben dunha maneira demasiado xeneralizada, a consecuencia de que “o carácter adicional” do sentido desta unidade resulta non estar explicado de todo na definición e nas notas estilísticas.

Tal aproximación lexicográfica ás unidades fraseolóxicas está predeterminada en gran medida precisamente polo carácter expresivo-imáxico, concretador detallista da semántica fraseolóxica, que “condiciona a súa intraducibilidade á lingua dos conceptos formalizados” (Федоров, 1986: 181). Se se orienta só ó núcleo significativo do significado fraseolóxico, é inevitable a xeneralización semántica que para o fraseoloxismo está de máis. A.I.Fiódorov subliña acertadamente que para a serie sinonímica dos xiros siberianos

<i>как мурашэй на кóчке</i>	<i>(hai tantos) coma formigas nun terrón</i>
<i>как мóшки на б́ито</i>	<i>coma se estivese cheo de moscas</i>
<i>мень-мёньшего</i>	<i>máis pequeno có máis pequeno</i>
<i>киш кишёл</i>	<i>estaba bulindo (fermentando) unha “bulición” (“fermentación”)</i>
<i>хоть лопáтой копáй</i>	<i>ata que poidas cavalo coa pa</i>
<i>битком на б́ито</i>	<i>está enchido “cheamente”</i>
<i>прорёзу нет</i>	<i>non hai “esburacamento”</i>
<i>как коры́ на сосне́</i>	<i>(hai tantos) coma a casca no piñeiro</i>

o significado xeneralizante ‘hai moita cantidade’ é só un dos elementos de significado. Para o funcionamento concreto contextual destas unidades, sen embargo, son importantes as características connotativo-valorativas, que son individuais e concretas ó maximo para cada unha delas (Федоров, 1986: 182-183). Son estas características as que teñen que chegar a se-lo obxecto de lexicografización.

Cando se realiza unha descrición pormenorizada das unidades fraseolóxicas dun campo

semántico ou dunha serie sinonímica nos dialectos, o modelo semántico-estructural é o que pode chegar a ser un inicio organizador. Ordinariamente a semántica e as potencias expresivas do modelo son bastante próximos: aquí a presión da forma interna impide a difusión semántica. Son características neste sentido as variacións dialectais do xiro popular

<i>до чѣрта</i>	(do chorta)	<i>ata o demo</i>	‘hai moita cantidade’, ⁴⁷⁴
-----------------	-------------	-------------------	---------------------------------------

que se utiliza habitualmente para a valoración desaprobadora dunha cantidade demasiado grande de obxectos e, en menor medida, de persoas ou doutros seres vivos:

(rexión de Irkutsk)	<i>до полчѣрта</i>	<i>ata o medio demo</i>
(costa de mar Branco)	<i>до вѣхора</i>	<i>ata o demo do remuíño</i> (dise de cousas)
(terras de Siberia)	<i>до вѣхря</i>	<i>ata o demo do remuíño</i>
(rexión de Moskova, terras de Siberia)	<i>до гибели</i>	<i>ata o demo da morte</i> (dise de cogomelos e froitos do bosque)
(rexión de Pskov, autonomía de Karelia)	<i>до дѣру, до дѣры, до дѣри</i>	<i>ata o demo que provoca tolemia</i> (dise de cogomelos, legumes, paxaros)
(terras de Siberia)	<i>до злыдня</i>	<i>ata o demo malvado</i> (dise das persoas)
(rexión de Perm)	<i>до лесного</i>	<i>ata o espírito do bosque</i>
(terras á beira do Ob)	<i>до лѣшего</i>	<i>ata o espírito do bosque</i>
(terras de Siberia)	<i>до паралича</i>	<i>ata o demo que provoca a parálise</i>
(autonomía de Karelia)	<i>до прѣха</i>	<i>ata o demo da cinza</i> (dise de froitos do bosque, de persoas)
(terras de Siberia)	<i>до пропасти</i>	<i>ata o demo do abismo</i> (dise de cogomelos e

⁴⁷⁴ Comp. en galego: *habe-lo demo de algo* ‘haber moito’.

		froitos do bosque)
(rexión de Perm)	<i>до чѣмору</i>	<i>ata o demo que causa a dor de cabeza e de barriga.</i>

Comp. tamén o xiro siberiano

<i>с три лёшего чего</i>	<i>hai cantidade equivalente a tres espíritos do bosque</i>	‘hai moita cantidade’.
--------------------------	---	------------------------

As ilustracións contextuais ordinariamente reflicten esta pexoratividade, subliñan o sema do carácter superfluo, innecesario, inútil dos obxectos ou das persoas que se valoran. As fontes de tal forza expresiva pexorativa están na imaxe mitolóxica, que é o eixe deste modelo. Inicialmente distintas variantes componenciais de semellantes expresións reproducían a “lista xerárquica” demonolóxica (Мокієнко, 1986: 170-189), pero ó mesmo tempo estaban cheas da expresividade xeral. Na semántica do fraseoloxismo

<i>до чѣрта</i>	(do chorta)	<i>ata o demo</i>	‘hai moita cantidade’
-----------------	-------------	-------------------	-----------------------

e nas súas variantes dialectais o sema ‘carácter innecesario, superfluo’ maniféstase etimoloxicamente cando se ten en conta a semántica dialectal da preposición *до* (do) ‘cara a’, ‘en dirección a’, ‘para’⁴⁷⁵. O significado literal desta expresión primitivamente foi ‘o que pode ser dado, mandado ó demo, para o demo’, ‘o que non é necesario para o home’⁴⁷⁶. Tal semántica está expresada, entre tanto, tamén no xiro ucraíno

<i>до бѣса</i>	<i>cara ó diaño</i>	‘hai moita cantidade de persoas ou obxectos’
<i>е Іді до сто бѣсів!</i>	<i>¡Vaite ós cen diaños!</i>	‘blasfemia’
<i>ou до чорта в зуби (ідіті)</i>	<i>ós dentes do demo (ir)</i>	‘ir cara a moi lonxe, a un lugar afastado e perdido’.

Comp. coas construcións estendidas nas falas rusas, do tipo

(rexións de Smolensk, Tver, Tula)	<i>А ну их до бѣ-гу!</i>	<i>¡Que se vaian cara ó Deus!</i>	‘dise para expresa-la malicia ou o me-
-----------------------------------	--------------------------	-----------------------------------	--

⁴⁷⁵ Na lingua literaria esta preposición carece dos significados ofrecidos aquí.

⁴⁷⁶ Compárese coa popular expresión galega *dou ó demo* (*algo*) que se contrae en *dodemo* /*dódemo* /*dédemo* e que significa que ese *algo* carece de valor ou de interese para quen fala. Tamén existe en galego *coma o demo* que é unha locución adverbial que significa ‘demasiado, excesivamente’ e acompaña verbos de significado desagradable: *Fede coma o demo* ‘cheira que apesta’; *¡Ata o demo dixo ¡Basta!’* que é unha fórmula de crítica a algo que resulta excesivo.

nosprezo respecto a algunhas persoas ou obxectos, e tamén o desexo de despachalos, desprenderse destes’

ou (rexión de Pskov)	<i>Он до Тони хорóщий</i>	<i>El é ben <u>cara a</u> Tonia⁴⁷⁷</i>	‘El trata ben a Tonia’.
----------------------	---------------------------	---	-------------------------

Representan outro tipo distinto de connotatividade e, como consecuencia disto, da realización contextual, os modelos semántico-estruturais do campo cuantitativo do tipo, por unha banda,

<i>кишм́я кишéть</i>	<i>bulir bulindo (etimoloxicamente fermentar fermentando)</i>	‘estarse movendo desordenadamente (unha gran cantidade de persoas ou animais, máis a miúdo insectos ou réptiles)’
----------------------	---	---

<i>ки́пом кишéть</i>	<i>ferver fervendo</i>	‘estarse movendo desordenadamente (unha gran cantidade de persoas ou animais, máis a miúdo insectos ou réptiles)’
----------------------	------------------------	---

<i>ва́ром вари́ть</i>	<i>cocer cocendo</i>	‘estarse movendo desordenadamente (unha gran cantidade de persoas ou animais, máis a miúdo insectos ou réptiles)’
-----------------------	----------------------	---

e, por outra banda,

<i>хоть пруд пруди́</i>	<i>...que mesmo podes “diquear” (=construír) un dique</i>	‘hai moita cantidade’
-------------------------	---	-----------------------

<i>хоть гать гати́</i>	<i>...que mesmo podes “pantanear” unha</i>	‘hai moita cantidade’
------------------------	--	-----------------------

⁴⁷⁷ *Tonia* é hipocorístico do nome feminino Antonina.

“pantaneira” (=con-
struír un camiño de
ramas e leña nun si-
tio pantanoso)

ХОТЬ МОСТЫ МОСТІІ

...que mesmo podes
“pontear” (=face-lo
pavimento de) unha
ponte

‘hai moita cantidade’.

No primeiro caso acentúase a totalidade e o movemento da multitude que se caracteriza, e no segundo caso, o carácter innecesario e superfluo, de segunda calidade. E aquí, como vemos, a imaxe inicial invade a semántica fraseolóxica sincrónica, e concreta a expresividade dos xiros correspondentes.

Como as imaxes dos fraseoloxismos habitualmente remiten a conceptos do mundo circundante concreto, a oposición *expresividade /neutralidade* no plano ideográfico é unha das formas da oposición *sincronía /diacronía*. Se, dende o punto de vista do significado fraseolóxico sincrónico, os fraseoloxismos cobren as zonas de expresividade, dende o punto de vista diacrónico, a súa división ideográfica ordinariamente é neutral, nominativa. É por iso polo que son posibles dúas clasificacións, distintas en principio, das unidades fraseolóxicas: realizadas segundo o principio sincrónico e segundo o principio diacrónico.

As seccións de clasificación do primeiro tipo son rigorosamente antropomórficas: inclúen grupos de fraseoloxismos, como *Trazos de carácter e comportamento do home*, *Relacións entre persoas*, *Estado físico e sensacións*, *Aspecto exterior do home*, *Cambios no estado, comportamento e aspecto exterior do home*. As seccións de clasificación do segundo tipo están orientadas en gran medida á esfera material-obxectiva e á espiritual da vida humana, completando, desta maneira, a lagoa ideográfica na clasificación sincrónica: *Natureza, mundo animal e vexetal*, *Anatomía do home*, *Conceptos da vida cotiá*, *Feitos históricos*, *Relacións sociais*, *Cultura espiritual*, *Folclore, fala popular, humor*. Isto é, en realidade, aquel conxunto de denotados do que se compón un “trampolín imáxico” para a fraseoloxización das combinacións estables de palabras. Case sempre este proceso supón unha interacción dos principios nominativo-concreto e expresivo-abstracto. Esta interacción está vixente non só para a etapa da aparición da unidade fraseolóxica, senón tamén para o seu funcionamento, xa que a constante actualización da imaxe inicial é unha das fontes da expresividade fraseolóxica. A vibración entre os polos da *expresividade* e *neutralidade* asegura, desta maneira, o carácter multifuncional dos fraseoloxismos.

5.6. Expresividade /neutralidade e estilística fraseolóxica

A asimetría das unidades fraseolóxicas, que nace como resultado da resistencia entre a

neutralidade e a expresividade, maniféstase dunha forma especialmente paradóxica nos intentos de marcación estilística dos fraseoloxismos. O paradoxo máis grande, quizais, consiste en que os lexicólogos e os lexicógrafos o recoñecen unanimemente como estatuto estilístico especial do fraseoloxismo como unidade viva, imáxica e expresiva, pero ó mesmo tempo en moi raros casos lle dan unha valoración multilateral. Non presentan excepción neste sentido tampouco os dicionarios fraseolóxicos especiais, sobre todo os monolingües. Incluso os recompiladores do máis grande e competente *Diccionario fraseolóxico da lingua rusa*, que se editou baixo a revisión de Molotkov (Фразеологический словарь, 1967), que seguen moitos compiladores de dicionarios posteriores, negáronse practicamente á cualificación estilística dos fraseoloxismos.

É evidente que nalgunha medida tal situación está provocada por dificultades obxectivas, relacionadas ante todo coas peculiaridades da semántica dos fraseoloxismos. Unha destas consiste en que a característica estilística se compón de moitos elementos: da dirección funcional xeral do texto, da relación coa situación concreta, da cor semántica de toda a combinación estable e dos matices estilísticos dos seus compoñentes, etc. Percibir esta multitude estilística de cores é difícil, tamén porque todos estes compoñentes non son precisos e ó mesmo tempo están organicamente aliados todos xuntos. A razón disto é o carácter expresivo-valorativo da semántica fraseolóxica.

A atribución rigorosa dos fraseoloxismos á clase das unidades expresivas loxicamente leva ó recoñecemento da súa marca estilística obrigatoria. Neste sentido a oposición *expresividade /neutralidade* é outra vez un delimitador entre a fraseoloxía e o léxico non-expresivo, por unha banda, e entre a fraseoloxía e a terminoloxía estable, por outra. No aspecto estilístico a fraseoloxía distínguese do léxico porque o grupo máis productivo aquí resultan ser unidades coloquiais e populares, mentres que as neutrais están practicamente ausentes. Incluso nos casos en que algúns xiros se encontran moi preto do *polo de neutralidade*, aínda “está en brasa” o matiz da expresividade. O indicio do estatuto expresivo de tales unidades son as diferencias nas súas interpretacións presentadas polos fraseólogos (véxase a pág. 421).

Outra cousa é que, debido á mencionada asimetría, a contraposición *expresividade /neutralidade* na esfera da fraseoloxía adquiera outra calidade. A maioría dos fraseoloxismos, como xa quedou claro, son xiros coloquiais e populares. Dende o punto de vista estilístico xeral, son, sen dúbida, un elemento expresivamente marcado de texto, igual có léxico coloquial e popular. Sen embargo, a diferenza do último, que está contraposto ó léxico estilisticamente neutral, os fraseoloxismos coloquiais-populares non están contrapostos ós fraseoloxismos doutro rexistro estilístico-funcional no eixe *neutralidade /expresividade*. Son unidades predicamentalmente expresivas, pero esta expresividade revélase en comparación con outras unidades de texto, non-fraseolóxicas.

E no sistema da fraseoloxía as unidades coloquiais e populares son nalgunha medida unidades “neutrais”, xa que, debido á súa exclusiva frecuencia, chegan a se-lo punto de partida estilístico. Precisamente por iso, probablemente, os dicionarios fraseolóxicos e os dicionarios de lingua ordinariamente non destacan os fraseoloxismos coloquiais cunha marca especial *coloquial*: para eles esta característica estilística é normativa. Pero isto

non é norma de neutralidade, como a que ten o léxico estilisticamente neutral.

A identificación das propiedades estilísticas da palabra e do fraseoloxismo, como xa notamos, está relacionada coa identificación da tonalidade de estilo do compoñente do fraseoloxismo coa súa característica estilística xeral. Na composición de moitos fraseoloxismos rusos nacionais, por exemplo, están presentes os dialectalismos: *баклуши* (bakluxi) ‘cachos de madeira’,⁴⁷⁸ no xiro

бить баклуши (bit bakluxi) *golpea-las bakluxi* ‘folgazanear’;

типун ‘pebida’ no xiro

типун тебе на язык! *¡(que xorda) unha pebida na túa lingua!* ‘díselle á persoa que di algo que por algunha razón non debería dicir’.

Non obstante, isto non fai que os fraseoloxismos correspondentes se conviryan en xiros dialectais: gracias a que son amplamente coñecidos e utilizados na lingua literaria, percíbense como elementos coloquiais-populares de estilo.

As peculiaridades estilísticas da unidade fraseolóxica poden ser comprendidas só cando se entende o seu especial papel expresivo durante o funcionamento no texto e cando se ten en conta o carácter interno contradictorio desta unidade. A cor estilística do fraseoloxismo é só unha das manifestacións da súa expresividade predicamental. “Na unidade fraseolóxica, - subliña acertadamente V.N.Vakúrov, - primeiro é o significado emocional, e o estilístico xorde máis tarde” (Вакуров, 1983: 31). Nacido no terreo emocional-expresivo, este significado non pode funcionar como significado neutral. Sen que se teña conciencia desta cuestión, calquera intento de caracterización estilística dos fraseoloxismos está condenada ó fracaso, xa que levará inevitablemente á identificación del coa palabra.

A tendencia a delimita-las propiedades estilísticas da palabra e do fraseoloxismo, dende logo, non significa que durante a valoración destas non sexa xustificable a distribución tradicional das unidades lingüísticas entre as liñas estilístico-funcionais e expresivo-estilísticas. Este principio segue sendo actual e aplícano na práctica con éxito moitos fraseólogos (J.Mlacek, I.Ia.Lépexev, L.V.Kovaliova, V.N.Vakúrov e outros). Trátase só de que, cando se realice unha clasificación estilístico-funcional de unidades fraseolóxicas, o carácter coloquial non se debería interpretar erroneamente como *neutralidade*, e de que, cando se realice unha distribución expresivo-estilística, debía terse en consideración a *adicionalidade do sentido* desta unidade, que esixe unhas marcas máis matizadas.

Os investigadores que traballan na esfera da estilística fraseolóxica aínda teñen diante a tarefa difícil da graduación estilística das unidades que estudian. Canto máis fina e diferenciada sexa tal graduación, tanto máis preto estaremos da tarefa da descrición exacta de todo-

⁴⁷⁸ Véxase o párrafo 2.4, onde este xiro se analiza con detalle.

los matices semánticos do fraseoloxismo.

A.I.Fiódorov propón, por exemplo, un sistema moi detallado de notas estilísticas na esfera expresiva: humorístico, irónico, “reprensivo”, “desaprobante”, depreciativo, degradante, denigrante, inxurioso, cariñoso, apaixonado, diminutivo, aumentativo. Ó mesmo tempo o autor subliña acertadamente que tamén este aparato lexicográfico pode resultar insuficiente para caracteriza-la expresividade dos fraseoloxismos. En tales casos a característica expresiva ten que ser complementada pola interpretación do significado que indicaría, por exemplo, a intensividade da acción, a manifestación da calidade, o carácter pasivo ou activo da súa manifestación, etc. (Федоров, 1986: 183)⁴⁷⁹. Naturalmente, tamén é importante que se teñan en conta as posibilidades gramaticais da unidade fraseolóxica e as súas relacións co que a rodea.

A diferenciación dos fraseoloxismos segundo as liñas funcional e expresiva, igual que calquera cualificación lingüística, é moito máis exacta na teoría do que é na práctica. Son necesarios uns criterios rigorosos, a partir dos cales estas clasificacións poderían funcionar nas acepcións do dicionario. É curiosa neste plano a aproximación que realiza I.Ia.Lépexév que ofreceu sete criterios de delimitación estilística da fraseoloxía bielorrusa, que el aplica cando recompila o gran dicionario da fraseoloxía da lingua bielorrusa: 1) criterio etimolóxico; 2) significación da forma interna do fraseoloxismo; 3) criterio semántico; 4) criterio estrutural; 5) criterio eufónico; 6) criterio compoñencial; 7) criterio cuantitativo (Лепешаў, 1984, 26-34). A pesar de que os criterios enumerados sexan moi diversos, efectivamente, poderían axudar a unha distribución máis efectiva da fraseoloxía entre as clases estilístico-funcionais e expresivo-estilísticas.

* * *

A consideración da contradición *expresividade /neutralidade* amosa, por unha banda, a acción dos principios lingüísticos xerais da dialéctica da norma e da antinorma, do estándar e da forza expresiva, do informativo e do “superfluo” na esfera da fraseoloxía, e, por outra banda, axuda a revelar tamén as súas propias peculiaridades fraseolóxicas. Para a fraseoloxía a expresividade, como cualidade importante do signo lingüístico, está hipertrofiada, convertida en propiedade semántica independente, que se basta por si mesma, sen a que o fraseoloxismo non pode funcionar como unidade especial. Non obstante, ó mesmo tempo, debido á dialéctica, a expresividade da unidade fraseolóxica pode manifestarse só cando está presente tamén a neutralidade, o que condiciona consecuencias considerables para o funcionamento desta unidade na fala e no texto e para a súa interacción con outras unidades lingüísticas. Debido á súa expresividade predicamental, por exemplo, contraponse ó proverbio como unidade sintáctica acabada, que reúne organicamente as propiedades semánticas nominativas e expresivas. Esta mesma peculiaridade

⁴⁷⁹ **Nota do orixinal:** Comp. tamén o intento da diferenciación estilística dos fraseoloxismos checos no eixe de xiros “positivos” - “negativos” (Cermák, 1982: 100).

distingue o fraseoloxismo tamén da palabra que é capaz de servir tanto en calidade de expresivo, como en calidade de nominativo.

O estatuto semántico claramente expresivo do fraseoloxismo non supón a súa deficiencia funcional e informativa. Desempeña unha función extremadamente importante na lingua: transmiti-la valoración humana dos distintos fenómenos do mundo circundante. E o elemento valorativo-emocional, como se coñece, é unha parte composicional importante tanto da semántica como da lóxica, xa que, segundo o acertado aforismo de V.I.Lenin, “sen “emocións humanas” nunca houbo, non hai e non pode haber *busca* humana da verdade”⁴⁸⁰. O fraseoloxismo como unidade lingüística expresivo-emocional contribúe á “busca da verdade”, diferenciando mediante a súa valoratividade os fenómenos negativos dos positivos e graduando finamente esta distribución. O neutral que carece de tal valoratividade queda, segundo parece, máis alá dos límites da fraseoloxía. Pero isto non é de todo así, xa que o fraseoloxismo tamén se percibe estando presentes as asociacións materiais-obxectivas, nominativas, e parte destas no proceso da súa formación. É por isto polo que a contraposición *expresividade /neutralidade* delimita con tanta exactitude a ideografía sincrónica e a diacrónica dos fraseoloxismos e ó mesmo tempo dinamiza o funcionamento destas unidades na fala, onde se realiza a actualización permanente do seu plano directo. Polo tanto, esta oposición fraseolóxica tamén é unha das formas da contraposición dialéctica máis xeral no sistema lingüístico, a contraposición entre sincronía e diacronía.

⁴⁸⁰ **Nota do orixinal:** Ленин В.И. Полное собрание сочинений. [Lenin V.I. Obra completa], T.25. Páx. 112.

VI

SINCRONÍA /DIACRONÍA NA FRASEOLOXÍA (A MODO DE CONCLUSIÓN)

Un dos fundadores da lingüística contemporánea, F. de Saussure, determinou dunha maneira moi imáxica as relacións entre a sincronía e a diacronía como un barco que está no estaleiro e que se entrega ás forzas marítimas. Os discípulos de Saussure, cando editaron as súas conferencias, nivelaron esta imaxe, ó cambiala pola frase case non-metafórica “lingua [...] que leva a corrente”. Esta imaxe, sen embargo, espella dunha maneira moi acertada o carácter contadictorio e pouco claro das interpretacións da dicotomía sincronía /diacronía, que ofrecen moitos representantes da lingüística contemporánea.

Por unha banda, esta dicotomía é un feito sen compromiso, como tamén o é a comparación do barco en terra co barco no mar aberto.

“A contraposición de dous puntos de vista, - subliñou Saussure de maneira inequívoca, - do sincrónico e do diacrónico, é totalmente absoluta e non soporta ningún compromiso”⁴⁸¹.

Por outra banda, a relación estreita entre sincronía e diacronía é tamén natural como a identidade do barco, estea onde estea. Pero Saussure, como consideran algúns historiadores contemporáneos da lingüística, non foi tan categórico cando delimitaba a sincronía e a diacronía, a pesar daquelas súas palabras *sen compromiso*, xa que, en primeiro lugar, subliñaba as dificultades teóricas e metodolóxicas que xorden no proceso da realización da delimitación entre sincronía e diacronía e, en segundo lugar, nunca negaba nin a relación dos cambios no sistema, nin o seu papel na reorganización do sistema⁴⁸².

Tal aproximación ó problema dado explícase pola amplitude das ideas de Saussure sobre a esencia do sistema lingüístico: revelando as contradicións máis importantes deste sis-

⁴⁸¹ **Nota do orixinal:** Соссюр Ф. Курс общей лингвистики. [de Saussure F. *Cours de linguistique générale*, traducido ó ruso]. M., 1933. Páx.90.

⁴⁸² **Nota do orixinal:** Véxase: Слюсарева Н.А. Теория Ф.де Соссюра в свете современной лингвистики. [Slúsareva N.A. *A teoría de F. de Saussure no marco da lingüística contemporánea*]. M., 1975. Páxs.87-88.

tema, Saussure refírese frecuentemente ás posibilidades da súa interacción. A dicotomía entre sincronía e diacronía proposta por el é unha comprensión obxectiva da importancia dos estados contrapostos da lingua. A esixencia de delimalos sen compromiso, que el subliña, vén provocada pola necesidade metodolóxica de destacar convencionalmente o estado sincrónico da lingua, delimita-la diacronía para realizar unha análise máis concentrada da sincronía.

É significativo que xa os discípulos máis próximos de Saussure, os editores do *Cours de linguistique générale*, Ch.Bally e A.Sechehay, se aproximasen de distintas maneiras á dicotomía sincronía /diacronía: Bally aceptou a tese do carácter descomprometido desta contraposición, mentres que A.Sechehay prestou atención principalmente á diacronía, reducindo a lingüística sincrónica ás relacións lóxicas que unen os elementos lingüísticos. En esencia, as distintas interpretacións da dicotomía proposta por Saussure están condicionadas pola tendencia dos autores dunha ou outra concepción a agudiza-lo carácter contraposto de sincronía e diacronía, a separalas unha doutra, ou a absolutizar unha das partes desta unidade dialéctica.

Os científicos discuten xa hai moito tempo o carácter absoluto da contraposición entre sincronía e diacronía. I.A.Baudouin de Courtenay, por exemplo, subliñou que a estática da lingua non é outra cousa que un caso particular da súa dinámica⁴⁸³. Mentres que para Jespersen, polo contrario, os procesos históricos que se realizan na lingua son importantes só porque reflicten as características principais do estado lingüístico contemporáneo⁴⁸⁴. Por moi contrapostas que parezan estas dúas opinións, case “clásicas”, acerca da significación dos aspectos sincrónico e diacrónico da lingua, non obstante, estas opinións teñen en conta a **interacción** real e constante no marco da dicotomía dada. Os representantes da Escola Lingüística de Praga subliñaron especialmente o carácter actual desta interacción. Unha das teses dos lingüistas de Praga foi o rexeitamento dos “obstáculos invencibles entre os métodos sincrónico e diacrónico”, que foron erixidos pola Escola de Xenebra, e a apelación á consideración dialéctica dos feitos de diacronía e sincronía durante a descrición dos fenómenos lingüísticos⁴⁸⁵.

Na lingüística contemporánea a absolutización da contraposición entre sincronía e diacronía supérase a medida que se revelan e se describen outras contraposicións que se confunden sen razón con esta⁴⁸⁶. Incluso un estruturalista tan consecuente como Martinet agora declara directamente que non existe ningunha incompatibilidade entre a estrutura e a evolución, recoñecendo a posibilidade da “sincronía dinámica”⁴⁸⁷.

A lingüística marxista considera calquera estado sincrónico da lingua como resultado do

⁴⁸³ **Nota do orixinal:** Comp.: Бодуэн де Куртенэ И.А. Избранные работы по общему языкознанию. [Baudouin de Courtenay I.A. Obras selectas de lingüística xeral]. M., 1963. T.1. Páx.349.

⁴⁸⁴ **Nota do orixinal:** Jespersen O. *Growth and structure of the English Language*. Leipzig, 1905. Pax.1.

⁴⁸⁵ **Nota do orixinal:** Пражский лингвистический кружок. [O círculo lingüístico de Praga]. M., 1967. Páx.18.

⁴⁸⁶ **Nota do orixinal:** Véxase: Основные теории речевой деятельности. [As teorías principais da actividade de falar]. M., 1974. Páx.53.

⁴⁸⁷ **Nota do orixinal:** Véxase: Martinet A. *Évolution des langues et reconstruction*. Presses Universitaires de France. 1975. Pax.7.

seu desenvolvemento diacrónico durativo. Isto dedúcese da aproximación dialéctica ós fenómenos da realidade, sobre todo ós fenómenos sociais.

[...] As nocións humanas non son inamobíbles, - subliñaba V.I.Lenin - senón que se moven, pasan unhas ás outras, botan unha cousa á outra, e sen isto non espellarían a vida viva. A análise dos conceptos, o seu estudio, “a arte de manexalas” (segundo as palabras de Engels) esixe sempre o estudio do **movemento** dos conceptos, da súa relación, das transicións mutuas entre eles⁴⁸⁸.

En calquera feito lingüístico contemporáneo pódense atopar-las pegadas da súa historia. Por moito que delimitaseamos metodoloxicamente a historia da lingua e a contemporaneidade, o investigador ten que ter en conta a súa constante interacción real, xa que, en principio, se volvemos á imaxe aportada por Saussure, as propiedades de navegación do barco no mar aberto están determinadas en gran medida por cómo o construíron no estaleiro. Determinar cómo esta predeterminación diacrónica se reflicte nos estados sincrónicos dos distintos niveis da lingua é unha das tarefas máis importantes da lingüística.

6.1. Dificultades de delimitación da sincronía e da diacronía na fraseoloxía

É natural que a predeterminación diacrónica do estado sincrónico non sexa igual para os distintos niveis lingüísticos. Isto está condicionado por moitos motivos. Son especialmente importantes, segundo parece, as peculiaridades funcionais de cada nivel; é a primeira de todas a característica deste nivel como un signo de tipo especial. Canto máis tenden as unidades dun ou outro nivel ó “signo puro” e canto máis consecuentemente cumpren unha función comunicativa na lingua, tanto menos directamente se espella nelas a predeterminación diacrónica. Canto máis emotivo é o signo e cantas máis asociacións comunicativas e nocións se estratifican sobre el, tanto máis perceptible é a predeterminación diacrónica das unidades no nivel correspondente. O grao de predeterminación diacrónica da unidade dun ou outro nivel lingüístico, desta maneira, depende inmediatamente do grao de motivación desta unidade.

Na fraseoloxía, como nivel especial de lingua, a reunión das características de contido e de asociacións é especialmente diversa. Non cabe dúbida da existencia de actualización do significado dos compoñentes fraseolóxicos, que posúe dous planos, xa que sen ela non é posible o funcionamento dos fraseoloxismos como unidades expresivas. Xa a mesma divisibilidade formal do fraseoloxismo supón unha constante actualización dos seus compoñentes. Sendo isto así, a maioría das unidades fraseolóxicas posúen semántica conxunta, é dicir, reúnen características comunicativas e emotivas. Apoiándose nas ideas de Larin e outros investigadores do significado fraseolóxico, Fiódorov chega a unha conclusión convincente acerca da dualidade da unidade fraseolóxica, en canto hai nela un

⁴⁸⁸ **Nota do orixinal:** Ленин В.И. Полное собрание сочинений. [Lenin V.I. Obra completa]. Т.29. Пáxs.226-227.

constante agrupamento nela dos significados material e etimolóxico (Федоров, 1973: 8-9). Neste agrupamento semántico consiste a base da interacción especial entre diacronía e sincronía na fraseoloxía. A dificultade de delimitación de diacronía e sincronía na fraseoloxía chega a ser unha cuestión de principio, xa que, se unha palabra reflicte algunha situación extralingüística dunha maneira estática, o fraseoloxismo reflíctea dinamicamente.

A "estática dinámica" da fraseoloxía condiciona o carácter problemático de moitas clasificacións de fraseoloxismos. Incluso os sincronistas máis convencidos, cando distribúen os fraseoloxismos segundo os seus tipos, non poden deixar de confundir os criterios sincrónicos cos diacrónicos. É especialmente típica neste aspecto a estendida clasificación de Vinogradov. Nesta clasificación as ligazóns e as unións fraseolóxicas delimitáanse segundo o grao da súa motivación, e as combinacións fraseolóxicas delimitáanse segundo o criterio de limitación da combinabilidade, o que é un aloxismo evidente (Амосова, 1963: 7). Seguindo o principio puramente etimolóxico, os autores de semellantes clasificacións utilízanlo ó mesmo tempo como un indicio diferencial sincrónico, confundíndoo co principio funcional. A clasificación rigorosamente diacrónica de Larin dos fraseoloxismos (Ларин, 1956) neste sentido é máis consecuente.

Frecuentemente os investigadores contemporáneos inclúen na análise sincrónica das unidades fraseolóxicas argumentos diacrónicos, o que aumenta a obxectividade da descrición do material, aínda que a primeira vista contradí a unidade do criterio de análise. Así é, por exemplo, a análise do conxunto fraseolóxico

<i>сорвать зло</i>	<i>arranca-la maldade</i>	‘permitirse alguén expresa-la maldade (a malicia, a ofensa, a ira) que ten no fondo’
<i>сорвать злобу</i>	<i>arranca-la malicia</i>	‘permitirse alguén expresa-la maldade (a malicia, a ofensa, a ira) que ten no fondo’
<i>сорвать обиду</i>	<i>arranca-la ofensa</i>	‘permitirse alguén expresa-la maldade (a malicia, a ofensa, a ira) que ten no fondo’
<i>сорвать сердце</i>	<i>arranca-lo corazón</i>	‘permitirse alguén expresa-la maldade (a malicia, a ofensa, a ira) que ten no fondo’,
que permite identifica-lo xiro		
<i>сорвать сердце</i>	<i>arranca-lo corazón</i>	‘permitirse alguén ex-

presa-la ira que ten
no fondo'

como unha combinación analítica (Гвоздарев, 1973: 52). É significativo que, mentres que na determinación do tipo do significado da palabra o modo en que está formada habitualmente non se ten en conta, en cambio, durante a determinación do tipo de significado do fraseoloxismo ordinariamente tense en consideración. É por iso polo que moitas teorías fraseolóxicas teñen unha verosimilitude só relativa, se se forman a partir de unidades fraseolóxicas que se interpretan historicamente dunha maneira errónea. Na literatura fraseolóxica contemporánea hai moitas interpretacións deste tipo, tomadas das recompilacións de Mighelsón e Máximov. A mestura do plano sincrónico co diacrónico é característica tamén da práctica fraseolóxica. Así a insuficiencia da análise puramente etimolóxica crea deficiencias nas descrições sincrónicas da fraseoloxía.

6.2. As contradicións da fraseoloxía como resultado da interacción entre sincronía e diacronía

A combinación orgánica dos aspectos diacrónicos e sincrónicos, que é característica dos fraseoloxismos como unidades lingüísticas dun nivel especial, determina a dinámica do sistema fraseolóxico. A análise da contradicción **estabilidade /inestabilidade** leva, como vimos no capítulo 1, á interpretación da fraseoloxía sincrónica como unha teoría das unidades de contexto permanente e á interpretación da fraseoloxía diacrónica como unha teoría das unidades de contexto variable. A reconstrución obxectiva da "combinación inicial de palabras", é dicir, do *fraseoesquema*, é posible só xunto coa revelación de toda unha serie fraseolóxica de variantes que está condicionada historicamente.

A unidade fraseolóxica "sempre é resultado dun establecemento gradual", "nunca xorde dunha vez, nin tampouco no primeiro momento da creación e do uso da súa composición material" (Амосова, 1965: 102). Este feito non pode quedar sen percibirse no funcionamento dos fraseoloxismos. No proceso da variación a diacronía "empótrase" constantemente na sincronía, o que confirman numerosos casos de actualización, verdadeira ou falsa, no funcionamento dos fraseoloxismos na fala. Precisamente por isto a miúdo diversas variantes dunha ou outra unidade fraseolóxica son identificables no plano funcional con algunha unidade que é normativizada polo uso literario.

O estudio do problema da variabilidade fraseolóxica segue realizándose precisamente no plano sincrónico. Pero a natureza deste fenómeno, a súa esencia, son diacrónicas. Sen aproximación histórica non é posible a solución do problema da variabilidade: a análise funcional leva á confusión constante entre a variante primitiva e a variante que xurdiu como resultado da elaboración creativa dun autor. Larin acentuaba insistentemente o papel de rexistro detallado das variantes fraseolóxicas e proverbios para a análise histórico-fraseolóxica e propuña a creación da fraseoloxía histórica (Ларин, 1956: 213).

A realización da contradicción **modelabilidade /inmodelabilidade** tamén se condiciona en

gran medida pola dicotomía sincronía /diacronía. No plano puramente sincrónico e funcional o fraseoloxismo interprétase habitualmente como unha formación inmodelable con semántica e estrutura "irrepetibles", "individuais", etc. Non obstante, no plano diacrónico cada fraseoloxismo preséntase en calidade da materialización lingüística concreta do modelo fraseolóxico. E nas situacións lingüísticas reais estes dous planos crúzanse constantemente: por unha banda, a variabilidade ampla dos fraseoloxismos en distintas esferas da fala practicamente exclúe a inmodelabilidade, por outra banda, no curso da evolución histórica moitas materializacións concretas do fraseoloxismo chegan a ser periféricas, desaparecen pouco e pouco do uso lingüístico, algunha das variantes adquire carácter especialmente activo na lingua literaria e frecuentemente acaba normativizada por esta como única. A tendencia á inmodelabilidade relativa, desta maneira, é propia dos fraseoloxismos gracias ó carácter "conservador" diacrónico xeral da fraseoloxía. Ó mesmo tempo a inmodelabilidade relativa descóbrese só cando se aplica unha aproximación puramente sincrónica á fraseoloxía, cando non se teñen en consideración as numerosas relacións estruturais e semánticas que unhas ou outras unidades fraseolóxicas seguen mantendo co modelo-invariante correspondente.

O movemento dende a pluralidade de variantes que conforman o modelo fraseolóxico na fala cara á limitación de variantes deste modelo na lingua é, polo tanto, resultado da interacción modelabilidade /inmodelabilidade na esfera da fraseoloxía. Este movemento determina unha das propiedades principais do fraseoloxismo: a reproducibilidade fraseolóxica. A reproducibilidade feita debilita a dependencia diacrónica do fraseoloxismo dos seus compoñentes, do modelo a partir do que naceu a variante fraseolóxica concreta. Por iso pódese considera-la inmodelabilidade da unidade fraseolóxica como unha manifestación do principio sincrónico na fraseoloxía, e a modelabilidade como unha manifestación do principio diacrónico.

A contradicción **implicitade /explicitade** tamén está condicionada pola interacción de sincronía e diacronía. Como o movemento do fraseoloxismo cara á implicitade ou explicitade é un dos tipos de variabilidade fraseolóxica (e máis exactamente, da variabilidade sintáctica), o papel da dicotomía sincronía /diacronía neste caso é tan importante coma no caso da realización da contradicción estabilidade /inestabilidade. Ó mesmo tempo os procesos de implicitación e explicitación saen fóra dos límites da variabilidade puramente fraseolóxica: poden crear fraseoloxismos mediante explicitación (palabra → fraseoloxismo) ou mediante implicitación (fábula → proverbio → fraseoloxismo). Isto condiciona as peculiaridades da manifestación da dicotomía sincronía /diacronía na realización da contradicción dada.

Canto máis implícita é a unidade lingüística, menos motivada é. O paso dende a maior desmembración cara á menor leva ó estreitamento da motivación do contexto, mentres que o movemento dende a menor desmembración cara á maior auméntaa. O fraseoloxismo neste aspecto é unha orixinal transición dende as unidades lingüísticas motivadas cara ás non motivadas.

Durante a implicitación dos contextos cara ó fraseoloxismo realízase unha "condensación" da motivación. Aínda que o fraseoloxismo se "comprime" semanticamente ata o límite, conserva a desmembración formal. Neste caso a dicotomía sincronía /diacronía maniféstase

como un retraso da forma do fraseoloxismo (consistente aquí no indicio diacrónico) en comparación co seu contido (o indicio sincrónico). Xa Vinogradov subliñaba esta importante contradicción, notando que "a desmembración gramatical [das combinacións fraseolóxicas. - V.M.] leva ó coñecemento da natureza etimolóxica destas combinacións, e non das súas formas sintácticas e das súas funcións na lingua contemporánea" (Виноградов, 1986: 33). Esta contradicción pode resolverse a favor da *formación enteira*⁴⁸⁹ da unidade fraseolóxica, é dicir, levar á conversión dela nunha palabra. Como vemos, a ruptura da dicotomía sincronía /diacronía durante a implicitación do fraseoloxismo extermínao como tal.

A destrución da unidade fraseolóxica ten lugar tamén durante a súa explicitación cara ós contextos maiores. Neste caso, sen embargo, a alteración do equilibrio sincronía /diacronía realízase doutra maneira: o sentido conxunto do fraseoloxismo empeza a complicarse, explicitarse xunto coa forma, a causa de que a contradicción entre a enteireza do contido e a formación separada se anula. Por outra banda, a actualización da dicotomía sincronía /diacronía favorece precisamente a creación do fraseoloxismo durante a explicitación da palabra.

Na fraseoloxía, polo tanto, a implicidade (e tamén a enteireza semántica) maniféstase como unha das realizacións da sincronía, e a explicitade maniféstase como unha das realizacións da diacronía. A constante interacción destas é a fonte máis importante do dinamismo das unidades fraseolóxicas.

A condicionalidade da dicotomía sincronía /diacronía maniféstase de maneira máis viva durante a realización da contradicción **imaxibilidade /inimaxibilidade**, que é característica da fraseoloxía. Para os fraseoloxismos que son primitivamente imáxicos o significado directo da combinación actúa como o aspecto sincrónico, e o figurado actúa como o aspecto diacrónico. Para os fraseoloxismos que son primitivamente inimáxicos e que tenden á imaxibilidade secundaria, esta relación mutua é máis complicada.

A unidade fraseolóxica imáxica, igual que calquera metáfora, é contradictoria internamente. Larin formulou dunha maneira moi exacta a esencia deste carácter contradictorio, caracterizando a metáfora como "unha dobre significación (representación simultánea de dous significados)" (Ларин, 1974: 66). Precisamente "a simultaneidade" na representación do significado directo e do figurado crea un enfrontamento brusco entre diacronía e sincronía, sen que a expresividade sexa imposible. A esencia dialéctica da metáfora consiste na unidade e, ó mesmo tempo, na separación do significado inicial e do figurado. A separación destes significados crea dous polos entre os que se realiza unha vacilación semántica que asegura a unidade interna da metáfora. Esta vacilación non é outra cousa que a neutralización da contraposición sincronía /diacronía.

A forza expresiva que nace durante a neutralización desta contraposición é especialmente intensiva na metáfora fraseolóxica. A agrupación dos significados do fraseoloxismo pode ser distinta. Canto máis concreta é a representación que se contén no significado directo do fraseoloxismo, tanto máis intensiva é a contradicción entre o plano directo e o figurado da combinación. Polo tanto, canto máis estreitamente están entrelazadas na unidade fraseolóxi-

⁴⁸⁹ É o contrario da formación separada.

ca a sincronía e a diacronía, tanto máis amplo é o campo semántico desta unidade. Por iso a característica diacrónica e a sincrónica do fraseoloxismo nun caso ideal tenden ó sincretismo da semántica.

No proceso de uso do fraseoloxismo na fala e no curso do seu desenvolvemento, sen embargo, o sincretismo "ideal" altérase constantemente ben a favor da sincronía (escurecemento da motivación inicial, distintas transformacións), ou ben a favor da diacronía (actualización da forma interna do fraseoloxismo na fala, creación de calembures a partir do significado inicial, reinterpretación popular etimolóxica, etc.). A superioridade do plano sincrónico habitualmente leva á diminución da expresividade fraseolóxica, mentres que a superioridade do plano diacrónico, o máis frecuente é que a aumente. Precisamente por iso a condición necesaria do funcionamento dos fraseoloxismos como medios expresivos da lingua é a súa actualización.

6.3. A actualización do plano diacrónico: a condición máis importante do funcionamento sincrónico dos fraseoloxismos

A actualización que habitualmente se define como "correlación do signo potencial [...] coa realidade"⁴⁹⁰, é un dos conceptos importantes da lingüística contemporánea. É significativo que, formulando por primeira vez este concepto, Havránek aporta en calidade de ilustración precisamente unha metáfora.

Por **actualización** [...] - escribiu, - entendémo-lo uso de medios lingüísticos, que atrae a atención por si mesmo e se percibe como un uso inhabitual que carece de automatismo, uso desautomatizado, como, por exemplo, unha metáfora poética viva (a diferenza da lexicalizada, que xa está automatizada)⁴⁹¹.

Unha contraposición semellante da unidade actualizada e automatizada da fala pódese transmitir tamén á fraseoloxía.

Na fraseoloxía a contradicción automatización /actualización adquire unha maior agudeza. Tales trazos específicos dos fraseoloxismos como a reproducibilidade, a estabilidade relativa e a inmodelabilidade relativa, caracterizan estas unidades como automatizadas. A variabilidade activa, o constante movemento cara á explicitade ou cara á implicidade, a capacidade de formarse segundo os modelos, a tendencia de conservar ou de recuperala motivación inicial ó mesmo tempo caracterizan os fraseoloxismos como unidades que poden actualizarse. No proceso de desenvolvemento e funcionamento dos fraseoloxismos estas propiedades crúzanse constantemente.

¿E como son as condicións que estimulan o movemento cara á actualización? Xa no principio dos anos corenta, J.Mukařovský deu resposta a esta pregunta na súa investigación

⁴⁹⁰ **Nota do orixinal:** Ахманова О.С. Словарь лингвистических терминов. [Aghmánova O.S. Diccionario de termos lingüísticos]. М., 1966. Пáх.37.

⁴⁹¹ **Nota do orixinal:** Пражский лингвистический кружок. [O círculo lingüístico de Praga]. Пáх.355.

fundamental dos proverbios. O carácter xeneralizado do proverbio, a súa independencia da situación concreta leva, segundo a súa opinión, á automatización semántica desta unidade. Pero da situación concreta, do contexto en que constantemente "se introduce" o proverbio, emana unha forza contraria que

tende á correspondencia integral entre a materialización lingüística e a situación. A consecuencia da tensión que xorde entre estas dúas forzas, a xeneralizante e a "individualizada", é unha vacilación constante, que non só contribúe considerablemente á desautomatización das relacións entre a unidade lingüística e a situación, senón que tamén [...] aporta ricas posibilidades para expresa-los matices de sentido (Mukařovsky, 1971: 309).

O carácter valorativo dos proverbios e dos ditos, como amosa máis adiante Mukařovsky, está directamente relacionado coa súa capacidade de actualización. E o dito (e tamén o fraseoloxismo), a diferenza do proverbio, en principio inclínase máis cara á actualización, xa que esta sempre indica directamente, con algún dos seus compoñentes, a situación a que se aplica e que é a base do contexto.

O contexto en sentido amplo, a situación de fala é, polo tanto, condición necesaria para a actualización de proverbios e ditos. A contraposición dos distintos tipos de contexto e, ó mesmo tempo, a súa interacción estreita forman, segundo parece, as peculiaridades das condicións da actualización fraseolóxica, en comparación coa actualización do léxico (e tamén das metáforas léxicas).

A relación especial que ten o fraseoloxismo co contexto, polo tanto, maniféstase en que esta unidade é simultaneamente parte do contexto e contexto independente: "introducíndose" no contexto, conserva ó mesmo tempo unha determinada autonomía semántico-estructural. Como o contexto en sentido amplo non é outra cousa que a corrente de fala en que se concretizan as unidades lingüísticas, entón as peculiaridades contextuais do fraseoloxismo son, en esencia, peculiaridades fraseolóxicas da interacción lingua /fala. As unidades fraseolóxicas unen dunha maneira moi paradóxica a característica lingüística e a de fala:

As unidades fraseolóxicas (as frases) son equivalentes funcionalmente ás proposicións, e debido a isto pertencen ó nivel de fala, pero, por outra banda, gracias á súa estabilidade e reproducibilidade en calidade dalgún enteiro comunicativo, forman parte inseparable da lingua (Ройзензон, 1973: 81).

Como vimos, a actualización activa dos fraseoloxismos na fala caracterízase polos xeitos aproximadamente iguais da transformación das combinacións "estables" tanto na fala oral (dialectos, fala popular), como na escrita (obra artística dos escritores). Dende logo, cada un dos xeitos de transformación dos fraseoloxismos na fala oral e escrita ten as súas peculiaridades. Na fala oral o máis frecuente é que tal transformación se realice espontaneamente, "a renovación" dun ou outro xiro estímase pola nova situación real ou de fala. Na fala escrita, o máis frecuente é que as transformacións dos fraseoloxismos se determinen pola función estética da fala artística.

A pesar destas diferencias funcionais, o mecanismo interno das variacións do fraseoloxismo na fala é o mesmo e consiste nunha constante actualización da súa forma interna e da súa estrutura que posúe formación separada. A ampla extensión de tal actualización desmente

os intentos de algúns investigadores de reduci-la unión do significado coa forma interna á producibilidade intencionada con obxectivos artísticos. En realidade "a producibilidade intencionada" da forma interna do fraseoloxismo é só unha acentuación do feito de que está sempre disposto á actualización, un avance desta propiedade orgánica do fraseoloxismo ata o límite, realizada con obxectivos estéticos. En tales casos o escritor como artista da palabra (ou o falante), que xoga co fraseoloxismo, crea un contexto que subliña a dicotomía dos significados sincrónico e diacrónico desta unidade. En tal contexto "o significado productivo [...] non só non se suprime, senón que, polo contrario, necesariamente aparece sempre, servindo como unha especie de fondo para o significado figurado"⁴⁹². Tal fondo do significado directo está presente constantemente no fraseoloxismo, para actualizarse na fala.

Moitos lingüistas contemporáneos (Júkov, Fiódorov e outros) subliñan o carácter actual da forma interna, a súa influencia na semántica do fraseoloxismo. Fiódorov fai un resumo obxectivo da esencia deste problema coas seguintes palabras: "Na fraseoloxía o carácter dos indicios diferenciadores da semántica depende maiormente das peculiaridades da forma interna e das súas funcións" (Федоров, 1973: 14). A.V.Júkov acertadamente chámalle a tal capacidade "o principio do boomerang" (Жуков, 1984: 88). Tales conclusións, que se apoian na análise de material de moitos feitos, desmenten completamente as constatacións feitas a priori acerca da falta de motivación dos fraseoloxismos en principio.

